

PRÓLOGO FERNANDO MÁRQUEZ GALLEGO
TRADUCCIÓN MARÍA JOSÉ NOYA



SIGMUND
FREUD
CONFERENCIAS DE INTRODUCCIÓN
Á PSICANÁLISE

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA
FUNDACIÓN BBVA

CONFERENCIAS
DE INTRODUCCIÓN
Á PSICANÁLISE

CLÁSICOS DO
PENSAMENTO UNIVERSAL

NÚM. 11

Colección dirixida por

DARÍO VILLANUEVA

Comité Científico

CARLOS BALIÑAS FERNÁNDEZ

Facultade de Filosofía

LUIS CONCHEIRO CARRO

Facultade de Medicina

RAMÓN MÁIZ SUÁREZ

Facultade de Ciencias Políticas

ANTÓN SANTAMARINA FERNÁNDEZ

Facultade de Filoloxía

JOSÉ SORDO RODRÍGUEZ

Facultade de Farmacia

PRÓLOGO FERNANDO MÁRQUEZ GALLEGO
TRADUCCIÓN MARÍA JOSÉ NOYA

SIGMUND FREUD

CONFERENCIAS DE INTRODUCCIÓN Á PSICANÁLISE

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA
FUNDACION BBVA



Esta obra atópase baixo unha licenza internacional Creative Commons BY-NC-ND 4.0. Calquera forma de reprodución, distribución, comunicación pública ou transformación desta obra non incluída na licenza Creative Commons BY-NC-ND 4.0 só pode ser realizada coa autorización expresa dos titulares, salvo excepción prevista pola lei. Pode acceder Vde. ao texto completo da licenza nesta ligazón: <https://creativecommons.org/licenses/by-nc-nd/4.0/deed.gl>

Esta obra se encuentra bajo una licencia internacional Creative Commons BY-NC-ND 4.0. Cualquier forma de reproducción, distribución, comunicación pública o transformación de esta obra no incluida en la licencia Creative Commons BY-NC-ND 4.0 solo puede ser realizada con la autorización expresa de los titulares, salvo excepción prevista por la ley. Puede Vd. acceder al texto completo de la licencia en este enlace: <https://creativecommons.org/licenses/by-nc-nd/4.0/deed.es>

This work is licensed under a Creative Commons BY NC ND 4.0 international license. Any form of reproduction, distribution, public communication or transformation of this work not included under the Creative Commons BY-NC-ND 4.0 license can only be carried out with the express authorization of the proprietors, save where otherwise provided by the law. You can access the full text of the license at <https://creativecommons.org/licenses/by-nc-nd/4.0/legalcode>

© DA PRESENTE EDICIÓN
Universidade de Santiago de Compostela, 2008
Fundación BBVA, 2008

DESEÑO DA COLECCIÓN
Barro, Salgado, Santana [Grupo Revisión Deseño]

MAQUETACIÓN
Imprenta Universitaria

EDICIÓN TÉCNICA
Servizo de Publicacións e Intercambio Científico
Campus universitario sur
15782 Santiago de Compostela
www.usc.es/spubl

DOI: <https://dx.doi.org/10.15304/pu.2022.24>

ÍNDICE

- 9 PRÓLOGO
por Fernando Márquez Gallego
- 9 Preliminar
- 13 Sigmund Freud: vida e contexto
- 18 Orixe da psicanálise e os seus desenvolvementos
- 33 *As Conferencias de Introducción á Psicanálise (1916-17)*
- 33 1. Xeneralidades
- 37 2. As formacións do inconsciente
- 38 3. Os actos falidos
- 40 4. *A interpretación dos soños*
- 49 5. Teoría xeral das neuroses
- 75 Bibliografía
- 79 CONFERENCIAS DE
INTRODUCCIÓN Á PSICANÁLISE
Tradución de María José Noya
- 81 Nota da tradutora
- 85 Prólogo [1917]
- 87 PRIMEIRA PARTE: OS ACTOS FALIDOS (1916 [1915])
- 89 I. Introducción
- 99 II. Os actos falidos
- 115 III. Os actos falidos (Continuación)
- 135 IV. Os actos falidos (Conclusión)

157 SEGUNDA PARTE: O SOÑO (1916 [1915-16])

- 159 v. Dificultades e primeiras aproximacións
176 VI. Condicións e técnica da interpretación
189 VII. Contido manifesto e ideas latentes do soño
202 VIII. Soños infantís
213 IX. A censura do soño
226 X. O simbolismo no soño
248 XI. A elaboración do soño
262 XII. Análise de exemplos de soño
277 XIII. Trazos arcaicos e infantilismo no soño
292 XIV. Realización de desexos
308 XV. Incertezas e críticas

321 TERCEIRA PARTE: DOCTRINA XERAL DAS NEUROSES

- 323 XVI. Psicanálise e psiquiatría
337 XVII. O sentido dos síntomas
354 XVIII. A fixación ao trauma. O inconsciente
367 XIX. Resistencia e represión
383 XX. A vida sexual humana
400 XXI. Desenvolvemento da libido e organizacións sexuais
420 XXII. Aspectos do desenvolvemento e regresión.
Etioloxía
439 XXIII. As vías da formación dos síntomas
459 XXIV. A nerviosidade común
474 XXV. A angustia
494 XXVI. A teoría da libido e o narcisismo
513 XXVII. A transferencia
531 XXVIII. A terapia analítica

Preliminar

Os editores da *Enciclopedia Británica* publicaron en 1924 unha obra en dous volumes titulada *Estes anos memorables: como se foi forxando o século XX*, segundo o relato de moitos dos seus facedores. Sigmund Freud foi considerado un deles e realizou ao respecto un «Breve informe sobre a Psicanálise». Posteriormente en 1926, a 13ª edición da Enciclopedia Británica incluíría por primeira vez un artigo do mesmo autor sobre a psicose. Un cuarto de século antes (1900) publicárase un libro considerado nuclear e principal alicerce do que o seu fundador consideraba unha nova ciencia: *A interpretación dos sonhos*. Freud foi equiparado, dende ese momento, a personalidades científicas e descubridores de gran relevo e transcendencia. Sirvan algunhas mostras de exemplo. Stefan Zweig, a partir das experiencias do físico W. Roentgen a remates do século XIX cos raios que levan o seu nome e permitían ver o interior do corpo humano, afirma que na Viena desa época un médico, aínda pouco coñecido, *descobre a mesma posibilidade para a alma*. Para L. Marcuse a súa figura e pensamento é comparable no substancial, coa importancia, actitude e o espírito do grande poeta alemán H. Heine ata o punto de dicir *é como se, tres meses despois de morrer*, [Heine morreu en febreiro de 1856] *o poeta volvese nacer* [Freud naceu en maio de 1856]. No curso das conferencias organizadas en 1956 polo Instituto de Investigación Social de Frankfurt, co gallo do centenario do nacemento de Freud, un dos destacados pensadores e científicos invitados, E. H. Ericsson, afirma na súa intervención recreando palabras de Freud:

Antes de Nicolás Copérnico afirmábase que a terra se atopaba no centro do Universo. Dende Copérnico

sabemos que non é así. Antes de Darwin asegurábase que o home non tiña características nin orixe comúns cos demais animais. Dende Darwin, sabemos que non é así. Antes de Sigmund Freud pensábase con completa certeza que a conciencia era dona e controladora absoluta da mente humana. Aínda nos custa crelo pero dende a concepción freudiana do inconsciente sabemos que xa non é así.

Copérnico, Darwin e Freud provocan nos campos da física, da astronomía, da bioloxía humana e animal e do coñecemento da mente unha enorme e profunda revolución nas concepcións da súa época, que propiciou, nos seus ámbitos respectivos, froitos, debates e consecuencias que non remataron aínda. A psicanálise xerou ademais desenvolvementos en moí diversos campos, alén do seu propio, tanto en eidos próximos como a psiquiatría, a psicoloxía, a medicina, coma noutros aparentemente distantes como a lingüística, a pedagogía, a socioloxía, a criminoloxía e o dereito en xeral, a filosofía, a arte, a relixión, a historia, a antropoloxía, a ética... Unha magnífica mostra deste calado pode ser o discurso de homenaxe no 80 aniversario de Freud pronunciado por Thomas Mann perante a Asociación Médica, o 6 de maio de 1936 —discurso que, por certo, ao estar ausente Freud nesa data, o escritor lería ao psiquiatra mes e medio despois, persoalmente e en privado no seu domicilio vienés—. Resumimos a continuación o devandito discurso recollido de Freud E., Freud L., Ilse Grubrich-Simitis e K.R. Eissler

O 80 aniversario do nacemento de Sigmund Freud proporciónanos a grata oportunidade de facermos chegar ao pioneiro dun coñecemento novo e máis profundo do home e a humanidade as nosas felicitacións e a nosa veneración. En todas as importantes esferas da súa actividade, como médico, psicólogo, filósofo e artista foi o guía que nos levou a coñecer rexións da mente humana ata entón descoñecidas. Espírito independente «un home e un cabaleiro de mirada adusta e severa»

como dirá Nietzsche no «nacemento da traxedia», referíndose a Schopenhauer, un pensador e investigador que puido resistir só, primeiro, e logo atraeu a si a moitos. Seguiu o seu propio camiño, chegando a descubrir verdades perigosas porque poñían ao descuberto o que o medo escondera; iluminando rexións que xacían na escuridade. Coa súa busca formulou novos problemas e os seus achados ampliaron enormemente o alcance da exploración intelectual, logrando mesmo que os seus opositores quedasen en débeda con el. Aínda que no futuro se poidan modificar este ou aquel resultado da súa investigación, as preguntas que Sigmund Freud fíxo á humanidade nunca poderán ser silenciadas nin os seus achados negados ou escurecidos. As concepcións que creou, as que empregou para elas, convertéronse en integrantes de todo idioma vivo; a súa achega deixou xa un selo profundo en todas as esferas das ciencias do home, no estudo da literatura e a arte, na historia das relixións e a prehistoria, na mitoloxía, o folclore, a pedagogía, ... e na mesma poesía. Nós, os que subscribimos, non podemos seguir enfrontando o noso mundo intelectual sen a audaz obra de Freud.

Este discurso-homenaxe foi subscrito por case 200 intelectuais, escritores e artistas entre outros, ademais de Thomas Mann, Romain Rolland, Jules Romains, H.G. Wells, Virginia Woolf, Stefan Zweig, Herman Broch, Salvador Dalí, André Gide, Knut Hansum, Hermann Hesse, Aldous Huxley, James Joyce, Paul Klee, André Maurois, Robert Musil, Pablo Picasso, Thornton Wilder...

Finalmente para ilustrar unha das expectativas máis universais e transcendentales que espertou o pensamento freudiano na sociedade do seu tempo, transcribo algúns parágrafos dunha carta dirixida por Einstein a Freud o 30 de xullo de 1932, dende Potsdam, que di así no seu primeiro parágrafo:

Estimado profesor Freud: a proposta da Liga das Nacións e do seu Instituto de Cooperación Internacional

en París para que invite a alguén elixido por min mesmo a un franco intercambio de ideas sobre calquera problema que eu desexe escoller, bríndame unha moi grata oportunidade de debater con vostede unha cuestión, que, tal como están agora as cousas, parece o máis imperioso de todos os problemas que a civilización debe afrontar.

O problema é este: ¿hai algún xeito de evitarlle á humanidade o desastre da guerra?

E, tras unhas reflexións ao respecto, o eminente físico prosegue a súa carta nos seguintes termos:

Sei que nos seus [anteriores] escritos podemos achar respostas, explícitas ou tácitas, a todos os aspectos deste urxente e absorbente problema. Pero sería para todos nós un gran servizo que vostede expuxese o problema da paz mundial á luz dos seus descubrimentos máis recentes, porque esa exposición podería, moi ben, marcar o camiño para novos e frutíferos modos de acción. Moi atentamente, Albert Einstein.

[Carta editada polo Instituto Internacional de Cooperación Intelectual]

Por situarnos, finalmente, no momento actual e en relación cos últimos desenvolvementos das investigacións sobre o universo do cerebro e a mente, lembremos o comentario doutro premio Nobel, Eric R. Kandel no ano 2000, e actualmente membro da Academia Nacional de Ciencias de EE.UU., que argumenta e articula solidamente os beneficios mutuos das aplicacións das formulacións psicanalíticas e dos avances da nova bioloxía da mente.

Este breve preliminar tentou ponderar tanto a profundidade coma a grande amplitude do pensamento do fundador da psicanálise, que viviu e evolucionou entre intensos e interesantes debates, e, que, neste primeiro decenio do século XXI moi probablemente, depararanos novos desenvolvementos da man das investigacións do cerebro e da mente. Acaso sexa este tamén o

maior desafío para o propio futuro da psicanálise, como xa o é para o progreso do coñecemento humano.

Sigmund Freud: vida e contexto

Sigmund Freud naceu ás 18:30 h do 6 de maio de 1856 en Freiberg (Moravia) e morreu ás 20 h do 23 de setembro de 1939, en Marsefield Gardens, Londres, segundo refire Ernest Jones, o seu biógrafo máis relevante. Na mesma rexión onde Freud viu a luz, a tan só 20 km de Freiberg, nacera 34 anos antes Gregor Mendel (1822-1884) precursor da teoría moderna da herdanza xenética.

Tres anos máis tarde do nacemento de Freud, en 1859, apareceu un libro, ao que o propio Freud reconece grande influencia sobre el mesmo e sobre as concepcións acerca dos seres humanos: *A orixe das especies* de Charles Darwin. Once anos despois publicaríase *Das Kapital* de Karl Marx. Así mesmo, en 1839 falecera un autor ao que Freud atribúe a súa vocación polas ciencias da natureza, Goethe.

Na época do nacemento de Freud, Austria iniciaba a súa industrialización e a súa decadencia coa perda das provincias italianas. Viña de instalarse o telégrafo e o ferrocarril, non había teléfono nin automóbiles e a luz eléctrica empezaría a funcionar vinte anos despois en Viena. Austria tiña 35 millóns de habitantes e 620.000 km². Gobernaba o novo emperador Francisco Xosé. Freiberg (posteriormente Příbor) tiña apenas 4.600 habitantes e atopábase a 240 km de Viena, a onde a familia de Freud se traslada cando Sigmund ten catro anos. Foi un brillante estudante ata rematar o exame de bacharel, destacando os seus profesores o seu estilo literario que cualifican de correcto e característico. No seu exame de graduación tocoulle traducir un fragmento de Virxilio e outro de *Edipo Rei*, que segundo el mesmo refire, éranlle xa familiares polas súas lecturas persoais e os seus estudos no Gymnasium. Os clásicos tiveron,

sobre todo esta última obra, implicacións no desenvolvemento da psicanálise.

A amizade co máis tarde destacado político, H. Braun fixo que se inclinara en principio cara ao dereito e a política. Pero, pouco despois, segundo as súas propia palabras, dous feitos cambiaron a súa elección. O primeiro deles, a teoría de Darwin, que o atraía extraordinariamente por supoñer un gran progreso na comprensión do mundo. O segundo, a asistencia a unha conferencia de C. Brühl, profesor de Zootomía na Universidade de Viena, de título «Ensaio sobre a natureza», que o decidiu a inscribirse na Facultade de Medicina.

Outra das amizades que sostivo fielmente na súa etapa escolar foi a de E. Silverstein con quen estableceu unha sorte de complicidade moi produtiva que os levou a aprenderen español para ler no seu idioma orixinal *El Quijote*, e mesmo a crear o que chamaron a súa «Academia Española», e adoptar, como un código, os nomes de Berganza e Cipión, tomados do chamado «coloquio de los perros» dunha das novelas exemplares de Cervantes, *El casamiento engañoso*. Este empeño e interese xuvenil de Freud permitiríalle posteriormente ler en español a tradución da súa obra, realizada por Luis López-Ballesteros, que eloxiou sen ambaxes.

Segundo a documentación existente, Freud posuía unha forte inclinación e capacidade para o coñecemento e uso dos idiomas. Ademais do alemán e o hebreo, sabía inglés e francés, e, utilizaba con solvencia o latín e o grego. Estudou pola súa conta, ademais do español, o italiano. Este coñecemento e o seu afán por explorar distintos territorios lingüísticos, fíxolle tradutor por motivos profesionais, de obras de Charcot e Bernheim sobre a hipnose e a suxestión hipnótica respectivamente e a de J. S. Mill, a suxestión do Dr. Gromperz, profesor de filoloxía da Universidade de Viena e prestixioso humanista, admirado por Freud. Do seu precoz interese polas humanidades, dá conta o

que lera a Shakespeare antes dos dez anos en inglés, e, posteriormente, aos clásicos gregos, latinos e alemáns.

A entrada na Universidade de Viena, en 1873, na súa Facultade de Medicina, supuxo inicialmente unha decepción e o enfrontamento cunha atmosfera de antisemitismo fronte ao que tomou posición, decidindo afrontalo coa convicción de que «sempre habería un lugar por pequeno que fose, nas filas da humanidade para un celoso traballador científico». Esta dura iniciación tivo a importantísima consecuencia de «adoitarme figurar dende un principio nas filas da oposición, fóra da maioría compacta, e dotoume de maneira temperá de certa independencia de xuízo», segundo comenta retrospectivamente na súa *Autobiografía* (1925), posicionamento que Freud adopta por identificación co protagonista de *Un inimigo do pobo* de H. Ibsen.

Os primeiros achegamentos ás distintas disciplinas médicas foron moi dispersos e non tiveron inicialmente éxito. Freud refírese a eles sinalando a admonición de Mefistófeles no *Fausto* de Goethe: «En van vagades polos dominios da ciencia; ninguén aprende senón aquilo que lle é dado aprender». Finalmente atopou o «seu lugar» no laboratorio de fisioloxía de Ernst Brücke, adscrito á Escola de fisioloxía antivitalista de H. von Helmholtz, que concibía o funcionamento do organismo como unha máquina gobernada por forzas físico-químicas, concepción á que tamén se adscribiu Freud naquela época. Brücke foi unha figura relevante na súa formación científica, profesional e humana. Encargoulle unha investigación relativa á histoloxía nerviosa que encamiñou a súa formación no devandito ámbito. Rematados con atraso os estudos de medicina en 1881, ao ano seguinte, de novo E. Brücke, xogaríu un papel decisivo na súa orientación futura. En palabras de Freud «o xiro sobreveu en 1882», ano no que «o meu venerado mestre rectificou a xenerosa imprevisión do meu pai [permitíralle elixir carreira libremente, non o premeu na súa demora en rematar os estudos, e non interveu cando se quixo dedicar á investigación, actividade

puramente teórica e mal remunerada], aconsellándome, dada a miña penuria económica, que me dedicase ao exercicio da medicina combinándoo coa investigación». Entrou no Hospital Xeral de Viena e pasou da investigación sobre o sistema nervioso dun dos peixes primitivos ao sistema nervioso central humano, traballando no Instituto de Anatomía do Cerebro, coa disciplina e focalidade que aprendera no Instituto de Fisioloxía con Brücke. Empezou así unha nova etapa na que traballou con importantes figuras da medicina vienesa: T. Meynert, profesor de psiquiatría, considerado o mellor anatomista de cerebro do seu tempo, e con Nothnagel, sucesor de Rokitansky na sección de medicina interna, de gran prestixio e que predicaba co seu exemplo, o compromiso, dedicación e entrega ao estudo que esixía aos seus alumnos.

Freud traballou para conseguir o posto de Privat-Dozent, título de gran valor académico e difícil acceso, concedido polo honorable Colexio de Profesores da Universidade de Viena. Este logro permitiulle solicitar unha bolsa de estudos no estranxeiro que o levou á clínica de Jean-Martin Charcot en París, profesor de neuropatoloxía e brillante figura da neuroloxía europea. Ingresou como médico visitante estranxeiro en La Salpêtrière e, pouco despois, o propio Charcot encargoulle a tradución das súas novas conferencias ao alemán. Sintetiza a súa estanza con Charcot en París do seguinte xeito: «De todo o que vin xunto a Charcot o que me causou a máxima impresión foron as súas últimas indagacións sobre a histeria: o carácter xenuíno dos fenómenos histéricos, a histeria nos varóns e a produción de parálise e contracturas mediante suxestión hipnótica que mostraban as mesmas características que os fenómenos accidentais, espontáneos, provocados con frecuencia por un trauma». As demostracións de Charcot suscitaban certa polémica entre os médicos estranxeiros por contradicir as teorías en voga. Nunha das discusións, Charcot pronunciou unha frase, referíndose aos argumentos contra o que el formulaba, que quedou impresa

para sempre na memoria de Freud como unha actitude empírica que o acompañaría no futuro: «A teoría está ben, pero iso non impide a existencia dos feitos». Posteriormente viaxa a Berlín a estudar as enfermidades nerviosas da infancia para completar unha parcela que consideraba insuficientemente abordada na súa formación.

Entre 1884 e 1886 Freud interesouse vivamente pola cocaína poñendo grandes esperanzas nos seus efectos que deron resultados dramaticamente distintos. Foi unha suxestión súa aos oftalmólogos Leopold Königstein e Carl Koller a que despertou o interese, sobre todo neste último, en estudar as posibilidades da cocaína como anestésico ocular, inaugurando así a era da anestesia en oftalmoloxía. En cambio, os seus intentos de aplicación ao seu admirado colega e amigo Ernst von Fleischl-Marxow, de cara a suprimir a adicción e dependencia á morfina que este contraera para tratar as súas neuralxias, remataron traxicamente, con fortes repercusións emocionais e sociais para Freud, que abandonou completamente os seus estudos ao respecto e viuse inmerso nun crecente illamento social.

Cara a 1886 instálase como médico en Viena dando por rematada a súa etapa como neurólogo, non sen antes publicar un interesante estudo sobre a afasia, no que se adhire ás formulacións evolucionistas en neuroloxía de H. Jackson máis que ás localizacionistas de Broca e Wernicke. Na autobiografía, en referencia á súa iniciación na práctica clínica privada en 1886, afirma que «se un quere vivir do tratamento de enfermos nerviosos, é evidente que debe ser capaz de prestarlles algunha axuda. O meu arsenal terapéutico», prosegue, «comprendía só dúas armas: a electroterapia (segundo o manual clásico de W. Erb. 1882) e a hipnose». Abandonará a electroterapia despois de comprobar que na práctica era unha fantasía ineficaz. A hipnose, pola contra, era efectiva na súa aplicación clínica. Apoiábaa, sobre todo, nas ensinanzas obtidas en París con Charcot no relativo ás técnicas de suxestión hipnótica a raíz do

seu coñecemento dos avances da escola de Nancy, de mans de Liebeault e Bernheim; con este último mantivo unha estreita relación profesional traducindo no alemán ademais a súa obra sobre os efectos terapéuticos da suxestión.

Orixe da psicanálise e os seus desenvolvementos

O posterior e progresivo abandono da hipnose debeuse, polo menos, ás seguintes razóns: non todos os pacientes eran hipnotizables, existían fortes limitacións para conseguir hipnoses «profundas», e os efectos terapéuticos eran de escasa duración, dependendo en exceso da personalidade do hipnotizador.

O encontro de Freud no laboratorio de E. Brücke cun prestixioso médico vienés, Josef Breuer, catorce anos maior ca el, supuxo un claro avance para o desenvolvemento da psicanálise. Con Breuer empezou de forma máis sistemática a explorar, ademais, a xénese e historia dos síntomas a través de suxestión hipnótica. Os principais achados xurdiron da revisión dun caso que se fixo clásico, o caso chamado Anna O., que Breuer atendera entre 1880 e 1882, antes da estada de Freud en París. Ademais de recordar as situacións relacionadas co nacemento dos síntomas (o seu carácter dinámico) no curso da hipnose, posteriormente os síntomas desaparecían se a enferma, xa plenamente consciente, levaba a cabo os actos retidos (carácter económico e traslacional), de xeito abreactivo e catártico. Esta técnica permitía superar as limitacións da suxestión hipnótica de Bernheim, e Freud puido obter a confirmación da súa efectividade cos seus propios pacientes. A experiencia recolleuse en dúas obras pioneiras compartidas con Breuer, unha de 1893, «Una comunicación preliminar sobre o mecanismo psíquico dos fenómenos histéricos» e a outra de 1895, «Estudios sobre la histeria». Esta nova técnica foi denominada *método catártico* xa que supoñía a abreactión terapéutica de contidos emocionais represados sen recordo consciente deles. Freud non dubidou



Freud contra 1900

en atribuír o fundamental deste progreso teórico e técnico a Breuer. Posteriormente, con todo, vai producirse un distanciamento entre ambos, sobre todo debido á insistencia de Freud na etiología sexual dos síntomas, afirmación que xerou un grande escándalo médico e social e que lle supuxo unha importante perda de clientela e o rexeitamento da sociedade vienesa, aínda acentuado por afirmar algo tan obvio hoxe como a existencia dunha sexualidade infantil.

A raíz do distanciamento de Breuer, tanto no persoal coma no profesional e a medida que avanzaba no estudo das neuroses, Freud modificou a técnica catártica, aínda demasiado apoiada na suxestión hipnótica e contaxiada dos seus problemas, con dous novos elementos: o primeiro extraeuno dunha experiencia de Breuer, quen viu como unha paciente namorábase aparentemente del, e o segundo da utilización por Bernheim en Nancy da observación, comprobada na clínica, de que os pacientes podían recordar tras a hipnose o aparentemente esquecido. Estes elementos enriqueceron conceptual e procedementalmente os novos desenvolvementos freudianos e fixeron xermolar o concepto de transferencia e os de represión e resistencia. Todo iso cambiou a concepción e os obxectivos da terapia que pasaron da catarse (abreacción) do afecto retido, ao desvelamento das represións expulsadas alén da conciencia (inconsciente) e a adopción pola conciencia para, posteriormente, asimilalas ou rexeitalas.

Esta reconsideración constituíu un auténtico momento fundacional; en palabras do propio Freud: «Din razón deste novo estado designando ao procedemento de indagación e terapia, non xa catarse, senón psicanálise». Consecuencia fundamental da nova formulación foi a aparición, contundente, da realidade do concepto do «inconsciente» e a súa relación coa conciencia a través dunha modificación do que podemos designar como preconscious, a xeito de filtro, pórtico e antesala daquela. Esta estrutura de inconsciente-preconscious e conciencia, sinala o propio Freud, «é o intento de concibir o aparato psíquico

construído a partir de instancias ou dun sistema do que se fala con expresións espaciais, a pesar do cal non se busca (nese momento) unha referencia precisa á anatomía real de cerebro». O propio Freud sinala explicitamente que estas representacións poderían modificarse á luz de novos coñecementos ou da súa insuficiencia, sen grave trastorno para a psicanálise. Un século despois e grazas aos últimos avances no coñecemento do cerebro dende o punto de vista biolóxico, a pertinencia do devandito sistema tópico, pode empezar a pensarse nos seus correlatos anatómico-funcionais.

Entre 1887 e 1904 ten lugar un acontecemento de grande transcendencia na vida de Freud: a amizade, admiración e distanciamento posterior co otorrinolaringólogo W. Fliess, o contacto co cal se debeu a Breuer, e que encheu, máis no aspecto relacional e afectivo ca no científico, o doloroso baldeiro da perda irreversible de Fleischl e do propio Breuer. É preciso salientar de novo a figura central de E. Brücke da que parten as relacións do fundador da psicanálise con estas tres relevantes figuras. Probablemente sexan as últimas ás que Freud outorga o estatus de mestres, antes de pasar el mesmo a ser a figura de referencia do movemento psicanalítico que fundaría a principios do século XX.

A relación con W. Fliess ten unha notable particularidade, xa que aparece fortemente vinculada á chamada autoanálise de Freud que intenta seguir o mandato oracular de «coñecerse a si mesmo». Aplica ás súas propias experiencias vitais, con notable valor e convicción, o seu novo método psicanalítico, sobre todo, no campo das chamadas formacións do inconsciente —soños, lapsus, chistes, síntomas...— e da teoría psicanalítica das neuroses. A autoanálise de Freud foi compartida, de forma basicamente epistolar, con Fliess. Algúns autores considéranla similar a unha primeira psicanálise e, aceptado este aserto, a primeira psicanálise da historia. Autoanálise que Freud, decidiu

continuar durante toda a súa vida, dedicando ao procedemento a última media hora de cada día, segundo refire E. Jones.

O século XX amence para a psicanálise co que unanimemente se consideran obras centrais de Freud: *A interpretación dos soños* (1900) e *A teoría sexual* (1905), obras que conteñen os elementos centrais da súa teoría. A primeira determina o descubrimento do sistema inconsciente-preconsciente-conciencia e o seu modelo funcional, a segunda unha auténtica revolución na comprensión da sexualidade humana e a orixe da teoría pulsional. O mesmo Freud se refire á historia da psicanálise nestes termos: «divídese, para min, en dous períodos se se prescinde da súa prehistoria catártica. No primeiro (tras a separación de J. Breuer) achábame totalmente illado e tiña que levar a cabo todo o labor en solitario (de 1895-6 a 1906-7). No segundo, que se estende dende a última data á actualidade [postfacio da súa autobiografía en 1935] foron crescendo en importancia as achegas dos meus discípulos e colaboradores ...».

En sentido estrito, a ruptura inicial do illamento de Freud produciuse no outono de 1902 por iniciativa dun colega que experimentara en si mesmo os beneficios da terapia psicanalítica e, habería que engadir, traballara con dedicación e acerto no simbolismo do soño, traballo que o propio Freud utilizou e recoñeceu explicitamente nas distintas edicións d'*A interpretación dos soños*. O seu nome era W. Steckel, médico vienés, de gran pulo e produtividade, que promoveu reunións de novos médicos interesados en aprender, practicar e difundir a psicanálise. Estas reunións, que se celebraban a noite dos mércores na casa de Freud, adoptaron o nome de Sociedade Psicolóxica dos Mércores e formou o núcleo do que sería seis anos despois a Sociedade Psicanalítica de Viena. No grupo atopábase unha figura de relevancia que posteriormente se separaría do movemento psicanalítico, Alfred Adler. Este pequeno grupo de catro médicos que lideraba Freud tiña unha gran vivacidade e harmonía en palabras cheas de entusiasmo de W. Steckel: «Eramos como pioneiros nunha terra recién descuberta, parecía que sal-

taban faíscas dunha mente a outra... foron inspiradoras...». En 1908 constituíuse a Sociedade Psicanalítica de Viena, tras a disolución liberadora de compromisos da Sociedade Psicolóxica dos Mércores e o convite a adscribirse libremente á nova Sociedade. Configúrase en torno a ela o núcleo fundamental de discípulos e colaboradores de Freud, cos que, contra 1910, promoveu a Asociación Psicanalítica Internacional, xa que de facto a Sociedade Psicanalítica de Viena transcendía o ámbito local. O primeiro congreso da nova Sociedade celebraríase en Salzburgo con C.G. Jung como organizador. Pouco despois sucederíanse tres importantes defeccións da nova sociedade. En primeiro lugar as de Stekel e Adler e posteriormente a de C.G. Jung. Xurdiría entón, por iniciativa de E. Jones, S. Ferenczi e O. Rank, a constitución dun grupo de analistas de confianza en torno a Freud que se comprometeron a traballar na consolidación da psicanálise, coa obriga recíproca de expoñer e debater no devandito grupo, antes de a faceren pública, calquera diverxencia sobre os principios fundamentais da psicanálise. Este Comité, que celebrou a súa primeira reunión en maio de 1913, estaba constituído por Sandor Ferenczi, médico-psiquiatra de Budapest, Ernest Jones, médico-psiquiatra de Londres, Otto Rank, ex-alumno da Escola de Artes e Oficios e persoa de gran curiosidade intelectual, de Viena, Hanns Sachs analista, tamén de Viena, K. Abraham, médico-psiquiatra (Berlín) e Max Eitigon, médico psiquiatra, intelectual, director posteriormente da primeira clínica psicanalítica en Berlín, ademais do propio Freud. Este grupo permanecerá unido durante longos anos.

O desenvolvemento posterior ata a actualidade da psicanálise presenta cando menos cinco direccións:

1. Desenvolvemento por extensión internacional

Un gran número de sociedades configuráronse en torno á psicanálise, especialmente en Europa (Alemaña, Francia, Inglaterra, Bélxica, Holanda, Dinamarca, Suecia, Suíza, Italia, España, ...) e América, tanto nos países de fala inglesa e fran-

cesa (Canadá, EE.UU.) como nos de de fala española e portuguesa (Brasil, Uruguai, Venezuela, Chile, México, e de xeito relevante Arxentina, sociedade fundada, entre outros, por un destacado psicanalista español, Ángel Garma, exiliado no ano 1936). Progresivamente o movemento estendeuse polos cinco continentes.

A maioría destas sociedades adscribíronse á Asociación Psicanalítica Internacional, fundada por Freud e os seus colaboradores máis próximos. A presidiron entre outros C. G. Jung, K. Abraham, E. Jones, M. Eitigon, Hartmann, M. Bonaparte. Outras esgazáronse da orientación psicanalítica creando as súas propias escolas, como sucedeu con Adler e Jung. Finalmente, outras, sen deixar de ser freudianas, evolucionaron apartándose da orientación máis ortodoxa e formulando novas liñas de desenvolvemento, como sucedeu coa escola lacaniana.

2. Desenvolvemento a través da súa aplicación a múltiples ámbitos das ciencias sociais, das humanidades e das ciencias da saúde e biomédicas

En 1913 a importante revista italiana *Scientia*, de carácter internacional e orientada ao fomento da inter e transdisciplinarianidade, convidou a Freud a escribir sobre a relación da psicanálise e a aplicabilidade dos seus conceptos a outras ciencias. Redactou un ensaio titulado «Múltiple interese da psicanálise», segundo J. Strachey o texto máis amplo e explícito escrito por Freud con esta finalidade. O ensaio está dividido en dúas partes: a primeira dedícase aos aspectos relacionados coa psicoloxía (hai que recordar aquí a comparación coa psiquiatría na XVI e XVII *Conferencias de introdución á psicanálise*). A segunda parte, máis ampla, dedicouna a oito disciplinas: filoloxía, filosofía, bioloxía, psicoloxía evolutiva, historia da cultura, arte, socioloxía e pedagogía.

A respecto da psicoloxía, insiste Freud en que a psicanálise, mesmo considerada habitualmente un método de investigación

do psíquico e de tratamento das neuroses, nacera do interese polos fenómenos normais (soños, lapsus, chistes, recordos encubridores...) ademais de pola sexualidade normal e non só desviada. Polo tanto tiña un lugar no pensamento e explicación psicolóxica dos fenómenos normais e non só como unha aplicación dos seus achados psicopatolóxicos. Ademais, destaca Freud dous asuntos relevantes, achegados pola psicanálise á psicoloxía: a importancia dos aspectos afectivos, coas súas dimensións inconscientes e as pulsións asociadas, e a influencia que estes aspectos teñen nos procesos cognitivos e intelectivos, tal e como recollen hoxe, xenerosamente, a literatura sobre intelixencia emocional e a nova bioloxía da mente. Influencia que se produce tanto en persoas «sas» como en afectadas por trastornos psíquicos.

A segunda parte do ensaio iníciase coa relación da psicanálise coa filoloxía. Ao respecto sinala Freud as semellanzas entre a linguaxe inconsciente e as linguas máis antigas e sobre a inexistencia de expresións da negación. Ademais as ideas poden expresar sentidos opostos; o recurso ao simbolismo é moi frecuente e utilízase un pensamento cheo de elipses, cun nivel de interconexión entre ideas escaso ou nulo. Chama a esta linguaxe *arcaica*, que fai tamén uso, aínda que rudo, da linguaxe corporal. Por outra banda, na interpretación dos soños, usa como referente a escritura xeroglífica e no traballo de elaboración onírica sinala mecanismos como a condensación e o desprazamento, que se poden asimilar ás figuras centrais da linguaxe —metáfora, metonimia e sinécdoque— que constitúen unha auténtica sintaxe do inconsciente. J. Lacan fai deste tema o eixo do seu discurso (maxistral) de Roma en 1953 titulado *Funcións e campo da palabra e da lingua na psicanálise*.

Verbo da filosofía, Freud sinala que «na medida en que a filosofía se edifica sobre a psicoloxía, terá que tomar en conta as achegas que a psicanálise fixo a esta última [...] en particular a postulación de actividades anímicas inconscientes [...] e

deixar de igualar o consciente como o psíquico, incluíndo aos procesos inconscientes no ámbito do psíquico». Pero Freud tamén bebeu da filosofía a pesar da súa ambivalencia ao respecto, como sinala P.L. Assoun referíndose ao seu coñecemento da obra de filósofos como Schopenhauer, Kant e Nietzsche, a influencia das cales increméntase nos momentos máis importantes da especulación teórica freudiana, especialmente no caso de Schopenhauer en mais alá do principio do pracer.

Segundo C. Gómez pódese considerar herdeiro das ideas ilustradas. Freud influíu nas correntes filosóficas actuais, con incidencia máis limitada na filosofía analítica e en L. Wittgenstein, pero de forte repercusión no pensamento marxista, de L. Althusser a E. Bloch, ou na Escola de Frankfurt de Fromm e Marcuse a Adorno e Horkheimer e a súa obra central *Dialéctica da Ilustración*. Así mesmo influíu enormemente nas correntes fenomenolóxicas e existencialistas e no desenvolvemento do pensamento hermenéutico, especialmente en P. Ricoeur, quen cualificou a Freud, con Marx e Nietzsche, como «hermeneutas da sospeita».

O interese biolóxico sitúao Freud do lado das concepcións psicanalíticas da sexualidade infantil, adulta e de todas as posibilidades combinatorias mais alá da función reprodutora, que supón pasar da noción de instinto á de pulsión. Insiste na pulsión como concepto fronteirizo entre o biolóxico e o psíquico. Sinala así mesmo as calidades anímicas diferenciais de xénero, sen esquecer o concepto de bisexualidade.

Acerca do interese para a ciencia da evolución, a psicanálise non se caracteriza por concibir aos seres humanos e o seu psiquismo de xeito estático, senón como procesos de desenvolvemento de carácter dinámico e xenético, de modo que pode confirmarse o paradoxo do aforismo «o neno é o pai do home (adulto)», ou como din psicanalistas contemporáneos de Freud, como K. Abraham, S. Spielrein e C.G. Jung, que ha de ser

tamén aplicable aos procesos anímicos a hipótese de que «a ontoxénese reproduce a filoxénese».

En relación co interese da psicanálise para a historia da civilización, Freud sinala que se pode comparar o desenvolvemento infantil dos seres humanos coas primeiras etapas da historia dos pobos. O pensamento psicanalítico permite, mediante a súa aplicación á psicoloxía dos pobos, engadir novas interpretacións ás existentes. En primeiro lugar os fenómenos xerados pola fantasía das comunidades como son o mito, as lendas e os contos tradicionais que gardan un forte parentesco cos extraídos dos soños pola psicanálise. Permite, tamén, este enfoque, complementar a análise de orixe das grandes institucións culturais como son a relixión, a eticidade, o dereito, como fórmulas de tramitar conflitos e insatisfaccións, no arduo camiño que vai do pensamento animista ao relixioso e chegar máis tarde ao científico, con cosmovisións que se van facendo máis complexas e permiten un crecente control adaptativo da natureza. Mito, lendas e contos tradicionais, relixión, eticidade e dereito son intentos na busca de solucións de compromiso social, vehiculadas e reguladas polas institucións e a sociedade como os síntomas son o compromiso individual para facer aceptable unha solución ao conflito psíquico nos neuróticos.

Canto á arte, as actividades e creacións artísticas de todo tipo constitúen un modo alternativo e socialmente moi valorado (sublimación) de satisfacción de desexos. A psicanálise permite establecer a orixe dos desexos a partir do contido manifesto creado polo autor, pero reconece Freud, que non pode botar luz ningunha sobre a natureza do talento artístico, nin sobre a calidade das obras.

Verbo da socioloxía, segundo Freud a concepción que se pode establecer dende a psicanálise é o dunha psicoloxía aplicada, e dende a perspectiva sociolóxica de Lévi-Strauss *todo fenómeno psicolóxico é un fenómeno sociolóxico*, pero *non podemos chegar ao sentido e á función dunha institución, se non*

estamos en condicións de revivir a súa incidencia sobre unha conciencia individual, remata dicindo o extraordinario antropólogo na súa introdución á obra do seu mestre M. Mauss. Neste ámbito coinciden novamente os textos e a tese de Freud, o seu contemporáneo Durkheim, e Lévi-Strauss en torno á orixe da comunidade que Freud recolle en *Tótem e Tabú* e na conceptualización do complexo de Edipo, coa súa interdicción simbólica da relación incestuosa para dar paso á lei dun terceiro e ao social; Durkheim sinala a devandita prohibición como un caso particular do tabú do tótem, e a súa prohibición respecto ao sangue do tótem, co seu desenvolvemento «social» posterior como medo ao sangue, interpretable como medo social (ás veces individualizado), incorporado ao *background* comunitario. Lévi-Strauss eleva esa prohibición do caso particular á universalidade, na constitución das sociedades humanas. Prohibición do incesto como expresión historicamente precoz da lei. Lei que xurdiría pola confrontación do grupo cun suposto xefe do grupo (figura parental) que imporía, como comunidade de iguais, a forza como dereito da maioría fronte á forza dun só individuo, por poderoso que este fose. A substitución do poder dun so polo poder do grupo unido suporía un paso decisivo cara á civilización, neste tapiz constituínte das sociedades humanas que é a interacción de natureza, sociedade e cultura. A tensión entre desexos e expectativas individuais e as limitacións, esixencias e vías de canalización social e individual dos desexos insatisfeitos convértese nun conflito inevitable. Aínda que, se a resolución de tal conflito se canaliza acertadamente, poderá ser tamén enormemente dinámico e creativo, capaz de producir bens e satisfaccións alternativas suficientes para avanzar na busca sempre tentativa de benestar e felicidade. Este último sentido recólleo Freud en 1930, aos 73 anos, en *O malestar na cultura* coas seguintes palabras: «podemos esperar que no curso do tempo se producirán cambios na nosa civilización que resulten máis satisfactorios para as nosas necesidades. Pero, tal vez, teñamos que afacernos, tamén, á idea de que certas dificultades son inherentes á natureza mesma da cultura que non cederán a



Coa súa filla Anna

ningún intento de reforma [...] Cabe esperar que Eros se mostre forte fronte ao seu adversario Tánatos». Segundo refire E. Jones, cando Hitler subiu ao poder, Freud agregou esta última frase: «Pero, ¿quien pode predicir o seu éxito e o desenlace final?»

Finalmente, a respecto da pedagogía, comenta Freud que só quen teña unha comprensión axeitada da mente dos nenos pode chegar a ser bo educador, e a psicanálise pode ser unha axuda relevante nese camiño. A perspectiva psicanalítica permite pensar unha sabia combinación de tolerancia, límites, provisión de seguridade e afecto, así como posibilitar o desbloqueo dos conflitos normais no desenvolvemento afectivo-cognitivo-biolóxico e social do neno. Necesítase para tal fin a confluencia e congruencia dos referentes parentais e sociais, é dicir, basicamente, dos pais, dos mestres, profesores e institucións educativas e sociais da infancia. Ese esforzo, prolongado como en ningunha outra na especie humana, ha ser integrador, e o seu obxectivo básico é o de favorecer a maduración, e o logro da autonomía individual e a participación satisfactoria e cooperativa nas relacións e logros sociais, con sumo respecto á autonomía dos outros e aos límites sociais fundamentais.

3. Desenvolvementos conceptuais

Tanto o propio Freud, que revisou e desenvolveu aspectos centrais da psicanálise (a teoría das pulsións, a estrutura do aparato psíquico, a teoría da angustia, teorías sociais e psicología colectiva...), como os seus discípulos directos, e, á súa vez, os destes, desenvolveron conceptualmente a psicanálise: E. Jones na súa aplicación á literatura, Otto Rank no campo dos mitos, S. Ferenczi respecto á técnica e K. Abraham no campo teórico e técnico, e, a súa discípula M. Klein, así como Anna Freud no ámbito da psicanálise infantil.

4. Desenvolvemento de diversas escolas psicanalíticas

Sen ánimo de ser exhaustivo e coa certeza de non recollelas todas, refiro a continuación catro das principais orientacións

e desenvolvementos que se apoian na psicanálise freudiana, aínda que con énfase e lecturas diversas que persisten na actualidade.

a) Corrente kleiniana, apoiada nas concepcións de Melanie Klein, discípula de K. Abraham acerca dos procesos psíquicos infantís, que elabora unha concepción do conflito edípico en idades moi temperás e de creación dun supereu precoz de carácter sádico e persecutorio. Así mesmo elabora unha reformulación da pulsión de morte, da dialéctica dos obxectos internos, o carácter central dos mecanismos de escisión, de proxección e de identificación proxectiva, así como a relevancia dos conceptos de culpa e depresión, que fai dicir a P. Bercherie que é un modelo melancólico.

b) Un segundo modelo, que Bercherie caracteriza como narcisista-psicótico, reúne un grupo de notables teóricos e psicanalistas como o húngaro M. Balint e os anglosaxóns Winnicott e Fairbairn; reforzan a importancia dos aportes básicos biolóxicos e afectivos, de seguridade e amparo, que eviten unha “falta básica” segundo Balint, e provean dunha nai suficientemente boa segundo Balint e Winnicott respectivamente. Estas son condicións necesarias para un bo desenvolvemento evolutivo e se estas non existen, pode ter como consecuencia, a necesidade de regresar durante o análise ao momento dese fallo ambiental e permitir, así ao paciente, a reparación deses danos e faltas básicas facilitando a reconstrución e restauración do seu desenvolvemento emocional.

c) Un terceiro modelo é o que deu lugar ao nacemento da chamada «psicoloxía do Eu». Este modelo está encabezado por Anna Freud e centrouse en torno ao estudo e análise dos mecanismos de defensa do eu, é dicir á análise das resistencias na xeración e posterior resolución dos síntomas neuróticos. P. Bercherie bautizou este modelo como *obsesivo*. Un psicanalista fundamental nesta corrente analítica foi Hartmann, que xerou o concepto de *self* para diferenciar a persoa na súa globalidade

e o eu como instancia psíquica. Concepto que sería de grande fertilidade posterior e permitiu unha nova apertura na abordaxe dos trastornos narcisistas da personalidade.

d) Un último modelo alcanzou un forte desenvolvemento, realizando unha relectura dos textos freudianos á luz das achegas da lingüística, da antropoloxía, e da filosofía estruturalista e dos conceptos extraídos da nova matemática e a topoloxía. Este modelo é construído por J. Lacan, nos antípodas da psicoloxía do eu, rescatando, fronte a esta, a preeminencia do concepto e dos procesos inconscientes. Esta proposta, de potente e ampla base teórica, foi cualificada como modelo histórico por P. Bercherie que o sitúa con demasiado esquematismo como un retorno ao Freud dos grandes textos de 1900 a 1905 como son a *Interpretación dos soños* e os *Tres ensaios para unha teoría sexual*, xa que os seus desenvolvementos transcenden dese decisivo pero excesivamente circunscrito territorio conceptual.

5. Futuro e desenvolvementos da psicanálise no seu encontro coa nova bioloxía da mente

Un grupo de autores pensan, con Marshall Edelson (1984), que os intentos de relacionar a teoría psicanalítica cos fundamentos da neurobioloxía son conceptual e practicamente estériles, e non teñen máis futuro que a confusión e a incompatibilidade conceptuais. Para M. Reiser (1975), citado por Edelson, é posible formularse no futuro unha concepción unitaria de cerebro e mente, que precisará de afondamento en ambos os dous campos e de conceptos-ponte que os relacionen coherentemente. Futuro, habería que engadir, ao que estamos a aproximarnos con rapidez da man de desenvolvementos como os de A. Damasio (1994), G. Edelman (2000), e E. Goldberg (2001). Para hoxe, mirando xa un futuro case aprehensible, diríxense as propostas e investigacións entre outros de E. Kandel (2005-06), quen recolle o comentario de Francois Jacob (1998) respecto á evolución do coñecemento en bioloxía sinalando que así como

o século XX foi o dos ácidos nucleicos e as proteínas, o século XXI será o da memoria e o desexo. Kandel amósase optimista sobre a posibilidade da bioloxía de achar respostas tanto a algunhas das devanditas cuestións como á comprensión dos procesos mentais, tamén os inconscientes, e outras a respecto da natureza da conciencia, desafíos que se consideran actualmente como os máis difíciles para a bioloxía e a ciencia en xeral. Propón Kandel en liña con P. Fonagy (1996-99) e outros psicanalistas, unha auténtica axenda común para a bioloxía e a psicanálise, coa convicción de que ambas as dúas poderían lograr contribucións relevantes en ámbitos moi amplos como os procesos mentais inconscientes; os procesos causais no psiquismo; a relación entre casualidade psíquica e psicopatolóxica; a experiencia precoz e a predisposición a sufrir unha enfermidade mental; a codia preconsciente, consciente e prefrontal; a orientación sexual; a psicofarmacoloxía como complemento ou coadxuvante da psicanálise, e a psicoterapia e a xeración de cambios estruturais no cerebro. Se puidese contemplar este momento creativo e científico, de certo que Freud se apaixonaría cos novos desafíos formulados e, con el, os que renunciando á preguiza intelectual, se incorporasen ao seu desvelamento e resolución.

As Conferencias de Introducción á Psicanálise (1916-1917)

1. Xeneralidades

As *Conferencias de Introducción á Psicanálise* constitúen un conxunto de 28 conferencias expostas os sábados pola tarde, horario habitual das exposicións de Freud, na Universidade de Viena con duración aproximada de dúas horas cada unha, durante os cursos 1915-1916 e 1916-1917. Serodiamente, en 1932-33, engadiranse as chamadas *Novas conferencias de Introducción á Psicanálise*, unha serie de sete «conferencias» que nunca foron expostas como tales, pero, que, por expreso

desexo de Freud, foron así denominadas, e numeradas seguindo a serie das primeiras 28, dende a 29 á 35 inclusive.

O conxunto das primeiras 28 conferencias, obxecto da espléndida e histórica tradución que segue, constitúeno unha conferencia introdutoria e tres series dedicadas respectivamente aos *actos falidos* (II a IV conferencia), aos soños (V a XV) e á teoría xeral das neuroses (da XVI á XXVIII e última conferencia).

As conferencias foron ditadas por Freud como «Profesor Extraordinario» (equivalente á nosa figura de profesor asociado) tras adquirir previamente a condición de *Privatdozent* (1885) —o que fai que, no prólogo das *Novas conferencias*, comente que a súa relación coa Universidade de Viena fora só «periférica»— e reflicten sinteticamente os principais aspectos das formulacións teóricas e técnicas da psicanálise, nos dramáticos momentos da Iª Guerra Mundial, e foron as últimas pronunciadas por Freud na Universidade de Viena, segundo E. Jones. As catro primeiras, referidas á psicopatoloxía da vida cotiá, foron escritas con antelación. As once referidas aos soños foron improvisadas e escritas inmediatamente despois de pronunciadas. As trece conferencias últimas sobre a teoría xeral das neuroses foron preparadas e redactadas no fundamental durante o verán de 1916 en Salzburgo.

Mesmo as preparadas e escritas, as conferencias eran expostas sen ler, e en xeral, sen utilizar anotacións. O seu estilo expositivo era o dunha conversación estruturada con presentación, nó e desenlace. O ton era persuasivo e en ocasións irónico, asertivo, pero evitaba simplificacións e ía debullando explicitamente as posibles obxeccións da audiencia, con advertencias sobre as dificultades, que prevía ao respecto.

As *Conferencias* constitúen a obra de maior éxito de Freud. Fixéronse cinco edicións en alemán, vendéndose a extraordinaria cifra de 50.000 exemplares. A obra traducíuse a dezaseis idiomas en vida de Freud, entre eles ao inglés en 1922 (fixéron-

se cinco edicións inglesas e dúas norteamericanas), ao español en magnífica tradución de José Luis López Ballesteros en 1923, ao francés, ao italiano, ao holandés, ao xaponés, ao chinés, ao noruegués, ao húngaro, ao polaco, ao checo, ao serbocroata, ao portugués, ao sueco, ao árabe, e imprimiuse en Braille para lectores invidentes. Sen dúbida todo isto mostra a relevancia, influencia e difusión alcanzada por esta nova disciplina no ámbito do coñecemento da psique, bautizada polo seu fundador co nome de psicanálise.

En relación á tradución española de López Ballesteros e de Torres, publicada en Biblioteca Nova, Freud mostrou a súa satisfacción nunha carta persoal dirixida ao tradutor e datada en Viena o 7 de maio de 1923, sinalando que

grazas ao desexo de ler o Quixote no orixinal cervantino aprendín, e sen mestres, a fermosa lingua castelá. Grazas a esta afección [...] podo agora comprobar o acerto da súa versión española das miñas obras, a lectura da cal, prodúceme sempre un vivo agrado pola correctísima interpretación dos meus pensamentos e a elegancia do seu estilo [...] Admírame [...] como non sendo médico nin psiquiatra [...] puido Vde. alcanzar tan absoluto e preciso dominio dunha materia tan intrincada e ás veces escura.

A primeira conferencia, aínda que incorporada á parte dedicada aos actos falidos, é de feito un pórtico xeral para todas as posteriores e versa sobre as peculiaridades, dificultades e o posible escepticismo á hora de afrontar o coñecemento da psicanálise. Paga a pena, por outra parte, subliñala e individualizala porque mostra claramente o estilo espontáneo de Freud, que expón de xeito sinxelo pero sen renunciar ao rigor e complexidade inherentes á materia, nunha sorte de diálogo autoconducido a través das posibles obxeccións do público, e revela as novidades que a psicanálise pode formular a oíntes cultos pero sen información ao respecto. Un auditorio constituí-

do, en palabras de Freud no seu prólogo de 1917, por un grupo de médicos de ambos os dous sexos, entre os que se contaba a súa propia filla, e posteriormente psicanalista Anna.

Ao iniciar as conferencias Freud atopouse cun público moito máis numeroso que o esperado, unhas 70 persoas, segundo E. Jones, e chegaron a superar as 100 ao cabo dun mes. Probablemente esa acollida pública, tan distinta da época da Sociedade Psicolóxica dos Mércores, contribuíu á súa decisión de publicalas.

A respecto da valoración das propias conferencias, disente inicialmente o propio autor, que as valora de forma limitada, do xuízo de posteriores estudosos da súa obra como J. Strachey, autor da máis importante edición crítica da obra completa de Freud *The Standard Edition of the complete Psychological Works of Sigmund Freud*, en 24 tomos publicados entre 1953 e 1974, ou como E. Jones autor do estudo biográfico máis completo, con importantes comentarios sobre a obra do creador da psicanálise, para o que contou coa documentación máis ampla e exclusiva así como coa colaboración do seu círculo familiar e dos seus discípulos, as súas familias e numerosos analistas da obra freudiana.

Ambos os dous autores por razóns complementarias teñen as conferencias en alta estima e valóranas de forma relevante. Para Freud ían dirixidas a unha audiencia non experta no tema e polo tanto tiñan un carácter sintético e didáctico, pero co paso do tempo modifica a súa valoración achegándoa a de ambos os dous estudosos citados, xa que segundo sinala no prólogo da súa tradución ao hebreo (1930), a diferenza do dito no orixinal de 1917, as conferencias recollían, non só o estado en que se atopaba entón a nova ciencia (1916-1917) senón que «abranxaban máis do que enunciaba o seu nome. Non só ofrecían unha introdución á psicanálise senón tamén a maior parte do seu contido». Sinala tamén Freud os avances que no tempo transcorrido se produciran na psicanálise: o estudo e análise da 2ª tópica

(*iso, eu, superego*), a orixe da conciencia moral e o sentimento de culpa, a modificación da teoría das pulsións, as dúas concepcións da angustia, sen falar dos estudos sobre a psicoloxía das masas, o malestar na cultura e outras aplicacións a diversos campos sociais, históricos, artísticos, pedagóxicos, literarios, que serían recollidas en boa parte nas *Novas Conferencias de Introducción á Psicanálise* (1932-33). Pero a pesar de todas as novidades producidas, sinala no devandito prólogo que

tampouco foron superadas nin están envellecidas. O que comunican, exceptuadas algunhas modificacións, séguese ensinando [...] nas escolas psicanalíticas. A psicanálise achega tantas cousas novas e, entre elas, tantas que contradín opinións consabidas e sentimentos fundamentalmente arraigados, que non pode por menos que provocar oposición ao comezo. Pero se un suspende o xuízo e deixa que a psicanálise como un todo o impresione, quizais chegue á convicción de que aínda este novo coñecemento indesexado paga a pena coñecelo, e é mesmo indispensable, se se quere comprender a alma e a vida dos homes.

2. As formacións do inconsciente

As *Conferencias de Introducción á Psicanálise* exploran, analizan e interpretan as que se chamaron *formacións do inconsciente*, tanto as que se poden considerar froito da psique normal e cotiá, en estado vixil ou en estado de repouso nocturno (os actos falidos, os recordos encubridores, os chistes, ou de forma relevante os sonhos...), como as que se configuran como síntomas e estruturas neuróticas e a súa abordaxe terapéutica.

Das primeiras calquera persoa pode dispoñer de material propio para autoanálise, especialmente cando se lle adica a debida atención aos propios ou alleos actos falidos e aos sonhos. As que se organizan en torno aos síntomas, a súa teoría e o seu tratamento, normalmente constitúen, salvo para as persoas im-

plicadas, un material inaccesible. Esta diferenza de contido e accesibilidade, imprime un carácter máis didáctico e indirecto ao material das psiconeuroses e a súa abordaxe psicanalítica, sen perderen, non obstante, o seu carácter dialóxico que incorpora no discurso as obxeccións e dificultades dos oíntes.

3. Os actos falidos

Os actos falidos, as múltiples e pequenas operacións falidas, traducidas ao inglés frecuentemente como *parapraxias*, comprenden as equivocacións verbais (*lapsus linguae*), as escritas (*lapsus calami*), os erros de lectura, os auditivos (interpretacións erróneas do escoitado), os esquecementos temporais relativos a nomes ou accións, as perdas e extravíos de obxectos, os erros que provocan, ás veces, pequenos danos, ruptura de obxectos... Freud advirte a miúdo ao seu auditorio que non os menosprecien, pois son indicativos dalgún sentido, oculto e esclarecedor, sobre o noso psiquismo que ao principio nos escapa, pero que aparece, as máis das veces con bastante rapidez, cando se lles presta atención.

Aínda que se adoitan achacar a factores como a fatiga, tensión, nerviosismo, distraccións..., os actos falidos non se producen necesariamente sempre nas devanditas circunstancias. Por outra parte, o cansazo ou a distracción poderían entenderse como facilitadores na produción dos devanditos actos. Estas observacións falidas, sostén Freud, teñen sentido, propósitos aos que servir, que están en conflito, provocando unha invasión do sentido consciente polo propósito ou desexo inconsciente, como se aprecia con claridade nos máis evidentes, como cando o presidente dunha cámara política ante o inicio dunha sesión que se prevé moi conflitiva di «declaro pechada a sesión» no canto de «declaro aberta a sesión». Algúns outros son moito máis complexos e requiren análises e interpretacións moito máis laboriosas, pero encerran tamén contidos subxectivos extraor-



O «Comité», xermolo da Sociedade Psicanalítica de Viena. Sentados: Freud, Sándor Ferenczi e Hanns Sachs. En pé: Otto Rank, Karl Abraham, Max Eitingon e Ernest Jones.

dinariamente substanciosos, como o sinalado na literatura como «Signorelli», que mostra os procesos psíquicos de condensación e desprazamento, asociados ás ideas de sexualidade e morte que se atopan tamén e de xeito paradigmático nos soños.

Freud insiste en non afirmar que todos os actos falidos posúan sentido, aínda que o considera verosímil, pero si que con frecuencia o teñen. Son sinais da interacción de forzas da nosa psique, en moitas ocasións contraditorias nos seus propósitos e que encaixan na concepción dinámica da psicanálise. Destaca o interese que teñen, por seren doados de observar nun mesmo, xa que son moi frecuentes e reflicten o dinamismo psíquico e os seus conflitos. Tamén apuntan a un certo determinismo psíquico, que Freud prefería definir como determinismo psíquico certo, aínda que a crise da teoría da causalidade clásica faga que hoxe non se poida soste tal grao de determinación na ciencia do psíquico nin en ningún outro ámbito científico.

4. A interpretación dos soños

Para resaltar a importancia desta obra, os estudos da psicanálise teñen comparado o seu impacto co da teoría cuántica, formulada por Max Planck no mesmo ano.

A interpretación dos soños foi redactada entre 1898-1899 e viu a luz realmente en novembro de 1899, aínda que por razóns editoriais a mención do ano na obra é 1900, data conmemorativa dun novo século. Esta obra central da psicanálise é a que se intenta sintetizar, aínda que amplamente, entre a V e a XV conferencias de introdución á psicanálise, abordando dende as dificultades, certezas e críticas da empresa, ata a técnica de interpretación, pasando polos seus contidos latentes e manifestos, os mecanismos de elaboración dos soños así como os soños infantís e a relación de todos os soños co cumprimento de desexos.

Freud propónse realizar a primeira cartografía científica dos soños, propósito que lle comunica epistolamente a W. Fliess

entre 1898 e 1899. Para iso emprende unha laboriosa tarefa preliminar. Analiza exhaustivamente a literatura existente sobre o tema, sen achar formulacións coincidentes coas súas salvo a de Fechner, médico e filósofo alemán, que influíra en Brücke, Meynert e Breuer, con quen coincidiu nas súas formulacións acerca do principio do pracer (dispracer) e do principio de realidade. Estas formulacións estaban baseadas na psicoloxía de Herbart, que sostíña que os procesos psíquicos deben ser susceptibles da aplicación de leis científicas, e nesa mesma liña soñaba coa posibilidade dunha «psicoloxía matemática».

Posición de Freud ante modelos anteriores de explicación dos soños

Freud tivo que afrontar a postura xeral da ciencia de considerar a actividade psíquica onírica como de escasa potencia e en principio caótica e absurda. Fronte a esta formulación, o noso autor, en sintonía co sentir popular, atribúe aos soños un sentido oculto, aínda que se distancia radicalmente dos modelos de interpretación tradicionais, nos que a interpretación simbólica totalizadora é a clave dos soños, ou daqueloutros nos que os soños son unha escritura codificada cunha clave que permitiría traducir directamente cada un dos seus elementos, a xeito dun criptograma. Freud, en troques, utilizará na análise dos soños soamente algún dos seus elementos simbólicos, e, sobre todo, a analogía coa escritura xeroglífica que, a principio do século XIX descubrira Champollion, para traducir —non comprender, nin interpretar— elementos ideográficos, fonéticos e os modos de sinalar algún dos posibles significados que conteñen as palabras. Tratábase de desentrañar as operacións que contiñan a armazón e fachada do soño, e non a súa composición figurativa. De feito, a técnica de interpretación, tanto para a psicanálise coma para os soños dos pacientes, segue a propia terapia psicanalítica (no sentido estrito do termo), que divide o *todo* en fragmentos, para dar paso ás asociacións libres e a súa verba-

lización, sen censura previa polo soñante, para que finalmente o analista realice o traballo de interpretación, sintetizador de sentidos, que permita ao paciente facerse cargo destes, racional e emocionalmente, e rescatar para a conciencia as articulacións de sentido ocultas nos anos.

Interese polos soños en Freud e outros autores

Segundo E. Jones, o interese de Freud pola interpretación dos soños vén da súa infancia. Na súa xuventude non só lles prestaba atención senón que os rexistraba, concedéndolles valor explicativo e mesmo premonitorio, e, xa en 1883, nunha carta á súa esposa Marta refírese a un soño moi pracenteiro sobre unha paisaxe dicindo que «de acordo co pequeno breviario que sobre os soños compuxen segundo a miña propia experiencia, refírese a realizar unha viaxe».

Posteriormente incrementaron este interese inicial determinados feitos relacionados coa súa experiencia profesional, entre eles, as asociacións libres dos seus pacientes, que con relativa frecuencia incluían un soño e as súas asociacións subseguintes, e tamén o seu traballo con pacientes psiquiátricos, que padecían estados delirantes con alucinacións, nos que se podía establecer certa «realización de desexos», que de distintas maneiras sinalara o seu mestre Meynert. Un autor de referencia deste, Griesinger a obra da cal coñeceu Freud pola súa influencia, chamaba a atención en 1879 sobre o feito de que a realización de desexos é un trazo común aos soños e á psicose. Para Kant e Schopenhauer, filósofos frecuentados por Freud, o tolo é un suxeito que soña esperto e tamén o soño é unha demencia curta, e a demencia un soño longo. Nesta mesma dirección, Freud salienta na súa primeira análise de soños, a evidente analoxía entre a realización dun desexo no soño dun sobriño de J. Breuer e a psicose dunha antiga paciente do seu íntimo amigo Fliess, que Freud tratara. Confirmou a devandita apreciación, posteriormente, coa análise dun soño propio, que pasou á literatura

como «o soño da inxección de Irma», que fai afirmar a Fliess, lembrando a data e o local en que llo comentou, «quizais algún día haberá nese lugar unha placa que dirá que alí lle foi revelado ao doutor Sigmund Freud o segredo dos soños o día 24 de Xullo de 1895».

O soño como realización de desexos

O soño como realización de desexos móstrase evidente en soños infantís ou en soños de adultos que para protexer o desexo de seguir durmindo, incorporan ao soño a acción que debería realizarse en vixilia. Así sucede no soño de Emil Kauffman, xa referido como o primeiro analizado por S. Freud, que sendo estudante de medicina, para non espertar soñou que xa estaba no hospital onde a esperaba o seu traballo esa mañá, ou, algúns de tipo infantil que se dan en adultos, como os relatados por O. Nordenskjöld na súa obra *Antartie*, cando, forzado a invernar entre os xeos da Antártida e con dificultades de aprovisionamento, soñaba con suculentas comidas.

De tódolos xeitos, ao lado de soños en que se visualiza doadamente o cumprimento dun desexo, sucede con frecuencia que o seu achado é moito máis complexo e laborioso, sendo necesario un coidadoso traballo de interpretación para superar as máscaras baixo as que se atopan os desexos inconscientes.

Contidos do soño

Segundo Freud, nos soños é preciso distinguir entre o *contido latente* e o *contido manifesto*: «o contido manifesto preséntanos como unha versión das ideas latentes nunha forma expresiva diferente», coma se fosen dous idiomas distintos que precisan de tradución, baixo procedementos peculiares, que se comentarán ao falar da elaboración onírica. O contido manifesto, que é o que de primeira intención nos presentan os soños, é de carácter basicamente visual acompañado en maior ou menor

medida doutras percepcións e de diverso compoñente emocional pracenteiro, indiferente, doloroso, angustioso... Serían os xeroglíficos aínda en espera da súa pedra Rosetta. O contido latente móstrase vertebrado por unha serie de desexos de carácter encuberto, inconsciente. Estas ideas latentes están sometidas a un proceso de deformación onírica, que as transfigura, en forma de contido manifesto, que precisará deconstruírse e reconstruírse para achar o tapiz dos desexos inconscientes, que constitúe o contido latente. Tal deformación e transfiguración está producida pola *instancia psíquica da censura*, que obstaculiza o acceso á conciencia dos desexos inconscientes. Esta tensión, presente nos sonhos, móstranos o pulso constante entre dúas forzas psíquicas opostas, unha das cales produce o desexo presente no sonho, mentres a outra mediante a censura deforma e encobre a súa expresión.

Di Freud ao respecto:

Se recordamos que as ideas latentes non son conscientes antes da análise, e, en cambio, o contido manifesto si o é, podemos soste a hipótese de que o privilexio desta instancia psíquica censora é permitir ou non o acceso á conciencia. Nada do sistema inconsciente pode chegar á conciencia sen antes pasar pola devandita instancia, e esta non deixa pasar nada sen exercer os seus dereitos e impoñer aos elementos que aspiran a chegar a ser conscientes, aquelas transformacións que lle parecen convenientes.

Estariamos pois ante os dous sistemas que constituirán a estrutura psíquica da chamada 1ª tópica: o sistema preconsciousciente e o sistema inconsciente, situándose a censura no preconsciousciente, impoñendo a peaxe de determinadas transformacións ás tendencias psíquicas inconscientes para o seu paso ao ámbito da conciencia, traducíndose a devandita peaxe no curso do sonho na expresión da parte polo todo e viceversa, a relación

de continuidade entre sentidos e o uso libre de imaxes, que retomaremos ao falar do «traballo do soño».

Existe aínda, comenta Freud, un segundo elemento deformador do soño, aínda que, probablemente, ao servizo tamén da censura onírica; trátase do *simbolismo*, a análise do cal contribúe nalgunhas ocasións á interpretación dos soños grazas á chamada relación simbólica, cando esta asocia de xeito constante un símbolo e a súa tradución. Sucede isto non só no caso da psicanálise, pois a esas mesmas conclusións chegaron investigadores da linguaxe como H. Sperber, os estudosos de mitos e contos tradicionais, e tamén constitúe un achado no estudo do delirio dun caso de paranoia, coñecido como «caso Schreber», que construíu no seu delirio unha *linguaxe fundamental* con numerosas referencias simbólicas.

O traballo do soño

Prosegue Freud dicindo que é necesario dar aínda unha explicación máis completa e global da comprensión dos soños, analizar con máis profundidade os procedementos que traspoñen as ideas latentes do soño no contido manifesto, ao que Freud chama *traballo do soño*, que contrapón ao *traballo de interpretación*, que avanza, como xa sinaléi anteriormente, na dirección contraria, isto é, do contido manifesto ao contido latente.

As operacións deformadoras do traballo do soño fanse co material dos contidos latentes, material que é de moi diversa índole: dende restos diúrnos procedentes do día anterior e parcialmente conscientes a estímulos externos (luz, sons) e internos (necesidades fisiolóxicas...), pero, en xeral, os desexos conscientes insatisfeitos presentes nos restos diúrnos mestúranse e enlazan con desexos inconscientes, sexan persistentes dende a infancia ou derivados dos mecanismos represores-inconscientes, pois «o desexo consciente só se constitúe en estímulo do soño cando consegue enlazarse cun desexo inconsciente co que se potenciar».

Volvendo ás operacións do traballo do soño, considéranse fundamentais a condensación e o desprazamento que, tamén, operan en todas as chamadas *formacións de inconsciente* (soños, actos falidos, chistes, recordos encubridores, síntomas) e achan correlatos nas figuras da linguaxe, especialmente na metáfora e a metonimia e noutras afíns como a comparación, a simetría, o símbolo e a sinécdoque.

A *condensación* implica unha operación de compresión no contido manifesto de numerosos contidos latentes, susceptibles á súa vez de múltiples interpretacións. O soño manifesto sempre é máis reducido e menos complexo e frutífero que o contido latente. A condensación prodúcese porque:

1. Certos elementos omítense por completo.
2. De moitos elementos do contido latente, só uns poucos se trasladan ao contido manifesto.
3. Elementos latentes que teñen algo en común xúntanse no soño manifesto, e son fundidos nunha unidade.

Non obstante a condensación non debe considerarse sinónimo dun resumo, xa que, así como cada elemento manifesto vén determinado por varias significacións latentes, tamén sucede á inversa, é dicir, que cada unha de ditas significacións pode atoparse en varios elementos.

O *desprazamento* constitúe unha segunda operación do traballo do soño que se traduce en dous efectos. O primeiro deles consiste en que un elemento do contido latente non é substituído, no contido manifesto, por un compoñente propio senón por outro distinto aínda que ligado ao orixinal por unha cadea asociativa. No segundo, a importancia psíquica traspásase dun elemento importante a outro pouco importante, producindo un efecto de disociación entre a carga psíquica e a súa representación manifesta.

Tanto a condensación como o desprazamento foron equiparados respectivamente á metáfora e a metonimia. No caso desta última, e, referido ao segundo dos seus efectos, resultaría máis

preciso asocialo a unha variante da metonimia, a sinécdoque, xa que segundo Du Marsais «na metonimia eu tomo un nome (elemento) por outro, mentres que na sinécdoque tomo o máis polo menos, ou o menos polo máis». Este aspecto cuantitativo enlazaría coa hipótese económica do psiquismo, que consideraría a existencia dunha enerxía psíquica, capaz de cambiar de representación, e, circular por unha cadea asociativa, ilustrando dese modo tamén o carácter de contigüidade asociativa da metonimia. J. Lacan destacou especialmente este carácter lingüístico do soño que o leva a formulalo como xenuína sintaxe do inconsciente.

Aínda estuda e presenta Freud unha terceira operación do traballo do soño, que considera especialmente interesante dende o punto de vista psicolóxico, como é a transformación de pensamentos en imaxes visuais.

Esta operación non se realiza con todas as ideas ou pensamentos latentes, non obstante ser unha operación esencial na formación do soño e un elemento sempre presente.

Finalmente, para intentar unha presentación menos absurda, e, algo máis coherente do soño no seu conxunto, prodúcese unha última operación do traballo do soño, a *elaboración secundaria*, que ao forzar o agrupamento de elementos previamente distorsionados pola condensación, o desprazamento e a transformación en imaxes das ideas latentes, provoca unha deformación onírica adicional, aínda que paradoxalmente produce un contido manifesto aparentemente máis comprensible.

Incertezas e críticas

Na última conferencia da serie dos soños, que titula «Incertezas e críticas», Freud intenta responder, especialmente, a catro tipos de interrogantes.

O primeiro refírese aos posibles erros de interpretación, tanto na interpretación mesma coma no peso das distintas operacións de deformación do soño en casos concretos, e do seu

carácter subxectivo. Freud responde que, como en calquera campo científico non existe certeza absoluta senón graos de probabilidade, maiores na medida en que o coñecemento da interpretación, a competencia técnica e a experiencia de quen a practicase, fosen maiores.

A segunda cuestión é a impresión de que moitas interpretacións parecen rebuscadas e alleas á nosa conciencia vixil. Todo iso adquire maior claridade, e coherencia cando se analiza á luz das características do sistema inconsciente e das operacións da deformación onírica, antes sinaladas.

A terceira incerteza é froito de concepcións alternativas á interpretación psicanalítica, como a de Maeder (1912), no sentido de que a vida onírica persegue adaptarse a tarefas actuais e futuras. Silberer (1914) sinala dúas interpretacións posibles do soño, unha psicanalítica e a outra anagóxica, que prescinde das mocións pulsionais e idealiza os soños en busca de obxectivos sublimes da mente. Finalmente no caso de Adler (1910), os soños terían unha interpretación bisexual, por un lado masculina e por outro feminina. En opinión de Freud, os elementos de verdade que puidesen ter estas interpretacións perden o seu valor ao intentar xeneralizalos a través dunha análise que non ten suficientemente en conta a radical diferenza existente entre o contido manifesto e o latente e a relevancia do *traballo do soño*.

O cuarto e último dos interrogantes considerados é o de que os soños dun paciente poidan ser inducidos pola relación co seu analista. Esta observación non se contradí senón que reforza o concepto de transferencia, así como o que as observacións do psicanalista e o propio contexto das sesións proporcionan material de restos diúrnos para os soños do paciente; pero aínda que se puidesen proporcionar así algúns elementos do soño, nunca se podería lograr que se soñase un soño concreto, que é froito das distintas elaboracións e do traballo onírico de materiais que non están dirixidas pola conciencia.

Freud apenas cambiará ou completará estas ideas sobre os soños, e, ao final da XXIX das súas *Novas conferencias de introdución á psicanálise* (1932-33) titulada «Revisión da teoría dos soños», insistirá en que

dicimos que o soño é un cumprimento de desexos. Se se queren ter en conta as últimas obxeccións (relacionadas coa reminiscencia en soños de acontecementos traumáticos ou penosos), dirán que o soño *é un intento* dun cumprimento dun desexo, e, para ninguén experto en dinámica psíquica, dirían algo diferente. Baixo determinadas circunstancias o soño só pode impoñer o seu propósito de xeito incompleto. A fixación inconsciente a un trauma parece atoparse entre os principais impedimentos da función do soño.

Nestes casos e noutras vivencias moi penosas, acaba fracasando a función fisiolóxica que lle cabe ao soño como gardián do repouso nocturno e pode producirse, como síntoma e sinal do devandito fracaso, o insomnio.

5. Teoría xeral das neuroses

A terceira parte das *Conferencias de introdución á Psicanálise* dedícanse como sinalamos anteriormente á teoría psicanalítica das neuroses. A primeira dedícase á comparación entre psicanálise e psiquiatría e conclúe cunha formulación freudiana que, en síntese, as considera complementarias e que se reflicte nas seguintes palabras:

A psicanálise é á psiquiatría o que a histoloxía á anatomía. Non existe unha contradición entre estas dúas modalidades de estudo. A anatomía (macroscópica primeiro e microscópica despois) é para nós base da medicina científica e previsiblemente, nun futuro non moi afastado, comprenderemos que non é posible unha psiquiatría científica sen un bo coñecemento [...] dos procesos inconscientes [...] Acaso o factor hereditario (no que se apoia a psiquiatría) contradí a importancia

das vivencias? Non se conxugan ambas as dúas máis ben do xeito máis eficaz?

Acerca dos síntomas

Na XVII conferencia iníciase a serie dedicada aos síntomas, mostrando a través dos exemplos de neuroses obsesivas que os síntomas, como xa sinalara nas outras formacións do inconsciente (soños, actos falidos, chistes, recordos encubridores), teñen un sentido que está vinculado ás vivencias inconscientes da persoa que os padece. O síntoma aparece como unha formación de compromiso entre a represión, impulsada pola, así denominada na interpretación dos soños, censura, e o reprimido, que pode retornar como síntoma a cambio da súa deformación, de modo semellante, aínda que non igual, ao que sofre o contido latente do soño para se transformar en contido manifesto. O síntoma adquire en Freud un dobre sentido, como símbolo dun conflito anterior, en certo modo histórico, e como emerxente dun conflito actual ou reactualizado.

No momento teórico en que estaba Freud nestas conferencias (1916), a estrutura psíquica estaba configurada, como xa comentamos, nun sistema inconsciente por un lado e un sistema percepción-conciencia por outro, coa instancia censora situada no preconciente como filtro dos contidos inconscientes que recibiu o nome de *1ª tópica*. Tamén neste momento a teoría pulsional a constituía o par (que cambiaría posteriormente) de pulsións *de conservación do eu e pulsións sexuais*. O síntoma aparece concernido por ambas as dúas, combinando sentido e fixación libidinais. Existe unha segunda etapa na teorización dos síntomas que intenta resolver a dificultade teórica da resistencia e persistencia destes, malia terse feito consciente o seu sentido. Parece como se numerosos pacientes non desexasen de todo a desaparición dos seus síntomas. Freud atopa que na devandita persistencia xogan un importante papel dous tipos de beneficios, un, primario, derivado da vantaxe que representa para o eu do paciente refuxiarse na enfermidade, para evitar

así afrontarse a unha situación percibida como difícil, dolorosa, e outro, secundario, asociado ás vantaxes de coidados, afecto regresivo consentido socialmente, que permite a reaparición da dependencia de figuras maternais, da non asunción de responsabilidades na vida familiar, relacional, laboral ou académica.

Cando se publican as *Novas conferencias de introdución á Psicanálise* (1932-33), a teoría psicanalítica, que seguiu evolucionando, reformulara xa a estrutura do aparato psíquico, aparecendo unha 2ª tópica constituída polo *iso*, o *eu*, o *supereu*, e, unha segunda teoría pulsional constituída polas pulsións de vida (*eros*) e as pulsións destrutivas, de agresión, de morte (*tánatos*). Neste momento, o síntoma xa non é un conflito entre a pulsión sexual e o eu, senón un conflito no seo do propio eu, atravesado, tamén, por desexos inconscientes e campo de batalla das pulsións de vida e morte. Isto explica esa mestizaxe de satisfacción e sufrimento que conteñen os síntomas e que axuda a comprender a súa dificultade de resolución e por conseguinte as dificultades esenciais da cura psicanalítica. Os síntomas parecen estar «fixados» a un fragmento determinado do pasado, di Freud. Os pacientes non son quen de se emanciparen del e polo tanto teñen dificultades para situarse no presente e proxectarse no futuro. Permanecen ancorados nun momento pasado da súa historia persoal. Freud pregúntase pola explicación desa incapacidade que produce tantas dificultades na vida presente e a vida «por vir». Atopa unha explicación «económica» por analoxía coas neuroses traumáticas (de guerra neste caso) que se producen porque os pacientes non poden asimilar a enorme cantidade de estímulos sufridos nun curto espazo de tempo (dimensión económica) e parece quedar fixado ao devandito momento traumático, que se repite frecuentemente nos seus soños, tamén nos diúrnos. No caso das neuroses «espontáneas», podería suceder que as vivencias ás que están fixados estivesen investidas por afectos vividos con grande intensidade,

traumáticamente, alén da intensidade «obxectiva», no curso da evolución libidinal.

O sentido dos síntomas é sistematicamente descoñecido para os pacientes, e é, en xeral, inconsciente, descoñecido tamén para a conciencia. É froito dunha operación inconsciente pola que procesos que buscaban a súa expresión afectiva foron bloqueados e forzados a permaneceren inconscientes. Da devandita interceptación xorde o síntoma. Este mecanismo de bloqueio, precondition para que se constituía o síntoma, recibe o nome de represión, operación que nos achega á chamada censura no soño, e que pertence, de acordo coa primeira tópica ao sistema preconsciente-consciente situado no territorio do eu. Pero sorprendentemente Freud chega á conclusión pola clínica, que adiantamos antes, de que o impulso reprimido no ámbito competencial do eu é inconsciente e descoñecido por el. Se isto é así, é forzoso concluír que hai espazos pertencentes ao eu que tamén son inconscientes. Isto permitiría explicar, cando menos parcialmente, a resistencia á desaparición dos síntomas que opón o paciente, plenamente consciente, e, que, á súa vez, nega a devandita resistencia porque a descoñece, porque pertence a ese outro lado escuro e inconsciente do eu.

A 2ª Tópica

Estas observacións recollidas de casos analizados que reiteradamente mostran similares resultados formulan un novo desafío teórico a Freud, que dá como resultado a elaboración dunha nova tópica e unha segunda teoría das pulsións, que enriquecen e completan de xeito moi relevante o corpus teórico-técnico da psicanálise, polo que paga a pena detérmonos un pouco.

A segunda tópica debúxase sobre todo en «*O eu e o iso*» (1923) e recóllese nas *Novas conferencias de introdución á Psicanálise* (1932), en concreto na XXXI conferencia titulada «A división da personalidade psíquica». Esta nova, e, en boa medida, complementaria, conceptualización da estrutura psí-



Congreso Internacional de Psicanálise, Weimar, 1911. Freud no centro, na segunda fila.

quica dos seres humanos establece tres espazos interrelacionados, o *iso*, o *eu*, e o *supereu*.

O *iso*, termo explicitamente tomado e recoñecido así por Freud, do médico alemán G. Groddeck, autor de *Das Buch vom Es* (*O libro do iso*, 1923). Apunta Freud: «Este pronome impersoal parece particularmente axeitado para expresar o principal carácter desta provincia anímica, ser *alleo* ao eu». O *iso* configúrase como o impersoal que hai no noso ser, o suxeito ás necesidades da natureza humana, segundo formulaba Nietzsche. Para Groddeck, influído por este, o *iso* representaría as «forzas descoñecidas da nosa natureza que escapan ao noso control». O *iso* é tamén o lugar indeterminado que contén as pulsións e o reprimido, un espazo *alleo* á lóxica habitual, ás contradicións, un lugar en que as dimensións de espazo e tempo, que configuran a nosa vida consciente, non existen como tales, no que o pasado pode ser presente e non hai modificacións polo decurso do tempo, poderíamos dicir que o *iso* tampouco envellece. O *iso* non establece distincións entre o ben e o mal. Está orientado cara ao principio do pracer que busca evitar o dispracer. Dispracer ligado ao incremento da excitación que non atopa desafo, e busca o pracer canalizando a excitación cara á súa diminución mediante accións que conduzan a obter satisfaccións pracenteiras. Ten polo tanto unha dimensión económica. Estas ideas como outras relacionadas coa dimensión inconsciente dos soños, achábanse tamén en Fechner a quen, como ficou dito, recoñece Freud en diversos momentos as súas achegas.

O *eu*, di Freud, «é aquela parte do *iso* que foi modificada pola influencia do mundo exterior, disposta para recibir os estímulos e servir de protección fronte a eles, podendo compararse á capa cortical da que se rodea un nódulo de substancia viva. A percepción é para o *eu* o que para o *iso* as pulsións». O *eu* faise cargo da case totalidade das funcións do sistema preconsciente-consciente da 1ª tópica, que abrangue tanto a percepción e a conciencia, como a organización temporal, o pensamento ra-

cional e a capacidade de xuízo, así como o control das accións motoras voluntarias e a planificación de secuencias de accións futuras. Pero non todo é conciencia no eu, tal e como sinalamos. A persistencia dos síntomas, a precondition dos que supón a represión, os mecanismos defensivos ante a presión das pulsións son de carácter inconsciente e tamén lle pertencen. A súa relación co iso adquire así un carácter ambivalente. O eu ten que buscar compromisos entre a satisfacción das pulsións e as condicións e límites da realidade exterior, interpersonal, familiar, social..., negociar acordos que moitas veces adoptan formas sintomáticas ou novas formas de expresión pulsional, a través de canles valoradas socialmente (logros artísticos, literarios, profesionais, deportivos, sociais...) grazas ao mecanismo da sublimación.

O supereu xorde da evolución conceptual e da integración superadora das nocións de *conciencia moral* e *censura*. Freud describe así na XXXI conferencia a configuración do supereu como unha instancia da que «a conciencia moral é unha das súas funcións, e, outra, a autoobservación, indispensable como premisa da actividade xulgadora da conciencia moral. Como recoñecemento de que é unha instancia independente (do eu) esixe un nome propio, polo que daremos, en diante, a esta instancia entrañada (e estrañada) no eu, o nome de supereu». Nesta instancia, a conciencia moral pode actuar con funcións de censura, prohibición e idealización (ideais do eu). Pertence tamén ao supereu o mecanismo da represión que realiza directamente, ou, a través do eu. Polo tanto tamén esta instancia que xulga, prohíbe e reprime ten unha forte dimensión inconsciente. Para Freud o supereu é unha formación secundaria relacionada co propio desenvolvemento do eu. Quere isto dicir que nin a conciencia moral nin a represión son innatas. Os nenos ao naceren son basicamente amorais, rexidos polo principio do pracer polo que resultan esenciais os procesos educativos, que teñen necesariamente un efecto de instauración de límites. As limitacións

proceden inicialmente das figuras parentais e conviven coa satisfacción das necesidades das novas criaturas humanas. Estas limitacións, impostas pola realidade e os cuidadores (pautas de alimentación, hixiene, descanso...) van facéndose máis complexas a través de normas de conduta, aprendizaxe, de demoras na satisfacción de desexos, do establecemento do que está ben e o que está mal, do permitido e do prohibido, e, son fundamentais no proceso de socialización e no acceso a unha posición subxectiva civilizada e madura. Finalmente, se a maduración é adecuada, este conxunto de experiencias e interaccións se interiorizan e constitúen o embrión do supereu dos seres humanos. En palabras de Freud «o supereu arrógase a función da instancia parental e é o herdeiro dela», salvo que fracase o proceso con, xeralmente, dramáticas consecuencias e sufrimento para o neno, o seu ámbito familiar e o seu mundo social, situación que pode observarse con frecuencia preocupante no momento actual. Este proceso de formación da conciencia moral do carácter do neno prodúcese por identificación, en primeiro lugar, cos que realizan as funcións parentais (non necesariamente os pais biolóxicos) e posteriormente con subrogados deles, educadores, persoas do seu ámbito con influencia sobre o neno, ou calquera persoa que, pola súa relevancia para el, funcione como un ideal de referencia. Estas consideracións permítennos comentar outra importante función do supereu, ser tamén o substrato *do ideal eu*, ao cal aspira, esforzándose por satisfacer a súa demanda de perfección, sempre crecente. Non cabe dúbida de que este ideal do eu é o da antiga admiración ante aquelas perfeccións que o neno atribuía ás figuras parentais. Esta admiración e o desexo de conservar o seu afecto e evitar o seu desafecto, achega a enerxía para a renuncia aos desexos edípicos, á vez libidinais e hostís. O ideal do eu contén deste modo a aspiración a congraciarse e ser recoñecido e aceptado polas figuras parentais idealizadas da infancia. Núcleo e fundamento, para Freud, que está contido na orixe de todas as relixións.

Nesta 2ª tónica establécense tres procesos fundamentais para a evolución e construción da personalidade, e que xa foron citados: a identificación, os cambios na elección de obxectos (de amor-odio) e o complexo de Edipo.

En *Introducción ao narcisismo* (1914), Freud sinala a relación entre a elección de obxecto narcisista, que toma como referencia (autorreferencia) a un mesmo, seguindo o mito de Narciso, e a elección de obxecto infantil, de tipo anaclítico ou de apoio, que toma como referencia as figuras parentais. Os cambios que se producen nas devanditas eleccións xéranse a través dos procesos de identificación. Estes permiten aos nenos substituíren as catexias do obxecto (amoroso ou hostil), particularmente intensas, orientadas cara aos pais, por outras eleccións que, aínda apoiándose de múltiples maneiras neles, lles permiten proseguir un desenvolvemento normal da personalidade.

A *identificación* móstrase, segundo vemos, como un proceso clave na constitución da personalidade humana e enlaza coa estrutura e dinámica do complexo de Edipo, rescatado por Freud de *Edipo rei* de Sófocles, que xa coñecía dende a súa época do Gymnasium, e do que tivo que traducir unha pasaxe no seu exame de grao. Na devandita obra, a raíña Iocasta, esposa e nai de Edipo, intenta tranquilizalo, ante o seu desexo de saber e a súa angustia e culpa polo seu parentesco con ela, e convencelo de que «non hai nada de estraño niso, xa que, en soños, moitos son os homes que desexaron a súa nai». O desenvolvemento da traxedia mostra como Iocasta non puido conseguir o seu propósito nin lograr unha solución non traumática ao dilema edípico.

A construción da estrutura do complexo de Edipo organízase impulsada polas pulsións e a dinámica das identificacións. Convén insistir no feito de que a constitución do supereu é froito das identificacións coas imaxes parentais e xorde como herdeiro desa vinculación afectiva tras a resolución, máis ou menos completa, do complexo de Edipo. Neste, xeralmente o neno e a nena, de forma distinta, identifícanse cunha das figuras paren-

tais e dirixen os seus desexos cara á outra, xerándose un conflito que se «resolve», no mellor dos casos, simbolicamente, pola interdición dun ou outro dos proxenitores, ou dos que fan a súa función. Este difícil e laborioso proceso atópase, como sinalabamos anteriormente, na orixe e constitución dos ideais do eu, peza básica do progreso individual e dos vínculos sociais.

Relación e interacción entre as instancias da 2ª tónica

Volvendo ás tres instancias da segunda tónica e ás súas relacións, Freud sinala o difícil e fráxil equilibrio do eu, que intenta constantemente harmonizar as esixencias contraditorias do iso e a realidade exterior, e por outra parte da realidade interior con esa instancia estrañada do eu, que constitúe o supereu.

Na depresión exemplifícase o predominio da instancia xulgadora, vinculada ao aspecto inconsciente da conciencia moral, que xera sentimentos de culpa, quebra a autoestima e produce angustia pola incapacidade do eu de tramitar axeitadamente as pulsións procedentes do iso, para seren viables en relación coa realidade exterior e, ao tempo, aceptables para a realidade interior que busca impoñer o supereu. No seu intento de buscar compromisos que permitan superar os conflitos entre o principio da realidade vinculado á realidade exterior e ao sistema preconsciente-consciente, o eu, está sometido permanentemente a tensións, xa que as pulsións non cesan na súa busca de satisfacción.

A teoría das pulsións

A concepción freudiana sobre as pulsións vai desenvolvéndose dende o *Proxecto de Psicología para neurólogos* (1895), moi temperán, e, en máis dun sentido prematuro, seguindo polos *Tres ensaios para unha teoría sexual* (1905), ata facerse máis complexa nos seus escritos metapsicolóxicos. As pulsións foron consideradas, na súa radical diferenza fronte ao concepto de instintos, que xa comentamos, como esenciais na obra freudiana

para os máis importantes teóricos da psicanálise. No caso de J. Lacan considéraos un dos «catro conceptos fundamentais da psicanálise», no seu Seminario XI (1964).

As teorías pulsionais orgánzanse en torno ao concepto de *pulsión* que Freud analiza nas *Pulsións e os seus destinos* (1915), e, a diferenza do instinto (*Instinkt*), enténdese como un proceso dinámico que supón un impulso constante de orixe interna, que non se pode evitar e que ten obxectivos que non están predeterminados.

A fonte da pulsión sitúaa Freud «no proceso somático localizado nun órgano ou unha parte do corpo, a excitación da cal está representada na vida psíquica pola pulsión». Aínda xurdida dun proceso de natureza somática, a expresión da pulsión na vida psíquica é a busca da satisfacción, que vai ligada ao intento de suprimir o estado de excitación que xera o pulo constante procedente da fonte que o orixina. En síntese trataríase de volver, transitoriamente, ao estado de repouso previo, da man do *principio de constancia*, de natureza homeostática e económica, que foi comparado analoxicamente co segundo principio da termodinámica, que reaparecerá na formulación desta segunda teoría pulsional, asociado ao concepto de *tánatos*. A finalidade da pulsión lograríase a través da elección dun obxecto que permita a súa satisfacción. A devandita elección non está determinada, como dixemos, e, polo tanto, pode variar de acordo coa historia subxectiva e o desenvolvemento libidinal de cada persoa.

Esta variabilidade e indeterminación separaría o concepto de pulsión do de instinto, que si estaría hereditariamente predeterminado, como sucede coa fame, como resposta activadora da satisfacción dunha necesidade básica —a necesidade de alimentarse para sobrevivir— e aínda esta, habería que dicir que pode ser perturbada polas pulsións destrutivas como no caso dos chamados trastornos de conduta alimentaria, facendo de novo que a fronteira entre soma e psique se permeabilice.

Volvendo á pulsión, conviría insistir en que é un concepto límite entre o somático e o psíquico e adopta para a súa exteriorización a forma de representante psíquico, que se plasmará na busca dun obxecto capaz de satisfacela, e co que se establecerá unha relación con diversos graos de intensidade, estabilidade e fixación. Tal obxecto, a diferenza das concepcións tradicionais, non está fixado soamente a unha realización e a un fin concretos (modelo xenital heterosexual), senón que é variable e continxente para cada persoa, e, en casos particulares, pode ser extremadamente preciso e fixo, como sucede con algunhas perversións ás veces desviadas do obxecto habitual, (zoofilia, pedofilia) e ás veces da finalidade (exhibicionismo, voyeurismo, fetichismo, sado-masoquismo).

Sexualidade humana

A sexualidade humana, na concepción psicanalítica non se refire, como acabamos de sinalar, exclusivamente ao formato clásico das relacións sexuais: un obxecto determinado (do sexo oposto) e unha forma de obter satisfacción (relación xenital clásica: coito). Estudos descritivos clásicos do século XIX como os de Kraft Ebbing e Havelock Ellis mostran as grandes variacións dos seres humanos tanto na elección do obxecto, coma na realización da satisfacción pulsional. Freud describe, ademais da evolución normal (habitual) da sexualidade humana, numerosas formas mixtas, que representan numerosos modelos de transición entre sexualidade normal e desviada (perversa), ás veces de carácter complementario, como son as actividades que preparan e/ou acompañan ao coito (pracer preliminar), que o substitúen, ou, que se converten en condicións necesarias do obxecto para a satisfacción pulsional.

Inicialmente, as pulsións no lactante están asociadas a funcións vitais; neste caso á alimentación, con produción de pracer ligada á satisfacción da sensación da fame e intermediada pola succión e o contacto co peito materno ou os seus posibles

substitutos. Posteriormente, aparece o hábito de adurmiñar mediante a succión do polgar ou do chupete con sensacións pracenteiras, observada con carácter practicamente xeral nos nenos. Seguidamente a acción de chupar (con estimulación polo menos de boca e beizos) disóciase da función alimentaria e produce pracer, ao que o neno de curta idade lle custa renunciar (destete e supresión do dedo ou o chupete), renuncia que se impón educativamente de diversas maneiras, polas figuras dos coidados parentais. Tras a lactación e o chupeteo, aparece unha etapa de educación de hábitos hixiénicos, vinculados ás funcións de excreción e coidados corporais que se asocian a sensacións agradables de alivio, e, posteriormente, de limpeza e aseo. Estas medidas educativas implican un contacto cutáneo coas correspondentes sensacións pracenteiras, que á súa vez poden dissociarse da necesidade fisiolóxica, ao tempo que son restrinxidas e organizadas horaria e espacialmente, baixo as pautas de crianza, pautas e manipulacións en relación coa inxesta e excreción que adicionalmente se asocian tamén a contidos de noxo e repugnancia, sinalándoas como «cousas» que non se exhiben e das que non se fala en público. Todas estas medidas limitan e contrarían a tendencia dos nenos cara ao xogo pracenteiro acompañado de repeticións verbais, que son tamén obxecto de patróns educativos complementarios e normais da educación esfinteriana, dirixidos a que falen «ben», correctamente, «como se debe». Toda esta temática foi abordada especialmente, en torno a 1916, por Lou Andreas-Salomé, co recoñecemento e apoio explícito de Freud.

Cara aos tres anos, comeza, habitualmente, unha maior atención e interese dos nenos sobre o seu propio corpo, localizado, no que se refire á súa sexualidade, nos xenitais propios, que converte en *zonas eróxenas*, definidas como áreas corporais do revestimento cutáneo-mucoso susceptibles de ser localizacións de sensacións pracenteiras e de excitación sexual. A constancia evolutiva dos devanditos puntos corporais de concentración de

catexias libidinais, caracterizadas pola súa vinculación a unha particular relación do obxecto, e a súa regular secuencia no tempo xustifican que se denominen *fases libidinosas*. Esta última fase descrita recibirá o nome de *fase fálica* e as anteriores, engadindo a fase do espello (recoñecemento do propio corpo diferenciándoo dos outros), o de *fases oral e anal* (uretral) respectivamente. Estas fases, como puidemos apreciar, son momentos evolutivos caracterizados por pulsións parciais, asociadas a variados enclaves corporais, basicamente autoeróticas, aínda que intermitentemente relacionados con obxectos exteriores (figuras parentais e os seus subrogados) e sen relación directa (imposible mesmo bioloxicamente) coa función reprodutora. Adquiren así descritivamente os trazos de polimorfos (lugares cambiantes e parcelas corporais libidizadas) e perversas (alleas e desviadas da finalidade reprodutora asignada á sexualidade adulta). Todo iso explica a denominación descritiva destas etapas e da sexualidade infantil como *polimorfo perversa*, o que causou enorme impacto, escándalo social e controversia científica na súa época, ao atribuír un carácter asexual á infancia e darlle un sentido perturbador e moralmente rexeitable ao termo *perversión*, fronte á concepción freudiana da sexualidade que vimos de sinalar.

Existe, adicionalmente, nestas etapas unha sorte de centros de interese e curiosidade infantís insistentes, tamén no ámbito de sexualidade, que se exteriorizan en auténticos procesos de investigación, dirixidos maioritaria e fundamentalmente cara á orixe dos nenos, en busca de respostas no seu ámbito familiar respecto a cuestións como *de onde veñen os nenos? por onde saen do corpo da nai?* Os nenos constitúen coas súas indagacións e o seu modo de interpretarlas as súas propias e provisionais teorías sexuais.

Despois da fase fálica, entre os 5 e os 10 anos aproximadamente, prodúcese certa detención e crecente autocontrol das actividades sexuais infantís, moduladas, en xeral, pola conxun-

ción de pautas educativas familiares, sociais e escolares, relacionadas coa instauración progresiva de sentimentos de pudor e vergoña (de carácter normal e facilitadores da maduración emocional). A eles engádense os xa citados de noxo e repugnancia (así mesmo evolutivamente normais), froito, todos eles, da progresión madurativa das capacidades de axuizamento e conciencia moral, consecuencia todo da resolución do complexo de Edipo (un dos efectos do cal é a aparición das instancias do supereu) e do desenvolvemento madurativo das capacidades cognitivas, intelectuais e morais como sinalaron hai tempo, entre outros, J. Piaget e L. Kohlberg, así como das vivencias subxectivas das distintas experiencias infantís. As identificacións, que xogaran un papel central na arquitectura dinámica do complexo de Edipo, permiten a súa superación con éxito diverso, deixando como herdeira a instancia do supereu. O supereu promove a renuncia á relación fantasiada de obxecto, de carácter incestuoso, interiorizando ao tempo a prohibición, paterna, trasunto da presenza dun terceiro que, impide, simbolicamente, o acceso á figura materna, a xeito dunha lei. Lei que se vai facendo, norma e regulación sociais, para todos e cada un.

As dúas teorías pulsionais

Analizando o devandito podemos establecer basicamente dous modelos teóricos sobre as pulsións. Na súa primeira teoría pulsional, especialmente na citada obra de 1915, Freud postula dous tipos de pulsións: pulsións do eu ou de autoconservación e pulsións sexuais. Esta primeira teoría apóiase de xeito significativo, como sucede habitualmente en Freud, na clínica e concretamente na análise da neurose de transferencia, sobre todo nos casos de histeria e neuroses obsesivas, que lle permiten apreciar un conflito entre a concepción do eu desa época, as súas esixencias e as derivadas da sexualidade correspondentes á primeira tópica. As pulsións de autoconservación están matrimoniadas co principio de realidade, buscan o seu apoio en

obxectos reais para satisfacción de necesidades básicas (fame, sede, repouso...). As pulsións sexuais buscan as súas satisfaccións por estimulación e descarga de enerxía libidinais, asentada nas zonas eróxenas e as súas fantasías asociadas.

Dous acontecementos, un teórico pero doloroso como a escisión junguiana, que desvalorizaba a importancia da sexualidade e entronizaba, idealizándoo, ao eu e ás súas pulsións de autoconservación, adoptando unha posición monista, e outro tráxico como foi a traumática irrupción da Primeira Guerra Mundial, que expresaba os ámbitos máis escuros e destrutivos dos seres humanos, fixeron reformular a Freud o dualismo inicial iluminando un novo dualismo cara a 1920 coa súa «segunda teoría das pulsións», presentada en *Máis alá do principio do pracer*, que rompía así o monismo ao que parecía apuntar a converxencia no eu das pulsións de autoconservación e as sexuais resultantes da elección de obxecto narcisista. Esta segunda, e, practicamente, definitiva teoría pulsional de Freud, articulouse en torno ao par pulsións de vida (ás que denominou *Eros*)-pulsións de morte (*Tánatos*). Eros aglutina non só as pulsións de autoconservación senón algunhas das sexuais que se lle opoñían na primeira teoría. Estas pulsións protagonizan e representan os procesos que promoven a vida e que tenden a crear e manter organizacións e unidades vitais máis complexas. Tánatos representa as pulsións de morte que perseguen unha descarga completa de enerxía e unha regresión ao desorganizado e inorgánico, contendo pulsións agresivas que buscan, de forma diversa, e con intensidade e éxito variables, a destrución. As pulsións agresivas conteñen tamén pulsións sexuais como as vinculadas ao sadismo e ao masoquismo; a primeira dirixida cara ao exterior e cara ao obxecto elixido, e a segunda encravada e dirixida ao interior do mesmo individuo, como pulsión que camiña na fronteira da autodestrución, habitualmente sen traspasala.

Estes casos, entre outros, mostran a imbricación das pulsións de vida e morte nos seres humanos e a súa interacción

permite albiscar como en cada individuo se resolve esa difícil mestizaxe. Unha parte das pulsións agresivas é neutralizada polas pulsións eróticas, como se mostra na escenificación e linguaxe da paixón amorosa. Outra parte é tramitada, en forma de conquista do medio, e, finalmente, a agresión a outros é derivada de maneiras máis ou menos civilizadas cara ao exterior, como nas competicións deportivas, e, nos mellores supostos, transformada en producións ao servizo dos outros, grazas ao mecanismo da sublimación. Finalmente existe unha porcentaxe de enerxía libre, dun e outro signo, dispoñible para ser ligada a determinados obxectos, a intensificar as catexias dos xa elixidos, ou vehicularse en empresas humanas moi diversas, dende as miserables ata as heroicas.

Freud proseguiu un constante esforzo explicativo que dese conta dos conflitos psíquicos a través do par pulsional eros-tá-natos, así como da súa articulación e interacción coa 2ª tópica, que ten o seu mellor momento teórico en *O eu e o iso* (1923). Freud exemplifica neste texto a posible relación interna entre dualismo pulsional e as tres instancias da segunda tópica a través, novamente, da elaboración teórica de cuestións clínicas, referidas, neste caso, á melancolía e á neurose obsesiva. Na primeira delas sinala como un supereu tiránico, que contén unha conciencia moral implacable, dirixe a súa agresividade contra o eu. O supereu é fonte de impulsos agresivos que adoptan un comportamento sádico ante un eu en posición masoquista. Dinámica psíquica que é potencialmente autolítica. Modificar esta proposta autodestrutiva é a tarefa, complexa e difícil, que ha de propoñerse a terapia.

Doutro xeito, pero tamén con intenso sufrimento subxectivo, prodúcese esta interacción na neurose obsesiva, que inhibindo as pulsións agresivas procedentes do iso dirixidas ao obxecto, pero que impregnan as dimensións inconscientes do eu, fai a este vítima da presión da conciencia moral instalada no supereu. Prodúcese así unha situación de desamparo do eu, atrapado

entre as tendencias destrutivas do iso e os reproches crecentes da instancia moral do supereu. Esta tensión conflitiva constante acaba producindo unha sintomatoloxía que resulta da intermediación, en equilibrio precario, do eu ante as outras dúas instancias, o mantemento do cal produce un sufrimento e un gasto de tempo e de enerxía extraordinarios (repeticións), que derivan en angustia intensa, se se quere renunciar á formación de compromiso que supoñen os síntomas. Finalmente, ditas repeticións salvo intervención terapéutica, acaban impoñéndose, como auténtico *modus operandi* e en último extremo como *modus vivendi* da persoa afectada.

A angustia

O problema da angustia fórmulase en Freud de maneira temperá —contra 1893 ou 94— polo menos nos manuscritos B-E- e F. Tomando como referencia a Fechner, Freud adopta o concepto de «principio de constancia» que tendía a manter constante o nivel de estimulación do sistema nervioso. Ao descubrir o noso autor na clínica un tipo de neurose no que predominaba o síntoma angustia e comprobar que practicamente se asociaba a dificultades e interferencias na descarga da tensión sexual, concluíu que a excitación coartada e acumulada expresábase en forma de angustia, aparecendo relacionada naquel momento para Freud cun proceso psicofísico no que predominaba a insatisfacción sexual. As psiconeuroses (fobias e neuroses obsesivas) forzaron a admisión de fenómenos psíquicos relacionados coa produción de angustia como a represión, pero a tramitación final da retención de libido en angustia permaneceu idéntica.

En 1926 en *Inhibición, síntoma, angustia*, sen abandonar de todo a súa teoría anterior, Freud formula de xeito claramente distinto a angustia como angustia-sinal ante situacións de perigo físico e/ou psíquico. Pero será na *XXXII das Novas conferencias de introdución á psicanálise* cando abandone definitivamente a súa primeira concepción da angustia, asociándoa agora a unha

reacción ante unha situación traumática, é dicir, unha vivencia de desbordamento do eu perante unha enorme sobrecarga de estímulos de orixe interna ou externa, ou de ambos os dous a un tempo, que non é capaz de elaborar e xestionar.

A teoría das neuroses e as súas formas clínicas

Como sinala Freud na súa XXIV conferencia, todos os conceptos e desenvolvementos anteriores son pezas construtivas da concepción das neuroses, que, en palabras do autor, son o núcleo da psicanálise. Describamos sucintamente os seus conceptos e tipoloxía.

Recibe o nome de *neurose* unha afección de orixe psíquica con síntomas que serían expresión simbólica dun conflito mediante unha formación de compromiso. A súa orixe estaría na infancia das persoas que a padecen. As súas formas clínicas mellor establecidas foron as neuroses histéricas con dous subtipos: as neuroses obsesivo-compulsivas e as neuroses de angustia, que inclúen as neuroses fóbicas.

Se observamos as diferenzas establecidas por Freud, que logo recibirían o nome de *estruturas clínicas*, poderíamos establecer os seguintes grupos:

- As neuroses propiamente ditas ou psiconeuroses como a histeria, a neurose obsesiva e a neurose de angustia e a fobia ou histeria de angustia, que responden á concepción canónica da neurose, antes exposta.
- As neuroses narcisistas e as psicoses. A primeira delas caracterízase pola concentración da libido sobre o eu, sendo así o contrapunto da neurose de transferencia. As neuroses narcisistas transformaríanse, posteriormente en psicoses maníaco-depresivas —o actual trastorno bipolar—. No caso das psicoses (paranoia e esquizofrenia especialmente) produciríase unha ruptura primaria da relación coa realidade e os seus obxectos (de amor ou hostís), os intentos de reparación e sutura dos cales producirían

os seus síntomas específicos, de modo particularmente evidente nas elaboracións e construcións delirantes.

- Respecto ás perversións, xa citadas, é preciso insistir en que se trata de desviacións da actividade sexual normal vinculada á reprodución —coito— de carácter heterosexual. Para existir perversión ha de darse unha *fixación libidinal, excluín-te e intensa*, que *domina e condiciona* completamente a obtención de satisfacción sexual suficiente ao acceso a determinados obxectos sexuais (pedofilia, zoofilia...), a diversas zonas corporais (zonas eróxe-nas oral, anal-uretral...) ou a certas condicións eróticas extrínsecas (voyeurismo, fetichismo, travestismo).
- Finalmente, Freud aborda na súa XXIV conferencia unha das críticas máis habitualmente recibidas: a atribución da etiología das neuroses a unha causa sexual. Explicita claramente que hai moitas neuroses producidas por acontecementos exteriores, intensos ou dramáticos, ou, por afeccións orgánicas que provocan limitación, sufrimento ou ameaza vital. Explica que a clave está nas relacións recíprocas entre o eu e a libido, entendida esta como enerxía psíquica que pode ser transformada en canto ao obxecto (desprazamento cara a obxectos internos ou externos valorados), incluídos bens ou posesións materiais investidos libidinalmente, ás metas (distintas formas de expresar a sublimación deportiva, artística, cultural, altruísta...) ou ás fontes de excitación sexual (múltiples zonas eróxe-nas). Unha definición madura e suxestiva, aínda que menos coñecida de Freud sobre este concepto refírese á «libido como unha expresión da teoría da afectividade, unha enerxía entendida como magnitude cuantitativa (aínda que actualmente non poida medirse) das pulsións que teñen relación con todo aquilo que pode designarse coa palabra *amor*». A libido ficou na teoría freudiana explicitamente do lado das pulsións de vida, do

Eros, aínda que ao inicio das súas teorizacións Freud a consideraba antagónica das pulsións de conservación.

A terapia psicanalítica

Freud dedica as súas dúas últimas conferencias, XXVII e XVIII, a expoñer á súa audiencia o seu lóxico e esperado desenlace, tras analizar o sentido e a formación dos síntomas, a evolución da sexualidade humana e o seu polimorfismo, a teoría da libido, o narcisismo, e a elaboración da teoría da neurose: o tratamento psicanalítico.

Pregúntase en que pode apoiarse a intervención psicanalítica. Analiza aspectos necesarios a contemplar no tratamento, como os factores hereditarios, que entende imprescindible abordar, pero cre que a psicanálise non ten, ao respecto, nada novo que achegar. Sinala posteriormente as vivencias infantís temperás que interesan á psicanálise pero que xa pertencen ao pasado e considera que é preciso facelas presentes para poder intervir, pero, como atraelas á actualidade?

Recolle as dimensións do que chama «frustracións reais», frustracións producidas pola experiencia vital, sexan referidas ao desamor, aos problemas económicos, aos conflitos familiares, aos avatares da lei, ás eleccións e relacións de parella, ás dificultades vinculadas á vida en sociedade, ás presións de certa moralidade «que non vale o que custa mantela»... Descarta como solucións, no seu debullado discurso, a de gozar sen límites da sexualidade, xa que non resolve o conflito interior obxecto da psicanálise, a de encher os límites reais con achegas materiais, e desbota, tamén, pregarse a certa moral non baseada na sinceridade, nin na busca da verdade nin da sabedoría. Considera excepcional que un factor extrínseco auspiciado polo terapeuta poida decidir unha cura. Nese caso, dirá, non necesitaba da psicanálise. Insiste en que a cura psicanalítica non se basea nunha guía de consellos para a vida diaria, e o papel do analista non debe ser o dun mentor. Pola contra, afirma que o

obxectivo da psicanálise é o logro do máximo de autonomía na xestión da vida e afectos de cada persoa que realiza o tratamento psicanalítico. Este sería o fundamento dun *consello* previo ao tratamento psicanalítico: que, no posible, o paciente aprace as súas decisións máis relevantes (persoais, profesionais...) ata acadar metas no seu tratamento analítico que lle permitan a maior autonomía posible para non decidir impulsados por conflitos inconscientes non resoltos. Soamente no caso de personalidades fráxiles e inmaduras suxire «coa necesaria cautela» realizar certa reeducación emocional e afectiva, ante a súa inestabilidade e desamparo.

Do que ha de valerse a psicanálise, repite Freud, é da substitución do inconsciente polo consciente, a xeito dunha tradución entre linguas e lóxicas distintas. Ao facelo, prosegue, «cancelamos as represións, enchemos as lagoas méxicas, eliminamos as condicións para a formación deses síntomas, cambiamos en conflito normal o patóxico, establecendo así as bases para a súa solución».

Neste sentido, pódese considerar á Psicanálise como unha terapia causal, na medida en que o seu obxectivo non é a eliminación directa dos síntomas, senón a disolución destes a través da análise das súas raíces, poñéndoas, ao tempo, ao dispor da conciencia de cada suxeito. Pero, como facer consciente o inconsciente? Non abonda comunicarllo ao paciente, xa que se trata dun saber do propio paciente sobre si mesmo. Ademais ese saber sitúase xunto ao inconsciente, non no canto deste. Freud formula a necesidade dun enfoque en dous tempos: primeiro buscar o lugar —virtual— do enclave da represión, e, nun segundo momento, eliminar a resistencia que a sostén, esa resistencia que xorde da represión, da contracatexia psíquica que xerou o paciente para reprimir o conflito psíquico.

No momento en que escribe e fala, na XXVII conferencia, Freud conceptualiza o eu como unha instancia colaboradora, que contén a resistencia, e pensa no inconsciente como un fe-

nómeno e como un sistema, de acordo coa primeira tópica, pero xa lle suscita dúbidas esta formulación: «Isto parece difícil e escuro ¿con que forzas pulsionais traballamos? ¿con qué forzas pulsionais nos enfrentamos?»

Será necesario acudir ás formulacións derivadas da segunda tópica e da segunda teoría das pulsións para atopar luz nesta escuridade teórica. En *O eu e o iso* (1923 e tamén na XXXI conferencia de 1933) atoparanse moitas desas claves.

Factores que favorecen a cura psicanalítica

Ao preguntarse pola enerxía, capacidades e pulsións que se poden converter en aliados para o tratamento, cita Freud, en primeiro lugar, o desexo de curar do paciente (con todas as súas contradicións como xa vimos); en segundo lugar, a súa capacidade de comprensión intelixente das dimensións inconscientes e conscientes dos seus conflitos psíquicos, que reforzan as súas habilidades como tradutor do inconsciente en consciente, e, en terceiro e máis importante lugar, un novo e sinalado fenómeno clínico e teórico: a *transferencia*. Transferencia de sentimentos sobre a figura do terapeuta, que se produce sempre, habitualmente cun carácter idealizador da figura do psicanalista, e que contribúe moi favorablemente ao desenvolvemento do tratamento nas fases iniciais, aínda que posteriormente pode modificar o seu carácter e converterse en obstáculo, en resistencia á cura. Ambas as dúas polaridades, positiva e negativa, da transferencia reflicten a natural ambivalencia de sentimentos que preside os nosos lazos íntimos con outros seres humanos.

A transferencia actualiza así na relación analítica, a través da repetición sobre a figura do psicanalista de vinculacións prototípicas infantís, os conflitos que se atopan na orixe das neuroses. Constitúese así, na análise, o que chama Freud unha *neurose de transferencia*, a resolución da cal dirixe boa parte do traballo psicanalítico da cura. Este conflito actualizado e renovado permite, apoiándose no desexo de curar do paciente

que coexiste coas súas resistencias, progresos nos tratamentos, e, tamén, no cambio madurativo producido na persoa a respecto da época infantil en que se produciron os conflitos, que agora se traen ao presente por medio da transferencia. Daquela o eu era débil e infantil por completo e vía un grave perigo nas tensións libidinais que buscaban exteriorizarse. Agora o paciente acumula experiencia, o seu eu fortaleceuse e madurou, aínda que sexa en grao variable, e ademais dispón da axuda e apoio do psicanalista para afrontar de novo e en mellores condicións a solución dos seus conflitos anteriores, que seguen reflectíndose en síntomas actuais.

Indicacións da psicanálise

Esta abordaxe de análise e resolución é eficaz, segundo Freud, no caso das neuroses transferenciais: a histeria, a neurose de angustia, as chamadas por algúns autores neuroses depresivas, as neuroses obsesivo-compulsivas. Beneficianse tamén deste enfoque as neuroses de orixe traumática, a xestación das cales abordara Freud na súa teoría da angustia.

Pero atopa obstáculos moi importantes para o progreso da cura, aínda que non na comprensión e explicación de procesos, mecanismos e síntomas, no caso das chamadas neuroses narcisistas (manía, melancolía) e nas psicoses (delirantes e esquizofrenia), polas dificultades, e, ás veces, pola imposibilidade, de establecer unha relación transferencial co terapeuta, debida á propia investidura narcisista do seu conflito e pola ruptura ou severísima distorsión das pontes existentes coa realidade exterior, que impiden ou obstaculizan extraordinariamente, a potencialidade curativa que ofrece o traballo analítico a través da transferencia.

Mecanismos da cura

Abundando no mecanismo da cura, salienta o fundador da psicanálise que o neurótico é incapaz de gozar e producir —nos

distintos ámbitos de desenvolvemento persoal e coa variabilidade que acompaña a cada persoa—: non pode gozar porque a libido non está dirixida a ningún obxecto real e actual e non pode producir pola enerxía necesaria que gasta para manter a represión e a resistencia que a sostén. A tarefa da psicanálise, sería, de ser así, desvincular a libido das súas ataduras inconscientes, é dicir, dos síntomas que lle procuran satisfacción substitutiva, poñéndoa ao servizo do ámbito consciente do eu. Como xa se indicou, «para resolver os síntomas é necesario remontarse á súa xénese, ao conflito do que naceron», actualízalo e dirixilo a outro desenlace con axuda da transferencia, que se converte así nunha enfermidade construída na cura, na que os diversos conflitos e obxectos libidinais do pasado do suxeito converxen na relación analítica sobre a figura (fantaseada polo paciente) do psicanalista. Este ha conducir a cura de modo tal que a investidura libidinal, reelaborada no proceso, se desligue do analista e volva quedar ao dispor do eu do paciente, sen regresar aos seus obxectos anteriores inconscientes:

O traballo terapéutico pode dicirse que se divide en dúas fases: na primeira toda a libido (sintomática) é forzada a pasar dos síntomas á transferencia, e, na segunda, libérase a libido do novo obxecto (de amor e hostilidade) que é o terapeuta, disolvendo o mecanismo de represión para que a devandita libido non regrese ao inconsciente, e fiquen á libre disposición dun eu maduro.

Para logralo, o traballo analítico da interpretación fortalece o eu do paciente, que pode buscar no contexto da cura un modo de satisfacción aceptable para el, derivando, ademais, parcialmente a libido cara a metas ao servizo do ideal do eu, mediante a sublimación.

Finalidades básicas do tratamento psicanalítico

Di Freud, que canto máis coincida a cura psicanalítica co proceso descrito mellores serán os resultados, ou, dito doutro

modo, canto maior enerxía dispoñible lle quede á persoa para dedicala á capacidade de experimentar pracer —gozar— e producir —ou crear— maior poderá ser considerado o éxito da psicanálise.

En termos da 2ª tónica sinala na súa XXXI conferencia de 1933 que «o propósito da psicanálise é fortalecer o eu (a súa dimensión consciente), facelo máis independente do supereu, ensanchar o seu campo de percepción e ampliar a súa organización de maneira que poida apropiarse de novos fragmentos do iso».

Freud sintetiza o anterior nunha frase que se fixo célebre: «Onde iso era, o eu debe advir».

Digamos, para rematar, que segue sendo de amplo consenso no mundo psicanalítico a idea de que a mellor maneira de achegarse inicialmente ao coñecemento da psicanálise é a través da lectura e estudo crítico das *Conferencias de introdución á Psicanálise*.

Bibliografía

- ADORNO T. e DIRKS W. *Freud en la actualidad*. Barral Editores. Barcelona 1971.
- ASSOUN, P-L. *Freud, la filosofía y los filósofos*. Ediciones Paidós Ibérica, S. A. Barcelona 1982.
- ZIZEK, S, LAUTERI-LAURA, G. e outros. *Aspectos del Malestar en la Cultura*. Ediciones Manantial. Buenos Aires 1989.
- *Freud y las ciencias sociales*. Ediciones del Serbal. Barcelona 2003.
- BASTIDE, R. *Sociología y Psicoanálisis*. Compañía General Fabril Editora. S.A. Buenos Aires.
- BERCHERIE, P. *Génesis de los Conceptos Freudianos*. Ed. Paidós S.A.I.C.F. Buenos Aires 1988.
- BODEI, R. *El Dr. Freud y los nervios del alma*. Pre-textos. Valencia 2004.
- CERVANTES SAAVEDRA, Miguel de. *Obras Completas*. Aguilar. Tomo I. Santillana Ediciones Generales, S.L. Madrid 2003.
- CLAUCIER, P.S. *Freud*. Editorial Gedisa. Barcelona 1997.
- DAMASIO, A. R. *El error de Descartes*. Crítica. Grijalbo Mondadori. S.A. Barcelona 1996.
- DENIS, Paul. *Sigmund Freud*. Edit. Biblioteca Nueva S.L. Madrid 2003.
- EDELMAN, G.M. y TONONI, G. *El Universo de la conciencia*. Ed. Crítica S.L. Barcelona 2002.
- FENICHEL, O. *Teoría Psicoanalítica de las Neurosis*. Editorial Paidós S.A.I.C.F. 4ª Edición. Buenos Aires 1971.
- FREUD, Sigmund. *Epistolario 1873-1939*. Biblioteca Nueva. Madrid 1963.
- *Obras Completas*. 9 Tomos. Biblioteca Nueva. Madrid 1974.
- *Obras Completas*. 24 Tomos. Amorrortu. Buenos Aires 1981
- FREUD, E., FREUD, L., ILSE GRUBRICH-SIMITIS e EISSLER K.R. *Sigmund Freud*. Edit. Paidós S.A. S.A.I.C.F. Buenos Aires 1979.

- GAY, Peter. *Freud*. Ediciones Paidós Ibérica S.A. Barcelona 1989.
- GOLDBERG, E. *El cerebro ejecutivo*. Ed. Crítica. Barcelona 2002.
- GÓMEZ SÁNCHEZ, C. *Freud y su obra*. Biblioteca Nueva S.L. Madrid 2002.
- HESNARD A. *La obra de Freud*. Fondo de Cultura Económica. México 1972.
- JONES, Ernest, *Sigmund Freud. Vida y Obra*. 3 Tomos. Edit. Hormé. Buenos Aires 1979.
- KANDEL, E.R. *En busca de la memoria*. Katz Editores. Buenos Aires 2007.
- *Psiquiatría, psicoanálisis y la nueva biología de la mente*. Ars. Médica. Grupo Ars XXI de la Comunicación S.L. Barcelona 2007.
- LACAN, J. *Escritos I. Función y campo de la palabra y del lenguaje en psicoanálisis*. Siglo XXI editores S.A. México 1971.
- *Las formaciones del inconsciente*. Ediciones Nueva Visión. I. Buenos Aires 1971.
- *Los cuatro conceptos fundamentales del Psicoanálisis*. Ediciones Paidós Ibérica, S.A. Barcelona 1987.
- LAPLANCHE, J. e PONTALIS J. B. *Diccionario de Psicoanálisis*. Ed. Labor S.A. Barcelona 1971.
- LE GUERN, M. *La metáfora y la metonimia*. Ediciones Cátedra. Madrid 1976.
- LORÉN CAMARERO, J.A. *Teoría del Conocimiento y Pensamiento Psicoanalítico*. Ed. Promolibro. Valencia 2001.
- MANDOLINI GUARDO, R.G. *De Freud a Fromm. Hª General del Psicoanálisis*. Ed. Ciordia S.R.L. Buenos Aires 1969.
- MARCUSE, L. *Freud*. Alianza Editorial. Madrid 1969.
- MASOTTA, O. *Lecciones de Introducción al Psicoanálisis*. Vol. I Granica Editor. Barcelona 1977.
- MIRA, V., RUIZ, P., GALLANO, C. (eds.). *Conceptos Freudianos*. Ed. Síntesis. Madrid 2005.

- MULLER, J. Editor. Freud. Ed. Destino. Barcelona 1977.
- Revista de Psicoanálisis*. Junio 2006, nº 47. Asociación Psicoanalítica de Madrid. Madrid 2006.
- SÓFOCLES. *Edipo Rey*. Biblioteca Clásica. Ed. Gredos. Madrid 1981.
- VILLAMARZO, P.F. *Cursos Sistemáticos de formación psicoanalítica*. Vol. 1. Ediciones Marova S.L. Madrid 1987.
- WITTGENSTEIN, L. *Estética, psicoanálisis y religión*. Editorial Sudamericana S.A. Buenos Aires 1976.
- ZWEIG, S. *La curación por el espíritu*. Acantilado. Barcelona 2006.

CONFERENCIAS
DE INTRODUCCIÓN
Á PSICANÁLISE

NOTA DA TRADUTORA

Para esta tradución seguí o texto de *Vorlesungen zur Einführung in die Psychoanalyse*, S. Fischer Verlag, Frankfurt am Main (2ª ed., 2001).

O meu labor tentou respectar en todo momento o espírito do texto orixinal, que ten a súa xénese no propósito do autor de recoller por escrito, tal e como el mesmo explica no prólogo, as clases de aproximación á Psicanálise que impartiu durante dous semestres universitarios. Sendo, non obstante, a traizón intrínseca a toda tradución, cómpre recoñecer os factores que fan inevitable aquela.


As maiores dificultades no presente caso teñen a súa orixe nas naturezas tan diferentes da lingua alemana e calquera lingua románica. A precisión das palabras compostas do orixinal só pode traducirse en paráfrases das mesmas. Así, termos nucleares da obra freudiana como os relacionados cos actos falidos —*versprechen*, *verlesen*, *verhören*, *verlegen*— que se compoñen en alemán do verbo ao que afecta ao acto falido —*sprechen* ‘falar’, *lesen* ‘ler’, *hören* ‘ouvir’, *legen* ‘colocar’— e o prefixo *ver-* co contido semántico de ‘erro’, non sempre se atopan en galego baixo a forma dunha soa palabra, optando neste caso pola expresión *erro de* e perdendo así a unidade coa que o prefixo en común dota aos termos orixinais. A este tipo de dificultades e equivalencias máis ou menos forzadas, inherentes a todo proceso de tradución, engádense as derivadas da transcripción ao noso idioma dalgúns dos exemplos de actos falidos que Freud emprega para ilustrar as súas teorías, e que están inevitablemente vinculados coa lingua orixinal na que se formulan. Este, entre outros moitos, é o caso do lapsus linguae *Kornprinz* (Korn–Prinz ‘Príncipe do gran’) no canto de *Kronprinz* (Kron–Prinz ‘Príncipe herdeiro’), que só poderemos facer intelixibles por medio de

explicación en notas no pé da páxina, que leva sempre a indicación [N. da T.].

Por outra banda, este texto é fillo da época na que se redactou de forma explícita, é dicir, está cargado de referencias concretas a feitos hoxe históricos, a costumes locais, a unha forma de vida que nos resulta allea e para a que, polo tanto, non dispoñemos de palabras propias. En tales circunstancias, e sempre fuxindo de eventuais terxiversacións, intentouse aproximar este mundo estraño ao noso, apelándose cando se considerou preciso ás notas no pé para alumear, dentro do posible, moitos termos empregados no orixinal. Deuse este mesmo tratamento aos nomes propios e topónimos (*Hohe Markt* ‘Mercado alto’, *Stephanskirche* ‘Igrexa de Santo Estevo’,...), coa intención de conservar a atmosfera reinante nesta obra e que, en boa parte, vén xerada pola contextualización xeográfica da mesma. Todas aquelas expresións que Freud emprega noutros idiomas no seu texto conserváronse coa forma orixinal, traducíndose en notas no pé da páxina sempre que se considerou necesario para a súa intelixibilidade.

Mais, alén das dificultades citadas, cómpre tamén nomear ás persoas que axudaron a resolvelas. A Dra. Alicia Ansedo, Ronald Brouwer, Alexandra Delic, David Mair, Verena Schlag e o Prof. Dr. M. Noya respostaron con paciencia e exactitude ás miñas consultas, tanto lingüísticas coma científicas.

Finalmente, esta tradución non sería posible sen o interese, axuda e colaboración do Servizo de Publicacións da Universidade de Santiago de Compostela e o apoio da Fundación BBVA, que desenvolven un traballo inxente encamiñado a podermos disfrutar de textos fundadores do pensamento universal en lingua galega.



Sigmund Freud

PRÓLOGO

O que aquí publico como *Introducción á Psicanálise* non quere, de ningún xeito, competir coas exposicións de conxunto xa existentes sobre esta rama do saber (Hitschmann, *Freuds Neurosenlehre*, 2ª ed., 1913; Pfister, *Die psychoanalytische Methode*, 1913; Leo Kaplan, *Grundzüge der Psychoanalyse*, 1914; Régis et Hesnard, *La Psychoanalyse des névroses et des psychoses*, París 1914; Adolf F. Meijer, *De Behandeling van Zenuwzieken door Psycho-Analyse*, Amsterdam 1915).¹ É a reprodución fiel das clases que impartín nos dous semestres de inverno de 1915-16 e 1916-17 perante un auditorio mixto de médicos e profanos de ambos os sexos.

Todas as peculiaridades polas que este traballo chamará a atención do lector do libro explícanse a partir das condicións da súa xénese. Non foi posible durante a exposición salvar a fría serenidade dunha disertación científica; antes ben, o orador houbo de facer súa a tarefa de intentar que a atención dos espectadores non esmorecese durante conferencias de case dúas horas. A consideración do efecto inmediato fixo inevitable que o mesmo asunto atopara un dobre tratamento, por exemplo unha primeira vez no contexto da interpretación dos soños e máis adiante no dos problemas das neuroses. A disposición do material implicou tamén que algúns temas importantes, como por exemplo o do inconsciente, non puidesen ser desenvolvidos exhaustivamente en continuidade, senón que fosen retomados en repetidas ocasións e logo abandonados, ata que xurdía unha nova oportunidade de engadir algo para o seu coñecemento.

Quen estea familiarizado coa bibliografía psicanalítica atopará pouco nesta *Introducción* que non coñecera por outras publicacións moito máis completas. Pero a necesidade de arredondar e condensar o material obrigou ao autor a recorrer en determinadas pasaxes (a etioloxía da angustia, as fantasías históricas) á información inédita ata agora.

Freud

Viena, na primavera de 1917

¹ Títulos citados en alemán, francés e holandés respectivamente no orixinal [N. da T.]

PRIMEIRA PARTE
OS ACTOS FALIDOS

Introdución

Ignoro, miñas donas e meus señores, cantos de vostedes coñecen, polas súas lecturas ou de oídas, a psicanálise. Pero eu estou obrigado polo título do meu seminario *–Introdución Elemental á Psicanálise–* a tratalos como se non soubesen nada e precisasen unha primeira instrución.

Así e todo podo presupor que saben que a psicanálise é un procedemento para tratar medicamente enfermos nerviosos e, polo tanto, podo darlles un exemplo de como se procede neste ámbito de xeito diferente, a miúdo oposto, a respecto das demais ramas da Medicina. Cando sometemos un enfermo a unha técnica nova para el, por regra xeral reduciremos as súas queixas sobre a mesma asegurándolle o éxito do tratamento. Creo que estamos autorizados a facelo, xa que por medio dun comportamento así incrementamos as probabilidades de éxito. Pero cando sometemos un neurótico a tratamento psicanalítico, procedemos dun xeito diferente. Confrontámolo coas dificultades do método, coa súa duración, cos esforzos e sacrificios que custa e, no que se refire ao éxito, dicímoslle que non podemos prometerlle con total seguridade que este dependa do seu comportamento, da súa comprensión, da súa ductilidade e da súa perseveranza. Naturalmente, temos bos motivos para adoptar unha conduta, en aparencia tan ilóxica, que tal vez vostedes alcancen a comprender máis adiante.

Agora pídolles que non se ofendan se os trato de xeito similar aos enfermos neuróticos. En realidade desaconséllolles que veñan a escoitarme unha segunda vez. Con tal propósito voules presentar as imperfeccións que necesariamente van unidas á aprendizaxe da psicanálise, e as dificultades que se opón á adquisición dun xuízo propio. Vou amosarlles como a orientación da súa formación e os seus hábitos de pensamento terían que

convertelos inevitablemente en inimigos da psicanálise, e todo o que terían que superar para dominar este antagonismo instintivo. Naturalmente non podo predicirlles que grao de comprensión da psicanálise adquirirán a partir das miñas conferencias, pero si podo prometerlles que escoitalas non lles ensinará a efectuar un recoñecemento psicanalítico, ou a levar a cabo un tratamento deste tipo. Se houberse alguén entre vostedes que non se sentise satisfeito cun coñecemento fugaz da psicanálise, senón que quixese establecer unha relación duradeira con ela, non só llo desaconsellaría, senón que o poría sobre aviso. Tal e como se presenta a situación na actualidade, por medio de semellante elección profesional frustraría calquera posibilidade de éxito nunha universidade e, cando se incorporase á vida como médico en prácticas, atoparíase nunha sociedade que non entende os seus esforzos, que o contempla con desconfianza e hostilidade, e que ceiba todas as súas malvadas e receosas pantasma contra el. Tal vez poidan facer unha valoración aproximada do número e importancia destas pantasma a partir dos síntomas e efectos de terrible violencia que acompañan á guerra que asola actualmente a Europa.

Así e todo, hai persoas para as que todo novo coñecemento presenta un atractivo malia estes inconvenientes. Se algúns de vostedes pertencen a este grupo e, facendo caso omiso das miñas advertencias, aparecen a próxima vez aquí, serán benvidos. Pero todos teñen o dereito de saber cales son as dificultades inherentes á psicanálise.

A continuación falareilles das dificultades da instrución, da ensinanza da psicanálise. Nas clases de Medicina acostumáronos a ver. Ven o preparado anatómico, o precipitado na reacción química, a contracción dos músculos debida á excitación dos seus nervios. Máis adiante lles amosan directamente os enfermos, os síntomas da súa afección, o produto do proceso patolóxico e, en moitos casos, os axentes patóxenos da enfermidade en condicións de illamento. Nas materias de Cirurxía convér-

tense en testemuñas das operacións coas que se presta axuda ao enfermo, e teñen a posibilidade de levalas vostedes mesmos a cabo. Incluso na Psiquiatría as manifestacións da doenza por medio de alteracións na xestualidade do enfermo, na súa linguaxe e no seu comportamento, proporciónanlles un amplo conxunto de datos que lles causa unha profunda impresión. Así, o profesor de Medicina xoga predominantemente o papel de guía e intérprete que os acompaña por un museo, mentres vostedes establecen unha relación inmediata cos obxectos, e cren adquirir a convicción sobre a existencia dos novos feitos a través da súa propia percepción.

Desgraciadamente, todo é distinto na psicanálise. O tratamento analítico límitase a un intercambio de palabras entre o analizado e o médico. O paciente fala, narra vivencias pasadas e impresións presentes, quéixase, confesa os seus desexos e os seus impulsos emocionais. O médico escoita, tenta dirixir os seus procesos mentais, exhorta, orienta a súa atención en determinadas direccións, faille aclaracións e observa as reaccións de comprensión ou de rexeitamento que provoca no enfermo. Os familiares dos nosos enfermos sen unha formación axeitada, —aos que só lles infunde respecto o visible e o tanxible, ao estilo do que ven nas pantallas do cinematógrafo—, non perden a oportunidade de manifestar as súas dúbidas sobre a posibilidade de que “alguén poida conseguir algo contra a enfermidade por medio de simples palabras”. Este xuízo é tan insensato coma inconsecuente. Estas persoas son as mesmas que saben con absoluta seguridade que os enfermos “só imaxinan” os seus síntomas. As palabras foron na súa orixe maxia e conservan aínda hoxe moito do seu antigo poder feiticeiro. Con palabras un home pode facer feliz aos outros, ou levalos á desesperación, con palabras o mestre transmite o seu coñecemento aos alumnos, con palabras arrastra o orador á asemblea de oíntes e determina os seus xuízos e decisións. As palabras convocan afectos e son o medio xeral para os homes influíren uns nos

outros. Non pretendamos, pois, subestimar o uso das palabras na Psicoterapia e deámonos por satisfeitos de podermos asistir ao intercambio de palabras entre o analista e o seu paciente.

Pero isto tampouco podemos facelo. A conversa na que se fundamenta o tratamento psicanalítico non tolera óntes; non permite ser amosada. Naturalmente, tamén podemos presentar un neurasténico ou un histérico aos alumnos no transcurso dunha lección de Psiquiatría. Falaría sobre as súas queixas e síntomas, pero sobre nada máis. A información da que precisa a análise só a proporcionará baixo as condicións dun vínculo emocional especial co médico; enmudecería en canto notase a presenza dunha soa testemuña que lle fose indiferente, xa que esta información se refire ao máis íntimo da súa vida psíquica, todo o que, coma persoa socialmente independente, ten que ocultar aos demais e, nunha acepción máis ampla, todo o que el, coma personalidade unitaria, non se quere confesar a si mesmo.

Polo tanto vostedes non poden asistir a un tratamento psicanalítico. Só poden oír falar del, e coñecerán a psicanálise só de oídas, no sentido máis estrito da expresión. Por medio desta instrución, en certa forma de segunda man, acadarán, en condicións bastante inusuais, a formación dun xuízo. Todo depende evidentemente da credibilidade que lle poidan outorgar ao informante.

Partan do presuposto de que non están nunha clase de Psiquiatría, senón de Historia, e que o conferenciante lles fala da vida e empresas bélicas de Alexandre Magno. Qué motivos terían vostedes para crer na veracidade das súas afirmacións? A primeira vista, o estado de cousas semella ser aínda máis desfavorable ca no caso da psicanálise, xa que o catedrático de Historia, ao igual ca vostedes, non foi partícipe das fazañas bélicas de Alexandre; cando menos o psicanalista lles informa sobre cousas nas que el mesmo xogou un papel. Pero agora é a quenda do que certifica as palabras do historiador. Pode remitirse aos informes de antigos escritores que foron contemporáneos

ou estiveron máis preto dos feitos cuestionables, como aos libros de Diodoro, Plutarco e Arriano entre outros; pode amosarlles reproducións das moedas e estatuas conservadas do rei, e presentarlles unha fotografía do mosaico pompeiano da batalla de Issos. En sentido estrito estes documentos só demostran que xeracións anteriores xa creron na existencia de Alexandre e na realidade dos seus feitos, e neste punto deberían aplicar de novo o seu espírito crítico. Este atoparía que non todo o dito sobre Alexandre é verosímil, ou demostrable nos seus detalles, pero eu non podo supor que vostedes abandonasen a sala de conferencias dubidando da realidade de Alexandre Magno. A súa decisión estaría determinada esencialmente por dúas consideracións: en primeiro lugar, que o conferenciante non ten ningún motivo imaxinable para lles expor como real algo no que el mesmo non cre e, en segundo lugar, que todos os libros de Historia ao alcance expón os feitos dun xeito semellante. Cando, máis adiante, emprendesen o exame das fontes máis antigas, terían idénticos factores en consideración, os posibles motivos dos informantes e a concordancia dos seus testemuños. O froito do exame sería de certo tranquilizador no caso de Alexandre, probablemente non sucedería o mesmo cando se tratase de personalidades como Moisés ou Nemrod. En ocasións posteriores recoñecerán con claridade dabondo as dúbidas que lles podan xurdir con respecto á credibilidade do relato dun psicanalista.

Agora teñen vostedes dereito a formular a seguinte pregunta: se non hai unha certificación obxectiva da psicanálise, e ningunha posibilidade de demostrala, ¿como podemos estudar a psicanálise e convencernos da veracidade das súas afirmacións? Esta aprendizaxe non é, en efecto, doada, e ademais non moitas persoas asimilaron a psicanálise de forma axeitada pero, naturalmente, hai un camiño transitible. A psicanálise apréndese en primeiro lugar en carne propia, por medio do estudo da propia personalidade. Non é exactamente o que se ten dado en chamar autoobservación, pero pódese adscribir a esta en caso de necesi-

dade. Hai toda unha serie de fenómenos psíquicos moi frecuentes e xeralmente coñecidos que se poden converter en obxecto da psicanálise logo dunha instrución sobre a técnica. Neles atoparemos a explicación buscada sobre a realidade dos procesos que describe a psicanálise e a exactitude da súa interpretación. Mais por esta vía se lle impón certos límites aos avances. Chégase moito máis lonxe se nos deixamos analizar por un analista experto, experimentando os efectos da análise no propio *eu* e aproveitando a oportunidade para escoitar del a técnica máis sutil do proceso. Por suposto, este camiño extraordinario é só transitible para unha única persoa, e nunca para toda unha clase.

Eu non podoo responsabilizar á psicanálise, debo responsabilizalos a vostedes, os meus oíntes, dunha segunda dificultade en tanto en canto realizaron ata o momento estudos médicos. A súa formación imprimiu na súa actividade intelectual unha determinada dirección que se afasta moito da psicanálise. Habituéronos a fundarnos en causas anatómicas as funcións do organismo e as súas alteracións, para explicalas química e fisicamente e para aprehendelas bioloxicamente, pero o seu interese nunca foi orientado cara a vida psíquica, aínda que nela culmine o traballo deste marabilloso e complicado organismo. Por esta razón permaneceu allea a vostedes unha forma de pensamento psicolóxico, e acostumáronse a contemplala con desconfianza, a negarlle o carácter científico e a deixala nas mans dos profanos, poetas, filósofos naturais e místicos. Esta limitación implica con seguridade un prexuízo para a súa actividade médica, xa que o enfermo lles vai manifestar en primeiro lugar, como é norma nas relacións humanas, a súa fachada psíquica, e temo que vostedes sexan sometidos ao castigo de deixar en mans de médicos leigos, curandeiros e místicos unha parte da influencia terapéutica á que aspiran.

Non nego a desculpa que se debe admitir para esta carencia da súa formación. Falta a ciencia filosófica auxiliar, que podería ser de utilidade para as súas intencións médicas. Nin

a Filosofía especulativa nin a Psicoloxía descritiva, ou a así chamada Psicoloxía experimental que, como lles ensinan nas escolas, entronca coa Fisioloxía dos sentidos, están en condicións de dicirlles algo útil sobre a relación entre o corporal e o psíquico, nin de darlles en man a clave para a comprensión dunha posible alteración das funcións psíquicas. Non obstante, a Psiquiatría ocúpase deste ámbito dentro da Medicina, de describir as disfuncións observadas na psique e de agrupalas en cadros clínicos, pero en determinados momentos incluso os psiquiatras dúbidan de que as súas exposicións puramente descritivas teñan merecido o nome de ciencia. Os síntomas que agrupan a estes cadros clínicos son descoñecidos na súa orixe, no seu mecanismo e nos seus vínculos recíprocos; non se corresponden con alteracións comprobables do órgano anatómico da psique, ou con aquelas para as que non se pode atopar explicación. Estas alteracións psíquicas están só abertas a unha influencia terapéutica cando permiten ser recoñecidas coma efectos secundarios doutra afección orgánica.

Este é o baldeiro que a psicanálise se esforza por encher. Quere darlle á Psiquiatría a base psicolóxica perdida, espera descubrir o terreo común que fará intelixible o encontro da alteración corporal e psíquica. Con este fin debe liberarse dos presupostos de natureza anatómica, química ou fisiolóxica alleos a ela, traballar exclusivamente con termos auxiliares psicolóxicos, e temo que isto lles pareza, inicialmente, estraño.

Non quero culpabilizalos a vostedes, á súa formación ou á súa actitude, da seguinte dificultade. Dúas son as afirmacións da psicanálise que ofenden ao mundo enteiro e atraen o seu rexeitamento; unha delas contravén un prexuízo intelectual, a outra un prexuízo estético-moral. Non menosprecen estes prexuízos; son cuestións importantes, reflexos de evolucións útiles, mesmo necesarias, da humanidade. Están defendidos por fortes correntes afectivas, o que dificulta enormemente loitar contra eles.

A primeira destas desagradables afirmacións refire que os procesos psíquicos son en si e para si mesmos inconscientes, e que os conscientes son meros actos illados do conxunto da vida psíquica. Lembren que nós, pola contra, estamos acostumados a identificar o psíquico co consciente. A consciencia pasa para nós por ser o carácter definitorio do psíquico, e a Psicoloxía a aprendizaxe dos contidos da consciencia. Esta equivalencia seméllanos tan evidente que cremos atopar en calquera afirmación que a contradiga un contrasentido manifesto, e non obstante a psicanálise non pode menos que expor esta contradición, non pode aceptar a identidade do consciente e do psíquico. A súa definición do psíquico declara que se trata de procesos do tipo de sentir, pensar, querer, e sostén que hai un pensamento inconsciente e unha vontade descoñecida. Pero ao facelo perde dende un principio a simpatía de todos os amigos do cientifismo sensato, e sométese á sospeita de ser unha doutrina esotérica e fantasiosa que quixera construír nas tebras e pescar nas augas revoltas. Vostedes, os meus oíntes, non poden, naturalmente, entender aínda con que dereito interpreto eu como un prexuízo unha frase de natureza tan abstracta como a de que “O psíquico é o consciente”. Tampouco poden adiviñar que proceso conduciu á negación do inconsciente, no caso de que existira un proceso tal, e que vantaxe pode resultar desta negación. Soa a controversia baldeira, debater se o psíquico coincide co inconsciente ou se debera estenderse máis alá, e aínda así eu podo asegurarlles que coa aceptación de procesos psíquicos inconscientes se iniciou unha nova orientación, decisiva para o mundo e a ciencia.

Tampouco poden vostedes enxergar a conexión íntima que vincula esta primeira ousadía da psicanálise coa segunda, que mencionamos a continuación. A segunda frase que a psicanálise consagra como un dos seus resultados contén a afirmación de que os impulsos instintivos, que soamente se poden denominar sexuais tanto en sentido estrito coma en sentido amplo, xogan un papel extremadamente importante, e que ata agora non foi

suficientemente valorado, no desencadeamento das enfermidades nerviosas e mentais. E aínda máis, que os mesmos impulsos sexuais interveñen, nunha proporción que non debe ser subestimada, nas máis elevadas creacións culturais, artísticas e sociais da mente humana.

Segundo a miña experiencia a aversión cara a este resultado da investigación psicanalítica é a fonte máis significativa da resistencia coa que topou. Queren saber como nos explicamos isto? Cremos que a cultura se xerou baixo o estímulo das necesidades vitais e a costa da satisfacción dos instintos, e que en gran parte será creada de novo do mesmo xeito, na medida en que cada individuo que entra de novas na comunidade humana repite o sacrificio da satisfacción dos instintos a prol da colectividade. Entre as tan manidas forzas instintivas, os impulsos sexuais xogan un papel significativo; así son sublimados é dicir, apartados dos seus obxectivos sexuais e dirixidos cara a outros de máis elevado nivel social, e xa non de natureza sexual. Pero esta construción é inestable, os instintos sexuais son dificilmente refreables, para cada individuo que se una ao labor cultural xorde o perigo de negarlle este uso aos seus instintos. A sociedade non ve unha ameaza meirande para a súa cultura que a que resulta da liberación dos instintos sexuais e do retorno aos seus obxectivos orixinais. Á sociedade non lle gusta polo tanto que lle lembren este espiñento aspecto da súa orixe, non ten ningún interese en que se recoñeza a forza dos instintos sexuais, nin en que se aclare o significado da vida sexual de cada quen. Cunha intención educativa seguiu moito máis o camiño de desviar a atención deste ámbito. Por esta razón non tolera o xa mencionado resultado da investigación da psicanálise, e preferiría estigmatizalo como esteticamente repulsivo, socialmente reprochable, ou como perigoso. Pero reproches desta índole non afectan en nada ao resultado supostamente obxectivo dun traballo científico. Esta controversia debe ser trasladada ao ámbito intelectual se se quere facer pública. Por outra banda, é inherente á nature-

za humana a tendencia a considerar incorrecto o que non gusta, e polo tanto é sinxelo atopar argumentos en contra. A sociedade converte entón o desagradable en incorrecto, impugna as verdades da psicanálise con argumentos lóxicos e obxectivos pero que proveñen de fontes afectivas, e mantén estas obxeccións coma prexuizos contra os intentos de refutación.

Pero nós podemos afirmar, miñas damas e meus señores, que non seguimos ningunha tendencia ao formularmos cada unha das nosas frases de protesta. Só queriamos darlle forma a unha realidade, que cremos ter recoñecida por medio dun traballo laborioso. Agora apelamos ao dereito de rexeitar a inxerencia de tales consideracións prácticas no traballo científico, incluso antes de investigar se o receo que nos queren ditar tales consideracións está ou non xustificadas.

Estas serían tan só algunhas das dificultades que se opón á súa actividade coa psicanálise. Quizais sexa máis ca dabondo para comezar. Cando vostedes poidan superar o seu efecto, continuaremos.

Os actos falidos

Miñas damas e meus señores, non empezaremos con suposicións, senón cunha investigación. Como obxecto da mesma escollemos determinados fenómenos que son moi frecuentes e moi coñecidos e moi pouco apreciados, e que polo tanto non teñen ningunha relación con enfermidades, xa que poden ser observados en moitas persoas sas. Estes son os chamados *actos falidos*² do home, como cando alguén quere dicir algo e emprega outra palabra no seu lugar, o *lapsus linguae*³, ou cando lle sucede o mesmo ao escribir, do que pode decatarse ou non; ou cando alguén le nun texto impreso ou manuscrito algo distinto do que aparece no mesmo, o *erro de lectura*⁴; o mesmo que cando alguén escoita algo diferente ao que se lle dixo, o *erro de entendemento*⁵, naturalmente sen contemplar unha distorsión da súa capacidade auditiva. Outra serie de fenómenos semellantes teñen como base o *esquecemento*⁶, pero non un esquecemento duradeiro, senón transitorio, por exemplo cando alguén non pode atopar un *nome*, que non obstante coñece e recoñece de xeito regular, ou cando esquece levar a cabo un *propósito*, do que se lembra máis tarde é dicir, que esqueceu só nun momento determinado. Nunha terceira serie suprímese esta condición

² De entre as diferentes posibilidades de equivalencia do alemán *Fehlleistung* (*acto frustrado*, *acto errado*, *acto falhado* en portugués europeo e *ato falho* en portugués do Brasil) preferimos *acto falido*, primeiro por respectar a tradición do noso contorno científico (*acto fallido* en castelán, *faulty action* en inglés); en segundo lugar pola existencia do verbo *fallir* en diferentes repertorios léxicos do galego —cun estatuto de existencia e uso similar ao que ten en castelán ou portugués—, e, finalmente, por vir incluída a forma e acepción específica *acto falido* ('acción equivocada atribuíble á desatención da persoa ou ao azar, que a psicanálise considera como expresión dun conflito inconsciente por un desexo reprimido') no *Diccionario galego de termos médicos*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 2002, revisado e avaliado polo Seminario de Lexicografía da Real Academia Galega [N. da T.]

³ *Versprechen* no orixinal [N. da T.]

⁴ *Verlesen* no orixinal [N. da T.]

⁵ *Verhören* no orixinal [N. da T.]

⁶ *Vergessen* no orixinal [N. da T.]

do temporal, por exemplo no *extravío*⁷, cando alguén coloca un obxecto nalgunhas e logo non pode atopalo, ou cando o perde⁸. Neste caso preséntase un esquecemento ao que tratamos de forma distinta a outro esquecemento do que nos asombramos ou polo que nos enfadamos, na vez de atopalo comprensible. A estes casos súmanse outros fenómenos que podemos chamar erros nos que sae de novo á luz o seu carácter temporal, na medida en que durante un período de tempo se cre algo que, antes e despois do mesmo, sabemos que é diferente. Engádense tamén moitos fenómenos similares baixo distintos nomes.

Todos estes son incidentes cuxo parentesco interno atopa expresión no feito de que os nomes cos que os cualificamos teñen en común o prefixo *ver-*⁹, case todos dunha natureza pouco relevante, a maioría de existencia pasaxeira, sen moito significado nas vidas das persoas. Só en raras ocasións cobra algún deles, coma a perda de obxectos, certa importancia práctica. Por esta razón tampouco se lles presta moita atención, despertando soamente afectos de escasa intensidade.

Para estes fenómenos quero apelar agora á súa atención. Aínda que vostedes obxectarán desgustados: “Hai enigmas fascinantes tanto no mundo como na estreitura da vida psíquica, tantas milagres no ámbito das alteracións psíquicas, que reclaman e merecen aclaración, que parece realmente intencionado desbaldir traballo e interese en tales miudezas. Cando vostede poida facernos entender como un home, con ollos e oídos sans, á luz do día, pode ver e oír cousas que non hai, por que outro home se cre perseguido de súpeto por aqueles que ata o momento eran os seus seres máis queridos, ou defende co máis perspicaz razoamento alucinacións que a calquera neno lle parecen insensatas, entón poderíamos respectar a psicanálise,

⁷ *Verlegen* no orixinal [N. da T.]

⁸ *Verlieren* no orixinal [N. da T.]

⁹ Freud refírese aquí aos termos en alemán *Ver-sprechen, Ver-lesen, Ver-hören, Vergessen, Ver-legen e Ver-lieren* [N. da T.]

pero se esta non pode facer outra cousa que entreternos co porque de que un orador diga unha palabra no canto doutra, ou de que unha ama de casa extravíe as súas chaves, e miudezas semellantes, entón nós investiremos mellor o noso tempo e o noso interese.”

Eu contestaríalles: “¡Paciencia, miñas donas e meus señores!” Opino que a súa crítica non está ben encamiñada. É verdade que a psicanálise non pode gabarse de non se ter ocupado nunca de miudezas. Pola contra, o seu material de observación o constitúen habitualmente aqueles sucesos insignificantes que as outras ciencias deixan de lado por fútiles, por así dicilo os restos do mundo fenomenolóxico. ¿Non están confundindo vostedes na súa crítica a magnificencia dos problemas coa vistosidade dos seus indicios? ¿Non hai moitas cousas significativas que, baixo determinadas circunstancias e en determinados momentos, só se poden descubrir por medio de indicios bastante febles? Podería mencionarlles con facilidade varias situacións deste tipo. ¿A partir de que indicios insignificantes conclúen vostedes, especialmente os xoves, que conseguiron o afecto dunha dama? ¿Esperan unha declaración de amor en toda regra ou unha aperta apaixonada, ou lles chega unha ollada a penas distinta ás demais, un movemento fugaz, a prolongación momentánea dun apertón de mans? E se participan como criminólogos na investigación dun asasinato, esperan realmente encontrarse con que o asasino deixou a súa fotografía acompañada da dirección no lugar dos feitos, ou contentaranse necesariamente con pegadas máis débiles e imprecisas da personalidade buscada? Non subestimemos, polo tanto, os pequenos indicios; quizais se logre descubrir algo meirande a partir deles. Polo demais eu penso, como vostedes, que os grandes problemas do mundo e da ciencia deben ter prioridade no noso interese. Pero a maioría das veces serve de moi pouco manifestar en voz alta o gran propósito de adicarse á investigación deste ou daquel gran problema. A miúdo non sabemos cara a onde debemos dirixir o

seguinte paso. No traballo científico é máis lóxico abordar o que se ten diante en cada momento e cunha investigación viable. Se facemos isto de xeito minucioso, sen suposicións nin esperanzas, e se temos sorte, pode suceder que, debido á relación que une o todo co todo, tamén o pequeno co grande, teñamos acceso a partir dun traballo tan pouco pretencioso ao estudo dos grandes problemas.

Así falaría eu para reter o seu interese polo tratamento dos en apariencia fútiles actos falidos das persoas sas. Agora recorreremos a calquera persoa allea á psicanálise, e preguntarémoslle como se explica a existencia de tales feitos.

Seguro que primeiro responde “Iso non merece unha explicación; son pequenas continxencias.” ¿Que quere dicir con iso? ¿Quere afirmar que aínda hai acontecementos tan insignificantes que quedan fóra da concatenación da fenomenoloxía universal que o mesmo poderían terse producido como non? Cando alguén malgasta así, dunha soa vez, o determinismo natural, bota por terra toda a concepción científica do mundo. Neste caso débesele facer ver canto máis consecuentemente se conduce a concepción relixiosa do mundo cando asegura enerxicamente que nin un so pardal cae dun tellado sen a vontade especial de Deus. Creo que o noso amigo non quere deducir a consecuencia da súa primeira resposta, transixirá e dirá que non obstante, cando estuda estes fenómenos lles atopa explicación. Que se trata de pequenas desviacións da función, de imprecisións do rendemento psíquico cunhas condicións doadamente determinables. Unha persoa que normalmente fala con corrección pode trabucarse ao facelo 1) Se está lixeiramente indisposto e fatigado, 2) Se está sobreexcitado, 3) Se está fortemente absorbido por outras cuestións. É doado confirmar estes datos. O lapsus linguae preséntase con especial asiduidade cando estamos fatigados, cando temos dor de cabeza ou cando nos atopamos ante unha migraña. Nestas mesmas circunstancias prodúcese con facilidade o esquecemento de nomes propios. Algunhas

persoas están acostumadas a recoñecer no esquecemento dos nomes propios a proximidade das migrañas. Coa excitación confúndense a miúdo as palabras, pero tamén as cousas, “entendemos mal”, e o esquecemento de propósitos, así como o de moitas outras accións non intencionadas, faise particularmente frecuente cando estamos dispersos é dicir, cando en realidade estamos concentrados noutra cousa. Un exemplo coñecido de tal dispersión é o do catedrático das *Fliegende Blätter*¹⁰, que abandona o seu paraugas e confunde o seu sombreiro con outro porque está a pensar nos problemas que vai tratar no seu próximo libro. Cada un de nós coñece exemplos de como pode esquecer propósitos que concibira, promesas que fixera, porque entrementes experimentou algo que o absorbeu fortemente.

Isto semella bastante comprensible e inmune a calquera obxección. Quizais non sexa moi interesante, non tanto como esperabamos. Analicemos con lupa estas explicacións dos actos falidos. As condicións indicadas para teren lugar estes fenómenos non gardan semellanza entre si. A indisposición e os trastornos circulatorios proporcionan un fundamento fisiolóxico para a mingua das funcións normais; a excitación, a fatiga, a distracción son factores doutro tipo aos que poderíamos chamar psicofisiolóxicos. Estes últimos permiten traducirse con facilidade en teoría. Tanto por medio da fatiga como da distracción, quizais tamén da excitación xeral, ocasiónase unha dispersión da atención que pode ter como consecuencia que se lle adique pouca atención ao traballo en cuestión. Entón pode que este traballo se leve a cabo de xeito lixeiramente alterado e impreciso. Unha leve enfermidade, unha modificación do subministro sanguíneo no órgano nervioso central poden ter o mesmo efecto, influíndo dunha forma similar sobre o factor determinante, a dispersión da atención. Trataríase entón en todos os casos dos

¹⁰ ‘Follas voadoras’, semanario humorístico alemán [N. da T.]

efectos dunha alteración da atención, tanto por causas orgánicas coma psíquicas.

Neste caso semella non existir gran cousa de interese psicanalítico, e poderíamos sentirnos tentados a abandonar de novo o tema. En efecto, se nos achegamos máis ás observacións, veremos que non todo concorda con esta teoría da atención dos actos falidos ou, cando menos, non se deriva dela de forma natural. Sabemos que tales accións falidas e esquecementos aparecen tamén en persoas que non están fatigadas, distraídas ou sobreexcitadas, senón que se atopan no seu estado normal en todos os sentidos, pode ser entón que se lle queira asignar aos afectados polos actos falidos certa sobreexcitación *a posteriori* na que, non obstante, eles mesmos non se recoñecen. Tampouco pode suceder tan facilmente que un acto sexa avalado polo incremento da atención dirixida ao mesmo, e posto en perigo pola redución da mesma. Hai unha gran cantidade de tarefas que se completan de forma puramente automática, cunha escasa atención e que, porén, se executan con moita seguridade. O paseante, que apenas sabe onde vai, segue o camiño correcto, e párase nas metas sen *desviarse*. Cando menos esta é normalmente a súa opinión. O pianista exercitado pulsa, sen pensar nisto, as teclas correctas. Naturalmente pode trabucarse unha vez, pero se a interpretación automática incrementou o perigo de trabucarse, o virtuoso, cunha interpretación que se fixo automática a través de moita práctica, tiña que estar exposto a este perigo. Vemos, pola contra, que moitos actos saen ben con seguridade cando non son obxecto dunha atención especialmente elevada, e que a adversidade do acto falido pode aparecer xustamente cando se presta moita atención á execución correcta, polo tanto, é seguro que non ten lugar un desvío da atención. Pódese dicir neste caso que é o efecto da “sobreexcitación”, pero non entendemos por que a sobreexcitación non incrementa moito máis a proporción de atención ao proxectado con tanto interese. Que, durante un discurso importante ou nunha negociación verbal, alguén diga,

debido a un lapsus linguae, o contrario do que proxectaba dicir apenas pode explicarse por medio da teoría psicofisiolóxica ou da atención.

Ademais, no caso dos actos falidos hai moitos pequenos fenómenos secundarios que non se entenden e que tampouco se achegaron máis a nós por medio das explicacións proporcionadas ata agora. Cando, por exemplo, esquecemos temporalmente un nome, enfadámonos, queremos lembralo por calquera medio e non podemos desistir deste empeño. ¿Por que a persoa enfadada logra en tan contadas ocasións dirixir a súa atención á palabra que ten, como ela di, “na punta da lingua”, e que recoñece de contado cando é pronunciada ante ela? Hai casos nos que os actos falidos se multiplican, encadéanse uns aos outros, e substitúense entre si. A primeira vez esqueceuse unha cita; a seguinte vez, para a que se marcou o obxectivo de non esquecerla, resulta que por erro se anotou outra hora. Téntase lembrar por medio de arrodeos unha palabra esquecida, entón esquécese un segundo nome que podería ter sido de axuda na procura do primeiro. Cando nos adicamos a este segundo nome, esquécese un terceiro, e así sucesivamente. O mesmo pode suceder, como é sabido, coas erratas, que poden ser concibidas coma actos falidos do linotipista. Parece que nunha ocasión unha errata das persistentes se infiltrou nun xornal socialdemócrata. No relato de certa festividade podía lerse: Entre os presentes contábase tamén a súa Alteza o Príncipe *do gran*¹¹. Ao día seguinte tentouse unha corrección. O xornal desculpábase e escribía: Naturalmente tería que rezar o Príncipe *do nu*¹². En tales casos adoita falarse do diaño das erratas, do trasno das caixas de imprenta e cousas polo estilo, expresións que, en todo caso, proveñen da teoría psicofisiolóxica da errata.

¹¹ No orixinal *Kornprinzen* ‘Príncipe do gran’, que resulta da substitución de *Krone* ‘coroa’ por *Korn* ‘gran’ no vocábulo *Kronprinz* ‘Príncipe herdeiro’ [N. da T.]

¹² No orixinal *Knorprinzen* ‘Príncipe do nu’, que resulta da substitución de *Krone* ‘coroa’ e *Knorren* ‘nu’ no vocábulo *Kronprinz* ‘Príncipe herdeiro’ [N. da T.]

Eu tampouco sei se é de vostedes coñecido que o *lapsus linguae* pode provocarse ou, por así dicilo, invocarse por medio da suxestión. Ao respecto existe a seguinte anécdota: nunha ocasión, cando se lle confiou en *A doncela de Orleáns* a un actor novato o importante papel de anunciar ao Rei que o Condestable devolvía a súa espada, un actor que facía de cabaleiro gastou a broma, repetidas veces durante os ensaios, de facerlle dicir ao principiante “O Confortable¹³ devolve o seu cabalo¹⁴” no canto do texto orixinal, e alcanzou o seu propósito. Na representación o infeliz debutou con esta noticia cambiada, aínda que fora advertido dabondo deste perigo, ou xustamente por iso.

Todos estes pequenos riscos dos actos falidos non se aclaran precisamente por medio da teoría da desviación da atención. Pero non por iso ten que ser falsa tal teoría. Quizais lle falte algo, un complemento, para ser plenamente satisfactoria. Non obstante, algúns dos actos falidos poden ser contemplados aínda dende outra perspectiva.

Extraíamos de entre os actos falidos o máis axeitado para os nosos propósitos, o *lapsus linguae*. Tamén poderíamos escoller o *erro de escritura* ou o *de lectura*. Neste caso debemos dicirmos por unha vez que, ata agora, só nos preguntamos cando, baixo que circunstancias nos trabucamos ao falar, e que só recibimos unha resposta a esa pregunta. Pero tamén podemos orientar de forma diferente o noso interese, ao querermos saber por que ao falar nos trabucamos deste xeito, e de ningún outro; podemos tomar en consideración o que revela o *lapsus linguae*. Vostedes saben que ata que non se responda esta pregunta, ata que non se aclare o efecto do *lapsus linguae*, o fenómeno considerárase unha casualidade dende a súa perspectiva psicolóxica, aínda que atopara unha explicación fisiolóxica. Se eu me trabucara ao falar, podería trabucarme obviamente de infinitas maneiras:

¹³ No orixinal *Konfortabel* ‘confortable’ no canto de *Connétable* ‘Condestable’ [N. da T.]

¹⁴ No orixinal *Pferd* ‘cabalo’ no canto de *Schwert* ‘espada’ [N. da T.]

dicir no canto da palabra correcta unha de entre milleiros, realizar innumerables desfiguracións da palabra correcta. ¿Hai entón algo que me imponha unha maneira de entre todas as posibles, ou segue tratándose dunha casualidade, dunha arbitrariedade, non podendo alegar nada razoable con respecto a esta cuestión?

Dous autores, Meringer e Mayer (un filólogo e un psiquiatra) fixeron tamén no ano 1895 o intento de afrontar a cuestión do lapsus linguae dende esta perspectiva. Recompilaron exemplos e describíronos a continuación dende un punto de vista puramente descritivo. Isto non proporciona aínda ningunha explicación, pero pode permitir atopar o camiño cara a ela. Eles diferencian as desfiguracións que experimenta o discurso intencional por medio do lapsus linguae, como son as interversións, preminiscencias, reminiscencias, fusións (contaminacións) e reemprazamentos (substitucións). Voulles presentar exemplos destes principais grupos de ambos autores. Un caso de interversión é o que se dá cando alguén di a *Milo de Venus* na vez de a *Venus de Milo* (interversión na orde das palabras); unha preminiscencia é con toda a cor... con toda a dor de corazón¹⁵; unha reminiscencia sería o coñecido e accidentado brinde: Invítolle a inventar a saúde do noso xefe¹⁶. Estas tres formas de lapsus linguae non son precisamente habituais. En moito maior número atoparán vostedes o lapsus linguae que se orixina por medio da contracción ou fusión, por exemplo cando un cabaleiro se dirixe a unha dama na rúa coas palabras: Se a señorita mo permite, gustaríame *aconga-xala*. Na palabra mixta ocúltase, ademais de *acompañar*, claramente *acongoxar*¹⁷. (Ademais, o mozo non terá

¹⁵ No orixinal *Schwes*, que resulta do cruce de *Brust* 'peito' e *schwer* 'difícil' na expresión *Es war mir auf der Brust so schwer* 'Foi tan difícil de corazón' [N. da T.]

¹⁶ No orixinal "Ich fordere Sie auf, auf das Wohl unseres Chefs aufzustoßen" 'Invítolle a chocar contra a saúde do noso xefe', que resulta da substitución da preposición "an", presente no verbo composto *anstoßen* 'brindar', pola preposición *auf*, presente no verbo *auffordern* 'invitar' e na expresión *auf das Wohl* 'á saúde', dando lugar ao verbo *aufstoßen* 'chocar' [N. da T.]

¹⁷ No orixinal *begleit-digen*, que resulta do cruce dos verbos *begleiten* 'acompañar' e *beleidigen* 'ofender' [N. da T.]

moito éxito coa dama.) Como substitución presentan M. e M. o caso no que se di: Introduzo os preparados na incineradora na vez de incubadora¹⁸ e similares.

O intento de explicación que ambos os autores basean nesta recompilación de exemplos é especialmente inaccesible. Opinan que os sons e sílabas dunha palabra teñen un valor diferente, e que a enervación dun elemento de valor elevado pode influenciar perturbadoramente sobre a dos elementos de escaso valor. Para isto se fundan claramente nas pre- e reminiscencias, non tan habituais para eles; noutros tipos de lapsus linguae nin sequera se toman en consideración estas preferencias sonoras, no caso de existiren. Normalmente cometemos lapsus linguae dicindo unha palabra no canto doutra moi similar a ela, e esta similitude abóndalle a moitos como explicación do lapsus linguae: Non estou *catapultado* (capacitado)¹⁹ para apreciar os méritos dos meus moi estimados predecesores. Ou ben: Cos xenitais femininos fixéronse moitas *tentacións*... Perdón: tentativas²⁰.

O tipo de lapsus linguae máis habitual e máis sorprendente é dicir exactamente o contrario do que se ten intención de dicir. Neste caso apartámonos naturalmente moito das relacións sonoras e dos efectos das semellanzas, e podemos referir como substitución destes que os contrarios teñen un forte parentesco conceptual entre si e que están especialmente próximos uns dos outros na asociación psicolóxica. Hai exemplos históricos deste tipo: un presidente da nosa cámara parlamentaria inaugurou unha vez a sesión coas palabras: Meus señores, constato a presenza dos... membros e con isto declaro *clausurada* a sesión.

Un efecto tan sedutor coma a relación de oposición teno algunha outra asociación familiar que, en determinadas circunstancias, pode resultar verdadeiramente inconveniente. Así p.ex., cóntase

¹⁸ No orixinal *Briefkasten* 'caixa de correo' no canto de *Brutkasten* 'incubadora' [N. da T.]

¹⁹ No orixinal *geneigt* 'inclinado' no canto de *geeignet* 'capacitado' [N. da T.]

²⁰ No orixinal *Versuchungen* 'tentacións' no canto de *Versuche* 'experimentos' [N. da T.]

que durante os festexos de voda dun fillo de H. Helmholtz cunha filla do coñecido descubridor e industrial W. Siemens, o célebre fisiólogo Du Bois-Reymond tiña que dar un discurso. Pechou o seu brillante brinde coas palabras: ¡Viva a nova empresa: *Siemens* e – *Halske!* Ese era naturalmente o nome da vella empresa. A combinación de ambos os nomes debía ser tan familiar para o berlinés coma o é para o vienés Riedel e Beutel.

Así que ás relacións sonoras e semellanzas de palabras temos que engadir a influencia da asociación de palabras. Pero non con iso é dabondo. Parece que nunha serie de casos non se pode atopar a aclaración do lapsus linguae observado senón tendo en consideración a frase que foi enunciada, ou soamente pensada, con anterioridade. É dicir, novamente un caso de reminiscencia coma os citados por Meringer. –Debo confesar que teño a impresión xeral de que nos atopamos agora máis lonxe da comprensión dos actos falidos do lapsus linguae ca antes.

Non obstante, espero non trabucarme se digo que a investigación posta en marcha nos deixou unha nova impresión dos exemplos de lapsus linguae, na que podería pagar a pena detérmonos. Investigamos as condicións nas que, en suma, ten lugar o lapsus linguae, logo as influencias que determinan os tipos de desfiguración por medio do lapsus linguae, pero aínda non afrontamos o efecto do lapsus linguae en si mesmo, sen ter presente a súa orixe. Se nos decidimos a facelo, debemos ter o valor de dicir: nalgúns dos exemplos ten sentido o que sucedeu debido ao lapsus linguae. ¿Que quere dicir que ten sentido? Quere dicir que o efecto do lapsus linguae quizais teña un dereito a ser concibido coma un acto psíquico perfectamente válido que persegue tamén un obxectivo propio, como unha manifestación de contido e significado. Ata agora sempre falamos de actos falidos, pero agora semella como se o acto falido en si fose ás veces un acto correcto que simplemente ocupou o posto doutro acto esperado ou intencionado.

Este sentido propio do acto falido semella ser en casos illados tanxible e inequívoco. Se o presidente do congreso dos deputados pecha a sesión, no canto de abrila, coas súas primeiras palabras, tendemos, debido ao noso coñecemento dos comportamentos baixo os que se consumou este lapsus linguae, a atopar razoable este acto falido. El non espera nada bo da sesión e estaría contento de poder interrompela inmediatamente de novo. Acusar este significado, é dicir, a aclaración deste lapsus linguae, non implica ningunha dificultade para nós. Ou se unha dama lle pregunta a outra de xeito aparentemente eloxioso: ¿Foi vostede mesma a que *adulterou* este encantador sombreiro novo?²¹ –ningunha ciencia do mundo poderá impedirmos deducir deste lapsus linguae un pensamento oculto: este sombreiro está *adulterado*. Ou cando unha dama, coñecida por ser enérxica, explica: O meu home preguntoulle ao doutor que dieta debe seguir. Pero o doutor dixo que non precisa ningunha dieta, pode comer e beber o que *eu* queira, este lapsus linguae é, por outra banda, a expresión inequívoca dun consecuente programa conxugal.

Miñas damas e meus señores, se resultara que non só tivesen sentido uns poucos casos, senón unha cifra elevada de lapsus linguae e actos falidos, este sentido dos actos falidos, do que non falamos ata agora, converteríase inevitablemente no máis interesante para nós, e todos os demais puntos de vista pasarían con razón a un segundo plano. Polo tanto, podemos deixar de lado os momentos fisiolóxicos ou psicofisiolóxicos, e adicarnos ás investigacións puramente psicolóxicas sobre o sentido, isto é, o significado, a intención do acto falido. Non imos, polo tanto, deixar pasar a oportunidade de examinar a continuación con esta esperanza un material de observación meirande.

Pero antes de cumprir con este propósito, gustárame invitálos a seguir comigo outra pista. Máis dunha vez serviuse algún poeta do lapsus linguae, ou doutro acto falido, como medio da

²¹ No orixinal *aufgepatzt* 'feito unha facha' no canto de *aufgeputzt* 'adornado' [N. da T.]

representación poética. Só este feito por si mesmo debe demostrarnos que o poeta considera o acto falido, o lapsus linguae por exemplo, como un acto cargado de sentido, xa que o reproduce intencionadamente. Non adoita suceder que o poeta cometa accidentalmente un erro de escritura, e que logo deixe que este erro subsista coma lapsus linguae do seu personaxe. Quere facernos comprender algo por medio do lapsus linguae, e nós podemos determinar o que iso quere dicir, se quere indicarnos algo, que a persoa afectada está dispersa e fatigada, ou que está a piques de ter unha migraña. Naturalmente, non queremos sobrevalorar o feito de que o lapsus linguae sexa empregado polo poeta como un acto cargado de sentido. En realidade tamén podería ser unha casualidade psíquica, carecer de todo sentido, ou telo só en moi contadas ocasións, pero o poeta conservaría o dereito a dotalo dunha connotación espiritual coa fin de empregalo para os seus obxectivos. Tampouco sería de estrañar que o lapsus linguae do poeta fose máis clarificador para nós ca o do filólogo ou o do psiquiatra.

Un exemplo de lapsus linguae deste tipo atópase en *Wallenstein* (Piccolomini, Acto primerio, Escena quinta). Na escena precedente Max Piccolomini tomou partido da forma máis apaixonada polo Duque, entusiasmándose coa bendición da paz que se lle revela durante a súa viaxe, mentres acompañaba á filla de Wallenstein ao campamento. Deixa atrás ao seu pai e ao enviado da corte, Questenberg, completamente perplexos. E así continúa a escena quinta:

QUESTENBERG: ¡Ai de nós! ¿Así están as cousas?
¿E deixámolo marchar nese erro, amigo,
non o chamamos inmediatamente
para abrírlle os ollos no acto?

OCTAVIO (*tras voltar en si logo dunha profunda meditación*):

Agora acaba de abrírmos a *min*,
E vexo máis do que quixera.

QUESTENBERG: ¿Que pasa, amigo?

OCTAVIO: ¡Maldita viaxe!
 QUESTENBERG: ¿Por que? ¿Que sucede?
 OCTAVIO: Vinde – Teño
 Que seguir a infeliz pista,
 Vela cos meus propios ollos – vinde
 (*quere facelo saír*)
 QUESTENBERG: ¿Que sucede? ¿Onde imos?
 OCTAVIO (*apresurado*):
 ¡Cara a ela!
 QUESTENBERG: Cara –
 OCTAVIO (*corrixíndose*):
 ¡Cara ao Duque! Imos.
 etc.

Octavio quería dicir “cara a el”, cara ao Duque, pero trabúcase, revelándonos cando menos por medio das súas palabras “*cara a ela*” que descubre a influencia que fai fantasiar ao xove heroe bélico coa paz.

Un exemplo aínda máis impactante descubriuno O. Rank en Shakespeare. Atópase no *Mercador de Venecia*, na famosa escena da elección do amante afortunado entre os tres cofres, e tal vez o mellor que podo facer é lerlles en alta voz a breve exposición de Rank:

Un *lapsus linguae* poético, delicadamente motivado e tecnicamente brillante, empregado coma o sinalado por Freud en *Wallenstein*, que denota que os poetas coñecen perfectamente o mecanismo e o sentido deste acto falido, e que presupón a súa comprensión por parte dos oíntes, atópase no *Mercader de Venecia* de Shakespeare (Acto terceiro, Escena segunda). Porcia, encadeada ao cofre e á vontade do seu pai de que escolla un esposo, escapou ata agora de todos os seus pretendentes pola sorte da casualidade. Como finalmente atopou en Bassanio o aspirante ao que verdadeiramente lle ten afecto, teme que este extraia o cofre errado. O que máis lle gustaría dicirlle é que el tamén pode estar seguro do seu amor se isto sucedese, pero o

seu voto impídello. Con este dilema interior, o poeta permítelle dicir ao benvido aspirante:

Pídivos que esperedes; un ou dous días aínda,
Antes de vos aventurardes: porque se escolledes
mal, perderei
A vosa compañía; desculpádeme por iso.
Algo dime (*aínda que non é amor*),
Que non querería perdervos; - - -
- - - Podería dirixirvos cara á elección correcta,
pero rompería o meu xuramento;
Non quero facelo; así poderiades perderme.
Pero cando o fagades, facédeme desexar pecami-
nosamente
Que o tivera rompido. ¡Oh, os ollos
Que ao non verme me dividen en dúas metades!
Unha metade miña é vosa, a outra metade vosa –
Miña quería dicir; pero se miña, entón vosa,
E totalmente vosa²².

O poeta deixa que xusto aquilo que ela lle querería deixar claro en voz baixa, porque en realidade llo debería ocultar, que antes da elección ela xa é súa e que o quere, se abra paso abertamente no lapsus linguae cunha sensibilidade psicolóxica admirable, e sabe tranquilizar por medio deste artificio a insoportable incerteza do amante, así como a tensión do ánimo do oínte, sobre o resultado da elección.

Vostedes poden apreciar con que delicadeza ao cabo Porcia transmite, entre as dúas afirmacións que están contidas no lapsus linguae, a supresión da contradición existente entre ambas, e como finalmente dá por verdadeiro o lapsus linguae:

Pero se miña, entón vosa,
E totalmente vosa.

²² No orixinal *Segundo a tradución de Schlegel e Tieck* [N. da T.]

Un pensador afastado da medicina tamén nos descubriu cunha observación o sentido do lapsus linguae, anticipándose ao noso esforzo por aclaralo. Todos vostedes coñecen ao enxeñoso e satírico Lichtenberg (1742-1799), do que Goethe dixo: Onde el fai unha broma, agóchase un problema. Pero ocasionalmente aflora coa broma tamén a solución do problema. Lichtenberg anota entre as súas ocorrencias graciosas e satíricas a frase: El lía sempre *Agamenón* no canto de “aglomerar”²³, de tanto que lera a Homero. Esa é realmente a teoría dos erros de lectura.

A próxima vez comprobaremos se podemos acompañar aos poetas na concepción dos actos falidos.

²³ No orixinal *Agamemnon* ‘Agamenón’ no canto de *angenommen* ‘admitido’ [N. da T.]

III CONFERENCIA

Os actos falidos

(continuación)

Miñas damas e meus señores, a vez pasada ocorréusenos non contemplar o acto falido en relación ao acto intencional alterado por el, senón en e por si mesmo, tivemos a impresión de que en certos casos parece acusar un sentido propio, e dixémonos que, de poder confirmarse en ámbitos máis amplos ca o acto falido ten un sentido, este sentido sería axiña máis interesante para nós que a investigación das circunstancias baixo as que se realiza o acto falido.

Poñámonos de acordo en qué queremos entender por *sentido* dun proceso psíquico. Non se trata máis que da intención á que serve, e da súa posición nunha serie psíquica. Na maioría das nosas investigacións tamén podemos substituír *sentido* por *intención*, *tendencia*. ¿Foi entón a intención que cremos recoñecer no acto falido só unha aparencia enganosa ou unha elevación poética?

Permanezamos fieis aos exemplos de lapsus linguae, e analizemos un número meirande de tales observacións. Aquí atopamos categorías de casos nos que a intención, o sentido do lapsus linguae, se fai evidente. Sobre todo aqueles nos que o lugar do que nos propoñiamos está ocupado polo seu contrario. O Presidente di no discurso de inauguración: “Declaro a sesión clausurada.” Isto é inequívoco. O sentido e a intención do seu discurso falido é que quere clausurar a sesión. “El mismo o di”, gustaríanos engadir ao respecto; só necesitamos interpretalo ao pé da letra. Non me molesten agora coa obxección de que isto non é posible, de que sabemos que non quería clausurar a sesión senón inaugurala, e que el mesmo, ao que precisamente recoñecemos como a máis alta instancia, pode confirmar que quería inaugurala. Con todo iso esquecen que convivimos contemplar o acto falido ante todo en e por si mesmo; da súa relación coa intención que o altera fala-

remos máis adiante. Senón serán culpables dun erro lóxico, por medio do que eluden por completo o problema a tratar, o que en inglés sería *begging the question*.

Noutros casos, nos que o erro non consistiu exactamente en dicir o contrario do que se quería, pode expresarse por medio do lapsus linguae un significado oposto. “Non estou *catapultado* para apreciar os méritos dos meus moi estimados predecesores.” Catapultado non é o contrario de capacitado, pero trátase dunha confesión aberta en rigorosa oposición á situación na que debe falar o orador.

Noutros casos o lapsus linguae engade un segundo sentido ao intencionado. A frase semella entón unha contracción, redución, condensación de distintas frases. Así por exemplo a enérxica dama que di “El pode comer e beber o que *eu* queira.” Isto é exactamente como se dixese “El pode comer e beber o que queira, pero ¿que ten el que dicir? No seu lugar di o que eu queira.” Os lapsus linguae provocan a miúdo a mesma impresión ca algunhas reducións, por exemplo se un catedrático de Anatomía, logo da súa conferencia sobre os orificios nasais, pregunta se os oíntes tamén o entenderon e se, tras o asentimento xeral, continúa “Non podo crelo, porque as persoas que entenden os orificios nasais nunha cidade de máis dun millón de habitantes se poden contar cun dedo... Perdón, cos dedos dunha man.” A frase reducida tamén ten o seu sentido; di que só hai unha persoa que o entenda.

Este grupo de casos, nos que o acto falido mesmo pon de manifesto o seu sentido, atópase fronte a outros nos que o lapsus linguae non transmitiu ningún sentido é dicir, que contradín enerxicamente as nosas expectativas. Cando alguén terxiversa un nome propio debido a un lapsus linguae, ou xustapón secuencias de son desacostumadas, semella que a pregunta de se os actos falidos proporcionan algún sentido, por medio destes fenómenos tan habituais, ten unha resposta negativa. Soamente achegándonos a tales exemplos se demostra que a comprensión

destas desfiguracións é posible facilmente, e que a diferenza entre estes casos escuros e os claros anteriormente mencionados non é tan grande.

Un cabaleiro, preguntado pola saúde do seu cabalo, responde “Si, isto *drurtará*²⁴... Isto durará quizais un mes.” Ao preguntarlle que quería dicir realmente explica que pensara que era unha historia *triste*, a colisión de “dura” e “triste” deu ese “druta” coma resultado (Meringer e Mayer.)

Outro cabaleiro fala de certos acontecementos polos que protesta, e continúa “Pero entón os feitos saíron á *pruz*²⁵...” ao ser interpelado confirma que quería cualificar estes sucesos de *Porcallada*. “Luz” e “porcallada” orixinaron a estraña “pruz” (M. e M.)

Lembren vostedes o caso do xove que quería *acongaxar* a unha dama descoñecida. Tomámonos a liberdade de descompor esta construción verbal en *acompañar* e *acongoxar*, e sentímonos seguros desta aclaración sen pedir a súa confirmación. Nestes exemplos ven que os casos máis escuros de lapsus linguae permiten ser aclarados por medio do encontro, da *interferencia*, de dúas intencións de discurso distintas; as diferenzas orixínanse só debido a que nunha ocasión unha intención reempraza (substitúe) completamente á outra, como no lapsus linguae por oposición, mentres que na outra ocasión se debe contentar con desfigurala ou modificala, de forma que resultan construcións mixtas que teñen máis ou menos sentido en si mesmas.

Agora cremos comprender o segredo dun gran número de lapsus linguae. Perseveremos nesta comprensión e así poderemos entender outros grupos ata agora enigmáticos. No caso da desfiguración de nomes non podemos, por exemplo, aceptar que se trate sempre da concorrencia de dous nomes similares, aínda que diferentes, entre si. Pero é sinxelo adiviñar a segunda

²⁴ No orixinal *draut*, que resulta do cruce de *dauert* ‘dura’ e *traurig* ‘triste’ [N. da T.]

²⁵ No orixinal *zum Vorschein gekommen*, que resulta do cruce de *zum Vorschein kommen* ‘saír á luz’ e *Schweinerei* ‘porcallada’ [N. da T.]

intención. A desfiguración dun nome ten lugar fóra do ámbito do lapsus linguae con frecuencia dabondo; tenta converter o nome en algo malsoante ou vulgar, e é un vicio ou tipo de insulto coñecido ao que o home culto aprende pronto a renunciar, pero ao que non renuncia de boa gana. Permítese esta desfiguración a miúdo coma “chiste”, bastante impropio en efecto. Só para citar un exemplo significativo e desagradable desta desfiguración de nome menciono que o nome do Presidente da República Francesa, Poincaré, se transformou nestes tempos en “Porcocaré”²⁶. É, polo tanto, lóxico supor tamén no lapsus linguae unha intención inxuriosa semellante á que prevalece na desfiguración do nome. Ilustracións similares impoñensenos na continuación da nosa interpretación de determinados casos de lapsus linguae con efectos cómicos ou absurdos. ”Invíttolle a inventar a saúde do noso xefe.” Aquí se altera unha atmosfera festiva de xeito inesperado pola invasión dunha palabra que suscita unha idea repugnante e, seguindo o modelo de determinadas frases insultantes e inxuriosas, apenas podemos supor outra cousa distinta de querer expresar unha tendencia que contradí enerxicamente a veneración pretextada, e que quere dicir algo así como: Non o creades, non o digo en serio, o tipo dáme igual, e cousas similares. De forma parecida pasan por lapsus linguae aqueles que convierten palabras inofensivas en indecorosas e obscenas, coma *Apopos* por *Apropos*²⁷, ou *Eischeißweibchen* por *Eiweißscheibchen*²⁸ (M. e M.).

Coñecemos unha tendencia semellante en moitas persoas, desfigurar intencionadamente palabras inofensivas en obscenas polo pracer de producir un efecto gracioso; pasa por gracioso e en realidade, no caso da persoa da que oímos algo similar,

²⁶ No orixinal *Schweinkarré* ‘carro de porcos’ [N. da T.]

²⁷ No orixinal *Apopos*, algo así como ‘acús’ [*popo*: ‘cu’, ‘traseiro’] no canto de *Apropos* ‘a propósito’ [N. da T.]

²⁸ No orixinal *Eischeißweibchen* ‘mulleriñas de merda de ovo’ no canto de *Eiweißscheibchen* ‘talladas de clara de ovo’ [N. da T.]

temos que explorar se o expresou intencionadamente como chiste, ou se se trata dun lapsus linguae.

Pois ben, así teríamos resolto o enigma dos actos falidos con relativamente pouco esforzo. Non son casualidades senón actos psíquicos serios, teñen o seu sentido, orixínanse a través da concorrencia, ou mellor aínda, a través da contraposición de dúas intencións distintas. Pero agora tamén poden entender que me queiran ateigar cunha morea de preguntas e dúbidas a responder e despexar antes de podermonos alegrar deste primeiro resultado do noso traballo. Certamente, eu non quero conducirlos a decisións precipitadas. Permítannos tomalo todo en fría consideración, ordenadamente, unha cousa despois da outra.

¿Que é o que me queren dicir? ¿Se eu opino que esta explicación é vixente para todos os lapsus linguae, ou soamente para un número determinado deles? ¿Se se pode estender a mesma interpretación aos outros tipos de actos falidos, aos erros de lectura, aos erros de escritura, aos esquecementos, aos erros de conduta, aos extravíos, etc.? ¿Que máis poden significar os momentos de esgotamento, de sobreexcitación, de dispersión, de trastorno da atención, en vista da natureza psíquica dos actos falidos? Ademais, vese claramente que de ambas tendencias concorrentes dos actos falidos unha delas é sempre manifesta, pero a outra non sempre. ¿Que se fai entón para descubrir esta última, e cando se cre tela descuberto, como se demostra que non só é probable, senón a única correcta? ¿Teñen algo máis que preguntar? Se non o teñen, continúa. Lémbrolles que, en realidade, os actos falidos non teñen moito valor para nós, que só queríamos aprender do seu estudo algo aproveitábel para a psicanálise. Por iso formulo a seguinte pregunta: ¿como son estas intencións ou tendencias para poder alterar de tal xeito a outras e que relación se establece entre as tendencias alteradas e as alteradas? Así é como, logo da solución do problema, comeza de novo o noso traballo.

¿Se esta é a explicación de todos os casos de lapsus linguae? Eu inclínome a crer que si, porque cada vez que se investiga un caso de lapsus linguae atópase unha solución similar. Pero tampouco se pode demostrar que un lapsus linguae non poida ter lugar sen un mecanismo deste tipo. Pode que sexa así; para uns é indiferente en teoría, xa que as conclusións ás que queremos chegar para a introdución á psicanálise se conservan tamén, e seguro que este non é o caso, cando unha minoría de lapsus linguae está suxeita á nosa interpretación. Á seguinte pregunta, se podemos facer extensible aos demais tipos de actos falidos os resultados do noso estudo do lapsus linguae, quero responder anticipadamente cun si. Convenceranse disto cando nos adiquemos a someter a investigación exemplos de erros de escritura, de conduta, etc. Por razóns técnicas propóñolles aprazar este traballo ata termos tratado o lapsus linguae máis polo miúdo.

A pregunta sobre o que poden significar para nós os momentos, levados a un primeiro plano polos autores, de trastorno da circulación, esgotamento, sobreexcitación, dispersión, a teoría do trastorno da atención, se aceptamos o mecanismo psíquico do lapsus linguae descrito, merece unha resposta máis detallada. Noten vostedes que non negamos estes fenómenos. Non sucede tan a miúdo que a psicanálise negue algo xa afirmado con anterioridade; por norma xeral só engade algo novo, e en ocasións sucede que este elemento, ata entón omitido e recentemente engadido, resulta o esencial. A influencia das disposicións fisiolóxicas, dadas por un lixeiro malestar, trastorno da circulación, estados de fatiga, é recoñecible sen máis para a realización do lapsus linguae; a experiencia diaria e persoal pode convence-los. Pero, ¡que pouco se aclara con isto! Sobre todo non se trata de condicións necesarias dos actos falidos. O lapsus linguae é igualmente posible no caso de completa saúde e de estado de normalidade. Polo tanto, estes fenómenos corporais teñen tan só o valor de simplificacións e proteccións para o mecanismo

psíquico propio do lapsus linguae. Nunha ocasión empreguei un símil que vou repetir agora porque non logro substituílo por outro mellor. Supoñan que a unha hora escura da noite vou a un lugar solitario, que son atracado alí por un vagabundo que me quita o reloxo e a carteira e que despois presento a miña denuncia na comisaría máis próxima coas seguintes palabras, porque non vin a cara do ladrón con claridade “A soidade e a escuridade acaban de roubar-me as miñas alfaias.” O comisario de policía pode dicirme a isto: “Semella vostede ser afeccionado erroneamente a unha interpretación en extremo mecanicista. Mellor describamos os feitos do seguinte xeito *Protexido pola escuridade e encuberto pola soidade, un ladrón descoñecido arrebatoulle os seus obxectos de valor.*” A misión principal no seu caso é, ao meu xuízo, localizarmos ao ladrón. Quizais así poidamos recuperar o botín.

Os fenómenos psicofisiolóxicos coma a sobreexcitación, a dispersión, o trastorno da atención apórtannos evidentemente moi pouco para os obxectivos do esclarecemento. Son só modismos, biombos tras os que non deberiamos deternos a mirar. Máis ben falta por saber qué provocou aquí a sobreexcitación, o especial desvío da atención. As influencias dos sons, as similitudes de palabras, e as asociacións que proveñen usualmente das palabras, son unha vez máis recoñecibles coma significativas. Facilitan o lapsus linguae, na medida en que lle indican o camiño polo que pode transitar. Pero o feito de ter un camiño ante min, ¿evidencia que o seguirei? Aínda fai falla un motivo para que me decida por el e ademais unha forza que me faga avanzar por este camiño. Polo tanto, estas relacións entre son e palabra son soamente, coma as disposicións corporais, proteccións do lapsus linguae, e non nos poden proporcionar a súa verdadeira explicación. Pensen nisto: na inmensa maioría dos casos, o meu discurso non se altera polo feito de lembraren as palabras que uso a outras por similitudes fonéticas, por estaren vinculadas interiormente cos seus contrarios ou por derivárense

delas asociacións en uso. Segundo o filósofo Wund podería atoparse a información pola que o lapsus linguae se realiza cando, como consecuencia do esgotamento corporal, se sobrepoñen as tendencias asociativas ás demais intencións discursivas. Isto escoitaríase con gusto se non contradicira a experiencia segundo a que se bota en falla nunha serie de casos a presenza dos factores corporais, e noutros a dos asociativos.

Con todo, é especialmente interesante para min a súa seguinte pregunta sobre como verificar as dúas tendencias que se interfíren mutuamente. É probable que vostedes non intúan as graves consecuencias que ten esta cuestión. Certo é que unha das dúas tendencias, a alterada, non permite lugar a dúbidas: a persoa que comete o acto falido coñécea e declárase partidaria dela. Só a outra tendencia, a alteradora, pode ser motivo de dúbida e reflexión. Xa escoitamos, e seguro que non o esqueceron, que nunha serie de casos estouta tendencia está igualmente clara. É indicada polo efecto do lapsus linguae, sempre que teñamos o valor de darlle vixencia a este efecto. O Presidente que di o contrario do que quere dicir; está claro que quere inaugurar a sesión, pero está igualmente claro que tamén lle gustaría clausurala. Isto está tan claro que non precisa explicacións ulteriores. Pero, ¿e nos outros casos, nos que a tendencia alteradora soamente desfigura a orixinal, sen chegar a manifestarse?, ¿como deducimos neles esta tendencia alteradora a partir da desfiguración?

Nunha primeira serie de casos facémolo de maneira moi simple e segura, de igual xeito a como se comproba a tendencia alterada. Esta é comunicada de contado polo orador; tras o lapsus linguae restablécese de inmediato o texto proxectado orixinalmente. “Isto *drurará*, non, isto durará quizais un mes.” Agora ben, a tendencia desfigurante é igualmente verbalizada por el. Pregúntaselle “¿Por que dixo vostede primeiro “*drurará*”?” El responde “Quería dicir que é unha *triste* historia”, e noutro caso, no lapsus de “*pruz*” confírmalles tamén que en pri-

meira instancia quería dicir que iso era unha *porcallada*, pero que se contivo e cedeu a favor doutra frase. A comprobación da tendencia desfigurante neste caso ten igual certeza ca a da desfigurada. Recorrín intencionadamente a exemplos recollidos e explicados por min ou por algún dos meus colaboradores. Aínda que nestes dous casos foi necesaria certa intervención para atopar unha solución. Tívoise que preguntar ao orador por que se trabucara deste xeito, que podía dicir el acerca do lapsus linguae. Senón, tal vez obviaría o seu lapsus linguae sen querer aclaralo. Pero unha vez preguntado, explicouno coa primeira idea que lle veu á cabeza. Pois vexan vostedes, esta pequena intervención e o seu éxito xa é unha psicanálise e o modelo de toda investigación psicanalítica que poremos en marcha de agora en adiante.

¿Estou sendo agora demasiado desconfiado supondo que no mesmo momento no que xorde a psicanálise ante vostedes tamén asoma a resistencia ante ela? ¿Non senten desexos de obxectarme que a información da persoa interrogada que ten o lapsus linguae non é totalmente concluínte? Naturalmente que se esforza, opinan vostedes, para cumprir co requirimento de explicar o lapsus linguae, e por iso di a primeira idea que se lle ocorre, se lle parece apta coma explicación. Pero isto non garante que esta sexa a verdadeira explicación do lapsus linguae. Podería térselle ocorrido algo diferente que tal vez se tivese axustado igual de ben ou quizais mellor.

¡É curioso o pouco respecto que lle teñen no fondo a un feito psíquico! Imaxinen que alguén efectuase a análise química dunha determinada substancia, chegando á conclusión de que esta aumentara nalgúns miligramos dun dos seus compoñentes. Seguro que sacarán determinadas conclusións a partir deste peso. ¿Cren que a un químico se lle ocorrería criticar estas conclusións co motivo de que a substancia illada podería ter tamén outro peso? Todos vostedes réndense ante o feito de que se trata deste peso e de ningún outro e, confiados, organizan as demais

conclusións ao redor deste. Só non o admiten cando existe o feito psíquico de que á persoa preguntada se lle ocorreu determinada idea, e din que se lle podería ter ocorrido algo distinto. Teñen a ilusión da existencia dunha liberdade psíquica e non queren renunciar a ela. Sinto atoparme en absoluto desacordo con vostedes neste punto.

Agora me interromperán, pero só para retomar a resistencia noutro punto. Continuarán dicindo “Entendemos que a técnica especial da psicanálise é deixar que os analizados mesmos dean a solución aos seus problemas.” Tomemos outro exemplo, aquel no que o orador da festa exhorta aos presentes a *inventar* a saúde do xefe. Vostedes din que a intención alteradora é neste caso a inxuria, é a que contradí a expresión da veneración. Pero iso é unha mera interpretación pola súa parte, fundada en observacións *alleas* ao lapsus linguae. Se lle preguntan neste caso ao autor do lapsus linguae, el non lles confirmará que tiña unha intención inxuriosa; aínda máis, desmentirao enerxicamente. ¿Por que non abandonan a súa interpretación indemostrable fronte á negativa irrefutable do interesado?

Si, esta vez descubriron algo consistente. Eu imaxino o orador descoñecido da festa; probablemente sexa un asistente do xefe homenaxeado, quizais sexa xa profesor auxiliar, un home novo coas mellores oportunidades na vida. Eu quero levalo a pensar se non experimentou algunha resistencia á invitación a homenaxear ao xefe. O meu intento non é ben recibido. Ponse impaciente e sóltame de súpeto “Agora deixe o seu interrogatorio dunha vez, senón poreime desagradable. Aínda botará a perder toda a miña carreira coas súas sospeitas. Eu dixen simplemente *inventar* no canto de brindar porque xa dixera na mesma frase unha vez *in*. Iso é o que Meringer chama reminiscencia, e ao respecto non hai máis que dicir. ¿Enténdeme? Basta.” Mmh, esa é unha reacción sorprendente, un rexeitamento realmente enérxico. Vexo que non se vai conseguir nada do rapaz, pero tamén penso que denota un forte interese persoal

en que o seu acto falido non teña ningún sentido. Quizais tamén achen vostedes incorrecto que se poña tan groseiro de contado nunha investigación teórica, pero finalmente opinarán que en realidade el debe saber o que quería dicir e o que non.

¿Debe sabelo? Esta sería tal vez a pregunta.

Agora cren terme nas súas mans. “Así que esa é a súa técnica”, escóitolles dicir. “Se a persoa que cometeu un lapsus linguae en cuestión di algo ao respecto que a vostede lle parece ben, decláralo unha autoridade decisiva na materia. ¡El mesmo o di! Pero se o que di non vai ben para os seus propósitos, entón afirma vostede que non vale, que non é necesario crelo.”

Iso, en efecto, é correcto. Pero podo presentarlles un caso similar, no que sucede algo igualmente extraordinario. Cando un acusado se declara culpable dun feito ante o xuíz, o xuíz cre a confesión; pero cando o nega, o xuíz non o cre. Se fose doutro xeito non habería administración de xustiza e, malia os erros ocasionais, vostedes deben aceptar este sistema.

Si, ¿son vostedes entón o xuíz, e o que cometeu o lapsus linguae o seu acusado? ¿É un lapsus linguae un delito?

Quizais non necesitemos rexeitar esta comparación. Pero observen a que grandes diferenzas chegamos cunha leve profundación nos problemas dos actos falidos, en aparencia inofensivos. Diferenzas que, polo de agora, non sabemos equilibrar. Ofrézolles un compromiso provisional a raíz do símil do xuíz e o acusado. Deben admitir que o sentido dun acto falido non permite ningunha dúbida se o analizado mesmo o acepta. En pago quero confesarlles que non se pode alcanzar unha proba directa do suposto sentido cando o analizado nos nega a información e naturalmente tampouco cando non está dispoñible para proporcionarnos información. Entón estaremos limitados, como no caso da administración de xustiza, a indicios que poden axudarnos, algunhas veces máis e outras menos, a tomar unha decisión. No tribunal debe acusarse, por razóns prácticas, sobre a base de probas dos indicios. Para nós non existe tal

necesidade; pero tampouco estamos obrigados a renunciar ao uso destes indicios. Sería un erro crer que unha ciencia non consiste máis ca en teses rigorosamente probadas, e sería unha inxustiza esixir algo así. Esta exixencia só pode provocar un ánimo dependente da autoridade que ten a necesidade de substituír o seu catecismo relixioso por outro, aínda cando este sexa científico. A ciencia só ten no seu catecismo unhas poucas frases apodícticas e, polo demais, afirmacións que favoreceu ata certos graos de probabilidade. En realidade, o propio da forma de pensamento científico é que alguén poida contentarse con estas aproximacións e que poida continuar o traballo construtivo a pesar da falta de corroboracións últimas.

Pero ¿de onde tomamos os puntos de referencia para as nosas interpretacións, os indicios para a nosa demostración, no caso de que a explicación mesma do analizado non aclare o sentido do acto falido? De distintas partes. En primeira instancia, da analoxía dos fenómenos externos cos actos falidos, por exemplo cando afirmamos que a desfiguración de nomes coma lapsus linguae ten o mesmo sentido inxurioso que a terxiversación intencionada de nomes. Tamén da situación psíquica na que ten lugar o acto falido, do noso coñecemento do carácter da persoa que comete o acto falido e das impresións que afectaron á persoa antes do acto falido, e ás que posiblemente reaccionara con este acto falido. Normalmente sucede que completamos a interpretación do acto falido segundo axiomas xerais que son ante todo só unha suposición, unha proposta de interpretación, e despois imos buscar a confirmación na investigación da situación psíquica. Ás veces tamén temos que agardar aos acontecementos vindeiros, que se anunciaron en certa forma por medio do acto falido, para ver corroborada a nosa suposición.

Non me resulta fácil proporcionarlles probas disto limitándome ao ámbito do lapsus linguae, aínda que tamén aquí aparecen bos exemplos. O mozo que quería *acongaxar* a unha dama é seguramente un tímido; a esposa do home que pode comer e beber

todo o que *ela* queira a identifico coma unha desas mulleres enérxicas que cren levar o mando na casa. Ou tomen vostedes o seguinte caso: nunha reunión xeral da asociación “Concordia” un membro de pouca idade dá un vehemente discurso, no transcurso do cal diríxese á dirección da asociación, que semella estar composta por xunta directiva e comité, como aos señores “membros do préstamo”. Suporemos que, neste caso, a súa oposición tropeza cunha tendencia alteradora baseada en algo que tería que ver cun préstamo. De feito, descubrimos polo noso informante que o orador andaba mal de cartos e presentara precisamente por aquel entón unha solicitude de préstamo. Xa que logo, este pensamento pode clasificarse realmente como intención alteradora que seguiría a seguinte liña de pensamento “Modérate na túa oposición; trátase da mesma xente que che debería conceder o anticipo.”

Non obstante, podo proporcionarlles unha rica selección deste tipo de indicios se recorro ao extenso ámbito dos outros actos falidos.

Cando alguén esquece un nome propio que lle é familiar, ou cando, a pesar do esforzo, pode retelo a duras penas, está próxima a suposición de que ten algo en contra do que implica este nome, ou que non lle gusta pensar nel; engadan vostedes a continuación os descubrimentos sobre a situación psíquica na que tivo lugar este acto falido:

Un señor Y namorouse sen éxito dunha dama que pronto casou co señor X. A pesar de que o señor Y coñece ao señor X dende hai tempo, e incluso ten relacións de negocios con el, esquece unha e outra vez o seu nome, ata tal punto que tivo que deixar que outras persoas lle informasen ao respecto cando quixo cartearse con el²⁹.

²⁹ Segundo C. G. Jung.

Obviamente, o señor Y non quere saber nada do seu afortunado rival.

Outro caso: unha dama infórmase polo seu médico sobre unha coñecida común, pero refírese a ela polo seu nome de solteira. O nome que recibiu ao casar esqueceuno. Entón confesa que non estaba contenta con ese matrimonio e que non podía aturar ao home desta amiga³⁰.

Aínda teremos bastante que dicir sobre outros aspectos do esquecemento de nomes; agora nos interesa sobre todo a situación psíquica na que se produce o esquecemento.

O esquecemento de propósitos pódese atribuír a unha corrente oposta que non quere cumprir o propósito. Este é o parecer non só dos partidarios da psicanálise senón de todas as persoas na vida cotiá, aínda que a neguen na teoría. O protector que se desculpa ante o seu protexido por ter esquecido a súa petición non logra xustificarse ante el. O protexido pensa inmediatamente “Non lle importa nada; prometeuno, pero en realidade non quere facelo.” Por esta razón está mal visto o esquecemento en determinadas relacións; a diferenza entre a interpretación popular e psicanalítica deste acto falido semella suprimida. Imaxinen unha ama de casa que recibe ao seu hóspede coas seguintes palabras “¿Como, vén hoxe? Esquecera por completo que o invitara para hoxe.” Ou o xove que ten que confesarlle á amada que esquecera acudir á última cita que concertaran. Seguramente non o confesará, é preferible inventar improvisadamente as causas máis improbables que lle impediron acudir nesa ocasión, e que lle fixeron imposible avisar ao respecto. Todos sabemos que nos asuntos militares a desculpa de esquecer algo non serve de nada e non protexe de ningún castigo e debemos encontralo xustificado. Aquí, por unha vez, todos están de acordo en que un acto falido determinado ten pleno significado, e no significado que ten. ¿Por que non son con-

³⁰ Segundo A. A. Brill.

secuentes dabondo para estender este coñecemento aos outros actos falidos e recoñecerse plenamente neles? Naturalmente, neste caso tamén hai unha resposta.

Se o sentido destes esquecementos de propósitos é tan pouco dubidoso para os profanos, sorprenderalles menos aínda descubrir que os poetas aproveitan este acto falido no mesmo sentido. Aquel de vostedes que vira ou lera *César e Cleopatra* de Bernard Shaw lembrarase de que César, ao se despedir na derradeira escena, é perseguido pola idea de ter esquecido algo que se propuxera. Ao final descóbrese o que é: despedirse de Cleopatra. Este pequeno acto do poeta quere atribuírle ao gran César unha superioridade que non posuía e á que non aspiraba en absoluto. Poden descubrir nas fontes históricas que César deixou que Cleopatra o seguira a Roma, e que ela permaneceu alí co seu pequeno Cesarión cando César foi asasinado, razón pola que fuxiu da cidade.

Os casos de esquecemento de propósitos están tan claros en xeral que son pouco útiles no tocante a derivar indicios do sentido do acto falido a partir da situación psíquica. Por esta razón nos referiremos a uns actos falidos especialmente ambiguos e impenetrables, como son a perda e o extravío. Seguramente non atopen crible que sexamos partícipes intencionados do extravío, unha continxencia tan a miúdo dolorosa. Pero hai observacións dabondo como a que segue: un xove perde o seu lapis, ao que lle tiña moito agarimo. Días antes recibira unha carta do seu cuñado que concluía coas palabras “Polo de agora non teño nin ganas nin tempo de fomentar a túa frivolidade e a túa preguiza”³¹. O lapis era precisamente un regalo deste cuñado. Sen esta coincidencia non poderíamos afirmar que nesta perda participaba a intención de zafarse do obxecto. Casos similares son moi habituais. Perdemos obxectos cando nos desamigamos co dador dos mesmos e non queremos lembrarnos máis del, ou

³¹ Segundo B. Dattner.

tamén cando xa non nos gustan e queremos facernos cun pretexto para os substituír por outros mellores. As accións de deixar caer, romper e destruír sérvense naturalmente da mesma intención con respecto a un obxecto. ¿Podemos interpretar coma casual que un escolar, xusto antes do seu aniversario, perda, rompa ou esnaquice ou os seus obxectos de uso común, como por exemplo a carteira da escola ou o reloxo?

Quen experimentou a miúdo a penosa situación de non poder atopar algo que el mesmo gardara, tampouco quererá crer que se trate dun extravío intencionado. E, con todo, non escasean os exemplos nos que as circunstancias que acompañan ao extravío indican unha tendencia a eliminar o obxecto temporal ou definitivamente. O máis fermoso exemplo disto sexa quizais o seguinte:

Un xove relatoume recentemente o seguinte: “Hai algúns anos había malentendidos no meu matrimonio, atopaba á miña muller demasiado fría e, aínda que reconecía nela calidades exquisitas, conviviamos sen agarimo. Un día, logo dun paseo, tróuxome un libro que mercara porque podería interesarme. Eu agradecinlle este xesto de “atención”, prometín ler o libro, gardeino e nunca máis o atopei. Así pasaron os meses, nos que lembrei de cando en vez o libro desaparecido e tentei atopalo en van. Aproximadamente medio ano máis tarde, a miña querida nai, que vivía separada de nós, enfermou. A miña muller abandonou a casa para coidar da súa sogra. O estado da enferma empeorou, dándolle á miña esposa a oportunidade de amosar o mellor de si mesma. Unha noite chego a casa do traballo entusiasmado e agradecido pola conduta da miña muller. Diríxome á miña mesa de traballo, abro, sen unha intención determinada e coa seguridade dun somnámbulo, un determinado caixón da mesma e, enriba de todo, atopo o libro tanto tempo achado de menos e extraviado.”

Coa desaparición do motivo para extravialo tamén atopou un final o extravío do obxecto.

Miñas damas e meus señores, podería multiplicar esta colección de exemplos ata o inconmensurable. Pero non quero facelo aquí. Na miña *Psicopatoloxía da vida cotiá* (aparecida por vez primeira en 1901) atoparán de todos modos unha abundante casuística para o estudo dos actos falidos.³² Todos estes exemplos teñen sempre o mesmo resultado; fan probable que os actos falidos teñan un sentido e amósanlles como adiviñar ou constatar este sentido a partir das circunstancias que os acompañan. Hoxe serei máis breve porque nos limitamos á intención de extraer algún beneficio do estudo destes fenómenos coma preparación para a psicanálise. Só vou abordar aquí dous grupos máis de observacións, os actos falidos acumulados e combinados e a confirmación das nosas explicacións por medio de sucesos posteriores.

Os actos falidos acumulados e combinados son seguramente a máis elevada floración do seu xénero. Se só se tratara de demostrar que os actos falidos teñen un sentido, nos limitaríamos dende o principio a eles, xa que neles o sentido mesmo é evidente incluso para un entendemento obtuso, sabendo imporse sobre xuízo crítico. O cúmulo de manifestacións revela unha obstinación, que case nunca se corresponde coa casualidade, pero que lle convén ao propósito. Finalmente, a confusión entre os distintos tipos de acto falido amósanos qué aspecto é o importante e esencial no acto falido; non a forma do mesmo ou o medio que emprega, senón a intención que lle serve, e que debe ser alcanzada polos camiños máis dispares. Por iso quero presentarlles un caso de esquecemento repetitivo. E. Jones relata que unha vez deixara sobre a súa mesa durante varios días unha carta. Finalmente, se decidiu a botala ao correo, pero a recibiu de volta da oficina de correos, xa que esquecera escribir o enderezo. Logo de pór os datos, levouna ao correo, pero esta vez sen selos. Entón tivo que confesarse que non quería enviar a carta.

³² Do mesmo xeito nas coleccións de A. Maeder (franc.), A. A. Brill (ingl.), E. Jones (ingl.), J. Stärcke (holand.), entre outros.

Noutro caso combínanse un erro de conduta cun extravío. Unha dama viaxa co seu cuñado, un famoso artista, a Roma. O visitante é moi festexado polos alemáns que viven en Roma e recibe, entre outras cousas, unha medalla de ouro de orixe antiga como regalo. A dama oféndese porque o seu cuñado non sabe apreciar dabondo a fermosa peza. Logo de que, relevada pola súa irmá, regresa a casa de novo, descobre desfacendo as maletas que trouxo consigo –non sabe como– a medalla. Comunícallo inmediatamente por carta ao cuñado, e infórmalle de que enviará o obxecto raptado ao día seguinte a Roma. Pero ao día seguinte a medalla está tan ben gardada, que non pode atopala nin enviala, e entón empeza a ver claro a dama o que significa a súa “distracción” a saber, que quere quedarse coa peza³³.

Xa lles informei con anterioridade sobre un exemplo de combinación dun esquecemento e un erro, cando alguén esquece unha primeira cita e acode unha segunda vez, co propósito de non esquecerse, a unha hora distinta á acordada. Un caso análogo referiuno un amigo a partir da súa propia vivencia que, ademais, manifesta un grande interese pola ciencia e a literatura:

Hai algúns anos aceptei a elección do comité dunha determinada asociación literaria porque supuña que a sociedade podería serme de axuda para realizar a representación do meu drama, e participei regularmente, aínda que sen moito interese, nas reunións que tiñan lugar cada venres. Hai algúns meses obtiven a promesa dunha representación no teatro de F., e dende entón *esquecín* regularmente a reunión desta asociación. Cando lin o seu estudo sobre estas cuestións avergoñeime do meu esquecemento, reprocheime que era unha baixeza que me mantivera na marxe agora que non necesitaba máis a esta xente, e decidín non esquecerme ao venres seguinte. Lembreime deste propósito unha e outra vez, ata que o cumprín e cheguei

³³ Segundo R. Reitler.

ata a porta da sala de reunións. Para a miña sorpresa estaba pechada, a reunión rematará xa; de feito, trabucárame no día: ¡xa era sábado!

Sería moi tentador reunir observacións similares, pero eu vou máis alá; quero deixarlles botar unha ollada a eses casos nos que a nosa explicación debe agardar por unha confirmación posterior.

A condición principal destes casos é conceptualmente que a situación psíquica presente é descoñecida para nós ou inaccesible para a nosa información. Neste caso a nosa interpretación só ten o valor dunha suposición á que nós mesmos non queremos engadir moito peso. Máis tarde acádase algo que nos amosa o xustificada que estaba naquel entón a nosa interpretación. Nunha ocasión fun o invitado dunha parella de recién casados e oín relatar entre risos á muller a súa última experiencia de cómo, o día seguinte do regreso da viaxe, buscou de novo á súa irmá para facer a compra con ela como nos vellos tempos, mentres que o marido se ocupaba dos seus negocios. De súpeto chamoulle a atención un señor da beirarrúa de enfronte e, facéndolle un aceno á súa irmá, dixo “Mira, aí vai o señor L.” Esquecera que ese señor era o seu home dende había unhas semanas. Estremeceume con este relato, pero non me atrevín a tirar unha conclusión. Anos máis tarde lembrei de novo esta pequena historia, logo de que esta parella tivera un triste final.

A. Maeder fala dunha dama que o día antes da voda esqueceu probar o vestido de noiva e, para desesperación da xastra, lembrouse xa entrada a tarde. El relaciona este esquecemento co feito de que un pouco despois se separara do seu home. Eu coñezo unha dama, agora separada do seu home que, para a administración dos seus bens, asinara varios documentos co seu nome de solteira, moitos anos antes de o recuperar. Sei doutras mulleres que perderon a súa alianza durante a viaxe de vodas, e tamén sei que o transcurso da parella lle conferiu sentido a esta casualidade. E agora outro exemplo sorprendente cun final

feliz. Cántase dun famoso químico alemán que non formalizou a súa unión porque esqueceu a hora da cerimonia relixiosa e foi ao laboratorio no canto de á igrexa. Era intelixente dabondo para darse por satisfeito cun só intento e morreu solteiro a unha idade avanzada.

Quizais se lles teña ocorrido que nestes exemplos os actos falidos ocupan o lugar dos *omina*³⁴ ou presaxios dos antigos. E, en realidade, unha parte dos *omina* non eran outra cousa ca actos falidos, por exemplo cando alguén tropezaba ou caía. Outra parte tiñan, non obstante, carácter de suceso obxectivo, e non da acción subxectiva. Pero vostedes non crerían o difícil que pode ser ás veces decidir se un feito determinado pertence a un ou a outro grupo. A acción sabe disfrazarse moi a miúdo de experiencia pasiva.

Aquel de nós que poida botar a vista atrás sobre unha experiencia vital prolongada, dirase probablemente que se tería aforrado moitas decepcións e sorpresas dolorosas se tivese atopado o valor e decisión de interpretar os pequenos actos falidos na súa relación coas persoas coma presaxio, e a valoralos coma indicios das súas intencións secretas. A maioría das veces non nos atrevemos; parécenos que nos desviamos da ciencia para voltar á superstición. Non todos os presaxios se cumpren, e vostedes entenderán, por medio da nosa teoría, que non é necesario que se cumpran todos.

³⁴ Plural de *omen*, en latín 'agoiro', 'presaxio' [N. da T.]

Os actos falidos

(conclusión)

Miñas donas e meus señores, podemos presentar como resultado dos nosos esforzos ata o momento que os actos falidos teñen un sentido, e tomalo coma base das nosas investigacións posteriores. Subliñemos unha vez máis que non afirmamos –e que non precisamos esta afirmación para os nosos obxectivos– que cada acto falido vindeiro teña sentido pleno, aínda que eu o considero probable. Abóndanos demostrar con relativa asiduidade un sentido deste tipo en distintas formas do acto falido. Estas distintas formas compórtanse ademais neste aspecto de xeito diferente. Nos lapsus linguae, nos erros de escritura, etc. poden aparecer casos cunha base puramente psicolóxica, dos exemplos que se basean no esquecemento (esquecemento dun nome ou dun propósito, extravío, etc.) non podo crer algo así e é moi probable que unha perda poida recoñecerse como non intencionada; os erros que se cometen na vida soamente están sometidos en parte aos nosos puntos de vista. Lembren estas limitacións cando, de aquí en adiante, partamos da idea de que os actos falidos son actos psíquicos e que se orixinan pola interferencia de dúas intencións.

Este é o primeiro resultado da psicanálise. Da existencia destas interferencias e da posibilidade de que teñan como consecuencia fenómenos deste tipo a Psicoloxía non sabía nada ata agora. Nós prolongamos o ámbito do mundo dos fenómenos psíquicos considerablemente, e conquistamos para a Psicoloxía fenómenos que antes non se lle atribuían.

Deteñámonos un momento na afirmación de que os actos falidos son “actos psíquicos”. ¿Expresa algo máis ca a nosa declaración anterior respecto a que teñen un sentido? Non o creo; é unha afirmación moito máis indeterminada e exposta a malentendidos. Todo o que se pode observar na vida psíquica denominarase eventualmente fenómeno psíquico. Pronto

veremos que se a única exteriorización do fenómeno procede directamente de factores corporais, orgánicos e materiais, a súa investigación non lle corresponde á Psicoloxía, mentres que se lle pertence, se deriva doutros procesos psíquicos que, nalgún momento, provocan esta serie de manifestacións orgánicas. Temos en conta esta última circunstancia cando denominamos a un fenómeno proceso psíquico, e por iso é conveniente darlle a seguinte forma á nosa afirmación: o fenómeno é significativo, ten un sentido. Por sentido entendemos significado, intención, tendencia e posición nunha serie de contextos psíquicos.

Hai certo número de fenómenos, moi próximos aos actos falidos, cos que non cadra este nome. Chamámoslos *actos casuais* e *sintomáticos*. Teñen igualmente o carácter do non motivado, do non aparente e do non importante pero, sobre todo, do superficial. Dos actos falidos os diferencian a supresión doutra intención, distinta da primeira, coa que chocan e que é alterada por eles. Convértense, por outra banda, nos acenos e movementos que nós clasificamos coma expresión dos movementos anímicos. A estes actos casuais pertencen todas as accións levadas a cabo sen dificultades, aparentemente sen obxectivo, coa nosa roupa, coas partes do noso corpo, cos obxectos que están ao noso alcance, así coma as omisións dos mesmos, ademais das melodías que cantaruxamos para nós. Eu defendo ante vostedes a afirmación de que todos estes fenómenos son significativos e interpretables de igual forma que os actos falidos, como pequenos indicios doutros procesos psíquicos máis importantes, como actos psíquicos perfectamente válidos. Pero non teño a intención de determe nesta nova ampliación do ámbito dos fenómenos psíquicos, senón de regresar aos actos falidos nos que se poden tratar con maior claridade os interrogantes máis importantes para a psicanálise.

As preguntas máis interesantes que formulamos con respecto aos actos falidos e que aínda non respondemos son as seguintes: dixemos que os actos falidos son resultados da interferencia de dúas intencións distintas, que poderían ser chamadas unha a

alterada e a outra a alteradora. As intencións alteradas non propician máis preguntas, pero sobre as outras queremos saber primeiro que tipo de intencións son se aparecen coma alteración doutras e, en segundo lugar, como se comportan as alteradoras con respecto ás alteradas.

Permitan que tome de novo o lapsus linguae coma representante de todo o xénero, e que responda antes á segunda pregunta cá primeira.

Podo relacionar a través do seu contido a intención alteradora no lapsus linguae coa alterada, logo a primeira contén unha contradición, unha rectificación ou un complemento da segunda. Ou, no caso máis escuro e interesante, a intención alteradora non ten nada que ver co contido da alterada.

Probas para a primeira das dúas relacións podemos atopalas sen esforzo nos exemplos que xa coñecemos e noutros semellantes. En case todos os casos de lapsus linguae por oposición a intención alteradora expresa o contrario da alterada, sendo o acto falido a representación do conflito entre dúas tendencias irreconciliables. O sentido do lapsus linguae do presidente xa está contido na frase “Declaro a sesión inaugurada aínda que me gustaría tela clausurado”. Un xornal político, acusado de corrupción, deféndese nun artigo que debe culminar coas seguintes palabras: “Os nosos lectores son testemuñas de que sempre avogamos de xeito *desinteresado* polo ben da comunidade.” Pero o redactor ao que se lle confiou a formulación da defensa escribe “de xeito *interesado*.” Isto quere dicir que pensa o seguinte: “Así é como teño que escribilo, pero eu sei que é doutro xeito.” Un deputado, que esixía dicirlle ao Káiser a verdade *sen reservas*, escoitou unha voz no seu interior que lle aconsellaba non levar tan lonxe a súa audacia e, por medio dun lapsus linguae, transformou o *sen reservas* en *sen columna vertebral*.³⁵

³⁵ No parlamento alemán, Nov. 1908. No orixinal *rückgratlos* ‘sen columna vertebral’ no canto de *rückhaltlos* ‘sen reservas’, [N. da T.]

Os exemplos que xa coñecen, que producen a impresión de contraccións e reducións, trátanse de rectificacións, agregados ou continuacións cos que se fai valer unha segunda tendencia a carón da primeira. “Os feitos saíron á luz”, pero di mellor directamente que eran *porcalladas*; é dicir “os feitos saíron á *pruz*.” “As persoas que entenden isto pódense contar *cos dedos dunha man*”; pero non, en realidade só hai unha persoa que o entende, é dicir “pódese contar *cun dedo*.” Ou “o meu home pode comer e beber o que el queira.” Pero vostede xa sabe que *eu* non aturo que el queira algo; é dicir “el pode comer e beber o que *eu* queira.” En todos estes casos o lapsus linguae procede do contido da intención alterada ou se fusiona con el.

O outro tipo de relación entre as dúas intencións que se interfíren produce unha estraña impresión. Se a intención alteradora non ten nada que ver co contido da alterada, ¿de onde vén e como se explica que xurda coma alteración? A única observación que pode darnos aquí unha resposta permítenos recoñecer que a alteración provén dunha orde de ideas que ocupou pouco tempo antes á persoa en cuestión e que agora repercute deste xeito, sendo indiferente que atope expresión no discurso ou non. Polo tanto, ten que ser denominada reminiscencia, pero non se trata necesariamente da reminiscencia de palabras xa pronunciadas. Tampouco falta aquí un contexto asociativo entre o elemento alterador e o alterado, pero este non vén dado polo contido, senón artificialmente, establecido a miúdo por medio de vías de relación moi forzadas.

Escoiten un exemplo moi sinxelo que eu mesmo teño observado. Atopeime unha vez polos nosos fermosos Dolomitas con dúas damas vienesas que ían vestidas como turistas. Acompañeinas un anaco e falamos sobre os praceres, pero tamén sobre as queixas, da forma de vida turística. Unha dama recoñeceu que esta forma de pasar o día tiña algo de incómodo. “É verdade,” dixo, “que non é agradable camiñar todo o día baixo o sol cando a blusa e a camisa están totalmente suadas.”

Logo desta frase interrompeuse. Logo continuou. “Cando un chega a *pantalóns*³⁶ e pode mudarse de roupa...” Non analizamos este lapsus linguae, pero penso que poden entendelo doadamente. A dama tiña a intención de facer a enumeración máis completa e de dicir: Blusa, camisa e pantalóns. Por motivos de decoro non se fixo mención dos pantalóns, pero na seguinte frase, relativamente independente da anterior no contido, saú á luz a palabra non pronunciada coma desfiguración do foneticamente similar “a *casa*”.

Agora podemos adicarnos á pregunta principal, longamente reservada, sobre qué intencións son estas que se manifestan insolitamente coma alteracións doutras. Obviamente son moi distintas, pero nós queremos atopar o que teñen en común. Investiguemos con este obxectivo unha serie de exemplos e axiña distinguiranse tres grupos. Ao primeiro grupo pertencen os casos nos que a tendencia alteradora é coñecida para o orador que, ademais, xa a percibira antes do lapsus linguae. Así, no lapsus linguae “pruz” o orador non só admite que emitiu o xuízo de “porcalladas” con respecto aos feitos correspondentes, senón tamén que tiña a intención, á que máis tarde renunciou, de darlle expresión verbal a este xuízo. Un segundo grupo constitúeno outros casos, nos que a tendencia alteradora do orador é recoñecida coma propia, pero este non sabe que estaba activada antes do lapsus linguae. Acepta a nosa interpretación do seu lapsus linguae pero en certa medida sorpréndese da mesma. Exemplos deste comportamento danse con máis facilidade no caso doutros actos falidos ca no do lapsus linguae. Nun terceiro grupo a interpretación da intención alteradora do orador é rexeitada enerxicamente; este non só discute que espertara no seu interior antes do lapsus linguae, senón que afirma que é totalmente allea a el. Lembren o exemplo de “inventar”, e da descortés recusación que recibín debido ao meu descubrimento

³⁶ No orixinal *Hose* ‘pantalóns’ no canto de *Hause* ‘casa’ [N. da T.]

da intención alteradora do falante. Saben que na interpretación destes casos aínda non chegamos a un acordo. Eu non lle daría moita importancia á contradición do que fixo o brinde, e defendería imperturbable a miña interpretación, mentres que vostedes, creo eu, están baixo a impresión da súa resistencia e toman en consideración se non se debe renunciar á interpretación destes actos falidos, e darlles validez coma actos puramente psicolóxicos no sentido preanalítico. Podo imaxinar o que lles intimida. A miña interpretación comprende a suposición de que no orador se poden exteriorizar intencións que el mesmo non coñece, pero que eu podo desenvolver a partir de indicios. Ante unha suposición tan novidosa e de consecuencias tan graves vostedes detéñense. Enténdoo e doulles a razón ao respecto. Pero constatemos o seguinte; se queren levar a cabo esta interpretación dos actos falidos consecuentemente, corroborada por tantos exemplos, deben decidirse pola citada suposición. Se non poden facelo, deben renunciar de novo á comprensión, apenas adquirida, dos actos falidos.

Deteñámonos aínda no que dá cohesión aos tres grupos, no que é común aos tres mecanismos do *lapsus linguae*. Por sorte é evidente. Nos dous primeiros grupos recoñécese a tendencia alteradora do falante; no primeiro engádese que apareceu inmediatamente antes do *lapsus linguae*. Pero en ambos casos *foi reprimida*. *O falante decidiu non convertela en discurso, e entón ten lugar o lapsus linguae; é dicir, a tendencia reprimida convértese contra a súa vontade en palabras, modificando a expresión da intención admitida por el, mestúrase con ela ou sitúase no seu lugar. Este é o mecanismo do lapsus linguae.*

Dende o meu punto de vista tamén podo pór en consonancia o proceso do noso terceiro grupo co mecanismo aquí descrito. Só necesito aceptar que estes tres grupos se diferencian entre si a través do grao de represión dunha intención. No primeiro a intención está presente e faise perceptible ao falante antes de que fale; só entón se esta en obxecto do seu rexeitamento,

polo que é compensada co lapsus linguae. No segundo grupo o rexeitamento ten un alcance meirande; a intención xa non é perceptible antes das palabras do discurso. Chama a atención que non sexa refreada en absoluto polo rexeitamento para que non interveña na produción do lapsus linguae. Pero por medio deste comportamento facilítasenos a explicación do proceso do terceiro grupo. Serei tan ousado de aceptar que no acto falido aínda pode manifestarse unha tendencia reprimida durante moito tempo, quizais durante moitísimo tempo, que esta non se fixo notar e por iso pode ser negada polo falante. Pero deixen o problema do terceiro grupo a un lado; deben extraer a conclusión, a partir da observación dos outros casos, de que *a represión da intención existente de dicir algo é a condición indispensable para que teña lugar un lapsus linguae*.

Agora podemos afirmar que avanzamos máis na comprensión dos actos falidos. Non só sabemos que son actos psíquicos nos que se poden recoñecer sentido e intención e que se orixinan pola interferencia de dúas intencións distintas, senón que ademais sabemos que unha destas intencións tivo que ser obxecto dunha certa represión do seu cumprimento para poder manifestarse como alteración da outra. Primeiro tivo que ser alterada antes de que poida converterse en alteradora. Con isto aínda non se acadou, naturalmente, unha explicación completa dos fenómenos que nós chamamos actos falidos. Vemos xurdir de contado máis preguntas e intuímos, en suma, que darán lugar a novas preguntas canto máis avancemos na súa comprensión. Podemos, por exemplo, preguntar por que non transcorre dun xeito máis doado. Se existe a intención de reprimir certa tendencia no canto de levala a cabo, esta represión debería ter éxito, de xeito que non atopase manifestación, ou podería fracasar, de xeito que a tendencia reprimida atopase unha manifestación completa. Non obstante, os actos falidos son resultados dun compromiso, significan un éxito a medias e un fracaso a medias para ambas as intencións, a intención afectada non

é reprimida completamente, e tampouco logra –exceptuando casos illados– manifestarse sen modificación algunha. Podemos pensar que deben existir condicións especiais –ou os resultados dun compromiso– para o cumprimento desta interferencia, pero non podemos chegar a intuír de que tipo poden ser. Tampouco creo que puidésemos desvelar estas circunstancias, descoñecidas para nós, por medio dunha profundación meirande no estudo dos actos falidos. Máis ben será necesario investigar antes outros ámbitos escuros da vida psíquica; en primeiro lugar as analoxías que atopamos aí poden proporcionar o valor para establecermos aquelas suposicións que son necesarias para un esclarecemento máis profundo dos actos falidos. ¡E aínda máis! O traballo con pequenos signos, tal e como o facemos de forma constante neste ámbito, ten os seus perigos. Hai unha enfermidade psíquica, a paranoia combinatoria, na que se practica o aproveitamento destes pequenos signos de xeito ilimitado e, naturalmente, eu non vou avogar por que as conclusións construídas sobre tal base sexan correctas. De tales perigos nos pode protexer a ampla base das nosas observacións, a repetición de impresións semellantes dos distintos ámbitos da vida psíquica.

Polo tanto, abandonaremos aquí a análise dos actos falidos. Pero aínda podo lembrarilles unha cousa: conserven coma paradigmática na memoria a forma en que tratamos estes fenómenos. Nestes exemplos poden ver cales son as intencións da nosa Psicoloxía. Non queremos simplemente describir e clasificar os fenómenos, senón concibilos coma signos dun xogo de forzas na psique, coma exteriorización de tendencias cun obxectivo que traballan xuntas ou en oposición. Esforzámonos por acadar unha *concepción dinámica* dos fenómenos psíquicos. Os fenómenos percibidos deben pasar a un segundo termo fronte ás aspiracións aceptadas.

Non queremos, polo tanto, profundar máis nos actos falidos, pero aínda podemos facer unha excursión polos dominios deste ámbito, nos que atoparemos de novo elementos coñeci-

dos e descubriremos outros novos. Atémonos á clasificación do lapsus linguae en tres grupos xa establecida ao principio: nas súas formas asociadas de erros de escritura, de lectura, de entendemento; o esquecemento coas súas subdivisións segundo os obxectos esquecidos (nomes propios, palabras estranxeiras, propósitos, impresións); e erros de conduta, extravíos, perdas. Os erros só nos interesan na medida en que se suman en parte ao esquecemento e en parte aos erros de conduta.

Co lapsus linguae xa temos procedido de xeito moi detallado, e aínda así engadiremos algo. No lapsus linguae fúndanse fenómenos afectivos menores non carentes de interese. A ninguén lle gusta trabucarse ao falar; a miúdo pásase por alto o propio lapsus linguae, nunca o doutro. O lapsus linguae é, en certo sentido, contaxioso; non é en absoluto doado falar do lapsus linguae sen incorrer un mesmo en lapsus linguae. As formas máis insignificantes de lapsus linguae, que precisamente non teñen ningunha explicación especial que dar sobre os procesos psíquicos ocultos, teñen aínda así motivacións doadas de detectar. Se, por exemplo, alguén pronuncia unha vogal longa coma curta debido a unha alteración, motivada a vontade, que aparece nesta palabra, prolongará por esta razón unha vogal curta próxima cometendo un novo lapsus linguae ao compensar o anterior. O mesmo sucede se pronuncia un ditongo de forma sucia ou descoidada, por exemplo un *ia* coma *ía*;³⁷ tenta melloralo cambiando o seguinte *ía* por un *ia*.³⁸ Con isto semella terse en consideración ao oínte, que en ningún caso debe crer que o orador non se interesa polo uso axeitado da lingua nai. A segunda desfiguración compensatoria ten realmente a intención de chamar a atención do oínte sobre a primeira asegurándolle que esta tampouco lle pasou desapercibida ao orador. Os casos máis frecuentes, sinxelos e insignificantes de lapsus linguae consis-

³⁷ No orixinal *eu* [pronunciado *oí*] como *ei* [pronunciado *aí*] [N. da T.]

³⁸ No orixinal *ei* [pronunciado *aí*] como *eu* [pronunciado *oí*] [N. da T.]

ten en contraccións e preminiscencias, que se manifestan en partes pouco rechamantes do discurso. Ao falar trabucámonos nunha frase máis longa de xeito que, por exemplo, evocamos a derradeira palabra do propósito intencional do discurso. Iso causa a impresión dunha certa impaciencia por rematar a frase, e xeralmente dá fe dunha certa oposición á transmisión desta frase ou á do discurso. Chegamos así a casos límite nos que se mesturan as diferenzas entre a interpretación psicanalítica do lapsus linguae e a interpretación fisiolóxica común. Nestes casos aceptamos que existe unha tendencia alteradora da intención do discurso; pero esta só pode indicar que existe, e non o que ela mesma se propón. A alteración que evoca segue entón unhas influencias sonoras calquera ou afinidades asociativas e pode ser interpretada coma desvío da atención sobre a intención do discurso. Pero nin a alteración da atención nin as afinidades asociativas eficientes afectan á esencia do proceso. Non obstante, neste subsiste a advertencia sobre a existencia dunha intención alteradora do propósito do discurso, cunha natureza da que nesta ocasión non podemos formarnos unha idea a partir dos seus efectos, tal e como faciamos nos casos máis acentuados de lapsus linguae.

Os erros de escritura, que abordarei a continuación, coinciden tanto co lapsus linguae, que non debemos agardar novos puntos de vista. Quizais podamos conformarnos cunha pequena verificación. Os tan estendidos erros de escritura, contraccións, anticipacións de palabras posteriores, especialmente da derradeira, indican novamente unha desgana xeral en escribir e unha impaciencia por rematar; os efectos máis acentuados dos erros de escritura permiten recoñecer a natureza e a intención da tendencia alteradora. En xeral sábese, cando se atopa un erro de escritura nunha carta, que ao remitente non lle ía todo ben; non sempre podemos determinar a causa do seu malestar. O erro de escritura é a miúdo tan imperceptible para o que o comete coma o lapsus linguae. Por iso é sorprendente a seguinte observación.

Hai persoas que teñen o costume de rere cada carta que escriben antes de enviala. Outros non adoitan facer isto; pero se o fan algunha vez de forma excepcional sempre atopan un erro de escritura grave que corrixir. ¿Como se pode explicar isto? Parece como se estas persoas soubesen que se trabucaron na redacción da carta. ¿Debemos crelo así realmente?

Únese ao significado práctico do erro de escritura un problema interesante. Tal vez lembren o caso do asasino H., que soubo procurarse cultivos dos máis perigosos axentes patóxenos de enfermidades facéndose pasar por un investigador de bacterias, pero que utilizaba estes cultivos para quitar de en medio a persoas achegadas a el do xeito máis moderno. Este home queixouse unha vez ao director de certo instituto sobre a inoperancia dos cultivos enviados, pero cometeu un erro de escritura e, no canto das palabras “nos meus experimentos con ratos e cobaias” podía lerse claramente “nos meus experimentos con persoas”³⁹. Este erro de escritura tamén chamou a atención dos médicos do instituto; pero, ata onde eu sei, non sacaron ningunha consecuencia disto. ¿Que pensan vostedes agora? ¿Non deberían ter aceptado os médicos o erro de escritura –por medio do que tería atopado termo o artesán traballo do asasino– como unha confesión, e ter suxerido unha investigación? ¿Non é neste caso o descoñecemento da nosa interpretación dos actos falidos a causa dunha negligencia significativa? Creo que este erro de escritura pareceríame moi sospeitoso, pero o seu uso como confesión atópase cun obstáculo de peso. A cousa non é tan doada. O erro de escritura é seguramente un indicio pero por el mesmo non se tería chegado ao inicio dunha investigación. En efecto, o erro de escritura di que o home abrigaba a idea de infectar ás persoas, pero non permite decidir se esta idea ten o valor dun propósito claramente nocivo ou dunha fantasía practicamente irrelevante. Incluso é posible que o home que así se trabucou

³⁹ *Meerschweinchen e Menschen* [N. da T.].

negue esta fantasía coa mellor xustificación subxectiva, e que a rexeite coma algo totalmente alleo a el. Cando máis adiante observemos a diferenza entre realidade psíquica e material poderán entender esta posibilidade aínda mellor. Este é novamente un caso no que un acto falido alcanza un significado insospeitado a posteriori.

No erro de lectura atopámonos cunha situación psíquica que se diferencia claramente da do *lapsus linguae* e da do erro de escritura. Unha das dúas tendencias que compiten entre si é substituída aquí por un estímulo sensorial e quizais por iso menos resistente. O que se ten que ler non é unha produción da vida psíquica propia como, p.ex., o que se planea escribir. Por iso o erro de lectura consiste na súa maioría nunha substitución total. Substitúese a palabra a ler por outra, sen necesidade de que exista unha relación de contido entre o texto e o efecto do erro de lectura, debido normalmente a unha semellanza de palabras. O exemplo de Lichtenberg de *Agamenón* no canto de *aglomerar*⁴⁰ é o mellor deste grupo. Se queremos descubrir a tendencia alteradora que provoca o erro de lectura pode deixar a un lado o texto mal lido e podemos introducir a investigación analítica coas preguntas sobre que idea resulta do efecto do erro de lectura e en que situación tivo lugar este. Ás veces a resposta desta última abonda para esclarecer o erro de lectura, por exemplo, cando alguén con certa necesidade natural camiña por unha cidade descoñecida e le nun gran letreiro dun primeiro piso a palabra *Aseos*. Aínda ten tempo de sorprenderse de que colgaran o letreiro tan alto antes de descubrir que o que se le alí *stricto sensu* é *Asados*⁴¹. Noutros casos o erro de lectura necesita precisamente, independentemente do contido do texto, unha análise máis polo miúdo que non poderá levarse a cabo sen práctica na técnica psicanalítica e sen confianza nela. Pero a maioría das veces é máis sinxelo lograr a

⁴⁰ No orixinal *Agammenon* 'Agamenón' no canto de *angenommen* 'admitido' [N. da T.]

⁴¹ No orixinal *Klosetthaus* 'aseos' no canto de *Korsetthaus* 'corsetería' [N. da T.]

explicación dun erro de lectura. A palabra substituída desvela sen máis nin máis, seguindo o exemplo de *Agamenón*, o percorrido do pensamento ao que remite a alteración. Nestes tempos de guerra é moi habitual, por exemplo, que leamos por todas partes os nomes das cidades e de xenerais ou expresións militares que nos rondan constantemente alí onde atopamos unha construción verbal similar. O que nos interesa e nos ocupa colócase no lugar do que nos é alleo e pouco interesante. As reproducións dos nosos pensamentos enturban a nova percepción.

Non faltan nos erros de lectura casos doutro tipo nos que o propio texto lido provoca a tendencia alteradora pola que, a maior parte das veces, se transformará este no seu contrario. Lemos un texto cun contido que nos desagrade e convencémonos por medio da análise de que o responsable da modificación do texto é a forte tendencia ao rexeitamento do mesmo.

Nos casos máis habituais dos erros de lectura antes mencionados aparecen dous fenómenos aos que lles asignamos un papel determinante no mecanismo dos actos falidos: o conflito de dúas tendencias e a represión dunha delas, que se compensa por medio do efecto do acto falido. Non se trata de localizar caracteres opostos aos destes factores no erro de lectura, pero a urxencia do contido ideolóxico que nos conduce ao erro de lectura é moito máis patente ca a represión que dito contido experimentou con anterioridade. Estes dous fenómenos opóñense do xeito máis tanxible precisamente nas distintas situacións de acto falido por esquecemento.

O esquecemento de propósitos está claro e a súa interpretación non será discutida, como xa escoitamos, nin sequera polos profanos. A tendencia alteradora do propósito é sempre unha intención contraria, un non querer, do que só precisamos saber por que non se manifesta de xeito máis velado. Pero a existencia desta vontade oposta é indubidable. Ás veces tamén logramos adiviñar algo sobre os motivos que forzan a esta vontade oposta a ocultarse. Por medio deste ocultamento a través

do acto falido, cumprirá sen dúbida o seu obxectivo, mentres que, de apareceren coma contradición aberta, sería rexeitada con toda seguridade. Cando xorde unha variación importante da situación psíquica no intervalo existente entre o propósito e o seu cumprimento, que imposibilita dito cumprimento, xa non poderemos cualificar de acto falido o esquecemento do propósito. Este esquecemento xa non nos sorprende, pois vemos que sería superficial lembrarse do propósito; xa estaba permanente ou temporalmente caduco. Logo o esquecemento dun propósito só pode chamarse acto falido cando non podemos crer na variación da situación psíquica.

Os casos de esquecemento de propósitos son en xeral tan uniformes e transparentes que precisamente por iso non teñen ningún interese para a nosa investigación. Pero aínda podemos aprender algo novo do estudo destes actos falidos en dous casos. Dixemos que o esquecemento, é dicir, o non cumprimento dun propósito, sinala unha vontade oposta inimiga del. Isto segue sendo así, pero a vontade oposta pode ser de dous tipos, directa ou por mediación. O que se quere dicir coa segunda é mellor explicalo por medio dun ou dous exemplos. Se o protector esquece interceder ante unha terceira persoa a prol do seu protexido, isto pode suceder porque o protexido non lle interesa demasiado e por esta razón tampouco ten moitas ganas de interceder. Neste sentido o protexido entenderá o esquecemento do protector. Pero pode ter lugar dun xeito máis complicado. A vontade oposta ao cumprimento do propósito pode chegarlle ao protector dende o outro lado e alcanzar unha posición moi distinta. Non precisa ter nada que ver co protexido, senón que se dirixe en contra da terceira persoa ante a que debería ter lugar a intercepción. Aquí ven as dúbidas que se opón ao uso práctico das nosas interpretacións. O protexido corre o perigo, a pesar da correcta interpretación do esquecemento, de facerse desconfiado e cometer unha inxustiza co seu protector. Outro exemplo. Cando alguén esquece a cita á que lle prometera acudir a outra persoa,

e á que el mesmo se propuxera acudir, a explicación máis habitual deste esquecemento será a aversión directa ao encontro con esta persoa. Pero a análise podería probar que a tendencia alteradora non remite á persoa, senón que se dirixe contra o espazo no que debe ter lugar o encontro e, en consecuencia, o esquecemento evita unha lembranza triste relacionada con el. Cando alguén esquece enviar unha carta pode que a tendencia oposta teña coma base o contido da carta; pero non se exclúe en absoluto que a carta en si sexa inofensiva, e que a tendencia oposta apareza porque algo nela lle lembra unha carta escrita con anterioridade que lle proporcionou á vontade oposta un punto ofensivo. Pódese afirmar entón que a vontade oposta se transferiu aquí da carta anterior, na que estaba xustificada, á presente, na que en realidade non xoga ningún papel. Ven, polo tanto, que debemos proceder con precaución e prudencia, incluso nas interpretacións máis xustificadas; aquilo que ten un so valor psicolóxico pode ser tamén moi ambiguo.

Fenómenos coma este semellaranlles moi inusuais. Quizais se inclinen a aceptar que a vontade “indirecta” caracteriza o proceso como patolóxico. Pero eu podo asegurarlles que tamén aparece no marco da norma e a saúde. Polo demais, non me malinterpreten. Eu non quero en ningún caso confesar a falta de seriedade das nosas interpretacións analíticas. A mencionada ambigüidade do esquecemento dun propósito existe só na medida en que non fixemos unha análise do caso, e debido ao carácter xeral das nosas hipóteses. Se realizamos a análise coa persoa afectada percibiremos sempre con certeza dabondo se se trata dunha vontade oposta directa e cal é a súa procedencia.

Un segundo punto é o seguinte: se na maioría dos casos confírmase que o esquecemento dun propósito se debe a unha vontade oposta, teremos o valor de facer extensible esta solución a outra serie de casos, nos que a persoa analizada non confirma a vontade oposta deducida por nós, senón que a nega. Tomen aquí coma exemplo os esquecementos máis habituais, devolver libros que se tomaron prestados, pagar facturas ou débedas.

Imos ser tan atrevidos de reprocharlle ao afectado que exista nel a intención de quedar cos libros e de non pagar as débedas, mentres que el negará esta intención, pero non estará en condicións de darnos outra explicación do seu comportamento. En vista disto, seguimos mantendo que ten a intención pero que non sabe dela; non obstante, abóndanos que esta se adiviña nel a través do efecto do esquecemento. Calquera pode repetirmos que se trata precisamente dun esquecemento. Recoñecen agora que chegamos a unha situación na que xa nos atopamos con anterioridade algunha vez. Se queremos continuar coas nosas interpretacións dos actos falidos, tan ambiguas coma xustificadas, seremos ineludiblemente impelidos á aceptación de que hai tendencias no home que se poden activar sen que el saiba nada disto. Pero así entramos en contradición con todas as opinións dominantes na vida e na Psicoloxía.

O esquecemento de nomes propios e estranxeiros, así como de palabras estranxeiras, pode ser remitido do mesmo xeito a unha intención oposta que se dirixe de forma directa ou indirecta contra o nome afectado. Desta aversión directa presentéilles antes varios exemplos. Pero a causa indirecta é aquí especialmente habitual e require na maioría das ocasións análises esmeradas para a súa constatación. Así por exemplo, neste tempo de guerra, que nos obrigou a renunciar a tantas das nosas inclinacións afectivas, tamén sufriu moito a facultade de lembrar nomes propios debido ás asociacións máis singulares. Hai pouco sucedume que non podía reproducir o nome da inofensiva cidade morava de *Bisenz*, e a análise deu coma resultado que a culpa non a tiña ningunha inimidade directa, senón a reminiscencia do nome do Palazzo *Bisenzi* en Orvieto, no que me aloxei en repetidas ocasións. Como motivo desta tendencia dirixida contra a lembranza dun nome sáenos ao encontro por primeira vez un principio que máis adiante nos desvelará o seu extraordinario significado na causa de síntomas neuróticos: a tendencia da memoria a lembrar algo relacionado con sensacións dun malestar que se renova coa lembranza. Esta intención de evitar o ma-

lestar da lembranza ou doutro acto psíquico, a fuxida psíquica ante o malestar, podemos recoñecela como último motivo eficaz, non só do esquecemento de nomes, senón tamén doutros moitos actos falidos coma omisións e erros entre outros.

Semella que o esquecemento de nomes é especialmente doado psicofisiologicamente, e por iso preséntase tamén en casos que non permiten constatar a inxerencia dun motivo de aversión. Cando alguén presenta unha tendencia ao esquecemento de nomes, vostedes poden determinar por medio da exploración psicanalítica que non só esquece nomes porque non lle gustan ou porque lle lembran a unha persoa desagradable, senón tamén porque o mesmo nome pertence para el a outro círculo asociativo co que está relacionado intimamente. O nome é retido neste círculo, negando momentaneamente as outras asociacións activadas. Se lembran as obras de arte da mnemotécnica, comprobarán con unánime asombro que esquecemos nomes debido ás mesmas conexións que establecemos intencionadamente para os protexer do esquecemento. O exemplo máis sorprendente disto proporcionáno os nomes propios de persoas que posúen un valor psíquico diferente para cada suxeito. Tomen, por exemplo, un nome como Teodoro. Para un de vostedes non significará nada especial; para outro é o nome do seu pai, do seu irmán, dun amigo ou o seu propio nome. A experiencia analítica amosaralles entón que o primeiro non está en perigo de esquecer que unha persoa descoñecida leva ese nome, mentres que os outros sentiranse permanentemente inclinados a negarlle ao estraño un nome que para eles semella reservado a relacións íntimas. Admitan agora que esta inhibición asociativa pode coincidir co efecto do principio de aversión e ademais cun mecanismo indirecto, e entón estarán en condicións de facerse unha composición xusta do nivel de complicación da causa do esquecemento temporal dun nome. Unha análise axeitada desvelalles por completo todas estas complicacións.

O esquecemento de impresións e experiencias amosa, incluso máis clara e exclusivamente ca o esquecemento de nomes,

o efecto da tendencia a manter lonxe do recordo o desagradable. Naturalmente, non pertence en toda a súa dimensión aos actos falidos, senón só na medida en que nos parece, medido coa escala da nosa experiencia, sorprendente e infundado, como por exemplo cando o esquecemento afecta a impresións frescas ou importantes, ou a aquelas outras cunha carencia que abre un buraco nun contexto, polo demais ben lembrado. Por qué e cómo podemos esquecer, incluso experiencias que nos deixaron con total seguridade unha profunda impresión, como os acontecementos dos nosos primeiros anos de infancia, é un problema moi distinto no que a resistencia contra os impulsos de aversión xoga un determinado papel, aínda que non o explica todo. É indubidable que esquecemos con facilidade impresións desagradables. Distintos psicólogos decatáronse disto, e o gran Darwin percibiu unha impresión tan forte deste feito que se impuxo a “norma de ouro” de anotar con especial esmero observacións que semellaban inadecuadas para a súa teoría, xa que se convencera de que precisamente estas non querían permanecer na súa memoria.

Quen escoita falar por primeira vez do esquecemento como principio de resistencia contra as lembranzas que provocan malestar, rara vez deixa de facer a obxección de que, segundo a súa experiencia, é xustamente o embarazoso o máis difícil de esquecer na medida en que sempre volve, en contra da vontade da persoa, para atormentala, por exemplo a lembranza de ofensas ou humillacións. Este feito tamén é correcto, pero a obxección non é exacta. É importante que empecemos a tempo a contar co feito de que a vida psíquica é un lugar de loita e de acción de tendencias opostas ou, expresado de forma non dinámica, que consiste en contradicións e parellas de opostos. A existencia dunha tendencia determinada non achega nada para a exclusión doutra oposta a ela; hai espazo para ambas. Só depende de como se relacionen entre eles os opostos, de que efectos emanan dun e doutro.

As perdas e os extravíos son especialmente interesantes para nós debido á súa polisemia é dicir, debido á variedade de

tendencias ao servizo das que poden entrar os actos falidos. É común a todos os casos a intención de perder algo, pero a razón e o obxectivo da perda é diferente. Perdemos algo cando está deteriorado, cando se ten a intención de substituílo por algo mellor, cando deixou de ser apreciado, cando procede dunha persoa coa que empeoraron as relacións, ou cando foi adquirido baixo circunstancias que non queremos lembrar. Ao mesmo fin poden servir tamén o deixar caer, danar, romper algo. Na vida social demostrouse que os fillos impostos ou ilexítimos son moito máis febles ca os fillos lexítimos. Para chegar a este resultado non fai falla a ruda técnica dos chamados fabricantes de anxos; a negligencia no coidado do neno abonda para explicalo. Coa conservación dos obxectos podería moi ben suceder o mesmo que coa do neno.

Pero os obxectos poden estar predeterminados a perderse, sen perderen por isto o seu valor, se existe a intención de sacrificar algo ao destino para evitar outra perda máis temida. Estes designios do destino aínda son, segundo a declaración da análise, moi habituais entre nós; as nosas perdas son a miúdo, debido a isto, unha vítima voluntaria. Do mesmo xeito a perda pode pórse ao servizo da obstinación e do autocastigo; resumindo, a tendencia a desembarazarnos dun obxecto por medio da perda pode ter os motivos máis variados.

O erro de conduta empregárase a miúdo, ao igual ca outros erros, para satisfacer desexos dos que deberíamos privarnos. A intención sinálase neste caso coma unha casualidade afortunada. Así, por exemplo, cando, como lle sucedeu a un dos nosos amigos, temos que coller o tren que se dirixe aos arredores da cidade para facer unha visita en contra da nosa vontade, e na estación de transbordo subimos por erro no tren que nos levará de novo á cidade, ou cando nunha viaxe queremos facer unha parada prolongada nunha estación intermedia pero non debemos debido a determinadas obrigas, omitindo ou perdendo un enlace coma consecuencia, de xeito que estamos obrigados á interrupción desexada. Ou como lle pasou a un dos meus pa-

cientes, ao que lle prohibín chamar por teléfono á súa amante, pero que “erroneamente”, “pensando en voz alta” dixo o número equivocado cando quería falar comigo, de xeito que de súpeto lle puxeron coa súa amante. Un exemplo fermoso e significativo de erro directo achégao a observación dun enxeñeiro sobre os antecedentes dun dano material:

Hai un tempo traballaba eu con máis compañeiros no laboratorio da Escola Superior nunha complicada serie de experimentos de elasticidade, un traballo que asumíramos voluntariamente, pero que comezou a esixir máis tempo do que esperabamos. Un día, cando me dirixía ao laboratorio co meu compañeiro F., este manifestou o desagradable que era para el perder tanto tempo xustamente ese día, e que tiña moito que facer na casa; eu só puiden darlle a razón, e engadín medio en broma, aludindo a un suceso da semana anterior *¡Espero que a máquina volva a fallar, para que poidamos interromper o traballo e marchar antes!*

No reparto do traballo tocoulle ao compañeiro F. regular a válvula da prensa é dicir, abriuna con coidado para deixar entrar lentamente o líquido de presión dende o acumulador ao cilindro da prensa hidráulica; o director do experimento permaneceu no manómetro e, cando este alcanzou a presión correcta, berrou un “Alto”. A este comando F. xirou a válvula con todas as súas forzas á esquerda (¡todas as válvulas pechan sen excepción cara á dereita!). Debido a isto, toda a presión do acumulador actuou de golpe na prensa, para o que non estaba preparada a canalización, de xeito que unha unión da mesma rebentou de inmediato —un defecto de máquina relativamente indefenso que, non obstante, nos obrigou a deixar o traballo por ese día e marchar para casa.

Resulta ademais característico que, un tempo despois, cando falabamos deste suceso, o amigo F. non podía lembrarse do meu comentario, que eu lembraba con todo detalle.

Dende aquí poden chegar á suposición de que non é sempre unha casualidade inocente a que converte as mans do seu persoal de servizo no máis perigoso inimigo da súa propiedade. Pero tamén poden lanzar a pregunta de se sempre se trata dunha casualidade cando nos facemos dano, pondo en perigo a nosa propia integridade. A análise de observacións deste xénero daranos a resposta a estas interrogacións.

¡Meus queridos oíntes! Isto non é, con moito, todo o que se podería dicir sobre os actos falidos. Aínda hai moito que investigar e discutir. Pero doume por satisfeito se con estes debates logrei que renunciaran a algunhas das súas opinións e que acadaran certo grao de dispoñibilidade para a aceptación doutras novas. Polo demais, non sinto ningún escrúpulo por deixalos ante unha situación parcialmente aclarada. A partir do estudo dos actos falidos non podemos demostrar todas as nosas teses, e nada nos obriga a limitar as nosas investigacións a este material. O gran valor dos actos falidos para os nosos obxectivos reside en que moi a miúdo poden observarse fenómenos, tamén na propia persoa, que non teñen a enfermidade coma condición para a súa realización. Para rematar gustaríame lembrarilles unha das súas preguntas, aínda sen resposta: se as persoas, como vimos en moitos exemplos, se aproximan tanto á comprensión dos actos falidos, e a miúdo se comportan como se puidesen adiviñar o seu sentido, ¿como é posible que cualifiquen estes fenómenos de casuais e carentes de sentido e significado e que poidan rexeitar tan enerxicamente a explicación psicanalítica dos mesmos?

Teñen razón, este feito é singular e esixe unha aclaración. Pero non llela vou dar, senón que os conducirei de vagar ás circunstancias, a partir das que deducirán tal aclaración sen que precisen da miña colaboración.

SEGUNDA PARTE
O SOÑO

Dificultades e primeiras aproximacións

Miñas damas e meus cabaleiros, un día fíxose o descubrimento de que os síntomas patolóxicos de determinados suxeitos nerviosos tiñan un sentido¹. En vista disto creouse a terapia psicanalítica. Neste tratamento sucedía que os enfermos tamén presentaban, no canto dos seus síntomas, soños. Así pois, orixínonse a suposición de que estes soños tamén tiñan un sentido.

Pero nós non imos tomar este camiño histórico, senón, máis ben, o contrario. Queremos demostrar o sentido dos soños como preparación para o estudo das neuroses. Esta inversión está xustificada xa que o estudo do soño non é só a mellor preparación para o das neuroses, o soño mesmo é tamén un síntoma neurótico que para nós ten a vantaxe inestimable de atoparse en todas as persoas sas. Si, se todas as persoas foran sas e só soñaran, poderíamos adquirir a partir dos seus soños todos os coñecementos aos que nos levou a exploración das neuroses.

Así convértese o soño en obxecto da investigación psicanalítica. Novamente un fenómeno habitual e menospreciado, en aparencia sen valor práctico, coma os actos falidos cos que ten en común a presenza en persoas sas. Pero, polo demais, as condicións para o noso traballo son máis ben desfavorables. Os actos falidos foron desatendidos pola ciencia, preocupámonos pouco deles; pero a fin de contas non era ningunha vergoña ocuparse deles. Díxose que, aínda que había cousas máis importantes, quizais podería extraerse algo do seu estudo. O estudo do soño non é simplemente pouco práctico e superficial, senón directamente inxurioso; suscita o odio contra o pouco científico, esperta a sospeita dunha tendencia persoal ao misticismo.

¹ Josef Breuer nos anos 1880-1882. Compárese coa miña conferencia *Sobre a Psicanálise*, América 1909, e con "Sobre a historia do movemento psicanalítico". (Volume VIII e X desta edición completa [Obras Completas].)

É incomprendible que un médico se adique ao soño, habendo cousas moito máis serias na Neuropatoloxía e na Psiquiatría: tumores do tamaño dunha mazá que comprimen o órgano da vida psíquica, hematomas, inflamacións crónicas por medio das que se poden observar baixo o microscopio as alteracións do tecido. Non, o soño é un obxecto demasiado insignificante, indigno de ser investigado.

A isto hai que engadir que ten un carácter que desafia todas as demandas da investigación exacta. Na investigación do soño nin sequera estamos seguros do obxecto. Unha idea fixa, por exemplo, preséntase coma clara e perfilada. “Son o Emperador de China,” di o enfermo en voz alta. ¿Pero, e o soño? Na súa maioría non se pode explicar. Cando alguén conta un soño, ¿ten a garantía de que o contou correctamente, ou máis ben de que o cambia durante a narración inventando algo, forzado pola indeterminación da súa lembranza? A maior parte dos soños non poden nin sequera lembrarse, esquecendo ata os máis pequenos fragmentos. ¿E sobre a interpretación deste material vai fundarse unha Psicoloxía científica ou un método terapéutico?

Aqueles xuízos que se amosen excesivos deben facernos desconfiar. As obxeccións en contra do soño como obxecto de investigación van evidentemente demasiado lonxe. Xa rebatimos a insignificancia dos actos falidos. Dixemos que grandes cousas poden manifestarse tamén por medio de pequenos signos. No que se refire á indeterminación do soño, este é precisamente un carácter como calquera outro; non podemos prescribirlle ás cousas o carácter que deben presentar. Ademais, hai soños claros e determinados. Tamén hai outros obxectos de investigación psiquiátrica que padecen o mesmo carácter de indeterminación, por caso, a maioría das obsesións, coas que traballaron psiquiatras respectables e prestixiosos. Quero agora lembrar o último caso que atopei na miña actividade médica. A enferma presentouseme coas palabras “Teño certa sensación, como se tivese danado, ou tivese querido danar un ser vivo –¿ un neno?– non,

máis ben un can –coma se o tivese tirado por unha ponte– ou algo distinto.” Nós podemos pór remedio ao dano causado polo carácter incerto da lembranza do soño estipulando como o seu soño precisamente iso que conta o soñador, sen ter en consideración todo o que esqueceu ou cambiou da lembranza. Non podemos afirmar en xeral que o soño sexa algo insignificante. Sabemos por propia experiencia que o humor co que espertamos dun soño pode continuar ao longo de todo o día; os médicos observaron casos nos que unha enfermidade psíquica comeza cun soño, retendo unha idea fixa derivada deste soño; algunhas personaxes históricas nos informan de que nos seus soños atoparon os estímulos de feitos trascendentes. Por iso imos preguntarnos, ¿de onde procede realmente o menosprezo do círculo científico polo soño?

Eu opino que é a reacción á sobreestimación de épocas anteriores. A reconstrución do pasado non é, como é sabido, doada, pero debemos aceptar sen vacilación –permítanme a broma–, que xa os nosos antepasados de hai máis de 3000 anos soñaban do mesmo xeito ca nós. Segundo o que sabemos, os pobos antigos concederon moita significancia aos soños e consideráronos aproveitables. Deduciron deles signos para o futuro, buscaron agoiros neles. Para os gregos e outros pobos orientais unha campaña militar sen un intérprete de soños resultaba ás veces tan imposible como hoxe sen medios de observación aérea. Cando Alexandre Magno emprendeu a súa campaña de conquistas, atopábanse no seu séquito os intérpretes de soños máis célebres. A cidade de Tiro, que por aquel entón aínda se atopaba nunha illa, ofreceu unha resistencia tan dura ao rei, que este acariñou a idea de abandonar o asedio. Unha noite soñou cun sátiro danzando triunfante, e cando relatou este soño aos seus intérpretes oníricos recibiu a resposta de que se lle tivera anunciado a vitoria sobre a cidade. Ordenou o ataque e tomou Tiro. Entre os etruscos e os romanos estaban en uso outros métodos de exploración do futuro, mais a interpretación dos soños foi cultivada e

altamente considerada durante toda a época grecorromana. Da bibliografía que versaba ao respecto chegou cando menos ata nós a obra clave do libro de Artemidoro de Daldis, que se data na época do emperador Adriano. Do que ocorreu despois, que o arte da interpretación dos soños e o soño caeran en descrédito, non preciso dicirlles nada. A ilustración intelectual non puido ser o motivo, xa que a escura Idade Media conservou fielmente cousas moito máis absurdas que a antiga interpretación dos soños. O feito é que o interese polo soño dexenerou paulatinamente en superstición e que só puido refuxiarse na incultura. O derradeiro abuso da interpretación dos soños, que aínda ten lugar nos nosos días, tenta descubrir a partir dos soños os números que serán premiados nos sorteos de loterías. En compensación a ciencia exacta da actualidade ocupouse repetidamente do soño, pero sempre coa única intención de aplicarlle as súas teoría fisiolóxicas. Naturalmente, os médicos consideraron o soño como un acto non psíquico, como a expresión de estímulos somáticos na vida psíquica. Binz define en 1878 o soño como “un proceso corporal, inútil en todos os casos, verdadeiramente enfermizo en moitos deles, sendo a alma do mundo e a inmortalidade tan superiores a el coma o éter azul a unha superficie de area chea de malas herbas no máis profundo terreo”. Maury compárao coas contraccións desordenadas do Baile de san Vito en contraposición aos movementos coordinados das persoas normais; unha vella comparación establece o paralelismo entre o contido do soño e os tons que producirían “os dez dedos dunha persoa que non sabe de música percorrendo as teclas do instrumento”.

Interpretar significa atopar un sentido oculto; nesta avaliación da actividade do soño non se trata disto. Examenen vostedes a descrición do soño en Wundt, Jodl e outros xoves filósofos; conténtase coa enumeración das desviacións da vida onírica con respecto do pensamento en vixilia coa intención de desacreditar o soño, pon de relevo a desintegración das asocia-

cións, a abolición do sentido crítico, a eliminación de todo coñecemento e outros signos da redución do rendimento. A única contribución valiosa para o coñecemento do soño que temos que agradecerlle á ciencia refírese á influencia de estímulos corporais que actúan durante o sono sobre o contido do soño. Posuimos dous grosos volumes dun autor noruegués falecido hai pouco, J. Mourly Vold, sobre a investigación experimental do soño (traducidos ao alemán en 1910 e 1912), que practicamente só tratan dos efectos benéficos dos cambios de postura das extremidades. Eloxiarémolos como modelos da investigación exacta do soño. ¿Poden vostedes imaxinar agora o que diría a ciencia exacta ao respecto, se descubriera que queremos facer o intento de atopar o *sentido* dos soños? Quizais xa se pronunciou sobre esta cuestión. Mais non queremos deixarnos intimidar. Se os actos falidos podían ter un sentido, tamén pode telo o soño, e os actos falidos teñen en moitos casos un sentido que se lle escapa á investigación exacta. Declarémonos partidarios do prexuízo dos maiores e do pobo e sigamos as pegadas dos antigos intérpretes de soños.

Antes de nada debemos orientarnos sobre a nosa tarefa pasando revista ao ámbito dos soños. ¿Que é un soño? É difícil dicilo nunha frase. Pero non buscamos tampouco unha definición na que abonde a referencia ao material que calquera pode coñecer. Por outra banda, deberíamos extraer o esencial do soño. ¿Onde se pode atopar? Hai diferenzas tan enormes no marco que circunda o noso ámbito, diferenzas en todas as direccións. Esencial será aquilo que poidamos reputar común a todos os soños.

Si, o primeiro elemento común a todos os soños é que nese intre estamos durmindo. Soñar é claramente a vida psíquica durante o sono, que ten certas similitudes co espertar e que se opón a este por medio de grandes diferenzas. Esa era xa a definición de Aristóteles. Tal vez existan relacións máis próximas entre o soño e o sono. Podemos espertar a través dun soño

espontaneamente ou sendo arrebatados violentamente ao sono. Polo tanto, o sono semella ser un estado intermedio entre durmir e espertar. Isto no que se refire ao sono. Pero ¿que é o sono?

Trátase dun problema fisiolóxico ou biolóxico aínda moi discutido. Non podemos decidir nada ao respecto, pero eu opino que debemos tentar definir un carácter psicolóxico do sono. O sono é un estado no que non quero saber nada do mundo exterior, no que perdín o meu interese por el. No sono trasládome, na medida en que me retiro deste mundo e manteño os seus estímulos alonxados de min. Quedo durmido cando estou canso del. Quedando durmido dígolle polo tanto ao mundo exterior “Déixame tranquilo porque quero durmir”. O neno, pola contra, di “aínda non vou durmir, non estou canso, aínda quero experimentar algo máis”. Polo tanto, semella que a tendencia biolóxica do sono é o descanso, e o seu carácter psicolóxico a suspensión do interese polo mundo. A nosa relación co mundo, ao que viñemos de tan mala gana, semella implicar que non o aturamos sen interrupción. Por esta razón retirámonos temporalmente ao estado prenatal, é dicir, á existencia no útero materno. Creamos cando menos condicións similares ás que existían entón: cálidas, escuras e sen estímulos. Algúns de nós incluso se enrodelan nun vulto estreito, adoptando para durmir unha postura corporal similar á que tiñan no útero materno, como se o mundo non nos tivera por completo a nós, adultos, senón só en dúas terceiras partes; nun terzo aínda somos non natos. Cada espertar pola mañá é entón como un novo nacemento. Tamén falamos do estado despois do sono coas palabras “Somos como recién nacidos”, aínda que probablemente esteamos facendo unha suposición falsa sobre a sensación xeral do recém nacido. Debemos admitir que este se sinta moito máis incómodo. Do nacemento tamén dicimos que é como “ver por primeira vez a luz do día”.

Se o sono é iso, o sono non se atopa en absoluto dentro dos seus plans, semella moito máis un ingrediente non benvido. Tamén opinamos que o sono sen sono é o mellor, o único co-

recto. Non debe haber ningunha actividade psíquica durante o sono; se esta o roza sequera non acadamos a creación do estado de reposo fetal; algúns restos de actividade psíquica non poden evitarse por completo; estes restos serían o soñar. Pero entón parece que realmente o soño non precisa ter ningún significado. Nos actos falidos sucedía algo distinto; eran actividades durante a vixilia. Pero cando durmo, cando suspendín completamente a actividade psíquica e soamente non puideren reprimir certos restos da mesma, non é en absoluto necesario que estes restos teñan un sentido. Incluso podo non necesitar este sentido porque o resto da miña vida psíquica durme. Nese caso só pode tratarse en realidade de reaccións convulsas, só pode tratarse deses fenómenos psíquicos que proceden de estímulos somáticos. Os soños serían entón os restos da actividade psíquica da vixilia alteradores do sono, e deberíamos concibir o propósito de abandonalos canto antes por tratárense dun tema inapropiado para a Psicanálise.

Non obstante, aínda cando o soño é superficial, existe, e podemos tentar dar conta desta existencia. ¿Por que non dorme a vida psíquica? Probablemente porque algo non deixa en paz á psique. Os estímulos actúan sobre ela, e ten que reaccionar a isto. O soño é entón o xeito en que a psique reacciona aos estímulos actuantes no estado de sono. Aquí atopamos un acceso á comprensión do soño. Agora podemos buscar en distintos soños cales son os estímulos que queren alterar o sono, e aos que se reacciona con soños. Eis o elemento común a todos os soños.

¿Hai aínda algo máis en común? Si, é evidente, pero moito máis difícil de comprender e describir. Os procesos psíquicos durante o sono teñen tamén un carácter moi distinto ao dos procesos psíquicos da vixilia. Durante os soños temos moitas experiencias e cremos nelas cando, en realidade, tal vez non esteamos percibindo máis ca un estímulo alterador. As nosas percepcións son predominantemente imaxes visuais; tamén pode haber sentimentos, pensamentos, os outros sentidos tamén

poden percibir algo, pero sobre todo trátase de imaxes. Unha parte da dificultade de narrar un soño provén de que temos que traducir estas imaxes a palabras. “Podería debuxalo”, di a miúdo o soñador, “pero no sei como podo expresalo con palabras”. Esta non é, en realidade, unha actividade psíquica reducida, coma a do imbécil en comparación coa do xenio; tratáse de algo cualitativamente diferente, pero é difícil dicir onde se atopa a diferenza. G. Th. Fechner formulou unha vez a suposición de que o escenario no que teñen lugar os soños na psique é outro ca o da representación da vida de vixilia. Nós non entendemos isto, non sabemos o que temos que pensar ao respecto, pero esta suposición reproduce realmente a impresión de estrañamento que nos causan a meirande parte dos soños. A comparación entre a actividade do soño coa execución dunha man sen sentido musical tamén fracasa aquí. O piano responderá en todo caso cos mesmos tons, aínda que non o faga con melodías, en canto a casualidade percorra o seu teclado. Non imos perder de vista este segundo elemento común a todos os soños, aínda que non o entendamos.

¿Hai aínda máis elementos en común? Eu non atopo ningún, non vexo máis ca diferenzas por todas partes, e en todos os aspectos. Tanto no que se refire en aparencia á duración, como á precisión, á participación de emocións e á súa consistencia. Todo isto non é o que poderíamos esperar da resistencia forzoza, escasa e convulsa dun estímulo. En canto á dimensión dos soños, hainos tan curtos que só conteñen unha imaxe ou unhas poucas, un pensamento ou unha palabra; outros son extraordinariamente ricos en contido, representando novelas enteiras e semellando durar moito. Hai soños que son tan claros coma a vida mesma, tan claros que un tempo despois de espertarmos non os recoñecemos como soños; outros son indiciblemente febles, vagos e borrosos; si, nun mesmo soño poden alternarse os elementos máis fortes e aqueles máis difusos que son apenas comprensibles. Os soños poden ter moito sentido, ou ser cando

menos coherentes, mesmo enxeñosos, fantasticamente fermosos; outros son confusos, estúpidos, absurdos e a miúdo demasiado fantásticos. Hai soños que nos deixan completamente fríos, outros nos que se revelan todas as emocións, unha dor que nos fai chorar, unha angustia que nos fai espertar, admiración, asombro, e así sucesivamente. A maior parte das veces os soños esquécese rapidamente despois de espertar, ou consérvanse todo día, de xeito que serán lembrados ata a noite, cada vez máis esvaídos e incompletos; outros consérvanse tan ben, por exemplo soños de infancia, que 30 anos máis tarde permanecen na memoria como experiencias frescas. Os soños poden aparecer, como os individuos, unha soa vez e nunca máis, ou repetirse, invariables ou con pequenas alteracións, na mesma persoa. En resumidas contas, a escasa actividade psíquica nocturna dispón dun enorme repertorio, en realidade todo o que a psique crea durante o día, aínda que non sexa o mesmo.

Podería tentarse dar conta destas variedades do soño conforme se acepte que se corresponden con distintos estados intermedios entre o sono e a vixilia, distintos niveis do sono incompleto. Si, pero entón ao incrementarse o valor, o contido e a transparencia da actividade do soño, veremos cada vez con máis claridade que se trata dun soño, xa que a psique achégase con este tipo de soños á vixilia, e non debería aparecer inmediatamente a carón dun breve fragmento de soño transparente e razoable outro sen sentido ou opaco, seguidos dun novo fragmento preciso. Seguro que a psique non pode cambiar tan axiña a profundidade do seu sono. Esta explicación polo tanto non achega nada; non funciona sen máis nin máis.

Polo de agora imos renunciar ao “sentido” do soño e tentar abrírnos paso cara a unha mellor comprensión do mesmo a partir dos elementos comúns aos soños. Das relacións dos soños co estado de sono deducimos que o soño é a reacción a un estímulo alterador do sono. Como xa escoitamos, este tamén é o único punto no que nos pode ser de axuda a Psicoloxía experimental

exacta; ela proba que durante o sono aparecen no soño estímulos conducidos polo primeiro. Puxéronse en marcha moitas investigacións incluíndo a xa mencionada de Mourly Vold; cada un de nós chegou a estar na situación de confirmar esta experiencia por medio de eventuais observacións persoais. Citarei aquí algúns dos máis antigos experimentos. Maury fixo tales experimentos sobre a súa propia persoa. Fíxoselle ulir auga de colonia durante o sono e soñou que estaba no Cairo, na tenda de Johann Maria Farina, e a esta engadíronse novas e fermosas aventuras. Ou beliscóuselle lixeiramente na caluga e soñou con que se lle aplicaba unha cataplasma, e cun médico que o tratará na súa infancia. Ou vertéuselle unha pinga de auga sobre a fronte e soñou que estaba en Italia, suaba moito e bebía o viño branco de Orvieto.

Quizais poidamos resumir con máis claridade noutra serie de soños por estímulos o que nos chama a atención destes soños provocados experimentalmente. Trátase de tres soños transmitidos por un agudo observador, Hildebrandt, que consisten en distintas reaccións ao ruído dun espertador:

“Saio a pasear unha mañá de primavera e camiño de vagar a través dos verdes prados ata un pobo veciño, alí vexo aos habitantes vestidos de festa, co libro de cánticos baixo o brazo, dirixíndose en gran número á igrexa. ¡Correcto! É domingo e a primeira misa empezará pronto. Decido asistir a ela, pero antes, como estou un pouco acalorado, vou refrescarme ao cemiterio que arrodea a igrexa. Mentres leo distintas lápidas, escoito como o campaneiro da torre sube e vexo no alto de todo a pequena campá do pobo, que dará o sinal para o comezo do oficio. Aínda segue pendurada sen moverse un bo anaco, logo empeza a pendular –e de súpeto soan os seus golpes claros e imponentes– tan claros e imponentes que pon fin ao meu sono. Pero as badaladas proveñen do espertador.

”Unha segunda combinación. É un día claro de inverno; as rúas están cubertas de neve. Aceptei participar nun paseo en

trineo, pero teño que agardar bastante ata que me anuncian que o trineo está ante a miña porta. A continuación seguen os preparativos para subir a el –cúbrome co gabán de pel, coloco o quentador para os pés– e finalmente sento no meu sitio. Pero a saída retrásase aínda ata as bridas dos cabalos daren un sinal perceptible. Agora estíranse; os axóuxeres axitados con forza comezan o seu célebre repenique cun poderío que rasga en cuestión de segundos a arañeira do meu soño. Novamente non se trata máis que do tono estridente da campá do espertador.

”¡Aínda un terceiro exemplo! Vexo a unha camareira cunhas cantas ducias de pratos apilados atravesando o corredor cara ao comedor. A columna de porcelana nos seus brazos semella correr o perigo de perder o equilibrio. ‘Ten coidado’, advértole, ‘vai caer todo o cargamento polo chan.’ Naturalmente, a obrigada protesta non tarda en chegar: que xa está acostumada a iso, etc. Mentres, eu acompaño con mirada de preocupación á camiñante. En efecto, o tropezo ten lugar no limiar da porta –a fráxil vaixela cae e soa e resoa convertida en centos de anacos por todo o chan. Pero o ton que continúa ata o infindo non é en realidade, como pronto noto, o son da vaixela senón o dun timbre, e o durminte recoñece que con este timbre está cumprindo coa súa obriga o espertador.”

Estes soños son verdadeiramente fermosos, cheos de sentido, non tan incoherentes como acostuman ser os soños. Non por iso queremos pórllles reparos. O elemento común a todos eles é que a situación remata nun ruído que se recoñece ao espertar como o do espertador. Polo tanto, aquí vemos como se enxendra un soño, pero aínda descubrimos algo máis. O soño non recoñece o espertador –este tampouco existe no soño–, senón que substitúe o ruído do espertador por algo diferente, interpreta o estímulo que altera ao sono, pero o interpreta cada vez dun xeito distinto. ¿Por que? Non hai ningunha resposta a isto, semella ser arbitrario. Entender o soño significaría poder indicar por que escolleu este ruído, e ningún outro, como explicación do estímulo do

espertador. De xeito totalmente análogo debemos obxectar en contra dos experimentos de Maury que ben se ve que o estímulo inducido actúa no soño, pero non sabemos por que o fai deste xeito, e semella que isto non obedece en absoluto á natureza deste estímulo alterador do sono. Os experimentos de Maury asocian ademáis ao resultado do estímulo unha cantidade enorme doutro material onírico, por exemplo a fermosa aventura no soño da auga de colonia, da que ninguén sabe dar conta.

Pensen agora que os soños que rematan co espertar do individuo ofrecen as mellores oportunidades para determinar a influencia de estímulos externos alteradores do sono. Na maioría dos demais casos isto é máis difícil. Non espertamos de todos os soños, e cando lembramos pola mañá o soño da noite, ¿como podemos atopar o estímulo alterador que tal vez actuara durante a noite? Nunha ocasión logrei constatar a posteriori un estímulo sonoro deste tipo, debido naturalmente a circunstancias especiais. Espertei unha mañá nun pobo de montaña do Tirol sabendo que soñara que o Papa morrera. Non podía explicarme o soño, pero entón a miña muller preguntoume “¿Oíches esta mañá as formidables badaladas de todas as igrexas e capelas?” Non, eu non oíra nada, o meu sono é máis resistente ca todo iso, pero grazas a esta información entendín o meu soño. ¿Con que frecuencia incitan estes estímulos ao soño ao durminte, sen que este teña noticia dos mesmos a posteriori? Quizais moi a miúdo, quizais non. Se o estímulo non é demostrable, entón tampouco constatar a súa existencia. De todos os xeitos, deixaremos de lado os estímulos externos alteradores do soño, xa que sabemos que só poden explicarnos un pequeno fragmento daquel soño, e non toda a reacción que o constitúe.

Por esta razón non necesitamos abandonar totalmente esta teoría. Ademáis, esta é susceptible de ser continuada. Obviamente, o medio polo que o sono é alterado e a psique incitada aos soños é indiferente. Se non se pode tratar sempre dun estímulo sensorial proveniente do exterior, pode que no

seu lugar sobreveña un así chamado estímulo cenestésico proveniente dos órganos internos. Esta suposición é moi lóxica, e correspóndese ademáis coa opinión máis popular sobre a orixe dos soños. A miúdo escóitase dicir que os soños proceden do estómago. Pero neste caso tamén se pode supor desgraciadamente que un estímulo cenestésico que actuou durante a noite non deixe probas da súa actuación pola mañá, sendo xa que logo indemostrable. Así e todo, non queremos omitir as moitas e boas experiencias que testemuñan a derivación dos soños do estímulo cenestésico. En xeral, é indubidable que o estado dos órganos internos pode influír sobre o soño. A relación entre o contido dalgúns soños e a acumulación de ouriños na vexiga ou o estado de excitación dos órganos sexuais é tan obvia que non pode ser negada. A partir destes casos transparentes chégase a outros nos que do exame do contido dos soños pode derivarse cando menos a suposición xustificada da actuación destes estímulos cenestésicos, na medida en que se atopa nese contido algo que pode ser interpretado como elaboración, representación, interpretación destes estímulos. O investigador dos soños Scherner (1861) defendeu moi enerxicamente a derivación do soño de estímulos orgánicos e achegou para isto algúns fermosos exemplos. Se, por exemplo, ve nun soño “dúas ringleiras de fermosos nenos de cabelo loiro e delicada cute, que se precipitan uns sobre os outros, atacándose mutuamente, para se afastaren de novo, volvendo á súa posición incial e retomando logo o combate”, a súa interpretación é que estas ringleiras de nenos son unha representación das dúas ringleiras de dentes, interpretación que semella atopar a súa confirmación absoluta cando, despois desta escena, o soñador, “extrae unha longa moa da mandíbula”. A explicación que atribúe ao soño con “corredores longos, estreitos e sinuosos” un estímulo intestinal semella concluínte e confirma a exposición de Scherner, segundo a que o soño busca sobre todo representar o órgano emisor do estímulo por medio de obxectos similares a el.

Polo tanto, debemos estar dispostos a admitir que os estímulos internos poden xogar o mesmo papel no soño que os externos. Desgrazadamente, a súa valoración está suxeita tamén ás mesmas obxeccións. Nun gran número de casos a interpretación do estímulo cenestésico é incerta ou indemostrable; non todos os soños, senón tan só unha parte determinada deles, permite sospeitar que na súa xénese participaron estímulos orgánicos internos e, finalmente, o estímulo cenestésico interno non estará en condicións, ao igual que o estímulo sensorial externo, de explicar do soño máis ca o que se corresponde coa reacción directa ao estímulo. A procedencia do resto do soño permanece oculta.

Tomemos nota dunha peculiaridade da vida onírica que xorde do estudo das accións destes estímulos. O soño non reproduce simplemente o estímulo, senón que o elabora, alude a el, incorpóralo a un contexto determinado, substitúeo por algo distinto. Esta é unha parte da elaboración do soño que nos debe interesar porque quizais se achegue máis á esencia do mesmo; cando alguén fai algo coma reacción a un estímulo, pode reborder os límites do mesmo. O *Macbeth* de Shakespeare, por caso, é unha obra de circunstancias, composta con ocasión de subida ao trono do rei, que reunía por primeira vez sobre a súa cabeza as coroas das tres rexións británicas. Pero, ¿cobre este motivo histórico o contido do drama, explícanos a súa grandeza e os seus enigmas? Tal vez sexan os estímulos externos e internos que actúan sobre o sono só os incitadores do soño, sen delatar con isto a esencia do mesmo.

O outro elemento común aos soños, a súa peculiaridade psíquica, é, por unha parte, dificilmente comprensible e, pola outra parte, non dá ningún punto de referencia para a unha investigación ulterior. Os sucesos dos que se compón o soño teñen a maior parte das veces forma visual. ¿Poden dar os estímulos unha explicación a isto? ¿É realmente o estímulo o que experimentamos? ¿Por que se trata entón dunha experiencia visual, cando a excitación ocular só estimula o soño en contadas oca-

sións? Ou cando soñamos palabras, ¿pode acaso demostrarse que penetraron o noso oído unha conversa ou ruídos similares a ela? Eu atrévome a rexeitar enerxicamente esta posibilidade.

Posto que xa non avanzamos máis cos elementos comúns a todos os soños, quizais debamos tentalo coas súas diferenzas. Os soños son a miúdo desatinados, ensarillados, absurdos; pero hainos sensatos, obxectivos, razoables. Vexamos se estes últimos poden darnos algunha explicación para os absurdos. Vou facelos partícipes do último soño razoable que me contaron, o soño dun home novo: “Paseaba pola rúa Kärtner, atopei alí ao señor X, ao que me unín durante un anaco, logo fun a un restaurante. Dúas damas e un cabaleiro sentaron á miña mesa. Ao principio enfadeime por esta razón e non quería ollar para eles. Despois mireinos e achei que eran moi agradables”. O soñador engadiu que a tarde anterior pasara pola rúa Kärtner, que é o seu percorrido habitual, e que alí atopara ao señor X. A outra parte do soño non é unha reminiscencia directa; ten só certa similitude cunha experiencia de hai moito tempo. A continuación outro soño sensato, o dunha dama: “O seu home pregunta se non deberían facer afinar o piano. Ela responde que non paga a pena porque, de todos xeitos, hai que cambiarlle a pel”. Este soño repite unha conversa que tivera lugar entre o seu home e ela, sen moitas variacións, o día anterior ao do soño. ¿Que aprendemos destes dous soños sensatos? Só que neles atopamos repeticións da vida diúrna ou elementos vinculados con esta. Isto significaría algo se puidésemos afirmalo sobre todos os soños en xeral. Pero non é o caso, isto só ten validez para unha minoría; na maioría dos soños non se poden atopar restos do día anterior, e isto non bota luz ningunha nos soños insensatos e absurdos. Só sabemos que nos atopamos cunha nova tarefa. Non só queremos saber o que di un soño, senón que cando o di con claridade, coma no noso exemplo, tamén queremos saber por que e para que se repiten no soño estes sucesos coñecidos e vividos hai pouco.

Creo que estarán cansos, coma min, de proseguir con experimentos coma os feitos ata agora. Vemos xustamente que todo interese por un problema é pouco se non se coñece o camiño a seguir que nos guíe ata a solución. Polo de agora non temos este camiño. A Psicoloxía experimental non nos achegou máis ca algunhas indicacións moi estimables sobre o significado dos estímulos como incitadores do soño. Da Filosofía só debemos esperar que nos recrimine de novo fachendosa a inferioridade intelectual do noso obxecto; ás Ciencias ocultas non queremos pedirllas ningún préstamo. A Historia e a opinión pública dinnos que o soño ten sentido e importancia, que anticipa o porvir; isto é difícil de aceptar e, certamente, non é demostrable. Así que a nosa primeira suposición remata na absoluta perplexidade.

De xeito inesperado chega a nós un sopro de ar fresco proveniente de certo aspecto que ata agora non contempláramos. A linguaxe, que non é casual senón a cristalización dos coñecementos acumulados, e que dende logo non debe ser empregada descoidadamente, é dicir, a nosa lingua fálanos de *soñar esperto*². Os soños diúrnos son fantasías (producións da fantasía), fenómenos moi comúns, que, unha vez máis, poden observarse tanto en persoas sas coma enfermas, e de doado acceso para o estudo na propia persoa. O máis chamativo destas construcións fantásticas é que non conteñen ningún dos dous elementos comúns a todos os soños. A relación co estado de sono contradí o seu nome e, no que se refire ao segundo elemento común, este non se fai sentir neles, xa que non consisten en ningún tipo de alucinación, senón en algo que se imaxina; sabemos que estamos fantaseando; non vemos, senón que pensamos. Os soños diúrnos aparecen na prepubertade, con frecuencia xa na infancia serodia, persisten ata os anos de madurez, e despois ou desaparecen ou consérvanse ata unha idade avanzada.

² No orixinal *Tagträumen* 'soños diúrnos', expresión que se corresponde con *soñar experto* [N.da T.]

O contido destas fantasías está rexido por unha motivación moi evidente. Trátase de escenas e sucesos nos que atopan satisfacción as egoístas necesidades de ambición e poder ou os desexos eróticos da persoa. Nos homes novos predominan as fantasías ambiciosas, nas mulleres, que proxectaron a súa ambición sobre o éxito amoroso, as eróticas. Pero a necesidade erótica tamén aparece como trasfondo con bastante frecuencia nos homes; todos os feitos heroicos e proezas deben facer as beiras á admiración e ao favor das mulleres. Polo demais, os sonhos diúrnos son moi variados e teñen diversas sortes. Ou son abandonados logo dun breve período de tempo e substituídos por outros, ou son conservados e dilatados, ata convertelos en longas historias, adaptándose aos cambios dos comportamentos vitais. Transcorren, por así dicilo, paralelos ao tempo, e reciben del unha “marca temporal”, que testemuña a influencia da nova situación. Estes sonhos diúrnos son o material en bruto das producións líricas que constrúe o poeta por medio de determinadas transformacións, disfraces e abreviacións que introduce nos seus relatos, novelas e obras de teatro. Pero o heroe dos sonhos diúrnos é sempre a propia persoa, directamente ou por medio da identificación manifesta con outra.

Os sonhos diúrnos quizais reciban este nome para especificar que manteñen coa realidade unha relación idéntica á dos sonhos propiamente ditos, e que o seu contido é tan real coma o dos sonhos. Quizais se basee este nome común nun carácter psíquico do sonho, aínda descoñecido para nós, un carácter que buscamos. Tamén é posible que esteamos cometendo unha inxustiza ao quereremos aproveitar esta igualdade de denominación. Isto poderemos dilucidalo máis adiante.

Condicions e técnica da interpretación

Miñas damas e meus cabaleiros, precisamos dun novo camiño, dun método, para avanzar na investigación do soño. Fágolles agora unha proposta fácil de entender. Tomemos como condición dende este momento *que o soño non é un fenómeno somático, senón psíquico*. Vostedes saben o que isto significa pero, ¿que nos autoriza a facer esta suposición? Nada, mais tampouco hai nada que nos impida facela. A situación é a seguinte: se o soño é un fenómeno somático, entón non nos atinxe; só pode interesarnos coa condición de que sexa un fenómeno psíquico. Polo tanto, traballamos coa premisa de que o é realmente, para ver que podemos extraer disto. O resultado do noso traballo decidirá se perseveramos na suposición e se podemos, pola súa parte, adoptala coma resultado. ¿Que queremos acadar realmente, para que traballamos? Aspiramos a aquilo ao que aspira a Ciencia, a comprensión dos fenómenos, a creación dunha conexión entre eles e, en última instancia, cando sexa posible, a ampliación do noso poder sobre eles.

Por conseguinte, continuamos o traballo baixo a premisa de que o soño é un fenómeno psíquico. Polo tanto temos que consideralo como unha actividade e manifestación do soñador, pero de tal sorte que non nos di nada, que non a entendemos. ¿Que farían vostedes no caso de que eu os fixera partícipes de algo incomprendible? ¿Preguntarme, non si? ¿Por que non podemos facer o mesmo, *preguntarlle ao soñador qué significa o seu soño?*

Lembren que xa nos atopamos unha vez nesta situación. Foi durante a investigación de determinados actos falidos, concretamente dun caso de lapsus linguae. Alguén dixera “Os feitos saíron á cruz” e entón preguntáronlle –non, por sorte non fomos nós senón outros suxeitos moi alonxados da Psicanálise–, qué era

o que buscaba con este incomprensible discurso. Respondeu de contado que tivera a intención de dicir “Os feitos foron unha porcallada”, pero que reprimiu esta intención a respecto da outra, suavizándoa “Os feitos sairon á luz”. Xa lles expliquei naquela ocasión que este era o modelo de calquera exploración psicanalítica, e agora comprenderán vostedes que a Psicanálise segue a técnica de deixar que o propio explorado nos dea a solución ao enigma, naquilo no que lle atinxe. Así tamén o soñador debe dicirnos o que significa o seu soño.

Pero é sabido que no caso do soño non é tan doado. Nos actos falidos funcionaba nun determinado número de casos; posteriormente atopamos outros nos que o interrogado non quería dicir nada, rexeitando incluso alporizado a resposta que nós lle suxeríamos. No soño carecemos por completo de casos do primeiro tipo; o soñador sempre di que non sabe nada. Non pode rexeitar a nosa interpretación porque non temos ningunha que presentarlle. ¿Deberíamos, polo tanto, abandonar novamente o noso experimento? Xa que el non sabe nada, e nós non sabemos nada, e unha terceira persoa tampouco pode saber nada, semella que non hai ningunha probabilidade de descubri-lo. Si, de ser ese o seu desexo, poden abandonar o experimento. Pero se queren algo distinto, entón poden reanudar o camiño comigo. De feito, dígolles que é moi posible, si, moi probable que o soñador saiba o que significa o seu soño, *só que non sabe que o sabe e cre que non o sabe.*

Chamaranme a atención sobre o feito de que introduza unha nova suposición, a segunda xa neste contexto, reducindo así enormemente a credibilidade do meu procedemento. Baixo a premisa de que o soño é un fenómeno psíquico, baixo a premisa engadida de que hai elementos psíquicos no home que coñece sen saber que os coñece, etc. abundará con que teñamos en conta a inverosimilitude de cada unha destas premisas para deixarmos de sentir interese polas súas conclusións.

Si, miñas damas e meus cabaleiros, non os fixen vir aquí para simular ou agochar algo. Anunciando as *Conferencias ele-*

mentais de introdución á Psicanálise non proxectaba unha exposición *ad usum Delphini*³, unha simple descrición de conxunto que agochase coidadosamente todas as dificultades, enchendo os buracos, botando terra sobre as dúbidas, para que, con ánimo tranquilo, puideran crer que aprenderan algo novo. Non, precisamente por iso, porque son principiantes, quería amosarlles a nosa ciencia tal é como é, coas súas arestas e durezas, esixencias e vacilacións. Sei que ningunha ciencia é doutra forma no que atinxe ás dificultades e que non pode ser doutra forma, especialmente nos seus comezos. Tamén sei que a ensinanza, polo demais, se esforza en agochar estas dificultades e tachas ao aprendiz. Pero non podemos facer isto coa Psicanálise. Formulei dúas premisas, unha dentro da outra, e aquel para o que este feito sexa demasiado traballoso ou incerto, ou quen estea afeito a certidumes máis elevadas e deducións máis elegantes, non precisa acompañarnos. Opino incluso que debería abandonar o estudo dos problemas psicolóxicos, xa que de certo non vai atopar nel os camiños transitables, exactos e seguros que está disposto a seguir. Ademáis, é bastante superfluo que unha ciencia que ten algo que ofrecer, recrute oíntes e adeptos. Os seus resultados deben ser os seus mellores defensores, e pode agardar ata estes obtengan pola forza a atención necesaria.

Pero a aqueles de vostedes que queiran continuar podo advertirlles que as miñas dúas premisas non son equivalentes. A primeira, que o soño é un fenómeno psíquico, é a hipótese que queremos constatar por medio do éxito do noso traballo; a outra xa está constatada noutro ámbito, e eu tómore simplemente a liberdade de transferila aos nosos problemas.

³ Literalmente, 'para uso do Delfín'. A expresión ten a súa orixe na expurgación de toda pasaxe escabrosa ou inadecuada que dos clásicos (Homero, Plauto, Xuvenal, Virxilio, Marcial...) se facía para lectura do fillo do rei Luís XIV, por iniciativa do duque de Montausier. Nos libros así expurgados estampábase o carimbo *ad usum Delphini*. No seu valor pexorativo, o que aquí emprega Freud, refírese a unha obra forzosamente adaptada á súa comprensión divulgativa e para todos os públicos. [N.da T.]

¿Onde, en que ámbito debería atoparse a proba de que existe un coñecemento do que o home non sabe nada, tal e como queremos supor aquí no caso do soñador? Este sería un feito senlleiro, sorprendente, e que modificaría a nosa concepción da vida psíquica, que non precisa ser agochado. Ademáis, sería un feito que, aínda que se anula a si mesmo na súa formulación, busca ser algo real, unha *contradictio in adjecto*⁴. Agora ben, este feito non se agocha en absoluto. Non depende del saír á luz, ou suscitar o noso interese. Ao igual que non é a nosa culpa que todos estes problemas psicolóxicos sexan xulgados por persoas alonxadas de todas as observacións e experiencias decisivas nesta materia.

A proba mencionada acadouse no ámbito dos fenómenos hipnóticos. Cando, no ano 1889, estiven presente nas impresionantes demostracións prácticas de Liébeault e Bernheim en Nancy, fun tamén testemuña do seguinte experimento. Sumiuse a un individuo nun estado de somnambulismo, fíxoselle experimentar todo tipo de alucinacións, e espertóuselle despois. Semellaba, de principio, non saber nada dos procesos acontecidos durante o seu sono hipnótico. Bernheim exhortouno entón directamente a contar o que lle sucedera durante a hipnose. Afirmou que non podía lembrar nada. Pero Bernheim insistiu, instou ao home, aseguroulle que o sabía, que tiña que lembralo, que o vira; o home vacilou, comezou a reflexionar, lembrou primeiro vagamente unha das experiencias que lle suxeriran, logo outro fragmento, a lembranza facíase cada vez máis clara, cada vez máis completa e, finalmente, saíu á luz do día por enteiro. Agora ben, xa que ninguén o informou dos sucesos acontecidos durante o seu sono hipnótico, e que ao principio se negaba a recoñecer, xustifícase a conclusión de que xa coñecía estas lembranzas con anterioridade. Simplemente eran inaccesibles

⁴ Contradición entre un termo e o que se lle agrega, por exemplo entre un substantivo e o adxectivo., [N. da T.]

para el, non sabía que as coñecía, cría non as coñecer. Trátase, xa que logo, dunha situación totalmente análoga á que supomos no caso do soñador.

Espero que a constatación deste feito lles sorprendera e que me pregunten “¿Por que non recorreu a esta demostración con anterioridade, no caso dos actos falidos, cando chegamos a atribuírlle intencións discursivas ao home que tivera un lapsus linguae, das que el non sabía nada, negándoas?” Se alguén cre non saber nada de experiencias, levando as lembranzas das mesmas aínda no seu interior, non é máis improbable que ignore outros dos seus procesos psíquicos. “Este argumento faría efecto sobre nós, favorecendo a nosa comprensión dos actos falidos”. Certamente, podería ter recorrido xa naquel entón a el, pero estaba reservándoo para outra ocasión, na que fora máis necesario. Os actos falidos aclaráronse en parte por si mesmos, indicándonos por outra parte a necesidade de aceptar o contexto dos fenómenos a prol da existencia destes procesos psíquicos, dos que non se sabe nada. No sono estamos obrigados a extraer explicacións de calquera outro sitio, e ademáis conto con que aquí admitirán vostedes con máis facilidade unha transferencia da hipnose. O estado no que consumamos un acto falido, ten que parecerlles o normal, non ten ningunha similitude co hipnótico. Pola contra, existe un parentesco claro entre o estado hipnótico e o estado do sono, que é a condición indispensable para o sono. A hipnose é un sono artificial; á persoa que imos hipnotizar dicémoslle “durma”, e as suxestións ás que a inducimos son comparables aos soños do sono natural. As situacións psíquicas son en ambos casos verdadeiramente análogas. No sono natural retiramos todo o noso interese polo mundo exterior, no hipnótico tamén, excepción feita dunha persoa, aquela que nos hipnotizou, coa que nos mantemos en contacto. Polo demais, o chamado sono de ama de cría, no que a ama de cría permanece en contacto co neno e só pode ser espertada por este, é un caso paralelo ao hipnótico. A transferencia dun comportamento hip-

nótico ao sono natural non semella, polo tanto, unha empresa arriscada. A suposición de que tamén existe nos soñadores un coñecemento do seu soño, que simplemente é inaccesible para el, de xeito que el mesmo non o cre, non está completamente carente de fundamento. Notemos a este propósito que neste punto se abre un terceiro acceso ao estudo do soño a través dos estímulos alteradores do sono, a través dos soños diúrnos, e agora tamén a través dos soños suxeridos do estado hipnótico.

Agora quizais poidamos regresar con confianza acrecentada ao noso labor. É, polo tanto, moi probable que o soñador saiba do seu soño; trátase soamente de facilitar que atope o seu coñecemento e que nolo comunique. Non esiximos que nos diga de inmediato o sentido do seu soño, senón que poida atopar a orixe do mesmo, o círculo de pensamentos e intereses do que provén. Lembren que no caso do acto falido se lle preguntaba como chegara á palabra falida “pruz”, e a primeira idea que chegou á súa mente dábanos a explicación. A nosa técnica cos soños é moi sinxela seguindo este exemplo. Preguntarémolle de novo como chegou ao soño, e a súa declaración debe verse novamente coma explicación. Imos, polo tanto, alén da diferenza de se cre ou non saber algo, e tratamos ambos casos como un so.

Esta técnica é certamente moi doada, pero temo que provoque a súa máis severa oposición. Dirán vostedes “Unha nova suposición, ¡a terceira! ¡E a máis improbable de todas! Se lle pregunto ao soñador qué se lle ocorre a respecto do soño, ¿a primeira idea que lle veña á mente achegaría a explicación desexada? Pero non é necesario que se lle ocorra nada, Deus sabe o que se lle pode ocorrer. Non logramos ver en que se fundan as súas expectativas. Iso implica amosar realmente demasiada fe nunha cuestión onde unha actitude crítica sería máis axeitada. Ademáis, un soño non é unha única palabra falida, senón que consiste en moitos elementos. ¿A que idea debemos aferrarnos entón?”

Teñen vostedes razón en todo o secundario. Un soño diferénciase dun lapsus linguae na multiplicidade dos seus elementos.

A técnica debe contar con ela. Por iso propóñolles que dividamos o soño nos seus elementos e investiguemos cada elemento por separado; así a analoxía co lapsus linguae estará restaurada. Tamén teñen razón en que o interrogado pode responder que non se lle ocorre nada en relación aos elementos illados. Hai casos nos que damos esta resposta por válida, e máis adiante saberán de cales se trata. E precisamente é neses casos nos que nós mesmos podemos ter determinadas ideas. Pero, en xeral, contradiremos ao soñador cando afirme non ter ningunha idea, insistirémolle, asegurarmoslle que ten que ter unha idea, e levaremos razón. El aportará unha idea, calquera, para nós é indiferente cal. Aportará con especial facilidade determinadas informacións que podemos chamar históricas. Dirá “Isto é algo que sucedeu onte” (como nos xa coñecidos “soños sensatos”), ou “Isto lémbreme algo que pasou hai pouco” e, deste xeito notaremos que os vínculos dos soños con impresións dos últimos días son moito máis frecuentes do que creramos nun principio. Finalmente, lembrarase de acontecementos máis lonxanos, ou que datan incluso de épocas pasadas.

Pero non teñen vostedes razón no primordial. Cando opinan que é arbitrario supor que a primeira idea que teña o soñador vai ser xustamente a buscada; ou que nos vai levar a ela; que esta idea podería ser calquera, ou estar incluso fóra do contexto do que se busca; que agardar tal cousa é só un acto de fe, trabúcanse completamente. Xa me tomei unha vez a liberdade de lles reprochar que en vostedes se agocha unha fe profundamente arraigada na liberdade psíquica e na arbitrariedade, unha crenza que é moi pouco científica e que necesita arriar a vela ante a demanda dun determinismo, que domina tamén a vida psíquica. Píddolles que respeten como feito que o interrogado tivo unha idea concreta, e non outra distinta. Pero non opoño unha crenza á outra. Pódese demostrar que a idea que xera o interrogatorio non é arbitraria, que non é indefinida, que non está fóra do contexto do que buscamos. Si, descubrín recentemente –sen, polo

demais, concederlle moito valor— que a Psicoloxía experimental tamén alegou este tipo de probas.

Píddlles agora especial atención debido á importancia do tema. Cando exhorto a alguén a dicir o que se lle ocorre con respecto a un elemento determinado do soño, píddlle que se entregue á asociación libre, *conservando unha idea de partida*. Isto require unha orientación especial da atención que é bastante distinta á da reflexión, excluíndoa incluso. Algúns atopan esta orientación doadamente; outros amosan no intento un grao increíblemente alto de torpeza. Hai un alto grao de liberdade de asociación se renuncio mesmo a esta idea de partida e só determino a categoría da idea, por exemplo, determino que se me pode ocorrer un nome propio ou un número. Esta idea debería ser aínda máis arbitraria, máis veleidosa á empregada na nosa técnica. Pero pódese ver que cada vez é determinada máis estritamente por medio de importantes dispositivos internos que nos son tan descoñecidos no momento en que actúan como as tendencias alteradoras dos actos falidos e as provocadoras de actos casuais.

Eu, e moitos outros despois de min, repetiron estas investigacións de nomes e números pensados ao chou, sendo publicadas algunhas delas. Procédese de xeito que, a partir do nome que xorde, se espertan asociacións continuadas que, polo tanto, xa non son totalmente libres, senón que posúen un enlace, ao igual que as ideas evocadas a propósito dos elementos do soño, proseguindo así ata que o estímulo de tales asociacións queda esgotado. Pero entón tamén quedan aclarados a motivación e o significado da libre evocación de nomes. Os experimentos dan sempre o mesmo resultado, reunindo a miúdo un material moi rico que fai necesario un desenvolvemento detallado. As asociacións dos números que xorden libremente son quizais as máis probatorias; desenvólvense con tal rapidez e descubren un obxectivo oculto cunha certeza tan inconcibible que producen un efecto desconcertante. Quero facelos partícipes dun so

exemplo desta análise de nomes porque, polo seu escaso desenvolvemento, permite ser exposta facilmente.

No transcurso do tratamento dun home novo din en falar deste tema e menciono a frase de que, a pesar da aparente arbitrariedade, non se nos pode ocorrer un nome que non resulte estar estreitamente condicionado polas circunstancias nas que xorde, pola idiosincrasia do suxeito do experimento e pola súa situación momentánea. Como dubida, propóñolle que el mesmo faga sen demora un experimento. Sei que mantén numerosas relacións de todo tipo con mulleres e rapazas, e penso que tería un amplo abano de posibilidades se fose invitado a pensar nun nome de muller. El está dacordo. Para o meu, ou quizais para o seu, asombro, non cae sobre min ningunha avalancha de nomes femininos, senón que permanece mudo un rato, confesando logo que se lle ocorre un único nome, e ningún outro: *Albina*. “Que estraño, pero ¿que vincula vostede con ese nome? ¿Cantas Albinas coñece vostede?” É curioso, non coñecía ningunha Albina, e non se lle ocorría nada máis acerca deste nome. Así que podería dicirse que a análise fracasara; pero non, xa rematará, non requiriría de ningunha outra idea. O home tiña unha cor clara pouco común, nas conversas do tratamento eu mesmo o chamara en broma *Albino*; e precisamente uns días antes ocupáramonos en indagar sobre a parte feminina da súa constitución. El mesmo era, polo tanto, esa Albina, a muller máis interesante nese momento para el.

Do mesmo xeito aparecen as melodías que se nos ocorren de súpeto, como condicionadas e pertencentes a unha serie de ideas das que forman parte, e as que teñen un motivo xustificicado para ocupar o noso pensamento sen sabermos nada da súa actividade. Entón é doado amosar que o vínculo coa melodía baséase no seu texto ou na súa orixe; pero debemos ter coidado de non estender esta afirmación ás persoas entendidas en música, coas que casualmente non tiveron oportunidade de realizar ningunha análise. Pode que para elas o contido da melodía sexa decisivo para que

esta emerxa. O primeiro caso é dende logo máis habitual. Coñezo un home novo que foi perseguido durante un tempo pola melodía, en efecto atractiva, da aria de Paris en *A fermosa Helena*, ata que a análise lle revelou a competencia que mantiñan naquel entón unha tal “*Ida*” cunha tal “*Helena*”.

Se as ocorrencias que emerxen con total liberdade están determinadas deste xeito e asignadas a un contexto determinado, concluiremos con razón que aquelas que teñen un só vínculo, un só concepto inicial, non poden estar menos condicionadas. A investigación amosa que, ademais do vínculo que lle demos por medio do concepto inicial, pode detectarse unha segunda dependencia de conxuntos de pensamentos e intereses enormemente afectivos, *complexos*, cunha intervención non coñecida, é dicir, inconsciente, polo momento.

As ocorrencias con este tipo de vínculo foron obxecto de investigacións experimentais moi instrutivas, que xogaron un papel notable na historia da Psicanálise. A escola de Wundt realizou o chamado experimento de asociación, polo que ao suxeito do experimento se lle daba a orde de responder o máis rápido posible cunha *reacción* calquera a unha *palabra estímulo* que se lle facilitaba. Pódese estudar o intervalo que transcorre entre o estímulo e a reacción, a natureza da resposta dada coma reacción, o eventual erro nunha repetición posterior do mesmo experimento e similares. A escola de Zurich, baixo a dirección de Bleuler e Jung, deu explicación ás reaccións que tiveron lugar nos experimentos de asociación ao exhortar ao suxeito do experimento a aclarar as súas reaccións, coa axuda de asociacións ulteriores, cando aparecía algunha singularidade naquelas. Resultou que estas reaccións singulares estaban severamente determinadas polos complexos do suxeito do experimento. Bleuler e Jung tenderon así a primeira ponte entre a Psicoloxía experimental e a Psicanálise.

Diante destes argumentos poderán dicirme: “Agora recoñecemos que as ocorrencias espontáneas están determinadas, non

son arbitrarias como nós créramos. Tamén admitimos isto para as ocorrencias relacionadas cos elementos do soño. Pero isto non é o que nos importa. Vostedes afirman que a ocorrencia relacionada a un elemento do soño está determinada precisamente polo trasfondo psíquico, ignorado por nós, deste elemento. Isto non parece que fora demostrado. Esperamos que a ocorrencia relacionada cun elemento do soño apareza determinada por un dos complexos do soñador pero, ¿de que nos serve iso? Non nos leva á comprensión do soño, senón, coma o experimento de asociación, ao coñecemento destes así chamados complexos. Pero ¿que teñen que ver estes co soño?”

Teñen razón, pero omiten un factor. De feito, xustamente aquel polo que non escollín o experimento de asociación como punto de partida para esta exposición. Neste experimento escolleremos arbitrariamente o determinante da reacción é dicir, a palabra estímulo. A reacción é, polo tanto, unha mediación entre esta palabra estímulo e o complexo evocado do suxeito do experimento. No soño, a palabra estímulo é substituída por algo que procede da vida psíquica do soñador, de fontes descoñecidas para el e que, polo tanto, podería moi ben ser un “descendente dun complexo”. Por iso mesmo non é aventurada a expectativa de que as ocorrencias adicionais vinculadas aos elementos do soño non estean determinadas por outro complexo ca o do elemento mesmo, e que conduzan ao seu descubrimento.

Permítanme amosar con outro exemplo que, de feito, así é como sucede. O esquecemento de nomes propios é un modelo excelente no caso da análise do soño; pero aquí réunese nunha persoa o que na interpretación do soño está repartido entre dúas persoas. Cando esquezo un nome temporalmente, teño en min a certeza de que coñezo ese nome; certeza que o soñador puido posuír por primeira vez despois de lle ser inspirada por un medio directo, é dicir, polo experimento de Bernheim. O nome esquecido, e aínda así coñecido, non é accesible para

min. Reflexionar, aínda que sexa tan trabaloso, non nos axuda neste caso, isto é o que me di a experiencia. Pero podo deixar que se me ocorran, no canto do nome esquecido, un ou varios nomes substitutos. Se se me ocorre de xeito espontáneo un nome substituto deste tipo, faise evidente a concordancia entre esta situación e a análise do soño. O elemento do soño tampouco é un elemento auténtico, é só un substituto de algo distinto, do verdadeiro, que non coñezo e que debo atopar por medio da análise do soño. A diferenza só radica novamente en que no caso do esquecemento do nome recoñezo sen vacilar o substituto coma o non verdadeiro, mentres que no caso do elemento do soño temos que realizar laboriosas investigacións para chegarmos a esta conclusión. Para o esquecemento dun nome tamén hai un camiño, que percorre a distancia dende o substituto ata o nome verdadeiro e que permanece inconsciente, para chegar ao nome esquecido. Se dirixo a miña atención cara a este nome substituto e deixo que xurdan ocorrencias ulteriores en referencia a este, chego, logo de ardeos máis ou menos longos, ao nome esquecido e descubro que o nome substituto espontáneo, así como os que eu evoquei, estaban relacionados co esquecido, determinados por el.

Agora gustariame exporlles unha análise deste tipo: un día observo que esquecín o nome daquel pequeno país da Riviera que ten como capital Monte Carlo. É moi molesto, pero así é. Mergúllome en todos os meus coñecementos sobre este país, penso no príncipe Alberto da casa Lusignan, na súa parella, na súa predilección polas incursións nas profundidades do mar, e en todo o que podo recompilar, pero non me vale de nada. Abandono entón a reflexión e deixo que se me ocorran nomes substitutos no canto do perdido. Chegan rapidamente. O mesmo *Monte Carlo*, logo *Piamonte*, *Albania*, *Montevideo*, *Cólico*. Albania é a primeira que me chama a atención desta serie, pronto é substituída por *Montenegro*, probablemente seguindo a oposición branco e negro. Logo observo que catro destes nomes

substitutos conteñen a sílaba *mon*; de súpeto atopo a palabra esquecida e berro: *Mónaco*. Os nomes substitutos partiron, polo tanto, do esquecido, os catro primeiros da primeira sílaba, o derradeiro recupera a sucesión silábica e a última sílaba. Ao mesmo tempo tamén atopei a razón que me fixera esquecer este nome. *Mónaco* tamén se corresponde con *Munich* na súa forma italiana; esta cidade exercera a influencia inhibitoria.

O exemplo é certamente fermoso, pero demasiado doado. Noutros casos deberíamos tomar unha serie maior de ocorrencias para o primeiro nome substituto, así sería máis clara a analogía coa análise do soño. Tamén tiven experiencias deste tipo. Lembro que unha vez un estranxeiro convidoume a beber viño italiano con el, pero ao chegarmos ao restaurante esquecera o nome daquel viño que, por gardar un bo recordo del, pensaba pedir. Logo dunha gran cantidade de ideas substitutas disparatadas que se lle ían ocorrendo ao outro no canto do nome esquecido, puíden deducir que o esquecemento do nome do viño era o efecto dunha inhibición exercida por unha tal *Hedwig*, e el non só confirmou que probara este viño por primeira vez en compañía dunha *Hedwig*, senón que, a través deste descubrimento, lembrou de novo o seu nome. Naquela época estaba felizmente casado, e aquela *Hedwig* pertencía aos tempos pasados e lembrados a desgusto.

O que é posible no caso do esquecemento de nomes ten que poder acadarse tamén na interpretación dos soños, facer accesible o elemento verdadeiro e reprimido a partir do substituto e das asociacións vinculadas a este. Segundo o exemplo do esquecemento de nomes, debemos aceptar que as asociacións vinculadas ao elemento dun soño estarán determinadas tanto por este elemento como polo termo verdadeiro e inconsciente do mesmo. Se isto é certo, teríamos formulado un novo argumento para a xustificación da nosa técnica.

Contido manifesto e ideas latentes do soño

Agora ven, miñas damas e meus cabaleiros, que non estudamos os actos falidos en van. Grazas a estes esforzos –feitos nas condicións que xa coñecen vostedes– adquirimos todos unha concepción do elemento do soño e unha técnica da interpretación dos soños. A concepción do elemento do soño apunta a que é un elemento non verdadeiro, un substituto de algo diferente que o soñador ignora, similar á tendencia do acto falido, un substituto de algo que está presente no coñecemento do soño pero é inaccesible para el. Esperamos poder trasladar a mesma concepción ao conxunto do soño, que se compón destes elementos. A nosa técnica consiste en deixar que xurdan, por medio da asociación libre, outras construcións substitutas destes elementos, a partir das que poidamos adiviñar o elemento oculto.

Agora propóñolles unha modificación da nosa nomenclatura que facilitará a nosa mobilidade. No canto de oculto, inaccesible, non verdadeiro, digamos, dando así a descrición correcta, *inconsciente* ou inaccesible para a consciencia do soñador. Con isto só queremos referirnos a elementos *momentaneamente inconscientes*, como os presentes no caso dunha palabra esquecida ou da tendencia alteradora dun acto falido. Naturalmente, podemos chamar *conscientes* pola contra aos mesmos elementos do soño e aos novos conceptos substitutos adquiridos a través da asociación. Aínda non se asignou unha construción teórica a esta terminoloxía. O uso da palabra *inconsciente* como descrición precisa e intelixible é intachable.

Transfirmos a nosa concepción dun so elemento ao conxunto do soño, resultando disto que o soño é un substituto desfigurado dun elemento inconsciente, e que a tarefa da interpretación dos soños é atopar este elemento inconsciente. De aquí derivanse inmediatamente tres importantes regras que deberemos acatar durante o traballo da interpretación dos soños:

1) non nos preocuparemos daquilo que semella dicir o soño, sexa intelixible ou absurdo, claro ou confuso, xa que en ningún caso é o elemento inconsciente buscado por nós (máis adiante seremos importunados por unha restrición desta regra); 2) limitaremos o traballo a espertar conceptos substitutos para cada elemento, non reflexionaremos sobre eles, non comprobaremos se conteñen algo conveniente, non nos preocuparemos de en que medida nos afastan do elemento do soño; 3) esperaremos ata que o elemento inconsciente oculto e buscado apareza por si mesmo, exactamente igual que a palabra esquecida *Mónaco* no exemplo anteriormente descrito.

Agora tamén entenderemos ata que punto é indiferente saber cánto, moito ou pouco, ou con que grao de fidelidade ou de incertidume lembramos o soño, pois o soño lembrado non é o verdadeiro, senón un substituto desfigurado que debe axudarnos, suscitando outras construcións substitutivas, a achegarnos ao verdadeiro, a facer consciente a parte inconsciente do soño. Se a nosa lembranza non foi fiel, entón simplemente provocou unha nova desfiguración neste substituto que, polo demais, tampouco pode ser infundada.

O traballo de interpretación pode realizarse tanto cos soños propios coma cos alleos. Cos soños propios apréndese incluso máis, o proceso resulta máis probatorio. En canto se emprende a tarefa interpretativa percíbense os obstáculos que se opón a este traballo. Obtéñense ideas, pero non a todas se lles dá liberdade de acción. Fanse valer influencias escrutadoras e selectivas. No caso dunha idea pensamos: “Non, isto non é axeitado, non forma parte disto”, no caso doutra “isto é demasiado absurdo”, no caso dunha terceira “isto é bastante irrelevante”, e podemos observar máis de preto como afogamos e finalmente descartamos as ideas con tales obxeccións. Así que, por unha banda dependemos demasiado da idea de partida, do propio elemento do soño, pola outra banda alteramos o resultado da asociación libre por medio dunha selección. Se non estamos sos durante

a interpretación do soño, se deixamos que outro interprete o noso soño, aínda percibiremos outro motivo que nos impulsa a realizar esta selección ilícita. Ocasionalmente pensamos “Non, esta idea é demasiado desagradable, non quero ou non podo transmitila.”

Estas obxeccións ameazan obviamente con alterar o éxito do noso traballo. Debemos protexernos contra elas e, cando se trata dos soños propios, facémolo por medio do firme propósito de non ceder ante elas; pero cando interpretamos un soño alleo impómoslle ao suxeito como regra inviolable o non rexeitar a transmisión de ningunha idea, incluso cando se poña na súa contra unha das catro obxeccións é dicir, incluso cando a atope demasiado insignificante, absurda, allea ou desagradable para ser transmitida. O suxeito prometerá acatar esta regra, e nós teremos ocasión de enfadarnos polo mal que cumpre coa promesa. En primeiro lugar pensaremos que, a pesar da nosa afirmación autoritaria, a utilidade da asociación libre non lle parece evidente, e tal vez valoremos a posibilidade de conquistar primeiro a súa adhesión teórica, dándolle a ler escritos ou mandándoo a conferencias susceptibles de convertelo en partidario do noso parecer sobre a asociación libre. Pero evitaremos tales desacertos observando que, aínda que podemos estar seguros do noso convencemento, xorden en nós as mesmas obxeccións críticas contra determinadas ideas que son eliminadas posteriormente, nunha segunda instancia.

No canto de irritarnos debido á desobediencia do soñador, podemos aproveitar estas experiencias para aprender algo novo delas, algo para o que estaremos menos preparados canto máis importante sexa. Enténdese que o traballo da interpretación dos soños se realiza contra unha resistencia que se opón a el e que se manifesta por medio das citadas obxeccións críticas. Esta resistencia é independente do convencemento teórico do soñador. Si, apréndese aínda algo máis. Observamos que unha obxección crítica deste tipo nunca está xustificada. Pola contra, as ideas

que tanto nos gustaría reprimir resultan ser *sen excepción* as máis importantes e decisivas para atopar o elemento inconsciente. Que unha idea sexa acompañada por unha obxección deste tipo representa verdadeiramente un distintivo da mesma.

Esta resistencia é algo totalmente novo, un fenómeno que atopamos en virtude das nosas suposicións, sen que estivese contido nelas. Este novo factor é unha sorpresa, non precisamente agradable, para os nosos cálculos. Presentimos que non vai facilitar o noso traballo. Poderíanos seducir para esquecer todo o esforzo invertido no soño. ¡Algo tan insignificante coma o soño, e para iso tanta dificultade no canto de pura técnica! Pero, por outra banda, xustamente estas dificultades poderían estimularnos e deixarnos supor que o traballo pagará a pena. Tropezamos regularmente con resistencias cando queremos avanzar a partir do substituto que é o elemento do soño cara ao seu elemento inconsciente oculto. Así que debemos pensar que detrás do substituto se agocha algo significativo. Se non fose así, ¿por qué atoparíamos obstáculos que tenden a manter o ocultamento? Cando un neno non quere abrir o puño para amosar o que ten dentro del, é seguramente porque se trata de algo malo que non debería ter.

No intre no que introducimos a concepción dinámica dunha resistencia na nosa exposición, tamén debemos pensar que este factor é cuantitativamente variable. Pode haber resistencias meirandes ou menores, e estamos preparados para que estas diferenzas tamén se amosen durante o noso traballo. Quizais adquiramos así outra experiencia que tamén temos no traballo da interpretación dos soños. Ás veces só fai falla unha única idea, ou unhas poucas, para levarnos do elemento do soño ao seu termo inconsciente, mentres que noutras ocasións se requiren longas cadeas de asociacións e a superación de múltiples obxeccións críticas. Pensaremos que estas diferenzas están relacionadas coa variabilidade das dimensións da resistencia, e que probablemente teñamos razón. Cando a resistencia é es-

casa, o substituto do termo inconsciente tamén está moi preto deste; pero unha resistencia grande trae consigo unha gran desfiguración do termo inconsciente e, con isto, unha longa distancia entre o substituto e o termo inconsciente.

Agora tal vez sexa o momento de escoller un soño e ensaiar a nosa técnica con el, para ver se se confirman as expectativas depositadas nela. Si, pero ¿que soño debemos escoller para isto? Non poderán crer o difícil que é para min esta decisión, e eu tampouco podo facerlles comprender onde residen as dificultades. Obviamente, ten que haber soños que experimentaron unha desfiguración moi leve e o mellor sería comezar por eles. Pero ¿que soños son os menos desfigurados? ¿Os intelixibles e nada confusos, dos que xa lles puxen dous exemplos? Neste caso estaríamos movéndonos na dirección trabucada. A investigación amosa que estes soños experimentaron un grao de desfiguración extraordinariamente alto. Pero se renuncio a toda condición particular e escollo un soño calquera, vostedes quedarán probablemente moi decepcionados. Puidera ser que, ao anotar e examinar as ocorrencias referentes aos elementos illados do soño, reunísemos tal cantidade de ideas que o traballo se tornase demasiado encerellado. Se pomos o soño por escrito e conservamos todas as ideas que xorden a partir da transcripción, estas poden chegar a duplicar a lonxitude do texto. Parecería que o máis conveniente é polo tanto escoller, para proceder á súa análise, varios soños breves, dos que cada un deles poida, cando menos, confirmar algunha das nosas afirmacións. En espera de que a experiencia nos indique onde podemos atopar soños pouco desfigurados, optaremos por este procedemento.

Pero aínda coñezo outro medio de facilitar a nosa tarefa. No canto de acometer a interpretación dos soños no seu conxunto, podemos limitarnos a elementos illados e observar nunha serie de exemplos como poden ser explicados por medio da aplicación da nosa técnica.

a) Unha dama cóntanos que de nena soñaba a miúdo con que *o querido Deus tiña un sombreiro de papel na cabeza*. ¿Como podemos entender isto sen a axuda da soñadora? Semella bastante absurdo. Deixa de ser absurdo cando a dama nos informa de que cando era unha nena adoitaban pórle un sombreiro deste tipo porque non podía deixar de mirar de esguello aos pratos dos irmáns para ver se a algún deles lle serviran máis comida que a ela. O sombreiro facía as veces de orelleiras de cabalo. Polo demais, esta información histórica foi dada sen ningún tipo de dificultade. A interpretación deste elemento, e con ela a de todo o breve soño, xorde con facilidade coa axuda doutra idea da soñadora. “Como escoitara que o querido Deus era omnisciente e que o vía todo”, di, “o soño non pode significar máis que eu o sei todo e o vexo todo coma o querido Deus, aínda que queiran impedirmo.” Este exemplo quizais sexa demasiado doado.

b) Unha paciente escéptica ten un soño máis longo no que varias persoas lle falan do meu libro sobre o “chiste”, gabándoo moito. Despois menciónase algo dun *“canal”, tal vez outro libro no que aparece un canal, ou algo que ten que ver cun canal... non o sabe... non está claro*.

Seguramente séntense inclinados a crer que o elemento “canal” se subtraerá da interpretación por ser tan abstracto en si mesmo. Teñen razón a respecto desta suposta dificultade, pero non é difícil porque sexa vago, senón que é vago por outra razón, a mesma que dificulta a interpretación. Á soñadora non se lle ocorre nada en referencia ao canal; eu, naturalmente, tampouco teño nada que dicir. Logo dun anaco, en realidade ao día seguinte, explica que se lle ocorreu o contexto ao que quizais pertenza. A saber, un soño que escoitou contar. Nun barco entre Dover e Calais conversa un coñecido escritor cun inglés que, nun momento dado, cita a frase: *Du sublime au ridicule il n’y a qu’un pas*. O escritor responde: *Oui, le pas de Calais*⁵

⁵ En francés no orixinal [N.da T.]

—co que quere dicir que atopa sublime a Francia e ridícula a Inglaterra. Pero o Pas⁶ de Calais é un canal a saber, o canal da Mancha. ¿Se eu penso que esta idea ten algo que ver co soño? Certamente creo que nos dá a solución ao enigmático elemento do soño. ¿Ou queren vostedes pór en dúbida que este chiste estivese xa presente antes do soño como termo inconsciente do elemento “canal”, sendo aproveitado a posteriori para obter unha interpretación? A idea da paciente dá fe do escepticismo que, malia a súa convicción involuntaria, se agocha nela, e a resistencia é a razón de ambas as dúas cousas, tanto de que a idea chegara con retraso, como tamén de que o elemento correspondente do soño resultara tan impreciso. Observen aquí a relación entre o elemento do soño e o seu termo inconsciente. O elemento é algo así como un pequeno anaco deste termo, coma unha alusión indirecta a el; e a través do seu illamento fíxose totalmente inintelixible.

c) Un paciente ten un soño máis longo: ao *redor dunha mesa cunha forma especial sentan varios membros da súa familia*, etc. En referencia á mesa ocórreselle que vira un moble así durante a visita a certa familia. Logo seguen fluíndo os seus pensamentos. Nesta familia había unha relación especial entre pai e fillo, e pronto engade que, en realidade, pasa o mesmo entre el e o seu pai. Polo tanto, a mesa está incluída no soño para designar este paralelismo.

Este soñador coñecía dende había moito tempo as exixencias da interpretación dos soños. Outro quizais asombraríase de que un detalle tan insignificante como a forma dunha mesa se tomase como obxecto da investigación.

En realidade nós non cualificamos ningún elemento do soño de casual ou insignificante, e obtemos a nosa interpretación precisamente a partir do esclarecemento de detalles tan insignificantes e infundados. Quizais se sorprendan aínda de que o

⁶ En francés no orixinal [N.da T.]

traballo co soño exprese o pensamento “a nós pásanos o mesmo que a eles” xustamente por medio da elección da mesa. Pero isto se explica polo feito de que a familia en cuestión recibe o nome de *Carpinteiro*⁷. O soñador, ao permitir que os seus parentes tomen asento nesta mesa, está dicindo que tamén eles son os Carpinteiro. Noten ademais que, para expor este tipo de interpretacións dos soños, debemos ser por forza indiscretos. Esta é unha das dificultades da selección de exemplos que lles foron indicadas con anterioridade. Podería ter substituído este exemplo por outro con facilidade, pero probablemente tería evitado esta indiscreción co custo de cometer outra no seu lugar.

Seméllame que é o momento de introducir dous termos que poderíamos ter empregado dende hai moito tempo. A aquilo que conta o soño imos chamalo *contido manifesto do soño*, e a aquilo que permanece oculto, aquilo ao que deberemos chegar por medio do seguimento das ocorrencias do suxeito, as *ideas latentes do soño*. Prestemos atención ás relacións entre contido manifesto do soño e ideas latentes do soño, tal e como se amosan nestes exemplos. Tales relacións poden ser moi diferentes. Nos exemplos a) e b) o elemento manifesto tamén é un compoñente da idea latente, pero é só unha pequena parte desta. Dunha gran creación psíquica na que se ensamblan das ideas inconscientes do soño chegou tamén un anaquiño ao soño manifesto, coma un fragmento dela ou, noutros casos, coma unha alusión indirecta a ela, coma un apunte, unha redución telegráfica. O traballo de interpretación debe completar este anaco ou esta alusión ata chegar ao conxunto, tal e como se conseguiu con particular éxito no exemplo b). Unha das desfiguracións nas que consiste a elaboración onírica é, polo tanto, a substitución por medio dun fragmento ou dunha alusión indirecta. En c) recoñécese ademais outro comportamento que vemos expresado máis diáfana e claramente nos exemplos seguintes.

⁷ No orixinal *Tischler* ‘carpinterio’ e *Tisch* ‘mesa’ [N. da T.]

d) O soñador *saca a unha* (certa) *dama* (de el coñecida) *de detrás da cama*. El mesmo atopa o sentido deste elemento do soño por medio da primeira idea que lle ven á mente. O soño quere dicir que el dá *preferencia*⁸ a esta dama.

e) Outro soña que *o seu irmán está metido nunha caixa*. Na primeira idea que ten substitúese a caixa por un *armario*, e coa segunda dá unha interpretación do soño: o irmán *está recortando gastos*.⁹

f) O soñador *sube a unha montaña, dende a que ten unha vista extraordinariamente ampla*. Isto parece bastante racional, quizais non haxa nada que interpretar neste soño, senón que teñamos que explorar que reminiscencia se vinculan co soño e por que motivo foron evocadas aquí. Non obstante trabúcanse. Demostraremos que este soño precisa unha interpretación tanto coma calquera outro máis confuso. Ao soñador mesmo non se lle ocorre nada en relación a un ascenso a unha montaña, senón que lembra o feito de que un coñecido del é editor dunha revista chamada “*visión global*” que versa sobre as nosas relacións cos continentes máis afastados. A idea latente do soño é polo tanto neste caso a identificación do soñador con “aquel que mira ao seu redor”¹⁰.

Aquí atopan vostedes un novo tipo de relación entre o elemento manifesto e o latente do soño. O primeiro non é tanto unha desfiguración do último coma unha representación do mesmo, unha deformación plástica concreta, derivada da forma da expresión verbal. Non obstante, isto tamén constitúe de novo unha desfiguración, xa que hai moito tempo que esquecemos de qué imaxe concreta procede a palabra, e por esta razón non a recoñecemos cando é substituída por esta imaxe. Se reparan

⁸ No orixinal *hervorziehen* ‘sacar’ e *Vorzug* ‘preferencia’, termos pertencentes á mesma familia léxica [N. da T.]

⁹ No orixinal *Schranck* ‘armario’ e *sich einschräncken* ‘recortar gastos’, termos pertencentes á mesma familia léxica [N. da T.]

¹⁰ No orixinal *Rundschau* ‘visión global’ e *Rundschauer* ‘aquel que mira ao seu redor’, termos pertencentes á mesma familia léxica [N. da T.]

en que o soño manifesto consiste predominantemente en imaxes visuais, e raramente en ideas e palabras, poderán entender que esta relación teña un significado especial na formación do soño. Verán tamén que por esta vía se fai posible acadar no soño manifesto imaxes substitutas dunha longa serie de pensamentos abstractos, aínda que estas imaxes serven ao propósito do ocultamento. Esta é a mesma técnica que a dos xeroglíficos. A pregunta sobre a procedencia do carácter aparentemente gracioso que caracteriza este tipo de representacións é unha cuestión moi particular que non necesitamos tratar aquí.

Debo ocultarlles tamén un cuarto tipo de relación entre o elemento manifesto e o latente ata esta revelarse por si mesma na aplicación da nosa técnica. A miña enumeración non será, pois, completa, pero abonda para os nosos obxectivos.

¿Teñen agora o valor de arriscarse coa interpretación do conxunto dun soño? Vexamos se estamos suficientemente equipados para esta tarefa. Naturalmente, non vou escoller un dos soños máis escuros, pero si un soño que presente coa meirande precisión posible as características propias deste tipo de fenómenos.

Unha dama nova, pero casada xa dende hai moitos anos, soña o seguinte. *Está sentada co seu home no teatro, unha parte da platea está totalmente baleira. O seu home cóntalle que a Elisa L. e ao seu noivo gustaríalles ter ido, pero que só quedaban malas localidades, tres por 1 florín e 50 céntimos, e non quixeron mercalas. Ela di que tampouco tería sido ningunha desgraza.*

O primeiro que nos refire a soñadora é que o motivo do soño se atopa dentro do contido manifesto do mesmo. O seu home contáralle realmente que Elisa L., unha coñecida da mesma idade aproximadamente, acabara de prometerse. O soño é a reacción a esta noticia. Xa sabemos que é doado atopar o motivo de moitos soños nos sucesos da véspera, e que o soñador fai a miúdo as súas deducións sen dificultades. A soñadora tamén pon á nosa disposición informacións deste tipo en relación a

outros elementos do soño manifesto. ¿De onde procede o detalle de que unha parte da platea estea baleira? É unha alusión indirecta a un suceso real das semanas anteriores. Tiña o propósito de acudir a unha función de teatro concreta e, por esta razón, mercara as entradas *con antelación*, con tanta antelación que tivo que pagar a taxa da venda anticipada. Cando chegaron ao teatro demostrouse o inútil que fora a súa preocupación, xa que *unha parte da platea estaba case baleira*. Tería tido tempo dabondo mercando as entradas o mesmo día da función. O seu home non deixou de burlarse dela por esta *precipitación*. ¿De onde procede o florín e 50 céntimos? Dun contexto moi distinto que non ten nada que ver co anterior, pero que igualmente alude a unha noticia do día anterior. A súa cuñada recibira un regalo do seu home consistente na suma de 150 floríns, e non tiña nada mellor que facer, a parva, que correr ao xoieiro e cambiar os cartos por unha xoia. ¿De onde procede o 3? A soñadora non o sabe, a non ser que queiramos dar validez á idea de que a prometida, Elisa L., é só 3 meses máis nova ca ela, que está casada dende hai máis de dez anos. ¿É o absurdo de mercar tres entradas cando son só dúas persoas? Ao respecto non di nada, rexeita ideas e informacións adicionais.

Pero, con todo, deunos tanto material cunhas poucas ideas, que é posible adiviñar as ideas latentes do soño a partir delas. Debe chamarnos a atención que nas súas declaracións sobre o soño destaquen en varios pasaxes marcas temporais que constitúen un elemento común a distintas partes do material. Mercou as entradas de teatro *demasiado cedo, precipitadamente*, de xeito que tivo que pagar un extra; a cuñada *apresurouse* de xeito similar a levar os seus cartos ao xoieiro para mercar unha xoia con eles, como se os fora a *perder*. Engadamos aos tan subliñados *demasiado cedo e precipitadamente* o motivo do soño, a noticia de que a amiga, só tres meses *máis nova*, teña agora un bo home, e a crítica reprobatoria dirixida á cuñada de que é *absurdo* apresurarse tanto, descubriremos así de forma espontánea

que as ideas latentes do soño, das que o soño manifesto é unha substitución deformadora, teñen a seguinte construción:

“¡Foi un *despropósito* pola miña parte apresurarme tanto coa voda! No exemplo de Elisa vexo que tamén podería ter conseguido un home máis tarde.” (A precipitación representada polo seu comportamento ao mercar as entradas, e no da cuñada ao mercar a xoia. A acción de ir ao teatro aparece coma substituto da voda.) Esa sería a idea esencial; quizais poidamos continuar a interpretación, aínda que con menor certidume, porque a análise non debería ter renunciado neste punto ás declaracións da soñadora: “¡E eu tería obtido unha xoia 100 veces mellor por eses cartos!” (150 floríns son 100 veces máis que 1 florín e 50.) Se puxéramos a palabra dote no lugar da palabra cartos, esta última frase significaría que o home se merca a cambio da dote; tanto a xoia coma as malas localidades estarían no lugar do home. Aínda máis oportuno sería que precisamente o elemento “3 entradas” estivera relacionado co home. Pero o noso entendemento aínda non chega tan lonxe. Ata agora descubrimos que o soño expresa o *menosprezo* cara ao seu home e o remorso por *ter casado tan cedo*.

O meu ditame é que o resultado desta primeira interpretación dun soño nos abraia e confunde máis do que nos satisfai. Demasiada información dunha soa vez sométenos a unha presión maior da que podemos asumir agora. Xa nos decatamos de que non podemos esgotar as ensinanzas que se infiren desta interpretación. Apresurémonos pois a entrecoller aquilo que recoñezamos coma datos novos e irrefutables sobre esta materia.

Primeiro: é curioso que nas ideas latentes o acento esencial caia sobre a noción de precipitación; no soño manifesto non se atopa o menor vestixio dela. Sen a análise non poderíamos descubrir que este elemento xoga un papel. Polo tanto, semella posible que o soño manifesto careza xustamente do esencial, do central das ideas inconscientes. Debido a isto a impresión do soño en conxunto sofre unha profunda transformación.

Segundo: no soño atópase unha combinación absurda, “3 por 1 florín e 50”; entre as ideas do soño atopamos a frase “Foi un despropósito” (casar tan cedo). ¿Podemos negar que o pensamento “foi un despropósito” está representado pola inclusión dun elemento absurdo no soño manifesto? Terceiro: un exame comparativa amósanos que a relación entre os elementos manifestos e latentes non é sinxela, e que non consiste nunca na substitución dun elemento latente por un elemento manifesto. É máis ben unha relación de conxunto, podendo representar un elemento manifesto a varios latentes ou ser representado un elemento latente por varios manifestos.

No que se refire ao sentido do soño e ao comportamento da soñadora con respecto a el, poderían dicirse así mesmo moitas cousas sorprendentes. A soñadora admite a interpretación pero se asombra dela. Non sabía que menosprezaba tanto ao seu home; tampouco coñece as razóns deste menosprezo. Polo tanto, aínda hai moitos elementos incomprensibles. Creo que aínda non estamos suficientemente equipados para a interpretar dun soño, e que primeiro debemos buscar instrución e preparación adicionais.

Soños infantís

Temos a impresión, miñas damas e meus cabaleiros, de que procedemos demasiado rápido. Retrocedamos un pouco. Antes de abordar a última tentativa de superar a dificultade da desfiguración do soño por medio da nosa técnica, pensáramos que o mellor sería eludila aténdonos a soños nos que a desfiguración quedara suprimida ou, no caso de habela, resultara moi insignificante. Deste xeito apartámonos de novo da vía evolutiva do noso coñecemento, xa que en realidade só nos decatamos da existencia destes soños libres de desfiguración tras a aplicación consecuenta da técnica interpretativa e tras unha completa análise dos soños desfigurados.

Os soños que estamos a buscar atópanse nos nenos. Son breves, claros, coherentes, de fácil comprensión, inequívocos e, nembargante, son sen dúbida soños. Pero non crean que todos os soños infantís son así. A desfiguración dos soños aparece a unha idade moi temperá, e atopáronse soños de nenos de cinco a oito anos que xa conteñen todas as características dos soños máis tardíos. Pero se se limitan á idade comprendida entre o comezo da actividade psíquica recoñecible ata o cuarto ou quinto ano, reunirán unha serie de soños que teñen o chamado carácter infantil, e poderán atopar de forma illada soños deste tipo en anos posteriores. As persoas adultas tamén teñen, baixo determinadas circunstancias, soños moi semellantes aos infantís.

A partir destes soños infantís podemos obter con gran facilidade e certeza conclusións, que esperamos se demostren decisivas e vixentes, sobre a esencia do soño.

1. Para a comprensión destes soños non se precisa ningunha análise, nin a aplicación de ningunha técnica. Non se precisa interrogar ao neno sobre o seu soño. En troques disto necesitaremos a narración dun fragmento da vida do neno. Sempre hai

unha vivencia da véspera que nos explica o soño. O soño é a reacción psíquica, que ten lugar durante o sono, a esta vivencia.

Imos escoitar algúns exemplos para apoiar as nosas conclusións posteriores neles.

a) Un neno de 22 meses ten que regalar unha cesta de cereixas como xesto de gratitude. Faino evidentemente de moi mal gusto, aínda que se lle promete que obterá algunhas das cereixas. Ao día seguinte conta o seu soño, “Neno comido todas as cereixas”.

b) Unha nena de 3 ¼ anos viaxa por primeira vez pola mar. Ao desembarcar non quere abandonar o barco e chora amargamente. Semella que o tempo da travesía pasoulle demasiado rápido. Á mañá seguinte dixo: “Esta noite viaxeí pola mar”. Podemos engadir con seguridade que esta viaxe foi máis longa.

c) Un neno de 5 ¼ anos sae de excursión por Escherntal, preto de Hallstatt. Oíra que Hallstatt estaba ao pé de Dachstein. Amosara moito interese por esa montaña. Dende o piso en Aussee, o Dachstein parecía moi fermoso, e co telescopio podía distinguirse a cabana Simony no seu cumo. O neno esforzouse repetidamente en mirar polo telescopio; descoñecemos o éxito destes esforzos. Ao comezo da excursión reinaba unha atmosfera de alegría e impaciencia. En canto aparecía á vista unha montaña nova o neno preguntaba “¿É iso o Dachstein?” Cantas máis respostas negativas recibía, de peor humor se puña, logo enmudeceu por completo e non quixo seguir un pequeno carreiro que levaba a unha fervenza. Os seus acompañantes pensaron que estaba esgotado, pero á mañá seguinte contou moi feliz: “Esta noite soñei que estabamos na cabana Simony”. Xa que logo participou na excursión con esta esperanza. Só deu un detalle que escoitara dicir a alguén: “Sóbense chanzos durante seis horas”.

Estes tres soños abundarán para acadar toda a información desexada.

2. Vemos que ningún destes tres soños infantís é absurdo; son *actos psíquicos comprensibles e válidos*. Lembren o que lles

expuxen coma ditame médica co símil dos dedos que non sabían de música, e que se movían polas teclas do piano. Advertirán a evidente contradición entre esta ditame e os sonhos infantís referidos. Pero tamén sería demasiado estraño que o neno levase a cabo actos psíquicos completos durante o sono cando, nas mesmas circunstancias, o adulto se contenta con reaccións convulsas. Tanto máis cando temos boas razóns para crer ao neno capaz de ter un sono mellor e máis profundo.

3. Estes sonhos non presentan ningunha desfiguración onírica; por iso tampouco necesitan un traballo de interpretación. Neste caso coinciden o sono manifesto e o latente. *Polo tanto, a desfiguración do sono non pertence á esencia do sono.* Eu podo supor que con isto se lles quita un peso de enriba. Pero, logo reflexión máis precisa, atoparemos tamén nestes sonhos unha pequena parte de desfiguración onírica, unha certa diferenza entre o contido manifesto do sono e as ideas latentes do mesmo.

4. O sono infantil é unha reacción a unha vivencia da véspera que deixou tras si certo arrepentimento, certa saudade é dicir, un desexo non resolto. *O sono aporta o cumprimento directo, sincero deste desexo.* Pensen agora nas nosas discusións sobre o papel dos estímulos corporais, externos e internos, coma alteradores do sono e incitadores dos sonhos. Dito papel déuse-nos a coñecer por medio de feitos tanxibles, pero só un pequeno número de sonhos podía explicarse pola súa actuación. Nestes sonhos infantís non hai nada que indique a influencia de tales estímulos somáticos; non podemos trabucarnos nisto xa que os sonhos son totalmente intelixibles e facilmente abarcables. Pero non por iso precisamos abandonar a etioloxía estimulativa do sono. Só podemos preguntar ¿por que esquecemos dende o principio que, ademais dos corporais, tamén hai estímulos psíquicos alteradores do sono? Xa sabemos que son estas excitacións as que causan a maioría das veces a alteración do sono do adulto, impedindo que este entre no estado psíquico de quedar durmido, é dicir, que se subtraia de todo interese polo mundo.

O adulto preferiría non interromper a súa vida, senón continuar co seu labor mental sobre aquilo que o ocupa, e por iso non durme. Un estímulo psíquico alterador do sono é para o neno, polo tanto, o desexo non resolto, ao que reacciona co soño.

5. A partir de aquí acadamos pola vía máis curta unha explicación sobre a función do soño. O soño coma reacción ao estímulo psíquico debe ter o valor dunha resolución deste estímulo, de forma que o aparte do soño para que o sono poida ser continuado. Aínda non sabemos como é a dinámica desta resolución por medio do soño, pero xa percibimos que *o soño non é, como se describe, o alterador do sono, senón o gardián do sono, o elemento supresor das alteracións do sono*. Cremos, porén, que durmiríamos mellor sen o soño, pero trabucámonos; en realidade, sen a axuda do soño non durmiríamos en absoluto. Que durmamos tan ben é mérito seu. Non puido evitar molestarnos un pouco, igual ca o sereno a miúdo non pode evitar facer un pouco de ruído ao escorrenar a aqueles que queren espertarnos co seu balbordo.

6. A característica esencial do soño é que un desexo sexa o seu axente patóxico, e que o cumprimento deste desexo constitúa o seu contido. A outra característica igualmente constante do soño é que non expresa simplemente un pensamento, senón que representa, en forma de alucinación, este desexo como cumprido. *Gustárame viaxar pola mar* reza o desexo que estimula ao soño; o soño mesmo ten coma contido *Viaxo pola mar*. Polo tanto, subsiste unha diferenza entre o soño latente e o manifesto, unha desfiguración das ideas latentes nestes sinxelos soños infantís, *a transformación do pensamento en vivencia*. Na interpretación do soño debemos suprimir esta transformación. Se subliñásemos isto coma unha característica esencial do soño non poderíamos traducir o fragmento anteriormente citado “*vexo ao meu irmán dentro dunha caixa*” por “o meu irmán está recortando gastos”, senón por “gustárame que o meu irmán recortase os seus gastos, *o meu irmán debe recortar os seus gastos*”. Das

dúas características básicas do soño citadas aquí, a segunda ten evidentemente máis probabilidades cá primeira de ser aceptada sen excepción. Só por medio de amplas investigacións poderemos establecer con seguridade que o causante do soño debe ser sempre un desexo e que non pode ser tamén unha preocupación, un propósito ou un reproche, pero a outra característica permanecerá intacta ante o feito de que o soño non reproduza simplemente este estímulo, senón que o suprima, o elimine, o anule por medio dunha especie de experiencia vital.

7. En relación con estas características do soño podemos retomar de novo a comparación do soño co acto falido. Neste último diferenciamos unha tendencia alteradora e unha alterada, sendo o acto falido un compromiso entre ambos. Ao mesmo esquema sométese o soño. A tendencia alterada non pode ser outra que a de durmir. A alteradora substituirémola polo estímulo psíquico ou, xa que ata agora non coñecemos ningún outro estímulo psíquico alterador do sono, polo desexo que esixe ser satisfeito. O soño tamén é aquí o resultado dun compromiso. Durmindo satisfacemos un desexo, e ao satisfacelo podemos continuar durmindo. Ambas actividades vense en parte satisfeitas, e en parte ignoradas.

8. Lembren agora a esperanza que albergamos de atopar unha vía de acceso á comprensión dos problemas do soño a partir do feito de que certas construcións moi transparentes da nosa fantasía foran denominadas “*soños diúrnos*”. Estes soños diúrnos son en realidade cumprimentos de desexos, cumprimentos de desexos ambiciosos e eróticos, que nos son ben coñecidos pero que, malia térmolos en mente e mesmo representármolos con gran viveza na nosa fantasía, nunca toman a forma de sucesos alucinatorios. Das dúas características esenciais do soño presérvase aquí, polo tanto, a máis incerta, mentres que a outra, por ser dependente do estado de sono e non poder cumprirse na vida de vixilia, queda totalmente suprimida. Disto podemos deducir que na linguaxe se atopa a noción de que o cumprimento

do desexo é unha característica esencial do soño. Ademais, se a experiencia do soño é só unha representación transformada e feita posible polas condicións do estado do sono é dicir, se se trata dun “soño diúrno nocturno”, entón entenderemos que o proceso de construción do soño poida suprimir o estímulo nocturno e satisfacer o desexo, xa que o soñar esperto tamén é unha actividade relacionada coa satisfacción e cultivada só con este cometido.

Pero non só este, tamén hai outros usos idiomáticos que expresan o mesmo sentido. Un coñecido refrán afirma que “O porco soña con landras, o ganso con millo”, outro pregunta “¿Con que soña o polo? Con paínzo”. O refrán chega aínda máis lonxe ca nós, vai do neno ao animal, e afirma que o contido do soño consiste na satisfacción dunha necesidade. Moitas son as frases feitas que dan a entender o mesmo: “É tan fermoso coma un soño”, “xamais tería soñado algo semellante” ou “iso non o tivera imaxinado nin nos meus mellores soños”. Aquí existe unha parcialidade evidente do uso idiomático. Tamén hai soños de angustia ou soños con contido desagradable ou indiferente, pero estes non inspiraron a linguaxe. Esta coñece nembargante “malos” soños, pero o soño por antonomasia para ela só é aquel que culmina co doce cumprimento dun desexo. Ao igual que non hai ningún refrán que nos asegure que o porco ou o ganso soñen coa súa matanza.

Naturalmente, é impensable que os autores que se ocuparon do soño non detectasen o carácter de cumprimento dun desexo do mesmo. Pola contra, chamaron moitas veces a atención sobre tal carácter, pero a ningún deles se lles ocorreu recoñecer este carácter como pedra angular da explicación do soño. Podemos supor que é o que llelo impediu, e máis adiante abordaremos este tema.

Pero pensen agora na abundancia de información que acadamos a partir da apreciación dos soños infantís, ¡e case sen esforzo! A función do soño como gardián do sono, o seu nacemento a partir de dúas tendencias en competición das que

unha permanece constante, o desexo do sono, aspirando a outra a satisfacer un estímulo psíquico, é a proba de que o sono é un acto psíquico con sentido, e as súas dúas características principais: cumprimento de desexos e vivencias alucinatorias. E, ao mesmo tempo, case puidemos esquecer que estabamos traballando coa Psicanálise. Ademais do vínculo cos actos falidos, o noso traballo non tiña un cuño específico. Calquera psicólogo que non saiba nada das suposicións da Psicanálise podería proporcionarnos esta explicación dos sonhos infantís. ¿Por que non o fixo ningún?

De existiren só sonhos do tipo dos infantís o problema estaría resolto e o noso labor rematado sen necesidade de interrogar ao soñador, de recorrer ao inconsciente nin de facer uso da asociación libre. Pero, evidentemente, debemos proseguir co noso labor. Xa comprobamos en repetidas ocasións que certas características, que semellaban estar vixentes en termos xerais, ao cabo só se confirmaban nun tipo e número de sonhos determinado. Polo tanto, para nós trátase de saber se as características xerais deducidas dos sonhos infantís poden sosterse, se son válidas para aqueles sonhos que non son transparentes, é dicir, para aqueles sonhos cun contido manifesto que non permite detectar ningunha relación cun desexo diúrno. Cremos que estes outros sonhos sufriron unha desfiguración considerable, e que por iso non poden ser xulgados polo momento. Tamén presentimos que para aclarar esta desfiguración necesitaremos a técnica psicanalítica, da que puidemos prescindir para a comprensión dos sonhos infantís.

Aínda hai, en todo caso, unha clase de sonhos que non están desfigurados e que permiten facilmente, ao igual ca os sonhos infantís, interpretármolos coma cumprimentos de desexos. Trátase daqueles provocados no transcurso das nosas vidas polas necesidades corporais imperiosas, a fame, a sede, as necesidades sexuais é dicir, cumprimentos de desexos coma reaccións a estímulos corporais internos. Un caso deste tipo é o sono dunha

na de 19 meses no que incluía o seu nome nun menú dado, consistente en (*Ana F...*, *amorodos*, *framboesas*, *tortilla*, *patacas*) coma reacción á dieta á que fora sometida o día anterior debido a unha indigestión atribuída ás froitas que aparecen no soño. Ao mesmo tempo a avoa, que sumaba xusto setenta anos ao engadir a idade da neta á súa, houbo tamén de gardar xaxún durante un día debido á alteración provocada por un ril flotante, e soñando esa mesma noite que fora convidada a comer e que lle servían os máis exquisitos manxares. As observacións realizadas sobre presos baixo os efectos da fame, e sobre persoas que teñen que aturar privacións durante viaxes e expedicións, ensínanos que, baixo estas circunstancias, se soña regularmente coa satisfacción destas necesidades. Así, Otto Nordenskjöld refire no seu libro *Antarctic* (1904) o seguinte sobre o equipo que inverna con el (Tomo I, p. 336):

Os nosos soños, que nunca foran tantos nin tan intensos, eran indicativos da dirección dos nosos pensamentos máis íntimos. Tamén os dos nosos compañeiros que, polo demais, só soñaban de forma excepcional, e agora, cando polas mañás intercambiabamos as nosas últimas experiencias con este mundo da imaxinación, tiñan longas historias que contar. Todas versaban sobre o mundo exterior, tan afastado de nós naqueles intreos, pero axeitábanse a miúdo ás nosas circunstancias do momento... Comer e beber eran, ademais, os centros de atención en torno dos que xiraban os nosos soños máis frecuentes. Un de nós, especializado en soñar con grandes banquetes, parecía encantado cando podía relatar pola mañá que comera un menú de tres pratos; outro soñaba con tabaco, con montañas enteiras de tabaco; outro co noso barco, atravesando o mar a toda vela. Pero hai un soño que merece especial mención: “o carteiro chega co correo e dá unha longa explicación sobre a tardanza das cartas, trabucárase no enderezo de entrega, e só logo dun gran esforzo logrou recuperalas”. Naturalmente, mentres durmía-

mos ocupabámonos de cousas aínda máis imposibles, pero aínda así chamaba a atención a falta de fantasía en case todos os soños que eu mesmo tiña ou naqueles que escoitaba contar. Seguramente sería dun grande interese psicolóxico anotarmos todos estes soños. Pero poderase entender doadamente o moito que anhelabamos os soños, xa que estes podían ofrecernos todo o que cada un de nós desexaba máis ardentemente.

Prosigo cunha cita de Du Prel:

Mungo Park, durante unha viaxe por África, tendo alcanzado un estado de debilidade extrema pola escaseza de alimentos, soñaba sen interrupción coas fértiles cuncas e praderías da súa patria. Tamén Trenck, atormentado pola fame, víase sentado nunha taberna de Magdeburgo, rodeado de abundante comida, e George Back, membro da primeira expedición de Franklin, estando próximo á inanición debido ás terribles privacións ás que estaba sometido, soñaba regularmente con comidas abundantes.

Aqueles que teñen unha forte sensación de sede durante a noite, despois de se deleitaren cun xantar moi condimentado, adoitan soñar que beben. Como é natural, é imposible suprimir fortes sensacións de fame ou sede a través do soño; destes soños espertamos famentos ou sedentos, e temos que comer ou beber de verdade. O rendemento do soño neste caso é practicamente insignificante, pero non é menos manifesto que é utilizado co obxectivo de reter o sono contra o estímulo que induce ao durminte a espertar e entrar en acción. Os soños de satisfacción axudan a superar estas necesidades, cando son de pequena intensidade.

Igualmente, baixo a influencia dos estímulos sexuais, o soño produce satisfaccións que conteñen peculiaridades dignas de mención. Debido á capacidade do estímulo sexual de ser un grao menos dependente do seu obxecto cá fame e a sede, a satisfacción no soño polutivo pode ser real, e debido a certas

dificultades na relación co seu obxecto que mencionaremos posteriormente, sucede con especial asiduidade que o soño que acompaña á satisfacción real ten un contido difuso e desfigurado. Esta particularidade dos soños polutivos convérteos, como observou O. Rank, en obxectos axeitados para o estudo da desfiguración dos soños. Todos os soños de adultos que teñen por obxecto necesidades encerran, ademais da satisfacción, un elemento engadido que provén de fontes de estímulos puramente psíquicas e que precisa da interpretación para ser entendido.

Nós non queremos afirmar, con todo, que os soños de cumprimentos de desexos dos adultos, construídos á maneira dos infantís, aparecen só coma reaccións ás imperiosas necesidades referidas. Tamén coñecemos soños deste tipo que, malia caracterizárense pola súa brevidade e precisión, proceden indubidablemente de fontes de estímulos psíquicos. Así, por caso, os soños de impaciencia que adoitan aparecer cando alguén está cos preparativos dunha viaxe, dun espectáculo importante para el, dunha conferencia, dunha visita, soñando o suxeito co cumprimento prematuro das súas expectativas, é dicir, con que alcanza a súa meta a noite anterior ao acontecemento, véndose xa no teatro ou conversando coa persoa que vai visitar. Deste xénero son tamén os, con razón, chamados soños de preguiza daquelas persoas que, gustando de prolongar o seu repouso, soñan que xa se ergueron e se están lavando, ou que xa están na escola, mentres que en realidade seguen durmindo, é dicir, que prefiren erguerse en soños ca na realidade. O desexo de durmir, que xa recoñeceramos como participante habitual na construción do soño, faise patente nestes soños, e amósase como o constituínte esencial do soño. A necesidade de durmir sitúase xustificadamente a carón das outras grandes necesidades corporais.

A través desta reprodución do cadro de Schwind da Galería Schack de Munich, amósolles o instinto do pintor para captar o nacemento dun soño a partir dunha situación dominante. É o “soño do prisioneiro”, que non podía ter outro contido ca a

súa liberación. É moi fermoso que a liberación deba ter lugar a través da fiestra, xa que pola fiestra penetra o estímulo lumínico que pon fin ao sono do prisioneiro. Os gnomos, montados uns sobre outros, representan en sucesión as posturas características que tería que adoptar o suxeito para empolicarse ao alto da fiestra e, se non me trabuco ao non atribuírle demasiada intencionalidade ao artista, o gnomo da parte superior, que está serrando as reixas, é dicir, facendo o que ao prisioneiro quixera facer, ten os mesmos trazos físicos ca este.

En todos os demais soños, agás os dos nenos e os de tipo infantil, a desfiguración do soño interponse no noso camiño de xeito molesto. De momento non podemos dicir se son cumprimentos de desexos, como supomos; polo seu contido manifesto non podemos adiviñar qué estímulo psíquico os orixina, e tampouco podemos demostrar se buscan a supresión ou eliminación deste estímulo. Estes soños deben ser interpretados, é dicir, traducidos, temos que anular a súa desfiguración e substituír o seu contido manifesto polo latente, antes de podermos xulgar se os datos proporcionados polos soños infantís son aplicables a todos os demais soños.

A censura do soño

A través do estudo dos soños infantís coñecemos, miñas damas e meus cabaleiros, a formación, natureza e función do soño. *Os soños son un medio de supresión dos estímulos (psíquicos) alteradores do sono pola vía da satisfacción alucinatoria.* Nembargante, só puidemos esclarecer un grupo dos soños dos adultos, aqueles que denominamos soños de tipo infantil. O que sucede nos demais soños dos adultos aínda non o sabemos, e tampouco os entendemos. Obtivemos un resultado provisional cun significado que non debemos subestimar: cada vez que un soño nos resulta totalmente intelixible, revélasenos como un cumprimento alucinatorio dun desexo. Esta coincidencia non pode ser casual nin indiferente.

Dun soño doutro tipo aceptamos, debido a diversas reflexións e por analoxía á concepción dos actos falidos, que é un substituto desfigurado dun contido descoñecido e que só pode ser atribuído a este. A investigación, a comprensión desta *desfiguración do soño*, é agora a nosa seguinte tarefa.

A desfiguración do soño é o que fai que o soño nos semelle estraño e intelixible. Queremos saber máis sobre ela. Primeiro, de onde procede e cal é o seu dinamismo, segundo, o que fai e, finalmente, como o fai. Tamén podemos dicir que a desfiguración do soño é obra da elaboración onírica. Describiremos pois a elaboración onírica e atribuírémola ás súas forzas de acción.

E agora, escoiten o seguinte soño. Foi anotado por unha dama do noso círculo¹¹, procede, segundo a súa información, dunha dona cunha reputación inmaculada e de exquisita educación. Deste soño non se realizou ningunha análise. A nosa informadora opina que esta non é precisa para aquelas persoas habitadas

¹¹ Sra. Dr. Von Hug-Hellmuth.

á Psicanálise. A propia soñadora tampouco o interpretou, pero xulgouno e condenouno como se entendese de interpretación. Dixo, por exemplo “¡E que unhas parvadas tan atroces as soñe unha muller de 50 anos que día e noite non pensa máis ca no seu fillo!”

Escoiten pois o relato do que chamaremos o soño da “obra de caridade”¹².

A dama diríxese ao Hospital da Gornición número 1 e dille ao vixiante da porta que ten que falar co médico-xefe... (menciona un nome descoñecido para ela) xa que lle gustaría ofrecer os seus servizos ao hospital. Ao dicilo acentúa a palabra “servizo” de tal xeito que o suboficial se decata inmediatamente de que se trata de servizos “amorosos”. Xa que se trata dunha dama maior, logo dalgúns titubeos, déixaa pasar. Pero no canto de ir ver ao médico-xefe, a dama chega a unha habitación grande e sombría, na que hai moitos oficiais e médicos militares de pé ou sentados a unha mesa moi longa. Dirixe a súa proposta a un capitán médico que, tras unhas poucas palabras, comeza a entender. O texto do seu discurso no soño é: “Eu e un gran número de mulleres e rapazas de Viena estamos dispostas a ... aos soldados, tropa e oficiais sen distinción, ...” A isto séguelle no soño un murmurio. Os acenos dos presentes, en parte cohibidos e en parte maliciosos, demóstranlle que a entenderon perfectamente. A dama continúa: “Sei que a nosa decisión parece estraña, pero para nós é moi seria. Ao soldado no campo de batalla tampouco se lle pregunta se quere morrer ou non.” Segue un embarazoso silencio dun minuto. O capitán médico rodea co seu brazo o van da señora e di: “Querida señora, tome vostede por caso que efectivamente chegásemos...” (Murmurio). Ela libérase do seu brazo pensando que todos son iguais e replica: “Meu

¹² No orixinal *Liebesdiensten* ‘servizos amorosos’ ou ‘obra de caridade’. A bisemia do termo posibilita un irónico xogo de palabras [N. da T.]

Deus, eu son unha muller maior e quizais non estea en situación. Ademais, debe ser respectada unha condición: ter en consideración a idade; que unha muller maior non... a un mozo novo... (Murmurio); iso sería espantoso.” O capitán médico responde: “Enténdoa perfectamente.” Algúns oficiais, entre eles un que lle fixera as beiras nos anos mozos, estoupan en gargalladas abrouxadoras, e a dama manifesta o seu desexo de ser levada ata o médico-xefe que coñece, para que todo se aclare. Nese intre vénlle á memoria que non coñece o nome deste médico. O capitán médico sinalalle non obstante moi educada e respectuosamente unha estreita escaleira de caracol de ferro, que conduce directamente dende esta habitación ao piso superior, para que ela poida subir ao segundo piso. Durante o ascenso, oe dicir a un oficial: “Esa é unha decisión colosal, o mesmo ten que sexa nova ou vella; merece todo o meu respecto”. Coa sensación de cumprir co seu deber, a dama sobe por unha escaleira interminable.

Este soño repítese no prazo de poucas semanas dúas veces e con algunha modificación que, como observa a dama, é insignificante e absurda.

O soño correspóndese no seu percorrido cunha fantasía diúrna. Só ten algúns puntos de fractura, e algún detalle do seu contido podería ser aclarado por medio de información engadida, o que, como vostedes saben, non se fixo. O sorprendente e interesante para nós é, nembargante, que o soño ten varias lagoas, non da lembranza, senón de contido. O contido aparece coma borrado en tres momentos; os discursos nos que se localizan as lagoas vense interrompidos por un murmurio. Como non realizamos ningunha análise, tampouco temos en sentido estrito ningún dereito a pronunciarnos sobre o sentido do soño. Pero neste atópanse determinadas alusións das que se pode deducir algo, por exemplo, a palabra “obra de caridade” e, sobre todo, as pasaxes do discurso que preceden aos murmurios, ínstannos completármolas nun só sentido inequívoco. Se facemos caso a esta ins-

tigación concluiremos que o contido manifesto do soño é unha fantasía na que a soñadora está disposta, en cumprimento do seu deber patriótico, a pór a súa persoa ao dispor dos oficiais e soldados, para estes satisfaceren as súas necesidades amorosas. Isto chama realmente a atención, un patrón de fantasía descaradamente libidinosa, pero non ten lugar no soño. Precisamente alí onde o contexto semella implicar esta confesión, atópase no soño manifesto un vago murmuro que a borra ou reprime.

Espero que recoñezan como obvio que xustamente o sorprendente destas pasaxes se converteu en motivo da súa represión. Pero, ¿onde podemos atopar un paralelismo con este suceso? Nos nosos días non precisamos buscar moi lonxe. Tomen calquera xornal político na man, atoparán lagoas de texto en todas as súas páxinas. E que no seu lugar brilla o papel en branco. Saben que isto é obra da censura do xornal. Nestas pasaxes valeiradas había algo que o censor non estimaba necesario e que por iso foi eliminado. Pensan que é unha mágoa, que probablemente fose o máis interesante do texto, “a mellor pasaxe”.

Noutras ocasións non se exerce a censura a posteriori. O autor prevé que fragmentos poden tropezar co veto da censura, e por iso os suaviza preventivamente, os modifica lixeiramente ou conténtase con aproximarse e aludir a aquilo ao que en realidade flúe da súa pluma. Logo a folla tampouco ten espazos en branco mais, a partir de certos circunloquios e expresións opacas, poderán adiviñar a censura aplicada por adiantado.

Constatemos agora estes paralelismos. Dicimos que os discursos do soño que son omitidos ou afogados por un murmuro, foron sacrificados en prol da censura. Falamos directamente dunha *censura do soño*, á que se lle ten que atribuír parcialmente a desfiguración do soño. Todas as lagoas que atopamos no soño manifesto están causadas pola censura do soño. Deberíamos ir máis alá, e identificar coma manifestación da censura o feito de que algúns elementos oníricos sexan lembrados de forma máis débil, difusa e dubitativa ca outros, que aparecen conformados

con precisión. Pero raras veces se manifesta esta censura con tanta franqueza, con tanta inocencia gustaríanos dicir, como no exemplo do soño da “obra de caridade”. A censura faise valer máis a miúdo seguindo a segunda modalidade mencionada é dicir, por medio da produción de atenuacións, aproximacións ou alusións no canto do contido real.

Non coñezo ningún paralelismo coa censura periodística para referir unha terceira modalidade de comportamento da censura onírica; pero podo exemplificala precisamente co único soño analizado ata agora. Lembrarán o soño das “tres malas localidades de teatro por l f. 50”. Nas ideas latentes deste soño estaba en primeiro plano o elemento “prematureo, demasiado pronto”. Significaba que era un disparate casar tan *pronto*, –tamén era absurdo mercar tan *pronto* entradas para o teatro–, era ridículo que a cuñada gastase tan “apresuradamente” os seus cartos para mercar unha xoia. Deste elemento central das ideas do soño non se transmitiu nada ao soño manifesto; neste caso as accións de ir ao teatro e mercar entradas desprazáronse ao centro do contido onírico. A través desta desprazamento do acento, desta reagrupación dos elementos constituíntes do contido, o soño manifesto faise tan disímil das súas ideas latentes que ninguén barruntaría a súa presenza tras o soño manifesto. O desprazamento do acento é un medio esencial da desfiguración onírica e dálle ao soño aquela estrañeza pola que ao mesmo soñador non lle gusta recoñecelo como produción propia.

Omisión, modificación e reagrupamento do material son, polo tanto, os efectos da censura do soño e os medios da desfiguración onírica. Á censura do soño mesma correspóndelle a autoría, parcial ou total, da desfiguración que agora estamos investigando. Á modificación e reordenamento acostumamos a resumilos como *desprazamento*.

Logo destas observacións sobre os efectos da censura do soño, adicarémonos ao seu dinamismo. Espero que non interpreten este termo dende un punto de vista demasiado antroppo-

mórfico e que non imaxinen ao censor do soño como un homiño estrito ou como un espírito que vive nunha pequena sala do cerebro e dende alí cumpre co seu deber, pero tampouco intenten localizala, de xeito que pensen nun “centro do cerebro” do que parte a influencia censuradora, que sería anulada por medio do dano ou supresión deste centro. Limítense a ver nesta palabra un termo útil para designar unha relación dinámica. O dinamismo non nos impide preguntar por que e sobre que tendencias é exercida esta influencia; tampouco nos sorprenderá descubrir que xa nos atopamos anteriormente coa censura do soño, quizais sen recoñecela.

Este foi realmente o caso. Lembren que tivemos unha experiencia sorprendente cando comezamos a aplicar a nosa técnica de asociación libre. Tivemos que aturar que se opuxese unha *resistencia* aos nosos esforzos por chegar dende o elemento do soño ao elemento inconsciente, do que é substituto. Esta resistencia, dixemos, podía ser de distintas dimensións, ás veces enorme, outras veces verdadeiramente insignificante. No último caso só necesitabamos sortear algúns obstáculos para levar a cabo o noso traballo de interpretación; pero cando esta resistencia é de dimensións meirandes, temos que atravesar, partindo do elemento onírico, longas cadeas asociativas que nos afastan del e no camiño debemos superar todas as dificultades que se fan pasar por obxeccións críticas contra a idea. O que se nos opón como resistencia ao noso traballo de interpretación, debemos trasladalo á elaboración onírica, onde constituirá a chamada censura do soño. A resistencia á interpretación non é outra cousa que a obxectivación da censura onírica. Isto demostranos tamén que a forza da censura non se esgotou coa consecución da desfiguración do soño, extinguíndose, senón que esta censura subsiste coma institución duradeira coa intención de darlle continuidade á desfiguración. Ademais, ao igual que a resistencia que atopabamos na interpretación variaba de intensidade dun elemento a outro, así tamén ten a desfiguración

onírica, provocada pola censura, diferentes dimensións para cada elemento. Se comparamos o soño manifesto e o latente, vemos que algúns elementos latentes foron suprimidos por completo, outros modificados en maior ou menor medida, e que outros, que permaneceron invariables ou incluso reforzados, foron transferidos ao contido manifesto do soño.

Pero nós queriamos investigar qué tendencias practicaban a censura e contra que outras tendencias o facían. Esta pregunta fundamental para a comprensión do soño, quizais tamén da vida humana, é doada de contestar se percorremos a serie de soños que puideron ser interpretados. As tendencias que practican a censura son aquelas que recoñece o soñador como propias, coas que se identifica. Estean seguros de que cando rexeitan unha interpretación, realizada correctamente, dun soño propio, fano polos mesmos motivos polos que se practica a censura do soño, se produce a desfiguración onírica e polos que se fixo necesaria a interpretación. Pensen vostedes no soño da nosa dama cincuentenaria. Sen unha análise previa opina que o seu soño é atroz, e aínda estaría máis indignada se a señora Dr. v. Huglle tivera comunicado algún dos datos obtidos da interpretación que se impuña neste caso, e precisamente debido a este xuízo condenatorio substituíronse no seu soño as pasaxes máis indecorosas por un murmuro.

As tendencias, contra as que se dirixe a censura do soño, débense describir de momento dende a perspectiva desta mesma instancia. Logo só pode dicirse que son dunha natureza absolutamente reprobable, indecorosa dende o punto de vista ético, estético e social, cousas nas que non ousamos pensar ou nas que só pensamos con xenreira. Estes desexos censurados, que acadaron unha expresión desfigurada no soño, son, sobre todo, manifestacións dun egoísmo desenfreado e brutal. É dicir, o propio Eu aparece en todos os soños e interpreta en todos o papel protagonista, incluso cando sabe agocharse do contido manifesto. Certamente, este *sacro egoísmo* do soño non está

desvinculado da actitude do sono, que consiste na subtracción do interese polo mundo exterior.

O Eu, desembarazado de toda cadea ética, tamén está conforme con todas as pretensións das aspiracións sexuais, aquelas que están condenadas dende hai moito pola nosa educación estética, e aquelas que contradín todas as reivindicacións morais de certas limitacións. A busca de pracer —a libido, como dicimos nós— escolle os seus obxectos sen escrúpulos a saber, preferentemente os prohibidos. Non só a muller do semellante, senón, sobre todo, obxectos incestuosos, revestidos dun carácter sagrado por convención social, a nai e a irmá no caso do home, o pai e o irmán no da muller. (Tamén o soño da muller cincuentenaria é incestuoso, coa súa libido dirixida inequivocamente ao fillo.) Antollos, que cremos lonxe da natureza humana, amósanse con suficiente intensidade como para provocar soños. Tamén o odio atopa desafoego neles. Desexos de vinganza e de odio ás persoas próximas, as máis queridas na vida, os pais, os irmáns, as parellas, os fillos, non son nada insólito. Estes desexos censurados semellan xurdir dun verdadeiro inferno; unha vez descubertos durante a análise diúrna, ningunha censura nos parece dura dabondo contra eles.

Pero non lle fagan ningún reproche ao soño por este perverso contido. Non esquezan que ten a inofensiva e proveitosa función de preservar ao sono de molestias. Tal maldade non reside na esencia do soño. Tamén saben que hai soños que poden interpretarse como a satisfacción de desexos fundados e necesidades corporais apremantes. Estes non sofren, non obstante, desfiguración algunha; pero tampouco a precisan, poden satisfacer a súa función sen ofender as tendencias éticas e estéticas do Eu. Teñan tamén presente que a desfiguración do soño é directamente proporcional a dous factores. Aumentará por unha banda canto máis repreensible sexa o desexo que vai ser sometido á censura e pola outra, canto máis severas sexan as exixencias da censura nese momento. Por esta razón unha moza nova, cunha

educación estrita e de carácter pudoroso, desfigurará por medio dunha censura inexorable os impulsos do soño que nós, na nosa condición de médicos, deberíamos recoñecer como desexos permitidos e inofensivamente libidinosos, valoración que a propia soñadora compartirá un decenio máis tarde.

Polo demais, aínda non estamos preparados para poder indignarnos debido ao resultado do noso traballo interpretativo. Penso que aínda non o entendemos ben; pero sobre todo temos o deber de protexelo contra determinados ataques. Non é tarefa difícil atoparlle algún inconveniente. As nosas interpretacións oníricas fixéronse baixo as hipóteses que reivindicamos hai un momento de que o soño ten un sentido, de que a actual existencia de procesos psíquicos inconscientes se pode transferir do sono hipnótico ao normal, e de que todas as ideas xurdidas a partir do soño están determinadas. Se, por medio destas hipóteses, chegásemos a resultados plausibles da interpretación onírica, concluiríamos con razón que estas hipóteses eran correctas. Pero, ¿como facelo ante os resultados obtidos? Compréndese que se diga deles que son resultados imposibles, absurdos ou, cando menos, moi improbables é dicir, que as hipóteses que lles serven de base están trabucadas. Ou ben o soño non é un fenómeno psíquico, ou a nosa técnica ten unha vía de auga nalgures. ¿Non é máis doado e satisfactorio aceptar este feito que asumir todas as atrocidades que presuntamente descubrimos a raíz das nosas hipóteses?

Conviremos en que aceptar un erro do noso traballo interpretativo é máis doado e satisfactorio, pero non por iso necesariamente máis acertado. Deámonos tempo, pois esta cuestión aínda non está madura. Aínda podemos reforzar a crítica contra as nosas interpretacións oníricas. Quizais non teña tanto peso que os resultados das mesmas sexan tan desagradables e pouco satisfactorios. Un argumento de meirande solidez é que os soñadores, aos que lle atribuímos tales tendencias de desexo a partir da nosa interpretación dos seus soños, rexéitanas xustifi-

cadamente da forma máis enérxica. “¿Que?”, di un analizado, “¿vostede quere probar a partir do meu soño que lamento as sumas invertidas na dote da miña irmá e na educación do meu irmán? Pero se iso non pode ser; eu traballo só para os meus irmáns, non teño na vida máis interese ca cumprir cos meus deberes para con eles, tal e como llo prometín á nosa defunta nai na miña condición de irmán maior”. Ou unha dama di “¿Que lle desexo a morte ao meu home? ¡Iso é un despropósito indignante! Non só vivimos felices no noso matrimonio –probablemente non me crea–, senón que a súa morte faría que perdesse todo o que posúo no mundo. Outro paciente retrucará “¿Que sinto un desexo físico pola miña irmá? Iso é ridículo; ela non me importa en absoluto; levámonos mal e hai anos que non intercambio unha palabra con ela”. Tal vez tomaríamos á lixeira que estes soñadores non confirmasen nin desmentisen as tendencias que lles atribuímos; podemos alegar que estas constitúen precisamente aquilo que ignoran de si mesmos. Pero que sintan exactamente o contrario ao desexo interpretado, e que poidan demostrarnos a supremacía deste sentimento oposto por medio da súa traxectoria vital debería facernos sospeitar. ¿Non sería agora o momento de descartar o conxunto do traballo sobre a interpretación onírica como algo levado *ad absurdum* polos seus resultados?

Non, aínda non. Este argumento de peso crébase cando o acometemos dende unha perspectiva crítica. Presupondo que hai tendencias inconscientes na vida psíquica, non ten forza probatoria algunha que as súas opostas na vida consciente sexan as dominantes. Quizais haxa espazo na vida psíquica para tendencias opostas, para a coexistencia de contradicións; posiblemente, a supremacía dunha tendencia sexa precisamente a condición da inconsciencia da súa contraria. As primeiras obxeccións expostas establecen, polo tanto, que os resultados da interpretación dos soños non son doados e si moi desagradables. En primeiro lugar, debo advertirlles de que a exaltación da

sinxeleza non vai solucionar ningún dos problemas suscitados polo soño; deben, polo tanto, avirse á aceptación de circunstancias máis complexas. E en segundo lugar, de que cometen unha inxustiza ao establecer unha simpatía ou antipatía coma elemento determinante da súa ditame científica. ¿Que fai que os resultados da interpretación onírica lles parezan desagradables, humillantes e aborrecibles? *Ça n'empêche pas d'exister*¹³, ónlle dicir nun caso semellante, sendo eu un novo doutor ao meu mestre Charcot. É dicir, deben ser humildes para reprimir as súas simpatías e antipatías se queren descubrir a realidade deste mundo. Se un físico lles demostrara que a vida orgánica da terra sucumbirá nun breve prazo de tempo a unha completa solidificación, ¿atreveríanse vostedes a retrucarlle que non pode ser porque a perspectiva é demasiado desagradable? Eu creo que gardarán silencio, ata que chegue outro físico e lle indique ao primeiro un erro nas súas suposicións ou cálculos. Se rexeitan aquilo que atopan desagradable, estarán máis ben reproducindo o mecanismo da construción do soño, no canto de entendela e de superalo.

Quizais se decidan por prescindir do carácter repulsivo dos desexos oníricos censurados, remitíndose ao argumento de que é improbable que debamos concederlle un espazo tan amplo ao mal na constitución do home. Pero, ¿autorízaos á súa experiencia a dicir isto? Non pretendo referirme ao concepto que teñen vostedes de si mesmos pero, ¿acaso atoparon tanta benevolencia nos seus superiores e competidores, tanta cortesía nos seus inimigos e tan pouca envexa na súa sociedade como para sentírense obrigados a protestar contra a parte de mal egoísta da natureza humana? ¿Non saben acaso o ingobernable e inseguro que é o home medio na súa vida sexual? ¿Ignoran que todos os abusos e excesos cos que soñamos pola noite son crimes cometidos diariamente na realidade por homes expertos? ¿Que outra

¹³ 'Isto non lles impide existir', en francés no orixinal [N. da T.]

cousa fai a Psicanálise máis que confirmar as vellas palabras de Platón de que os bos son aqueles que se contentan con soñar o que os outros, os malos, levan realmente a cabo?

E agora boten unha ollada, prescindindo do individual, á gran guerra que aínda devasta Europa, pensen vostedes na morea de brutalidade, crueldade e mendacidade que se estende agora ao mundo da cultura. ¿Cren realmente que unha manda de arribistas sen escrúpulos abondaría para desencadear todos estes malos espíritos se non contaran coa complicidade dos millóns de persoas ás súas ordes? ¿Tamén ousan avogar, nestas condicións, pola exclusión do mal da constitución da alma humana?

Reprocharanme que xulgo a guerra con parcialidade; esta tamén puxo de manifesto o máis fermoso e nobre do home, o seu heroísmo, a súa capacidade de sacrificio, o seu sentir social. Seguro, pero non se fagan cómplices nesta ocasión da inxustiza cometida tan a miúdo coa Psicanálise, botándolle en cara a negación dunha cousa por afirmar o seu contrario. Non é a nosa intención negar as nobres aspiracións da natureza humana, e tampouco reducir o seu valor. Ao contrario; non só lles amoso os desexos malos e censurados do soño, senón tamén a censura que os reprime e desfigura. Detémonos con meirande énfase na maldade do home só porque os outros a negan, e isto non fará que a vida psíquica do home sexa mellor, senón máis incomprendible. Logo, se abandonamos a valoración ética parcial, poderemos atopar certamente a fórmula axeitada da relación do mal e do ben na natureza humana.

Ateñámonos pois a este punto de vista. Non precisamos renunciar aos resultados do noso traballo sobre a interpretación dos soños, aínda que os achemos singulares. Quizais poidamos achegarnos máis tarde á súa comprensión por outra vía. Polo de agora perseveraremos na seguinte afirmación: a desfiguración do soño é unha consecuencia da censura, sendo esta exercida por tendencias recoñecidas do Eu contra impulsos de desexo,

dalgunha maneira indecorosos, que se axitan pola noite, durante o sono, en nós. Por certo, por qué xustamente pola noite, e de onde proceden estes desexos reprobables? Aínda fica moito que preguntar e investigar.

Pero sería inxusto deixarmos de subliñar debidamente outro resultado destas investigacións. Ignoramos os desexos oníricos que pretenden molestarnos durante o sono, descubrímoslos por primeira vez a través da interpretación do soño; polo tanto, cualificarémolos provisionalmente de inconscientes en sentido literal. Pero debemos ter en conta que non só son inconscientes durante o repouso. O soñador tamén os nega, como xa vimos en tantos casos, despois de que a interpretación do seu soño os fixera manifestos. Repítese polo tanto o caso que atopamos por primeira vez na interpretación do lapsus linguae de “Inventar”, cando o autor do brinde aseguraba indignado que, nin entón nin nunca antes, fora consciente dun impulso de rexeitamento cara ao seu xefe. Xa dubidáramos naquel entón do valor de tal aseveración, e substituíramos a mesma pola afirmación de que o suxeito non coñecía a existencia deste impulso. Algo así repítese agora en cada interpretación dun soño fortemente desfigurado, gañando en significación para a nosa concepción. Agora estamos dispostos a aceptar que hai procesos ou tendencias na vida psíquica que descoñecemos, que descoñecemos durante moito tempo, que quizais nunca teñamos coñecido. O inconsciente cobra deste xeito un novo sentido para nós; as expresións “nese momento” ou “temporalmente” desaparecen da súa esencia, e pasamos a falar dun elemento *continuadamente* inconsciente, non só “latente nese momento”. Claro é que deberemos retomar estas consideracións máis adiante.

O simbolismo no soño

Atopamos, miñas damas e meus cabaleiros, que a desfiguración onírica que nos impide comprender o soño, é consecuencia dunha actividade censuradora que se dirixe contra os impulsos de desexos inaceptables e inconscientes. Pero, naturalmente, con isto non afirmamos que a censura sexa o único factor que causa a desfiguración onírica e, en realidade, no estudo ulterior do soño descubriremos que neste efecto participan outros elementos. Isto é tanto como dicir que, aínda que excluísemos a censura do soño, non estaríamos en condicións de entender os soños, o soño manifesto aínda non coincidiría coas ideas latentes do soño.

Este outro elemento que fai impenetrable o soño, esta nova contribución á súa desfiguración, descubrímosa ao decatarnos dunha lagoa na nosa técnica. Xa lles advertín de que aos analizados por veces non se lles ocorre nada en relación aos elementos illados do soño. Dende logo, isto non sucede tan a miúdo como eles afirman; en moitos casos pódese forzar a idea por medio da perseveranza. Pero aínda así, quedan casos nos que a asociación fracasa, deixando de subministrarnos o que agardamos dela no caso de que a forcemos. Se este fracaso ten lugar durante un tratamento psicanalítico, este adquire un significado especial do que non podemos ocuparnos agora. Pero o citado fracaso tamén aparece na interpretación dos soños de persoas normais ou na dos soños propios. Se nos convencemos de que en tales casos o agobio é inútil, descubriremos por fin que esta insuficiencia accidental sobrevén en determinados elementos oníricos con regularidade, comezando a adquirir unha nova lexitimidade alí onde ao principio só se cría atopar un fracaso excepcional da técnica.

Deste xeito, cáese na tentación de interpretar estes elementos oníricos “mudos”, de proporse unha tradución dos mesmos

por medios propios. Cremos obter un significado satisfactorio cada vez que ousamos facer esta substitución, mentres o soño permanece sen sentido e inconexo en tanto non nos decidimos por unha intervención deste tipo. O incremento de casos semellantes a este encárgase entón de darlle a certeza necesaria á nosa tímida tentativa.

Expoño isto dun xeito un tanto esquemático, pero a ensinanza admite as exposicións deste xénero, que non perseguen adulterar a cuestión, senón simplemente simplificala.

Deste xeito obtemos para unha serie de elementos oníricos traducións constantes é dicir, bastante semellantes ás que se atopan nos nosos libros populares sobre soños para todas as cousas soñadas. Pero non esquezan que na nosa técnica asociativa nunca afloran substitutos constantes dos elementos oníricos.

Obxectarán de inmediato que esta vía de interpretación párecelles moito máis insegura e susceptible de ser atacada ca a das asociacións libres exposta anteriormente. Pero debemos engadir aínda algo máis. Cando, por medio da análise, conseguimos reunir suficientes substitucións constantes, dicímonos que deberíamos ter levado a cabo estas partes da interpretación do soño a partir dos coñecementos propios, que poderíamos telas entendido sen as ideas do soñador. Na segunda parte da nosa explicación veremos en que baseamos esta posibilidade.

A esta relación constante entre un elemento do soño e a súa tradución chamámola *simbólica*, o elemento onírico é un *símbolo* dunha idea inconsciente. Lembrarán que durante a investigación das relacións entre os elementos do soño e os seus substratos, clasifiquei estas en tres tipos, a da parte co todo, a da alusión indirecta e a da representación plástica. Anunciéilles entón un cuarto tipo, pero non lle puxe nome. Esta cuarta relación é a que acabamos de introducir agora é dicir, a simbólica. Con ela vincúlanse cuestións moi interesantes ás que nos adicaremos antes de expor as nosas particulares observa-

cións sobre o simbolismo. Este simbolismo é quizais o capítulo máis atractivo da doutrina dos soños.

Antes de nada observaremos que, sendo os símbolos traducións permanentes, realizan en certa medida o ideal da interpretación dos soños, tanto da antiga como da moderna popular, da que nos afastamos a través da nosa técnica. En determinadas circunstancias permítennos interpretar un soño sen preguntarlle ao soñador que, de calquera xeito, non pode aportarnos nada sobre o símbolo. Se coñecemos os símbolos oníricos en uso e tamén ao soñador, as condicións nas que vive, e os estímulos que provocaron o seu soño, estamos a miúdo en situación de interpretar o soño sen máis, de traducilo case a primeira vista. Unha obra de arte tal fai que o intérprete do soño se sinta adulado e infunde respecto ao soñador, tendo o efecto benéfico de evitarnos o laborioso traballo de interrogar ao suxeito. Pero non se deixen seducir por este efecto. A nosa tarefa non consiste en facer obras de arte. A interpretación baseada no coñecemento simbólico non é unha técnica que poida substituír á asociativa ou medirse con ela. É un complemento dela e abastécea só de datos útiles. Pero no que se refire ao coñecemento da situación psíquica do soñador, deben ter en conta que non só terán que interpretar os soños de persoas coñecidas, senón que por norma non coñecerán os acontecementos da véspera do soño, que son os axentes patóxenos do mesmo, e que só as ideas do analizado poderán proporcionarlles o coñecemento da chamada situación psíquica.

Un feito especialmente curioso, e que non podemos deixar de sinalar, é que se fortalezan de novo as máis intensas resistencias contra a existencia da relación simbólica entre soño e o inconsciente. Incluso persoas de xuízo e prestixio, que percorreron coa Psicanálise un longo tramo do camiño, negáronse a aceptala. Este comportamento é tanto máis curioso en canto que, en primeiro lugar, o simbolismo non é só propio ou característico do soño e, en segundo lugar o simbolismo non é en absoluto un descubrimento da Psicanálise, que realizou outros máis sorpren-

dentos. Como descubridor do simbolismo do soño, se lle queremos asignar un comezo nos tempos modernos, hai que nomear ao filósofo K.A. Scherner (1861). A Psicanálise confirmou o achado de Scherner, modificándoo non obstante de forma decisiva.

Agora quererán recibir información sobre a esencia do simbolismo onírico e que lles poña exemplos do mesmo. Tentarei comunicarlles o que sei, pero confésolles que a nosa comprensión non alcanza o nivel que nos gustaría.

A esencia da relación simbólica é unha comparación, pero non se trata dunha comparación calquera. Nesta relación intuimos un condicionamento especial, pero non sabemos dicir en que consiste. Non todo aquilo co que podemos comparar un obxecto ou un proceso se comporta no soño como símbolo dos mesmos. Por outra banda, o soño tampouco simboliza calquera elemento, senón só os constituíntes das ideas latentes do soño. Aquí atopamos, polo tanto, limitacións por ambas partes. Tamén debemos admitir que non podemos acoutar con nitidez o concepto actual do símbolo, este confúndese coa substitución, coa representación e similares, achégase mesmo á alusión indirecta. Nunha serie de símbolos, a comparación que lles serve de base é patente. Ao seu carón hai outros símbolos para os que debemos formular a pregunta de onde temos que buscar o factor común, o *Tertium comparationis* da suposta comparación. Pode que o localicemos por medio de reflexións máis próximas a nós, ou pode que permaneza oculto. Ademais, se o símbolo é unha comparación, é estraño que esta comparación non se deixe revelar a través da asociación e que o soñador non coñeza a comparación, que faga uso dela sen coñecela. Aínda máis, que o soñador nunca queira recoñecer esta comparación, incluso despois de que o analista lla comunique. Vostedes ven, polo tanto, que unha relación simbólica é unha comparación dunha clase moi especial, cunha motivación que non logramos comprender con claridade. Quizais poidamos atopar máis adiante referencias a este elemento descoñecido.

O volume dos elementos que atopan representación simbólica no soño non é grande. O corpo humano na súa totalidade, os pais, os fillos, os irmáns, o nacemento, a morte, a nudez —e algunha cousa máis. A única representación típica é dicir, regular da persoa no seu conxunto é a da *casa*. Scherner quixo incluso asignarlle a este símbolo un significado de primeira orde. Nos soños vémonos a miúdo gabeando pola fachada de casas, ora con ganas, ora con medo. Aquelas que consisten en muros moi lisos representan aos homes; aqueloutras dotadas de beirais e balcóns, nos que nos podemos deter, representan as mulleres. Os pais aparecen nos soños como *Emperador e Emperatriz*, *Rei* ou *Raíña* ou como outras persoas sobranceiras; o soño é moi respectuoso neste aspecto. Procede de xeito menos afectuoso cos fillos e os irmáns; estes son simbolizados como *pequenos animais*, como *bechos*. O nacemento atopa con regularidade unha representación a través da relación coa *auga*; caemos na auga ou saímos dela, salvamos a unha persoa da auga ou somos salvados por ela é dicir, temos unha relación maternal con ela. A morte é substituída no soño polas accións de *partir*, de *viaxar en tren* e estar xa mortos por distintas alusións escuras e sinistras, mentres que a nudez é substituída por *vestidos* e *uniformes*. Aquí ven como as fronteiras entre representación simbólica e alusiva se confunden.

En comparación coa pobreza desta enumeración, debe chamarnos a atención que obxectos e contidos doutro círculo sexan representados a través dun simbolismo extraordinariamente abundante. Trátase do círculo da vida sexual, do xenitais, dos procesos e relacións sexuais. A inmensa maioría dos símbolos oníricos son sexuais. Disto resulta unha estraña desproporción. Os contidos a simbolizar son só uns poucos, os símbolos dos mesmos son moitos, de xeito que cada un destes elementos pode ser expresado por medio de numerosos símbolos, case equivalentes entre si. Pero durante a interpretación con algo que provoca o escándalo xeral. As interpretacións dos símbolos

son, en oposición á gran variedade de representacións oníricas, moi monótonas. Isto desgusta a todo aquel que logra advertilo; pero, ¿que podemos facer na súa contra?

Xa que é a primeira vez que se fala nesta conferencia dos contidos da vida sexual, teño que renderlles contas sobre como penso tratar este tema. A Psicanálise non atopa ningún motivo para ocultamentos e alusións indirectas, non considera necesario que nos avergoñemos de ocuparnos deste importante material, opina que é correcto e respectable chamalo todo polo seu nome, e espera afastar así o antes posible as ideas alteradoras. Isto non pode cambiar polo feito de falar ante unha audiencia mixta. Así como non hai ningunha ciencia *ad usum Delphini*, tampouco hai ningunha para as rapazas inxenuas, e as damas que se atopan entre vostedes deron a entender coa súa aparición neste paraninfo, que queren ser equiparadas aos homes.

O soño posúe, pois, para os xenitais masculinos certo número das chamadas representacións simbólicas, nas que o factor común da comparación é maioritariamente evidente. Para os xenitais masculinos no seu conxunto o símbolo máis significativo é o sagrado número 3. A parte principal, e a máis interesante para ambos os dous sexos, do aparato xenital masculino é dicir, o membro viril, atopa substituto simbólico en primeira instancia por medio dos obxectos que son semellantes a el na forma é dicir, longos e enfeitos, como *bastóns, paraugas, paos, árbores* e similares. Tamén se pode substituír por obxectos que teñan en común con el a capacidade de penetrar no corpo e mancar é dicir, *armas brancas* de todo tipo, *coitelos, dagas, lanzas, sabres*, pero tamén por medio de armas de lume como *fusís, pistolas* e o *revólver*, tan idóneo pola súa forma. Nos pesadelos das mozas xoga un papel importante a persecución a cargo dun home cun coitelo ou unha arma de fogo. Este é quizais o caso máis habitual de simbolismo onírico que pode traducirse con facilidade. Tamén é intelixible sen máis a substitución do membro masculino por obxectos polos que flúe auga, como *billas, cana-*

lizacións de rega, aspersores, ou por outros obxectos que teñen a capacidade da prolongación, como *lámpadas de suspensión, portaminas* etc. Que *lapis, plumas, limas de unllas, martelos* e outros *instrumentos* sexan indubidablemente símbolos sexuais masculinos está relacionado cunha concepción igualmente comprensible do órgano.

A curiosa propiedade do membro de poder erguerse en contra da forza da gravidade, que forma parte do fenómeno da erección, lévanos á representación simbólica por medio de *globos*, máquinas para voar e, en datas máis recentes, por medio da *aeronave Zepelín*. Pero o soño aínda coñece outro xeito moito máis expresivo de simbolizar a erección. Este converte o membro sexual no elemento esencial da persoa, facendo que *voe*. Non se asombren polo feito de que os soños de voar, a miúdo tan fermosos, deban ser interpretados como soños de excitación sexual, como soños de erección. Entre os investigadores psicanalíticos foi P. Federn o que estableceu esta interpretación contra toda dúbida, pero tamén Mourly Vold, tan gabado pola súa obxectividade, que realizara aqueles experimentos sobre o soño con posturas artificiais de brazos e pernas, e que estaba realmente lonxe da Psicanálise –tal vez nin sequera a coñecía–, chegou por medio das súas investigacións á mesma conclusión. Tampouco poñan reparos a que as mulleres poidan ter estes mesmos soños de voar. Lembren que os nosos soños queren ser cumprimentos de desexos, e que o desexo de ser un home se atopa na muller, consciente ou inconscientemente, coa mesma asiduidade. Que para a muller tamén sexa posible satisfacer este desexo a través das mesmas sensacións que o home non desconcertará a ningún especialista en Anatomía. Os xenitais femininos posúen tamén un pequeno membro semellante ao masculino, e este pequeno membro, o clítoris, xoga, incluso na infancia e na idade anterior ás relacións sexuais, o mesmo papel que o seu homólogo masculino.

Aos símbolos sexuais masculinos menos intelixibles pertencen determinados *réptiles* e *peixes*, sobre todo o célebre símbolo

da *serpe*. Non é doado adiviñar por que *sombreiro* e *abrigo* atoparon o mesmo uso, pero esta interpretación simbólica foi comprobada de forma irrefutable. Finalmente, aínda podemos preguntarnos se podemos designar como simbólica a substitución do membro viril por outro membro, o pé ou a man. Creo que tanto o conxunto do soño coma os órganos femininos correspondentes nos forzan a facelo.

Os xenitais femininos son representados simbolicamente a través de todos aqueles obxectos que comparten con eles a propiedade de conter unha cavidade que pode acoller algo no seu interior. É dicir, a través de *pozos*, *foxas* e *cavernas*, de *recipientes* e *botellas*, de *caixas* de todas as formas, *latas*, *cofres*, *botes*, *bolsas*, etc. O *barco* tamén pertence a esta serie. Algúns símbolos están máis relacionados co seo materno que cos xenitais da muller, así: *armarios*, *estufas* e, sobre todo, a *habitación*. O simbolismo da habitación achégase aquí ao simbolismo da casa, *portas* e *portal* convértense de novo en símbolos do orificio xenital. Pero hai tamén algúns materiais que son símbolos femininos, a *madeira*, o *papel*, así como os obxectos construídos con estes, como a *mesa* ou o *libro*. Entre os animais debemos mencionar cando menos aos *caracois* e aos *bivalvos* como símbolos femininos inequívocos; entre partes do corpo a *boca* en representación do orificio xenital, entre os edificios a *igreja* e a *capela*. Como ven, non todos os símbolos son igualmente intelixibles.

Os peitos, que poden considerarse parte do aparato xenital feminino e que, como outros hemisferios meirandes do corpo feminino, atopan a súa representación en *mazás*, *cereixas* e *froitas* en xeral. A peluxe púbica de ambos os sexos descríbese o soño como *bosque* e *arbusto*. A complicada topografía do aparato xenital feminino fai comprensible que este sexan moi a miúdo representado por unha *paisaxe* con rochas, bosque e auga, mentres que o imponente mecanismo do aparato sexual masculino leva a que todo tipo de *máquinas complicadas* e difíciles de describir se convertan en símbolos seus.

Outro símbolo dos xenitais femininos digno de mención é o xoieiro; *xoias* e *tesouro* son cualificativos da persoa querida incluso en soños; os *doces* unha representación frecuente do pracer sexual. Á satisfacción sexual nos xenitais propios aluden todo tipo de *xogos*, e tamén o acto de *tocar o piano*. *Esvararse* e *escorregarse*, así como *arrincar unha póla*, son exquisitas representacións simbólicas do onanismo. Un símbolo do soño especialmente curioso é a *catda* ou *extracción dos dentes*. Significa indubidablemente en primeira instancia a castración como castigo polo onanismo. Nos soños atópanse en menor número do que se podería esperar, segundo as informacións recibidas ata agora, representacións particulares do acto sexual. Entre elas debemos mencionar actividades rítmicas como *bailar*, *cabalgar* e *escalar*, ao igual que experiencias violentas como *ser atropelado*. Ademais de determinadas *actividades artesanais* e, naturalmente, a *ameaza con armas*.

Non crean que o uso e a tradución destes símbolos son doados. Sempre xorde algo que contradí as nosas expectativas. Así por exemplo, semella pouco crible que a miúdo non poidamos distinguir con nitidez as diferenzas sexuais. Algúns símbolos designan un órgano xenital en xeral, sendo indiferente que sexa masculino ou feminino, por exemplo o neno *pequeno*, o fillo *pequeno* ou a filla *pequena*. Noutras ocasións, un símbolo predominantemente masculino pode ser empregado para un xenital feminino e viceversa. Isto non poderemos entendelo sen antes adquirir os coñecementos necesarios sobre a evolución dos conceptos sexuais dos homes. Nalgúns casos este dobre sentido pode ser só aparente; os símbolos máis marcados como *armas*, *bolso* ou *cesta* están tamén excluídos deste uso bisexual.

Agora non quero partir do representado, senón do símbolo, para dar unha vista de conxunto dos ámbitos dos que son extraídos normalmente os símbolos sexuais, e engadir algúns comentarios con especial consideración dos símbolos cun elemento común inintelixible. Un símbolo escuro deste xénero é

o *sombreiro*, quizais cubrir a cabeza en xeral, símbolo que ten habitualmente un significado masculino, pero que tamén é susceptible de ter un significado feminino. Do mesmo xeito o *abrigo* designa a un home, aínda que non sempre dende un punto de vista xenital. De vostedes depende preguntar o porqué. A *garabata*, que non é empregada pola muller, é un claro símbolo masculino. A *roupa branca* e o *liño* en xeral é feminino; *vestidos* e *uniformes* son, como xa escoitamos, substitutos da nudez, das formas corporais; o *zapato* e as *zapatillas* dos xenitais femininos, *mesa* e *madeira* xa foron mencionados como símbolos enigmáticos, pero con seguridade femininos. *Escadas*, *escaleiras de caracol* ou *normais*, e o acto de ir cara a elas son, con toda certeza, símbolos do acto sexual. Logo dunha reflexión máis detida, chamaranos a atención o ritmo desta ascensión como elemento común, quizais tamén o incremento da excitación, a falta de alento conforme máis alto subimos.

A *paisaxe* xa a interpretamos como representación dos xenitais femininos. A *montaña* e a *rocha* son símbolos do membro viril; o *xardín* un símbolo habitual do aparato xenital feminino. A *froita* non representa o neno, senón os peitos. Os *animais salvaxes* serven para representar fisicamente a persoas excitadas, por extensión os baixos instintos, as paixóns. Os *pétalos* e as *flores* denotan os xenitais femininos ou, máis especialmente, a virxindade. Non esquezan que os pétalos son, en realidade, os xenitais das plantas.

Xa coñecemos a *habitación* como símbolo. A representación pode ter continuidade neste caso se as fiestras, as entradas e as saídas da habitación asumen o significado de orificios corporais. Que a habitación estea *aberta* ou *pechada* está sometido tamén a este simbolismo, e a *chave* que abre é un símbolo masculino irrefutable.

Este sería o material constituínte do simbolismo onírico. Non está completo, e podería ampliarse tanto en profundidade coma en extensión. Pero opino que lles semellará máis que dabondo, e que quizais lles indigne. Preguntarán “¿Vivo realmente ro-

deado de símbolos sexuais? Todos os obxectos que me rodean, todos os vestidos que poño, todas as cousas que tomo na man, ¿non son máis que símbolos sexuais?” En realidade, hai motivos dabondo para determinadas preguntas, e a primeira delas reza “¿Como podemos coñecer o significado destes símbolos oníricos, sobre os que o propio soñador non nos dá ningunha ou escasa información?

Eu respondereilles que podemos extraer esta información de fontes moi diferentes, de contos e mitos, grazas e chistes, do folclore e do estudo de costumes, usos, refráns e cancións populares, do uso poético e común da linguaxe. En todos estes ámbitos atopamos o mesmo simbolismo, e nalgunhas destas pasaxes podemos entendela sen necesidade dunha instrución ulterior. Se seguimos estas fontes por separado, imos atopar tantos paralelismos co simbolismo do soño que as nosas interpretacións adquirirán unha gran seguridade.

Xa dixemos que, segundo Scherner, o corpo humano é representado a miúdo no soño polo símbolo da casa. Por extensión, as fiestras, portas, portais e entradas representarán os accesos ás cavidades corporais, e o mesmo sucederá coas fachadas lisas ou dotadas de balcóns e saíntes que poidan servir para asirse. O mesmo simbolismo atópase no noso uso da linguaxe, por exemplo cando dicimos dunha persoa que “ten a cabeza moi ben amoblada”¹⁴, cando afirmamos de alguén que está mal da *azotea*. En Anatomía as cavidades corporais denomínanse directamente as *portas do corpo*.

Non deixa de ser sorprendente que os pais aparezan representados nos soños baixo a forma de parellas imperiais ou reais. Pero esta representación atopa o seu paralelismo nos contos infantís. ¿Non entenderemos moito mellor os contos sabendo que aqueles que empezan con “Había unha vez *un rei e unha raíña*” queren dicir en realidade “Había unha vez un pai e unha nai”?

¹⁴ No orixinal emprégase coma exemplo o saúdo *altes Haus* ‘vella casa’, [N. da T.]

En familia aos nenos cualificámoslos, de broma, de príncipes, e ao primoxénito de príncipe herdeiro. Por outra banda, o mesmo rei faise chamar *pai da nación*. Así e todo, aos nenos pequenos chamámoslos *piollos*¹⁵.

Regresemos ao simbolismo da casa. Que, nos sonhos, empreguemos os saíntes das casas para facer un alto na nosa ascensión, ¿non nos lembra á coñecida expresión popular referida aos peitos de tamaño considerable “esa ten onde *agarrarse*”? O pobo exprésase en tales ocasións tamén doutro xeito, di: “Esa está feita de boa *madeira*”, como se quixera saír en axuda da nosa interpretación que atopa na madeira un símbolo feminino e maternal.

Engadamos algo máis sobre o símbolo *madeira*. Non entendemos como este material chegou a ser representación do maternal, do feminino. Para a súa comprensión podemos botar man da lingüística comparativa. A nosa palabra alemana *Holz*¹⁶ ten a mesma raíz que a grega ὕλη, que significa materia, materia prima. Pero sucede con frecuencia que unha palabra xenérica sexa reservada finalmente para designar un material concreto. Hai unha illa no océano que leva o nome de *Madeira*. Este nome déronllo os portugueses no seu descubrimento porque naquel entón estaba superpoboada por bosques. *Madeira* significa en portugués ‘madeira’. Decataranse, porén, de que madeira non é máis que a palabra latina *materia* lixeiramente modificada, que significa, unha vez máis, materia en xeral. *Materia* deriva de *mater*, nai. A materia da que se compón algo é, en certo xeito, a súa parte maternal. Podemos concluír que no uso simbólico de *madeira* por *muller* e *nai*, pervive esta vella concepción.

O nacemento é expresado regularmente nos sonhos por medio dunha relación coa auga; caemos á auga ou saímos da auga é dicir, parimos ou somos paridos. Pero non esquezamos que este

¹⁵ No orixinal *Würmer* ‘vermes’ [N. da T.]

¹⁶ ‘Madeira’ [N. da T.]

símbolo pode referirse a unha verdade de evolución histórica en dúas vertentes. Non só se referirá a que todos os mamíferos terrestres, tamén os predecesores do home, proceden de animais marítimos –esta sería a vertente máis afastada–, senón tamén a que cada mamífero, cada persoa, pasou a primeira fase da súa existencia na auga, a saber, viviu coma embrión no líquido amniótico do ventre da súa nai, e que co nacemento saíu da auga. Con isto non quero afirmar que o soñador sexa consciente deste feito, sosteño, pola contra, que non precisa ser consciente del. Probablemente, o soñador saiba algo máis ao respecto, unha explicación que se lle deu na súa infancia, pero que, ao meu entender, non aportou nada á formación simbólica que nos ocupa. De pequeno contáronlle que a cegoña trae aos nenos pero, ¿de onde os trae? De estanques e fontes é dicir, novamente da auga. Un dos meus pacientes, ao que se lle proporcionou esta información sendo un neno, desapareceu da súa casa durante toda unha tarde. Finalmente, atopárono á beira do estanque dun castelo, deitado, coa faciana inclinada sobre o espello da auga, espiando celosamente para avistar aos nenos no seu fondo.

Nos mitos do nacemento do heroe, aos que O. Rank someteu a unha investigación comparativa –o máis antigo é o do rei Sargón de Agadés, sobre o 2800 a. C.–, a inmersión na auga e o salvamento da auga xogan un papel preponderante. Rank estableceu que as representacións do nacemento son análogas ás que se acostuman empregar nos soños. Cando, soñando, salvamos a unha persoa da auga, convertémonos na súa nai ou nunha nai simplemente; no mito, unha persoa que salva a un neno da auga, revela ser a verdadeira nai do neno. Existe unha coñecida anécdota na que se lle pregunta a un neno xudeu moi intelixente quen era a nai de Moisés. El responde sen vacilar “a princesa”. “Non”, replícaselle, “ela só o sacou da auga”. “Iso é o que di *ela*”, contesta el, demostrando así que atopara a interpretación correcta do mito.

O acto de partir significa no soño morrer. Na educación infantil tamén se adoita responder a un neno que pregunta polo paradoiro dunha persoa á que estraña, que está *de viaxe*. Unha vez máis, gustárame contradicir a crenza de que o símbolo do soño provén desta evasiva empregada para responder ao neno. O poeta sèrvese da mesma relación simbólica cando fala do Alén como dun país por descubrir, de onde non regresa *ningún viaxante (no traveller)*¹⁷. No día a día tamén é moi útil para nós falar da derradeira viaxe. Calquera coñecedor do antigo rito sabe a transcendencia que tiña, na crenza do antigo Exipto por exemplo, a concepción dunha viaxe ao país da morte. Ata nós chegaron moitos exemplares de *O libro dos mortos*, que acompañaba, como unha Bädeker¹⁸, á momia na súa viaxe. Dende que os cemiterios foron apartados das zonas residenciais, a derradeira viaxe dos mortos converteuse nunha realidade.

O simbolismo dos xenitais tampouco corresponde unicamente ao soño. Seguramente todos e cada un de vostedes foi algunha vez tan descortés de chamar a unha señora “vello traste”¹⁹, quizais sen saber que, ao facelo, estaba valéndose dun símbolo xenital. No Novo Testamento dise que a muller é un *vaso débil*. As sagradas escrituras dos xudeus están, no seu estilo tan poético, cheas de expresións simbólicas sexuais, que non sempre son entendidas e interpretadas correctamente e que, por exemplo no *Cantar dos Cantares*, levaron a malentendidos. Na literatura hebraica posterior está moi extendida a representación da muller coma casa, significando a porta o orificio sexual. O home laméntase por exemplo no caso da perda da virxindade, de *atopar a porta aberta*. A representación da muller polo símbolo mesa tamén é frecuente nesta literatura. A muller di do seu home “Prepareille a mesa, *pero el envorcouna*”. As deficiencias dos nenos débense a que o home *envorca a mesa*. Estes datos to-

¹⁷ En inglés no orixinal [N. da T.]

¹⁸ Ou *Baedeker*. Coñecida editorial de guías de viaxe [N. da T.]

¹⁹ No orixinal *alte Schachtel* ‘vella caixa’ [N. da T.]

meinos dunha disertación de L.Levy en Brünn, “O simbolismo sexual da Biblia e do Talmud”.

Os etimólogos fixeron verosímil o feito de que os barcos dos soños tamén signifiquen mulleres afirmando que a palabra *Schiff*²⁰ era orixinariramente o nome dun recipiente de barro e que se trata dunha variedade da palabra *Schaff*²¹. Que o forno representa á muller e ao seo materno confírmanolo o refrán grego recollido por Periandro de Corintio e a súa muller Melisa. Segundo o relato de Herodoto, cando o tirano das sombras supli- cou á súa esposa amantísima, pero á que asasinara por ciumes, que lle proporcionara certa información, a morta identificouse por medio da advertencia de que el, Periandro, *metera o seu pan nun forno frío*, en alusión a un feito que ningunha outra persoa podía coñecer. Na *Anthropophyteia* publicada por F. S. Krauß, un libro de consulta insubstituíble no que se refire á vida sexual dos pobos, lemos que en determinadas rexións alemás se di das mulleres que deron a luz que *o seu forno se derrubou*. A preparación do lume, e todo o relacionado con ela, prevalece no máis íntimo do simbolismo sexual. A chama é sempre o xenital masculino, e o lar, a estufa, o colo feminino.

Quizais se sorprendan da asiduidade coa que se empregan as paisaxes no soño coma representación dos xenitais femininos, pero acudan aos mitólogos para informarse acerca do papel que xogou a *Nai Terra* nas representacións e cultos da antigüidade, e de como a concepción da agricultura foi determinada por este simbolismo. A representación onírica da muller por medio da habitación derívase da nosa lingua, que emprega *Frauenzimmer*²² no canto de *Frau*²³ é dicir, que permite que a persoa sexa representada polo espazo asignado a ela. De xeito similar falamos da “sublime porta” para referirnos ao sultán

²⁰ ‘Barco’ [N. da T.]

²¹ ‘Escudela’ [N. da T.]

²² ‘Habitación da muller’ [N. da T.]

²³ ‘Muller’ [N. da T.]

turco e ao seu goberno; así mesmo, o nome do gobernante do antigo Exipcio *Faraón* non significa outra cousa que “patio grande”. (No antigo Oriente os patios entre as portas dobres da cidade son lugares de reunión, analogamente ás prazas do mercado no mundo clásico.) Non obstante, opino que esta dedución é demasiado superficial. Ao meu xuízo, a habitación converteuse en símbolo da muller polo feito de que esta constitúe o espazo que alberga ás persoas durante a súa vida intrauterina. Xa coñecemos o significado da casa dende esta perspectiva; da mitoloxía e do estilo poético podemos tomar *cidade*, *castelo*, *pazo*, *fortaleza* coma outros símbolos femininos. Así pois, só nos falta comprobar se esta representación se atopa nos soños das persoas que non falan nin entenden alemán. Nos últimos anos tratei maioritariamente a pacientes que falaban outros idiomas, e creo lembrar que nos seus soños a habitación significaba igualmente muller, aínda que non tiñan ningún uso idiomático análogo na súa lingua. Existen outros indicios de que as relacións simbólicas poden rebordar as fronteiras lingüísticas o que, polo demais, xa afirmou o vello investigador dos soños Schubert (1814). Non obstante, ningún dos meus soñadores ignoraba totalmente a lingua alemá, polo que debo deixar estas cuestións a aqueles psicanalistas que poidan obter noutros países datos de falantes dunha soa lingua.

Apenas hai representacións simbólicas dos xenitais masculinos que non se recollan na linguaxe burlesca, vulgar ou poética, dos poetas clásicos. Para isto non só se teñen en consideración os símbolos que aparecen nos soños, senón tamén outros novos, p.ex. os instrumentos de distintos labores agrícolas, atopándose o arado en primeira liña. Polo demais, coa representación simbólica do masculino achegámonos a un ámbito moi dilatado e controvertido, do que queremos manternos lonxe por razóns económicas. Só me gustaría adicar algunhas observacións ao símbolo do 3, igualmente pertencente a esta serie. Queda por ver se esta cifra non lle debe a santidad á súa relación simbólica. Pero

semella seguro que algúns dos elementos tripartitos existentes na natureza derivan o seu uso para escudos e emblemas deste significado simbólico, por exemplo a folla de trevo. Tamén se di que a chamada flor de lis francesa e o escudo especial de dúas illas tan afastadas unha da outra como Sicilia e a Isle of Man²⁴, o *triquedro* (tres pernas inclinadas que parten dun punto central) son estilizacións dos xenitais masculinos. Hai fieis retratos do membro viril que eran admitidos na antigüidade como os medios de defensa máis fortes (*Apotropaea*) contra os maleficios, e isto está en conexión co feito de que todos os amuletos da boa sorte actuais poden recoñecerse con facilidade coma símbolos xenitais ou sexuais. Observen unha colección destes fetiches, que adoita levarse en forma de pequenos apéndices de prata: un trevo de catro follas, un porco, un cogomelo, unha ferradura, unha escaleira, un desenfeluxador. O trevo de catro follas ocupou o lugar do de tres follas, máis apropiado coma símbolo; o porco é un vello símbolo de fertilidade; o cogomelo é un símbolo do pene indubidable, que lle debe á súa similitude inequívoca co membro viril o seu nome habitual (*Phallus impudicus*)²⁵; a ferradura reproduce o contorno do orificio sexual feminino, e o desenfeluxador que leva a escaleira aparece neste grupo por exercer unha profesión que comporta actos comparados vulgarmente co acto sexual (véxase *Anthropophyteia*). Coñecemos a súa escaleira como símbolo sexual no soño; a lingua alemá vén aquí na nosa axuda, amosándonos como se emprega a palabra “steigen”²⁶ nun sentido sexual exquisito. Fálase de “den Frauen nachsteigen”²⁷ e de “alter Steiger”²⁸. En francés, lingua na que o chanzo se chama *la marche*²⁹, atopamos para un vello vividor a expresión análoga *un*

24 A illa de Man, en inglés no orixinal [N. da T.]

25 En latín no orixinal [N. da T.]

26 ‘Subir’ [N. da T.]

27 ‘Subir tralas mulleres’ [N. da T.]

28 ‘Vello subidor’ [N. da T.]

29 En francés no orixinal [N. da T.]

*vieux marcheur*³⁰. Probablemente non sexa alleo a este contexto o feito de que o acto sexual de moitos animais grandes teña como condición unha subida, a *monta* da femia.

Arrincar unha póla como representación simbólica do onanismo non só coincide coas denominacións vulgares do acto onanista, senón que tamén ten considerables paralelismos mitolóxicos. Especialmente curiosa é a representación do onanismo ou, mellor dito, do seu castigo, da castración, por medio da caída ou arrincamento dos dentes, xa que esta representación atopa un caso paralelo a ela na Etnoloxía que poucos dos que tiveron un soño deste tipo deben coñecer. Para min non hai dúbida de que a circuncisión, practicada por tantos pobos, é equivalente e substituta da castración. E agora infórmansenos de que en Australia determinadas tribos primitivas levan a cabo a circuncisión como rito da puberdade (coma celebración da entrada do xove na puberdade), mentres que outras, que viven próximas a estas, impuxeron, no canto deste acto, a extracción dun dente.

Con estes exemplos dou por rematada a miña exposición. Trátase só dalgúns exemplos; sabemos moito máis sobre este tema, e vostedes poden imaxinar canto máis extensa e interesante resultaría unha colección deste tipo realizada, non por diletantes como nós, senón por verdadeiros especialistas en Mitoloxía, Antropoloxía, Filoloxía e Folclore. De todos os xeitos, podemos extraer algunhas conclusións, que non serán exhaustivas, pero que nos darán moito no que pensar.

En primeiro lugar confróntasenos co feito de que a forma de expresión simbólica, que o soñador non coñece nin reconece durante o día, está á súa disposición durante o soño. Isto é tan sorprendente como se descubrisen que a señora que limpa a súa casa entende sánscrito, aínda que saben que naceu nun pobo da Bohemia e que nunca estudou esta lingua. As nosas obser-

³⁰ En francés no orixinal [N. da T.]

vacións psicolóxicas non poden guindar luz algunha sobre esta cuestión. Só podemos dicir que o coñecemento do simbolismo é inconsciente no soñador, pertence á súa vida psíquica inconsciente. Pero esta suposición tampouco nos saca de dúbidas. Ata agora só precisabamos aceptar tendencias inconscientes, que ignoramos temporal ou permanentemente. Pero agora trátase de algo máis, de coñecementos verdadeiramente inconscientes, de vínculos entre pensamentos, de comparacións entre distintos obxectos, que levan a que un deles poida substituír de xeito permanente ao outro. Estas comparacións non son diferentes para cada caso, senón que están establecidas e preparadas para seren utilizadas; proba disto é a súa concordancia en distintas persoas, concordancia que subsiste quizais a pesar das diferenzas da lingua.

¿De onde pode proceder o coñecemento destas relacións simbólicas? A lingua só nos proporciona unha pequena parte das mesmas. Os múltiples paralelismos noutros ámbitos son na súa maioría descoñecidos para o soñador; tamén para nós supuxo un grande esforzo recollelos.

En segundo lugar, estas relacións simbólicas non son privativas do soñador ou do labor do soño, por medio da que se expresan. Sabemos que se serven do mesmo simbolismo os mitos e os contos, o pobo e os seus proverbios e cancións, a linguaxe vulgar e a fantasía poética. O ámbito do simbolismo é inmensamente grande, o simbolismo do soño é só unha pequena parte del; polo tanto, non é apropiado acometer esta cuestión partindo da investigación do soño. Moitos dos símbolos, que están en uso noutros contextos, non aparecen, ou aparecen moi de cando en vez, nos soños; e á inversa, algúns dos símbolos oníricos, como xa viron vostedes, só se atopan noutros ámbitos nalgúns ocasións. Isto cáusanos a impresión de que existe unha forma de expresión antiga pero desaparecida, da que se conservaron distintos elementos en sectores diferentes, tal vez baixo formas lixeiramente alteradas. Chegados a este punto

debo lembrar a fantasía dun enfermo mental, que imaxinara unha *lingua fundamental* da que todas estas relacións simbólicas serían os seus restos.

En terceiro lugar, debe chamarlles a atención que o simbolismo non sexa, nos outros sectores mencionados, necesaria e unicamente sexual, mentres que nos soños os símbolos son empregados case exclusivamente coma expresión de obxectos e relacións sexuais. Tampouco isto resulta fácil de explicar. ¿Recibirían os símbolos orixinariamente sexuais outra aplicación a posteriori que debilitou progresivamente o seu carácter simbólico, dotándoos dunha representación doutra índole? É evidente que estas preguntas non poden responderse se nos ocupamos só do simbolismo dos soños. Contentarémonos con perseverar na suposición de que existe unha relación íntima entre os símbolos propiamente ditos e o sexual.

Nos últimos anos apareceu ao respecto unha importante achega. Un lingüísta, H. Sperber (Upsala), alleo á Psicanálise, afirmou que as necesidades sexuais participaron en gran medida na xénese e perfeccionamento da expresión oral. Os primeiros sons articulados estaban ao servizo da comunicación e de chamar á parella sexual; a evolución posterior das raíces da lingua acompañaría a organización do traballo dos homes primitivos. Estes traballos serían comúns e terían lugar baixo expresións lingüísticas ritmicamente repetitivas. Deste xeito trasladouse certo interese sexual ao traballo. O home primitivo adaptouse en certo xeito ao traballo ao tratalo coma equivalente e substituto da actividade sexual. A palabra xurdida do traballo común tiña así dous significados, que designaban tanto o acto sexual como a actividade laboral equiparada a el. Co tempo, a palabra desprendeuse do significado sexual e centrouse neste traballo. En xeracións posteriores sucedeu o mesmo cunha nova palabra que tiña un significado sexual e que foi aplicada a un novo tipo de traballo. Deste xeito teríase construído certa cantidade de raíces lingüísticas, sendo todas elas de orixe sexual

aínda que abandonaran este significado. Se a relación esbozada aquí é a acertada, ábrenos en efecto unha posibilidade de comprensión do simbolismo dos sonhos. Entenderíamos por que no sonho, que conserva algo das antigas circunstancias, hai tantos símbolos para o sexual, por que as armas e as ferramentas en xeral responden ao masculino, e as materias primas e elaboradas ao feminino. A relación simbólica sería o resto da antiga identidade da palabra; obxectos que algunha vez foron chamados do mesmo xeito que os xenitais, poderían aparecer agora nos sonhos como símbolos dos mesmos.

A partir destas analoxías co simbolismo do sonho tamén poden vostedes facer unha estimación sobre o carácter da Psicanálise que a converten en obxecto do interese xeral, cousa que non sucede coa Psicoloxía nin coa Psiquiatría. No traballo psicanalítico establécense relacións con outras ciencias humanas que nos poden proporcionar as explicacións máis valiosas, relacións tanto coa Mitoloxía como coa Lingüística, co Folclore, coa Psicoloxía dos pobos e coa ensinanza relixiosa. Atoparán comprensible que do chan psicanalítico xermolara unha revista que converteu o cultivo destas relacións na súa tarefa exclusiva, a *Imago*, fundada en 1912 e dirixida por Hanns Sachs e Otto Rank. En todas estas relacións a Psicanálise dá moito máis do que recibe. Con todo, ten a vantaxe de que nos podemos familiarizar cos seus resultados máis estraños debido a que os atopamos noutros contextos, pero en conxunto é a Psicanálise a que achega os métodos técnicos e as perspectivas que, aplicados noutros ámbitos, se demostran frutíferos. A vida psíquica do individuo evidencia por medio da investigación psicanalítica explicacións coas que podemos resolver algúns enigmas da vida da humanidade ou, cando menos, pólos de relevo.

Aínda non lles dixen baixo que circunstancias podemos adquirir o coñecemento máis profundo daquela suposta “lingua fundamental”, nin en que contexto se conservaron a maioría dos seus restos. Mentres non saiban isto tampouco poderán

apreciar a importancia do noso obxecto de estudo. Este contexto é o das neuroses, o seu material son os síntomas e outras manifestacións dos suxeitos nerviosos, sendo a súa aclaración e tratamento o obxecto da Psicanálise.

O meu cuarto punto de vista regresa agora de novo ao noso punto de partida, e retoma o camiño que nos foi indicado. Dixemos que, aínda que non houbera censura onírica, o soño non sería intelixible para nós, xa que nos atoparíamos perante a tarefa de traducir a lingua simbólica onírica á do noso pensamento diúrno. O simbolismo é, polo tanto, un segundo momento da desfiguración do soño independente da censura. Pero é lóxico aceptar que sexa cómodo para a censura servirse do simbolismo, xa que este nos leva ao mesmo final é dicir, á estrañeza e incompreensión do soño.

O estudo ulterior do soño pode facernos descubrir un novo factor que contribúe á desfiguración do soño. Pero non quereda abandonar o tema do simbolismo onírico sen lembrarllas unha vez máis o enigma consistente na resistencia que lle ofreceron de forma tan vehemente as persoas ilustradas, entre as que a divulgación do simbolismo en mitos, relixión, arte e lingua é tan habitual. ¿Non terá a culpa disto o vínculo do simbolismo onírico coa sexualidade?

A elaboración do soño

Se lograron formarse, miñas damas e meus cabaleiros, unha idea da censura do soño e da representación simbólica, aínda non entenden totalmente a desfiguración do soño, pero están en situación de descifrar a maioría dos soños. Para isto sérvense das dúas técnicas complementarias, invocan as ideas do soñador ata que alcanzan, a partir do substituto, o real, e establecen os significados dos símbolos a partir do seu propio coñecemento persoal. Máis adiante falaremos de certas incertezas que resultan deste proceso.

Agora podemos retomar un labor que tentamos realizar no seu momento con medios insuficientes cando estudamos as relacións entre os elementos do soño e os seus referentes reais, establecendo catro relacións principais: a da parte co todo, a da aproximación ou alusión, a relación simbólica e a representación verbal plástica. Agora queremos abordar o mesmo labor a maior escala, comparando o contido manifesto do soño no seu conxunto co soño latente atopado por medio da interpretación.

Espero que xa non confundan ambos os dous. Se o acadan, terán chegado probablemente máis lonxe na comprensión do soño cá maioría dos lectores da miña “Interpretación dos soños”. Permitan que lles lembre que todo traballo que transforma o soño latente en manifesto chámase *elaboración do soño*. O traballo que avanza na dirección oposta, que quere chegar ao soño latente a partir do manifesto, é o noso *traballo de interpretación*. O traballo de interpretación pretende anular a elaboración do soño. Os soños coñecidos como satisfacción evidente de desexos infantís experimentaron en si mesmos unha parte da elaboración do soño a saber, a transformación da forma de desexo en realidade, e a miúdo tamén a dos pensamentos en imaxes visuais. Neste caso non se precisa de ningunha in-

interpretación, só da reconstrución destas dúas transformacións. A aqueles efectos novos que se engaden en outros sonhos aos da elaboración onírica, chamámoslles a *desfiguración do sonho*, e esta é anulada por medio do traballo de interpretación.

A través da comparación de moitas interpretacións de sonhos púxenme en situación de ofrecerlles nunha exposición sinóptica o que fai a elaboración do sonho co material das ideas latentes do mesmo. Pero pídolles que non pretendan entender as miñas palabras á perfección. Trátase máis ben dunha que debe ser escoitada cunha atención reflexiva.

A primeira tarefa da elaboración do sonho é a *condensación*. Baixo este termo entendemos o feito de que o sonho manifesto teña menos contido que o latente é dicir, que se trate dunha especie de tradución abreviada deste último. A condensación, que pode faltar eventualmente, está presente por regra xeral, alcanzando moi a miúdo unha intensidade considerable. Pero nunca nos atoparemos co caso contrario é dicir, con que o sonho manifesto sexa máis rico en volume e contido. A condensación xérase debido a que 1) certos elementos latentes omítense por completo, 2) dalgúns complexos do sonho latente só se transfíre un fragmento ao manifesto, e 3) os elementos latentes que posúen trazos en común, reunidos por primeira vez no sonho manifesto, fusiónanse nunha unidade.

Se queren, poden reservar o nome de “condensación” unicamente para este último proceso. Os seus efectos poden demostrarse con especial facilidade. A partir dos seus propios sonhos rememorarán sen esforzo a condensación de diferentes persoas nunha soa. Unha persoa mixta deste tipo ten a aparencia de A, pero está vestida coma B, ten un traballo coma o de C, e aínda presente algún outro elemento que se corresponde coa persoa D. Por medio desta construción mixta porase naturalmente de manifesto un trazo común ás catro persoas. De igual forma que a partir de persoas, tamén podemos formar unha construción mixta a partir de obxectos ou de lugares, sempre que se cumpra

a condición de estes obxectos e lugares illados teren algo en común que o soño latente acentuará de modo particular. Isto é, como unha construción conceptual nova e pasaxeira que ten ese elemento común como núcleo. Por medio da superposición das unicidades condensadas orixínase normalmente unha imaxe desenfocada e desdebuxada, semellante á resultante de colocar varias fotografías sobre a mesma placa.

Para a elaboración do soño significa moito a creación deste tipo de construcións mixtas, xa que podemos demostrar que os elementos comúns requiridos neste caso son creados expresamente alí onde se botaron en falta, por exemplo a través da elección dunha determinada forma verbal para a expresión dunha idea. Xa coñecemos condensacións e construcións compostas desta forma; xogaban un papel na xénese dalgúns casos de lapsus linguae. Lembren o rapaz que quería *acongaxar* a unha dama. Ademais, existen chistes cunha técnica baseada neste tipo de condensación. Pero prescindindo disto, podemos afirmar que este proceso é moi inusual e estraño. A construción das persoas mixtas do soño atopa non obstante paralelos nalgunhas creacións da nosa fantasía, que reúnen compoñentes, que pola súa natureza non se corresponden entre si, nunha unidade, así p.ex. os centauros e animais lendarios da Mitoloxía antiga ou dos cadros de Böcklin. A fantasía “creadora” non pode inventar nada, senón só reunir compoñentes heteroxéneos. Pero a particularidade do procedemento da elaboración do soño é a seguinte: o material presente na elaboración do soño son ideas, algunhas das cales poden ser repulsivas e inaceptables, pero que están correctamente construídas e expresadas. Estas ideas son trasladadas, por medio da elaboración do soño, a outra forma, e resulta curioso e incomprendible que nesta tradución ou translación a unha escritura ou lingua distinta aplique a fusión e a combinación. Unha tradución esfórzase en respectar as diferenzas dadas no texto e en distinguir as similitudes. A elaboración do soño esfórzase, pola contra, en condensar dúas

ideas distintas ao escoller, de xeito semellante ao chiste, unha palabra ambigua na que poidan atoparse ambas ideas. Non debemos pretender entender esta tendencia inmediatamente, pero pode alcanzar unha grande importancia para a concepción da elaboración do soño.

Aínda que a condensación fai impenetrable o soño, non se ten a impresión de que sexa un efecto da censura onírica. Atribuímola máis ben a causas mecánicas ou económicas; pero, non obstante, a censura emprégaa para os seus propios fins.

Os efectos da condensación poden ser extraordinarios. Coa súa axuda faise eventualmente posible xuntar dúas ordes diferentes de ideas nun mesmo soño manifesto, de xeito que se poida acadar unha interpretación en aparencia xusta dun soño e ademais se poida omitir a posibilidade dunha segunda interpretación.

A condensación ten tamén como consecuencia a non subsistencia de vínculos sinxelos entre os elementos do soño latente e os do soño manifesto. Un elemento manifesto correspóndense simultaneamente con varios elementos latentes e viceversa, un elemento latente pode participar en varios elementos manifestos, formando así unha sólida ligazón. A interpretación dos soños tamén nos amosa que as ideas relacionadas cun so elemento manifesto non aparecen en sucesión ordenada. Para descubrilas debemos esperar a miúdo a completar a interpretación do soño.

A elaboración do soño proporciona polo tanto unha transcripción moi inusual das ideas do soño, non se trata dunha tradución palabra por palabra ou signo por signo, tampouco dunha selección que siga determinadas regras, como cando reproducimos só as consonantes dunha palabra e omitimos as vogais, tampouco do que poderíamos chamar unha representación que entresaca un elemento en lugar de varios, senón de algo diferente e moito máis complicado.

A segunda tarefa da elaboración do soño é o *desprazamento*. Para este, por sorte, xa temos o terreo preparado; sabemos que

é un instrumento da censura do soño. As súas dúas manifestacións son, en primeiro lugar, non substituír un elemento latente por un dos seus compoñentes propios, senón por algo alleo a el é dicir, por medio dunha alusión e, en segundo lugar, transferir o acento psíquico dun elemento importante a outro irrelevante, de xeito que o centro do soño varía, adquirindo este un aspecto estraño para nós.

A substitución por medio dunha alusión existe tamén no noso pensamento de vixilia, pero aquí atopamos unha diferenza. No pensamento de vixilia, a alusión debe ser facilmente comprensible, e o substituto debe ter unha relación de contido co seu referente real. O chiste sérvese tamén a miúdo da alusión, renuncia á condición de asociación entre os contidos e substitúea por asociacións externas inusuais coma a consonancia e a polisemia dunha palabra. Aínda así, persevera na condición de intelixibilidade; o chiste perdería todo efecto se puidese chegar sen esforzo da alusión ao referente real. Pero a alusión do desprazamento liberouse destas dúas limitacións. Permanece unido, polos vínculos máis externos e remotos, ao elemento que substitúe, por iso é inintelixible, causando a súa interpretación a impresión de que nos atopamos ante un chiste falido ou forzado, traída polos pelos. Precisamente, a censura do soño só alcanza a súa meta cando logra facer inaccesible o camiño de regreso da alusión ao referente real.

O desprazamento do acento é un recurso moi pouco habitual como medio de expresión de ideas. Ás veces permitímonolo no pensamento de vixilia para obter un efecto cómico. Para que se fagan unha idea da desorientación que provoca lembrareilles unha coñecida anécdota. Había nun pobo un ferreiro culpable dun sanguento crime. O tribunal decidiu que a culpa debía ser expiada e que, tratándose do único ferreiro do pobo, e sendo polo tanto indispensable, se colgase a un dos tres xastres que había no pobo.

A terceira tarefa da elaboración do soño é psicoloxicamente a máis interesante. Consiste na transformación de ideas en

imaxes visuais. Isto non quere dicir que todos os elementos das ideas do soño experimenten esta transformación; algúns conservan a súa forma e aparecen no soño manifesto como idea ou como coñecemento; as imaxes visuais tampouco son a única forma na que se traducen as ideas. Non obstante, son a esencia da construción dos soños; esta parte da elaboración do soño é, como sabemos, a máis constante, e para os elementos illados do soño xa coñecemos a “representación verbal plástica”.

Está claro que esta tarefa non é doada. Para ter unha noción das súas dificultades deben imaxinar vostedes que asumiran o labor de substituír unha editorial política dun xornal por unha serie de imaxes é dicir, os caracteres de imprenta por imaxes. Substituirán con facilidade por imaxes todo o referente neste artigo a persoas e obxectos concretos, e pode ser que mesmo saquen algún proveito disto, pero as dificultades agárdanos na substitución das palabras abstractas e das partes do discurso que indican relacións de pensamento como as partículas, conxuncións e similares. Para as palabras abstractas poderán axudarse de toda clase de artificios. Tentarán, por exemplo, transformar o texto do artigo noutro texto, quizais máis inusual, pero máis concreto e que conteña compoñentes susceptibles de representación. Lembrarán entón que a maioría das palabras abstractas proveñen de palabras concretas e, por esta razón, recorrerán sempre que poidan ao significado concreto orixinario destas palabras. Estarán contentos de poder representar a “posesión” dun obxecto por medio da súa significación concreta, que é a de sentarse sobre el. Isto é o que fai a elaboración do soño. Baixo estas circunstancias apenas poderán esixirlle precisión ás súas representacións. Así pois, permitirán que dita elaboración substitúa, por exemplo, un elemento tan difícil de representar plasticamente como o adulterio por medio doutra fractura³¹, a

³¹ No orixinal *Ehebruch* ‘ruptura de parella, adulterio’ e *Beinbruch* ‘fractura dunha perna’ [N. da T.]

dunha perna³². Deste xeito lograrán compensar en certa medida a torpeza da escritura figurada cando ten que substituír á escrita verbal.

Na representación das partes do discurso que indican relacións entre as ideas, tales como “porque, a causa de, pero” etc., non contan con este tipo de axudas; estes compoñentes do texto pérdense polo tanto no proceso de transformación deste en imaxes. Do mesmo xeito, o contido das ideas do soño queda reducido, por medio da elaboración do soño, á súa materia prima, constituída por obxectos e actividades. Deberán, pois, darse por satisfeitos se lles dan a posibilidade de traducir dalgún xeito certas relacións, non representables en si mesmas, na expresión máis sutil das imaxes. Por medio dun procedemento análogo, a elaboración do soño logra expresar determinadas partes do contido das ideas latentes do soño a través das peculiaridades formais do soño manifesto, da claridade ou escuridade das mesmas, da súa división en varios fragmentos, etc. A cifra de

³² A casualidade levoume, durante a corrección deste capítulo, a ler unha noticia de prensa, que reproduzo aquí coma explicación inesperada das frases arriba mencionadas:

O CASTIGO DE DEUS (*Fractura de brazo coma expiación dun adulterio*). A señora Anna M., a esposa dun reservista, demandou á señora Klementine K. por *adulterio*. A denuncia reza que K. mantivo unha relación punible con Karl M., mentres o seu home estaba en campaña, dende onde incluso lle envía setenta coroas mensualmente. K. xa recibira do home da demandante relativamente *moitos cartos*, mentres que ela e os seus fillos pasaban *fame e miseria*. Compañeiros do seu home reveláronllo ao dicirlle que K. ía a tabernas con M. e que alí empinaban o cóbado ata ben entrada a noite. A demandada preguntoulle unha vez ao home da demandante, diante de varios soldados de infantaría, se non se ía separar pronto da súa “vella”, pra vivir con ela. A patrona da casa de K. tamén viu ao home da demandante en repetidas ocasións en roupa interior no piso de K.

K. *negou* onte, ante un xuíz da Leopoldstadt, coñecer a M., sen mención de relacións íntimas.

A testemuña Albertine M. declarou incluso que K. bicara ao home da demandante, sendo sorprendida por ela.

M., interrogado coma testemuña nunha vista previa, xa desmentira as relacións íntimas coa demandada. Onte presentóuselle ao xuíz unha carta na que a testemuña desminte a súa declaración da primeira vista e *admite* ter mantido ata o Xuño anterior unha relación amorosa. El desmentira as súas relacións coa acusada na vista previa porque esta aparecera antes da vista e *pedíralle de xeonllos* que a salvara e non contara nada. “Hoxe – escribiu a testemuña – síntome impulsado a presentarlle ao tribunal unha confesión completa, xa que *me fracturei o brazo esquerdo*, e isto paréceme un *castigo de Deus* pola miña falta.”

O xuíz constatou que a acción punible xa *prescribira*, polo que a demandante *retirou a demanda*, facéndose efectiva a absolución da demandada.

soños parciais, nos que se divide un soño, correspóndese por norma coa cifra de temas principais, de liñas de pensamento do soño latente; un breve soño preliminar desempeña a miúdo, en relación ao soño principal subseguinte, o papel de introdución ou de motivación; unha frase subordinada nas ideas do soño é substituída a través dun cambio de escena inserido no soño manifesto, e así sucesivamente. A forma dos soños non carece, polo tanto, de importancia en si mesma, chegando incluso a precisar unha interpretación. Os soños dunha mesma noite teñen a miúdo o mesmo significado e testemuñan o esforzo de dominar cada vez máis un estímulo de crecente intensidade. Ademais, nun so soño podemos atopar a representación dun elemento especialmente difícil por medio de varios símbolos.

Proseguindo con esta comparación das ideas latentes cos soños manifestos que as substitúen, descubrimos unha serie de cousas, para as que non estamos preparados, por exemplo, que o desatino e absurdo dos soños teñen o seu significado. Si, neste punto agúzase a oposición da concepción médica e psicanalítica do soño, alcanzando unha claridade que noutros casos non se alcanzaría. Segundo a primeira o soño é absurdo porque a actividade psicolóxica onírica perdeu toda a súa capacidade crítica; segundo a nosa, pola contra, o soño vólvese absurdo cando se lle dá representación a unha crítica contida nas ideas latentes, ao xuízo “é absurdo”. O soño que xa coñecen da visita ao teatro (tres entradas por 1 florín e 50 céntimos) é un bo exemplo disto. O xuízo formulado nel reza “Foi *absurdo* casar tan pronto”.

Do mesmo xeito, descubrimos na elaboración do soño, qué é o que se corresponde tan a miúdo coas dúbidas e inseguridades manifestadas polo soñador sobre se un determinado elemento formou ou non parte do seu soño. Estas dúbidas e inseguridades non se corresponden normalmente con ningún contido das ideas latentes; proceden, sen excepción, do efecto da censura onírica, e poden equipararse cunha tentativa de supresión fracasada.

A forma en que a elaboración do soño trata os contrastes do soño latente pertence aos achados máis sorprendentes nesta

materia. Xa sabemos que as coincidencias presentes no material latente son substituídas no soño manifesto por condensacións. Agora ben, as antíteses reciben o mesmo tratamento ca as coincidencias, sendo expresadas a través do mesmo elemento manifesto. Un elemento do soño manifesto susceptible de ter un contrario pode empregarse tanto no seu propio sentido como no seu oposto, ou en ambos os dous simultaneamente; o sentido global do soño será en primeira instancia o que decida que significado se debe escoller. Este procedemento explica que nunca atopemos representada no soño a negación absoluta, nunca cando menos de forma inequívoca.

A evolución lingüística proporcionounos unha feliz analoxía para este estraño comportamento. Algúns filólogos afirmaron que nas linguas máis antigas as parellas antitéticas como forte-débil, claro-escuro, grande-pequeno eran expresadas polo mesmo radical. (“O contrasentido das palabras primixenias”.) Así, no expicio antigo *ken* significaba orixinariamente forte e débil. Na expresión oral, protexíanse dos malentendidos no uso de palabras tan ambivalentes a través do ton e dos acenos que as acompañaban, na expresión escrita, a través da inclusión dos chamados determinativos é dicir, dunha imaxe que non estaba destinada a ser pronunciada. *Ken*-forte escribíase colocando tras o signo da palabra a imaxe dun home ergueito; cando se aludía a *ken*-débil ao signo sucedíalle a imaxe dun home en crequenias. Soamente en épocas posteriores alcanzouse, por medio de leves modificacións da palabra orixinaria foneticamente idéntica, unha designación especial para cada significado. Así xerouse de *ken* forte-débil, un *ken* forte e un *ken* débil. Semella que non só as linguas máis antigas nas súas derradeiras evolucións, senón tamén linguas moito máis novas, aínda vivas hoxe, conservaron restos deste antigo contrasentido. Presentareilles agora algúns exemplos disto recollidos por K. Abel (1884).

En latín aínda son ambivalentes palabras tales coma *altus* ‘alto/profundo’ e *sacer* ‘sagrado/maldito’.

Como exemplos de modificacións da mesma raíz menciono *clamare* ‘berrar’, *clam* ‘silencioso, tranquilo, segredo’; *siccus* ‘seco’, *succus* ‘zume’. En alemán *Stimme* – *stumm*³³.

A comparación entre linguas emparentadas proporcionaranos numerosos exemplos. Inglés *lock* ‘fechar’; alemán *Loch*, *Lücke*³⁴. Inglés *cleave* ‘partir’; alemán *kleben*³⁵.

A palabra inglesa *without* ‘con-sen’ emprégase hoxe como ‘sen’; proba de que *with*, ademais do significado distributivo, tiuese tamén un significado privativo, son as palabras compostas *withdraw* e *withhold*. Similar ao alemán *wieder*.

Hai outra peculiaridade da elaboración do soño que atopa un paralelo na evolución da linguaxe. No exipcio antigo sucedía, como noutras linguas posteriores, que a sucesión dos sons das palabras era invertida sen que se modificase o significado. Exemplos deste fenómeno atopámoslos na comparación entre o inglés e o alemá: *Topf-pot*³⁶; *boat-tub*³⁷; *hurry* ‘apresurarse’-*Ruhe* ‘repouso’; *Balken*³⁸-*Kloben*³⁹, *club*; *wait* ‘esperar’-*täuwen*.

E comparando o latín e o alemán: *capere-packen*⁴⁰; *ren-Niere*⁴¹.

Inversións deste xénero, idénticas ás que aquí atopamos aplicadas a palabras illadas, realízanse de formas diferentes por medio da elaboración do soño. A inversión do significado é dicir, a substitución pola súa antítese, xa a coñecemos. Ademais, nos soños atópanse inversións da situación, da relación entre dúas persoas é dicir, como se se tratase do “mundo ao revés”. Nos soños o coello dispara a miúdo ao cazador. Outra inversión posible é a da sucesión dos acontecementos, de xeito

33 *Stimme* ‘voz’, *stumm* ‘mudo’ [N. da T.]

34 *Loch* ‘Orificio, buraco’, *Lücke* ‘baleiro, oco’ [N. da T.]

35 ‘Pegar’ [N. da T.]

36 ‘Pota’ [N. da T.]

37 ‘Barco’ [N. da T.]

38 ‘Trabe’ [N. da T.]

39 ‘Madeiro’ [N. da T.]

40 ‘Coller’ [N. da T.]

41 ‘Ril’ [N. da T.]

que o feito antecedente causal quede posposto ao que lle debería seguir. Isto é algo semellante a unha representación dunha obra por un mal teatro de terceira, onde cae morto o heroe antes de que soe o disparo entre bastidores. Tamén hai soños nos que está invertida toda a orde de elementos, de forma que, para lograr extraer algún sentido, debamos comezar a nosa interpretación polo derradeiro dos elementos e rematala co primeiro. Lembráranse tamén dos nosos estudos sobre o simbolismo dos soños, segundo o que meterse ou caer na auga significaba o mesmo que saír da auga é dicir, parir ou ser parido, e subir por unha escaleira ou escada era o mesmo que baixala. É evidente a vantaxe que a desfiguración do soño pode extraer desta liberdade representativa.

A estes riscos da interpretación do soño podemos denominalos *arcaicos*. Son tamén intrínsecos aos sistemas de expresión antigos, orais e escritos, e traen consigo as mesmas dificultades, das que falaremos máis adiante dende unha perspectiva crítica.

Vexamos agora outros puntos de vista. Na elaboración do soño trátase claramente de transformar as ideas latentes, concibidas en palabras, en imaxes sensoriais, na súa maioría de natureza visual. Os nosos pensamentos proceden deste tipo de imaxes sensoriais; o seus primeiros materiais e os seus niveis precedentes eran impresións sensoriais, mellor dito, as imaxes mnémicas das mesmas. A estas vinculáronse máis tarde palabras, e estas foron unidas a ideas. A elaboración do soño permite que as ideas experimenten un tratamento *regresivo*, converte a súa evolución en retroceso, e nesta regresión debe suprimirse todo aquilo que se engadiu como nova adquisición na evolución das imaxes mnémicas en ideas.

Este sería, pois, o proceso da elaboración do soño. Ante os mecanismos que coñecemos a través dela, o interese polo soño manifesto tivo que pasar a un segundo plano. Pero quero adicar-

lle a este último, que é o único que coñecemos de forma directa, algúns comentarios.

É natural que o soño manifesto perda significado para nós. Debe resultarnos indiferente que estea ben composto ou diluído nunha serie de imaxes illadas sen conexión. Incluso cando ten unha fachada exterior aparentemente lóxica, sabemos que esta é orixinada pola desfiguración do soño, e que pode ter tan pouca relación orgánica co contido interno do soño coma a fachada dunha igrexa italiana coa súa estrutura e planta. Pero ás veces a fachada do soño tamén ten o seu significado, ao restituírnos un compoñente importante das ideas latentes do soño levemente desfigurado ou intacto. Pero é imposible comprobar este feito antes de someter o soño á interpretación e de determinar, por este medio, o grao de desfiguración ao que foi sometido. Unha dúbida semellante xorde no caso de que dous elementos semelllen relacionados intimamente. Isto pode conter unha valiosa advertencia sobre o feito de que os elementos correspondentes do soño latente estean tamén ensamblados, pero noutras ocasións podemos ter o convencemento de que os elementos que forman un conxunto de ideas manifestas aparecen totalmente dissociados no plano latente.

En xeral, debemos absternos de querer explicar unha parte do soño manifesto a partir doutra, como se este fora concibido con coherencia e formase unha representación pragmática. Na maioría dos casos é máis ben comparable a un mosaico, feito de distintos fragmentos de roca con axuda dun aglutinante, de xeito que os debuxos resultantes non se corresponden cos contornos das rocas orixinais. En realidade, hai unha parte da elaboración onírica, a chamada *elaboración secundaria*, encargada de transformar nun todo, máis ou menos harmonioso, os resultados inmediatos da elaboración do soño. Para isto, o material é ordenado segundo un sentido a miúdo ambiguo, introducindo complementos alí onde parece preciso.

Pola outra banda, non se debe menosprezar a elaboración do soño, nin confiar demasiado nela. A súa actividade límitase aos efectos enumerados; non pode máis que condensar, desprazar e representar plasticamente, e someter logo o conxunto a unha elaboración secundaria. O que se atopa nos soños non referente a manifestacións de opinión e de crítica, ao asombro e ás conclusións non é resultado da elaboración onírica, e só raras veces manifestación da reflexión sobre o soño. Trátase maioritariamente de fragmentos das ideas latentes, que pasan ao soño manifesto máis ou menos modificadas e adaptadas ao contexto. A elaboración onírica tampouco pode compor discursos. Salvo contadas excepcións, as conversacións do soño son reproducións e composicións de conversacións que se escoitaron ou se mantiveron na véspera e que foron inscritas nas ideas latentes coma material ou estimulante do soño. A elaboración onírica tampouco pode facer cálculos; os que se atopan no soño manifesto son na súa maioría combinacións de cifras, cálculos aparentes, totalmente absurdos e, novamente, só copias de cálculos presentes nas ideas latentes. Nestas circunstancias tampouco debe sorprendernos que o interese ao que se adicou a elaboración do soño se afaste da propia elaboración, dirixíndose cara ás ideas latentes que denota, máis ou menos desfiguradas, o soño manifesto. Pero a partir deste cambio de orientación non se pode xustificar que nas consideracións teóricas as ideas latentes ocupen o lugar do soño e que se fagan afirmacións sobre o último que só poden ser válidas para as primeiras. É estraño que se puidese abusar dos resultados da Psicanálise para xerar tal confusión. “Soño” non se lle pode chamar a nada máis ca ao resultado da elaboración onírica é dicir, á *forma* que adoptan as ideas latentes a través dela.

A elaboración do soño é un proceso moi singular sen equivalente coñecido na vida psíquica. Tales condensacións, desprazamentos e transformacións regresivas de ideas en imaxes son novidades, e descubrilas xa recompensa xenerosamente os

esforzos psicanalíticos. A partir dos paralelismos da elaboración do soño con outras doutrinas vostedes poden comprobar novamente as conexións dos estudos psicanalíticos con outros ámbitos, especialmente coa evolución da lingua e do pensamento. Só poderán intuír o significado adicional destes coñecementos cando descubran que os mecanismos da construción onírica determinan a xénese dos síntomas neuróticos.

Xa sei que aínda non podemos abarcar coa vista os novos datos que a Psicología pode extraer destes traballos. Só quero anunciar-lles a aparición de novas probas da existencia de actos psíquicos inconscientes –isto é o que son as ideas latentes do soño– e como a elaboración onírica promete un acceso insospeitadamente amplo ao coñecemento da vida psíquica inconsciente.

Pero xa é o momento de que lles presente algúns breves exemplos de soños illados, para o que lles veño preparando.

XII. CONFERENCIA

Análise de exemplos de soño

Miñas damas e meus cabaleiros, non se sintan decepcionados se lles amoso novamente fragmentos de interpretacións, no canto de convidalos a participar na interpretación dun fermoso e longo soño. Dirán que, logo de tantas preparacións, deberían ter dereito a isto e dirán, con expresión de convencemento, que, logo de lograren interpretar tantos milleiros de soños debería ser posible recompilar unha colección destacable de exemplos de soños cos que se puidesen demostrar todas as nosas afirmacións sobre a elaboración e as ideas oníricas. Si, pero as dificultades que se atopan no camiño cara ao cumprimento do seu desexo son demasiadas.

Debo confesarlles, ante todo, que non hai ninguén que practique a interpretación do soño como actividade principal. Entón, ¿cando chega o momento de interpretar soños? Eventualmente podemos ocuparnos, sen intención especial, dos soños dunha persoa amiga, ou estudamos durante unha época os nosos propios soños, co fin de instruírnos no traballo psicanalítico; pero a maioría das veces trátase dos soños de persoas nerviosas que están baixo tratamento analítico. Estes últimos soños son un material extraordinario, e non son en absoluto inferiores ós das persoas sas, pero a técnica do tratamento obríganos a subordinar a interpretación onírica ás intencións terapéuticas, e a esquecer unha considerable cantidade de soños logo de extraer deles algo útil para o tratamento. Algúns dos soños que aparecen durante o tratamento subtráense totalmente a unha interpretación completa. Xa que estes resultan do conxunto total do material psíquico descoñecido para nós, a súa comprensión só será posible trala conclusión do tratamento. A transmisión de tales soños tamén faría necesario desvelar todos os segredos dunha neurose; isto non funciona no noso caso, xa que nós abordamos o soño coma preparación para o estudo das neuroses.

Agora probablemente gustaríalles renunciar a este material e preferirían escoitar soños de persoas sas ou os seus propios soños comentados. Pero isto non é posible debido ao contido destes soños. Non podemos comprometernos nin comprometer a outra persoa, despois de apelar á súa confianza, con tanta desconsideración como implicaría a interpretación detallada dos seus soños que, como xa saben, concirne ao máis íntimo da súa personalidade. Ademais desta dificultade para conseguir o material, xorde outra meirande para transmitir os soños. Vostedes saben que o soño lle parece estraño ao soñador, e non digamos xa a outra persoa que non coñeza ao suxeito. A nosa literatura non é pobre en boas e completas análises oníricas; eu mesmo publiquei algunhas dentro do marco de historiais clínicos; pero o exemplo máis fermoso de interpretación dun soño quizais sexa o referido por O. Rank en relación a dous soños dunha rapaza, que imprimidos ocupan unhas dúas páxinas; nembargante, a análise dos mesmos abarca 76 páxinas. Precisaría aproximadamente todo un semestre para guíalos a través dun traballo desta índole. Se tomamos un soño calquera, máis longo e máis desfigurado, temos que dar tantas explicacións e rodeos, e que recorrer a tanto material de ideas e lembranzas que unha exposición sobre o mesmo resultaría complexa e pouco satisfactoria. Por iso debo pedirilles que se contenten co que é máis sinxelo de ter, coa transmisión de pequenos fragmentos de soños de persoas neuróticas, nos que podemos recoñecer este ou aquel elemento illado. O máis doado de demostrar son os símbolos do soño, seguidos de certas particularidades da representación regresiva onírica. En cada un dos seguintes soños indicareilles por que os considere dignos de ser transmitidos.

1) Este soño consiste só en dúas breves imaxes: *O seu tío fuma un cigarro, a pesar de ser sábado. – Unha muller acaríñoao e faille mimos como se fose o seu fillo.*

En relación ao primeiro soño, o soñador (xudeu) comenta que o seu tío era un home devoto, que nunca incorrera nin incorrería

nun acto pecaminoso. En relación á muller da segunda imaxe non se lle suxire nada máis cá lembranza da súa nai. Estas dúas imaxes ou ideas están claramente relacionadas entre si. Pero ¿como? Xa que desmentiu expresamente a realidade do acto do seu tío, compréndese a inclusión dun “se”. “Se o meu tío, o home santo, fumase un cigarro un sábado, tamén eu podería deixarme acariñar pola miña nai.” Isto significa claramente que o agarimo da nai tamén é algo non permitido, coma o fumar en sábado para un xudeu devoto. Lembrarán que lles dixen que na elaboración do soño se suprimían todas as relacións entre as ideas oníricas; estas disólvense na súa materia prima, e é labor da interpretación establecer novamente as relacións suprimidas.

2) A través das miñas publicacións sobre o soño conver-tinme, en certo xeito, en consultor sobre todo o relativo ao fenómeno onírico e recibo, dende hai moitos anos, cartas de diversa procedencia, nas que se me comunican ou se me expoñen soños para que emita o meu ditame. Naturalmente, estou agradecido a todo aquel que engade material dabondo sobre o soño como para que sexa posible unha interpretación, ou que mesmo proporciona a súa interpretación. A esta categoría pertence o seguinte soño dun estudante de Medicina de Munich do ano 1910. Expóñollo porque pode demostrarlles o difícil de entender que é xeralmente un soño antes de que o soñador nos dea información ao respecto. Mesmo supoño que vostedes, no fondo, consideran como interpretación ideal dos soños aquela que establece o significado dos símbolos, pero que lles gustaría deixar a un lado a técnica da asociación onírica, e eu quero evitarlles este erro nocivo.

13 de Xullo de 1910: Soño pola mañá: *vou rúa abaixo en bicicleta por Tubinga cando un basset negro bótase a correr detrás de min e me colle por un calcañar. Un pouco máis adiante baixo da bicicleta, sento nun chanzo e comezo a tentar soltarme do becho, que teima en non me ceibar.* (Non experimento sensacións desagradables debido á mordedura, nin a toda a escena.)

Hai dúas damas maiores sentadas enfronte que ollan para min, sorrindo con ironía. Entón esperto e, como noutras ocasións, no estado intermedio transición, todo o soño se me aparece con perfecta claridade.

Neste caso conséguese ben pouco cos símbolos. Pero o soñador refírenos o seguinte: “Na última época namoreime dunha rapaza, só de vela pola rúa, pero non tiven ningún contacto con ela. Tería sido agradable que o can me tivese axudado nisto, xa que son un gran amigo dos animais e creo ter adivinado esta calidade na moza.” Tamén engade que, en repetidas ocasións, intervira con gran destreza nas loitas entre cans enfrontados, a miúdo para o asombro dos espectadores. Descubrimos polo tanto que a rapaza que lle gustaba sempre ía acompañada por un can coma o do seu soño. Pero esta rapaza desapareceu do soño manifesto, permanecendo só o can asociado a ela. Quizais as damas maiores, que lle sorrín irónicas, aparecen no lugar da rapaza. A información que nos proporciona non abonda para aclarar este punto. Que no soño monte en bicicleta é unha repetición directa da situación lembrada. Sempre que atopaba á rapaza co can ía en bicicleta.

3) Cando alguén perde un dos seus queridos máis queridos, xera durante un tempo certos soños prolongados e singulares, nos que a certeza da morte adquire un estraño compromiso coa necesidade de resucitar ós mortos. Por veces o falecido está morto, pero segue vivindo porque non sabe que está morto e, se o soubese, morrería de todo; outras veces está medio morto e medio vivo, e cada un destes estados ten os seus síntomas correspondentes. Non debemos cualificar estes soños simplemente de absurdos, xa que a reanimación non é máis inaceptable en soños que, por exemplo, nos contos, nos que aparece coma un destino moi usual. Sempre que puiden analizar este tipo de soños, obtiven coma resultado que poden ter unha solución racional, e que o desexo respectable de resucitar os mortos consente en traballar cos medios máis extraordinarios. Voulles

presentar aquí un soño deste tipo, que semella singular e insensato dabondo, e cunha análise que lles revelará moito do que as nosas explicacións teóricas lles adiantaron. O soño dun home que perdeu ao seu pai hai moitos anos:

O pai está morto e exhumado, e ten mal aspecto. Dende a súa exhumación, segue vivindo, e o soñador fai todo o posible para que el non o note. (Logo o soño pasa a outros asuntos, en aparencia moi pouco relacionados.)

O pai morreu, iso sabémolo. Que fora exhumado non se corresponde coa realidade, que para todo o demais non vén ao caso. Pero o soñador explica: Despois de que regresara do enterro do pai, empezou a doerlle un dente. El quería tratar este dente segundo a prescrición da ensinanza xudía: se o teu dente te molesta, arríncao, e foi ao dentista. Pero este dixo “Non se arrinca un dente, debemos ter paciencia con el. Aplicareille algo para matalo; en tres días veña de novo, entón extraereillo”.

Esta “extracción”, di de súpeto o soñador, iso é a exhumación.

¿Ten razón o soñador? Non en todo, só nalgunhas cousas, xa que o dente non vai ser extraído, senón só a parte del que está morta. Pero, logo doutras experiencias, podemos crer capaz á elaboración do soño de semellantes inexactitudes. O soñador tería condensado o pai co dente morto pero conservado, fundíndoos nunha unidade. Non é nada sorprendente entón que no soño manifesto resulte algo absurdo, xa que non pode axeitarse ao pai todo o que se di do dente. ¿Onde estaría o *tertium comparationis*⁴² entre dente e pai, que posibilita esta condensación?

A relación entre os elementos condensados é indubidable, pois o soñador dinos que sabe que cando soñamos que se nos cae un dente é sinal de que imos perder a un membro da familia.

⁴² En latín no orixinal [N. da T.]

Nós sabemos que esta interpretación popular é incorrecta ou, polo menos, só é correcta en certo sentido. Polo tanto, sorpréndenos aínda máis atopar este tema detrás das outras partes do contido deste soño.

Sen llo solicitarmos, o soñador comeza a falarnos da enfermidade e morte do pai, así como da súa relación con el. O pai estivo enfermo moito tempo, o coidado e tratamento do enfermo custoulle ao fillo moitos cartos. E, nembargante, nunca foi demasiado para el, nunca se impacientou, nunca tivo o desexo de que chegara a un final. Gábase de terse comportado sempre de forma piadosa e de ter cumprido estritamente as prescricións da lei xudía. ¿Non advertimos unha contradición entre as súas palabras e as ideas pertencentes ao soño? El identificou dente e pai. Con respecto ao dente quería proceder segundo a lei xudía, que ordena arrincalo se causa dor e molestias. Con respecto ao pai, tamén quería proceder segundo a prescrición da lei que, neste caso, di que non se teñan en consideración dispendios e molestias, que se asuman todas as dificultades, e que non se permita que xorda ningunha intención hostil contra o obxecto causante da dor. ¿Non sería moito máis completa a concordancia se tivera desenvolvido en referencia ao pai enfermo sentimentos semellantes ós desenvolvidos en referencia ao dente enfermo é dicir, se tivera desexado que unha morte rápida puxera fin á súa existencia superficial, dorosa e custosa?

Eu non dubido de que esta fora a súa actitude con respecto ao pai durante a súa longa enfermidade, nin de que as aseveracións farfalláns en referencia ao seu devoto respecto estean destinadas a afastar a lembranza destes reprochables sentimentos. Nestas condicións, o desexo de morte adoita volverse activo contra o proxenitor, e cubrirse coa máscara dunha consideración compasiva tal como que a morte sería só unha redención para o enfermo. Pero noten que temos rebordado, mesmo nas ideas latentes do soño, un límite. A primeira parte do mesmo era inconsciente só temporalmente é dicir, durante a construción do soño, pero os

impulsos hostís contra o pai poderían ter sido inconscientes de forma continuada, orixinados quizais na infancia, deslizaronse ocasionalmente, tímidos e disfrazados, na consciencia durante a enfermidade do pai. Con meirande seguridade podemos afirmar isto doutras ideas latentes, que fixeron ao contido do soño contribucións evidentes. Sobre os impulsos hostís contra o pai non hai nada que descubrir no soño. Pero na medida en que indagamos as raíces desta hostilidade contra o pai na infancia, lembramos que o temor cara ao pai aparece pola súa actividade coercitiva xa nos primeiros anos de actividade sexual do rapaz, que por regra xeral é mantida na idade posterior á puberdade debido a motivos sociais. Esta relación co pai está tamén vixente no noso soñador; o seu amor por el mesturárase co respecto e o medo que abrollaron da fonte da temperá coerción sobre a súa actitude sexual.

Polo complexo de onanismo se explican as frases restantes do soño manifesto. *El ten mal aspecto* é unha reminiscencia do discurso do dentista sobre o mal aspecto que tería a falla resultante de extraer o dente; pero refírese simultaneamente ao mal aspecto co que o rapaz delata, ou teme delatar na puberdade a súa actividade sexual desmesurada. Non sen alivio, o soñador trasladou no contido manifesto o seu mal aspecto ao pai, por medio dunha das inversións da elaboración onírica das que lle falei. *Dende a súa exhumación segue vivindo* correspóndese co desexo de resurrección, así como coa promesa do dentista de que se conservará o dente. Pero a frase “o soñador fai todo o posible, *para que el (o pai) non o note*” está arteiramente arraxada para inducirnos á idea complementaria de que o pai está morto. Pero a única interpretación acertada deste elemento provén novamente do complexo de onanismo, que evidencia que o adolescente fai todo o posible para ocultarlle a súa vida sexual ao pai. Lembren agora, para rematar, que sempre interpretamos os chamados soños sobre a extracción dun dente coma consecuencia da práctica do onanismo e do temido castigo que pode derivar dela.

Agora entenderemos como se produciu este soño inintelixible. Por medio do establecemento dunha condensación especial e enganosa, por medio da omisión de todas as ideas da orde latente das ideas e por medio da creación de construcións substitutivas para os elementos máis profundos e temporalmente máis afastados destas ideas.

4) Xa tentamos abordar repetidamente aqueles soños triviais e sensatos, que non conteñen nada absurdo ou estraño, pero nos que se formula a seguinte pregunta “¿Para que se soña un material tan indiferente? Quero presentarlles un novo exemplo deste xénero, tres soños, pertencentes a un so grupo, que tivo unha dama nova na mesma noite.

a) *Atravesa o salón da súa casa, e bate coa cabeza na lámpada de araña que pende do teito, facéndose sangue.* Non atopamos ningunha reminiscencia, nada que lle sucedera realmente a propósito deste soño. A súa información ao respecto condúcenos a un camiño ben distinto. “Vostede sabe o moito que se me cae o cabelo. *Nena*, díxome onte a miña nai, *se isto segue así, a cabeza váiseche quedar coma un pousadoiro*”. A cabeza representa aquí, polo tanto, ao outro extremo do corpo. A araña podemos entendela simbolicamente sen axuda; todos os obxectos susceptibles de ser prolongados son símbolos do membro viril. Trátase, polo tanto, dunha hemorraxia no extremo inferior do corpo, que se orixina por unha ferida ocasionada polo pene. Este feito aínda semella ambiguo; as súas ideas posteriores amosan que se trata da crenza de que a hemorraxia da menstruación se orixina a través do acto sexual co home, unha parte da teoría sexual que conta con moitas adeptas entre as rapazas impúberes.

b) *Ve nunha plantación de viñedos unha fosa profunda, e sabe que esta se orixinou ao arrincar unha árbore.* De aí o seu comentario de que *bota de menos* a árbore. Di que non viu a árbore no soño, pero o mesmo texto serve coma expresión doutra idea que nos revela a interpretación simbólica con toda certeza. O soño refírese a outra parte das teorías sexuais infantís, á crenza de

que as rapazas tiñan orixinariamente os mesmos xenitais que os rapaces, e que a súa forma posterior se orixinou pola castración (arrincar unha árbore).

c) *Está diante do caixón do seu escritorio, e coñece tan ben o seu interior que percibe inmediatamente a intervención dunha man allea.* O caixón do escritorio representa, coma calquera caixón, cesta ou caixa, os xenitais femininos. Sabe que os indicios do acto sexual (segundo a súa crenza, tamén dos tocamentos) se poden recoñecer nos xenitais, e esta convicción provócalle un gran temor. Eu opino que o acento destes tres soños recae sobre o concepto de *saber*. A soñadora lembra a época da súa investigación sexual infantil, que lle procurou uns resultados dos que estaba, naquel entón, verdadeiramente orgullosa.

5) Vexamos outro soño simbólico. Pero esta vez debo anticipar a situación psíquica cun breve informe previo. Un señor, que pasou unha noite de amor cunha muller, describe á súa parella como de natureza maternal, impoñéndose irresistiblemente nela, durante o acto sexual co home, o desexo dun fillo. Pero as circunstancias daquel encontro requiren tomar precaucións para que a exaculación fecundadora se manteña afastada dos órganos sexuais femininos. Esa noite, ao espertar, a muller conta o seguinte soño:

Un oficial cunha gorra vermella perséguea pola rúa. Ela fuxe del, sube as escaleiras, el segue detrás dela. Sen alento alcanza ao seu piso e fecha a porta tras dela. El queda fóra, e ela pode observar polo ollo da pechadura que senta nun banco e chora.

Na persecución do oficial coa gorra vermella e na subida sen alento poden recoñecer a representación do acto sexual. Que a soñadora feche a porta ante o perseguidor pode servirles coma exemplo das inversións, aplicadas tan a miúdo nos soños, xa que en realidade foi o home o que se subtraeu do acto amoroso realizado. Do mesmo xeito, a súa tristeza traspásase ao seu compañeiro, el é o que chora no soño, co que tamén se alude á exaculación.

Vostedes terán escoitado seguramente algunha vez que a Psicanálise afirma que todos os soños teñen un significado sexual. Agora están en posición de formarse un xuízo sobre o inadecuado deste reproche. Xa coñecen os soños de desexo, que tratan da satisfacción das necesidades máis fundamentais, da fame, da sede, da nostalxia da liberdade, e os soños de comodidade e de impaciencia, e outros puramente cobizosos e egoístas. Pero, nembargante, vostedes deberían conservar na memoria, coma resultado da investigación psicanalítica, que os soños profundamente desfigurados expresan na súa maioría – aínda que non de forma exclusiva – desexos sexuais.

6) Teño un motivo especial para acumular exemplos do uso de símbolos nos soños. No noso primeiro encontro queixei-me do difícil que é demostrar, e convencer, das nosas teorías por medio da ensinanza da Psicanálise, e estou seguro de que vostedes comprobaron en repetidas ocasións a verdade das miñas palabras. Pero as afirmacións illadas da Psicanálise están tan intimamente relacionadas entre si, que a convicción adquirida sobre un punto concreto pode aplicarse á unha gran parte do conxunto. Poderíase dicir da Psicanálise que basta con darlle a man para que colla brazo enteiro. A aquel que lle pareceu evidente a explicación dos actos falidos xa non pode, lóxicamente, subtraerse da crenza en todo o demais. No simbolismo do soño ofrécesenos outro punto igualmente accesible. Voulles expoñer o soño, xa publicado, dunha muller de clase popular que ten un marido que traballa coma garda de seguridade, e que seguramente nunca escoitou falar do simbolismo onírico nin da Psicanálise. Xulguen logo vostedes mesmos se a súa interpretación, coa axuda dos símbolos sexuais, pode ser cualificada de arbitraria e forzada.

“... Entón irrompeu alguén no piso, e ela chamou, angustiada, a un garda. Pero este fora, de acordo con dous ladróns, a unha igrexa, á que conducían varios chanzos. Detrás da igrexa había unha montaña, e no alto un bosque espeso. O garda levaba

casco, gola e capote. Tiña unha poboada barba castaña. Os dous vagabundos, que acompañaban ao garda en son de paz, levaban mandís de saco desatados. Había un camiño que levaba dende a igrexa á montaña. Estaba bordeado de herbas e maleza que se espesaban progresivamente, converténdose no cumo nun verdadeiro bosque.”

Vostedes recoñecerán algúns símbolos sen esforzo. Os xenitais masculinos están representados por unha tríade de persoas, os femininos por unha paisaxe con capela, montaña e bosque. Novamente, atopan os chanzos coma símbolo do acto sexual. O que no soño é cualificado coma monte, tamén é chamado así en Anatomía, Mons Veneris⁴³, o monte de Venus.

7) Atopamos de novo un soño a resolver por medio dos símbolos, moi instrutivo e concluínte, pois foi o soñador mesmo o que traduciu todos os símbolos, aínda que non tiña ningún coñecemento teórico sobre a interpretación dos soños. Este comportamento é verdadeiramente infrecuente, e as circunstancias do mesmo non se coñecen con exactitude.

“Sae a pasear co seu pai a un lugar que é, con total seguridade, o Prater, xa que se ve a rotonda e, diante dela, un saínte máis pequeno ao que está suxeito un globo que semella relativamente desinchado. O seu pai preguntalle para que é todo aquilo; el sorpréndese, pero explícallo. Entón chegan a un patio, onde está estendida unha gran lámina de folla de lata. O pai quere arrincar un anaco, pero antes asegúrase de que non haxa ninguén ao seu redor que poda notalo. O soñador dille que só necesita dicirllo ao vixiante, entón poderá collelo sen máis. Unhas escaleiras levan deste patio a un pozo, que ten as paredes acolchadas. ao final deste pozo hai unha plataforma moi longa, e logo comeza un novo pozo...”

O propio soñador danos a súa interpretación do soño. “A rotonda simboliza os meus xenitais, o globo preso que está diante

⁴³ En latín no orixinal [N. da T.]

dela o meu pene, que ten ultimamente problemas de erección.” Podemos, polo tanto, deducir con exactitude que a rotonda é o ano – que os nenos inclúen regularmente no aparato xenital -, e o saínte máis pequeno o escroto. No soño o pai pregúntalle que é todo aquilo é dicir, cales son o obxectivo e función dos xenitais. É lóxico inverter o estado das cousas, de xeito que el se converta na parte interrogativa. Xa que, en realidade, nunca tivo lugar un interrogatorio tal por parte do pai, debemos interpretar as ideas do soño coma desexo ou coma condicional: “Se lle tivera pedido ao meu pai algún tipo de sexual.” Máis adiante atoparemos a continuación deste pensamento.

O patio, no que se estende a folla de lata, non debemos concibililo coma simbólico en primeira instancia, pois probablemente proveña do local do negocio do pai. Por discreción substituíñ pola “folla de lata” o outro material, co que traballa o pai, sen cambiar nin unha soa palabra máis do soño. O soñador entrou no negocio do pai, e se indignou polas prácticas, máis ben incorrectas, ás que se deben en boa parte as ganancias. Por iso, ao pensamento arriba mencionado debería sucederlle “Se lle tivera preguntado”, teríame enganado, igual que engana ós seus clientes.” ao feito de que o pai queira arrincar un anaco de folla de lata, que serve á representación da deslealdade nos negocios, o soñador dálle unha segunda explicación, dicindo que é un símbolo do onanismo. Isto non só coincide cos nosos coñecementos dos símbolos, senón que concorda tamén co feito de que o segredo no que se debe practicar o onanismo sexa expresado por medio do seu contrario (pódese facer abertamente). Responde, entón, ás nosas expectativas que o soñador atribúa a actividade onanista ao pai, ao igual que lle atribuíu o interrogatorio na primeira escena do soño. O pozo interprétao inmediatamente, baseándose no acolchado das paredes, coma a vaxina. Nós engadiremos que o descenso, así coma o ascenso, queren describir o acto do coito.

Os pormenores de que ao primeiro pozo lle sega unha longa plataforma e que logo veña un novo pozo, explícao o suxeito

mesmo a partir dun dato biográfico. Durante unha tempada mantivo relacións sexuais, máis tarde abandonou esta práctica debido a certas inhibicións, e agora espera, coa axuda do tratamento, poder retomala de novo.

8) Os dous soños seguintes pertencen a un estranxeiro cunha marcada predisposición á poligamia. Preséntollos coma proba da afirmación de que o propio Eu aparece en cada soño, tamén alí onde aparece oculto no contido manifesto. As maletas destes soños son símbolos femininos.

a) *Sae de viaxe, un coche leva a súa equipaxe ata o tren, amoréanse moitas maletas, debaixo de todo hai dúas negras que parecen mostrarios. Dille a alguén en ton consolador: Estas só van ata a estación de tren.*

Na realidade, o suxeito viaxa con moita equipaxe pero, ademais, relatou durante o tratamento un gran número de historias amorosas. As dúas maletas negras correspóndense con dúas mulleres negras, que desempeñan actualmente un papel moi importante na súa vida. Unha delas quería acompañalo a Viena; el, seguindo o meu consello, rexeitouna por telegrama.

b) Unha escena no Danubio: *Un viaxeiro abre a súa maleta e di, fumando indiferente un cigarro: Non hai nada dentro. O funcionario de aduanas parece crelo, pero volve a meter a man dentro e atopa algo totalmente prohibido. O viaxeiro di entón resignado: Non hai nada que facer.* El mesmo é o viaxeiro, eu o funcionario de aduanas. Polo demais, é moi sincero nas súas confesións, pero propúxose ocultarme unha nova relación iniciada cunha dama, porque podía supor con razón que non me era descoñecida. A penosa situación de ser sorprendido trasládada a unha persoa allea, de xeito que semelle que non figura persoalmente neste soño.

9) Agora un exemplo dun símbolo que aínda non mencionei: *Atopa á súa irmá en compañía de dúas amigas, que son irmás entre si. Dálles a man a ámbalas dúas, pero non á súa irmá.*

Neste caso non atopamos ningunha relación cun acontecemento real. As súas ideas trasládano máis ben a un tempo no que lle deu por pensar na observación de que os peitos das rapazas

medran moi tarde. As dúas irmás son, polo tanto, os peitos, e gustaríalle collelos coa man, sempre que non foran os da súa irmá.

10) A continuación un exemplo do simbolismo da morte en soños:

Vai con dúas persoas, –sabe os seus nomes pero esqueceunos ao espertar–, por unha ponte metálica moi alta e empinada. De súpeto, as dúas persoas desaparecen e ve a un home espectral con sombreiro e traxe de lino. Pregúntalle se é o mensaxeiro dos telegramas... Non ¿É o cocheiro? Non. El continúa camiñando, ten, antes de espertar, moito medo e, logo de espertar, prolonga o soño imaxinando que a ponte metálica rompe de súpeto e el se precipita ao abismo.

Aquelas persoas que o suxeito afirma non coñecer, ou ter esquecido os seus nomes, son normalmente moi próximas a el. O soñador ten dous irmáns; se lles desexa a morte a ambos, é xusto que el mesmo sinta o medo á morte. En relación o mensaxeiro dos telegramas, debemos observar que estas persoas sempre traen noticias de desgrazas. Polo uniforme tamén podería ter sido un faroleiro, que tamén está encargado de apagar os farois, asemellándose nisto ao xenio da morte, que extingue a facha da vida. Co cocheiro asocia o poema de Uhland sobre a travesía marítima do Rei Carlos e lembra unha viaxe por mar chea de perigos que fixera con dous compañeiros, e durante a que desempeñou o papel do rei no poema. Con respecto á ponte metálica lembra un accidente dos días pasados e o absurdo aforismo que di que a vida é unha ponte colgante.

11) Outro exemplo da representación da morte é o seguinte soño: *Un cabaleiro descoñecido entrega para el unha tarxeta de visita con bordes de loito.*

12) O seguinte soño, que ten nos seus antecedentes un estado neurótico, interesarálles en varios aspectos.

Viaxa en tren. O tren para en campo aberto. Di que diante hai un accidente, hai que pensar en fuxir, atravesa todos os compartimentos do tren e mata a golpes a todas as persoas coas que se atopa, revisor, condutor da locomotora, e así sucesivamente.

O suxeito relaciona con este soño a lembranza do relato dun amigo. Nun departamento reservado dun tren italiano, no que se transportaba a un demente ao manicomio, deixouse pasar por erro a un viaxeiro. O tolo matou a golpes ao viaxeiro. El identifícase, polo tanto, con este tolo, e fundamenta nisto a obsesión que o atormenta temporalmente de que ten que “eliminar todas as testemuñas”. Pero logo atopa el mesmo unha motivación mellor, que conduce ao punto de partida do soño. Onte viu de novo no teatro á rapaza coa que quería casar, pero da que se separou, ao terlle dado esta razóns para estar ciumento. Pola intensidade coa que medran nel os ciumes, estaría verdadeiramente tolo se quixera casar con ela. Isto significa que a rapaza lle inspira tan pouca confianza que, de casar con ela, tería matado a golpes a todas as persoas que se puxeran no seu camiño. O tránsito por unha serie de habitacións, neste caso de compartimentos, xa o atopamos anteriormente coma símbolo do matrimonio.

En referencia á parada do tren en campo aberto e ao temor a un accidente explícanos que un día que viaxaba en tren, este parou de súpeto entre dúas estacións, unha rapaza viaxeira comentou que tal vez houbera unha colisión máis adiante e que, por esta razón, a precaución máis axeitada era poñer as pernas en alto. Pero este “elevar as pernas” xogara tamén un papel nos moitos paseos e excursións pola natureza, que el fixera nos primeiros e máis felices tempos da relación coa citada rapaza. Un novo argumento a favor de que debería estar tolo para casar agora con ela. Eu puiden constatar, segundo o meu coñecemento da situación do suxeito, que aínda subsistía nel o desexo de estar tolo.

Trazos arcaicos e infantilismo no soño

Miñas damas e meus cabaleiros, partan do noso resultado de que a elaboración do soño traslada as ideas latentes, baixo a influencia da censura onírica, a outra forma expresiva. As ideas latentes non son outra cousa ca as ideas conscientes, coas que estamos familiarizados na nosa vida de vixilia; a nova forma de expresión é, debido a distintas peculiaridades, inintelixible para nós. Dixemos que recorre a estados do noso desenvolvemento intelectual, que hai moito que superamos, á lingua de imaxes, á relación simbólica, quizais a comportamentos orixina- dos antes do desenvolvemento da nosa linguaxe abstracta. Por esta razón, chamamos á forma expresiva da elaboración do soño *arcaica* ou *regresiva*.

Podemos, pois, extraer a conclusión de que, a través do estudo profundo da elaboración do soño, deberían obterse valiosas explicacións sobre os non moi coñecidos comezos do noso desenvolvemento intelectual. Espero que así sexa, pero este traballo aínda non se abordou ata agora. O pasado, ao que nos leva a elaboración do soño, é dobre: en primeiro lugar o pasado individual, a infancia e, por outra banda, na medida en que cada individuo repite dalgún xeito na súa infancia de xeito abreviado o desenvolvemento de toda a humanidade, tamén este pasado, o filoxenético. Eu non considero imposible que se logre diferenciar qué parte dos fenómenos psíquicos latentes proveñen dos tempos primitivos individuais e que parte dos filoxenéticos. Así seméllame, por exemplo, que a relación simbólica, que o individuo nunca aprendeu, ten a fundada pretensión de ser considerada como herdanza filoxenética.

Non obstante, este non é o único carácter arcaico do soño. Todos vostedes coñecen ben, por propia experiencia, a estraña amnesia da infancia. Refírome ao feito de que os primeiros anos de vida, ata aqueles comprendidos entre o quinto e o oitavo,

non deixan na memoria as pegadas que deixa a experiencia posterior. Atópanse, porén, persoas illadas que poden xactarse dunha lembranza en continuidade ata o día presente, pero o caso contrario é dicir, a existencia de lagoas de memoria, é infinitamente máis usual. Opino que non nos interesamos dabondo por este feito. O neno pode falar ben con dous anos, e pouco despois amosa que se pode orientar en situacións psicolóxicas complicadas, e emprega palabras que de novo lembra moitos anos despois, pero que el mesmo esqueceu. E por iso é máis eficiente a memoria nos primeiros anos, porque está menos sobrecargada que en anos posteriores. Tampouco hai ningún motivo para considerar a función da memoria coma unha actividade psíquica especialmente elevada ou difícil; pola contra, podemos atopar unha boa memoria en persoas que teñen un nivel intelectual moi baixo.

Como segunda peculiaridade, que se engade a esta primeira, debo aducir que do baleiro de lembranzas que comprenden os primeiros anos da infancia, extráense recordos consistentes, na súa maioría, en impresións plásticas que non poden xustificar a súa conservación con respecto a outros. Co material de impresións que nos afectan na vida posterior, a nosa memoria procede de tal xeito que efectúa unha selección. Conserva o, dalgún xeito, importante e rexeita o irrelevante. Coas lembranzas infantís conservadas sucede algo ben distinto. Non se corresponden necesariamente con experiencias importantes dos anos da infancia, nin tan sequera aquelas que deberan ser importantes dende o punto de vista do neno. Son, a miúdo, tan banais e insignificantes en si mesmas, que non podemos facer máis que preguntarnos asombrados por que se escapou precisamente ese detalle do esquecemento. Para darlle resposta a esta cuestión, eu tentei abordar, coa axuda da análise, o enigma da amnesia infantil e dos restos de lembranzas que a interrompen, e cheguei á conclusión de que na memoria do neno só permanece o importante. Mais a través dos procesos, que xa coñecen veste-

des, da condensación e moi especialmente do desprazamento, o elemento esencial da lembranza ven representado por outro elemento que semella irrelevante. Por esta razón chamei ás lembranzas infantís *lembranzas encubridoras*; por medio dunha análise minuciosa podemos desvelar a partir delas todo o que se esqueceu.

Nos tratamentos psicanalíticos estableceuse regularmente a tarefa de encher os buracos dos recordos infantís e, en tanto que a cura funciona relativamente ben é dicir, moi a miúdo, tamén tentamos sacar de novo á luz o contido dos anos infantís que ocultou o esquecemento. Estas impresións nunca se chegaron a esquecer de todo, eran simplemente inaccesibles, latentes, pertencían ao inconsciente. Pero tamén pode pasar de forma espontánea que emerxan do inconsciente, e isto adoita suceder en conexión con determinados soños. Demóstrase así que a vida onírica sabe atopar o acceso a estas experiencias infantís latentes. Na literatura atopamos fermosos exemplos disto, e eu mesmo puiden facer unha achega ao respecto. Unha vez soñei nun determinado contexto cunha persoa que me prestara un servizo, véndoa claramente ante min. Era un home torto de pequena estatura, gordo, coa cabeza afundida entre os ombros. Polo contexto onírico concluí que era un médico. Por sorte, podía preguntarlle á miña nai, aínda en vida, que aspecto tiña o médico da miña cidade natal, da que saín con tres anos, e por ela descubrín que era torto, baixo, gordo e coa cabeza afundida entre os ombros, souben tamén do accidente, que eu xa esquecera, no que me prestou axuda. Este acceso ao material esquecido dos primeiros anos da infancia é, polo tanto, outro risco arcaico do soño.

A mesma explicación pode aplicarse ao enigma co que nos tropeizamos a continuación. Vostedes lembrarán o moito que nos asombrou chegar á certeza de que os estimulantes dos soños foran desexos fundamentalmente pervertidos e licenciosamente sexuais, que crearon a necesidade dunha censura e dunha des-

figuración do soño. Cando lle damos unha interpretación deste xénero ao soñador e el, no mellor dos casos, non ataca a interpretación mesma, formulando non obstante preguntas sobre a procedencia de tal desexo, xa que o percibe como alleo e afirma ser consciente do contrario. Non precisamos desanimarnos tentando atopar esta procedencia. Estes impulsos pervertidos de desexo proveñen do pasado, a miúdo dun pasado recente. Pódese demostrar que algunha vez se tivo coñecemento e consciencia deles, aínda que hoxe xa se perderan. A muller que tivo o soño segundo o que lle gustaría ver morta á súa única filla de 17 anos descubriu, seguindo as nosas instrucións, que nun momento determinado abrigara realmente este desexo de morte. A nena é o froito dunha parella fracasada e que se separou pronto. Un día, cando aínda levaba á filla no seo, logo dunha dura escena co seu home, golpeou presa da ira o seu ventre cos puños para matar á nena. Como moitas nais que agora queren con verdadeiro afecto, quizais con demasiado afecto, aos seus fillos, pero que os tiveron a desgusto, desexando naquel entón que aquela vida non se seguira desenvolvendo no seu interior; tamén chegaron a traducir este desexo en distintos actos, afortunadamente inocuos. Este misterioso desexo, que xorde a posteriori, de ver morrer á persoa amada provén, polo tanto, dos primeiros tempos da súa relación con ela.

Ao pai, que tivo un soño que permitía a interpretación de que desexaba a morte do seu fillo maior e preferido, debe lembrar-lle tamén que este desexo non sempre lle foi alleo. Cando este neno aínda era un lactante, o home, insatisfeito coa súa parella, pensou a miúdo que, se o pequeno ser, que non significaba nada para el, morrera, el sería novamente libre e faría un mellor uso da súa liberdade. Esta mesma orixe pódese probar para un gran número de impulsos de odio similares; trátase de lembranzas de algo que pertencía ao pasado, que foi consciente nalgunha ocasión e xogou o seu papel na vida psíquica do individuo. A partir deste feito vostedes sacarán a conclusión de que estes desexos

e estes soños non deberían existir se non houbo transformacións no comportamento do suxeito con respecto a unha persoa, e se este comportamento foi dende o principio benévolo. Estou disposto a admitirlles esta conclusión, pero só quero advertirlles que non deben ter en consideración o contido manifesto do soño, senón o sentido que o mesmo adquire tras a súa interpretación. Pode pasar que o soño manifesto que presenta a morte dunha persoa querida empregara este triste acontecemento só a modo de máscara, significando algo moi distinto, ou que a persoa querida apareza coma substituta enganosa doutra.

Esta mesma circunstancia espertará en vostedes outra pregunta moito máis seria. Vostedes dirán “Que este desexo de morte xa existira unha vez e que sexa confirmado por unha lembranza non constitúe explicación algunha. Este desexo pode estar superado, pode que na actualidade só subsista no inconsciente coma unha lembranza, carente de emoción, pero non como un impulso forte. Pero entón, ¿por que é evocado polo soño? Esta pregunta está realmente fundada; o intento de contestala levaríanos demasiado lonxe e forzaríanos a tomar partido a respecto dun dos puntos máis significativos da doutrina do soño. Pero eu estou obrigado a permanecer dentro dos límites do noso debate e a absterme de contestala. Acepten esta renuncia provisional. Contentémonos coa proba real de que este desexo superado é demostrable como estimulante do soño, e continuemos investigando se outros desexos pervertidos poden ter a mesma derivación.

Continuemos, pois, cos desexos de morte que podemos atribuír, na súa maioría, ao egoísmo ilimitado do soñador. Un desexo deste tipo pode probarse moi a miúdo como estímulo de soños. Sempre que alguén nos fai fronte, e todos sabemos o usual que pode ser o caso dado o nivel de complexidade das relacións vitais, o soño está inmediatamente disposto a matar a esta persoa, aínda que se trate do pai, da nai, dos irmáns, dunha parella ou similares. Esta maldade da natureza humana

asombrounos e, certamente, non nos inclinábamos por aceptar a exactitude deste resultado da interpretación do soño sen máis nin máis. Pero cando se nos indica que busquemos a orixe de tales desexos no pasado, de seguida descubrimos os períodos do pasado individual nos que este egoísmo e estes impulsos de desexo, incluso contra os semellantes, non nos eran alleos. O neno, nos seus primeiros anos, que máis tarde son ocultados pola amnesia, amosa a miúdo este egoísmo no seu máis alto grao, presentando sempre claros indicios do mesmo, ou mellor dito, o que se pode recoñecer como restos deste. O neno quérese en primeira instancia a si mesmo e, máis adiante, aprende a querer a outros, a sacrificar algo do seu Eu por outros. As persoas, ás que semella querer dende o principio, tamén as quere en primeira instancia porque as necesita, porque non pode prescindir delas é dicir, novamente por motivos egoístas. O impulso de amar só logra independizarse do egoísmo pasado un tempo. En efecto, *o egoísmo ensínalle a amar*.

Nesta relación resultará moi instrutivo comparar a postura do neno en referencia aos seus irmáns coa adoptada en referencia aos seus pais. Aos seus irmáns non os quere necesariamente, a miúdo tampouco manifestamente. É indubidable que os odia porque os considera os seus competidores, e é sabido que esta postura persiste con frecuencia, ao longo dos anos, ata a época da puberdade, e incluso ata máis tarde, sen interrupción. Esta é a miúdo disolvida, ou digamos mellor encuberta, por medio doutra máis afectuosa, pero a postura hostil semella ser a máis temperá. Esta pódese observar máis doadamente en nenos de entre dous e medio e cinco anos, cando chega un novo irmán. Este adoita ter un recibimento moi pouco amable. Manifestacións como “non me gusta, a cegoña pode levalo de volta” son moi habituais. No sucesivo aproveitarase calquera oportunidade para reducir ao neófito, e se farán incluso tentativas de facerlle dano, de atentar directamente contra el. Se a diferenza de idade é menor, o neno atopa, co espertar dunha

actividade psíquica máis intensiva, a presenza do competidor, e acéptaa sen resistencia. Se é meirande, o neno novo pode espertar certas simpatías como obxecto interesante, como unha especie de boneco vivinte, e no caso dunha diferenza de idade de oito anos ou máis poden entrar en xogo, especialmente coas nenas, impulsos maternais. Pero apelando á franqueza debemos recoñecer que cando encubrimos cun soño o desexo da morte dos irmáns, en raras ocasións representa un enigma para nós, xa que atopamos a súa fonte sen esforzo na primeira infancia, a miúdo tamén nos anos posteriores da convivencia.

Probablemente non haberá ningunha habitación compartida por nenos na que non existan conflitos entre os seus habitantes. Os motivos son a competición polo amor dos pais, polas posesións en común e pola habitación. Os impulsos hostís diríxense tanto aos irmáns maiores coma aos máis novos. Creo que foi Bernard Shaw o que formulou a sentenza “Se hai un ser ao que unha rapaza inglesa odie máis cá súa nai, ese é a súa irmá maior.” Pero nesta sentenza hai algo que nos resulta estraño. Pareceríanos comprensible, en caso de necesidade, o odio e a competencia entre irmás pero, ¿como poden penetrar os sentimentos de odio na relación entre filla e nai, entre pai e fillos?

Este comportamento maniféstase sen dúbida no neno, que desenvolve máis afecto polos seus pais que polos seus irmáns. Isto coincide tamén coas nosas expectativas; atopamos moito máis sorprendente a falta de amor entre pais e fillos que entre irmáns. Por así dicilo, o afecto entre pais e fillos ten certo carácter sagrado, mentres que o afecto entre irmáns é profano. Nembargante, a observación diaria pode amosarnos a frecuencia coa que non se corresponden as relacións emocionais entre pais e fillos coa idea establecida pola sociedade, canta hostilidade poden entrañar, hostilidade que se manifestaría se non a retiveran a piedade e os impulsos afectivos. Os motivos para isto son xeralmente coñecidos, e amosan unha tendencia a separar aos membros do mesmo sexo, a filla da nai, o pai do

fillo. A filla atopa na nai a autoridade que limita a súa vontade, á que se lle confiou a tarefa de imporlle a renuncia á liberdade sexual esixida pola sociedade e, en casos illados, a unha rival. Entre fillo e pai repítese o mesmo, pero de forma aínda máis intensa. Para o fillo o pai encarna toda obriga social soportada de mala gana; o pai oponse á libre vontade do fillo, obstruíndolle o acceso ao pracer sexual temperán e ao libre uso dos bens familiares. A espera da morte do pai medra no caso do sucesor ao trono ata un nivel que roza o tráxico. Menos comprometida semella a relación entre pai e filla, nai e fillo. Esta última dános os exemplos máis puros de afectividade non perturbada por consideracións egoístas.

¿Para que falo destas cuestións, banais e coñecidas por todos? Porque existe unha tendencia inequívoca a negar a súa importancia na vida e a dar por cumprido en todos os casos o ideal esixido socialmente. Pero é mellor que o psicólogo diga a verdade, a que se deixe ao cínico a cargo desta tarefa. Non obstante, esta negación refírese soamente á vida real. Á arte da poesía narrativa e dramática permíteselle total liberdade para servirse dos motivos que resultan da alteración deste ideal.

Non precisamos, polo tanto, sorprendernos se o soño revela nun gran número de persoas o desexo de eliminar aos pais, especialmente ao proxenitor do seu mesmo sexo. Podemos aceptar que este desexo tamén está presente na vida de vixilia e que, ás veces, se fai incluso consciente cando se pode enmascarar con outro motivo, como no caso do noso soñador no exemplo 3 coa súa compaixón polo sufrimento inútil do pai. A relación rara vez é dominada só pola hostilidade, esta pasa máis ben a un segundo termo, permanecendo detrás de impulsos máis afectuosos, polos que é reprimida, e debe esperar ata que un soño a ille. O que o soño, que é a consecuencia deste illamento, nos amosa sobredimensionado, diminúe de novo cando, segundo a nosa interpretación, é incorporado ao contexto da vida (H. Sachs). Pero tamén atopamos este desexo do soño alí onde a vida non

lles ofrece ningún punto de apoio, e onde o adulto esperto nunca o confesaría. Isto explícase polo feito de que o motivo máis profundo e habitual do distanciamento, especialmente entre persoas do mesmo sexo, xurdiu xa na primeira infancia.

Refírome á competencia amorosa cun claro énfase do carácter sexual. O fillo comeza, xa dende pequeno, a desenvolver unha afectividade especial pola nai, á que considera coma propia, e a atopar no pai a un competidor que lle disputa esta propiedade exclusiva e, do mesmo xeito, a filla pequena ve na nai á unha persoa que perturba a súa relación afectiva co pai, e que ocupa un lugar que ela mesma podería moi ben ocupar. A partir destas observacións podemos descubrir a que anos remotos se remontan estas actitudes, ás que denominamos *complexo de Edipo*, porque nesta lenda cúmprense, con insignificantes modificacións, os dous desexos extremos que resultan da situación do fillo é dicir, matar ao pai e tomar como esposa á nai. Non quero afirmar que o complexo de Edipo esgote todo o relacionado coa relación de fillos e pais; esta pode ser doutramente moito máis complexa. Ademais, o complexo de Edipo pode presentarse de forma máis ou menos acentuada, chegando incluso a experimentar unha inversión, pero é un factor regular e moi significativo da vida psíquica infantil, e corremos máis o perigo de subestimar a súa influencia e a dos factores resultantes del, que o de sobreestimala. Ademais, os nenos reaccionan habitualmente cunha actitude edípica ao estímulo dos pais, que a miúdo se deixan dirixir na súa predilección pola diferenza sexual, de xeito que o pai prefere á filla, e a nai ao fillo ou, en caso de arrefriamento da parella, os toman coma substituto do obxecto de amor desprezado.

Non se pode afirmar que o mundo da investigación psicanalítica estea moi agradecido polo descubrimento do complexo de Edipo. Este, pola contra, provocou a oposición máis dura dos adultos, e aquelas persoas que deixaron de compartir o rexeitamento destas relacións emocionais mal vistas ou tabús,

repararon máis tarde a súa falta, na medida en que lle restaron ao complexo o seu valor por medio de reinterpretacións. Segundo o meu convencemento inquebrantable aquí non hai nada que negar ou que paliar. Familiaricémonos con este feito que é recoñecido pola lenda grega coma fatalidade inevitable. O interesante é novamente que o complexo de Edipo, expulsado da vida, queda ao servizo da poesía. O. Rank demostrou nun minucioso estudo cómo precisamente o complexo de Edipo proveu á poesía de numerosos motivos por medio de interminables modificacións, atenuacións e disfraces é dicir, por medio de desfiguracións tales como as que xa recoñecemos como instrumento da censura. Polo tanto, podemos imputar este complexo de Edipo tamén a todos aqueles suxeitos que foron tan afortunados de escapar en anos posteriores aos conflitos cos pais, e intimamente ligado con el atopamos o que chamamos *complexo de castración*, a reacción á intimidación sexual ou contención da actividade sexual imposta polo pai na primeira infancia.

Debido ás indagacións feitas ata agora, que remiten ao estudo da vida psíquica infantil, podemos abrigar a esperanza de que a orixe da outra parte dos desexos prohibidos do soño, dos impulsos sexuais excesivos, atope tamén unha explicación. Sentimos o impulso de estudar tamén o desenvolvemento da vida sexual infantil, descubriendo por distintas fontes que é un erro insostible negarlle a vida sexual ao neno, así como aceptar que a sexualidade non aparece ata a época da puberdade coa maduración dos xenitais. O neno ten, en contraposición ao dito, unha rica vida sexual dende o comezo, e esta se diferencia da posterior, considerada como normal, en moito puntos. O que na vida dos adultos chamamos “pervertido” desvíase do normal, en primeiro lugar, sobrepóndose ás barreiras das especies (ao abismo entre persoa e animal), en segundo lugar, transgredindo as barreiras da repugnancia, en terceiro lugar as barreiras do incesto (a prohibición de buscar a satisfacción sexual en parentes consanguíneos), en cuarto lugar as da homosexualidade e,

en quinto lugar, transferindo a función xenital a outros órganos e partes do corpo. Estas barreiras non existen dende o principio, senón que son construídas progresivamente no transcurso da evolución e da educación. O neno pequeno está libre delas. Aínda non coñece ningún abismo pronunciado entre persoa e animal; a fachenda coa que o home se segrega do animal, maniféstase nel máis adiante. Inicialmente non amosa ningunha repugnancia polos excrementos, senón que a aprende lentamente debido á insistencia da educación; non lle asigna ningún valor especial á diferenza de sexos, senón que máis ben esixe a mesma construción xenital; dirixe as súas primeiras veleidades e curiosidades cara ás persoas máis próximas e, por outras razóns, máis queridas, como pais, irmáns e coidadores e, finalmente, amósase nel o feito que atoparemos de novo máis tarde, na cúspide dunha relación amorosa é dicir, o de que non só lle proporcionan pracer os xenitais, senón que moitas outras partes do corpo recorren á mesma sensibilidade, transmitindo sensacións análogas e que, polo tanto, poden xogar o papel dos xenitais. Podemos, pois, cualificar o neno de “polimorficamente pervertido” e se todos estes impulsos só se perciben nel como febles indicios, isto débese, por unha parte, á súa escasa intensidade en comparación con épocas posteriores e, por outra parte a que a educación reprime de inmediato enerxicamente todas as manifestacións sexuais do neno. Esta represión ten continuidade, por así dicilo, na teoría, ao esforzárense os adultos en omitir unha parte das manifestacións sexuais infantís e en arrebatarlle a outra parte da súa natureza sexual a través de reinterpretacións, ata poderen negar a totalidade destes fenómenos. Trátase a miúdo das mesmas persoas que se alporizan, xa dende o berce, contra todas as trasnadas sexuais dos nenos e que logo, diante do seu escritorio, defenden a pureza sexual destes mesmos nenos. Sempre que son abandonados a si mesmos ou son sometidos ás influencias da sedución, os nenos manifestan a miúdo unha pronunciada actividade sexual per-

vertida. Naturalmente, os adultos teñen razón en non tomar en serio estas “cousas de nenos” e “pasatempos”, xa que o neno non pode ser xulgado de forma integral como responsable nin perante o tribunal dos costumes nin perante a lei, pero, nembargante, estas cousas existen, teñen o seu significado, tanto coma indicios dunha constitución conxénita como a título de antecedentes e factores da evolución posterior, dannos claves sobre a vida sexual infantil e, polo tanto, sobre a vida sexual humana en xeral. Se atopamos de novo todos estes impulsos de desexos pervertidos detrás dos nosos soños desfigurados, isto só pode significar que o soño tamén efectuou unha regresión ao estado infantil neste ámbito.

Entre estes desexos prohibidos debemos subliñar especialmente os incestuosos é dicir, os dirixidos ás relacións sexuais con pais e irmáns. Vostedes coñecen a aversión que sinte, ou cando menos pretexta, a comunidade humana contra estas relacións, e o énfase co que dota as prohibicións dirixidas na súa contra. Fixéronse inxentes esforzos para explicar esta repugnancia polo incesto. Os uns aceptan que se trata dunha representación psíquica da selección natural, pois o cruzamento consanguíneo empeoraría as características da raza, os outros afirman que o desexo sexual desvíase das persoas coas que estamos en contacto permanente a través da nosa convivencia con elas dende a primeira infancia. En ambos casos está asegurada a eliminación do incesto e, polo tanto, non se entende para que fan falla as estritas prohibicións, que máis ben indican a existencia dunha forte inclinación a cometelo. As investigacións psicanalíticas tiveron como resultado inequívoco que a elección do amor incestuoso é a primeira e a máis regular, e que só máis adiante se desenvolve unha resistencia cara a ela, que non podemos derivar da Psicología individual.

Recompilemos os datos que nos achegou o profundamento na Psicología infantil. Non só atopamos que o material das experiencias infantís esquecidas é accesible ao soño, senón que

tamén vimos que a vida psíquica dos nenos, con todas as súas peculiaridades, co seu egoísmo, coa súa elección dun amor incestuoso, etc., aínda persiste no soño é dicir, no inconsciente, e que o soño nos retrotrae todas as noites a este nivel infantil. *Corrobórase que o inconsciente da vida psíquica é o infantil.* A impresión de estrañamento que nos deixa o feito de que se agoche tanto mal no home comeza a diminuír. Este horrible mal é simplemente o inicial, o primitivo, o infantil da vida psíquica, que podemos atopar en activo no neno, pero que nel pasamos por alto en parte debido ás súas pequenas dimensións, e que por outra parte non tomamos en serio porque ao neno non lle esiximos un alto nivel ético. Na medida en que o soño se retrotrae a este nivel, produce a impresión de sacar á luz o mal que hai en nós. Pero soamente se trata dunha falsa impresión pola que nos deixamos asustar. Non somos tan pervertidos como deberíamos crer a partir da interpretación dos soños.

Se os impulsos pervertidos dos soños son só restos infantís, un regreso aos comezos da nosa evolución ética, na medida en que o soño nos fai simplemente nenos de pensamento e sentimento de novo, entón, non precisamos avergoñarnos destes soños pervertidos dende un punto de vista racional. Pero o racional illado é só unha parte da vida psíquica, na psique suceden algunhas outras cousas que non son racionais, e aínda así sucede que nos avergoñamos racionalmente deste tipo de soños. Sometémolos á censura onírica, avergoñámonos e enfadámonos se un destes desexos logra excepcionalmente instar á consciencia de forma tan pouco desfigurada que temos que recoñecelo, en ocasións avergoñámonos igualmente dos soños desfigurados, como se os entendéramos. Lembren soamente a indignada opinión daquela honrada e vella dama sobre o seu soño, non interpretado, dos “servizos amorosos”. O problema, polo tanto, aínda non está resolto, e é posible que, por medio dun traballo posterior sobre o mal no soño, cheguemos a outra opinión e a outra valoración da natureza humana.

Como resultado da nosa investigación obtivemos dous datos que, con todo, só representan o comezo de novos enigmas, de dúbidas novas. En primeiro lugar, que a regresión da elaboración do soño non é só formal, senón tamén material. Non só traduce os nosos pensamentos a unha forma primitiva de expresión, senón que tamén evoca as peculiaridades da nosa vida psíquica primitiva, a vella superioridade do Eu, os impulsos iniciais da nosa vida sexual, incluso a nosa vella bagaxe intelectual, se podemos concibir a relación simbólica como tal. E en segundo lugar, que todo este vello infantilismo, que en épocas anteriores exerceu unha total hexemonía, debemos imputarlló hoxe ao inconsciente, polo que mudan e se amplían as nosas ideas agora. Inconsciente xa non é un nome para o actualmente latente, o inconsciente é un reino psíquico especial con impulsos de desexo propios, con formas de expresión propias e con mecanismos psíquicos característicos que, fóra del, perden toda vixencia. Pero as ideas latentes que descubrimos a través da interpretación dos soños, non son aínda deste reino; pertencen máis ben ao mundo da vixilia. Non obstante, son inconscientes; ¿como resolvemos esta contradición? Empezamos a intuír que neste caso debemos efectuar unha diferenciación. Algo que procede da nosa vida consciente e que comparte o seu carácter —nós chamámolo restos diúrnos— únese a outro algo que procede do reino do inconsciente, para construír o soño. Entre estas dúas partes complétase a elaboración do soño. A influencia do inconsciente sobre os restos diúrnos contén a condición para a regresión. Este é o coñecemento máis profundo sobre a esencia do soño ao que podemos chegar aquí, antes de que investiguemos outros ámbitos psíquicos. Pero pronto chegará o momento de darlle outro nome ao carácter inconsciente das ideas latentes do soño, para diferenciarlo dos elementos inconscientes procedentes dese reino dos infantilismos.

Naturalmente, tamén podemos formular a seguinte pregunta: ¿Que precisa a actividade psíquica durante o soño para alcan-

zar esta regresión? ¿Por que aquela non suprime os estímulos psíquicos alteradores do soño sen esta? E se, por motivos derivados da censura onírica, vese obrigada a disfrazar as manifestacións do soño por medio dunha vella forma de expresión, agora incomprendible, ¿de que lle serve a reanimación dos vellos impulsos psíquicos, desexos e riscos do carácter, agora superados é dicir, a regresión material que se engade á formal? A única resposta que nos satisfaría sería que un soño só pode ser construído deste xeito, que dende un punto de vista dinámico a supresión do estímulo do soño non é posible doutro xeito. Pero, segundo o estado de cousas actual, non temos dereito a dar esta resposta.

Realización de desexos

¿Debo lembrarlles, miñas damas e meus cabaleiros, o camiño que percorremos ata agora? ¿Debo lembrarlles como, por medio da aplicación da nosa técnica, demos coa desfiguración dos soños, como decidimos prescindir dela polo momento, e como extraemos dos soños infantís datos decisivos sobre a esencia do soño? ¿Debo lembrarlles como, unha vez en posesión dos resultados desta investigación, abordamos directamente a desfiguración do soño, superando paso a paso cada unha das dificultades que presentaba? Pero agora debemos convir en que o que atopamos por un e polo outro camiño non coincide de todo. A nosa tarefa é reunir os dous grupos de resultados e facelos concordar.

Demostrouse por ambas partes que a interpretación do soño consiste esencialmente na transformación de ideas nunha experiencia alucinatoria. Este feito é enigmático dabondo, pero é un problema da Psicoloxía xeral que non nos debe preocupar. Polos soños infantís soubemos que a elaboración do soño propón a eliminación dun estímulo psíquico alterador do soño por medio do cumprimento dun desexo. Dos soños desfigurados non poderíamos dicir nada semellante sen antes saber interpretalos. Pero as nosas expectativas dirixíronse dende o principio a podermos someter os soños desfigurados aos mesmos puntos de vista ca os infantís. Estas expectativas cumpríronse por primeira vez ao descubrimos que, en realidade, todos os soños son infantís, que traballan co material infantil, cos impulsos psíquicos e mecanismos da infancia. Logo de considerar superada a desfiguración dos soños, debemos investigar se a interpretación de cumprimentos de desexos tamén se pode aplicar aos soños desfigurados.

Recentemente sometemos unha serie de soños a interpretación, pero deixamos de lado a realización de desexos. Estou convencido de que máis dunha vez se fixeron a pregunta

¿Onde queda entón a realización de desexos, que se supón era o obxectivo da interpretación dos soños? Esta pregunta é moi significativa; converteuse mesmamente na pregunta dos nosos críticos profanos. Como vostedes saben, a humanidade ten unha ansia instintiva de defensa contra as novidades intelectuais. Ás manifestacións da mesma pertence a redución inmediata dunha novidade deste tipo a outra de menor envergadura; a súa compresión a unha fórmula. O profano formula a pregunta ¿Onde se atopa a realización dos desexos? Inmediatamente despois de ter escoitado que o soño debe ser a realización dun desexo, e ao mesmo tempo que a formula, dálle unha resposta negativa. Recorda incontables experiencias oníricas persoais, nas que se vincularon aos soños dende a xenreira ata a angustia máis acérrima, de forma que as afirmacións da doutrina psicanalítica sobre os soños son totalmente improbables. Para nós é doado responder a esta obxección que a realización de desexos non pode ser manifesta nos soños desfigurados, senón que ten que buscarse, de xeito que non se pode demostrar antes de interpretar o soño. Tamén sabemos que os desexos destes soños desfigurados son desexos prohibidos, rexeitados pola censura, converténdose a súa existencia precisamente na causa da desfiguración do soño, no motivo da intervención da censura onírica. Pero para o noso crítico profano é difícil inferir que antes da interpretación do soño non se poida buscar a realización de desexos. Esquéceo unha e outra vez. A súa actitude negativa contra a teoría da realización de desexos non é, en realidade, máis que unha consecuencia da censura do soño, un substituto dos desexos censurados e un efecto do rexeitamento dos mesmos.

Naturalmente, tamén teremos a necesidade de explicarnos a existencia de tantos soños cun contido embarazoso e, en particular, dos soños de angustia. Ao respecto atopamos por primeira vez o problema dos afectos no soño, que merece un estudo especial pero do que, lamentablemente, non podemos ocuparnos. Se

o soño é a realización dun desexo, as sensacións embarazosas deberían ser inconcibibles no soño; nisto semellan ter razón os críticos profanos. Pero debemos ter en conta complicacións de tres tipos, nas que estes non pensaron.

En primeiro lugar: pode ser que a interpretación do soño non lograra acadar a realización dun desexo, de xeito que unha parte do afecto embarazoso das ideas oníricas pase ao soño manifesto. A análise debería amosar entón que estas ideas eran moito máis embarazosas que o soño conformado a partir delas. Isto pódese demostrar sempre. Admitimos polo tanto que a interpretación dos soños non alcanzou o seu obxectivo, ao igual que o soño de beber non alcanza, con respecto ao estímulo da sede, a súa intención de apagala. Seguimos sedentos e debemos erguernos para beber. Porén, foi un verdadeiro soño, non renunciou a nada da súa esencia. Debemos, pois dicir: *Ut desint vires, tamen est laudanda voluntas*⁴⁴. A intención claramente recoñecible é, cando menos, digna de loanza. Tales casos de fracaso non son casos contados. Contribúe a isto o feito de que á interpretación do soño lle resulte tan difícil cambiar o significado dos afectos, coma se se tratase de contidos; os afectos son ás veces moi resistentes. Sucede así que a interpretación do soño logra transformar o contido embarazoso das ideas oníricas na realización dun desexo, mentres que o afecto embarazoso prevalece invariable. En tales soños o afecto non se adecúa en absoluto ao contido, e os nosos críticos poden dicir que o soño ten tan pouco que ver coa realización de desexos que nel mesmo un contido inofensivo pode percibirse como embarazoso. Nós obxectaremos contra esta observación irreflexiva que a tendencia á realización de desexos da interpretación onírica se manifesta, precisamente neste tipo de soños, con máis claridade, porque está illada. O erro procede de que aquel que non coñece as neuroses imaxina un íntimo vínculo entre contido e afecto, non podendo concibir

⁴⁴ 'Aínda que falten as forzas, hai que loar a intención' [N. da T.]

por esta razón que un contido sexa modificado sen que varíe a manifestación de afectos correspondente.

Unha segunda circunstancia, moito máis importante e de meirande alcance, que o profano desatende igualmente, é a seguinte. A realización dun desexo debería provocar pracer, mais a pregunta é ¿a quen? Naturalmente, a aquel que ten o desexo. Sabemos do soñador que este mantén unha relación moi especial cos seus desexos. Rexéitao, censúrao, en resúmidas contas, non lle gustan. A realización dos mesmos non pode, polo tanto, aportarlle ningún tipo de pracer, senón máis ben todo o contrario. A experiencia amosa que este contrario, que aínda está por aclarar, aparece baixo a forma da angustia. Polo tanto, o soñador só pode ser equiparado, na súa relación cos seus desexos oníricos, coa suma de dúas persoas distintas que, porén, están vinculadas por un forte elemento en común. No canto de explicarlles detalladamente este punto en concreto, ofrézollas un coñecido conto, no que atoparán de novo estas relacións. Unha fada boa promételle a unha parella pobre, home e muller, a realización dos seus tres primeiros desexos. Felices pola oferta, propóñense escoller estes tres desexos con esmero. Pero a muller, seducida polo recendo a salchichas fritidas da cabana máis próxima, desexa un par desas salchichas. E as salchichas aparecen voando; esa é a primeira realización dun desexo. O home enfádase e desexa, na súa exasperación, que as salchichas da muller lle colguen do nariz. Isto tamén se cumpre, e é imposible mover as salchichas da súa nova ubicación, ese é a segunda realización dun desexo, do desexo do home, moi desagradable para a muller. Xa saben como continúa o conto. Xa que os dous son en esencia un, home e muller, o terceiro desexo ten que rezar que as salchichas desaparezan do nariz da muller. Poderíamos aplicar este conto repetidas veces noutros contextos; aquí sérvenos como ilustración da posibilidade de que a realización dun desexo dunha persoa pode implicar o malestar doutra, cando ambas as dúas non están de acordo.

Non será moi difícil para nós chegar a unha mellor comprensión dos soños de angustia. Aproveitaremos primeiro unha observación para decidirmos logo por unha suposición, a favor da que podemos aducir varios argumentos. A observación é que os soños de angustia teñen a miúdo un contido non desfigurado en absoluto ou, por así dicilo, que escapan da censura. O soño de angustia é con frecuencia a realización sincera dun desexo, naturalmente non dun desexo agradable, senón dun desexo abxecto. No canto da censura aparece o desenvolvemento da angustia. Mentres que do soño infantil podemos afirmar que se trata da realización aberta dun desexo permitido, e do soño común desfigurado que se trata da realización encuberta dun desexo reprimido, ao soño de angustia só se lle pode aplicar a fórmula de que é a realización aberta dun desexo reprimido. A angustia é o indicio de que o desexo reprimido amosouse con máis forza que a censura, que impuxo ou estivo a punto de impor a realización do mesmo en contra desta. Entendemos que o que para el é realización dun desexo só pode ser para nós, que estamos do lado da censura do soño, motivo de sensacións embarazosas e dunha reacción defensiva. A angustia que aparece nesta ocasión no soño é provocada, se o queren así, pola forza destes desexos, ata agora reprimidos. O porqué de esta defensa adoptar a forma da angustia non pode adiviñarse só a partir do estudo do soño; para isto deberemos estudar a angustia noutro momento.

O mesmo que ten vixencia para os soños de angustia non desfigurados, podemos aplicalo tamén a aqueles que sufriron unha desfiguración parcial, e aos soños de aversión con sensacións embarazosas que, probablemente, se acheguen máis ou menos á angustia. O soño de angustia ven seguido habitualmente por un brusco espertar; acostumamos a interromper o soño antes de que o desexo reprimido impoña a súa completa realización contra a censura. Neste caso a función do soño fracasa, pero non por iso se modifica a súa esencia. En efecto, comparamos o soño

cun vixiante nocturno do noso repouso, que quere protexer o noso sono de alteracións. O vixiante nocturno tamén está en situación de espertar ao durminte, cando este se sente demasiado débil para escorrentar a alteración ou perigo so. Nembargante, ás veces logramos reter o soño, incluso cando o soño comeza a ser delicado e a producírnos angustia. En tales casos dicímonos en soños “Soamente é un soño”, e seguimos durmindo.

¿Cando está o desexo do soño en situación de vencer á censura? A condición para isto pode cumprirse tanto por parte do desexo como por parte da censura. O desexo pode verse reforzado por razóns descoñecidas; pero temos a impresión de que o comportamento da censura onírica ten máis a miúdo a culpa deste desprazamento das relacións de forza. Xa escoitamos que a censura traballa en cada caso con distinta intensidade, que trata a cada elemento cun grao diferente de rigor; agora quereíamos engadir a suposición de que é variable, e que non sempre aplica o mesmo rigor en contra do elemento discordante. Se algunha vez se sente impotente ante un desexo onírico que o ameaza por sorpresa, entón sévese, no canto da desfiguración, do último recurso que lle queda é dicir, de abandonar o estado de repouso debido ao desenvolvemento da angustia.

Chámanos a atención que aínda non saibamos por que estes desexos pervertidos e reprimidos espertan precisamente durante a noite, para alterar o noso sono. A resposta só pode consistir na suposición que apela á natureza do estado de repouso. Durante o día pesa a forte presión dunha censura sobre estes desexos, que xeralmente imposibilita toda manifestación exterior. Pero durante a noite esta censura, como todos os demais intereses da vida psíquica, é probablemente repregada ou, cando menos, fortemente reducida a favor do único desexo de durmir. Os desexos prohibidos débennlle entón a esta redución da censura durante a noite a posibilidade de espertar de novo. Hai persoas nerviosas insomnes que nos confesan que ao principio o seu insomnio era voluntario. Non se atrevían a durmirse porque tiñan medo dos

seus soños é dicir, das consecuencias da diminución da censura. Vostedes comprenderán con facilidade que esta supresión da censura non significa ningunha imprudencia grave. O estado de repouso paraliza a nosa motilidade; as nosas malas intencións, incluso cando se activan, non poden producir máis que soños, que son practicamente inofensivos, e este feito tranquilizador lémbra-lo unha razoable observación do durminte que forma parte da vida nocturna, pero non da vida onírica “Só é un soño. Así que deixémolo facer e sigamos durmindo.”

En terceiro lugar, se lembran a concepción do soñador -que se opón aos seus desexos, como suma de dúas persoas diferentes pero unidas intimamente dalgún xeito-, entenderán cómo, por medio da realización dun desexo, pode xerarse algo que provoca aversión, a saber, un castigo. Aquí pode servirmos novamente como explicación o conto dos tres desexos: as salchichiñas no prato son a realización directa do desexo da primeira persoa, a muller; as salchichas colgadas do seu nariz son a realización do desexo da segunda persoa, o home, pero tamén son, simultaneamente, o castigo ao necio desexo da muller. Cando nos ocupemos das neuroses atoparemos a motivación do terceiro desexo do conto. Existen moitas tendencias ao castigo deste tipo na vida psíquica do home; son moi fortes, e podemos facelas responsables dunha parte dos soños embarazosos. Quizais agora digan vostedes que, deste xeito, non queda moito da famosa realización de desexos. Pero examinando os feitos con máis detemento admitirán que non tiñan razón. En contra do que podería ser, e segundo algúns autores é, a diversidade da natureza do soño, que trataremos posteriormente, a solución da realización do desexo – realización da angustia – e realización do castigo é moi limitada. A isto engádese que a angustia é o elemento directamente oposto do desexo, que os contrarios están especialmente próximos entre si na asociación e que, como xa sabemos, coinciden no inconsciente. Ademais, o castigo tamén é a realización dun desexo, o da persoa censuradora.

Polo tanto, non fixen en conxunto ningunha concesión á súa protesta contra a teoría da realización dos desexos. Pero estou obrigado a demostrar a realización dos desexos en cada soño desfigurado calquera, e non quero, certamente, eludir esta tarefa. Recorramos a aquel soño xa interpretado das tres malas localidades de teatro por 1 florín e 50 céntimos, co que xa aprendemos algunhas cousas. Espero que aínda o lembren. Unha dama, á que o seu home lle comunica un día que a súa amiga Elisa, só tres meses máis novo ca ela, se prometeu, soña que está co seu home no teatro. Unha parte da platea está totalmente baleira. O seu home cóntalle que a Elisa e ao seu noivo gustaríalles ter ido, pero que só quedaban malas localidades, tres por 1 florín e 50 céntimos. Ela di que tampouco tería sido ningunha desgraza. Descubríramos que as ideas do soño se referían ao desgusto de ter casado tan cedo e á insatisfacción que lle producía o seu home. Podemos sentir curiosidade por saber como se transformaron estas turbias ideas na realización dun desexo e en que parte do contido manifesto atopamos a súa pegada. Agora xa sabemos que o elemento “demasiado cedo, precipitadamente” foi eliminado do soño a través da censura. A platea baleira é unha alusión directa a este elemento. O enigmático “3 por un florín e cincuenta céntimos” será máis intelixible para nós coa axuda do noso posterior estudo do simbolismo onírico⁴⁵. O 3 simboliza en realidade a un home, e o elemento manifesto é doadamente interpretable: mercar un home a cambio dunha dote. (“Podería ter mercado un home dez veces mellor coa miña dote”) O casar é substituído evidentemente polo ir–ao–teatro. O “mercar entradas para o teatro demasiado cedo” ocupa o lugar do casar demasiado cedo. Pero esta substitución é obra da realización do desexo. A nosa soñadora non sempre estivo tan insatisfeita coa súa voda prematura coma o día que recibiu a noticia do

⁴⁵ Non cito outra interpretación evidente deste 3 no caso da muller sen fillos porque esta análise non aportaba ningún material ao respecto.

compromiso matrimonial da súa amiga. No seu momento estivo orgullosa disto e sentíase favorecida con respecto á súa amiga. As rapazas inocentes adoitan acusar, despois do seu compromiso matrimonial, a súa alegría porque pronto poderán ir ao teatro a ver todas as obras, ata agora prohibidas, e ser testemuñas de todo. A parte de curiosidade que aparece aquí foi seguramente ao principio de natureza sexual, orientada á vida sexual, especialmente aos pais, e converteuse logo nun motivo máis forte, que impulsou á rapaza á voda prematura. Deste xeito, a visita ao teatro convértese nun substituto alusivo evidente de estar casada. No desgusto presente debido á súa voda prematura apela a aquel tempo no que a voda prematura significaba para ela a realización dun desexo porque satisfacía a súa curiosidade, e substitúe, levada por este estímulo de desexo, o casar polo ir-ao-teatro.

Tal vez non teñamos escollido o exemplo máis axeitado para demostrar a realización dun desexo oculto. Deberíamos proceder de xeito análogo con outros sonhos desfigurados. Non podendo realizar aquí outra análise, só quero expresarlles o convencemento de que esta sempre remataría nun éxito. Pero agora quero determe máis tempo neste punto da nosa teoría. A experiencia ensinome que é un dos máis comprometidos de toda a doutrina dos sonhos, e que existen moitas contradicións e malentendidos fundados nel. Ademais, quizais estean aínda baixo a impresión de que xa teña revocado unha parte da miña tese, na medida en que afirmei que o sonho é un desexo realizado ou o contrario disto é dicir, un medo ou un castigo feito realidade, e opinarán que é o momento de facerme partícipe doutras limitacións desta tese. Tamén escoitei o reproche de que expoño aquilo que semella evidente para min demasiado sucintamente e, polo tanto, de xeito pouco convincente.

Moitos daqueles que me seguiron na interpretación dos sonhos, aceptando todo o que esta aportou ata agora, fan un alto ao chegar á realización dos desexos e preguntan “Se admitimos

que o soño sempre ten un sentido e que este sentido pode ser descuberto por medio da técnica psicanalítica, ¿por que temos que comprimir este sentido, en contra de toda evidencia, na fórmula da realización dos desexos? ¿Por que non pode variar o sentido destas ideas nocturnas, ao igual que varía o das ideas diúrnas, correspondéndose o soño unha vez cun desexo realizado, e outra vez, como vostedes mesmos din, co contrario, cun temor feito realidade, podendo entón tamén expresar un propósito, unha advertencia, unha reflexión cos seus pros e contras ou un reproche, un aviso da conciencia, un intento de prepararse para unha actividade inminente, etc.? ¿Por que ten que expresar sempre precisamente un desexo ou, todo o máis, o seu contrario?

Podería suporse que unha diverxencia neste punto non é importante, sempre que esteamos de acordo nos demais. Abonda que teñamos localizado o sentido do soño e os medios para recoñecelo; isto pasa a un segundo termo cando fixamos estritamente este sentido; pero isto constitúe un grave erro. Un malentendido neste punto afecta á esencia da nosa concepción do soño e pon en perigo o seu valor para a comprensión das neuroses. Calquera tipo de satisfacción, que na vida mercantil é valorado coma “compracencia”, non ten lugar no funcionamento científico, sendo máis ben nociva.

A miña primeira resposta á pregunta de por que non pode ser o soño declaradamente polisémico, reza como acostuma nestes casos “non sei por que non pode ser así. Non teño nada en contra disto. Se de min depende, que así sexa”. Soamente unha insignificancia contradí esta concepción máis ampla e cómoda do soño a saber, que en realidade non é así. A miña segunda resposta subliñará que a aceptación de que o soño se corresponde con diversas formas de pensar e operacións intelectuais tampouco me é allea. Nunha ocasión referín na historia clínica dun enfermo un soño que se repetiu ao longo de tres noites consecutivas, para desaparecer despois, e expliquei este comporta-

mento afirmando que o soño se correspondía cun *propósito* que non precisaba ser reproducido logo de terse levado a cabo. Máis tarde publiquei un soño que se correspondía cunha confesión. ¿Como podo entón contradicirme e afirmar que o soño sempre é un desexo realizado?

Fago isto para evitar un inxenuo malentendido, que pode custarnos o froito do noso esforzo con respecto ao soño, un malentendido que confunde ao soño coas ideas latentes do mesmo, atribuíndolle características que soamente pertencen ás últimas. É dicir, é moi correcto dicir que o soño pode representar e ser substituído por todo o que detallamos anteriormente: un propósito, unha advertencia, unha reflexión, unha preparación, un intento de solucionar un problema, etc. Pero un exame máis atento axudaralles a recoñecer que todo isto só ten vixencia para as ideas latentes, que son transformadas no soño. A interpretación onírica amosounos que o pensamento inconsciente das persoas ocúpase deste tipo de propósitos, preparacións, reflexións, etc., cos que a elaboración onírica forma despois os soños. Se non se interesan no presente pola elaboración onírica, pero si e moito pola elaboración inconsciente do pensamento das persoas, estarán suprimindo a elaboración onírica e afirmando do soño, dun xeito moi práctico e tamén correcto, que se corresponde cunha advertencia, cun propósito ou similares. Este procedemento séguese a miúdo na actividade psicanalítica. A maioría das veces só se aspira a destruír a forma do soño, e a incluír no seu lugar as ideas latentes a partir das que se formou este soño.

Descubrimos, polo tanto, por medio da valoración das ideas latentes, que os actos psíquicos mencionados, todos eles altamente complicados, poden ter lugar inconscientemente, ¡un resultado tan magnífico como confuso!

Pero, retomemos o fío da nosa exposición, vostedes só teñen dereito a non considerarse obrigados a referir a multiplicidade mencionada en relación á esencia do soño se saben que se serviron dunha linguaxe abreviada. Cando falan de “soño” teñen

que querer dicir, ou ben o soño manifesto é dicir, o produto da elaboración onírica, ou ben a elaboración onírica mesma é dicir, aquel proceso psíquico que dá forma ao soño a partir das súas ideas latentes. Calquera outro uso da palabra é unha confusión de conceptos que só pode levarnos ao desastre. En cambio, cando, coas súas afirmacións, queiran referirse ás ideas latentes que están detrás do soño, fágano directamente, sen encubrir o problema do soño por medio da forma de expresión laxa da que ás veces se serven. As ideas latentes do soño constitúen o material que a elaboración onírica remodela en soño manifesto. ¿Por que queren confundir o material coa elaboración que lle dá forma? ¿Avantaxan quizais a aqueles que só coñecen o produto da elaboración e non poden explicar de onde procede e como se forma?

O único esencial do soño é a elaboración, que actúa sobre o material das ideas. Non temos ningún dereito a omitila na teoría, aínda cando debamos desatendela en determinadas situacións prácticas. A observación analítica tamén nos indica que a elaboración do soño nunca se limita a traducir estas ideas ás formas de expresións arcaicas ou regresivas que xa coñecen vostedes. Pola contra, esta inclúe regularmente un elemento que non pertence ás ideas latentes da véspera, pero que é o verdadeiro motor da construción do soño. Este ingrediente indispensable é o desexo, igualmente inconsciente, que para a súa realización precisa da remodelación do contido do soño. O soño pode, polo tanto, ser calquera cousa, sempre que teña en consideración as ideas que o representan, advertencia, propósito, preparación, etc.; tamén consiste sempre na realización dun desexo inconsciente, limitándose a isto cando o contemplamos tan só coma resultado da elaboración onírica. Un soño, polo tanto, nunca é simplemente un propósito ou unha advertencia, senón que sempre traduce o propósito ou similares, con axuda dun desexo inconsciente, á súa forma de expresión arcaica, e transfórmao para poder realizar ese desexo. O factor da realización do desexo é a constante; o outro pode variar; pode tamén,

pola súa parte, ser un desexo, de xeito que o soño represente coma realizado un desexo latente da véspera coa axuda dun desexo inconsciente.

Todo isto parécese doadamente comprensible, pero non sei se tamén logrei facelo comprensible para vostedes. ademais, teño dificultades para demostrárllelo. Non podo facelo sen a esmerada análise de múltiples soños por unha banda e, pola outra, non podo expor este punto tan espíñento e significativo da nosa concepción do soño sen relacionalo con elementos dos que aínda non falamos. ¿Poden sequera crer que, no contexto da íntima entre todas as cousas, alguén poida penetrar na natureza dunha delas sen preocuparse antes por outras de análoga natureza? Xa que aínda non sabemos nada do parente máis próximo ao soño é dicir, dos síntomas neuróticos, tamén debemos conformarnos neste caso cos resultados acadados ata agora. Só quero exporlles outro exemplo para facer unha nova observación.

Retomemos aquel soño, ao que xa regresamos en varias ocasións, o soño das 3 entradas de teatro por un florín e cincuenta céntimos. Podo asegurarlles que, ao principio, escollino como exemplo sen intención algunha. Vostedes xa coñecen as ideas latentes do mesmo. Desgusto por terse apresurado tanto coa voda ao recibir a noticia de que a súa amiga acaba de prometerse; menosprezo do seu home e o convencemento de que tería atopado un mellor se tivese esperado. Tamén coñecemos xa o desexo que construíu, a partir destas ideas, un soño, a curiosidade polo teatro é, moi probablemente, unha bifurcación da vella curiosidade por descubrir dunha vez o que sucede cando estamos casados. Esta curiosidade diríxese nos nenos regularmente, como é sabido, cara á vida sexual dos pais, constituíndo, polo tanto, un impulso instintivo infantil e, en canto que segue presente máis adiante, un impulso instintivo que alcanza coas súas raíces aos primeiros anos de vida do suxeito. Pero, para suscitar esta curiosidade, a noticia da véspera non deu motivo para o desgusto e o arrepentimento. Este impulso de desexo

non pertencía, polo momento, ás ideas latentes do soño, e puidemos incorporar o resultado da interpretación onírica á análise sen telo en consideración. O desgusto tampouco estaba, en si, capacitado para construír o soño; non se puido formar un soño a partir do pensamento “Foi unha insensatez casar tan cedo”, ata que se suscitou a partir del o vello desexo de ver dunha vez o que sucede trala voda. Este desexo formou logo o contido do soño, substituíndo a voda por ir ao teatro, e dándolle a forma da realización temperá dun desexo “eu podo ir ao teatro e ver todo o prohibido, e ti non podes; eu estou casada e ti tes que esperar”. Deste xeito transformouse a situación presente no seu contrario, colocando un vello trunfo no lugar dunha recente derrota. De paso, mestúrase a satisfacción dunha curiosidade coa satisfacción egoísta dunha competitividade. Esta satisfacción determina agora o contido manifesto do soño, ao rezar este que ela está sentada no teatro, mentres que a amiga non puido atopar entradas. Aquelas partes desta situación de satisfacción, tras as que aínda se ocultan as ideas latentes, son incorporadas como modificación impropia e inintelixible. A interpretación do soño debe prescindir de todo o que serva á representación da realización do desexo, e restablecer, a partir daquelas alusións, as embarazosas ideas latentes do soño.

A observación que quería presentarlles debe depositar a súa atención nas ideas latentes, levadas agora a un primeiro plano. Pídlles que non esquezan que estas son, en primeiro lugar, inconscientes para o soñador e, en segundo lugar, totalmente razoables e coherentes, de xeito que poden ser entendidas como reaccións comprensibles á motivación do soño, en terceiro lugar, que poden ter o valor dun impulso psíquico calquera ou dun proceso intelectual. Vou chamar agora a estas ideas, de xeito máis rigoroso que antes, “*restos diúrnos*”, e sen que importe que o soñador se adhira a elas ou non. Agora separo restos diúrnos e ideas latentes, denominando, en consoancia co uso que fixemos anteriormente do concepto, como ideas latentes a todo aquilo

que descubrimos coa interpretación do soño, mentres que os restos diúrnos son só unha parte destas ideas latentes. Logo a nosa concepción tende a afirmar que aos restos diúrnos se engadiu algo, algo que tamén pertencía ao inconsciente, un impulso de desexo forte pero reprimido, e só este é o que posibilitou a construción do soño. A influencia deste impulso de desexo sobre os restos diúrnos xera a parte adicional das ideas latentes, aquela que xa non debe semellar racional nin comprensible dende o punto de vista da vida de vixilia.

Para ilustrar a relación dos restos diúrnos co desexo inconsciente, servinme dunha comparación, que reproducirei aquí. En cada empresa precísase dun capitalista que cubra os gastos, e dun empresario que teña unha idea e saiba executala. O papel do capitalista só o pode interpretar, na construción do soño, o desexo inconsciente; este aporta a enerxía psíquica para a construción do soño; o empresario é o resto diúrno, que decide sobre o uso desta gasto enerxético. Pero o capitalista pode ter unha idea ou coñecemento do asunto, e o empresario pode ter o capital. Isto simplifica a situación práctica, pero dificulta a súa comprensión teórica. Na Economía divídese sempre a unha persoa nos seus dous aspectos, de capitalista e de empresario, restablecendo así a situación básica da que partiu a nosa comparación. Na construción do soño aparecen as mesmas variantes, con diferentes modalidades que poden deducir vostedes mesmos.

Aquí non podemos chegar máis lonxe, xa que, probablemente, vostedes estean sendo perturbados dende hai moito por unha dúbida que merece ser escoitada. ¿Son os restos do día realmente inconscientes no mesmo sentido que o desexo inconsciente, que debe engadirse para capacitalos para o soño? Sospeitan ben. Aquí reside o punto esencial da cuestión. Non son inconscientes no mesmo sentido. O desexo do soño pertence a outro tipo de inconsciente, a aquel que recoñecemos como de orixe infantil, dotado de mecanismos especiais. Sería absoluta-

mente necesario distinguir estas dúas formas do inconsciente por medio de diferentes denominacións. Pero preferimos esperar ata que os teñamos familiarizado co ámbito fenomenolóxico das neuroses. Pero se nos reprocha un inconsciente como fantástico; ¿que dirán se recoñecemos que só nos satisfán dous inconscientes?

Interrompámonos aquí. Só escoitaron, de novo, algo incompleto; pero, ¿non é esperanzador pensar que este coñecemento ten unha continuación que, ou ben nós mesmos ou outros, sacarán á luz? E, ¿non temos descuberto cousas novas e sorprendentes dabondo?

Incertezas e críticas

Non queremos abandonar, miñas damas e meus cabaleiros, o ámbito do soño sen tratar das principais dúbidas e incertezas que xurdiron a raíz das nosas novas teorías expostas ata agora. Aqueles de entre vostedes que estiveron atentos terán reunido gran parte destas vacilacións.

1. Pode ser que teñan a impresión de que os resultados do noso traballo de interpretación do soño presentan tantas indeterminacións, pese ao correcto cumprimento da técnica, que a tradución do soño manifesto á ideas latentes está destinada a fracasar. Alegarán que é imposible saber en primeira instancia se un determinado elemento do soño debe interpretarse en sentido literal ou simbólico, xa que os elementos empregados como símbolos non perden por esta razón a súa esencia. Polo tanto, se non temos un referente obxectivo para dirimir esta cuestión, a interpretación queda neste punto a mercé da arbitrariedade do intérprete do soño. Ademais, a consecuencia da fusión de elementos antitéticos na elaboración onírica, non se sabe nunca con certeza se un determinado elemento do soño debe ser entendido en sentido positivo ou negativo, como el mesmo ou como a súa antítese. Isto dálle unha nova oportunidade á arbitrariedade do intérprete. En terceiro lugar, debido ás tan populares inversións oníricas de todo tipo, o intérprete do mesmo pode proceder a unha inversión deste xénero nunha pasaxe calquera do soño. Finalmente, vostedes remitiranse a que rara vez é seguro que a interpretación atopada sexa a única posible. Córrese o perigo de pasar por alto outra interpretación totalmente lícita do mesmo soño. Baixo estas circunstancias concluirán que a amplitude do espazo de acción da arbitrariedade do intérprete semella ser incompatible coa seguridade obxectiva dos resultados. Ou tamén poden aceptar que o erro non reside no soño, senón que as

insuficiencias da nosa interpretación proveñen da inexactitude das nosas teorías e hipóteses.

Todas as súas observacións son impecablemente correctas, pero creo que non xustifican as súas conclusións nas dúas direccións, é dicir, por unha banda que a interpretación do soño, tal e como a practicamos, estea abandonada á arbitrariedade e, pola outra banda, que a falta de resultados cuestione a lexitimidade do noso procedemento. Se, no canto de falar da arbitrariedade do intérprete, falaran da destreza, da experiencia, do entendemento do mesmo, daríalles a razón. Non poderemos prescindir, porén, dun factor persoal deste tipo, especialmente nas difíciles tarefas da interpretación onírica. Pero o mesmo sucede noutras empresas científicas. Non hai ningún medio para impedir que unha persoa aplique peor ou mellor que outra unha técnica determinada. O que, por exemplo, se impón como arbitrariedade na interpretación dos símbolos, é neutralizada por completo xa que, normalmente, as conexións entre as ideas do soño, entre o soño e a vida do soñador e o conxunto da situación psíquica na que se enmarca o soño, permite escoller unha das posibilidades de interpretación dadas, rexeitando as outras coma inaplicables. Pero a conclusión, extraída a partir das imperfeccións da interpretación onírica, de que os nosos procedementos son inexactos, é invalidada por unha observación que mostra a ambigüidade ou indeterminación do soño como unha das calidades que cabe esperar deste fenómeno.

Lembremos que dixemos que a elaboración onírica realiza unha tradución das ideas do soño a unha forma de expresión primitiva, análoga á escritura figurativa. Todos estes sistemas de expresión primitivos adoecen deste tipo de indeterminacións e ambigüidades, sen que por iso teñamos dereito a pór en dúbida a súa utilidade. Vostedes saben que a coincidencia entre elementos antitéticos na elaboración do soño é análoga ao chamado “contrasentido das palabras primitivas” das linguas máis antigas. O lingüísta K. Abel (1884), ao que lle debemos

este punto de vista, pídenos que non creamos que a comunicación establecida entre dúas persoas coa axuda de palabras tan ambivalentes é por esta razón ambigua. O ton e os acenos despexaban, no contexto do discurso, toda dúbida sobre cal dos significados antitéticos tiña intención de comunicar o falante. Na escritura, na que se suprimen os acenos, determinábase o sentido por medio dun signo figurativo engadido destinado a non ser pronunciado, por exemplo por medio da imaxe dun home preguiceiramente encrequenado ou ergueito que, segundo o ambiguo *ken* da escritura xeroglífica debería significar “débil” ou “forte”. Así se evitaría, a pesar da ambigüidade dos sons e dos signos, o malentendido.

Os vellos sistemas de expresión, como as escrituras daquelas linguas máis antigas, permítennos recoñecer un número determinado de indeterminacións que non tolerariamos na nosa escritura actual. Así, nalgúns escrituras semíticas, só se consignan as consoantes. As vogais omitidas debe colocalas o lector, segundo o seu coñecemento e o contexto. Non de idéntica forma, aínda que moi similar, procede a escritura xeroglífica, razón pola que ignoramos a pronunciación do exipcio antigo. Na sagrada escritura dos exipcios atópanse aínda máis indeterminacións. Así p.ex., abandónase á arbitrariedade do escritor que as imaxes aparezan ordenadas de dereita a esquerda ou de esquerda a dereita. Para poder ler estes textos hai que aterse ao precepto de seguir a dirección dos rostros de figuras como paxaros e similares. Pero o escritor tamén podía dispor os xeróglifos en filas verticais, e no caso das inscricións sobre pequenos obxectos determinadas consideracións de estética ou simetría podían facerlle modificar a sucesión de signos. O máis molesto da escritura xeroglífica é que non coñece a separación por palabras. Os signos se suceden no papiro a igual distancia uns doutros e, en xeral, non se pode saber se un signo pertence á palabra precedente ou constitúe o comezo dunha nova palabra. Pola contra, na escritura cuneiforme persa unha cuña oblicua cumpre a función de “divisor de palabras”.

Unha lingua e escritura extremadamente antigas, pero aínda hoxe empregadas por 400 millóns de persoas, son as chinesas. Non supoñan que eu as entendo; só me informei ao respecto porque esperaba atopar analoxías coas indeterminacións do soño. A miña expectativa non se viu frustrada. A lingua chinesa está chea deste tipo de indeterminacións que poden asustarnos. Consiste, como é sabido, nun número de fonemas que se pronuncian illados ou combinados de dous en dous. Un dos dialectos principais ten uns 400 sons deste tipo. Xa que o vocabulario deste dialecto se calcula nunhas 4000 palabras, resulta que cada son ten unha media de dez significados diferentes, algúns deles teñen menos pero, en compensación, outros teñen moitos máis. Hai, polo tanto, unha gran cantidade de medios para escapar da ambigüidade, xa que non se pode adiviñar só polo contexto cal dos dez significados do fonema ten intención de comunicarlle o falante ao ónte. Entre estes medios atópase a unión de dous sons nunha palabra composta e o uso de catro “tons” diferentes, nos que se poden pronunciar estas sílabas. Para a nosa comparación aínda é máis interesante o feito de que nesta lingua non haxa apenas gramática. De ningunha das palabras monosilábicas se pode dicir se é un substantivo, verbo ou adxectivo, e as palabras carecen daquelas alteracións polas que poderíamos recoñecer xénero, número, caso, tempo e modo. A lingua só consiste polo tanto, por así dicilo, na materia prima, ao igual que a nosa linguaxe abstracta se dilúe na elaboración do soño, suprimindo a expresión das relacións, na súa materia prima. En chinés a decisión déixase en todos os casos de indeterminación a mercé da intelixencia do ónte, que é axudada polo contexto. Anotei un exemplo dun refrán chinés que, traducido literalmente, reza: *Pouco que ver moito que marabilloso*. Non é difícil de entender. Quere dicir “Canto menos teña visto un, máis atopa polo que marabillarse” ou “Hai moito polo que marabillarse para aquel que teña visto pouco”. Naturalmente, escoller unha destas dúas traducións, que só difiren gramati-

calmente, non ven ao caso. A pesar destas indeterminacións, asegúrasenos que esta lingua chinesa é un medio extraordinario para a expresión de ideas. A indeterminación non ten que conducir, polo tanto, necesariamente á ambigüidade.

Dende logo, agora debemos admitir que o estado das cousas para o sistema de expresión do soño é moito máis desfavorable que para todas estas linguas e escrituras. Estas están determinadas en esencia para a transmisión é dicir, calculan por que vías e con que medios de axuda poden ser entendidas sempre. Precisamente deste carácter carece o soño. O soño non quere dicirlle nada a ninguén, non é ningún vehículo de transmisión, pola contra, está determinado para permanecer incomprendido. Por iso non deberíamos sorprendernos nin desconcertarnos se resultara que un gran número de ambigüidades e indeterminacións do soño escapara a toda determinación. Como ganancia segura da nosa comparación fícanos só o feito de que estas indeterminacións, que se querían utilizar como obxección contra a plausibilidade das nosas interpretacións oníricas, son máis ben caracteres inherentes a todos os sistemas de expresión primitivos.

O alcance da intelixibilidade do soño só se pode establecer en realidade por medio da práctica e da experiencia. Opino que chega moi lonxe, e a comparación dos resultados obtidos por analistas adecuadamente instruídos, confirma a miña opinión. Como é sabido, o público profano, tamén o público profano científico, comprácese en facer gala dun escepticismo reflexivo en vista das dificultades e incertezas que implica toda actividade científica. Creo que sen razón. Quizais non saiban vostedes que na historia do desciframento das inscricións babilónico-asirias se deu unha situación similar. Houbo un tempo no que a opinión pública inclinábase a tachar de ilusos aos descifradores da escritura cuneiforme e de grande “embuste” a toda esta investigación. Pero no ano 1857 a Royal Asiatic Society fixo unha proba decisiva. Invitou a catro dos máis prestixiosos investigadores de escritura cuneiforme, Rawlinson, Hincks, Fox Talbot e Oppert,

a remitirle nun sobre lacrado traducións independentes dunha inscrición atopada había pouco e, segundo a comparación das catro lecturas, puido anunciar que a coincidencia entre as mesmas bastaba para xustificar a confianza nos resultados alcanzados ata o momento e a esperanza nos progresos futuros. A burla do mundo profano erudito foi extinguíndose entón pouco e pouco, e a confianza na lectura dos documentos de escritura cuneiforme medrou dende entón de forma extraordinaria.

2. Unha segunda serie de dúbidas baséase na impresión, da que tampouco vostedes están libres, de que un certo número de solucións da interpretación onírica, das que estamos necesitados, semellan finxidas, artificiosas, traídas polos pelos é dicir, forzadas ou mesmo cómicas e irrisorias. Estas manifestacións son tan habituais que escollerei ao chou a última da que teño noticia. Escoiten vostedes. Na Suíza libre relevouse recentemente do seu posto ao director dun instituto debido á súa adicación á Psicanálise. El fixo unha reclamación, e un xornal de Berna deu ao coñecemento público a ditame da autoridade escolar ao respecto. Extraio deste documento algunhas frases que se refiren á Psicanálise: “Ademais, sorprende o rebuscado e artificial de moitos exemplos, que tamén se atopan no mencionado libro do Dr. Pfister de Zurich... É verdadeiramente singular que un director de instituto acepte todas estas supostas afirmacións e probas sen criticalas.” Estas frases son presentadas como a decisión tomada a raíz dun “xuízo sereno”. Opino que máis ben é esta serenidade a que semella “artificial”. Familiaricémonos con manifestacións deste tipo, coa esperanza de que algo de reflexión e de pericia non supoñan ningún problema para un xuízo sereno.

É verdadeiramente divertido ver con que rapidez e imperturbabilidade poden pronunciarse algunhas persoas sobre a espiñenta cuestión da Psicoloxía do inconsciente, apoiándose tan só nas súas primeiras impresións. As interpretacións seméllanlle rebuscadas e forzadas, non lle gustan, e por esta razón

son falsas e non teñen ningún valor; nin unha soa vez roza a súa mente o pensamento pasaxeiro de que debe haber boas razóns para que estas interpretacións presenten tal aparencia, e neste pensamento fundaríase a seguinte pregunta sobre cales son estas boas razóns.

As afirmacións sometidas a xuízo refírense esencialmente aos resultados do desprazamento que vostedes coñeceron como o medio máis forte da censura do soño. Coa axuda do desprazamento crea a censura imaxes substitutivas, que nós denominamos alusións. Pero son alusións que non son doadas de recoñecer como tales, a partir das que non se pode localizar con facilidade o camiño de volta ao auténtico, e que están en relación con este elemento auténtico por medio das asociacións externas máis singulares e infrecuentes. En todos estes casos trátase de elementos que deben permanecer agochados, que están destinadas ao ocultamento; isto é o que quere conseguir a censura do soño. Pero algo que está oculto non debemos esperar atopalo no seu lugar habitual é dicir, no posto que lle corresponde. A policía que ten actualmente ao seu cargo o control de fronteiras é, a este respecto, máis astuta que as autoridades escolares suízas. Non se contenta, na busca de documentos e indicios, con rexistrar carteiras e petos, senón que toman en consideración a posibilidade de que os espías e contrabandistas poidan levar estes documentos ilegais nos lugares máis segredos da súa vestimenta, aos que decididamente non pertencen, como p.ex. entre as dobres solas das súas botas. Se os obxectos ocultos se atopan alí, dirase que buscalos implicou un gran esforzo, pero que o rexistro non foi infrutuoso.

Cando recoñecemos como posibles as vinculacións máis remotas, máis singulares, que semellan ora cómicas, ora irrisorias, entre un elemento latente do soño e o seu substituto manifesto, estamos facendo uso das experiencias adquiridas por medio dun gran número de exemplos cunha solución que, por norma, non atopamos nós mesmos. A miúdo non é posible dar con tales in-

interpretacións dende un plano individual; ningún home sensato podería adiviñar os vínculos existentes entre un elemento latente e o seu substituto manifesto. O soñador proporciónanos a tradución, ben de inmediato por medio dunha idea directa – pode facelo porque foi nel onde se xerou esta construción substitutiva -, ou ben por medio dunha gran cantidade de material, de forma que para chegar á solución non se precise ningunha agudeza especial, senón que esta se impoña por si mesma. Se o soñador non nos axuda por algún destes medios, o elemento manifesto en cuestión permanece inintelixible para nós. Permítanme que engada outro breve exemplo do que fun testemuña. Unha das miñas pacientes perdeu ao seu pai durante o tratamento. Dende entón, sérvese de calquera ocasión para resucitalo en soños. Nun dos seus soños, o pai aparece nun contexto determinado, polo demais nada aproveitable, e di *Son as doce e cuarto, son as doce e media, son as doce e tres cuartos*. Para a interpretación desta singularidade só xurdiu a idea de que ao pai gustáballe que os nenos maiores respectasen puntualmente as horas das comidas. Isto está seguramente relacionado co elemento do soño, pero non nos permitía extraer ningunha conclusión sobre a súa orixe. Existía unha sospeita, xustificada pola situación da cura naquel entón, de que neste soño participase unha sublevación crítica, reprimida con esmero, contra o amado e venerado pai. Continuando a evocación das súas lembranzas, aparentemente alleas ao soño, a soñadora explica que a véspera se falara moito sobre Psicoloxía na súa presenza, e que un parente fixera a seguinte afirmación “O *home primitivo*⁴⁶ segue vivindo en todos nós”. Agora cremos entender mellor o soño. Esta afirmación deulle a escusa perfecta para facer que o pai morto seguise vivindo nela. Polo tanto, converteuno no soño en *home reloxo*⁴⁷, e facendo que anunciara os cuartos da hora meridiana.

⁴⁶ No orixinal *Urmensch* [N. da T.]

⁴⁷ No orixinal *Uhrmensch* [N. da T.]

Non poderán negar que este exemplo nos remite a un xogo de palabras, circunstancia que en moitas ocasións propiciou que esta especie de chistes do soñador se atribuíran ao intérprete. Hai outros exemplos nos que non será doado en absoluto decidir se se trata dun chiste ou dun soño. Lembrarán, porén, que esta mesma dúbida xurdiu nalgúns actos falidos por lapsus linguae. Un home narra como un soño propio que un seu tío lle dera un bico, mentres estaban sentados no seu automóbil. El mesmo engade moi rápido a súa interpretación. Trátase de *autoerotismo* (un termo da doutrina da libido que designa a satisfacción erótica sen intervención dun obxecto estraño). ¿Permitiuse o home gastarnos unha broma, facendo pasar un chiste que se lle ocorreu por un soño? Non o creo; realmente soñou iso. Pero ¿de onde provén esta asombrosa similitude? Esta pregunta desvioume no seu momento un pouco do meu camiño ao xerar en min a necesidade de someter o chiste a unha detallada investigación. Como resultado deste estudo descubrimos que a orixe do chiste consiste en que unha serie de ideas preconscientes cede por un momento á elaboración inconsciente, da que emerge como chiste. Baixo a influencia do inconsciente esta serie de ideas é sometida á acción dos mecanismos alí predominantes, da condensación e do desprazamento é dicir, dos mesmos procesos que tamén atopamos na elaboración do soño, e a este punto en común debemos atribuírle a similitude entre chiste e soño, alí onde se atope. Pero o “chiste onírico” involuntario non nos proporciona aquela dose de pracer característica do chiste. As razóns deste feito poderán descubrirse por medio da profundamento no estudo do chiste. O “chiste onírico” parécenos un mal chiste, non nos fai rir, déixanos fríos.

Así seguimos as pegadas da antiga interpretación do soño que, ademais de moitos elementos inservibles, nos deixou algúns bos exemplos de interpretación onírica, que nós mesmos non soubemos como superar. Agora voulles relatar un soño de Alexandre Magno historicamente significativo que refiren, con

certas diverxencias, Plutarco e Artemidoro de Daldis. Cando o emperador asediaba a cidade de Tiros, que se defendía con obstinación (322 a. C.), unha noite soñou que vía a un sátiro bailando. O intérprete de soños Aristandro, que formaba parte do exército, interpretou este soño descompondo a palabra sátiro en σά Τύρος⁴⁸ (túa é Tiros), e prometéndolle así o trunfo sobre a cidade. Alexandre decidiu, debido a esta interpretación, continuar coa ocupación, tomando finalmente Tiros. A interpretación, que semellaba relativamente artificiosa, foi indubidablemente a correcta.

3. Podo imaxinar que lles causará unha forte impresión oír que as obxeccións á nosa concepción dos soños tamén son formuladas por persoas que traballan dende hai tempo na interpretación de soños en calidade de psicanalistas. Pero o raro tería sido non explotar un aliciente tan rico para novos erros, e deste xeito xurdiron, a partir de confusións conceptuais e xeneralizacións inxustificadas, afirmacións tan inexactas como as fundadas na concepción médica do soño. Unha delas xa a coñecen. Di que os soños constitúen intentos de adaptación ao presente e intentos de solución de tarefas futuras é dicir, que segue unha “tendencia prospectiva” (A. Maeder). Xa mencionamos que esta afirmación se basea na confusión do soño coas súas ideas latentes é dicir, que ten como condición previa a omisión da elaboración onírica. Como característica da actividade psíquica propia das ideas latentes do soño non é nin nova nin exhaustiva, xa que a actividade psíquica inconsciente ocúpase de moitas máis cousas, ademais da preparación do futuro. Unha confusión moito máis molesta parece servirlle de base á aseveración de que detrás de todo soño se atopa a “cláusula da morte”. Eu non sei exactamente o que quere dicir esta fórmula, pero supoño que tras ela se atopa a confusión do soño coa personalidade do soñador.

⁴⁸ En grego no orixinal [N. da T.]

Como mostra dunha xeneralización inxustificada, deducida a partir dalgúns bos exemplos, citarei a teoría segundo a que cada soño permite dúas interpretacións, unha, como xa indicamos, a chamada psicanalítica, e outra a chamada anagóxica, que se afasta dos impulsos instintivos e tende á representación das máis elevadas actividades psicolóxicas (H. Silberer). Dende logo hai soños deste tipo, pero sería inútil que intentaran entender esta concepción, aínda que só fose a unha parte dos fenómenos oníricos. Será bastante incomprendible para vostedes, logo de todo o escoitado, dar credibilidade á afirmación de que todos os soños poden interpretarse coma bisexuais, como encontro dunha así chamada corrente masculina cunha feminina (A. Adler). Naturalmente, tamén hai soños illados deste tipo, e vostedes poderán descubrir máis adiante que estes están construídos como determinados síntomas histéricos. Menciono todos estes descubrimentos das novas características xerais do soño para advertirlles da súa existencia ou, cando menos, para non deixarlles dúbida algunha da miña opinión ao respecto.

4. Tentouse igualmente cuestionar o valor obxectivo da investigación do soño por medio da observación de que os pacientes a tratamento analítico adaptaban o contido dos seus soños ás teorías preferidas dos seus médicos, ao soñar uns maioritariamente cos impulsos sexuais instintivos, os outros coa ambición de poder e outros incluso coa palinxénese (W. Stekel). O peso desta observación redúcese ao constatar que os homes xa soñaban antes de que houbo un tratamento psicanalítico que puidese guiar os seus soños, e que os que agora están baixo tratamento tamén adoitaban soñar antes de someterse a tratamento. O que hai de verdade nesta novidade pronto se recoñece como lóxico e irrelevante para a teoría do soño. Os restos diúrnos estimulantes do soño son restos do forte interese pola vida de vixilia. Se os discursos do médico e os estímulos que proporciona convertéronse en significativos para o analizado, entran a formar parte do círculo dos restos diúrnos, e

poden aportar, ao igual que os outros intereses acentuadamente afectivos aínda non satisfeitos do día, os estímulos psíquicos para a construción do soño, producindo un efecto semellante ao dos estímulos somáticos que actúan sobre o durminte durante o soño. Ao igual que estes outros estimuladores do soño, os procesos de pensamento inducidos polo médico poden aparecer no contido manifesto, ou poden manifestarse no latente. Xa sabemos que producimos soños de xeito experimental, mellor dito, que podemos introducir no soño unha boa parte do seu material. Nestas influencias sobre o seu paciente, o analista non xoga outro papel ca o de experimentador que, como Mourly Vold, coloca os membros dos suxeitos da súa experimentación en determinadas posturas.

Con frecuencia pódese influenciar ao soñador *sobre que* debe soñar, pero nunca podemos influír sobre *que* vai soñar. Os mecanismos da elaboración onírica e do desexo inconsciente do soño subtráense de toda influencia estraña. Na valoración dos soños somáticos de impulsos xa recoñecemos que a singularidade e independencia da vida onírica próbase na reacción coa que o soño responde aos impulsos corporais ou psíquicos inducidos. A afirmación comentada aquí, que quere pór en dúbida a obxectividade da investigación do soño, serve de base, unha vez máis, para unha confusión, a do soño co material onírico.

Isto, miñas damas e meus cabaleiros, é todo o que quería contarlles sobre os problemas do soño. Intuirán que omitín moitas cousas, e vostedes mesmos advertiron que me vin obrigado a interromperme en case todos os puntos. Pero isto depende da conexión dos fenómenos oníricos cos neuróticos. Estudamos o soño como introdución á doutrina das neuroses, e iso foi seguramente máis axeitado que se o tivéramos feito á inversa. Pero, así como o soño nos prepara para a comprensión das neuroses, só poderemos facer a correcta apreciación do soño despois de coñecer os fenómenos neuróticos.

Non sei o que opinarán disto, pero debo asegurarlles que non me arrepiño de ter invertido unha parte tan grande do noso interese e do tempo do que dispomos nos problemas do soño. En ningún outro obxecto se pode atopar tan rápido o convencemento da exactitude das afirmacións psicanalíticas. Precísanse moitos meses, e incluso anos, de fatigoso traballo para demostrar que os síntomas dun caso de enfermidade neurótica teñen o seu sentido, que serven a unha intención e que se explican pola historia do paciente. Pola contra, un esforzo dalgúns horas pode abondar para demostrar os mesmos feitos nun soño en principio inintelixible e confuso, e para confirmar así todas as suposicións da Psicanálise, a inconsciencia dos procesos psíquicos, os mecanismos especiais aos que obedecen e as forzas instintivas que se manifestan neles. E se á perfecta analoxía existente entre a construción dun soño e dun síntoma neurótico engadímoslle a velocidade da transformación, que converte ao soñador nunha persoa esperta e razoable, adquiriremos a certeza de que a neurose tamén se basea nun xogo de forzas alterado entre os poderes da vida psíquica.

TERCEIRA PARTE
DOCTRINA GERAL
DAS NEUROSES

Psicanálise e psiquiatría

Miñas damas e meus cabaleiros, alégrome de velos novamente, logo dun ano, na continuación das nosas conferencias. O ano pasado faleilles do tratamento psicanalítico dos actos falidos e do soño; gustaríame introducilos este ano na comprensión dos fenómenos neuróticos que, como pronto descubrirán, teñen moito en común cos actos falidos e co soño. Pero antes de facelo advírtolles de que esta vez non podo adoptar a mesma posición que o ano anterior. Naquel entón importábame, e moito, non dar ningún paso sen a súa convivencia; discutimos moito, sometínme ás súas obxeccións, recoñecín verdadeiramente en vostedes a “sa razón do humano” como instancia decisiva. Eu non podo seguir con esta conduta debido a un simple feito. Os actos falidos e os soños non eran fenómenos alleos a vostedes; podíase dicir que vostedes posuían a mesma experiencia ca min, ou que lles era doado procurar esta experiencia. Pero o ámbito fenomenolóxico das neuroses élle alleo; en tanto que non son médicos, non teñen ningún outro acceso a elas que as miñas comunicacións e, en que axuda o mellor xuízo se descoñecemos o material a vulgar?

Pero non interpreten a miña advertencia crendo que vou pronunciar dogmáticos discursos, esixíndolles unha fe incondicional. Este malentendido non me faría xustiza. Eu non quero espertar ningún convencemento: quero proporcionarlles estímulos e facer cambalear os seus prexuízos. Se, debido ao seu descoñecemento do material, non están en posición de vulgar, tampouco deberían crer nin rexeitar. Deben escoitar e deixarse afectar polo que eu lles conte. Os convencementos non se adquiren con tanta facilidade ou, se se alcanzan con tan pouco esforzo, pronto demostran carecer de valor e consistencia. Dereito ao convencemento téñeno só aqueles que, coma min, traballaron durante moitos anos co mesmo material e viviron as mesmas

experiencias, novas e sorprendentes. ¿Para que entón todos estes veloces convencementos, estas conversións rápidas como lóstregos, estas colisións momentáneas, no ámbito intelectual? ¿Non se decatan de que o *coup de foudre*, o amor a primeira vista, proceden dun ámbito afectivo totalmente diferente? Nós non esiximos dos nosos pacientes que presenten un convencemento ou afiliación á Psicanálise. Isto fainos a miúdo sospeitosos aos nosos ollos. Un escepticismo benévolo é a postura que máis anhelamos neles. Intenten, polo tanto, tamén vostedes deixar medrar tranquilamente no seu interior a concepción psicanalítica, de forma paralela á popular ou psiquiátrica, ata que se dea a oportunidade de que ambas se inflúan, se valoren e se reúnan nunha única concepción.

Por outra parte, non deben pensar nin por un intre que isto que eu lles presento como concepción psicanalítica, é un sistema especulativo. Trátase máis ben da miña experiencia que é, ben a expresión directa da observación, ben o resultado dunha elaboración da mesma. Se esta elaboración se efectúa fundadamente, reverterá no futuro progreso da ciencia, e podó asegurarlles sen grandes alardes, avalado polo labor de case dous decenios e medio e unha vida bastante avanzada, que o traballo do que se extraeron estas observacións foi especialmente difícil, intensivo e profundo. Tiven a miúdo a impresión de que os nosos opoñentes non querían ter en conta esta orixe das nosas afirmacións, como se opinaran que só se trataba de certas ideas subxectivas ás que se lle podían opor outras igualmente arbitrarias. Esta actitude non é de todo comprensible para min. Quizais se deba a que os médicos principian normalmente tan poucas relacións cos enfermos nerviosos, escoitan con tan pouca atención o que estes teñen que dicir, que se privan da posibilidade de extraer algo valioso das súas palabras é dicir, de facerlles observacións detalladas. Nesta ocasión prométo-lles que no transcurso das miñas conferencias vou polemizar pouco, cando menos con persoas illadas. Non creo na verdade da sentenza que afirma que da controversia xorde o coñecemen-

to. Creo que procede do sofismo grego e se debe, coma este, á sobrevaloración da dialéctica. Sempre pensei, pola contra, que a chamada polémica científica era no seu conxunto moi improdutivo, canto máis en tanto que se adoita practicar a un nivel moi persoal. Ata hai uns anos tamén eu podía xactarme de ter entrado nunha correcta controversia cun científico (Löwenfeld de Munich). O resultado da mesma foi facérmonos amigos e seguilo séndoo ata o día de hoxe. Pero non repetín o experimento durante moito tempo porque non estaba seguro de que tivera o mesmo desenlace.

Vostedes vulgarán seguramente que tal rexeitamento da polémica dá fe dun grao especialmente elevado de inaccesibilidade aos reproches, de teimosía ou, como se acostuma formular no amable rexistro coloquial científico, de “indolencia”. Gustaríame contestarlles que cando teñan adquirido certo nivel de convencemento por medio dun traballo tan difícil, corresponderalles tamén un certo dereito a perseverar con tenacidade neste convencemento. Ademais, podo alegar que no transcurso dos meus traballos modifiquei, cambiei, e substituí as miñas opinións sobre algúns puntos importantes por outras novas, do que naturalmente din noticia pública con regularidade. ¿E que recompensa recibiu esta franqueza? Os uns nin sequera tomaron nota das miñas autocorreccións, criticándome aínda hoxe puntos de vista desbotados hai moito por min mesmo. Os outros repróchanme precisamente estas transformacións e táchanme por esta razón de inseguro. ¿Non é certo que aquel que cambiou nalgunha ocasión as súas opinións non merece ningún creto, pois rectificación suxire que tamén pode estar trabucado nas súas últimas afirmacións? Pero aquel que se aferra imperturbable ás súas opinións, ou que non se deixa afectar pola dúbida é cualificado de testán e teimudo. ¿Que outra cousa se pode facer, en vista destes influxos opostos da crítica, máis que permanecer tal e como somos e guiarnos só polo noso propio xuízo? Eu estou decidido a facelo, e non vou permitir que me impidan remodelar

e corraxir todas as miñas opinións, conforme os progresos da miña experiencia. Non obstante, no fundamental non atopei ata agora nada que deba ser modificado, e espero que siga sendo así en diante.

Debo, polo tanto, presentarles a concepción psicanalítica dos fenómenos neuróticos. Para min é lóxico vincular este tema cos fenómenos xa tratados, debido tanto á súa analoxía coma ás súas diverxencias. Polo tanto, escollerei para isto un acto sintomático que vexo cometer a moitas persoas na miña consulta. Con aquelas persoas que visitan o analista para lle debuxar nun cuarto de hora a paisaxe da súa miseria vital, este non sabe moi ben que facer. O seus profundos coñecementos impídenlle, como faría outro médico, emitir o ditame “Non lle pasa nada”, e dar o consello “sométase a unha hidroterapia suave”. Un dos nosos colegas respondeu á pregunta de qué facía con este tipo de pacientes encolléndose de ombreiros ao contestar que lles poñía unha multa de equis coroas. Agora non lles sorprenderá saber que incluso as consultas de célebres psicanalistas non adoitan estar moi concorridas. Eu puxen unha porta dobre entre a miña sala de espera e a consulta, e reforceina por medio dun revestimento de feltro. A intención deste pequeno dispositivo é obvio. Sucede unha e outra vez que as persoas ás que lles dou paso dende a sala de espera non pechan as portas tras si, deixando case sempre ambas as portas abertas. En canto o advirto, insisto nun ton bastante desagradable en que a persoa volva sobre os seus pasos para reparar a súa falta, aínda que se trate dun elegante cabaleiro ou dunha distinguida dama, o que provoca a impresión de inoportuna pedantería. Tal esixencia fixo incluso que en ocasións me puxera en ridículo, xa que se trataba de enfermos nerviosos que sentían un forte rexeitamento a coller un picaporte, e con gusto deixan que o seu acompañante lles aforre este mal trago. Pero na maioría dos casos atinaba, xa que, aqueles que se comportan deste xeito, aqueles que deixan aberta a porta da sala de espera que comunica coa consulta do

médico, adoitan ser persoas maleducadas e non merecen unha acollida amable. Non emitan a súa opinión sen escoitar antes o que prosegue. O paciente só ten este descoido cando se atopa so na sala de espera e deixa, polo tanto, unha habitación baleira tras si, e nunca cando persoas estrañas o acompañan na espera. Neste último caso entende moi ben que, polo seu propio interese, debe evitar ser espiado mentres fala co médico, e nunca esquece pechar con coidado ambas portas.

Vemos, polo tanto, que este despiste do paciente non é accidental nin absurdo, e tampouco carece de importancia, xa que bota luz sobre a relación do paciente co médico. Aquela persoa que esquece pechar a porta tras si busca un médico con soa mundial, quere que este o abraie e o intimide. Probablemente teña preguntado por teléfono a que hora pode ser recibido, e imaxina atopar na consulta unha multitude en busca de axuda, como se se tratase dunha filial de Julius Meinl. Por iso estremece ao entrar nunha sala de espera baleira e modestamente decorada. Vai pagar a un médico ao que quixera manifestarlle unha absoluta falta de respecto, e por esta razón prescinde de pechar a porta entre a sala de espera e a consulta. Con isto quere dicirlle ao médico “Aquí non hai ninguén, e probablemente non veña ninguén, mentres eu estea aquí”. Pode que o seu comportamento durante a conversa sexa groseiro e irrespetuoso, a non ser que se lle poña freo dende o principio cunha dura amoestación.

Vostedes non atoparán na análise deste pequeno acto sintomático nada que non soberan xa. A afirmación de que non é casual, senón que ten un motivo, un sentido e unha intención, que pertence a un contexto presumiblemente psíquico, constituíndo un pequeno indicio dun proceso máis importante. Pero, sobre todo, que se trata dun proceso descoñecido para a consciencia daquel que o executa, xa que ningún dos pacientes que deixaron ambas portas abertas admitiría que, con este despiste, quería dar fe do seu menosprezo. Máis dun consideraría a po-

sibilidade de que se tratase dun impulso froito da decepción causada pola sala de espera baleira, pero o vínculo entre esta impresión e o acto sintomático que lle segue permanece con toda seguridade ignorado pola súa consciencia.

Agora compararemos esta breve análise dun acto sintomático cunha observación clínica. Escollo aquela que permanece fresca na miña memoria, tamén porque é susceptible de ser exposta con brevidade, dentro da amplitude indispensable para unha comunicación deste tipo.

Un oficial, de volta á casa logo dunas breves vacacións, pídememe que someta a tratamento á súa sogra que, podendo levar unha vida feliz, envelena a súa existencia e a dos seus cunha absurda obsesión. Trátase dunha dama de 53 anos, ben conservada, de carácter amable e sinxelo, que me proporciona a seguinte información sen opor ningún tipo de resistencia. Feliz no seu matrimonio, vive no campo co seu home, que dirixe unha gran fábrica. Non pode loar dabondo os amables coidados do seu home. Voda por amor dende hai 30 anos, dende entón ningunha discordia, controversia ou motivo de ciúmes. Ambos os fillos están ben casados, e o seu home aínda non quere xubilarse debido a un profundo sentido do deber. Hai un ano sucede o increíble, incomprendible incluso para ela, deulle creto inmediato a unha carta anónima que inculpa ao seu magnífico esposo de ter unha relación amorosa cunha rapaza nova, vendo así como esvaece a súa felicidade. Os pormenores do sucedido son os seguintes: tiña unha criada coa que falaba, quizais demasiado a miúdo, das súas intimidades. Esta rapaza perseguía a outra cunha inimidade realmente hostil, pois esta prosperara moito máis na vida, aínda que non era de mellor berce. No canto de entrar a servir, a rapaza procurouse unha formación comercial, entrara na fábrica e, debido á escaseza de persoal a raíz da incorporación a filas dos traballadores, ascendera a unha boa posición. Agora vivía na fábrica, establecera unha boa relación cos seus xefes, e mesmo recibía o tratamento de señorita. A

criada, que quedara atrás, estaba naturalmente disposta a atribuírle á súa antiga compañeira calquera acto perverso. Un día, a nosa dama conversou coa súa criada sobre un señor maior, ao que convidaran recentemente a xantar, do que se sabía que non vivía coa súa muller, senón que tiña unha relación con outra persoa. A nosa paciente, sen saber como, díxolle de súpeto á súa criada “Non imaxino nada máis terrible que descubrir que o meu home tamén ten unha relación paralela”. Ao día seguinte recibiu unha carta anónima que, cunha letra desfigurada, comunicáballe esta terrible noticia. Concluíu, probablemente con razón, que a carta era obra da súa perversa criada, xa que nela se identificaba a aquela rapaza, vítima do odio da criada, como amante do home. Pero, aínda que descubriu de contado a intriga, e tiña razóns abondas para non dar creto a tan covardes denuncias, aquela carta causoulle unha profunda impresión. Caeu nun horrible nerviosismo, mandando chamar de inmediato ao seu home para facerlle os reproches máis duros. O esposo rexeitou a acusación entre risos, e fixo o mellor que se podía facer. Chamou ao médico de cabeceira da fábrica, que se esforzou por tranquilizar á infeliz muller. O proceder posterior de ambos tamén é comprensible. A criada foi despedida, pero a suposta rival non. Dende entón, a enferma parece terse tranquilizado, negando crer o contido da carta anónima, pero esta calma nunca foi profunda nin duradeira. Abondáballe con escoitar o nome da rapaza ou atopala pola rúa para que se desencadease nela un novo acceso de desconfianza, dor e reproches.

Este é o historial clínico desta boa muller. Non se precisaba moita experiencia psiquiátrica para entender que ela, en oposición a outros enfermos nerviosos, expuña o seu caso máis ben con suavidade ou, como adoitamos dicir nós, que disimulaba, e que realmente non deixara de crer na incriminación da carta anónima.

¿Que posición adopta o psiquiatra nun caso semellante? Xa coñecemos a súa reacción con respecto ao acto sintomático

do paciente que non pecha as portas da sala de espera. Neste acto só ve unha casualidade sen interese psicolóxico que, polo demais, non lle compete. Pero este procedemento é insostible no caso da enfermidade desta celosa muller. O acto sintomático semella ser insignificante, pero o síntoma imponse como un elemento significativo. Está vinculado cun sufrimento subxectivo intensivo, ameaza obxectivamente a convivencia dunha familia; é, polo tanto, obxecto innegable do interese psiquiátrico. O psiquiatra tenta, en primeiro lugar, caracterizar o síntoma por medio dunha calidade esencial. A idea coa que se atormenta esta muller non pode ser cualificada, en si mesma, de absurda; é habitual que homes casados de idade madura manteñan relacións amorosas con rapazas novas. Pero hai algo absurdo e inconcibible neste caso. A paciente non ten máis razón ca a acusación da carta anónima para crer que o seu agarimoso e fiel esposo pertenza a esta categoría de maridos. Sabe que este escrito carece de todo valor probatorio, coñece a súa procedencia; así que podería pensar que non hai razón ningunha para os seus ciúmes, de feito pénsao, pero aínda así sofre, como se atopase estes ciúmes totalmente xustificados. A ideas deste tipo, ás que non se pode acceder por medio de argumentos lóxicos extraídos da realidade, convimos en chamalas *obsesións*. Así pois, a boa muller padece de *ciúmes obsesivos*. Esta é a característica esencial do seu cadro clínico.

Logo desta primeira comprobación incrementa aínda máis o noso interese psiquiátrico. Que o vínculo coa realidade non poida neutralizar unha obsesión débese a que esta tampouco procede da realidade. ¿De onde pode proceder entón? As obsesións poden ter o contido máis variado; ¿por que constitúen precisamente os ciúmes o contido da obsesión que nos ocupa? ¿En que persoas se desenvolven as obsesións, especialmente as obsesións orixinadas polos ciúmes? Chegados a este punto gustaríanos escoitar o que ten que dicir o psiquiatra, pero o psiquiatra afirma non ter nada que dicirnos. Aborda soamente

unha das nosas preguntas. Indagará na historia familiar desta muller e *quizais* nos dea a resposta de que as obsesións aparecen nas persoas que tiveron alteracións psíquicas ou similares na súa familia. Con outras palabras, se esta muller desenvolveu unha obsesión é porque posuía unha predisposición hereditaria a facelo. A resposta é, sen dúbida, interesante pero, ¿é isto todo o que queremos saber? ¿É a única causa deste cadro clínico? ¿Debemos contentarnos con isto e aceptar que é indiferente, arbitrario ou inexplicable o feito de se ter desenvolvido unha obsesión por ciúmes no canto doutra calquera? ¿E debemos interpretar en sentido negativo a frase que promulga a supremacía da influencia hereditaria, afirmando que carece de importancia que tipo de experiencias actuaran sobre esta psique dado que estaba predeterminada a producir nalgún momento unha obsesión? Vostedes quererán saber por que a Psiquiatría científica non quere darnos ningunha outra explicación. Pero eu respondereilles “Deshonesto aquel que dá máis do que ten”. O psiquiatra non coñece ningún camiño que poida levar á aclaración dun caso semellante. Debe contentarse con este diagnóstico e cun pronóstico inseguro sobre a evolución posterior da enfermidade, a pesar da súa rica experiencia.

¿Pode ofrecernos a Psicanálise algo máis neste caso? Si; agardo amosarlles que, incluso nun caso tan dificilmente accesible, é capaz de descubrir algo máis que nos axude a entendela. En primeiro lugar, pídolles que teñan en consideración o detalle insignificante de que foi precisamente a paciente a que provocou a redacción da carta anónima na que se basea a súa obsesión, na medida en que días antes confesara ante a moza intrigante que para ela sería unha gran desgraza que o seu home tivese unha relación amorosa cunha rapaza nova. Esta confesión deulle á criada a idea de enviarlle a carta anónima. A obsesión gaña así certa independencia con respecto á carta; xa existía antes na enferma en forma de temor -¿ou de desexo? Teñan ademais en conta os datos aportados durante dúas horas de

análise. A paciente comportouse de xeito moi negativo cando, tras o relato da súa historia, se lle pediu que compartira os seus pensamentos, ocorrencias e lembranzas. Afirmou que non se lle ocorría nada, que xa o dixeran todo e, logo de dúas horas, tivemos que interromper a nosa tentativa porque anunciou que xa se sentía ben e que estaba segura de que a obsesión non volvería. Dixo isto naturalmente como resistencia ao medo que lle provocaba a continuación da análise. Pero nestas dúas horas fixo algunhas observacións que nos permiten, e incluso fan innegable, unha interpretación determinada, e esta interpretación bota algo de luz sobre a xénese da súa obsesión por ciúmes. Ela mesma estaba profundamente namorada dun home novo, do seu propio xenro, quen a instara a acudir a min como paciente. Ela non sabía nada, ou tal vez moi pouco, deste namoro; o vínculo de parentesco facilitaba o enmascaramento desta tendencia baixo a aparencia dun afecto inofensivo. Despois de todas as nosas experiencias non será difícil para nós tratar de comprender a vida psíquica desta respectable muller e honrada nai de 53 anos. Un namoro deste xénero non podía ser consciente debido á súa natureza abominable e imposible; pero seguiu existindo e exercendo unha gran presión como elemento inconsciente. Era preciso buscarlle algún remedio, e a súa mitigación veu da man do mecanismo de desprazamento que participa tan regularmente na orixe dos ciúmes obsesivos. Se ela, na súa condición de muller maior, non fose a única namorada dun home novo, senón que o seu vello esposo tamén tivese unha relación amorosa cunha rapaza, entón quedaría liberada da presión moral da infidelidade. A fantasía da infidelidade do home era, polo tanto, un bálsamo para a súa ferida ardente. Non era consciente do seu propio namoro, pero o reflexo do mesmo, que tanto alivio lle proporcionaba, adquiriu unha consciencia delirante e obsesiva. Os argumentos en contra non podían, naturalmente, frutificar, xa que se dirixían só contra a imaxe reflectida, non contra a orixinal, á que lle debía a súa forza, permanecendo o intanxible a salvo no inconsciente.

Recapitulemos agora os datos achegados polo noso breve e dificultado esforzo psicanalítico para comprendermos mellor este cadro clínico –presupondo, naturalmente, que as nosas pescudas se realizaran correctamente, algo que eu non podo someter ao seu xuízo– primeiro: a obsesión xa non é algo absurdo ou incomprendible, ten un sentido, unha motivación, e pertence ao contexto dunha experiencia afectiva da enferma. Segundo: a obsesión é necesaria como reacción a un proceso psíquico inconsciente descuberto a partir doutros indicios, e débelle precisamente a esta relación o seu carácter obsesivo, a súa resistencia contra os ataques da lóxica e da realidade. Trátase de algo desexado, unha especie de conforto. Terceiro: a través da experiencia que está detrás da enfermidade, determínase inequivocamente que se trate dunha obsesión por ciúmes e de ningunha outra. Lembrarán que a muller declarara días antes diante da súa criada que para ela o máis horrible sería que o seu home lle fose infiel. Tampouco pasen por alto as dúas analoxías fundamentais co acto sintomático que analizamos, analoxías con respecto á aclaración do sentido ou da intención, e ao vínculo cun inconsciente dado na situación.

Naturalmente, con isto non están respondidas todas as preguntas que debemos formular con respecto a este caso. O cadro clínico presenta certos problemas que aínda non son solucionables, e outros que non se deixan solucionar debido ao inapropiado das circunstancias específicas da enferma. Por exemplo, ¿por que sucumbe esta muller felizmente casada ao amor polo seu xenro, e por que busca alivio a este conflito por medio dun reflexo deste tipo, é dicir, a través da proxección do seu estado sobre o do seu home, sendo outros posibles? Non crean que é ocioso ou que entraña algunha intención concreta formular tales preguntas. Contamos con material ao noso dispor que pode responder ás mesmas. A muller atópase nunha idade crítica na que as necesidades sexuais femininas experimentan un aumento repentino e involuntario; este factor abonda como explicación. Ou

pode que a isto se engada que o seu bo e fiel esposo non posúa, dende hai uns anos, aquela potencia sexual que a ben conservada muller necesite para a súa satisfacción. A experiencia chámamos a atención sobre o feito de que precisamente aqueles homes dunha fidelidade evidente destacan por unha tenrura especial no trato coas súas mulleres, e por unha tolerancia inusual coas súas molestias nerviosas. Por último, pode que non sexa indiferente o feito de ser precisamente o xove esposo dunha filla o que se converte en obxecto deste namoramento patóxico. Un forte vínculo erótico coa filla que, en última instancia, se atribúe á constitución sexual da nai, atopa a miúdo unha vía de escape por medio de tales transformacións. Quizais deba lembrarlles neste contexto que a relación entre sogra e xenro foi considerada polos homes dende sempre como especialmente espiñenta, e deu aos primitivos motivo para rigorosos tabús¹. Reborda con frecuencia, tanto na parte positiva coma negativa, a dimensión desexada culturalmente. Non podo dicirlles cal destes tres factores fixo efecto no noso caso, se foron dous deles, se se reuniron os tres, pero isto se debe a que non se me permitiu continuar a análise do caso despois de dúas horas.

Advirto agora, meus señores, que estou a falar de temas para os que aínda non están preparados. Fíxeno para establecer unha comparación entre a Psiquiatría e a Psicanálise. E agora, preguntolles: ¿Percibiron algo semellante a unha contradición entre ambas as dúas? A Psiquiatría non aplica os métodos técnicos da Psicanálise, evita tomar coma punto de partida unha parte do contido da obsesión, contentándose con amosarnos na herdanza unha etioloxía moi xeral e alonxada, no canto de amosarnos a causa concreta e lóxica. Pero, ¿atopamos algunha contradición ou oposición nisto? ¿Non se trata máis ben dun complemento? ¿Contradí o factor hereditario o significado da experiencia, non se complementan máis ben do xeito máis

¹ Ver *Totem e Tabú*. Tomo IX da edición completa [i.e. das *Obras Completas*].

eficaz? Admitirán que na esencia do traballo psiquiátrico non reside nada que se opoña á investigación psicanalítica. Son, polo tanto, os psiquiatras os que se opón á Psicanálise, non a Psiquiatría. A Psicanálise compórtase respecto á Psiquiatría coma a Histoloxía á Anatomía; a unha estuda a forma externa dos órganos, a outra a estrutura dos mesmos a partir dos tecidos e das partículas elementais. Unha contradición entre ambos os tipos de estudo, ao dar un continuidade ao outro, non é imaxinable. Vostedes saben que a anatomía ten hoxe validez como base dunha medicina científica, pero houbo un tempo no que estaba prohibida a disección de cadáveres para coñecer a construción interna do corpo, ao igual que hoxe está mal visto practicar a Psicanálise para explorar as engrenaxes internas da vida psíquica. E, probablemente, un tempo non tan lonxano traeranos a constatación de que non é posible profundar na Psiquiatría científica sen un bo coñecemento dos procesos inconscientes que teñen lugar na nosa vida psíquica.

Quizais a Psicanálise, que foi tan combatida, conte agora con amigos entre vostedes, aos que lles gustaría ver que outros poden xustificala dende unha perspectiva terapéutica. Vostedes saben que a nosa terapia psiquiátrica non pode, ata agora, influír sobre as obsesións. ¿Pode, tal vez, entrar a Psicanálise, grazas ao seu coñecemento, no mecanismo destes síntomas? Non, meus señores, non pode; é, a respecto deste sufrimento –temporalmente cando menos– tan impotente como calquera outra terapia. Nós podemos entender o que lle sucede ao enfermo, pero non temos ningún medio para facerllo entender. Xa lles dixen que eu non puiden levar a análise desta obsesión máis alá das primeiras capas. ¿Afirmarán por esta razón que a análise de tales casos é refutable porque se demostra infrutuosa? Non o creo. Temos o dereito, máis aínda o deber, de levar acabo a nosa investigación sen ter en consideración un efecto práctico inmediato. Ao cabo, non sabemos onde e cando se transformará cada partícula de saber en poder, tamén en poder terapéutico. Se a Psicanálise se

amosara en todas as outras formas de enfermidades nerviosas e psíquicas tan infrutuosa como no caso das obsesións, permanecería aínda así plenamente xustificada como medio insubstituíble da investigación científica. Non estaríamos, en efecto, en situación de practicala como método de investigación, pois os suxeitos dos que queremos extraer os nosos coñecementos están vivos, teñen vontade propia e precisan os seus motivos para colaborar co traballo. En caso contrario, negáronse a colaborar connosco. Permítanme, por esta razón, rematar por hoxe facendo constar que hai grandes grupos de alteracións nerviosas nos que se demostrou a transformación do noso entendemento en poder terapéutico e que, en determinadas circunstancias, no caso destas enfermidades dificilmente accesibles, obtemos éxitos que non son inferiores a ningún outro dos conseguidos nos ámbitos de terapia interna.

O sentido dos síntomas

Miñas damas e meus cabaleiros, na conferencia anterior expliqueilles que a Psiquiatría clínica se ocupa pouco da forma de manifestación e do contido do síntoma illado, pero que a Psicanálise dispuxo e constatou precisamente aquí que o síntoma tiña pleno sentido e que estaba relacionado coa experiencia do enfermo. O sentido dos síntomas neuróticos foi descuberto por primeira vez por J. Breuer a través do estudo e a afortunada exposición dun caso, célebre dende entón, de histeria (1880-82). É certo que P. Janet probara isto mesmo de xeito independente; ao investigador francés correspóndelle incluso a prioridade literaria, xa que Breuer publicou as súas observacións por primeira vez máis dun decenio máis tarde (1893-95), durante a súa colaboración comigo. Polo demais, para nós é indiferente de quen proveña este descubrimento, pois vostedes xa saben que cada descubrimento se fai máis dunha vez e ningún se fai dunha soa vez e, de todos os xeitos, o éxito non acompaña o mérito. América non se chama así por Colón. Antes de Breuer e Janet, o gran psiquiatra Leuret manifestara a opinión de que incluso os delirios dos enfermos psíquicos terían que ser recoñecidos como razoables cando soubésemos como traducilos. Confeso que durante moito tempo estiven disposto a engrandecer o mérito de P. Janet a causa da súa explicación dos síntomas neuróticos, xa que os interpretou como manifestacións das *idéas inconscientes* que dominaban aos enfermos. Pero, dende entón, Janet expresouse con gran reserva, como se quixera confesar que o inconsciente non tiña para el máis importancia ca un modismo, un recurso, *une façon de parler* que non designaba unha realidade. Despois disto xa non entendo as declaracións de Janet, pero opino que o mérito excesivo o prexudicou de forma superficial.

Polo tanto, os síntomas neuróticos teñen o seu sentido, como os actos falidos ou os soños, e teñen tamén, ao igual ca estes, o seu vínculo coa vida das persoas que os manifestan. Agora gustaríame acercalos a este importante coñecemento a través dalgúns exemplos. Eu só podo afirmar, e non demostrar, que esta afirmación se cumpre en todos os casos. Aqueles que querían convencerse por si mesmos, deberán facelo por medio da observación directa. Por determinados motivos, non vou extraer estes exemplos da histeria, senón doutra neurose moi singular e, no fondo, moi próxima a esta, sobre a que teño algunhas palabras introdutorias que dicir. Esta, a así chamada neurose obsesiva, non é tan popular como a célebre histeria; isto débese a que non é, se me permiten a expresión, tan onerosamente molesta, cómpórtase máis ben como un asunto privado do enfermo, renuncia case por completo a manifestacións corporais, concentrando todos os seus síntomas no ámbito psíquico. A neurose obsesiva e a histeria son aquelas formas da enfermidade neurótica, sobre as que se construíu en primeira instancia a Psicanálise, e esta desenvolveu un tratamento que lle proporcionou á nosa terapia múltiples triunfos. Pero a neurose obsesiva, que carece daquela enigmática extensión do psíquico ao corporal, fíxosenos moito máis transparente ca a histeria por medio dos esforzos psicanalíticos, demostrando que presenta con moita maior precisión certos caracteres extremos da neurose.

Os enfermos de neurose obsesiva manifestan como síntomas preocupárense por ideas polas que realmente non se interesan, experimentaren impulsos que lles son alleos, e seren inducidos a actos que non lles proporcionan pracer algún, pero que lles é imposible evitar. As ideas (representacións obsesivas) poden ser absurdas en si mesmas, ou soamente indiferentes para o individuo, sendo a miúdo bastante insensatas; en todo caso, constitúen o punto de partida dunha esgotadora actividade pensante, que extenúa ao enfermo é á cal se entrega a desgusto. O enfermo vese forzado a cavilar e conxectar en contra da

súa vontade, como se da tarefa máis importante da súa vida se tratase. Os impulsos que o enfermo percibe poden causarnos igualmente unha impresión infantil e absurda, pero na súa maior parte teñen os contidos máis horribles como a incitación a cometer crimes terribles, de xeito que o enfermo non só os nega, alegando que lle son alleos, senón que foxe espantado deles, protexendo a súa liberdade da realización dos mesmos por medio de prohibicións, renunciadas e limitacións. Neste proceso nunca se impón a súa realización; a fuxida e a prudencia trunfan sempre finalmente. O que realmente realiza o enfermo, as así chamadas accións obsesivas, son moi inofensivas, seguramente insignificantes, tratándose na súa maioría de repeticións e cerimoniosos aderezos de actividades cotiás que converten tarefas necesarias como ir á cama, asearse ou pasear, en labores lentos e apenas realizables. As ideas, impulsos e accións patolóxicas non se aparecen en ningún caso na mesma proporción nas distintas formas da neurose obsesiva; por regra xeral é un destes factores o que domina o cadro clínico, dándolle nome á enfermidade, pero todas as formas e casos desta enfermidade teñen evidentes trazos comúns.

Trátase, certamente, dun terrible sufrimento. Nin a máis desenfreada fantasía psiquiátrica lograría imaxinar algo semellante e, de non velo todos os días, non nos decidiríamos a crelo. Pero non pensen que lle están prestando un servizo ao enfermo se o persuaden de desviar estas ideas, deixando de prestarlles atención para facer algo razoable no canto destas babecadas. Iso é o que lle gustaría facer a el, pois o enfermo ve a súa situación con absoluta claridade, comparte a opinión de vostedes sobre os seus síntomas obsesivos, chegando a formulala por vostedes. Pero non pode cambiar; os actos que lle impón a neurose obsesiva están sostidos por unha enerxía para a que non atopamos comparación na vida psíquica normal. Ao enfermo só lle resta facer unha cousa: desprazar ou substituír esa idea absurda por outra máis sensata, cambiando de precaucións ou prohibicións

ou optar por un cerimonial no canto doutro. Pode desprazar a presión, pero non pode suprimila. A capacidade de desprazamento dos síntomas lonxe do seu concepto orixinal é unha característica esencial da súa enfermidade; ademais, percíbese que os contrarios (polaridades) que trazan a vida psíquica aparecen, no seu estado, separados con especial nitidez. A carón da presión con contido positivo ou negativo, aparece no ámbito intelectual a dúbida, que afecta gradualmente a aqueles elementos máis consolidados. O conxunto remata nunha dispersión crecente, nunha falta de enerxía e nunha limitación de liberdade. Ao mesmo tempo, o neurótico obsesivo presenta orixinalmente un carácter moi enérxico, a miúdo dunha obstinación extraordinaria e cunha capacidade intelectual superior á da media. A maioría das veces alcanza un grao considerable de evolución ética, amósase escrupuloso en exceso, máis do acostumadamente correcto. Vostedes poden pensar que precisamos traballar moi duro para orientarnos, dentro das posibilidades, neste contradictorio elenco de trazos da personalidade e síntomas da enfermidade. Provisionalmente, non pretendemos máis ca entender e poder interpretar algúns dos síntomas desta enfermidade.

Quizais queiran saber con antelación, en vistas da nosa conversa, como se comporta a Psiquiatría presente a respecto dos problemas da neurose forzosa. Pero este é un capítulo pobre. A Psiquiatría dálle nome ás diferentes presións pero, polo demais, non di nada máis sobre ela. En cambio subliña que os portadores de tales síntomas son “dexenerados”. Non é ningunha satisfacción, realmente é un xuízo de valor, unha condena no canto dunha explicación. Debemos figurarnos que ás persoas que foron golpeadas deste xeito lles sucederían todas as singularidades posibles. Agora ben, cremos que as persoas que desenvolven tales síntomas son dunha natureza algo distinta ca as outras persoas. Pero gustaríanos preguntar: ¿son máis “dexenerados” ca outros nerviosos, como por exemplo os histéricos, ou

ca os enfermos psicóticos? A característica é claramente, unha vez máis, demasiado xeral. Pódese pór en dúbida que estea xustificada cando se descobre que tales síntomas aparecen tamén en excelentes persoas dunha eficiencia especialmente elevada e significativa para a xeneralidade. Adoito descubrimos, grazas á súa discreción e á mendacidade dos seus biógrafos, poucas intimidades dos nosos grandes homes modelo, pero sucede que un é un fanático da verdade como Émile Zola, e entón escoitamos falar sobre os moitos costumes obsesivos que sufriu durante a súa vida.²

A Psiquiatría deu en cualificar a estes neuróticos cun nivel intelectual elevado de *Dégénérés supérieurs*. Está ben, pero por medio da Psicanálise determinamos que estes síntomas obsesivos, ao igual que outras doenzas, se poden eliminar permanentemente. Eu mesmo acadéino en repetidas ocasións.

Só quero exporlles dous exemplos de análise de síntomas obsesivos, o primeiro é relativamente antigo, pero non atopei outro posterior co que substituílo; o segundo é moito máis recente. Limítome á insignificante cantidade de dous exemplos porque deberei ser moi minucioso na súa exposición, entrando en todos os pormenores.

Unha dama próxima aos 30 anos, que sufría de fenómenos obsesivos moi graves, e á que quizais eu podería ter axudado se un accidente perverso non tivera destruído o meu traballo –tal vez lles conte o sucedido noutra ocasión–, realizaba, entre outros, o seguinte acto obsesivo repetidas veces ao longo do día. Corría da súa habitación á contigua, colocábase alí nunha posición determinada, preto da mesa que estaba no centro desta estancia, chamaba á súa criada, facíalle un encargo sen importancia ou despedíaa sen encomendarlle nada, e volvía correndo de novo á súa habitación. Isto non constitúe, certamente, ningún síntoma grave de doenza, pero si esperta a nosa curiosidade. A

² E. Toulouse, *Émile Zola. Enquête médico-psychologique*, Paris 1896.

súa aclaración xurdiu do xeito máis inofensivo e impecable, sen intervención do médico. Para min tería sido imposible deducir o sentido deste acto obsesivo ou propor unha interpretación do mesmo. Sempre que lle preguntaba á enferma “¿Por que fai iso? ¿Que sentido ten?”, ela respondía “Non o sei”. Pero un día, logo de vencer nela un gran escrúpulo de conciencia, atopou de súpeto a explicación, e relatoume os feitos que aclaraban o acto obsesivo. Casara había máis de dez anos cun home moito maior ca ela que, na noite de vodas, resultou ser impotente. El correra da súa habitación á dela incontables veces durante esa noite para repetir o intento, pero sempre sen éxito. Pola mañá dixo enfadado “Debemos avergoñarnos de que a criada que faga a cama se decate do sucedido”, colleu un frasco de tinta vermella, que casualmente estaba na habitación, e verteu o seu contido sobre a roupa de cama, pero non precisamente no lugar onde se debería atopar a mancha de sangue. Ao principio non entendín a relación desta lembranza co acto obsesivo, pois as únicas coincidencias que atopaba eran a acción de correr-dunha-habitación-á-outra e a aparición da criada. Entón, a paciente levoume ata a mesa da segunda habitación, onde descubrín unha gran mancha sobre o mantel da mesma. Explicoume tamén que sempre se situaba con respecto á mesa de tal xeito que a criada á que chamara lle fora imposible non ver a mancha. Xa non había dúbida da íntima relación entre aquela escena posterior á noite de vodas e o seu acto obsesivo, pero este caso proporcionamos ademais outros datos de interese.

Está claro, sobre todo, que a paciente se identifica co seu home; interpreta o seu papel, na medida en que imita a súa carreira dunha habitación á outra. Para seguir con esta equiparación, debemos admitir que substitúe a cama e a roupa de cama pola mesa e o mantel. Isto parecería arbitrario de non ter estudado o simbolismo onírico. Nos sonhos tamén atopamos con frecuencia unha mesa que se pode interpretar como unha cama.

Mesa e cama constitúen simultaneamente símbolos do matrimonio, podendo, polo tanto, substituírse entre si con facilidade.

Esta sería a proba de que o acto obsesivo ten un sentido; semella ser unha representación ou repetición daquela significativa escena. Pero non precisamos deternos nesta aparencia; se investigamos a relación entre ambas as escenas máis polo miúdo, probablemente obteñamos a explicación da intención do acto obsesivo. O núcleo do mesmo é claramente a chamada da criada para atraer a súa atención sobre a mancha, en oposición ao desexo do seu home “Debemos avergoñarnos de que a criada que faga a cama se decate do sucedido”. El – representado por ela– non se avergoña, polo tanto, diante da rapaza, pois a mancha está no lugar esperado. Así, vemos que ela non só repite a escena, senón que a prolonga e a corrixe, mellorándoa. Deste xeito rectifica tamén o embarazoso feito daquela noite que fixo necesario o recurso da tinta vermella, a impotencia do esposo. O sentido do acto obsesivo é o seguinte: “Non, non é certo, non tiña nada do que avergoñarse diante da criada, non era impotente”; ela representa este desexo como cumprido, dándolle forma de soño a un acto presente, obedecendo á tendencia de restituír a reputación do seu home.

A isto engádense todos os datos reunidos sobre a muller; mellor dito, todo o que sabemos sobre ela indícanos o camiño cara a esta interpretación do acto obsesivo, en si incomprendible. A muller vive dende hai anos separada do seu home, e loita coa intención de se divorciar xudicialmente. Pero non debemos pensar que así se desvincularía del; séntese obrigada a serlle fiel, retírase do mundo para non caer na tentación, desculpando e magnificando ao seu esposo na súa fantasía. Si, o máis profundo segredo da súa enfermidade é que a través deste protexe ao seu home da difamación, xustifica a súa separación espacial del e proporcionalle a este unha posición singular e relativamente cómoda. Desta forma, a análise dun acto obsesivo inofensivo lévanos pola senda recta ata o núcleo interno do cadro clínico,

descubríndonos simultaneamente unha parte nada insignificante do segredo da neurose obsesiva. Se me detiven na exposición deste exemplo, é porque reúne condicións que non se poden atopar en todos os casos. A enferma descubriu neste caso de súpeto a interpretación do síntoma, sen intervención ou inxerencia do analista, e fíxoo por medio do vínculo deste síntoma cunha experiencia que non pertence, como noutras ocasións, a un período esquecido da nenez, senón que tivo lugar na madurez da enferma e deixou a súa pegada na memoria desta. Todas as obxeccións que a crítica acostuma a alegar contra as nosas interpretacións dos síntomas, desaparecen neste caso illado. Dende logo, non sempre podemos ter tan boa fortuna.

¡E aínda algo máis! ¿Decátanse da forma en que este acto obsesivo tan insignificante nos levou ata a vida íntima da paciente? Unha das meirandes intimidades dunha muller é o relato da súa noite de vodas, que ten un marcado carácter sexual, ¿é este un feito accidental desprovisto de todo interese? Podería tratarse, dende logo, da consecuencia da elección dun caso desta natureza. Non xulguemos demasiado rápido e adiquémonos ao segundo exemplo, moi distinto ao primeiro, pois é unha mostra dunha categoría moi frecuente: o cerimonial do sono.

Unha rapaza saudable e intelixente de 19 anos, filla única, cun nivel intelectual e de formación moi superior ao dos seus pais, salvaxe e atravesada de nena, transformouse no transcurso dos últimos anos, sen influencias externas visibles, nunha enferma nerviosa. Está especialmente irritable coa súa nai, amósase insatisfeita, deprimida, cunha marcada tendencia á indecisión e á dúbida, ata o extremo de que xa non pode atravesar soa prazas ou rúas anchas. Non nos deteremos no complicado estado da súa enfermidade, que ten cando menos dous diagnósticos posibles, agorafobia e neurose obsesiva, senón que só nos concentraremos en que esta rapaza desenvolveu, para a desesperación dos seus pais, un cerimonial do sono. Pódese dicir que, en certo sentido, cada persoa normal ten o seu ceri-

monial do sono ou que precisa determinadas condicións que, no caso de se incumpriren, alterarán o seu sono; isto débese a que arrodearon o tránsito do estado de vixilia ao de repouso de certas formalidades que repiten cada noite do mesmo xeito. Pero as condicións que require a persoa sa para durmir poden entenderse racionalmente e, se as circunstancias externas fan necesario un cambio destas condicións, someterase sen esforzo nin perda de tempo a tal cambio. Ora ben, o cerimonial patolóxico é inflexible, sabe impor os maiores sacrificios, agochándose tras unha argumentación racional e, baixo unha exame superficial, semella afastarse do cerimonial normal só por un esmero exaxerado. Con todo, se o contemplamos máis de preto, podemos percibir que este disface é pura aparencia, que o cerimonial patolóxico contén determinadas disposicións que exceden en moito a argumentación racional, e outras que a contradín directamente. A nosa paciente pretexta como motivos das súas precaucións nocturnas que precisa tranquilidade para durmir e que debe suprimir calquera fonte de ruído. Con esta intención toma dúas precaucións: para o gran reloxos da súa habitación e fai retirar todos os demais reloxos do cuarto, non aturando sequera o seu pequeno reloxos de pulseira metido dentro do seu estoxo. Os testos e floreiros colócanse xuntos sobre a mesa, de tal xeito que non poidan caer, romper e espertala durante a noite. Ela sabe que estas medidas só poden atopar unha xustificación aparente na busca da tranquilidade; o tictac do pequeno reloxos non se oiría se este permanecese dentro do seu estoxo, e todos sabemos que o tictac regular dun reloxos de péndulo non constitúe unha alteración do sono, senón que actúa máis ben como somnífero. Tamén admite que o temor de que, se deixa nos seus sitios os testos e os floreiros, estes caian ao chan durante a noite e rompan, escapa a toda probabilidade. Para xustificar outras disposicións do seu cerimonial alega a procura de tranquilidade. Si, a esixencia de que as portas entre a súa habitación e o dormitorio dos pais queden medio abertas,

do que se asegura apoiando contra as portas abertas distintos obxectos, semella, pola contra, activar unha fonte de molestos ruídos. As disposicións máis importantes refírense á cama. A almofada da cabeceira non pode tocar o cabezal de madeira da cama. A almofada pequena só pode colocarse sobre a grande formando un rombo; a súa cabeza apóiase exactamente sobre o diámetro lonxitudinal do rombo. O edredón (“Duchent” como dicimos en Austria) ten que sacudirse antes de que se tape con el, facéndoo sempre de tal xeito que forme un promontorio aos pés da cama, pero de contado redistribúe este amontoamento para igualalo.

Permítanme omitir os outros detalles, a miúdo moi meticulosos, deste cerimonial; non nos ensinarían nada novo e nos afastarían demasiado das nosas intencións. Pero non pasen por alto que a realización deste cerimonial entraña un alto grao de dificultade. Sempre está presente a preocupación por cumprir axeitadamente cos detalles do mesmo; cada acto debe ser verificado e repetido, aparecendo a dúbida a respecto de cada unha das precaucións adoptadas, e o éxito do cerimonial reside en que se inverten de unha a dúas horas para a súa execución, durante as que a rapaza non dorme nin deixa durmir aos intimidados pais.

A análise destes tormentos non resultou tan doada coma a do acto obsesivo da nosa paciente anterior. Para chegar a unha interpretación tiven que facerlle indicacións e propostas á rapaza, que sempre rexeitaba cunha inamovible negativa ou recibía cunha despectiva dúbida. Pero a esta primeira reacción de rexeitamento seguiu un período no que considerou as posibilidades que lle presentaba, asociando ideas con elas, comunicando as súas lembranzas, establecendo conexións, ata que aceptou todas as explicacións que eu lle proporcionara, aínda que someténdoo previamente a unha elaboración persoal. Conforme isto sucedía, comezou a omitir tamén a adopción das medidas obsesivas, e antes de o tratamento rematar renunciara

xa ao conxunto do cerimonial. Vostedes tamén deben saber que o traballo analítico, tal e como o levamos a cabo hoxe, exclúe a elaboración de cada síntoma illado de forma consecutiva ata a súa completa elucidación. Pola contra, vémonos forzados a abandonar unha e outra vez o tema, coa certidume de que volveremos de novo sobre el. A interpretación dos síntomas da que lles fago partícipes a continuación é, polo tanto, unha síntese dos resultados acadados, logo de varias interrupcións debidas a outros traballos, polo que a consecución destes resultados durou varios meses.

A nosa paciente aprende paulatinamente a entender que desterrara da noite o reloxo por tratarse dun símbolo dos xenitais femininos. O reloxo, do que xa coñecemos outros significados simbólicos, acada esta connotación a través da súa relación cos procesos periódicos e cos intervalos idénticos. De feito, unha muller pode gabarse de que a súa menstruación é tan regular coma un reloxo. Pero o medo da nosa paciente se dirixía especialmente cara ás posibles alteracións do seu soño polo tictac do reloxo. O tictac do reloxo é equiparable ao latexar do clítoris durante a excitación sexual. En efecto, esta embarazosa sensación fixera que ela espertara do soño repetidamente, e agora manifestaba este medo á erección por medio da orde de afastar do seu entorno os reloxos en marcha. Os testos e os floreiros constitúen igualmente, como todos os recipientes, símbolos femininos. A precaución de que non caian e rompan durante a noite non carece, polo tanto, de sentido. Xa sabemos o moi estendido costume de romper un recipiente ou un prato durante os esposais. Cada un dos presentes aprópiase dun anaco, feito que podemos interpretar, dende o punto de vista dunha organización matrimonial premonogámica, coma a renuncia dos asistentes a pretender á noiva. Con respecto a esta parte do seu cerimonial, a rapaza tamén achegou algunhas lembranzas e ideas. Unha vez, cando nena, caeu cun recipiente de cristal ou arxila, cortándose os dedos e sangrando moito. Cando medrou

e se informou sobre o acto sexual, apareceu nela o temor por non sangrar na noite de vodas, circunstancia que faría dubidar da súa virxindade. As súas precaucións para evitar a rotura dos floreiros significan, polo tanto, un rexeitamento de todo o complexo relacionado coa virxindade e o sangue do primeiro acto sexual, ao igual que un rexeitamento do medo a sangrar e do seu contrario é dicir, a non sangrar. Vemos, polo tanto, que a prevención do ruído, á que subordina estas medidas, non ten moito que ver con elas.

O sentido central do seu cerimonial descubriuno de súpeto, ao entender a prescrición de que a almofada non podía tocar o cabeceiro da cama. A almofada fora sempre unha muller para ela, dixo, e o erguido cabeceiro de madeira un home. Quería distinguir –debemos engadir que de forma un tanto máxica– entre home e muller é dicir, separar os pais un do outro, non permitir que chegaran ao acto sexual. Nos anos anteriores á organización do cerimonial, xa tentara alcanzar de forma directa a mesma meta. Simulara medo ou explotara unha tendencia real ao medo, para que non se pecharan as portas que comunicaban o dormitorio dos pais e a súa habitación. Esta disposición conservárase aínda no seu cerimonial. De tal xeito tivo a oportunidade de espiar aos pais, sufrindo debido á mesma de insomnio durante meses. Non satisfeita con este trastorno dos pais, impuxo durmir provisionalmente na cama da parella, entre o pai e a nai. Así, “almofada” e “cabeceiro” non poderían xuntarse. Finalmente, cando xa medrara tanto que non había espazo para o seu corpo na cama dos pais, conseguiu, por medio da simulación consciente de medo, que a nai intercambiase con ela o leito, cedéndolle o seu lugar a carón do pai. Esta situación converteuse certamente no punto de partida das fantasías que repercutiron, como podemos percibir, no cerimonial.

Se a almofada era unha muller, sacudir o edredón de plumas, ata estas acumulárense na parte inferior provocando alí un avultamento, tamén tiña un sentido. Significaba deixar em-

barazada á muller; pero ela non desaproveitaba a oportunidade de neutralizar este embarazo, xa que durante anos temera que o acto sexual dos pais tivera coma consecuencia outro neno, forzándolle a ela a competir cun novo irmán. Por outra banda, se a almofada grande era unha muller, a nai, a almofada pequena só podía representar á filla. ¿Por que tiña que colocarse esta almofada como un rombo, tombando a súa cabeza exactamente no diámetro lonxitudinal do mesmo? Lembrou que o rombo simbolizaba nas pintadas da rúa os xenitais femininos abertos. Logo ela mesma xogaba o papel do home, o pai, e substituíu os xenitais masculinos pola súa cabeza. (Compárese coa representación da castración por medio da decapitación.)

Cuestións libertinas, dirán vostedes, as que bulen pola cabeza da virxinal rapaza. Admítooo, mais non esquezan que eu non decidín estes factores, senón que simplemente os interpretei. Un cerimonial do sono deste tipo tamén é algo especial, e vostedes non negarán a correspondencia entre o cerimonial e as fantasías que resultan da interpretación. Pero para min é máis importante que perciban que neste cerimonial non cristalizou só unha fantasía, senón varias diferentes, pero cun punto converxente. Tamén que advirtan que as prescricións do cerimonial reproducen os desexos sexuais, ás veces positiva e ás veces negativamente, servindo en parte á representación dos mesmos, e en parte á resistencia ante eles.

Tamén poderíamos extraer máis datos da análise deste cerimonial, sempre que estableceramos os vínculos axeitados cos outros síntomas da enferma. Pero o noso camiño non nos leva alí. Conténtense vostedes coa insinuación de que esta rapaza entregouse a un vínculo erótico co pai, que se remonta aos primeiros anos da súa infancia. Quizais por iso se comporte dun xeito tan pouco amable coa súa nai. Tampouco podemos pasar por alto que a análise deste síntoma nos levou novamente á vida sexual da enferma. Isto tal vez nos sorprenda menos canto máis detidamente examinemos o sentido e a intención dos síntomas neuróticos.

Amoseilles con dous exemplos escollidos que os síntomas neuróticos teñen un sentido, ao igual que os actos falidos e que os soños, e que están relacionados intimamente coa experiencia dos pacientes. ¿Podo esperar que vostedes crean esta afirmación, sumamente significativa, a respecto de ambos os dous exemplos? Non. Pero, ¿poden vostedes esixirme que lles expoña moitos máis exemplos deste tipo ata declarárense convencidos disto? Tampouco, xa que, debido ao detalle co que trato un caso illado, tería que adicarlle unha clase semestral de cinco horas a este único punto da doutrina xeral das neuroses. Así que confórmome con terlles dado unha proba da miña afirmación, e remitoos en diante á bibliografía, en primeira instancia á interpretación clásica dos síntomas de Breuer (Histeria), ás sorprendentes aclaracións de síntomas bastantes escuros na chamada *Dementia praecox* de C. G. Jung, na época en que este investigador era só psicanalista e non pretendía ser profeta, e a todos os traballos que encheron as nosas revistas dende entón. Precisamente neste tipo de investigacións non temos ningunha carencia. A análise, interpretación e tradución dos síntomas neuróticos atraeu tanto os psicanalistas, que desatenderon pola contra os outros problemas da neurose.

Aqueles de vostedes que se impoñan este traballo de documentación quedarán fortemente impresionados debido á abundancia de material probatorio. Pero tamén toparán cunha dificultade. O sentido dun síntoma reside, tal e como descubrimos, na súa relación coa experiencia do enfermo. Canto máis individualmente estea construído o síntoma, antes poderemos esperar establecer esta conexión. A tarefa, entón, consiste precisamente en atopar, para unha idea absurda e un acto inútil, aquela situación do pasado na que a idea estaba xustificada e o acto era axeitado. O acto obsesivo da paciente que corría cara á mesa e chamaba á criada, é un exemplo directo deste tipo de síntomas. Pero hai, e por certo con moita frecuencia, síntomas dun carácter totalmente distinto. Debemos chamalos síntomas

“típicos” da enfermidade, e son en todos os casos máis ou menos idénticos, pois ou ben desaparecen neles as diferenzas individuais, ou ben contráense de tal xeito, que se fai difícil vinculalas coa experiencia individual dos enfermos e relacionalas con situacións vividas individualmente. Dirixamos agora a nosa mirada en exclusiva cara ás neuroses obsesivas. O cerimoniais do dormitorio da nosa segunda paciente xa ten moitos destes riscos típicos, pero tamén ten riscos individuais dabondo para posibilitar, por así dicilo, a interpretación *histórica*. Pero todos estes enfermos obsesivos presentan unha tendencia a repetir e darlle distintos ritmos a determinadas tarefas, illándoas doutras. A maioría deles amosan un afán excesivo pola limpeza. Os enfermos que sofren de agorafobia (topofobia, medo ao espazo), que xa non asignabamos ás neuroses obsesivas senón á histeria por angustia, repiten nos seus cadros clínicos, a miúdo cunha monotonía fatigosa, os mesmos riscos, temen os espazos pechados, as grandes prazas abertas, rúas anchas e avenidas. Considéranse protexidos cando están acompañados por coñecidos, ou cando se atopan nun coche, etc. Pero, sobre esta base uniforme, os enfermos presentan as súas condicións individuais, humores poderíamos dicir, que se contradín de forma directa uns aos outros segundo os casos. Un teme as rúas estreitas, outro só as longas, un só pode camiñar cando hai pouca xente na rúa, o outro cando hai moita. Do mesmo xeito, a histeria presenta, ademais de toda a variedade de riscos individuais, gran profusión en síntomas comúns típicos, que semellan rexeitar a retrospección histórica. Non esquezamos que, por medio destes síntomas típicos, nos orientamos para formular un diagnóstico. Se realmente atribuímos, nun caso de histeria, un síntoma típico a unha experiencia ou a unha cadea de experiencias similares, p.ex. un acceso de histeria a unha forte impresión de noxo, volverémonos tolos cando a análise nos descubra noutro caso de ataque histérico debido á suposta influencia de experiencias de distinto xénero. En tales casos, inclinámonos a admitir que os

enfermos histéricos deben manifestar, por razóns descoñecidas, estes accesos, e que os motivos históricos achegados pola análise son só pretextos, aproveitados por esta necesidade interior no caso de se presentaren.

Chegamos así á triste conclusión de que, se ben podemos aclarar satisfactoriamente o sentido dos síntomas neuróticos individuais por medio da súa relación coa experiencia do enfermo, a nosa arte interpretativa abandónanos no caso dos síntomas típicos, moito máis frecuentes. A isto engádesse que aínda non lles falei de todas as dificultades que se pon de relevo no seguimento consecuento da interpretación histórica dos síntomas. Tampouco quero facelo, xa que non teño a intención de encubrir nin ocultarlles nada, pero tampouco quero deixalos perplexos nin confusos precisamente ao comezo dos nosos estudos en común. Certo é que nos atopamos ao principio do camiño que nos levará á comprensión do significado dos síntomas, pero queremos aferrarnos ao adquirido e optar pola superación progresiva daquilo que aínda non comprendemos. Intento, polo tanto, consolalos coa reflexión de que apenas é perceptible unha diferenza fundamental entre un e outro tipo de síntoma. É tan evidente que os síntomas individuais dependen da vida do enfermo, que para os síntomas típicos só resta a posibilidade de fundirse nunha experiencia típica en si mesma e común a todos os homes. Outros riscos regularmente repetitivos da neurose poden ser reaccións xerais que se lle impón ao enfermo a través da natureza do cambio patolóxico, coma a repetición ou a dúbida da neurose obsesiva. En resumidas contas, non temos ningunha razón para o desánimo prematuro; veremos qué resultado obtemos finalmente.

Na doutrina dos sonhos atopámonos ante unha dificultade bastante similar. Non puidemos tratala aínda nas nosas conversas anteriores sobre o fenómeno onírico. O contido manifesto dos sonhos é moi variado e individualmente distinto, e xa amosamos detalladamente o que podemos conseguir a partir da aná-

lise deste contido. Pero, ademais, hai soños aos que chamamos igualmente “típicos”, que aparecen en todas as persoas baixo a mesma forma, soños de contido uniforme, que implican as mesmas dificultades para a súa interpretación. Estes son os soños que reproducen sensacións coma a de caer, voar, flotar, nadar, estar inmovilizado, estar espido e outros soños de angustia, que permiten diferentes interpretacións, sen que o seu carácter repetitivo e típico atope unha explicación nelas. Pero nestes soños tamén observamos que se reactiva unha base común a través de ingredientes individualmente variables, e probablemente estes tamén poidan incorporarse á concepción da vida onírica que acadamos por medio do estudo dos outros soños.

A fixación ao trauma. O inconsciente

Miñas damas e meus cabaleiros, na nosa última cita dixeran que non queriamos fundar a nosa investigación sobre dúbidas, senón sobre achados. Aínda non comentamos dúas das conclusións máis interesantes que se derivan das dúas análises antes expostas con anterioridade.

A primeira: ambas as pacientes producennos a impresión de teren unha *fixación* a unha parte determinada do seu pasado, de non saberen como ceibarse dela e de permaneceren, por esta razón, alleas ao presente e ao futuro. Atópanse retiradas na súa enfermidade, ao igual que as persoas que en tempos pasados acostumaban a retirarse a un convento para afrontar alí un difícil destino vital. Á nosa primeira paciente cáusalle esta fatalidade o fracaso do seu matrimonio. A través dos seus síntomas dá continuidade tanto aos agravios contra o seu home como a aquelas voces que avogan ao seu favor, que o desculpan, restitúen a súa reputación, que lamentan a súa perda. Malia ser nova e desexable para outros homes, adoptou todas as precaucións posibles, reais e imaxinarias (máxicas), para lle gardar fidelidade ao seu esposo. Non se expón a miradas alleas, desatende a súa aparencia, non é quen de erguerse con rapidez do sofá no que está sentada, e rexeita asinar co seu nome, non pode facer ningún regalo porque cre que ninguén debe ter algo dela.

No caso da nosa segunda paciente, a rapaza nova, é un vínculo erótico co pai, establecido nos anos anteriores á pubertade, o que impide que a súa vida transcorra con normalidade. Ela tamén tomou a decisión de que non pode casar mentres estea tan enferma. Podemos supor que enfermou para non ter que casar e poder permanecer así xunta ao pai.

Non debemos desestimar a pregunta, ¿como, de que xeito e por que motivos se chega a unha actitude tan estraña e pouco vantaxosa respecto da vida? —supondo que este comportamento

sexa unha característica xeral da neurose, e non unha peculiaridade especial destas dúas enfermidades..., pois é, de feito, un risco xeral, moi significativo a nivel práctico de todas e cada unha das neuroses. A primeira paciente histérica de Breuer tiña unha fixación similar coa época na que coidou do seu pai gravemente enfermo. A pesar da súa curación, dende entón puxo fin en certo sentido á súa vida, pois, aínda que recuperara a súa saúde e o exercicio regular das súas funcións, eludiu o destino normal das mulleres. En cada un dos nosos enfermos podemos ver por medio da análise que, debido aos síntomas da súa enfermidade e ás consecuencias dos mesmos, se retrotraeron a certo período do seu pasado. Na maioría dos casos escollen para isto unha fase vital moi temperá, unha época da súa infancia, a pesar do irrisorio que soe, incluso a súa existencia de lactante.

As neuroses traumáticas, que se orixinan con especial asiduidade durante a guerra, presentan certa analoxía con este comportamento dos nosos enfermos nerviosos. Tales casos aparecen logo de accidentes de tren e doutros horribles perigos de morte, naturalmente tamén antes das guerras. As neuroses traumáticas non son, en esencia, o mesmo ca as neuroses espontáneas, que adoitamos investigar e tratar analiticamente; tampouco logramos aínda sometelas aos nosos puntos de vista, e espero poder aclararlles algún día a que se debe esta limitación. Pero podemos pór de relevo un punto no que coinciden ambos xéneros de neurose. As neuroses traumáticas ofrecen claramente indicios de que nelas reside unha fixación co momento do accidente que orixina o trauma. Estes enfermos repiten regularmente nos seus soños a situación traumática; neles aparecen accesos histeriformes que permiten unha análise, nos que se descobre que o acceso se corresponde a un retorno total a esta situación. É como se estes enfermos non remataran algo, como se considerasen o trauma como presente, circunstancia que merece todo o noso interese, pois amósanos o camiño cara a unha observación digamos *económica* dos procesos psíquicos.

En realidade, o termo *traumático* non ten máis sentido ca o económico. Chamamos así a unha experiencia que, nun período breve, provoca na vida psíquica un crecemento de estímulos tan forte que o remate ou termo do mesmo, tal e como se acostuma facer, fracasa, resultando deste feito alteracións continuas no funcionamento enerxético.

Esta analoxía indúcenos a denominar traumáticas aquelas experiencias coas que semellan ter unha fixación os nosos enfermos nerviosos. Deste xeito obteríamos unha condición sinxela para a enfermidade neurótica. A neurose podería equipararse cunha enfermidade traumática, e se orixinaría por medio da incapacidade para rematar cunha experiencia acentuadamente afectiva e excesivamente forte. Así o afirmaba tamén a primeira fórmula, na que Breuer e eu arquivamos en 1893/95 os cálculos teóricos das nosas novas observacións. Un caso coma o da nosa primeira paciente, a muller nova separada do seu home, adaptación moi ben a esta concepción. Non esqueceu a impotencia da súa parella e quedou vinculada a este trauma. Pero o noso segundo caso, o da rapaza cunha fixación polo seu pai, xa nos amosa que a fórmula non é ampla dabondo. Por unha banda, un namoramento infantil deste tipo é algo tan habitual e superado con tanta frecuencia, que a denominación “traumático” perdería toda a súa consistencia; por outra a historia da enferma ensínanos que esta primeira fixación erótica transcorreu sen prexuízo da paciente, e saíu á luz por primeira vez moitos anos máis tarde por medio dos síntomas da neurose obsesiva. Polo tanto, aí prevemos complicacións, unha presenza meirande das condicións patóxicas, pero tamén intuímos que o punto de vista traumático non é invalidado; deberá introducirse nalgún outro sitio.

Aquí interrompemos de novo o camiño que tomáramos. Polo de agora non nos leva máis aló, e temos moito que descubrir antes de podermos atopar unha continuación axeitada. Observemos aínda, a respecto do tema da fixación cunha fase determinada do pasa-

do, que unha presenza deste tipo reborda con moito a neurose. Cada neurose contén unha fixación deste tipo, pero non todas as fixacións levan á neurose, coinciden coa neurose ou interpóñense no camiño da neurose. Un modelo de fixación afectiva por algo pasado é o loito, que trae consigo un total desvencellamento de presente e futuro. Pero, para o xuízo profano, o loito distínguese nidiamente da neurose. Pola contra, hai neuroses que se poden denominar formas patolóxicas do loito.

Sucede tamén que hai persoas que, por mor dun suceso traumático que sacode os alicerces da súa vida, chegan de tal xeito á parálise, que abandonan todo interese polo presente e o futuro, persistindo constantemente na actividade psicolóxica co pasado, pero estes infelices non se convirten necesariamente en neuróticos. Non queremos, polo tanto, sobrevalorar este risco para definir o carácter da neurose, con todo o regular e significativo que sexa.

Pero falemos agora do segundo resultado das nosas análises. A nosa primeira paciente relatounos o absurdo acto obsesivo que realizaba, así como a íntima lembranza vital vinculada a esta, tamén investigamos máis tarde a relación entre ambas, e adiviñamos a intención do acto obsesivo a partir deste vínculo coa lembranza. Pero, por un momento, deixamos totalmente de lado aquilo que merece toda a nosa atención. Durante o período que a paciente repetía o acto obsesivo, non sabía qué experiencia se vinculaba con ela. A conexión entre ambas permanecía oculta para ela; facendo honra á verdade, tiña que responder que non sabía qué impulsos a levaban a facer isto. Logo, baixo a influencia do traballo analítico, percibiu de súpeto que atopara aquela conexión e que podía transmitila. Pero aínda non sabía nada da intención ao servizo da cal executaba o acto obsesivo, a intención de corrixir unha parte embarazosa do seu pasado, e de colocar o home amado nun nivel superior. Custou moito tempo e esforzo que o entendese, confesándome despois que tal intención podería ser a forza impulsora do acto obsesivo.

A conexión coa escena que seguiu á falida noite de vodas así coma os motivos da enferma, baseados no seu amor conxugal, dan como resultado iso que denominamos o “sentido” do acto obsesivo. Pero este sentido éralle descoñecido a ela en ambas as direccións, é dicir na de “de onde” e na de “para que”, mentres executaba o acto obsesivo. Polo tanto, actuaron sobre ela procesos psíquicos, sendo o acto obsesivo precisamente o efecto dos mesmos; esta percibiu tal efecto nun estado psíquico normal, pero as condicións previas psíquicas non alcanzaron o seu coñecemento consciente. Comportouse do mesmo xeito que un hipnotizado ao que Bernheim ordenou abrir na clínica, cinco minutos despois de espertar, un paraugas, e que cumpriu esta orde xa esperto, pero sen poder dar ningún motivo para a súa acción. Cando falamos da existencia de *procesos psíquicos inconscientes* temos presentes tales circunstancias. Retamos ao mundo a render contas deste estado de cousas dun xeito científico máis exacto, rexeitando de boa gana, no caso de que alguén o logre, a existencia de procesos psíquicos inconscientes. Pero ata entón perseveraremos nesta existencia, e debemos rexeitar por incomprendible, cun resignado encollernos de ombreiros, que alguén nos queira obxectar que o inconsciente non sexa aquí real no sentido científico, ¡tendo este efectos tan reais e tanxibles coma un acto obsesivo!

En esencia atopamos a mesma situación na nosa segunda paciente. Creou o principio de que a almofada non debía tocar o cabeceiro da cama, e ten que cumprir este principio, pero non sabe de onde procede, que significa e a que motivos debe o seu poder. A enferma pode contemplar indiferente este principio, ou ben pode resistirse, alporizarse na súa contra, contravilo, pero todo isto carecerá de importancia no momento da súa execución. Ten que ser cumprido, e ela pregúntase en van por que. Pero debemos admitir que nestes síntomas da neurose obsesiva, nestas representacións e impulsos que xorden non se sabe de onde, que opón tanta resistencia ás influencias da vida

psíquica, polo demais normal, que lle causan a impresión aos propios enfermos de seren invitados omnipotentes procedentes dun mundo estraño, entes inmortais que se mesturaron coa multitude dos mortais, reside o indicio máis claro da existencia dun círculo na vida psíquica, illado do resto da mesma. Deles parte un camiño que non ten perda cara ao convencemento da existencia do inconsciente na psique, e precisamente por iso a Psiquiatría clínica, que só coñece unha Psicología do consciente, só sabe deles que se fan pasar por indicios dunha forma de dexeneración especial. Naturalmente, as representacións e impulsos obsesivos non son inconscientes, ao igual que a execución dos actos obsesivos tampouco escapa á percepción consciente. Non se converterían en síntomas se non penetraran o consciente. Pero as condicións previas psíquicas, que desenvolvemos para eles por medio da análise, as conexións coas que os substituímos a través da interpretación, son inconscientes, cando menos ata facermos consciente ao enfermo por medio do traballo da análise.

Agora, engadan vostedes que este feito, comprobado nos nosos dous casos, se confirma para todos os síntomas de todas as enfermidades neuróticas, que o enfermo ignora sempre e sen excepción o sentido dos síntomas, que a análise amosa regularmente que estes síntomas proceden de procesos inconscientes, pero que permiten facerse conscientes baixo múltiples condicións favorables, e así entenderán que na Psicanálise non podemos prescindir da psique inconsciente e que estamos afeitos a operar con ela coma se se tratase dun elemento perceptible sensorialmente. Pero entendan tamén quizais a pouca capacidade de xuízo que teñen nesta cuestión todos aqueles que só coñecen o inconsciente como concepto, que nunca analizaron, que nunca interpretaron soños nin traduciron síntomas neuróticos no seu significado e intención. Formulémolo unha vez máis: a posibilidade de darlle aos síntomas neuróticos un sentido a través da interpretación analítica é unha proba irrefutable da

existencia ou, se o prefiren, da necesidade de aceptar a existencia de procesos psíquicos inconscientes.

Pero isto non é todo. Grazas a un segundo descubrimento de Breuer, ao meu parecer o máis rico en contido, e realizado sen axuda de ningún colega, descubrimos aínda máis sobre a relación entre o inconsciente e os síntomas neuróticos. Non só que o sentido dos síntomas é regularmente inconsciente; existe tamén unha relación de representación entre esta inconsciencia e a posible existencia dos síntomas. Pronto me entenderán. Pretendo afirmar, de conformidade con Breuer, que cada vez que atopamos un síntoma, podemos concluír que no enfermo existen determinados procesos inconscientes que conteñen o sentido deste síntoma. E, á inversa, é necesario que este sentido sexa inconsciente para que o síntoma correspondente se produza. Os síntomas non son construídos a partir de procesos conscientes; en canto os procesos inconscientes en cuestión se fan conscientes, o síntoma desaparece. Atopamos, polo tanto, aquí un novo procedemento terapéutico, un medio para facer que os síntomas desaparezan. Breuer curou á súa paciente histérica por este medio, liberándoa dos seus síntomas; atopou unha técnica para atraer á consciencia da enferma os procesos inconscientes que contiñan o sentido do síntoma, provocando así a desaparición do mesmo.

Este descubrimento de Breuer non foi o resultado dunha especulación, senón dunha observación afortunada, que foi posible grazas á conivencia do enfermo. Tampouco deberían atormentarse agora coa idea de entender este descubrimento por medio da súa relación con algo xa coñecido, senón recoñecer un factor novo e fundamental que contén, que nos axudará a explicar moitas outras cousas. Para isto, permítanme que lles repita este mesmo contido baixo outra forma.

A construción de síntomas é un substituto doutro elemento que permanece sen realizarse. Certos procesos psíquicos deberían evolucionar tanto que a consciencia recibise información

deles. Isto non sucedeu e, por esta razón, naceu destes procesos, interrompidos, alterados dalgún xeito, forzados a permanecer inconscientes, o síntoma. Produciuse polo tanto algo así como unha confusión; se logramos anulala, a terapia dos síntomas neuróticos terá cumprido a súa tarefa.

O achado de Breuer é aínda hoxe a base da terapia psicanalítica. A afirmación de que os síntomas desaparecen cando se fan conscientes as súas condicións previas inconscientes, foi confirmada pola investigación ulterior, aínda que, ao experimentar coa súa aplicación práctica, atopamos as complicacións máis estrañas e inesperadas. A nosa terapia fai efecto ao transformar o inconsciente en consciente, e só fai efecto na medida en que está en situación de realizar esta transformación.

Agora rapidamente unha pequena digresión, para que vostedes non corran o perigo de crer que este traballo terapéutico é demasiado doado. Segundo as nosas declaracións ata o momento, a neurose sería a consecuencia dun tipo de ignorancia, de descoñecemento dos procesos psíquicos dos que nos gustaría saber. Isto implicaría un gran achegamento a coñecidas ensinanzas socráticas, segundo as que os vicios se basean nunha especie de ignorancia. Agora ben, para o médico experimentado na análise será, por regra xeral, moi doado adiviñar qué impulsos psíquicos permaneceron inconscientes en cada enfermo. Polo tanto, tampouco debería serlle difícil restablecer ao enfermo, liberándoo da ignorancia a través da transmisión do seu coñecemento. Cando menos, unha parte do sentido inconsciente dos síntomas quedaría resolta deste xeito con facilidade; da outra parte é dicir, da conexión dos síntomas coas experiencias do enfermo, o médico non pode, claro está, adiviñar moito, xa que non coñece estas experiencias, debendo esperar ata que o enfermo as lembre e llas narre. Pero tamén pode atoparse un substituto para isto nalgúns casos. Podemos informarnos por medio dos parentes do enfermo sobre as súas experiencias, e estes están a miúdo en posición de recoñecer entre elas as

que tiveron un efecto traumático, quizais mesmo de transmitir aquelas experiencias das que o enfermo non sabe nada, porque tiveron lugar nos anos máis temperáns da súa vida. Por medio da unión destes dous procedementos, polo tanto, acadaríamos perspectiva para pór remedio á ignorancia patoxénica do enfermo nun prazo curto de tempo e con pouco esforzo.

Si, ¡se así fose! Tivemos experiencias para as que, ao principio, non estabamos preparados. Coñecemento e coñecemento non son a mesma cousa; hai diferentes tipos de coñecemento, e non todos son psicolóxicamente equivalentes. *Il y a fagots et fagots*, que diría Molière. O coñecemento do médico non é o mesmo ca o do enfermo, e tampouco pode manifestar os mesmos efectos. Cando o médico comunica o seu coñecemento ao enfermo, isto non ten ningún resultado. Non, sería incorrecto dicilo así. Non ten como resultado a supresión dos síntomas, senón a posta en marcha da análise, sendo os primeiros datos desta a manifestación de contradicións no paciente. O enfermo descubrirá así algo que non coñecía ata o momento, o sentido do seu síntoma, non obstante saber tan pouco del como hai un anaco. Deste xeito descubrimos que hai máis dun tipo de ignorancia. Precisarase dunha certa profundación dos nosos coñecementos psicolóxicos para amosarnos onde residen as diferenzas. Pero a nosa afirmación de que os síntomas desaparecen co descubrimento do seu sentido, segue sendo correcta. Só se engade a isto que este descubrimento debe producir un cambio interno no enfermo, cambio que só pode ser provocado a través dun traballo psíquico cun obxectivo determinado. Aquí damos con problemas que pronto se resumirán nunha *dinámica* da construción de síntomas.

Meus cabaleiros, a continuación debo formularlles a seguinte pregunta. Isto que lles digo, ¿non é demasiado escuro e complicado para vostedes? ¿Non os confundo demasiado ao retirar o dito e limitar as miñas afirmacións, ao tecer liñas de pensamento e abandonalas despois? Lamentaría que así fose.

Pero teño unha forte inclinación en contra das simplificacións que se fan a costa da fidelidade á verdade, non teño nada en contra de que cobren conciencia das múltiples facetas e a complicación extrema do noso obxecto de estudo, e penso tamén que non hai prexuízo ningún en que lles facilite máis información a respecto de cada punto do mesmo, do que vostedes poden aproveitar polo de agora. Xa sei que todo oínte e lector transforma en pensamentos todo aquilo que se lle brinda, abrevia, simplifica e extrae os elementos que lle gustaría conservar. En certa medida é correcto pensar que conservará máis canto máis reciba. Permítanme abrigar a esperanza de que teñan comprendido a esencia das miñas palabras sobre o sentido dos síntomas, sobre o inconsciente e sobre a relación entre ambos, a pesar de todo o accesorio que engadín. Tamén terán entendido que o noso esforzo posterior irá en dúas direccións, en primeiro lugar tentando descubrir como contraen as persoas as enfermidades neuróticas, que duran ás veces toda a vida, cuestión que constitúe un problema clínico e, en segundo lugar, como se desenvolven os síntomas da enfermidade a partir das condicións da neurose, cuestión que constitúe un problema da dinámica psíquica. Para ambos os dous problemas debe haber en algures un punto de encontro.

Hoxe tampouco quero ir máis lonxe pero, xa que aínda non rematou o noso tempo, teño a intención de dirixir a súa atención cara a outra característica das nosas dúas análises que, de novo, só poderán apreciar na súa totalidade máis adiante. Refírome ás lagoas de memoria ou amnesias. Vostedes escoitaron que podemos resumir a tarefa do tratamento psicanalítico na fórmula de trasladar todo o inconsciente patóxico en consciente. Agora probablemente estean sorprendidos de descubrir que tamén podemos substituír esta fórmula pola de encher todas as lagoas de memoria do enfermo, suprimir as súas amnesias. Ambas as dúas fórmulas son equivalentes. Á amnesia do neurótico atribúeselle, polo tanto, unha íntima relación coa produción dos

seus síntomas. Pero se toman en consideración o caso da nosa primeira análise, non atoparán xustificación para esta valoración da amnesia. A enferma non esqueceu a escena coa que está vinculada o seu acto obsesivo; pola contra, conservouna como unha vívida lembranza, e tampouco esqueceu outros elementos relacionados coa orixe deste síntoma. Menos claras, pero tamén análogas en conxunto, son as circunstancias da nosa segunda paciente, a rapaza do cerimonial obsesivo. Ela tampouco esqueceu en realidade o comportamento dos seus anos anteriores, os feitos aos que se debe a súa insistencia en abrir as portas entre o dormitorio dos pais e o seu, e a razón pola que expulsou á súa nai do leito conxugal; lémbrese disto con moita claridade, aínda que o fai titubeante e a desgusto. O único que nos pode resultar sorprendente é que a primeira paciente, a pesar de ter realizado o seu acto obsesivo incontables veces, non lembrou nin unha soa vez a súa similitude coa experiencia da noite de vodas, e que esta lembranza tampouco se fixo sentir cando foi requirida, por medio de preguntas directas, co fin de seguir investigando a motivación deste acto. O mesmo sucede coa rapaza, que relaciona, ademais, o cerimonial e as circunstancias que o provocaron cunha situación que se repite cada noite. En ambos os dous casos non existe unha verdadeira amnesia, ningunha lagoa da memoria, pero rompeuse a conexión que debía provocar a reprodución ou reaparición da lembranza. Unha alteración similar da memoria abonda para xerar unha neurose obsesiva; o caso da histeria é diferente. Esta caracterízase maioritariamente por enormes amnesias. Normalmente, a análise de cada síntoma histórico por separado condúcenos cara a toda unha cadea de impresións vitais que o enfermo declara explicitamente esquecidas ata o momento. Esta cadea remóntase por unha banda aos anos máis temperáns, de xeito que a amnesia histórica pode recoñecerse como continuación inmediata da amnesia infantil, que nos oculta, na nosa calidade de persoas normais, os comezos da súa vida psíquica. Por outra banda, descubrimos

con sorpresa que as experiencias máis recentes dos enfermos poden caer no esquecemento, e que os motivos, polos que se declarou ou se reforzou a enfermidade, foron roídos, cando non totalmente devorados pola amnesia. Con frecuencia desaparecen do conxunto dunha lembranza recente deste tipo detalles importantes, ou son substituídos por falsas lembranzas. Sucede, de novo con moita frecuencia, que xusto antes do peche dunha análise, xorden certas lembranzas das experiencias máis recentes, que puideron permanecer reprimidas durante o tratamento, deixando grandes buracos no contexto total.

Estas minguas da capacidade da memoria son, como dixemos, características da histeria, que tamén presenta como síntomas ataques (os accesos histéricos), que non precisan deixar ningunha pegada na memoria. Do feito de que nada disto se observe na neurose obsesiva, deduciremos que estas amnesias constitúen un risco psicolóxico da alteración histérica, e non un risco xeral das neuroses. A importancia desta diferenza é limitada por medio da seguinte observación. Nós resumimos o “sentido” dun síntoma en dous factores distintos: a súa procedencia e o seu obxectivo, é dicir, as impresións e experiencias das que parte e as intencións ás que serve. A procedencia dun síntoma redúcese en impresións que veñen do exterior, que unha vez foron necesariamente conscientes e que, dende entón, fixéronse inconscientes a través do esquecemento. Con todo, o obxectivo do síntoma, a súa tendencia, é sempre un proceso endopsíquico e tamén, posiblemente, o primeiro do que se cobra consciencia, pero que, do mesmo xeito, nunca foi consciente, permanecendo dende tempos inmemoriais no inconsciente. Non é, polo tanto, moi importante se a amnesia aproveitou a procedencia, as experiencias nas que se apoia o síntoma, como sucede na histeria; o obxectivo, a tendencia do síntoma, que pode que fose inconsciente dende o principio, é o que xera a dependencia do mesmo do inconsciente, dependencia que se manifesta coa mesma intensidade na neurose obsesiva que na histeria.

Facendo destacar así o inconsciente na vida psíquica, convocamos os espíritos máis perversos da crítica contra a Psicanálise. Non se sorprendan, e tampouco crean que a resistencia contra nós só se debe á dificultade conceptual do inconsciente ou á relativa inaccesibilidade das experiencias que demostran a súa existencia. Opino que procede de algo máis profundo. Ao longo de moito tempo, a humanidade houbo de soportar dúas grandes mortificacións na súa inxenua vaidade provocadas pola ciencia. A primeira, descubrir que a nosa terra non é o centro do mundo, senón un insignificante fragmento dun sistema cósmico apenas imaxinable na súa magnitude, o que se vincula para nós co nome de Copérnico, aínda que a ciencia alexandrina xa anunciara algo similar. A segunda, a aniquilación por parte da investigación biolóxica do suposto privilexio do home na orde da creación, remitíndoo á súa descendencia do reino animal e demostrando a indestrutibilidade de tal natureza animal. Esta nova transmutación de valores levouse a cabo nos nosos días baixo a influencia de Charles Darwin, Wallace e os seus predecesores, non sen a máis dura resistencia dos seus contemporáneos. A terceira e máis grave mortificación vaina experimentar a megalomanía humana a través da investigación psicanalítica, que quere demostrar ao Eu que nin sequera é dono da súa casa, senón que debe contentarse con exiguas informacións sobre o que sucede de xeito inconsciente na súa vida psicolóxica. Os psicanalistas non somos os primeiros, nin os únicos, en facer esta exhortación ao recollemento, pero semella que nos corresponde a función de defendela con maior insistencia, corroborándoa por medio do material probatorio que nos incumbe a todos. Esta é a razón da sublevación xeral contra a nosa ciencia, da omisión de todas as regras de urbanidade académica, da lóxica e da imparcialidade na que incorren os nosos adversarios, ao que se engade, como axiña escoitarán, que tivemos aínda que perturbar doutro xeito a paz deste mundo.

Resistencia e represión

Miñas damas e meus cabaleiros, para avanzar na comprensión da neurose precisamos de dous novos datos. Ambos moi interesantes e, no seu momento, moi sorprendentes, aínda que, dende logo, vostedes están xa preparados, debido ás nosas conversas anteriores, para coñecelos.

En primeiro lugar, cando emprendemos a tarefa de curar un enfermo, de liberalo dos síntomas da súa doenza, el opón unha dura e pertinaz resistencia de forma continuada ao longo da duración do tratamento. Este é un feito tan singular do que non debemos esperar que a súa exposición sexa recibida con moita fe. Aos parentes do enfermo é preferible non informalos sobre o mesmo, xa que acostuman opinar que se trata dunha escusa nosa para desculparnos pola longa duración ou polo fracaso do noso tratamento. Simultaneamente, o enfermo ofrece esta resistencia sen a recoñecer como tal, sendo xa un grande éxito lograr que se decate dela e que a teña en conta. Pensen vostedes na posibilidade de que o enfermo, que tanto sofre e fai sufrir aos seus semellantes cos síntomas da enfermidade, e que quere asumir tantos sacrificios de tempo, cartos, esforzo e superación de si mesmo, para se ceibar deles, se rebele, polo interese da súa curación, contra aqueles que tentan axudalo. ¡Que improbable debe semellar esta actitude! E, con todo, así é, e cando se nos reprocha a improbabilidade, só necesitamos lembrar a tan frecuente analoxía daquel que acode ao dentista debido a unha insoportable dor de moas e que, aínda así, opón unha gran resistencia cando este tenta achegarse ao dente enfermo coas tenaces.

A resistencia dos enfermos pode ser de moi distinto tipo, altamente sofisticada, a miúdo difícil de recoñecer, debido aos seus repentinos cambios de aparencia. É dicir, que os enfermos manifestan certa desconfianza cara ao médico e permanecen

sobre aviso en contra del. Nós aplicamos na terapia psicanalítica a técnica da interpretación dos soños que vostedes xa coñecen. Invitamos ao enfermo a trasladarse a un estado de autocontemplación sen reflexionar, e a transmitir as percepcións interiores que poida ter -sentimentos, pensamentos, lembranzas-, na orde na que lle xurdan. Advertímoslle explicitamente de que non ceda ante ningún motivo que puidera ditarlle unha selección ou exclusión destas percepcións, aínda que estas sexan demasiado *desagradables* ou demasiado *indiscretas*, por así dicilo, ou demasiado *insignificantes*, que non procedan no contexto da sesión analítica, ou que sexan demasiado *absurdas* para seren comunicadas. Inculcámoslle que permaneza sempre na superficie da súa consciencia, que omita calquera crítica emitida contra as súas percepcións, e asegurámoslle que o éxito do tratamento e, sobre todo, a duración do mesmo, dependen do esmero co que siga esta regra técnica básica da análise. Pola técnica da interpretación onírica, sabemos que son precisamente aquelas percepcións, que máis dúbidas e obxeccións espertan, as que conteñen xeralmente o material que nos leva a descubrir o inconsciente.

Establecendo esta regra técnica básica logramos, en primeira instancia, que esta se converta no punto de mira da resistencia. O enfermo tentará subtraerse aos seus mandamentos por todos os medios. Ora afirma que non se lle ocorre nada, ora que lle xorden tantas ideas que non é quen de comprendelas. Comprobaremos logo con descontento que cedeu, ben ante esta ou ben ante aquela obxección crítica; as longas pausas que salpican o seu discurso traizóano. Entón confesa que había algo que non podía dicir, algo do que se avergoña, e admite, rompendo a súa promesa, o motivo da omisión. O que se lle ocorreu afecta a unha terceira persoa, e por iso evita comentalo. Ou ben que o que agora se lle ocorre é verdadeiramente insignificante, demasiado absurdo e demasiado insensato; que eu non podo crer que el deba abordar tales ideas, e así continúa con inter-

minables obxeccións, forzándonos a lembrarlle que dicilo todo significa dicilo todo realmente.

É difícil atopar un enfermo que non tentara reservarse algún sector da súa vida psíquica, para impedir á análise ou acceso ao mesmo. Un dos meus pacientes, que se conta entre os máis intelixentes, silenciou durante semanas unha relación de amor e, ao pedirlle eu explicacións por esta infracción da regra sagrada, defendeuse co argumento de que crera que esta historia en concreto era unha cuestión privada. Naturalmente, a cura analítica non pode tolerar tal dereito de asilo. Permitamos a excepción de que nunha cidade coma Viena non sexa posible arrestar a ningún nunha praza coma o Hohe Markt³ ou na Stephanskirche⁴, e pretendamos logo capturar un criminal determinado. Non o atoparemos noutro sitio que non sexan estes asilos. Unha vez decidinme por concederlle o dereito de excepción a un home, por depender do seu restablecemento cuestións de vital importancia e por atoparse el baixo un xuramento de servizo que lle prohibía falarlle a outra persoa de determinados asuntos. El quedou satisfeito co resultado do tratamento, pero eu non; decidín non volver a repetir un experimento nestas condicións.

Os neuróticos obsesivos saben moi ben como inutilizar esta regra técnica esaxerando a súa escrupulosidade e as súas dúbidas. Os histéricos por angustia compórtanse ocasionalmente *ad absurdum*, xerando só ideas tan afastadas do que se busca que non achegan ningún beneficio á análise. Pero eu non teño a intención de introducilos no tratamento destas dificultades técnicas. Abóndalles saber que cando finalmente logramos, a forza de enerxía e insistencia, arrincarlle ao enfermo certa dose de obediencia á regra básica, este traslada a resistencia vencida neste ámbito a outro distinto. Aparece baixo a forma de resistencia intelectual, de loita dialéctica, apoderándose das dificultades e

³ Mercado alto, *N.d.T.*

⁴ Igrexa de San Esteban, *N.d.T.*

improbabilidades que o pensamento normal, pero mal informado, atopa nas teorías analíticas. Entón chegamos a escoitar por boca do enfermo todas as críticas e obxeccións que a bibliografía científica nos murmura a coro. Por iso non ignoramos o contido das críticas do paciente. Trátase dunha verdadeira tempestade nun vaso de auga. Pero o paciente é transixente; quere inducirnos a ensinalo, instruílo, refutalo, orientalo sobre a bibliografía coa que poida seguir informándose. Está disposto a converterse nun adepto da Psicanálise baixo a condición de que a análise o respecte persoalmente. Pero nós recoñecemos este desexo coma resistencia, coma desvío das nosas tarefas terapéuticas, e rexeitámolo. Dos neuróticos obsesivos observamos unha táctica especial de resistencia. Deixan a miúdo que a análise siga o seu camiño sen atrancos, de xeito que percibamos un esclarecemento crecente do enigma que constitúe o seu cadro clínico e, así e todo, nos sorprendamos de que tal esclarecemento non se corresponda cun avance da curación, cunha atenuación dos síntomas. Máis adiante descubriremos que a resistencia se acubillou nas dúbidas do neurótico obsesivo, burlando os nosos ataques dende esta posición privilexiada. O enfermo dise a si mesmo “Todo isto é verdadeiramente fermoso e interesante. Eu tamén quero seguílo. Se fose verdade cambiaría o curso da miña enfermidade. Pero non creo en absoluto que sexa verdade, e mentres non o crea, non afecta á miña enfermidade”. Pode manterse nesta postura durante moito tempo, ata, finalmente, alcanzarmos a posición da resistencia, dando comezo á loita decisiva.

As resistencias intelectuais non son as peores; logrando sempre impornos sobre elas. Pero o paciente tamén sabe xerar, dentro do marco da análise, unha resistencia, constituíndo a superación da mesma unha das tarefas técnicas máis difíciles. No canto de lembrar, repite aquelas actitudes e impulsos emocionais da súa vida que, por medio da chamada “transferencia”, permiten seren usadas como resistencia contra o médico e a cura. Por norma, extrae este material, cando se trata dun home,

da súa relación co pai, facendo que o médico ocupe o lugar deste, e ofrece así resistencia esforzándose por conservar a súa independencia de xuízo, a súa ambición, que estableceu coma primeiro obxectivo a equiparación ou superación do pai, a súa indignación por verse forzado a cargar por segunda vez na vida co peso da gratitude. A treitos temos a impresión de que o propósito de lle quitar a razón ao médico, de facer que este perciba a súa impotencia, de triunfar sobre el, substitúe nos enfermos o propósito mellor de lle por fin á enfermidade. As mulleres saben empregar de forma maxistral unha transferencia afectiva acentuadamente erótica sobre o médico coa fin de oporlle resistencia. Cando este afecto alcanza certa intensidade desaparece todo interese pola situación actual da cura e polas obrigas que, ao someterse á mesma, adquiriu, e os ciúmes, que nunca faltan, así como a irritación debido ao inevitable rexeitamento, formulado sempre con cortesía, deterioran o acordo persoal co médico, anulando así unha das forzas motrices máis poderosas da análise.

As resistencias deste tipo non deben ser xulgadas unilateralmente. Conteñen unha parte substancial do material sobre o pasado do enfermo, e revélanolo dunha forma tan convincente, que pasan a formar parte dos mellores apoios da análise, no caso de que unha técnica destra saiba darlles a aplicación axeitada. Pero chama a nosa atención que este material estea sempre e ante todo ao servizo da resistencia, antepoñendo a súa fachada hostil ao tratamento. Tamén podemos dicir que se trata de riscos do carácter ou actitudes do Eu que son mobilizadas para loitar contra o pretendido cambio. Descóbrese así como estes riscos do carácter foron construídos en conexión coas condicións da neurose e como reacción contra as súas pretensións, podendo denominar latentes a estes riscos que non poderían manifestarse, ou non cando menos nesta medida, fóra da neurose. Pero non crean que na aparición destas resistencias enxergamos perigo ningún, non visto antes, para a eficacia da análise. Non, sabe-

mos que estas resistencias deben saír á luz e só nos sentiremos insatisfeitos se non logramos provocalas con suficiente claridade e facelas intelixibles para o enfermo. Si, por fin entendemos que a superación destas resistencias é a función esencial da análise, e que esta parte do traballo é a única que nos garante terlle prestado algún servizo ao enfermo.

Engadan a isto que o enfermo aproveita todas as continxencias que se dan durante o tratamento a modo de trastornos, sucesos externos susceptibles de distraer a súa atención, opinións hostís á análise formuladas por algunha persoa do seu círculo, unha enfermidade casual ou orgánica que complica a neurose, e incluso unha melloría do seu estado é dicir, que el mesmo emprega estes factores como motivo para a diminución do seu esforzo. Isto proporcionaralles un cadro aproximado, aínda incompleto, das formas e os medios da resistencia cos que temos que loitar durante toda a análise. Concedinlle a este punto un tratamento tan completo porque quero advertilos de que esta nosa experiencia coa resistencia dos neuróticos á supresión dos seus síntomas converteuse na base da nosa concepción dinámica das neuroses. Breuer e eu mesmo practicamos orixinarimente a Psicoterapia por medio da hipnose; a primeira paciente de Breuer foi tratada sen excepción baixo un estado de suxestión hipnótica; eu secundeino neste labor. Confeso que o traballo transcorría por aquel entón de forma máis doada e agradable, e duraba menos tempo. Pero os éxitos eran veleidosos e provisionais; por iso abandonei a hipnose. E entón comprendín que non era posible coñecer a dinámica destas afeccións mentres nos servísemos da hipnose. Este estado subtraía a existencia dunha resistencia á percepción do médico. Apartaba o traballo analítico, franqueando un ámbito determinado para el, pero recluíndoo ao mesmo tempo dentro dos límites deste ámbito de tal xeito que se facía impenetrable, é dicir, actuando de forma similar á dúbida na neurose obsesiva. Debo, polo tanto, afirmar que a verdadeira Psicanálise comezou coa renuncia á axuda da hipnose.

Pero aínda que a constatación desta resistencia cobrara tanta significación, debemos deixar un espazo prudente para a dúbida de non estarmos sendo demasiado frívolos ao admitirmos tales resistencias. Quizais haxa realmente casos neuróticos nos que as asociacións fracasan por outras razóns, quizais merezan realmente unha valoración intelectual aqueles argumentos que se opón ás nosas suposicións, e esteamos sendo inxustos deixando tan comodamente a un lado a crítica intelectual dos analizados por considerala unha resistencia ao tratamento. Si, meus cabaleiros, e non chegamos a esta conclusión á lixeira. Tivemos ocasión de observar a todos os pacientes críticos durante a aparición e despois da desaparición da súa resistencia. Sucede ademais que a resistencia cambia constantemente a súa intensidade no transcurso dun tratamento, incrementando sempre que nos achegamos a un tema novo e alcanzando o seu grao máximo no momento máis interesante da elaboración do mesmo, para diminuír novamente cando este se esgota. O que nunca chegamos a provocar, a non ser que incorreramos en determinadas torpezas técnicas, foi a máxima resistencia que pode ofrecer un paciente. Polo tanto, puidemos convencernos de que o mesmo home abandona e retoma de novo innumerables veces no transcurso da análise a súa actitude crítica. Cando nos atopamos ante o inminente traslado á consciencia dunha parte nova, e especialmente penosa para o enfermo, do material inconsciente, este adopta unha actitude manifestamente crítica; se antes entendeu e aceptou moito do que lle dixemos, agora estes logros semellan estar anulados; co seu esforzo por oporse a calquera prezo pode incluso reproducir a imaxe dun imbécil afectivo. Se logramos que supere esta nova resistencia, recuperará entón de novo o dominio sobre as súas ideas e a súa capacidade de comprensión. A súa crítica non é, polo tanto, independente nin digna de respecto, é o peón das súas actitudes afectivas e é dirixida pola súa resistencia. Se algo non lle convén, pode defenderse disto con gran perspicacia, semellan-

do ter un elevado espírito crítico; pero se algo serve aos seus propósitos pode amosarse, pola contra, moi crédulo. Quizais os demais non sexamos moi diferentes; o analizado só amosa tan claramente esta dependencia do intelecto da vida afectiva debido á presión á que o somete a análise.

¿Cómo explicamos agora o feito de o enfermo se defender tan enerxicamente contra a supresión dos seus síntomas e o restablecemento do curso normal dos seus procesos psíquicos? Alegamos que podemos percibir determinadas forzas que se opón ao cambio do seu estado; estas deben ser as mesmas que, no seu momento, provocaron tal estado. Durante a formación do síntoma sucede algo que agora, a partir das nosas experiencias coa anulación deste síntoma, podemos reconstruír. Polas observacións de Breuer sabemos que a existencia dos síntomas ten coma condición previa a alteración de algún proceso psíquico, que evitou que este se fixera consciente. O síntoma é un substituto da parte obstaculizada do proceso. Agora sabemos onde debemos situar o suposto efecto desta forza. Debeu elevarse unha dura oposición contra aquilo que tentaba levar ao proceso psíquico ata a consciencia; e por iso permaneceu inconsciente. Sendo inconsciente tiña a capacidade de construír un síntoma. A mesma oposición confróntase durante a cura analítica co esforzo de trasladar o elemento inconsciente á consciencia dende o comezo. E esta oposición é a que percibimos como resistencia. O proceso patóxico que se nos amosa por medio da resistencia recibe o nome de *represión*.

Sobre este proceso de represión debemos facer determinadas advertencias. Trátase da condición previa da construción do síntoma, pero tamén se trata de algo para o que non coñecemos analoxía. Tomemos coma modelo un impulso é dicir, un proceso psíquico que se esforza por converterse en acto, sabemos que pode estar suxeito a un rexeitamento, ao que chamamos reprobación ou condena. Dito rexeitamento prívalle da enerxía da que dispón, volvéndoo impotente, pero permitíndolle subsistir como

lembranza. Todo o proceso de tomar unha decisión respecto a este impulso transcorre baixo a intervención do Eu. Sería moi distinto se imaxinásemos que o mesmo impulso da represión fose reprimido. Entón o impulso conservaría a súa enerxía e non quedaría ningunha lembranza del; e o proceso da represión se completaría sen ser advertido polo Eu. Esta comparación non nos achega, polo tanto, á esencia da represión.

Exporeilles a continuación aquelas ideas teóricas que demostraron ser as únicas útiles para ligar o concepto de represión a unha imaxe definida. Para isto é necesario, sobre todo, que avancemos dende o sentido puramente descritivo da palabra “inconsciente” cara ao sentido sistemático da mesma palabra, é dicir, que nos decidamos a afirmar que a consciencia ou inconsciencia dun proceso psíquico só é unha das características do mesmo e non necesariamente unívoca. Que un proceso deste tipo permaneza inconsciente, a súa separación da consciencia pode constituír só un indicio do destino que tivo, e non o destino mesmo. Para facernos unha idea exacta deste destino aceptamos que todo proceso psíquico –aquí debe admitirse unha excepción que mencionaremos máis adiante– existe primeiro nun estado ou fase inconsciente, que máis tarde se fai consciente, algo así coma unha imaxe fotográfica que é primeiro un negativo, converténdose logo, por medio do proceso de positivación, en imaxe. Pero dun negativo non ten porque saír sempre un positivo, e tampouco é obrigado que todo proceso psíquico inconsciente se faga consciente. Diremos, pois, que o proceso illado pertence en primeira instancia ao sistema psíquico do inconsciente, podendo logo, en determinadas circunstancias, trasladarse ao sistema do consciente.

A representación máis groseira destes sistemas é a máis cómoda para nós; trátase da representación espacial. Equiparamos, polo tanto, o sistema do inconsciente cunha grande antecámara na que se amorean os impulsos psíquicos coma seres vivos. A esta antecámara séguelle unha segunda, máis estreita, unha

especie de salón, no que permanece a consciencia. Pero no limiar entre ambos os dous espazos atopamos a un gardián que cumpre co seu deber, é dicir, que examina todos os impulsos psíquicos, os censura e non permite que entren no salón aqueles que non son do seu agrado. Non implica unha gran diferenza que o gardián aparte un impulso dende o limiar ou que o faga retroceder logo de que este entrara no salón. Só se trata neste caso do grao de vixilancia do gardián, que fará que o detecte antes ou despois. Esta imaxe permítenos desenvolver agora a nosa nomenclatura. Os impulsos da antecámara do inconsciente subtráense á mirada da consciencia, que se atopa noutro espazo; de momento deben permanecer inconscientes. Se xa se abriron paso ata o limiar e foron rexeitados polo gardián, entón non serán susceptibles de facerse conscientes; a estes impulsos chamáremoslos *reprimidos*. Pero os impulsos, aos que o gardián deixou pasar alén do limiar, tampouco se fan por esta razón conscientes; só poden facerse conscientes se logran atraer a mirada da consciencia sobre si. A este segundo espazo chamámolo sistema do *preconsciente*. O facerse consciente conserva entón o seu sentido puramente descritivo. Pero a esencia da represión consiste para un so impulso en que o gardián non o deixe pasar do sistema do inconsciente ao do preconsciente. Este gardián é aquilo que coñecemos como resistencia cando tentamos suprimir por fin a represión por medio do tratamento analítico.

Sei que agora vostedes dirán que estas ideas son tan groseiras coma fantásticas, e que non son en absoluto admisibles nunha interpretación científica. Eu sei que son groseiras; aínda máis, tamén sei que son incorrectas pero, ou moito me trabuco, ou xa temos preparado un substituto mellor para elas. Talvez despois non lles sigan semellando tan fantásticas. Trátase provisionalmente de representacións auxiliares, coma a do boneco de Ampère nadando no circuíto eléctrico, que non debemos menosprezar, pois son necesarias para entender as nosas observacións. Gustaríame asegurarlles que a nosa groseira

exposición sobre os dous espazos, cun gardián no limiar entre ambos e a consciencia como espectador ao final da segunda sala, debe proporcionar unha ampla aproximación ao verdadeiro feito. Tamén me gustaría que vostedes me concederan que as nosas denominacións *inconsciente*, *preconsciente* e *consciente* prexulgan menos e son máis doadamente xustificables ca outras propostas ou xa en uso coma *subconsciente*, *paraconsciente*, *intraconsciente* e similares.

Por esta razón será para min máis significativo que me lembren que unha organización tal do aparato psíquico, como a que aceptei como explicación dos síntomas neuróticos, deba ser universal e, polo tanto, informarnos tamén sobre a función normal. Nisto teñen, naturalmente, razón. Agora non podemos ocuparnos desta conclusión, pero o noso interese pola Psicoloxía da formación dos síntomas deberá experimentar un aumento extraordinario no caso de que exista a probabilidade de obter, a través do estudo dos comportamentos patolóxicos, unha explicación sobre o funcionamento psíquico normal, ata agora oculto.

¿Non recoñecen, ademais, o punto de apoio das nosas concepcións de ambos os dous sistemas, da súa interrelación e do seu vínculo coa consciencia? O gardián entre o inconsciente e o preconsciente non é outra cousa ca a *censura*, que atopamos sometida á formación do soño manifesto. Os restos diúrnos, nos que recoñecemos os estímulos do soño, eran material preconsciente que experimentou durante a noite e no estado de repouso a influencia de impulsos de desexos inconscientes e reprimidos e que, xunto con eles e grazas á súa enerxía, puideron construír o soño latente. Baixo o dominio do sistema inconsciente, este material atopou unha elaboración –a condensación e o desprazamento–, que non se observa nunca, ou só excepcionalmente, na vida psíquica normal. Esta diferenza no funcionamento converteuse para nós en característica de ambos os dous sistemas; a relación coa consciencia que se lle atribúe ao preconsciente

só ten validez para nós como indicio da pertenza a un dos dous sistemas. O soño xa non é precisamente un fenómeno patolóxico; pode aparecer en todas as persoas sas que se atopan en estado de repouso. Aquela hipótese sobre a estrutura do aparato psíquico, que por fin nos permite entender a formación do soño e a dos síntomas neuróticos, ten un dereito innegable a ser tomada en consideración tamén na vida psíquica normal.

Isto é todo o que queremos dicir sobre a represión. Non é máis ca a condición previa para a formación dos síntomas. Sabemos que o síntoma é un substituto de algo que non se manifestou debido á represión. Pero entre represión e a comprensión desta imaxe substitutiva hai aínda un longo camiño. Pola outra banda, a partir do problema xorden múltiples preguntas relacionadas coa constatación da represión. ¿Que tipo de impulsos psíquicos está suxeito á represión, por que forzas se fai prevalecer, por que motivos? Para responder a estas cuestións só dispomos dun único elemento. Durante a investigación da resistencia descubrimos que esta é un produto das forzas do Eu, de propiedades coñecidas e latentes do carácter. Estas son tamén, polo tanto, as que xeraron a represión ou, cando menos, participaron nela. O resto aínda é descoñecido para nós.

Neste punto axúdanos o segundo dos resultados experimentais dos que lles informei. A partir da análise podemos adiviñar de forma xeral a intención dos síntomas neuróticos. Isto tampouco é unha novidade para vostedes. Xa llo amosei en dous casos de neurose. Pero claro, ¿que significan dous casos? Vostedes teñen dereito a esixir que llo demostre un número incontable de veces. Pero eu non podo facelo. Para iso deberán apelar á observación directa ou á fe na afirmación unánime de todos os psicanalistas.

Vostedes lembran que nos dous casos, que sometemos xunto cos seus síntomas a unha investigación detallada, a análise púxonos ao corrente do máis íntimo da vida sexual destas enfermas. No primeiro caso recoñecemos ademais a intención ou

tendencia do síntoma investigado con especial claridade; pode ser que no segundo caso permanecera algo oculto debido a un factor que mencionaremos máis adiante. Agora ben, o mesmo que vimos nestes dous exemplos poderíannolo amosar todos os demais casos que sometéramos a análise. Esta sempre nos amosaría as experiencias e desexos sexuais do enfermo, e sempre teríamos que constatar que os seus síntomas obedecen á mesma intención, é dicir, á satisfacción de desexos sexuais; os síntomas serven á satisfacción sexual dos enfermos, son un substituto desta satisfacción da que carecen na vida.

Pensen vostedes no acto obsesivo da nosa primeira paciente. A muller bota de menos o seu home amado intensamente, pero non pode compartir a súa vida con el debido ás carencias e debilidades deste. Así e todo, debe permanecerlle fiel, non pode pór ningún outro no seu lugar. O seu síntoma obsesivo dálle aquilo que anhela, restitúe a reputación do seu home, nega, corrixe as súas debilidades, sobre todo a súa impotencia. Este síntoma consiste en esencia, de forma semellante ao soño, na satisfacción dun desexo e, non obstante, trátase dunha satisfacción coa que non sempre podemos equiparar o soño, da satisfacción dun desexo erótico. Na nosa segunda paciente poden cando menos concluír que o seu cerimonial quere impedir ou postergar tanto o acto sexual dos pais como o posible nacemento derivado do mesmo. Vostedes tamén descubriron que, en esencia, aspira a pórse no lugar da nai. É dicir, trátase novamente de supresións de atrancos para a satisfacción sexual e do cumprimento dos desexos sexuais propios. Pronto falaremos da complicación á que aludimos con anterioridade.

Gustaríame previlos, meus cabaleiros, de que teño restricións á xeneralidade destas afirmacións, e chamo a súa atención sobre o feito de que todo o que aquí digo sobre represión, formación e significado de síntomas, obtívose de tres formas de neurose, da histeria por angustia, da histeria por conversión e da neurose obsesiva, e que, de momento, é só válido para estas

formas. Estas tres afeccións, que estamos afeitos a reunir no grupo das *neuroses por transferencia*, circunscriben tamén o ámbito de actuación da terapia psicanalítica. As outras neuroses foron estudadas moito menos pola Psicanálise; nun grupo das mesmas, a imposibilidade dunha influencia terapéutica ben puido ser a causa da súa postergación. Tampouco esquezan que a Psicanálise aínda é unha ciencia moi nova, de preparación que require moito esforzo e tempo, e que non hai moito aínda camiñaba a catro patas.

Con todo, estamos a piques de internarnos na comprensión destas outras afeccións que non son neuroses por transferencia. Espero poder amosarlles o alcance das nosas suposicións e resultados por medio da súa adaptación a este novo material, e demostrarlles que estes estudos posteriores non nos levan a ningunha contradición, senón á aparición de uniformidades superiores. Polo tanto, se todo o dito aquí é válido para as tres neuroses por transferencia, permítanme en primeiro lugar elevar o valor dos síntomas por medio dunha nova observación. Unha investigación comparativa sobre os motivos da enfermidade dá un resultado que pode resumirse coa afirmación de que estas persoas enferman por unha *privación*, porque a realidade lles escatima a satisfacción dos seus desexos sexuais. Noten de que forma tan exquisita coinciden estes dous resultados. Os síntomas deben entenderse xustamente coma satisfacción substitutiva daquela que se bota en falta na vida.

Seguramente teñan aínda toda clase de obxeccións á afirmación de que os síntomas neuróticos son satisfaccións sexuais substitutivas; é posible. Hoxe gustaríame debater aínda sobre dúas delas. Se exploraran analiticamente unha cifra considerable de neuróticos, diríanme, negando coa cabeza, “Esta afirmación non se cumpre nunha serie de casos; semella que os síntomas destes casos teñen máis ben a intención oposta de excluír ou anular a satisfacción sexual”. Non discutirei a exactitude da súa interpretación. As circunstancias psicanalíticas adoitan ser

algo máis complicadas do que nos gustaría. Se fosen tan sinxelas, tal vez non se precisaría da Psicanálise para as sacar á luz. Realmente, algúns riscos do cerimonial da nosa segunda paciente xa nos permiten recoñecer este carácter ascético, inimigo da satisfacción sexual, por exemplo, a supresión dos reloxo, que ten o significado máxico de evitar ereccións nocturnas, ou a prevención da caída e rotura de recipientes, que equivale á protección da súa virxindade. Noutros casos de cerimoniais para o sono que puiden analizar, este carácter negativo era moito máis pronunciado; o cerimonial podía consistir xeralmente en medidas defensivas contra lembranzas ou tentacións sexuais. Non obstante, na Psicanálise descubrimos con frecuencia que as antíteses non implican necesariamente unha contradición. Poderíamos ampliar a nosa afirmación dicindo que os síntomas non teñen como obxectivo unha satisfacción sexual nin unha defensa contra a mesma, e é certo que na histeria predomina o carácter positivo ou de satisfacción e na neurose obsesiva o negativo e ascético. Se os síntomas poden servir tanto á satisfacción sexual como á súa antítese, esta bilateralidade ou polaridade explícase perfectamente por un dos engrenaxes do seu mecanismo, que aínda non tivemos ocasión de mencionar. Os síntomas son, como veremos máis adiante, os resultados dun compromiso, proceden da interferencia de dúas tendencias opostas, e representan tanto o elemento reprimido coma o represor, que contribuíu así á súa xénese. A representación pode beneficiar máis a unha destas tendencias ca a outra, pero rara vez se decanta por unha soa. Na histeria lógrase a maioría das veces o encontro de ambas as dúas tendencias no síntoma. Na neurose obsesiva existe a miúdo unha separación entre ambas; o síntoma convértese entón en bilateral, consistindo en dous actos sucesivos que se anulan mutuamente.

Menos doado será despexar outra das nosas dúbidas. Se observan unha serie maior de interpretacións de síntomas, xulgarán probablemente que o concepto dunha satisfacción sexual

substitutiva dilatouse ata os seus límites máis extremos. Non omitirán acentuar que estes síntomas non ofrecen nada real para a satisfacción, que se limitan frecuentemente á reanimación dunha sensación ou á representación dunha fantasía xerada a partir dun complexo sexual. Engadirán que a suposta satisfacción sexual amosa con tanta frecuencia un carácter infantil e indigno que se aproxima a un acto masturbatorio, ou que lembra os sucios vicios que xa se lle prohiben aos nenos, tendo estes que deshabituarase aos mesmos. Pero, sobre todo, tamén se sorprendarán vostedes de que se queira cualificar de satisfacción sexual o que quizais debera ser descrito coma satisfacción de veleidades crueis ou atroces, que mesmo poderíamos tachar de antinaturais. Sobre estes últimos puntos, meus cabaleiros, non chegaremos a ningún acordo sen termos sometido antes a vida sexual humana a unha investigación profunda, determinando a qué estamos autorizados a chamar sexual.

A vida sexual humana

Miñas damas e meus cabaleiros, deberíamos crer que non hai dúbida ningunha en torno ao que debemos entender baixo *sexual*. O sexual é, sobre todo, o indecoroso, aquilo do que non se debe falar. Nunha ocasión contáronme que os alumnos dun famoso psiquiatra fixeron unha vez o esforzo de convencer o seu mestre de que os síntomas dos histéricos contiñan moi a miúdo un carácter sexual. Con esta intención, levárono ata a cama dunha histérica, que manifestaba ataques inequivocamente imitativos do proceso dun parto. Pero el manifestou negando “Está ben, pero un parto non é algo sexual”. Certamente, un parto non ten por que ser sempre indecoroso.

Percibo que toman a mal que trate a risa asuntos tan serios. Pero non só se trata dunha broma. En realidade non é doado detectar o risco distintivo do contido do concepto *sexual*. Tal vez o máis acertado sexa afirmar que entraña todo o relacionado coa diferenza entre os dous sexos, pero atoparán vostedes esta definición insípida e demasiado ampla. Se sitúan o feito do acto sexual no centro do concepto, quizais digan que sexual é todo aquilo que se ocupa do propósito de obter pracer co corpo, especialmente cos órganos sexuais do outro sexo e que, en última instancia, tende á unión dos xenitais e á realización do acto sexual. Pero entón non estarán moi lonxe da equiparación do sexual e o indecoroso, excluindo novamente o parto. Se convertemos a procreación en núcleo da sexualidade, correrán o perigo de excluír unha gran cantidade de elementos que non fan alusión á procreación pero que son certamente sexuais, coma a masturbación ou mesmo o acto de bicar. Pero xa estamos afeitos a que os intentos de definición impliquen sempre certas dificultades; renunciemos pois a mellorar este feito precisamente no caso que nos ocupa. Podemos intuír que na evolución do concepto

sexual sucedeu algo que, segundo a expresión de H. Silberer, tivo como consecuencia un “erro por encubrimento”. Por outra banda, tampouco carecemos de certa orientación sobre o que os homes denominan sexual.

Unha definición que teña en consideración a oposición entre ambos os dous sexos, a obtención de pracer, a función procreativa e o carácter indecoroso dunha serie de actos e obxectos que deberán manterse en segredo, abondará para todas as necesidades prácticas da vida. Pero non da ciencia. As nosas coidadosas investigacións, que só foron posibles por medio dunha abnegada autosuperación, familiarizáronnos con grupos de individuos cunha “vida sexual” que se desvía da forma máis significativa do modelo acostumado. Unha parte destes “pervertidos” suprimiron, por así dicilo, a diferenza de sexos do seu programa. Só o seu mesmo sexo pode excitar os seus desexos sexuais; o outro, sobre todo os seus órganos xenitais, non é para eles ningún obxecto sexual, e incluso chega a considerarse en casos extremos un obxecto de repugnancia. Deste xeito renuncian naturalmente tamén a calquera participación da procreación. Chamamos a estas persoas homosexuais ou invertidos. Trátase de homes e mulleres que con moita frecuencia, aínda que non sempre, recibiron unha formación impecable, altamente evolucionados tanto intelectual coma eticamente, afectados só por este funesto desvío. Fanse pasar, en boca dos seus portavoces científicos, por unha variedade especial de homes, por un “terceiro sexo” que se sitúa a carón dos outros dous e que merece os mesmos dereitos. Quizais teñamos ocasión de examinar as súas reivindicacións de xeito crítico. Naturalmente non son, como lles gustaría afirmar, unha “elite” da humanidade, senón que conteñen a mesma proporción de individuos de escaso valor que os demais grupos sexuais.

Estes pervertidos levan a cabo as mesmas prácticas co seu obxecto sexual que os normais co seu. Pero existe unha longa serie de anormais, que desenvolven unha actividade sexual

cada vez máis afastada do que semella desexable para unha persoa razoable. Pola súa variedade e singularidade son só comparables aos grotescos monstros que pintou P. Brueghel para representar a tentación de san Antonio, ou aos desaparecidos deuses e crentes que G. Flaubert fai desfilar en longa procesión ante o seu piadoso penitente. Esta multitude heteroxénea precisa unha clasificación para evitar que confunda os nosos sentidos. Así pois, dividímolos en dous grupos: aqueles que, coma os homosexuais, cambiaron o seu obxecto sexual, e aqueles que, en primeira instancia, modificaron o seu obxectivo sexual. Ao primeiro grupo pertencen aqueles que renunciaron á unión de ambos os dous xenitais e nos que un membro da parella substitúe no acto sexual os xenitais por outra parte ou rexión do seu corpo; sobrepoñense ao feito de que a parte escollida non se preste, debido á súa estrutura orgánica, ao acto da cópula, e transgreden os límites da repugnancia (boca ou ano no canto da vaxina.) Dentro do mesmo grupo atopamos aqueles suxeitos que perseveran nos xenitais, pero non debido ás súas funcións sexuais, senón a outras inherentes a eles por razóns anatómicas ou de proximidade. As funcións excretoras, marxinadas na educación infantil por indecorosas, monopolizan todo o interese sexual destes individuos. Veñen despois outros pervertidos que abandonaron os xenitais como obxecto, elevando no seu lugar a obxecto do seu desexo outra parte do corpo, os peitos femininos, o pé, unha trenza. A continuación aqueles para os que unha parte do corpo non significa nada, satisfacendo os seus desexos unha prenda de roupa, un zapato, unha peza de roupa interior: os fetichistas. Nun posto máis adiante da lista as persoas que desexan o obxecto sexual no seu conxunto, pero existen determinados requisitos, estraños ou atroces, ata o punto de converter ao obxecto do seu desexo nun cadáver tratándoo cunha violencia criminal para poder gozar. ¡Abonda de abominacións a este respecto!

O outro grupo é encabezado polos pervertidos que estableceron como meta do seu desexo sexual o que normalmente só é introdución e preparación. É dicir, aqueles que só aspiran á contemplación e tocamento da outra persoa ou a ser espectadores de actos íntimos da mesma ou que ispen as partes do seu corpo que deberan ocultarse coa escura esperanza de ser recompensados coa mesma contraprestación. Logo veñen os enigmáticos sádicos, que colocan a meta do seu anhelo en inflixir dor e someter o seu obxecto a todo tipo de torturas, dende humillacións ata graves danos corporais, e en compensación a estes atopamos a súa antítese, os masoquistas, que só desexan sufrir por parte do seu obxecto amado todas as humillacións e torturas posibles, tanto de forma simbólica coma real. Outros presentan a asociación ou entrecruzamento de varias destas tendencias anormais deste tipo e, finalmente, aínda debemos engadir que estes dous grupos se dividen á súa vez en dous subgrupos é dicir, que a carón dos que buscan a súa satisfacción sexual na realidade, hai outros que se contentan con imaxinar simplemente esta satisfacción, sen precisar de ningún obxecto real, ao que substitúen por medio da fantasía.

Non se pode tolerar a mínima dúbida sobre o feito de que estas tolemias, extravagancias e atrocidades representen a actividade sexual destas persoas. Non se trata só de que elas mesmas as conciben e practican como tal, senón que estes actos xogan na súas vidas o mesmo papel ca a satisfacción sexual normal nas nosas, que fan para isto os mesmos sacrificios, a miúdo demasiado grandes, e que podemos observar, a grandes riscos e en detalle, en qué imitan estas anormalidades ao normal e en qué difiren del. Deben advertir tamén que aquí atopamos novamente o carácter indecoroso inherente á actividade sexual, que alcanza na maioría destes casos o ignominioso.

Agora ben, miñas damas e meus cabaleiros, ¿como nos posicionamos con respecto a estas formas inusuais da satisfacción sexual? Coa indignación, a manifestación da nosa aversión per-

soal e a afirmación de que non compartimos estas veleidades, obviamente, non se acada nada. Non é iso o que se está preguntando. A fin de contas, trátase dun ámbito fenomenolóxico coma outro calquera. Un subterfuxio negativo, como dicir que só son rarezas e curiosidades, sería doado de rexeitar. Trátase, pola contra, de fenómenos moi usuais e estendidos. Pero se se nos di que estas tendencias non deben sementar o desconcerto na nosa opinión sobre a vida sexual porque representan, sen excepción, extravíos e descarrilamentos do instinto sexual, entón sería oportuna unha resposta inmediata pola nosa parte. Se non entendemos estas formacións enfermizas da sexualidade, e non podemos relacionalas coa vida sexual normal, entón tampouco entenderemos a sexualidade normal. Resumindo, queda pendente a inevitable tarefa teórica de xustificar a posibilidade das chamadas perversións e establecer a súa conexión coa así chamada sexualidade normal.

Para isto axudarannos os nosos coñecementos e dous novos resultados experimentais. O primeiro débémollo a Iwan Bloch; ela corrixiu a concepción de todas estas perversións como “signos de dexeneración” a través da proba de que tales extravíos da meta sexual, tales actitudes a respecto do obxecto sexual existiron sempre, en todas as épocas coñecidas, en todos os pobos, tanto nos máis primitivos coma nos máis civilizados, gozando eventualmente da tolerancia e do creto xeral. Estes dous novos resultados obtivéronse por medio da investigación psicanalítica dos neuróticos, e influenciarán a nosa concepción das perversións sexuais de xeito decisivo.

Dixemos que os síntomas neuróticos son satisfaccións sexuais substitutorias, e eu indiqueilles que a confirmación desta frase atopará durante a análise dos síntomas certas dificultades. Está xustificada se incluímos na “satisfacción sexual” as chamadas necesidades sexuais pervertidas, xa que a análise nos impón cunha asiduidade sorprendente esta interpretación. O dereito á excepción dos homosexuais ou invertidos desapa-

rece inmediatamente ao descubrimos que non existe ningún neurótico no que non poidamos probar a presenza de impulsos homosexuais, e que un bo número de síntomas neuróticos non son máis ca a expresión desta inversión latente. Os que se chaman a si mesmos homosexuais son precisamente só os invertidos conscientes e manifestos, que son eclipsados pola abundancia de homosexuais latentes. Deste xeito vémonos obrigados a observar a elección dun obxecto sexual do propio sexo coma unha bifurcación regular da vida erótica, e a concederlle sempre un significado especialmente importante. Seguro que nada disto suprime as diferenzas entre a homosexualidade manifesta e o comportamento normal; o seu significado práctico subsiste, pero o seu valor teórico diminúe considerablemente. Dunha afección determinada, que xa non podemos incluír entre as neuroses por transferencia, a paranoia, aceptamos incluso que normalmente procede do intento de defensa ante impulsos homosexuais extremadamente fortes. Quizais lembren aínda que unha das nosas pacientes suplanta no seu acto obsesivo a un home, ao seu home, do que vivía separada; unha produción de síntomas deste tipo simulatorios da actividade masculina é moi habitual en mulleres neuróticas. Se non se pode atribuír á homosexualidade, ten cando menos moito que ver coas súas condicións previas.

Como probablemente saiban, a neurose histérica pode manifestar os seus síntomas en todos os sistemas orgánicos, alterando así todas as funcións. A análise demostra que neste proceso maniféstanse todos os impulsos chamados pervertidos, que pretenden substituír os xenitais por outros órganos. Estes órganos compórtanse coma xenitais substitutivos; os síntomas da histeria lévanos, polo tanto, á conclusión de que aos órganos corporais adxudícaselles, ademais do seu papel funcional, un significado sexual ou eróxico, e que esta primeira tarefa pode verse alterada no caso de que recorramos demasiado á última. Incontables sensacións e innervacións que nos fan fronte, na

súa calidade de síntomas da histeria, en órganos que, en aparencia, non teñen nada que ver coa sexualidade, revélanos así a súa natureza consistente no cumprimento de impulsos sexuais pervertidos, nos que outros órganos se apoderaron do significado dos órganos sexuais. Tamén vemos entón a asiduidade coa que os órganos da inxestión de alimentos e da excreción poden converterse en portadores do impulso sexual. É, polo tanto, o mesmo que nos amosaron as perversións, só que nestas podíase ver sen esforzo e de xeito irrefutable, mentres que na histeria temos que dar primeiro o ardeado da interpretación dos síntomas, sen chegar a atribuír os impulsos sexuais pervertidos á consciencia dos individuos, senón relegándoos ao inconsciente dos mesmos.

Dos moitos cadros sintomáticos nos que aparece a neurose obsesiva, os máis importantes parecen estar provocados pola prema de fortes impulsos sexuais sádicos é dicir, pervertidos con respecto á súa meta, e os síntomas serven na súa maioría á defensa contra estes desexos, tal e como corresponde á estrutura dunha neurose obsesiva, ou expresan a loita entre satisfacción e defensa. Pero a satisfacción mesma tampouco se manifesta aquí con brevidade; sabe imporse, por medio de ardeados, ao comportamento do enfermo, e vólvese preferentemente contra a propia persoa deste, converténdoa en autotorturadora. Outras formas da neurose, as escrutadoras, correspóndense cunha sexualización sobredimensionada de actos que, polo demais, se introducen como preparativos no camiño cara á satisfacción sexual normal, tales como querer ver, tocar e pescudar. A gran importancia do medo ao contacto e da obsesión coa limpeza atopa aquí a súa aclaración. Unha parte insospeitadamente grande de actos obsesivos resulta ser repetición e modificación encuberta da masturbación, que acompaña, como é sabido, como único acto uniforme, as diferentes formas de fantasía sexual.

Non me custaría moito traballo exporlles as relacións máis íntimas entre perversión e neurose, pero creo que o visto ata

agora abundará para a nosa intención. Debemos protestar porque, despois destas aclaracións sobre o significado dos síntomas, sobredimensionamos a asiduidade e a intensidade das tendencias pervertidas das persoas. Escoitaron vostedes que se pode enfermar de neurose a raíz do fracaso da satisfacción sexual normal. Pero neste fracaso normal proxéctase a necesidade de vías anormais para o impulso sexual. Máis adiante poderán comprender como sucede isto. En calquera caso, entenden vostedes que, por medio dun estancamento “*colateral*” deste tipo, os impulsos pervertidos deben semellar máis fortes do que resultarían se non se puxera ningún impedimento real á satisfacción sexual normal. Unha influencia similar tamén é recoñecible nas perversións manifestas. Nalgúns casos son provocadas ou activadas porque se lle pon dificultades demasiado grandes a unha satisfacción normal do instinto sexual, debido a circunstancias pasaxeiras ou a dispositivos sociais permanentes. Noutros casos, dende logo, as tendencias á perversión son totalmente independentes de tales encubrimentos; son, por así dicilo, para este individuo a forma normal de vida sexual.

Quizais teñan neste intre a impresión de que complicamos, máis ca aclarar, a relación entre sexualidade normal e perversa. Pero escoiten a seguinte reflexión: se é correcto que a dificultade real ou a privación dunha satisfacción sexual normal pon de manifesto tendencias pervertidas en persoas que, en caso contrario, non as amosarían, entón debemos supor que nestas persoas hai algo que sae ao encontro das perversións; ou, se así o queren, que estas están presentes nelas de forma latente. Por este camiño chegamos á segunda novidade que lles anunciei. A investigación psicanalítica tamén viu necesario prestarlle atención á vida sexual dos nenos e, en particular, á razón de que as lembranzas e ideas xurdidas na análise dos síntomas se retrotraen regularmente aos primeiros anos da infancia. O que concluímos disto foi confirmado máis tarde, punto por punto, nas observacións directas de nenos. Obtívose como resultado

que todas as tendencias á perversión teñen as súas raíces na infancia, que os nenos presentan unha predisposición a todas elas e as accionan na proporción correspondente á súa inmadurez, en resumidas contas, que a sexualidade pervertida non é outra cousa que a sexualidade infantil ampliada e descomposta nos seus impulsos individuais.

Agora verán vostedes as perversións, en efecto, baixo outra luz, e xa non negarán a súa conexión coa vida sexual humana, ¡pero a forza de cantas sorpresas e incongruencias embarazosas para os seus sentimentos! Seguro que tenderán, en primeiro lugar, a negalo todo, o feito de que os nenos teñan algo que podemos denominar vida sexual, a corrección das nosas observacións e a xustificación de atopar no comportamento infantil un parentesco co que, máis adiante, será xulgado coma perversión. Permítanme, polo tanto, que lles explique en primeiro lugar os motivos da súa oposición, e que logo lles presente a suma das nosas observacións. Que os nenos non teñan ningunha vida sexual –impulsos sexuais, necesidades e unha especie de satisfacción–, senón que a adquiren, de súpeto, entre os 12 e os 14 anos, sería –prescindindo de todas as observacións feitas– bioloxicamente tan improbable, incluso absurdo, como dicir que non veñen ao mundo con xenitais e que estes lles medran por vez primeira na época da pubertade. O que esperta neles nesta época é a función de procreación, que se serve para os seus obxectivos dun material corporal e psíquico xa existente. Cometén o erro de confundir sexualidade e procreación, pechándose o camiño á comprensión da sexualidade, das perversións e das neuroses. Ademais, este erro é tendencioso. Ten a súa orixe, curiosamente, en que vostedes mesmos foron nenos e, como nenos, estiveron sometidos á influencia da educación. A sociedade debe admitir entre as súas tarefas educativas máis importantes a de refrear e limitar o instinto sexual, cando este prorrompe como afán procreativo, a de sometelo a unha vontade individual que sexa idéntica a unha orde social. Tamén está

interesada en aprazar o seu completo desenvolvemento, ata o neno alcanzar certo grao de madurez intelectual, xa que coa manifestación completa do instinto sexual atopa o seu final a influencia educativa. Senón, o instinto rompería todos os diques, arrasando a obra da cultura, erixida con esforzo. A tarefa de refrealo tampouco é doada, efectúase ora moi mal, ora moi ben. O motivo da sociedade humana é, en última instancia, económico; xa que non ten alimentos dabondo para sustentar os seus membros prescindindo do traballo, ten que limitar o número de membros e desviar as súas enerxías da actividade sexual cara ao traballo. É dicir, a eterna e continua necesidade vital existente dende tempos inmemoriais e que persiste ata hoxe.

A experiencia debeu amosarlles aos educadores que a tarefa de domesticar a vontade sexual da nova xeración só é realizable se se empeza moi cedo a influír sobre os nenos, sen esperar a tormenta da puberdade, intervindo xa durante os primeiros anos na vida sexual infantil. Con esta intención se lle prohiben ao neno case todas as actividades sexuais infantís, privándoo delas; puxémonos a meta ideal de darlle un carácter asexual á vida do neno, e isto levounos co paso do tempo a consideralo realmente asexual, o que a ciencia promulga como parte da súa doutrina. Para non entrar en contradición coa súa crenza e intencións, omítese a actividade sexual infantil, o que non é pouco, mentres que no ámbito científico nos contentamos con concibila doutro xeito. O neno aparece puro, inocente, e aquel que o describa doutro xeito pode ser acusado de crime infame contra os sentimentos afectivos e sagrados da humanidade.

Os nenos son os únicos que non participan destas convenções, con toda a inocencia dos seus dereitos animais vixentes, fan e demostran unha e outra vez que aínda teñen que percorrer o camiño cara á pureza. É ben curioso que aqueles que negan a sexualidade infantil non renuncien, por esta razón, á educación, senón que persigan estritamente as manifestacións do negado, atribuíndolles o título “vicios infantís”. Tamén é de elevado

interese teórico que os cinco ou seis primeiros anos da vida, que contradín o prexuízo dunha infancia asexual da forma máis estridente, se agochen despois tras o veo da amnesia que só a investigación analítica esgaza a conciencia, pero que xa fora antes permeable para certas construcións oníricas.

Agora quero exporlles aquilo que permite ser recoñecido máis claramente da vida sexual do neno. Permítanme, en parte por conveniencia, introducir tamén o concepto da *libido*. A libido, en todo análoga á *fame*, dá nome á forza coa que se manifesta o instinto, neste caso o instinto sexual, no da fame o instinto de supervivencia. Outros conceptos, como excitación sexual ou satisfacción, non precisan de ningunha explicación. Vostedes mesmos verán, e quizais o empreguen como obxección na miña contra, que a interpretación desenvolve un importante papel nas actividades sexuais do lactante. Estas interpretacións resultan de someter, durante as investigacións analíticas, o síntoma a un seguimento retroactivo. Os primeiros impulsos da sexualidade demostran ser no lactante un apoio para outras funcións vitais. O seu interese principal está dirixido, como saben, á toma de alimentos; cando queda durmido, saciado, sobre o peito, ten a expresión dunha satisfacción beatífica, que se repetirá máis adiante despois da experiencia do orgasmo sexual. Este material sería demasiado escaso para extraer del unha conclusión. Pero observamos que o lactante amosa unha tendencia a repetir a acción da toma de alimentos, pero sen reclamar estes novos alimentos; polo tanto, non se atopa baixo o estímulo da fame. Dicimos que zuga ou chucha, e o feito de que, durante esta acción, se durma de novo con expresión beatífica, amósanos que a acción de *zugar* lle aporta certa satisfacción. É sabido que pronto sistematiza este comportamento, de tal xeito que non se dorme sen zugar antes. A natureza sexual desta actividade constatouna por primeira vez un vello pediatra de Budapest, o Dr. Linder. As persoas responsables do neno, que non se propón ningún posicionamento teórico, semellan xulgar o acto

de zugar de forma similar. Non dubidan de que este só serve á obtención de pracer, atribúeno aos vicios do neno e obrigan ao neno a renunciar a el por medio de impresións desagradables, no caso de que este non queira abandonar o vicio por si mesmo. Descubrimos, polo tanto, que o lactante executa accións que non teñen máis intención ca a da obtención de pracer. Cremos que experimenta este pracer por primeira vez na toma de alimentos, pero que pronto aprende a separalo desta función. Só podemos relacionar a obtención de pracer coa excitación da zona da boca e dos beizos, estas partes do corpo chámanse *zonas eróxenas* e designan ao pracer obtido por medio do acto de zugar coma *sexual*. Seguramente teñamos que debater aínda sobre a pertinencia desta nomenclatura.

Se o lactante puidese expresarse, probablemente recoñecería o acto da lactancia do peito materno como o máis importante na súa vida. E non se trabucaría, pois a través deste acto satisfai as dúas grandes necesidades vitais dunha soa vez. Pola Psicanálise descubrimos logo, non sen sorpresa, o moito que se conserva do significado psíquico deste acto durante toda a vida. A lactancia do peito materno convértese no punto de partida de toda a vida sexual, o modelo non alcanzado de toda satisfacción sexual posterior, reaparecendo na fantasía con relativa asiduidade en tempos de privación. Este modelo tamén implica o peito materno como primeiro obxecto do instinto sexual; eu non podo proporcionarlles ningunha aproximación á importancia deste primeiro obxecto para toda elección posterior dun obxecto, qué profunda influencia exerce sobre as súas transformacións e substitucións, incluso sobre os ámbitos máis arredados da nosa vida psíquica. Pero, en primeiro lugar, o lactante abandona o peito materno e o substitúe, zugando unha parte do propio corpo, o polgar ou a súa mesma lingua. Independízase así do consentimento do mundo exterior para a obtención de pracer, recorrendo, ademais, para a súa intensificación, a unha segunda zona do corpo. Non todas as zonas eróxenas son igualmente eficaces; por esta razón, é unha

experiencia importante que o lactante, como refire Lindner, descubra durante a exploración do seu propio corpo as partes especialmente excitables dos seus xenitais, atopando así o camiño ao onanismo.

Por medio da avaliación do acto de zugar familiarizámonos xa con dúas características decisivas da sexualidade infantil. Aparece vinculada á satisfacción das grandes necesidades orgánicas, e compórtase de forma *autoerótica* é dicir, busca e atopa os seus obxectos no propio corpo. O que se amosou con meirande claridade na toma de alimentos repítese en parte nas excrecións. Deducimos que o lactante experimenta certo pracer coa evacuación de urina e excrementos, esforzándose por dispor estas accións de tal xeito que lle aporten, por medio da correspondente excitación das zonas eróxenas mucosas, o maior pracer posible. Neste punto faille fronte, como expuxo a sutil Lou Andreas, o mundo exterior como poder inhibitorio, inimigo da súa aspiración ao pracer, permitíndolle intuír posteriores loitas, tanto externas coma internas. Non debe expulsar os seus excrementos no momento que queira, senón cando outras persoas o determinen. Para levalo á renuncia destas fontes de pracer, explícaselle que todo o que afecta a estas funcións contén un carácter indecoroso e que, polo tanto, debe manterse en segredo. Neste caso debe, ante todo, substituír o pracer pola dignidade social. A súa relación cos excrementos é, dende o comezo, doutra natureza. Non sente noxo ningún polos seus excrementos, valóraos coma unha parte do seu corpo da que non é doado separarse, e emprégaos coma primeiro “agasallo” para homenaxear a persoas que aprecia especialmente. Aínda despois de que a educación triunfara na súa intención de afastalo destas tendencias, traslada aos conceptos “agasallo” e “cartos” o valor que antes concedera aos excrementos. Pola contra, semella contemplar con especial orgullo os logros vinculados co acto de ouriñar.

Sei que hai tempo que me queren interromper para increparme “¡Abonda de monstruosidades! ¡Agora quere convencernos

de que a excreción é unha fonte de satisfacción de pracer que empregamos dende a lactancia! ¡De que os excrementos constitúen unha substancia valiosa e o ano unha especie de órgano xenital! Non o cremos, pero agora entendemos por que os pediatras e pedagogos rexeitaron a Psicanálise e os seus resultados”. Cálmense meus cabaleiros. Acaso esqueceron que lles quería presentar a vida sexual infantil en relación coas perversións sexuais. ¿Por que non deberían de saber que o ano asume no acto sexual o papel da vaxina nun gran número de adultos, tanto homosexuais coma heterosexuais? ¿E que moitos individuos conservan certa sensación luxuriosa asociada á excreción toda a súa vida, e non a describen como algo insignificante? No que se refire ao interese polo acto da defecación e polo pracer da contemplación da defecación doutro, para confirmalo só necesitan escoitar aos nenos dunha idade máis avanzada, que xa poden falar deste tema. Naturalmente, antes non deben intimidar sistematicamente a estes nenos, senón interpretarán que deben calar ao respecto. E con respecto ás demais cousas que non queren crer, remítoos aos resultados da análise e á observación directa de nenos, e dígolles que sería verdadeiramente toda unha arte non velas ou velas doutro xeito. Tampouco teño nada en contra de que lles chame a atención o parentesco da actividade sexual infantil coas perversións sexuais. En realidade é evidente; se o neno ten unha vida sexual, esta ten que ser de tipo pervertido, xa que o neno descoñece, salvo por certas escuras indicacións, o que fai da sexualidade unha función reprodutora. Por outra banda, a característica común a todas as perversións é que abandonaron o obxectivo da procreación. Neste caso cualificamos unha actividade sexual de pervertida precisamente cando esta renuncia ao obxectivo da procreación, perseguindo a obtención de pracer como obxectivo independente da mesma. Entenderán, polo tanto, que a ruptura e cambio de rumbo na evolución da vida sexual resida na subordinación da mesma ás intencións da procreación. Todo o que sucede

antes deste cambio, que se subtrae a estas intencións e serve soamente á obtención de pracer, recibe o pouco honroso nome de “pervertido” e está, como tal, proscrito.

Permítanme, por esta razón, avanzar na miña breve descrición da sexualidade infantil. O que referín sobre os dous sistemas de órganos podería completalo agora por medio da consideración do sexual. A vida sexual infantil esgótase precisamente coa actividade dunha serie de instintos parciais que, independentes uns dos outros, buscan obter pracer en parte co propio corpo, e en parte cun obxecto externo. Entre estes órganos non tardan en despuntar os xenitais; hai persoas nas que a obtención de pracer cos propios xenitais, sen axuda doutros xenitais ou obxectos, continúa sen interrupción dende onanismo do lactante ata o onanismo forzado dos anos da puberdade, perdurando logo de forma indeterminado no tempo. O tema do onanismo non é, por certo, doadamente esgotable; constitúe un material que pode ser sometido ás observacións máis versátiles.

Malia a miña tendencia a abreviar aínda máis o tema, debo engadir algo sobre a *investigación sexual* dos nenos. É moi característica da sexualidade infantil e significativa para os síntomas das neuroses. A investigación sexual infantil comeza moi cedo, ás veces antes do terceiro ano de vida. Non se vincula á diferenza de sexo, que non significa nada para o neno, xa que –cando menos nos rapaces– atribúe a ambos os dous sexos os mesmos xenitais masculinos. Cando o rapaz fai o descubrimento da vaxina nunha irmá pequena ou nunha compañeira de xogos tenta, en primeiro lugar, negar a súa percepción sensorial, xa que non pode imaxinar un ser humano semellante a el sen esa parte, á que tanto valor concede. Máis tarde rexeita asustado a posibilidade que se lle revela e comeza a sentir os efectos das eventuais ameazas que lle foron dirixidas anteriormente debido á súa adicación exclusiva ao seu pequeno membro. Deste xeito cae baixo o dominio do complexo de castración, que participa considerablemente na construción do seu carácter se permane-

ce san, das súas neuroses se enferma, e das súas resistencias se se somete a un tratamento analítico. Da rapaza pequena sabemos que se considera gravemente prexudicada debido á carencia dun pene grande e visible, que envexa ao rapaz por esta razón e que, en esencia, desenvolve o desexo de ser un home debido a este motivo, desexo que é retomado de novo máis tarde na neurose provocada polas adversidades que poidan aparecer durante o desempeño do seu papel feminino. O clítoris da rapaza xoga durante a idade infantil o papel do pene, é o portador dunha excitabilidade especial, a zona da que se obtén a satisfacción autoerótica. A transformación de nena a muller depende da completa cesión desta sensibilidade do clítoris á entrada da vaxina. Nos casos da así chamada anestesia sexual das mulleres, o clítoris conserva obstinadamente esta sensibilidade.

O interese sexual infantil diríxese máis ben ao principio ao problema da procedencia dos nenos, o mesmo que serve de base ao enigma da Esfinxe, e este interese esperta debido ao temor egoísta provocado pola chegada dun novo neno. A resposta que teñen preparada os adultos, que a cegoña trae aos nenos, atopa, moito máis a miúdo do que cremos, unha grande incredulidade xa nos nenos pequenos. A sensación de estaren sendo enganados polos adultos contribúe moito ao illamento do neno e ao desenvolvemento da súa independencia. Pero o neno non está en condicións de resolver este problema polos seus propios medios. Á súa capacidade de recoñecemento impóñenselle, a través da súa constitución sexual non desenvolvida, determinadas barreiras. Primeiro supón que os nenos proveñen de inxerir determinada substancia cos alimentos, e tampouco sabe que só as mulleres poden ter nenos. Máis adiante descobre esta limitación e relega aos contos a procedencia do neno da inxestión de determinado elemento. En anos posteriores nota que o pai ten que xogar algún papel na concepción dos nenos, pero non pode adiviñar cal. Se se converte en testemuña casual dun acto sexual, ve nel un intento de dominación, unha contenda,

incurrendo no malentendido sádico do coito. Pero non relaciona este acto de inmediato coa concepción do neno. Se descobre manchas de sangue na cama e roupa da nai, interprétaas tamén como proba dunha lesión inflixida polo pai. Nos anos posteriores da infancia intúe que o membro sexual do home ten unha participación esencial na orixe dos nenos, pero non pode crer capaz a esta parte do corpo doutra actividade que non sexa a da micción.

Os nenos cren unanimemente dende o principio que o parto ten lugar a través do ano, o neno sae á luz, polo tanto, como un excremento. Só despois da depreciación de todo interese anal abandonan esta teoría, substituíndoa pola suposición de que o embigo se abre ou de que a rexión do peito entre ambas as dúas mamas é o lugar do nacemento. Deste xeito achégase o neno investigador ao coñecemento dos feitos sexuais ou pasa de longo, desconcertado pola súa ignorancia sobre eles, ata que experimenta, maioritariamente nos anos da pre-puberdade, unha iniciación, habitualmente denigrante e incompleta, que ten a miúdo efectos traumáticos.

Seguramente escoitaran, meus cabaleiros, que o concepto do sexual na Psicanálise é indecorosamente dilatado coa intención de manter as afirmacións da causa sexual das neuroses e do significado sexual dos síntomas. Agora poden xulgar vostedes mesmos se esta dilatación está inxustificada. Nós dilatamos o concepto de sexualidade só para que abarque a vida sexual dos perversos e a dos nenos. É dicir, devolvémoslle as proporcións correctas. O que se chama sexualidade fóra da Psicanálise refírese só á normalmente denominada vida sexual limitada, posta ao servizo da procreación.

Desenvolvemento da libido e organizacións sexuais

Teño a impresión, meus cabaleiros, de que non logrei convencerlos da relevancia das perversións na nosa concepción da sexualidade. Gustaríame, xa que logo, emendarme e engadir todo o que poida sobre o tema.

Non se trata só de que as perversións nos obrigasen á modificación do concepto sexualidade que tan fortes críticas nos valeu. O estudo da sexualidade infantil fixo moito máis neste sentido, e a concordancia de ambos foi decisiva para nós. Pero as manifestacións da sexualidade infantil, con todo o evidentes que poidan ser nos anos posteriores da infancia, semellan volatilizarse, en comparación cos seus comezos, nunha vaga indeterminación. Quen non queira ter en conta a historia evolutiva e o contexto analítico, discutirá o seu carácter sexual, recoñecéndolles en compensación un carácter indiferenciado. Non esquezan que, polo de agora, non estamos en posesión dunha característica xeral recoñecida para a natureza sexual dun proceso; a única coa que contamos segue sendo a pertenza á función reprodutiva, que debemos rexeitar por ser demasiado restritiva. Os criterios biolóxicos, coma as periodicidades establecidas por W. Fließ de entre 23 e 28 días, son moi discutibles; as particularidades químicas dos procesos sexuais que podemos supor están aínda por descubrir. As perversións sexuais dos adultos son, en troques, algo tanxible e inequívoco. Tal e como amosa a súa denominación, xeralmente admitida, forman parte indubidable da sexualidade. Deámoslle o nome de signos de dexeneración ou calquera outro, ninguén reuniu aínda o valor para as ubicar noutro ámbito que non sexa o dos fenómenos da vida sexual. Só debido a elas podemos xustificar a afirmación de que a sexualidade e a procreación non coinciden, xa que é evidente que negan na súa totalidade o obxectivo da reprodu-

ción. Aquí vemos un paralelismo que non carece de interese. Mentres para a maioría “consciente” e “psíquico” significan o mesmo, nós fomos obrigados a proceder a unha ampliación do concepto “psíquico” e a recoñecer un psiquismo que non é consciente. Algo moi similar sucede cando os outros declaran “sexual” e “pertencente á procreación” –ou, se queren dicilo máis brevemente “xenital”–idénticos, mentres nós non podemos por menos que admitir a existencia de algo “sexual” que non é “xenital”, que non ten nada que ver coa procreación. Entre estes dous conceptos só existe unha semellanza formal que carece dunha argumentación máis profunda.

Pero se a existencia das perversións sexuais é un argumento tan concluínte nesta cuestión, ¿por que non produciu efecto hai tempo, pondo así fin ao debate? Eu non atopo unha posible explicación. Paréceme que a razón disto reside en que estas perversións sexuais son tratadas con especial coidado, o cal se estende á teoría, atropelando polo camiño a valoración científica das mesmas. Diríase que ninguén pode esquecer que non só son algo abominable, senón tamén monstruoso, perigoso, e incluso sedutor, forzándonos a vencer unha secreta envexa por aqueles que gozan delas, algo semellante ao que responde o severo *landgrave*⁵ na famosa parodia de Tannhäuser a este:

¡No monte de Venus, esqueceu honor e deber al!

-Que estraño, a alguén como nós non lle sucede algo así.

En realidade, os pervertidos son máis ben pobres diaños que fan unha penitencia extraordinariamente dura por unha satisfacción acadada con gran dificultade.

O que fai da actividade pervertida unha actividade inequivocamente sexual, malia a singularidade do seu obxecto e obxectivos, é a circunstancia de que o acto da satisfacción pervertida desemboca maioritariamente nun orgasmo completo

⁵ Título nobiliario alemán, *N.d.T.*

e na segregación dos sucos xenitais. Naturalmente, isto é só a consecuencia da idade adulta das persoas; nos nenos non son posibles os orgasmos nin a segregación xenital, sendo ambos substituídos por fenómenos aos que, unha vez máis, non podemos atribuír con seguridade un carácter sexual.

Aínda me queda algo por engadir para completar a nosa apreciación das perversións sexuais. A pesar da mala reputación que pesa sobre elas, da severidade coa que as opomos á actividade sexual normal, debemos recoñecer que na vida sexual dos normais aparece con máis ou menos frecuencia algún risco de perversión. O propio bico pode ser cualificado de acto pervertido, xa que consiste na unión de dúas zonas bucais eróxenas no canto dos órganos xenitais. Pero ninguén o reproba por pervertido, sendo, pola contra, admitido na representación escénica como suavizada alusión ao acto sexual. Pero precisamente o bico pode converterse con facilidade nunha completa perversión cando resulta tan intenso que se concatena directamente coa descarga dos xenitais e o orgasmo, o que sucede non raramente. Polo demais, podemos descubrir que o tacto e a contemplación do obxecto son para algúns condicións indispensables do pracer sexual; que outros beliscan ou morden á súa parella cando alcanzan o grao máximo de excitación sexual; que a meirande excitación dos amantes non é sempre provocada polos xenitais, senón por outra rexión corporal do obxecto, e así poderíamos enumerar un amplo abano de posibilidades. Non ten ningún sentido retirar do grupo dos normais e incluír no dos pervertidos aquelas persoas que presenten riscos illados deste tipo, máis ben recoñecemos cada vez con máis claridade que o esencial das perversións non reside na proscripción do obxectivo sexual, nin na substitución dos xenitais, nin tan sequera no cambio de obxecto, senón só na exclusividade coa que se consuman estes desvíos e a través da que se deixa de lado o acto sexual ao servizo da procreación. Na medida en que estas accións pervertidas se realizan a modo de contribucións

preparatorias e reforzadoras da execución do acto sexual normal, deixan de ser perversións. Naturalmente, o abismo entre a sexualidade normal e a pervertida diminúe considerablemente debido a feitos deste tipo. Deduciremos, pois, de forma natural que a sexualidade normal procede de algo anterior a ela, na medida en que suprime riscos illados deste material por consideralos innecesarios, conservando os outros para os subordinar a un novo obxectivo, o da procreación.

Antes de empregarmos a nosa familiaridade coas perversións para profundar novamente, provistos de datos máis claros, no estudo da sexualidade infantil, debo chamar a súa atención sobre unha diferenza importante entre ambas. A sexualidade pervertida está, por norma, extraordinariamente centralizada, todas as súas actividades conducen a un —a maioría das veces único— obxectivo, un instinto parcial prevalece nela, este é, ou ben o único demostrable, ou o que logrou subordinar os outros ás súas intencións. Neste aspecto, non hai entre a sexualidade pervertida e a normal ningunha outra diferenza máis ca os instintos parciais dominantes e, con eles, os obxectivos sexuais. Trátase, por así dicilo, tanto aquí como alí, dunha tiranía ben organizada, exercida segundo o caso por un ou outro partido. A sexualidade infantil carece totalmente, pola contra, desta centralización e organización, todos os seus instintos parciais teñen os mesmos dereitos, cada un deles persegue pola súa conta a obtención de pracer. Tanto a ausencia coma a presenza desta centralización concorda naturalmente ben co feito de que ambas, tanto a sexualidade pervertida coma a normal, proceden da infantil. Hai tamén casos de sexualidade pervertida que teñen moitas máis similitudes coa infantil ca a normal, na medida en que fixeron prevalecer a independencia entre múltiples instintos parciais, é dicir, déronlles continuidade. Nestes casos é máis xusto falar de infantilismo da vida sexual ca de perversións.

Así preparados, podemos abordar a explicación dunha proposta que non se nos aforrará. Dirásenos “¿Por que se empeñan

vostedes en chamar sexualidade ás manifestacións da infancia, indefinibles segundo a súa propia testemuña, das que xurdirá máis adiante o sexual? ¿Por que non prefiren contentarse coa descrición fisiolóxica e dicir simplemente que no lactante se observan actividades, coma o acto de zugar ou a retención dos excrementos, que nos amosan unha aspiración ao *pracer orgánico*? Así evitarían ferir os sentimentos dos seus oíntes ao falaren dunha vida sexual do neno apenas acabado de nacer”. Si, meus cabaleiros, eu non teño nada que obxectar contra o pracer orgánico. Pero, ¿poden vostedes dicirme cando cobra este pracer orgánico, orixinariamente indiferente, o carácter sexual que posúe indubidablemente en fases máis tardías da evolución? ¿Sabemos máis sobre o “pracer orgánico” que sobre a sexualidade? Vostedes responderán que o carácter sexual se engade cando os xenitais comezan a xogar o seu papel; o sexual solápase co xenital. Vostedes mesmos rexeitarán a obxección feita ás perversións ao reprocharme que na maioría das perversións si se chega á obtención do orgasmo xenital, aínda que por outro camiño distinto ao da unión dos órganos sexuais. Acadan realmente unha posición moito mellor se suprimen do carácter sexual a relación coa procreación que as perversións fixeron insostible, antepondo no seu lugar a actividade xenital. Mais entón as nosas diverxencias son menos das que pensan; opomos simplemente os órganos xenitais aos demais órganos. Pero ¿que fan vostedes agora contra as reiteradas experiencias que lles amosan que os xenitais poden ser representados por outros órganos para a obtención de pracer, como sucede no bico, nas prácticas pervertidas do libertino ou nos síntomas da histeria? Nesta neurose é bastante habitual que os fenómenos estimulantes, as sensacións e as innervacións, incluso os procesos da erección que teñen o seu fogar nos xenitais, sexan trasladados a outras rexións corporais afastadas (por exemplo á cabeza e ao rostro). Traslados de tal xeito que vostedes non atopen ningún elemento característico da súa sexualidade ao que poderen

aferrarse, deberán decidirse a seguir o meu exemplo e estender a denominación “sexual” tamén ás actividades da infancia máis temperá que aspiran ao pracer orgánico.

Por último, rematarán por darme a razón se teñen en conta as dúas consideracións seguintes. Como vostedes saben, nós cualificamos de sexuais aquelas actividades incertas e indefinidas da infancia máis temperá que teñen como obxectivo a consecución de pracer porque chegamos a elas polo camiño da análise, partindo dos seus síntomas e atravesando un material indiscutiblemente sexual. Non por isto deberían ser sexuais, admítoo. Pero tomen vostedes un caso análogo. Imaxinen que non tivésemos forma de ver a evolución de dúas plantas dicotiledóneas, a da maceira e a das xudías, a partir das súas sementes, pero que en ambos os dous casos fose posible para nós seguir a súa evolución en retrospectiva dende o individuo vexetal completamente formado ata o primeiro pequeno xerme con dous cotiledóns. Ambos os dous cotiledóns semellan indiferenciados, son nos dous casos totalmente homoxéneos. ¿Aceptarei por iso que realmente son homoxéneos e que a diferenza específica entre maceira e xudía xorde por primeira vez co seu crecemento? ¿Ou é bioloxicamente máis correcto crer que esta diferenza xa existe no xerme, aínda que non logremos recoñecela nos cotiledóns? O mesmo facemos nós cando denominamos sexual ao pracer procedente de determinadas actividades do lactante. Non podo discutir aquí se todos e cada un dos praceres orgánicos poden ser chamados sexuais ou se hai outros, ademais dos sexuais, que non merecen este nome. Sei demasiado pouco sobre o pracer orgánico e as súas condicións, e non debo sorprendeme en absoluto de que o carácter retroactivo da análise chegue, en último termo, a factores aínda indefinibles.

Unha observación máis. Conseguiron vostedes, en conxunto, moi pouco a prol daquilo que queren afirmar; é dicir, da pureza sexual do neno, aínda que poidan convencerme de que é preferible cualificar as actividades do lactante de non

sexuais. Porque xa dende o terceiro ano a vida sexual do neno subtraeuse a todas estas dúbidas; nesta época comezan a facerse susceptibles de erección os xenitais, do que resulta con frecuencia un período de masturbación infantil é dicir, de satisfacción xenital. As manifestacións psíquicas e sociais da vida sexual xa non se prestan a ningún tipo de equívoco; a selección dun obxecto, a preferencia afectiva por determinadas persoas, incluso a elección dun dos dous sexos e os ciúmes son feitos constatados por medio de observacións imparciais, alleos á Psicanálise e anteriores á mesma, podendo ser confirmados por calquera observador que queira velos. Vostedes obxectarán que non dubidaron do temperán despertar da afectividade, senón só do seu carácter “sexual”. Os nenos entre tres e oito anos xa aprenderon a ocultalo pero, se prestan atención, poden reunir probas dabondo das intencións “sensoriais” desta afectividade, e descubrir, en gran medida e sen esforzo, o que se desprende delas nas exploracións analíticas. Os obxectivos sexuais desta etapa vital están intimamente unidos á investigación sexual simultánea da que xa lles din algunhas mostras. O carácter pervertido dalgúns destes obxectivos depende naturalmente da inmadurez constitucional do neno, que aínda non descubriu o obxectivo do acto da cópula.

Do sexto ao octavo ano de vida aproximadamente faise perceptible unha suspensión e retroceso da evolución sexual, que nos casos culturalmente máis propicios merece o nome de período de latencia. O período de latencia tamén pode quedar suprimido, e non implica forzosamente unha interrupción da actividade sexual e dos intereses sexuais en toda regra. A maioría das experiencias e estímulos psíquicos anteriores á entrada en vixencia do período de latencia sucumben entón á amnesia infantil, ao esquecemento do que xa falamos, que oculta a nosa primeira xuventude, distanciándonos dela. En cada psicanálise establécese a tarefa de devolver á lembranza este período vital esquecido; non podemos evitar a suposición de que foron os co-

mezos da vida sexual que contén este período os que motivaron o esquecemento do mesmo, é dicir, que tal esquecemento é un efecto da represión.

A partir do terceiro ano de vida, a vida sexual do neno amosa moitas coincidencias coa do adulto; diferénciase da última, como xa sabemos, pola carencia dunha organización sólida baixo a primacía dos xenitais, polos inevitables riscos de perversión e, naturalmente, tamén pola intensidade moi inferior do instinto en xeral. Pero as fases máis interesantes para a teoría do desenvolvemento sexual ou, como nós queremos chamalo, do desenvolvemento da libido, atópanse neste período. Este desenvolvemento lévase acabo con tal rapidez que a observación directa probablemente nunca conseguiría reter as súas fugaces imaxes. Só coa axuda da exploración psicanalítica das neuroses fíxose posible descubrir fases anteriores do desenvolvemento da libido. Seguramente sexan só puras especulacións. Pronto entenderán por que a Patoloxía pode delatarnos feitos que en circunstancias normais pasan desapercibidos.

Agora podemos intuír, polo tanto, como se conforma a vida sexual do neno antes de se establecer a primacía dos xenitais, primacía que se prepara na primeira época infantil antes do período de latencia e se organiza de forma continuada a partir da puberdade. Nesta prefase orixínase unha especie de organización máis laxa á que chamaremos *prexenital*. Pero no primeiro plano desta fase non se atopan os instintos parciais xenitais, senón os *sádicos* e os *anais*. A oposición de *masculino* e *feminino* aínda non xoga aquí papel ningún; o seu lugar ocúpao a oposición entre *activo* e *pasivo*, que podemos denominar precursor da polaridade sexual e coa que se funde máis adiante. O que nos semella masculino das actividades desta fase amósase coma expresión dun instinto de poder, que dexenera con facilidade en crueldade. As tendencias cun obxectivo pasivo vincúlanse á zona, moi significativa e eróxena nesta época, da evacuación intestinal. Os instintos de ver e saber excítanse considerable-

mente; os xenitais só participan na vida sexual no seu papel de órgano de excreción da urina. Aos instintos parciais desta fase non lle faltan obxectos, pero estes obxectos non coinciden necesariamente nun so obxecto. A organización sádico-anal é o seguinte grao para alcanzar a fase da primacía xenital. Un estudo detallado demostra o moito que se conserva dela para a formación definitiva posterior e por que vías serán necesitados os seus instintos parciais para a incorporación á nova organización xenital. Alén da fase sádico-anal do desenvolvemento da libido advertimos un grao anterior e aínda máis primitivo de organización, no que a zona eróxena da boca xoga o papel principal. Poden comprobar que a actividade sexual do acto de zugar pertence a esta fase, e tamén poden admirar a sabedoría dos antigos exipcios, que nas súas obras de arte caracterizaron o neno, e tamén o divino Horus, cun dedo na boca. Abraham revelounos recentemente as pegadas que esta fase oral primitiva deixa na vida sexual dos anos posteriores.

Podo supor, meus cabaleiros, que os últimos datos sobre as organizacións sexuais supuxeran máis unha carga ca coñecementos novos. Quizais profundei demasiado no tema. Pero teñan paciencia; o que escoitaron adquirirá máis valor a través da súa aplicación ulterior. Aférense agora á impresión de que a vida sexual –como nós dicimos, a función da libido– non parece algo completo pero tampouco segue medrando dentro de certa similitude ao que é, senón que atravesa unha serie de fases consecutivas que non teñen a mesma aparencia, é dicir, que se trata dun desenvolvemento repetido varias veces coma o da larva a bolboreta. O punto de inflexión do desenvolvemento é a subordinación de todos os instintos sexuais parciais á primacía dos xenitais e, con esta, a subordinación da sexualidade á función reprodutora. Antes había, por así dicilo, unha vida sexual confusa que consistía na actividade independente dos instintos parciais illados que aspiran ao pracer orgánico. Esta anarquía, suavizada por insercións das organizacións “prexenitais”, viña

seguida pola fase sádico-anal, e tras ela a oral, quizais a máis primitiva. Engadan a isto os distintos procesos, coñecidos aínda de forma imprecisa, que conducen dun nivel da organización ao seguinte e inmediatamente superior. Máis adiante falaremos do significado que ten para a comprensión da neurose que a libido percorra un camiño evolutivo tan longo e gradual.

Hoxe aínda imos examinar outra cara deste desenvolvemento: a relación dos instintos sexuais parciais co obxecto. Máis ben botaremos unha ollada fuxidía sobre este desenvolvemento para deternos nun resultado bastante tardío do mesmo. Algúns dos compoñentes do instinto sexual teñen un obxecto dende o principio, e aférranse a el, como é o caso do instinto de poder (sadismo), do instinto de ver e de saber. Outros, que están máis claramente vinculados con determinadas zonas corporais eróxeñas, só o teñen ao principio, mentres que se apoian nas funcións non sexuais, e abandónano cando se liberan delas. Así, o primeiro obxecto dos compoñentes orais do instinto sexual é o peito materno, que satisfai a necesidade de alimentación do lactante. No acto de zugar independízase o compoñente erótico tamén satisfeito pola lactancia, abandona o obxecto alleo, substituíndoo por unha parte do propio corpo. O instinto oral cobra un carácter *autoerótico*, que tanto os instintos anais coma os outros instintos eróxeños tiñan dende o principio. O desenvolvemento ulterior ten, por expresalo o máis brevemente posible, dous obxectivos: en primeiro lugar, abandonar o autoerotismo, cambiar o obxecto do propio corpo por un obxecto alleo e, en segundo lugar, unificar os distintos obxectos de cada instinto, substituílos por un so obxecto. Iso, naturalmente, só pode acadarse se este obxecto é un corpo completo e similar ao propio. Tamén debe cumprirse a condición de deixar atrás certo número de estímulos instintivos autoeróticos por innecesarios.

Os procesos que serven á elección do obxecto son bastante complicados, sen chegar a atopar unha representación clara. Non abonda con subliñar o feito de que, cando o ciclo infantil

precedente ao período de latencia está preto do seu final, o obxecto atopado resulta case idéntico ao do instinto oral. Trátase, ou ben do peito materno, ou ben da nai. Nós chamamos á nai primeiro *obxecto de amor*. Falamos de amor cando desprazamos a parte psíquica das aspiracións sexuais ao primeiro plano, facendo retroceder, ou mesmo esquecendo por un momento, as demandas corporais ou “sensoriais” instintivas que lles serven de base. Na mesma época na que a nai se converte en obxecto de amor comeza tamén no neno o traballo psíquico da represión, que priva ao seu saber do coñecemento dunha parte dos seus obxectivos sexuais. Con esta elección da nai como obxecto de amor vincúlase todo aquilo que, baixo o nome de “complexo de *Edipo*”, alcanzou tanta relevancia na explicación psicanalítica das neuroses, e que quizais tivo unha participación nada insignificante na resistencia contra a Psicanálise.

Escoiten vostedes un pequeno suceso que tivo lugar no transcurso desta guerra. Un dos alumnos máis avantaxados da Psicanálise, que se atopa como médico na fronte alemana nalgún lugar de Polonia, sorprende aos seus colegas ao lograr someter inesperadamente a un enfermo á súa influencia. Ao ser preguntado, recoñece que traballa con técnicas psicanalíticas, véndose obrigado a explicarse e transmitir o seu coñecemento. Todas as noites reúnen os médicos do corpo, colegas e superiores, para escoitar a doutrina secreta da análise. Isto funciona durante un tempo, pero despois de lles ter falado do complexo de Edipo, un dos seus superiores ergueuse e dixo que non o cría, que era unha infamia por parte do conferenciante explicar tales cuestións a homes valorosos coma eles, que loitan pola súa patria nai e son pais de familia, e prohibíu a continuación das conferencias. Así rematou todo. O analista foi destinado a outro sector da fronte. Pero eu creo que pinta mal que a vitoria alemana precise unha “organización” científica deste tipo, e que a ciencia alemana non tolerará ben esta organización.

Agora estarán ansiosos por descubrir en que consiste este terrible complexo de Edipo. O propio nome d'í. Supoño que coñecen a lenda grega do rei Edipo, determinado polo destino a matar o seu pai e tomar por muller a súa nai, que fai todo o posible para escapar da predición do oráculo, e que despois se autocastiga cegándose, tras descubrir que cometeu os dous crimes sen sabelo. Espero que moitos de vostedes teñan experimentado o efecto conmovedor da traxedia, na que Sófocles trata este tema. A obra do poeta ático representa cómo o acto de Edipo, cometido hai tempo, é descuberto por medio dunha investigación enxeñosamente aprazada e retomada pola aparición de novos indicios; neste aspecto ten certa similitude co proceso dunha psicanálise. No transcurso do diálogo vemos como a cegada nai-esposa Iocasta se opón a que se retome a investigación. Apela para isto ao feito de seren moitas as persoas que, en soños, cohabitaron coa súa nai, pero que aos soños se lles debe prestar pouca atención. Nós non lle prestamos pouca atención aos soños, cando menos aos soños típicos é dicir, aqueles que teñen moitas persoas, e non dubidamos de que o soño mencionado por Iocasta ten que ver intimamente co singular e espantoso contido da lenda.

É admirable que a traxedia de Sófocles non provoque un rexeitamento moito máis cargado de indignación no oínte, unha reacción similar e moito máis xustificada ca a do noso simple médico militar, xa que, no fondo, trátase dunha peza inmoral, suprime a responsabilidade tradicional do individuo, sinala os poderes divinos coma os autores da orde de execución do crime, subliñando a impotencia dos estímulos tradicionais dos homes que se defenden contra este crime. Poderíase crer facilmente que o material da lenda propón unha acusación contra os deuses e o destino e, nas mans do crítico Eurípides, inimizado cos deuses, converteríase probablemente nunha acusación deste tipo. Pero no crente Sófocles non se pode falar deste uso; unha sutileza devota, que a moralidade máis elevada

é inclinarse ante a vontade dos deuses, aínda que esta ordene algo criminal, axúdanos a superar a dificultade. Eu non podo crer que esta moral sexa un dos puntos fortes da obra, pero isto carece de importancia para o efecto da mesma. O espectador non reacciona ante ela, senón ao sentido e contido secretos da lenda. Reacciona como se recoñecese por medio dunha autoanálise o complexo de Edipo en si mesmo, desenmascarando a vontade dos deuses e o oráculo, ao descubrilos coma disfraces simbólicos do seu inconsciente. Como se tivese que lembrar os desexos de eliminar ao pai e ocupar o seu lugar, tomando á nai por esposa, espantándose deles. A voz do poeta semella dicirle “Oposte en balde á responsabilidade, e en balde refires o que fixeches contra estas intencións criminais. Es culpable, pois non puides aniquilalas; aínda existen de forma inconsciente no teu interior”. Estas palabras conteñen unha indubidable verdade psicolóxica. Aínda que o home reprimiu os seus impulsos perversos no inconsciente, pretendendo logo convencerse a si mesmo de que non era responsable deles, foi obrigado a sentir esta responsabilidade como un sentimento de culpa de motivación descoñecida para el.

É bastante indubidable que no complexo de Edipo podemos atopar unha das fontes máis importantes da conciencia de culpa, pola que os neuróticos son atormentados tan a miúdo. Pero aínda máis, nun estudo sobre os comezos da relixión e moral humanas, que publiquei en 1913 baixo o título de *Totem e Tabú*, formulei a hipótese de que quizais fora o complexo de Edipo o causante de que a humanidade como conxunto adquirira a súa conciencia de culpa, a derradeira fonte de relixión e moral, ao comezo da súa historia. Gustaríame dicirles máis cousas sobre isto, pero será mellor que o deixe. É difícil interromper este tema unha vez que se ten comezado con el, e debemos regresar á psicoloxía individual.

¿Que permite recoñecer o complexo de Edipo por medio da observación directa do neno na época da selección de obxecto

anterior ao período de latencia? Ben, tal vez notemos que o pequeno home quere ter á nai para el só, que percibe a presenza do pai coma alteradora, que se indigna cando este se permite acenos de afecto para coa nai, que manifesta a súa alegría cando o pai marcha de viaxe ou está ausente. Adoito dá expresión directa aos seus sentimentos por medio de palabras, promételle á nai que casará con ela. Opinarán que isto é pouco en comparación cos actos de Edipo, pero, de feito, é suficiente, sendo idéntico en esencia. A observación escurecerase a miúdo pola circunstancia de que o mesmo neno manifesta simultaneamente, noutras ocasións, unha grande afectividade polo pai; soamente estas orientacións opostas –ou mellor dito, *ambivalentes*– dos seus sentimentos, que nos adultos levarían ao conflito, concílianse no neno durante un tempo longo bastante ben, atopando máis tarde lugar, unha a carón da outra, no inconsciente. Tamén pretenderán obxectar que o comportamento do neno pequeno procede de motivos egoístas, e non proporciona ningunha xustificación para a formación dun complexo erótico. A nai ocúpase de todas as necesidades do neno e, por esta razón, o neno está interesado en que non se preocupe de ningunha outra persoa. Tamén iso é correcto, pero pronto quedará claro, tanto nesta como en situacións análogas, que o interese egoísta só constitúe un punto de apoio da aspiración erótica. Se o pequeno amosa a máis sincera curiosidade sexual pola súa nai, esixe durmir con ela polas noites, impón a súa presenza durante o aseo dela ou acomete intentos de sedución, tal e como a nai pode confirmarnos entre risos, entón a natureza erótica do vínculo coa nai está asegurada contra toda dúbida. Tampouco debemos esquecer que a nai desprega a mesma solicitude pola súas fillas sen obter o mesmo efecto, e que o pai rivaliza frecuentemente con ela polo rapaz, sen lograr adquirir o mesmo significado ca a nai. En resumo, que o factor da preferencia sexual non pode ser eliminado da situación con ningún argumento crítico. Dende o punto de vista do interese egoísta, só sería pouco intelixente por

parte do pequeno home non tolerar mellor a dúas persoas ao seu servizo no canto dunha soa.

Como poden observar, eu só profilei o comportamento do rapaz coa nai e o pai. Para a nena pequena confórmase, coas modificacións necesarias, de xeito bastante similar. O apego afectivo ao pai, a necesidade de eliminar a nai por considerala superflua e ocupar o seu posto e unha coquetería que xa traballa cos medios da feminidade posterior dan precisamente como resultado unha encantadora imaxe da nena pequena que nos fai esquecer a gravidade e as complicadas consecuencias posibles desta situación infantil. Non deixemos de engadir que, a miúdo, os pais exercen incluso unha influencia decisiva no espertar na actitude edípica do neno, na medida en que eles mesmos ceden á atracción sexual e, nas familias numerosas, o pai favorece coa súa afectividade do xeito máis obvio á filla e a nai ao fillo. Pero este factor non constitúe un argumento contra a natureza espontánea do complexo infantil de Edipo. Cando a familia medra, o complexo de Edipo medra con ela, converténdose nun complexo familiar, que agora motiva, co novo apoio do medo egoísta a ser prexudicado, seren estes irmáns recibidos con aversión e apartados sen reparos. Os nenos danlle incluso expresión verbal a estas sensacións de odio con máis frecuencia que ás inspiradas polo complexo paternal. Se se cumpre un desexo deste tipo, e a morte pon fin a este crecemento non desexado nun prazo breve de tempo, poderemos descubrir, a partir dunha análise ulterior, o importante que foi esta experiencia para o neno, a pesar de que, en ocasións, non logra conservalo na memoria. O neno, levado á segunda liña polo nacemento dun irmán, case illado pola nai nun primeiro momento, non pode esquecer este desprazamento con facilidade; sentimentos, que nos adultos denominaríamos de forte irritación, aparecen nel, converténdose a miúdo na base dun distanciamento permanente da nai. Xa mencionamos que a investigación sexual se funda habitualmente, con todas as súas consecuencias, nesta expe-

riencia vital do neno. Co crecemento dos irmáns, a actitude cara a eles experimenta as transformacións máis significativas. O rapaz pode tomar á irmá como obxecto amoroso, en substitución da nai infiel; entre varios irmáns que competen por unha irmá menor, danse, xa na infancia, situacións de rivalidade hostil de vital importancia para a vida posterior. Unha nena pequena atopa nos irmáns meirandes un substituto do pai, que xa non se preocupa tan afectuosamente como nos primeiros anos por ela, ou toma unha irmá menor como substituto do neno que en van lle gustaría ter co pai.

Tales feitos, e moitos máis, son os que nos amosa a observación directa dos nenos e a interpretación imparcial das súas lembranzas infantís, conservadas con claridade e non influenciadas pola análise. Disto extraeremos, entre outras, a conclusión de que a posición do neno na secuencia de irmáns é un momento extremadamente importante para a configuración da súa vida posterior, e que debería terse en conta en toda descrición da mesma. Pero, o que é máis importante, en vista destas explicacións, adquiridas sen esforzo, poderán lembrar entre risos os esforzos da ciencia para explicar a prohibición do incesto. ¡Que non se inventou ao respecto! ¡Que a convivencia anula dende a infancia a posible atracción sexual polos membros do outro sexo da mesma familia, ou que a tendencia biolóxica a evitar o cruce consanguíneo, atopa a súa representación psíquica no medo innato ao incesto! Con estas afirmacións esquecemos que unha prohibición tan implacable por parte da lei e a moral non sería necesaria se houbo certas barreiras naturais fiables contra a tentación do incesto. A verdade reside na antítese. O primeiro obxecto sexual seleccionado polas persoas é regularmente de natureza incestuosa, no caso do home trátase da nai ou da irmá, precisándose a prohibición máis estrita para impedir o paso á realidade desta tendencia infantil. Entre os primitivos de hoxe en día, os pobos salvaxes, as prohibicións do incesto son aínda máis estritas ca entre nós e, hai pouco, Th. Reik amosou nun

brillante traballo que os ritos de puberdade dos salvaxes, que representan unha rexeneración, teñen o significado de eliminar o vínculo incestuoso do rapaz coa nai e restablecer a reconciliación co pai.

A mitoloxía ensina que o incesto, supostamente tan aborrecido polos homes, é admitido sen reparos nos deuses, e pola historia antiga poden descubrir que a parella incestuosa coa irmá era prescrición divina para a persoa do soberano (para os antigos faraóns, para os incas de Perú). Trátase, polo tanto, dun privilexio denegado ao común dos mortais.

O incesto materno é un dos crimes de Edipo, o asasinato do pai o outro. Menciónolles de paso que tamén son os dous grandes crimes para a primeira institución socio-relixiosa dos homes, o totemismo. Volvamos agora da observación directa do neno á investigación analítica dos adultos neuróticos. ¿Que achega a análise para alcanzar un coñecemento máis amplo do complexo de Edipo? A resposta a esta pregunta é relativamente breve. A análise presenta este complexo tal e como o narra a lenda; demostra que cada un destes neuróticos era un Edipo ou, o que é o mesmo, que por reacción ao complexo se converteron nun Hamlet. Naturalmente, a representación analítica do complexo de Edipo é unha ampliación e mistificación dos esbozos infantís. O odio cara ao pai e os desexos de velo morto xa non son aludidos timidamente, a afectividade pola nai reconece como obxectivo posuía coma muller. ¿Realmente debemos crer capaces a aqueles anos tan tenros da infancia destes estridentes e extremos impulsos emocionais, ou nos engana a análise a través da inxerencia dun novo factor? Non é difícil atopar a resposta. Cada vez que unha persoa relata algo do seu pasado, aínda que sexa un historiador, temos en consideración o que retrotrae involuntariamente do presente, ou dun tempo intermedio, ao pasado, falsificando a imaxe do mesmo. No caso do neurótico é incluso cuestionable se esta acción de retrotraer é totalmente involuntaria; máis adiante coñeceremos os motivos e xustifica-

ción da mesma, así como do acto de “fantasíar retrospectivamente” co pasado máis inmediato. Tamén descubriremos con facilidade que o odio contra o pai vese reforzado por numerosos motivos procedentes de épocas e relacións posteriores, que os desexos sexuais que se senten pola nai se plasman en formas que aínda deberan ser alleas ao neno. Pero sería un esforzo inútil querer explicar o conxunto do complexo de Edipo por medio de fantasías retrospectivas e relacionalo con tempos posteriores. O núcleo infantil, e tamén os elementos accesorios, consérvanse, tal e como confirma a observación directa do neno.

O feito clínico que se nos revela tras a forma analiticamente establecida do complexo de Edipo ten unha grande importancia práctica. Descubrimos que na época da puberdade, cando o instinto sexual invoca con toda a forza as súas reivindicacións, os vellos obxectos familiares e incestuosos son retomados e empregados de novo libidinosamente. A elección infantil dun obxecto era só un débil preludio, pero indica a dirección da elección do obxecto na puberdade. Aquí teñen lugar procesos emocionais moi intensos correspondentes ao complexo de Edipo ou á reacción contra el, pero estes mantéñense alleos á consciencia debido á natureza inconfesable das súas premisas. A partir deste momento, o individuo debe adicarse á dura tarefa de desvincularse dos pais, e só cando a remata pode deixar de ser neno por primeira vez para converterse nun membro da comunidade social. A tarefa consiste para o neno en anular os libidinosos desexos que sente pola nai para os dirixir a un obxecto amoroso alleo e real, e en reconciliarse co pai, se continuou a inimizade con el, ou en liberarse da súa presión se, como reacción á sublevación infantil, caeu na submisión ás súas ordes. Esta tarefa imponse a todos e cada un dos homes; é digna de ter en conta a pouca frecuencia coa que se logra executar dun xeito ideal, é dicir, de forma correcta tanto psicolóxica coma socialmente. Pero os neuróticos non alcanzan nunca este desenlace, o fillo permanece toda a súa vida pregado á autoridade do pai e non

está en situación de transferir a súa libido a un obxecto sexual alleo. O destino da filla pode ser o mesmo, coa modificación de que ela establece esta relación coa súa nai. Neste sentido, o complexo de Edipo pode considerarse con razón como o núcleo das neuroses.

Intuirán, meus cabaleiros, que pasei por alto e de xeito superficial un gran número de circunstancias significativas, tanto prácticas coma teóricas, vinculadas co complexo de Edipo. Tampouco entrei nas súas variacións e na súa posible inversión. Só quero indicarlles, a respecto das súas relacións máis afastadas, que este demostrou ser altamente determinante para a produción poética. Otto Rank amosou nun meritorio libro que os escritores dramáticos de todos os tempos tomaron os seus materiais esencialmente do complexo de Edipo e do complexo de incesto, das súas variacións e encubrimentos. Tampouco debemos deixar de mencionar que os dous desexos criminais do complexo de Edipo foron recoñecidos moito antes da época da Psicanálise coma os representantes axeitados do instinto vital sen trabas. Entre os escritos do enciclopedista Diderot atopan vostedes un famoso diálogo *Le neveu de Rameau*, material que o propio Goethe elaborou en alemán. Alí poden ler a curiosa frase: *Si le petit sauvage était abandonné à lui-même, qu'il conservât toute son imbécillité et qu'il réunît au peu de raison de l'enfant au berceau la violence des passions de l'homme de trente ans, il tordrait le col à son père et coucherait avec sa mère.*

Existe aínda algo que non podo omitir. Non pode ser que a nai-esposa de Edipo nos faga pensar inutilmente nos soños. ¿Lembran aínda o resultado das nosas análises oníricas que afirma que os desexos que conforman soños son moi a miúdo de natureza pervertida e incestuosa ou delatan unha inimizade non intuída contra familiares próximos e queridos? Naquel momento deixamos sen aclarar a procedencia destes malvados impulsos. Agora poden descubrila vostedes mesmos. Trátase de construcións preinfantís da libido e da ocupación cos obxectos,

abandonadas hai tempo pola vida consciente, que demostran estaren presentes aínda durante a noite e ser, en certo sentido, produtivas. Pero xa que todas as persoas, e non só os neuróticos, teñen estes soños pervertidos, incestuosos e crueis, podemos extraer a conclusión de que os homes, hoxe normais, tamén atravesaron, no seu camiño evolutivo, as perversións e a ocupación de obxectos característica do complexo de Edipo, que este camiño é o da evolución normal, que os neuróticos só nos amosan, ampliado e mistificado, o que a análise dos soños nos revela tamén nas persoas sas. E este é un dos motivos polo que pospuxemos o estudo dos síntomas neuróticos ao dos soños.

Aspectos do desenvolvemento e regresión. Etioloxía

Xa escoitamos, miñas damas e meus cabaleiros, que a función da libido pasa por un vasto desenvolvemento, ata que pode entrar na chamada fase normal é dicir, ata que pode pórse ao servizo da reprodución. Agora só me gustaría exporlles a relevancia que ten este feito para as causas das neuroses.

Creo estarmos en consonancia coa doutrina da Patoloxía xeral cando aceptamos que un desenvolvemento deste tipo trae consigo dous perigos, en primeiro lugar o da *inhibición* e en segundo lugar o da *regresión*. É dicir, na tendencia xeral á variación dos procesos biolóxicos pode suceder que non todas as fases preparatorias transcorran con absoluta corrección e sexan superadas por completo; algunhas partes da función serán detidas de forma permanente nestes primeiros niveis e o cadro global do desenvolvemento mesturárase en certa medida coa inhibición do desenvolvemento.

Busquemos analoxías a estes procesos noutros ámbitos. Se todo un pobo abandona o seu asentamento para buscar un asentamento novo, tal e como sucedeu frecuentemente en períodos anteriores da historia do home, é seguro que non chegará ao novo emprazamento ao completo. Prescindindo doutras perdas, debeu de ocorrer regularmente que pequenos grupos ou asociacións de emigrantes fixeran un alto e se instalasen en diversos lugares do camiño, mentres a maioría do grupo continuaba a súa marcha. Ou, por buscar comparacións máis achegadas, vostedes saben que na maioría dos mamíferos as glándulas xenitais, que se atopaban orixinariamente no máis profundo da cavidade abdominal, emprenderon un desprazamento nun certo momento da vida intrauterina que os levou á pelve, case a flor de pel. Como consecuencia deste desprazamento, atopamos nun número determinado de individuos masculinos que un

dos órganos apareados permaneceu rezagado nas cavidades da pelve, ou que tivo lugar un almacenamento continuado no chamado canal inguinal, que ambos tiveron que atravesar no seu desprazamento, ou que, cando menos, este canal permaneceu aberto cando, normalmente, debe pecharse logo do remate do cambio de posición das glándulas xenitais. Cando, sendo aínda un estudante novo, realicei o meu primeiro traballo científico baixo a dirección de von Brückes, houben de ocuparme da orixe das terminacións nerviosas posteriores da medula espinal dun peixe pequeno e aínda moi arcaico. Descubríñ que as fibras nerviosas destas terminacións procedían de grandes células situadas na cortiza posterior da substancia gris, circunstancia que xa non se observa noutros animais con medula espinal. Pero tamén descubríñ pouco despois que estas células nerviosas se atopaban tamén fóra da substancia gris no traxecto ata o así chamado ganglio espinal da terminación posterior, do que tirei a conclusión de que as células destes grupos de ganglios se desprazaran dende a medula espinal ao traxecto radicular dos nervios. Este desprazamento foi confirmado tamén pola historia da evolución; pero no pequeno peixe obxecto do meu estudo amosábase de forma evidente, pois o traxecto do desprazamento aparecía marcado polas células que quedaron a medio camiño. Unha incursión máis profunda revelaralles os puntos débiles desta comparación. Por iso preferimos afirmar directamente que en toda tendencia sexual pode, ao noso xuízo, darse o caso de que partes illadas desta queden estancadas en niveis anteriores do desenvolvemento, mentres outras partes logran alcanzar a meta final. Nesta argumentación percibirán que concibimos cada unha destas tendencias como unha corrente continua dende o comezo da vida, e que nós facemos uso dun procedemento artificial en certa medida ao fragmentala en descargas separadas e sucesivas. A súa impresión de que estas ideas precisan unha aclaración é acertada, pero esta tentativa levaríanos demasiado lonxe. Permítanme, pois, indicarlles que

tal estancamento dunha tendencia parcial nun nivel anterior é o que denominamos *fixación* (do instinto).

O segundo perigo dun desenvolvemento tan gradual reside en que tamén as partes que o fixeron avanzar poden regresar doadamente nun movemento inverso a un destes niveis anteriores; trátase do que chamamos *regresión*. A tendencia atoparase disposta a unha regresión deste tipo cando o exercicio da súa función é dicir, a consecución do seu obxectivo de satisfacción, atopa na forma máis tardía ou máis evolucionada con fortes impedimentos externos. Todo fai crer que a fixación e a regresión non son independentes unha da outra. Canto máis fortes sexan as fixacións en vías de desenvolvemento, máis eludirá a función as dificultades externas por medio da regresión ata aquelas fixacións, e máis incapaz se amosa a función formada de resistirse contra os impedimentos externos opostos ao seu desenvolvemento. Pensen vostedes que, se un pobo nómade deixa atrás grandes grupos nas paradas da súa migración, os que van diante verán natural retirarse a estas paradas se son vencidos ou se atopan un inimigo forte. E terán máis probabilidades de correr o perigo da derrota cantas máis persoas deixaran atrás na súa migración.

Para que entendan as neuroses é importante que non perdan de vista esta relación entre fixación e regresión. Así adquirirán un apoio seguro na cuestión da causa das neuroses é dicir, na etioloxía das neuroses, na que pronto entraremos.

De momento continuaremos coa regresión. Logo do que se lles deu a coñecer sobre o desenvolvemento da función da libido, poden esperar regresións de dous tipos: aos primeiros obxectos seleccionados pola libido que, como é sabido, son de natureza incestuosa, e ao conxunto da organización sexual de niveis anteriores. Ambas aparecen nas neuroses por transferencia e xogan no seu mecanismo un importante papel. En especial a regresión aos primeiros obxectos incestuosos do individuo, risco que se atopa nos neuróticos con verdadeira regularidade. Pódese dicir

moito máis sobre as regresións da libido se recorremos a outro grupo de neuroses, as chamadas narcisistas, tarefa que non se conta entre os nosos proxectos actuais. Estas afeccións dannos información sobre outros procesos evolutivos da función da libido non mencionados ata agora e, en consecuencia, tamén nos amosan novos tipos de regresión. Pero creo que agora debo exhortalos sobre todo a non confundir *regresión* e *represión*, e que debo axudalos a aclarar as relacións entre ambos os dous procesos. Represión é, como vostedes lembrarán, aquel proceso polo que un acto susceptible de facerse consciente é dicir, que pertence ao sistema preconscious, permanece inconsciente é dicir, é relegado ao sistema inconsciente. E tamén falamos de represión cando o acto psicolóxico inconsciente non é admitido en absoluto no sistema preconscious, senón que permanece retido no limiar da censura. Ao concepto de represión non se adhire, polo tanto, ningunha relación á sexualidade; non deixen, por favor, de ter en conta este feito. A represión designa un proceso puramente psicolóxico que aínda podemos caracterizar mellor se o chamamos *tópico*. Con isto queremos dicir que está relacionado coa nosa metáfora dos comportamentos psíquicos e, se renunciámos de novo a esta groseira representación auxiliar, coa construción do aparato psíquico a partir de sistemas psíquicos por separado.

Na comparación feita chamáranos a atención en primeiro lugar que ata agora non empregamos a palabra “regresión” no seu significado xeral, senón nun moi especial. Déanlle vostedes o seu sentido xeral, o de regreso dun nivel superior a un nivel inferior do desenvolvemento, así tamén estarán subordinando a represión á regresión, xa que esta pode ser descrita coma un regreso a un nivel inferior e máis profundo no desenvolvemento dun acto psíquico. Pero nós non o percibimos así no caso da represión retroactiva, xa que chamamos tamén represión en sentido dinámico ao feito de que un acto psíquico sexa retido no nivel inferior do inconsciente. Represión é precisamente un

concepto tópico-dinámico, regresión é puramente descritivo. Pero ata agora, ao falar de regresión e relacionala coa fixación, queríamos referirnos ao regreso da libido a estacións anteriores do seu desenvolvemento é dicir, algo que é en esencia moi distinto e totalmente independente da represión. Tampouco podemos definir a regresión da libido coma un proceso puramente psicolóxico, e non sabemos qué localización debemos asignarlle no aparato psíquico. Aínda que esta exerce unha forte influencia sobre a vida psíquica, é o factor orgánico o que domina nela.

Explicacións como esta, meus cabaleiros, poden semellar algo áridas. Apliquémolas á clínica para facer un uso máis efectivo das mesmas. Vostedes saben que a histeria e a neurose obsesiva son os dous representantes principais do grupo das neuroses obsesivas. Así e todo, na histeria atopamos con bastante regularidade unha regresión da libido aos obxectos sexuais incestuosos primarios, pero non existe ningún tipo de regresión nun nivel anterior da organización sexual. Por esta razón recae sobre a represión o papel principal do mecanismo histérico. Se me permiten completar cunha construción teórica os coñecementos adquiridos ata agora sobre esta neurose, describiría o estado de cousas do seguinte xeito: a unión dos instintos parciais baixo a primacía dos xenitais está completada, pero os resultados atopan unha resistencia no sistema vinculado coa consciencia. Polo tanto, a organización xenital ten vixencia para o inconsciente, pero non para o preconscious, e este rexeitamento por parte do preconscious motiva a aparición dun cadro que presenta certas similitudes co estado anterior á primacía dos xenitais, e que, non obstante, é algo moi distinto. De ambas as dúas regresións da libido, a que chama máis a atención, é, con moito, a que remite a unha fase anterior da organización sexual. Como a histeria carece desta regresión, e toda a nosa concepción das neuroses aínda está baixo a influencia do estudo da histeria, que as precede no tempo, a importancia da regre-

sión da libido amosóusenos moito máis tarde ca a da represión. Esperemos, pois, que os nosos puntos de vista experimenten aínda novas ampliacións e modificacións cando poidamos incluír na nosa investigación, ademais da histeria e da neurose obsesiva, as outras neuroses é dicir, as narcisistas.

Pola contra, na neurose obsesiva é a regresión da libido ao prenivel da organización sádico-anal a máis significativa, e o feito máis determinante para a aparición dos síntomas. O impulso amoroso debe enmascararse entón de impulso sádico. A idea obsesiva “gustaríame asasinarte” non significa, en esencia e se nos liberamos de certos ingredientes xa non casuais senón indispensables, máis ca “gustaríame amarte”. Engadan a isto que, simultaneamente, ten lugar unha regresión do obxecto, de forma que estes impulsos só afectan ás persoas máis achegadas e queridas; así poderán facerse unha idea do horror que esperan estas ideas obsesivas nos enfermos e, ao mesmo tempo, do alleas que as consideran á súa percepción consciente. Pero a represión tamén ten unha gran participación no mecanismo destas neuroses, participación que non se explica doadamente cunha introdución sintética como a nosa. A regresión da libido sen represión non desembocaría nunha neurose, senón que derivaría nunha perversión. Vostedes ven, polo tanto, que a represión é o proceso máis propio da neurose e o que mellor a caracteriza. Quizais teña ocasión de exporlles máis adiante o que sabemos sobre o mecanismo das perversións, e entón verán que se trata de algo moito máis complicado do que nos gustaría.

Opino, meus cabaleiros, que se reconciliarán moito antes coas declaracións escoitadas sobre a fixación e a regresión da libido, se lle dan o valor de preparación para a investigación da etiología das neuroses. Ao respecto xa lles expuxen algúns datos; que as persoas enferman de neurose cando se lles arrebatada a posibilidade de satisfacer a súa libido é dicir, co “fracaso” desta satisfacción, tal e como me expresei naquel entón, e que os seus síntomas son precisamente o substituto da satisfacción

fracasada. Naturalmente, isto non debería significar que todo fracaso da satisfacción libidinosa converte en neurótico a aquel ao que afecta, senón simplemente que en todos os casos investigados de neurose puidemos demostrar o factor do fracaso. Este principio é, polo tanto, irreversible. Seguramente tamén entenderon que aquela afirmación non desvelaba todo o misterio da etioloxía das neuroses, senón que precisamente subliñaba só unha das súas condicións imprescindibles.

Agora non sabemos se, para seguirmos a discusión sobre este principio, deberíamos deternos na natureza de fracaso ou na peculiaridade daquilo ao que concerne. O fracaso é, non obstante, rara vez universal e absoluto; para producir efecto patoxenamente, debe afectar a aquela forma de satisfacción que só desexa esa persoa, da que só ela é capaz. Hai, en xeral, moitas vías para resistir a privación da satisfacción libidinosa sen enfermarse pola súa causa. Coñecemos persoas en condicións de asumiren unha privación deste tipo sen prexuízo ningún; non son felices, sofren de nostalgia, pero non enferman. Polo tanto, debemos tomar en consideración que os impulsos instintivos sexuais son extraordinariamente *plásticos*, se pode dicilo así. Poden avogar os uns polos outros, un pode facerse cargo da intensidade doutro; cando a satisfacción dun fracasa polo peso da realidade, a satisfacción doutro pode ofrecer unha compensación total a este fracaso. Compórtanse entre si como unha rede de canais comunicantes cheos de fluído, e isto malia a súa subordinación á primacía dos xenitais, dúas características difíciles de conciliar. Ademais, os instintos parciais da sexualidade amosan, así coma a tendencia sexual que se extrae deles, unha gran capacidade para cambiar o seu obxecto, para intercambialo por outro, é dicir, por un máis doadamente alcanzable; esta capacidade de aceptar sucedáneos constitúe unha forte resistencia ao efecto patóxico do fracaso. De entre estes procesos de protección contra a enfermidade por medio da privación, debo destacar un que adquiriu un significado social especial. Consiste no feito

de que a tendencia sexual abandone o seu obxectivo dirixido ao pracer parcial ou ao desexo de procreación, e que adopte outro obxecto vinculado xeneticamente co abandonado, pero que xa non debe ser chamado sexual, senón social. Nós chamamos ao proceso “sublimación”, co que nos sometemos á valoración xeral que sitúa os obxectivos sociais por riba dos sexuais e, en esencia, egoístas. A sublimación é, ademais, só un caso especial do apoio de tendencias sexuais a outras non sexuais. Aínda teremos que falar novamente dela máis adiante.

Agora terán a impresión de que, debido a estes medios que permiten aturar a privación, esta é denigrada á insignificancia. Pero non, a privación conserva o seu poder patóxico. Os antídotos son, en xeral, insuficientes. A proporción de libido insatisfeita que poden asumir as persoas é limitada. A plasticidade ou mobilidade da libido non alcanza o mesmo nivel en todas as persoas, e a sublimación só pode soportar unha certa fracción da libido, prescindindo de que moitos suxeitos só posúen a capacidade de sublimar nun grao moi restrinxido. A máis importante destas limitacións é evidentemente a da mobilidade da libido, xa que fai que a satisfacción do individuo dependa da consecución dun número moi pequeno de obxectivos e obxectos. Lembren que un desenvolvemento incompleto da libido implica numerosas fixacións, eventualmente moi variadas, á fases temperás da organización e a obxectos primitivos que, na súa maioría, non son susceptibles de proporcionar unha satisfacción real, así recoñecerán vostedes na fixación da libido a segunda gran causa, xunto co fracaso, das neuroses. Nunha redución esquemática podemos dicir que a fixación da libido constitúe o factor interno, e que o fracaso representa o factor accidental externo.

Aproveito a oportunidade para lles advertir sobre o non aconsellable de tomar partido nunha discusión superficial. O mundo científico acostuma escoller unha parte da verdade, situala no lugar do conxunto e rebater o restante, que non é menos verdadeiro, a favor da parte escollida. Por esta vía xur-

diron varias ramificacións do movemento psicanalítico, das que unha recoñece só os instintos egoístas, negando, pola contra, os sexuais; a outra aprecia só a influencia das tarefas vitais reais omitindo o pasado individual, e así sucesivamente. De forma similar convértese en punto de litixio a seguinte cuestión. Son as neuroses enfermidades *esóxenas* ou *endóxenas*?, a consecuencia inevitable dunha constitución determinada ou o produto de certas impresións vitais prexudiciais (traumáticas), en particular, son causadas pola fixación da libido (e as demais particularidades da constitución sexual) ou pola presión do fracaso? Este dilema en conxunto non semella ter máis sentido ca outro que podería presentarlles. ¿O neno orixínase pola inseminación do pai ou pola concepción por parte da nai? Ambas as dúas condicións son igualmente indispensables, responderán vostedes con razón. Na causa das neuroses a relación é, se non a mesma, si moi similar. Para a observación da causa nos casos de enfermidades neuróticas, estas dispóñense nunha serie dentro da que os dous factores –constitución sexual e experimentación ou, se prefiren, fixación da libido e fracaso– están representados de tal xeito que un deles medra cando o outro decrece. Nun extremo da serie están os casos límite, dos que poden afirmar con total convencemento que enfermarían de todas formas a consecuencia do estraño desenvolvemento da súa libido, independentemente do que experimentaran, aínda que a vida os tratara con moito coidado. No outro extremo están os casos que vostedes deben vulgar de xeito inverso é dicir, que evitarían a enfermidade se a vida non os levara a esta ou aquela situación. Nos casos que están no interior da serie coinciden unha constitución sexual que dispón dunhas esixencias vitais menos ou máis prexudiciais. A súa constitución sexual non lles provocaría a neurose se non tiveran tales experiencias, e estas experiencias non producirían un efecto tan traumático sobre eles se os comportamentos da libido fosen doutro xeito. Quizais poida admitir nesta serie certo predominio á predisposición,

pero esta concesión tamén depende do lonxe que queiran trazar as fronteiras da nerviosidade.

Propóñolles, meus cabaleiros, designar estas series como *series complementarias*, e advírtolles de que teremos ocasión de establecer outras series análogas.

A tenacidade coa que a libido se adhire a determinadas orientacións e obxectos, ou, por así dicilo, o carácter *pegañento* da libido aparécesenos coma un factor independente, individual e variable, e cunhas normas que nos son totalmente descoñecidas, pero cunha relevancia para a etioloxía das neuroses que xa non menosprezaremos. Pero tampouco debemos sobrevalorar a cordialidade desta relación. O “carácter pegañento” da libido –que depende de causas descoñecidas– aparece en determinadas condicións nos suxeitos normais e atópase como factor determinante nas persoas que son, en certo sentido, a antítese dos nerviosos, é dicir, nos pervertidos. Xa antes da aparición da Psicanálise se coñecía (Binet) a posibilidade de descubrir na amnesia dos pervertidos a pegada dunha impresión moi temperán que trouxo consigo unha orientación instintiva ou selección de obxecto anormal, á que queda adherida de por vida a libido desa persoa. A miúdo resulta imposible determinar o elemento que capacitou a esta impresión para exercer unha atracción tan irresistible sobre a libido. A continuación exporeilles un caso deste tipo observado por min mesmo. Un home, para ao que hoxe non significan nada os xenitais nin os demais estímulos da muller pero que sente unha irresistible atracción sexual por un pé calzado de determinada forma, lémbrese dunha experiencia do seu sexto ano de vida que foi determinante para a fixación da súa libido. Estaba sentado nun banco a carón da súa institutriz, da que recibía clases de inglés. A institutriz, unha muller vella, enxoiata e desagradable, con ollos de cor azul auga e nariz aquilina, tiña nesas días un pé mal e, por esta razón, deixábao repousar, calzando unha zapatilla de veludo, sobre un coxín; a súa perna estaba decentemente cuberta. Un pé tan fraco e nervudo,

coma o da institutriz que viu naquel entón, converteuse, logo dun tímido intento de actividade sexual normal na puberdade, no seu único obxecto sexual, e o home sentíase arrebatado, sen opor resistencia algunha, cando se unían a este pé outros riscos que lle lembraran ao tipo da institutriz. Pero esta fixación da súa libido non converteu ao home nun neurótico, senón nun perverso, nun fetichista do pé, tal e como nós o chamamos. Verán, polo tanto, que, aínda que a fixación excesiva e temperán da libido é imprescindible para causar a neurose, o seu radio de acción reborda o ámbito das neuroses. Resulta, pois, que este factor tampouco é decisivo para a xénese das neuroses, ao igual que o fracaso anteriormente mencionado.

O problema da causa das neuroses semella, polo tanto, complicarse. De feito, a investigación psicanalítica dámos a coñecer un factor que non aparece na nosa serie etiolóxica e que onde mellor se reconece é nos suxeitos cunha saúde alterada de súpeto pola neurose. Nestas persoas atopamos regularmente indicios dun conflito entre impulsos de desexos ou, como estamos acostumados a dicir, dun *conflito* psíquico. Unha parte da personalidade representa certos desexos, outra oponse e deféndese destes. Sen este conflito non hai neurose. Isto non debe parecerlles estraño. Vostedes saben que a nosa vida psíquica é movida incesantemente por conflitos nos que temos que tomar unha decisión. Polo tanto, deben cumprirse condicións especiais para que un conflito deste tipo se volva patóxico. Podemos preguntar cales son estas condicións, entre que poderes psíquicos teñen lugar estes conflitos, que relación ten o conflito cos outros factores causantes da neurose.

Espero poder darlles resposta a estas preguntas, aínda que estas sexan abreviadas de forma esquemática. O conflito é causado pola privación, o que forza á libido, carente de satisfacción, a buscar outros obxectos e vías. Unha condición indispensable é que estas outras vías e obxectos provoquen certo desgusto nunha parte da personalidade, de xeito que se

leve a cabo un veto que imposibilita temporalmente a nova forma de satisfacción. A partir de aquí continúa o proceso da formación dos síntomas, que nós retomaremos máis tarde. As tendencias libidinosas rexeitadas logran imporse por medio de certos rodeos, pero non sen ter en conta o veto por medio de certas desfiguracións e atenuacións. Os rodeos son os camiños da formación dos síntomas, os síntomas son a satisfacción nova ou substitutiva, que se fai necesaria polo feito do fracaso.

A relevancia do conflito psíquico maniféstase no feito de que para que o fracaso *exterior* produza un efecto patóxico, é necesario que a este se engada un fracaso *interior*. Os fracasos exteriores e interiores refírense naturalmente a diferentes obxectos e vías. O fracaso exterior elimina a posibilidade da satisfacción, ao fracaso interior gustaríalle excluír outra posibilidade, aquela pola que estala o conflito. Eu doulle preferencia a este tipo de representación porque posúe un contido segredo. Sinala a probabilidade de que os impedimentos interiores do pasado da evolución humana procedan de impedimentos exteriores reais.

Pero, ¿cales son os poderes dos que procede a protesta contra a tendencia libidinoso, convertendo á outra parte en conflito patóxico? Son, dito de forma moi xeral, as forzas instintivas non sexuais. Resumímolos como “instintos do Eu”; a Psicanálise das neuroses por transferencia non nos proporciona un bo acceso á súa análise posterior, só nos permite coñecela en certa medida por medio das resistencias que se opón á análise. O conflito patóxico é un conflito entre os instintos do Eu e os instintos sexuais. Nunha serie determinada de casos ten a aparencia de que tamén podería tratarse dun conflito entre as diferentes tendencias puramente sexuais; pero isto é, en esencia, o mesmo, xa que, das dúas tendencias sexuais que se atopan en conflito, unha sempre está, por así dicilo, xustificada polo Eu, mentres que a outra provoca a repulsa do Eu. Queda, polo tanto, nun conflito entre o Eu e a sexualidade.

Moi a miúdo, meus cabaleiros, cando a Psicanálise interpretou un suceso psíquico como acción dos instintos sexuais, reprochóuselle en indignada defensa do home que este non só consiste en sexualidade, que na vida psíquica existen máis instintos e intereses ca os sexuais, que non se debe deducir “todo” a partir da sexualidade, e cuestións da mesma índole. Agora ben, por unha vez satisfainos estar de acordo cos nosos antagonistas. A Psicanálise nunca esqueceu que tamén existen forzas instintivas non sexuais; organizouse a partir da rigorosa diferenciación entre instintos sexuais e instintos do Eu e afirmou, ante calquera protesta, non que as neuroses proceden da sexualidade, senón que lle deben a súa orixe ao conflito entre Eu e sexualidade. Na súa tarefa de analizar o papel dos instintos sexuais, tanto na vida coma nos casos de enfermidade, tampouco atopou ningún motivo imaxinable para discutir a existencia ou significado dos instintos do Eu. Pero o seu obxectivo converteuse en ocuparse en primeira liña dos instintos sexuais, pois estes constitúen o camiño máis accesible para o coñecemento das neuroses por transferencia, e porque lle compete estudar o que outros descoidaron.

Tampouco é exacto que a Psicanálise non se preocupara da parte non sexual da personalidade. Precisamente a distinción entre Eu e sexualidade permitiunos recoñecer con especial claridade que os instintos do Eu tamén atravesan un desenvolvemento significativo, un desenvolvemento que non é totalmente independente da libido e tampouco carece dunha reacción contra ela. En efecto, nós coñecemos o desenvolvemento do Eu moito peor ca o da libido porque esperamos que sexa o estudo das neuroses narcisistas o que nos achegue un coñecemento da estrutura do Eu. Xa Ferenczi levou a cabo unha interesante tentativa de establecer os niveis evolutivos do Eu no plano teórico e posuímos, polo menos, dous firmes puntos de referencia para xulgar esta evolución. Non pensamos que os intereses libidinosos dunha persoa se atopen dende o

principio en contraposición aos seus intereses de autoconservación; o Eu aspirará máis ben en cada nivel a permanecer en harmonía coa súa organización sexual e a formar parte dela. A sucesión das fases illadas no desenvolvemento da libido segue, probablemente, un programa preestablecido; pero non se pode negar que esta evolución pode estar influenciada polo Eu, e, igualmente, poderíase prever un certo paralelismo, unha correspondencia determinada entre as fases evolutivas do Eu e da libido; si, o trastorno desta correspondencia podería dar lugar a un factor patóxico. Sería importante para nós desvelar o comportamento do Eu naqueles casos nos que a súa libido experimenta unha forte fixación a unha fase determinada do seu desenvolvemento. O Eu pode permitir a mesma, facéndose entón, na medida correspondente, pervertido ou, o que é o mesmo, infantil. Pero tamén pode rebelarse contra esta fixación da libido, neste caso o Eu manifestará unha *represión* alí onde a libido experimentou unha *fixación*.

Por esta vía descubriremos que o terceiro factor da etiología das neuroses, a *tendencia ao conflito*, depende da evolución do Eu coma da evolución da libido. Este descubrimento completa a nosa concepción da causa das neuroses. En primeiro lugar, atopamos como condición máis xeral o fracaso, logo a fixación da libido, que a levou en determinadas direccións e, en terceiro lugar, a tendencia ao conflito do desenvolvemento do Eu, que rexeitou estes impulsos da libido. O feito non é, polo tanto, tan confuso nin tan difícil de comprender como probablemente semellara a vostedes ao comezo da miña exposición. Pero, dende logo, debemos recoñecer que aínda non culminamos o tema. Temos aínda que engadir algún novo dato e seguir analizando o xa coñecido.

Para demostrarlles a influencia da evolución do Eu sobre a constitución do conflito e, polo tanto, sobre a causa das neuroses, gustaríame presentarlles un exemplo completamente inventado, pero que non por iso deixa de ser probable. En

imitación do título dunha farsa de Nestroy, dareille o nome de *No baixo e no primeiro piso*. No baixo vive o porteiro, no primeiro piso o propietario da casa, un home rico e distinguido. Ambos teñen fillos, e suporemos que á filla do propietario se lle permite xogar, sen ser vista, coa nena proletaria. Pode entón suceder con moita facilidade que os xogos das nenas adquiran un carácter traveso é dicir, sexual, que xoguen a “Pais e Nais”, que se contemplan durante a realización de actos íntimos e que exciten reciprocamente os seus xenitais. Á rapaza do propietario que, malia os seus cinco ou seis anos, xa puido observar algo da sexualidade dos adultos, gústalle adoptar o papel da sedutora. Estas experiencias abundan, aínda que non se prolonguen durante moito tempo, para activar en ambas as dúas nenas certos impulsos sexuais que, despois de abandonar os xogos comúns, manifestan durante algúns anos a través da masturbación. Ata aquí os elementos en común; o desenlace será moi distinto en cada nena. A filla do porteiro continuará coa masturbación aproximadamente ata a aparición do período, logo a abandonará sen dificultades; uns anos máis tarde terá un amante, quizais tamén un neno, seguirá este ou aquel camiño, que a leve quizais a facerse unha popular artista, rematando como aristócrata. Probablemente o seu destino resulte menos brillante pero, en todo caso, terá unha vida satisfactoria e libre de neuroses, sen verse prexudicada pola temperá actividade da súa sexualidade. O destino da filla do propietario será diferente. Esta terá, antes de rematar a súa infancia, a intuición de que fixo algo malo; logo de pouco tempo, pero tal vez tras unha dura loita, renunciará á satisfacción masturbatoria e, aínda así, conservará un elemento reprimido no seu interior. Cando, nos seus anos de xuventude, estea en situación de descubrir o acto sexual humano, evitarao cunha aversión inexplicable, e quereá permanecer na ignorancia. Probablemente sucumba tamén a un afán novo e invencible pola masturbación, do que non ousará queixarse. Nos anos nos que, como muller, debiera ser suscep-

tible de gustarlle a un home, desencadearase nela a neurose, que anulará as súas esperanzas de levar unha vida normal. Se, por medio da análise, acadamos certo coñecemento sobre esta neurose, descubriremos que a rapaza ben educada, intelixente e altamente ambiciosa reprimiu os seus impulsos sexuais por completo, pero que estes se adhíren inconscientemente ás súas pobres experiencias coa amiga da infancia.

A diferenza entre estes dous destinos, malia partiren ambos da mesma experiencia, baséase en que o Eu dunha delas experimentou unha evolución que non tivo lugar na outra. Para a filla do porteiro a actividade sexual é tan natural e inofensiva na súa madurez como na súa infancia. A filla do propietario someteuse á influencia da educación e aceptou as súas pretensións. O seu Eu construíu, a partir dos estímulos que se lle presentan, ideais de pureza feminina e continencia, cos que non é compatible a actividade sexual; a súa formación intelectual rebaixou o seu interese polo papel de muller para o que está determinada. A través desta evolución moral e intelectual máis elevada do seu Eu, entrou en conflito coas pretensións da súa sexualidade.

Aínda quero determe hoxe nun segundo punto do desenvolvemento do Eu, debido tanto ás amplas perspectivas que pode abrir ante nós, como tamén á súa capacidade para xustificar a estrita distinción que nós defendemos entre os instintos do Eu e os instintos sexuais, difícil de observar a primeira vista. Para formular un xuízo de ambas as dúas evolucións, tanto a do Eu coma a da libido, debemos antepor un punto de vista que ata agora non se tivo en conta. Ambas son en esencia herdanzas, repeticións abreviadas da evolución que percorreu toda a humanidade dende o principio dos tempos e durante longos períodos. A evolución da libido aparenta esta orixe *filoxenética* sen máis. Pensen vostedes na íntima relación entre o aparato xenital e a boca dun certo grupo de animais, que noutro non se pode separar do aparato excretorio, que noutro está vinculado cos órganos de movemento, feitos que se atopan atractivamente descritos no

valioso libro de W. Bölsche. Vemos, por así dicilo, nos animais todo tipo de fixacións pervertidas na organización sexual. O punto de vista filoxenético é velado nas persoas en parte pola circunstancia de que o que en esencia é herdado é adquirido de novo, non obstante, na evolución individual, probablemente porque os mesmos comportamentos aínda perduran e fan efecto sobre aqueles aos que, no seu momento, precisaron para a súa adquisición. Gustaríame dicir que estes comportamentos, que na súa orixe tiveron un efecto creador, teñen agora un efecto provocador. Ademais, é indubidable que o transcurso do desenvolvemento trazado pode ser alterado e modificado en cada individuo por medio de influencias recentes. Pero coñecemos o poder que impón á humanidade un desenvolvemento deste tipo, que continúa exercendo aínda hoxe a súa acción na mesma dirección; trátase novamente do fracaso da realidade ou, se lle damos o seu nome correcto, a *necesidade* da vida ou a *Ἀνάγκη*. Esta foi unha severa educadora á que o home lle debe moito. Os neuróticos pertencen a aquel grupo de nenos no que tal severidade tivo efectos terribles, pero este é un risco inherente a toda educación. A proclamación da necesidade da vida como motor da evolución non resta importancia, polo demais, ás “tendencias evolutivas internas”, no caso de que poidamos demostrar a existencia das mesmas.

É digno de atención que os instintos sexuais e os instintos de autoconservación non se comporten do mesmo xeito con respecto á necesidade real. Os instintos de autoconservación, e todo o vinculado con eles, son máis doados de educar; aprenden antes a someterse á necesidade e a conformar as súas evolucións segundo as indicacións da realidade. Isto é comprensible, xa que non poden facerse cos obxectos que precisan de ningún outro xeito; sen estes obxectos o individuo corre o perigo de perecer. Os instintos sexuais son dificilmente educables, pois en principio non teñen necesidade dun obxecto. Xa que parasitan, asociados a outras funcións corporais, e atopan

unha satisfacción autoerótica no propio corpo, subtráense á influencia educativa da verdadeira necesidade, conservando na maioría das persoas durante toda a vida este carácter arbitrario da non influenciabilidade, aquilo que nós chamamos “irreflexibilidade”. Normalmente, unha persoa nova deixa de ser accesible á educación cando as súas necesidades sexuais espertan con forza definitiva. Os educadores sábeno e actúan en consecuencia; pero quizais se deixen levar polos resultados da Psicanálise, trasladando o énfase principal da educación aos primeiros anos da infancia, da idade de lactancia en diante. O neno xa está formada a miúdo no cuarto ou quinto ano de vida, pondo de manifesto máis tarde de forma gradual o que adquiriu ata esa idade.

Para apreciarmos o significado completo da amentada diferenza entre ambos os dous grupos de instintos debemos facer unha breve divagación, e introducir aquelas observacións que merecen ser chamadas *económicas*. Dirixímonos así cara a un dos ámbitos máis importantes pero, lamentablemente, tamén máis escuros da Psicanálise. Preguntámonos se no traballo do noso aparato psíquico pode recoñecerse unha intención principal, e respondémonos nunha primeira aproximación que esta intención está dirixida á adquisición de pracer. Semella que toda a nosa actividade psíquica está dirixida a adquirir pracer e a evitar o malestar, sendo regulada automaticamente a través do *principio do pracer*. Agora queredamos saber cales son as condicións da orixe do pracer e malestar, pero carecemos da información suficiente. Só podemos atrevernos a afirmar que o pracer está vinculado *dalgún xeito* á diminución, redución ou extinción do conxunto de estímulos que reinan no aparato psíquico, mentres que o malestar está vinculado a un aumento do mesmo. A análise do pracer máis intenso que é accesible ás persoas, o pracer da consumación do acto sexual, deixa menos dúbidas sobre este punto. Dado que nestes procesos do pracer se trata dos destinos de grandes cantidades de excitación ou

enerxía psíquica, denominamos as observacións deste tipo económicas. Percibimos que tamén podemos describir a tarefa e rendemento do aparato psíquico doutro xeito diferente que facendo énfase na adquisición de pracer. Podemos dicir que o aparato psíquico serve á intención de dominar e suprimir os conxuntos de estímulos e excitacións que se dirixen a el, de orixe interna e externa. No que respecta aos instintos sexuais, é evidente sen máis que traballan dende o comezo ata o final do seu desenvolvemento para a adquisición de pracer; conservan esta función orixinaria sen modificación. Ao mesmo aspiran tamén os outros, os instintos do Eu, ao principio. Pero, baixo a influencia da mestra necesidade, os instintos do Eu aprenden cedo substituíndo o principio do pracer a través dunha modificación. A tarefa de evitar o malestar equipárase para eles á da adquisición de pracer; o Eu percibe que é inevitable renunciar á satisfacción inmediata, aprazar a adquisición de pracer, soportar unha dose de malestar e abandonar por completo determinadas fontes de pracer. O Eu, así educado, faise *sensato*, xa non se deixa rexer polo principio de pracer, senón que segue o *principio de realidade* que, en esencia, tamén quere obter pracer, pero un pracer que teña en consideración a realidade, aínda que tamén aprazado e reducido.

A transición do principio de pracer ao de realidade é un dos progresos máis importantes na evolución do Eu. Xa sabemos que os instintos sexuais só franquean esta fase da evolución do Eu tarde e a desgusto e máis adiante veremos qué consecuencias ten para o home que a súa sexualidade se conforme cunha relación tan laxa coa realidade exterior. E agora, para rematar, unha observación pertinente neste contexto. Se o Eu das persoas ten unha historia evolutiva ao igual ca a libido, vostedes non se sorprenderán de oír que tamén existen *regresións do Eu*, e quererán saber qué papel pode xogar este regreso do Eu a fases de desenvolvemento anteriores nas enfermidades neuróticas.

As vías da formación dos síntomas

Miñas donas e meus cabaleiros, para o leigo son os síntomas os que constitúen a esencia da enfermidade, e a curación equipárase para el coa supresión dos síntomas. O médico, pola súa parte, concede grande importancia á diferenciación entre os síntomas e a enfermidade, e di que a eliminación dos síntomas non significa en absoluto a curación da enfermidade. Pero, como o único tanxible da enfermidade, logo da eliminación dos síntomas, é a capacidade de formar novos síntomas, queremos adoptar temporalmente o punto de vista do leigo, e considerar a indagación destes como sinónimo de comprensión da enfermidade.

Os síntomas –falamos aquí, naturalmente, dos síntomas psíquicos (ou psicóxenos) e das enfermidades psíquicas– son para o conxunto da vida actos prexudiciais ou, polo menos, inútiles, desbotados con frecuencia pola persoa que os sofre por seren contrarios á súa vontade e relacionados co seu malestar ou sufrimento. O seu dano principal reside no dispendio psíquico que lle custan e no dispendio posterior que é necesario para os combater. Ambos custos poden ter como consecuencia, no caso dunha formación abundante de síntomas, un extraordinario empobrecemento da enerxía psíquica dispoñible na persoa e, polo tanto, unha paralización da mesma para todas as tarefas vitais importantes. Xa que esta incapacidade depende principalmente da cantidade de enerxía dada, recoñecerán vostedes con facilidade que “estar enfermo” é en esencia un concepto práctico. Pero adopten un punto de vista teórico e prescindan destas cantidades, e poderán entón afirmar doadamente que todos nós somos enfermos é dicir, neuróticos, xa que as condicións para a formación de síntomas poden tamén atoparse nas persoas normais.

Dos síntomas neuróticos sabemos xa que son o efecto dun conflito que xorde a raíz dun novo tipo de satisfacción da libido.

Ambas as dúas forzas inimigas reúnen-se novamente no síntoma, reconcílianse en certa forma a través do compromiso da formación de síntomas. Por esta razón é tan resistente o síntoma; é sostido por ambas as dúas partes. Tamén sabemos que un dos dous membros do conflito é a libido insatisfeita, rexeitada pola realidade, que agora debe buscar outros camiños para a súa satisfacción. Se a libido non logra vencer a oposición da realidade nin sacrificando o obxecto que esta lle nega e substituíndoo por outro, verase finalmente na necesidade de seguir o camiño da regresión e buscar a súa satisfacción nunha das organizacións xa superadas ou por medio dos obxectos abandonados con anterioridade. No camiño da regresión a libido, é seducida polas fixacións que abandonara en diversas fases do seu desenvolvemento.

Agora sepárase nidiamente o camiño da perversión do da neurose. Se estas regresións non suscitan a contradición do Eu, tampouco se chegará á neurose, acadando a libido unha satisfacción real, aínda que non normal. Pero cando o Eu, que non conta só coa consciencia, senón tamén cos accesos á inner-vación motriz e, con eles, á realización das aspiracións psíquicas, non está de acordo con estas regresións, entón o conflito está dado. A libido encontra pechado o camiño e debe tentar tomar algunha dirección na que atopar, segundo a esixencia do principio de pracer, unha saída para a súa reserva de enerxía. Ten que subtraerse ao Eu. Unha elusión deste tipo permítenlla as fixacións que foi deixando atrás no seu camiño evolutivo, agora percorrido regresivamente, contra as que se protexeu o Eu pola súa banda por medio de represións. Conforme a libido foi ocupando na súa marcha regresiva estas posicións reprimidas, subtraeuse ao Eu e ás súas leis, pero tamén renunciou a toda a educación adquirida baixo a influencia deste Eu. Foi dúctil mentres atopaba certo grao de satisfacción; baixo a dobre presión do fracaso exterior e interior insubordínase e lembra tempos pasados e mellores. Este é, en esencia, o seu carácter

invariable. As representacións ás que transfere agora a libido a súa enerxía pertencen ao sistema do inconsciente e están suxeitas aos procesos propios do mesmo, especialmente aos de condensación e desprazamento. Así créanse relacións que se equiparan totalmente coas da formación dos sonhos. Ao igual que ao sonho real xestado no inconsciente, que é o cumprimento dunha fantasía desexada inconsciente, lle sae ao encontro unha actividade (pre)consciente, que lle impón a súa censura e o forza a unha transacción que ten como resultado a formación dun sonho manifesto, a representación da libido tamén ten que someterse no inconsciente ao poder do Eu preconscious. A oposición que xurdiu contra ela no Eu, obrígaa a adoptar unha *forma expresiva transaccional* que, simultaneamente, pode converterse na súa propia expresión. Así se orixina o síntoma como descendente, con frecuencia desfigurado, da satisfacción inconsciente de desexos libidinosos, un produto equívoco artificialmente escollido con dous significados reciprocamente contraditorios. Só neste último punto se pode recoñecer unha diferenza entre a formación dos sonhos e a dos síntomas, xa que a intención preconscious na formación dos sonhos diríxese só a conservar o sonho, é dicir, a non permitir que nada que o poida alterar penetre nel; pero non consiste en opor ao estímulo de desexo inconsciente unha rotunda negativa. Esta tolerancia é posible porque a situación do durminte está pouco danada. A saída á realidade é imposibilitada só polo estado de sono.


Vemos, pois, que a existencia de fixacións posibilita que a libido eluda as circunstancias creadas polo conflito. O revestimento regresivo destas fixacións permite evitar a represión e conduce a unha derivación –ou satisfacción– da libido, na que deben respectarse as condicións do compromiso. Por medio deste arroteo a través do inconsciente e das vellas fixacións, a libido logra finalmente abrirse paso cara a unha satisfacción real, aínda que extraordinariamente limitada e xa apenas recoñecible. Permítanme engadir dúas observacións a este resultado

final. En primeiro lugar, teñan en conta o estreito vínculo que une a libido e o inconsciente por unha banda, e o Eu, á consciencia e á realidade pola outra, aínda que estes factores non pertencen dende o principio ao mesmo grupo; en segundo lugar, teñan en conta que todo o dito aquí e todo o que se dirá se refire só á formación de síntomas na neurose histérica.

¿Onde atopa a libido as fixacións que precisa para abrirse paso a través das represións? Nas actividades e experiencias da sexualidade infantil, nos esforzos parciais e obxectos abandonados da infancia. A libido regresa, polo tanto, a eles. O significado desta época da infancia é dobre: por unha parte o neno manifesta durante a mesma por primeira vez as tendencias dos instintos que presentaba nas súas disposicións innatas e, en segundo lugar, experimenta determinadas influencias externas, experiencias accidentais que activan algúns dos seus instintos. Creo que non hai dúbida ningunha de termos dereito a establecer esta bipartición. A manifestación das disposicións innatas non está suxeita a ningunha dúbida crítica, pero a experiencia analítica fórzanos precisamente a aceptar que certos sucesos puramente casuais da infancia están en posición de deixar fixacións da libido tras si. Tampouco vexo aquí ningunha dificultade teórica. As disposicións constitucionais son seguramente tamén consecuencia dos sucesos vividos polos nosos devanceiros, polo tanto tamén adquiridas nun momento dado; sen tal adquisición non habería herdanza. E ¿é imaxinable que esta adquisición, que nos leva á herdanza, atope o seu final precisamente na xeración que nós observamos? O significado das experiencias infantís non debería ser desatendido por completo, para atender ao das experiencias dos devanceiros e da propia madurez, senón que, pola contra, debería atopar unha apreciación especial. Os sucesos da infancia teñen graves consecuencias debido ao feito de se produciren nun período no que o desenvolvemento permanece incompleto e, precisamente por esta circunstancia, están capacitados para teren efectos trau-

máticos. Os traballos sobre a mecánica do desenvolvemento de Roux entre outros amosáronnos que unha simple picada cun alfinete no embrión durante a división celular ten como consecuencia unha grave alteración do desenvolvemento. A mesma lesión, inflixida á larva ou ao animal completo, sería soportada sen ter efectos prexudiciais.

A fixación da libido do adulto, que introducimos como representante do factor constitucional na ecuación etiolóxica das neuroses, divídese polo tanto para nós en dous novos factores: na disposición hereditaria e na disposición adquirida na infancia máis temperá. Sei que un esquema contará seguramente co praxe dos estudantes. Polo tanto, resumirei estas relacións da forma seguinte:



A constitución sexual hereditaria ofrécenos unha gran variedade de disposicións, dependendo de que este ou aquel instinto parcial, so ou en asociación con outros, se apliquen con especial enerxía. Xunto co factor da experiencia infantil, a constitución sexual forma novamente unha “serie complementaria”, bastante similar á que se nos deu a coñecer por vez primeira entre disposición e experiencia accidental do adulto. Tanto aquí coma alí atópanse os mesmos casos extremos e as mesmas relacións de representación. É lóxico formular aquí a pregunta de se a máis significativa das regresións da libido é dicir, a regresión ás fases máis temperás da organización sexual, non está condicionada preponderantemente polo factor hereditariamente constitucional; pero é mellor aprazar a resposta a esta pregunta

ata podermos tomar en consideración unha serie maior de formas de enfermidade neuróticas.

Agora deterémonos no feito de que a investigación analítica amose a libido dos neuróticos unida ás súas experiencias infantís. Outórgalle así a estas aparencia dunha grande importancia na vida e na enfermidade da persoa. Este significado permanece íntegro para elas na medida en que se ten en consideración o traballo terapéutico. Pero de prescindirmos desta tarefa, podemos recoñecer doadamente que aquí existe o perigo dun malentendido que podería inducirnos a orientar a vida demasiado unilateralmente seguindo a situación neurótica. Do significado das experiencias infantís debemos deducir que a libido volveu a elas regresivamente, despois de ser expulsada das súas posicións posteriores. Ante esta circunstancia parece lóxico concluír que as experiencias da libido non tiveron ningún significado no seu momento, senón que o adquiriron por primeira vez de forma regresiva. Lembren que durante a explicación do complexo de Edipo xa atopamos unha alternativa análoga a esta.

Pero tampouco esta vez nos resultará difícil a decisión. A observación segundo a que o revestimento da libido e, polo tanto, o significado patóxico das experiencias infantís, é reforzado en gran medida por medio da regresión da libido, é indubidablemente acertada, pero levaríanos a confusión se permitísemos que se fixese determinante. Tamén debemos darlle validez a outras consideracións. En primeiro lugar, a observación amosa, excluindo calquera posible dúbida, que os sucesos infantís teñen o seu propio significado, xa demostrado nos anos da infancia. Tamén hai neuroses infantís nas que se reduce necesariamente o papel da volta atrás no tempo ao asociarse a enfermidade como consecuencia inmediata ás experiencias traumáticas. O estudo destas neuroses infantís evita un perigoso malentendido nas neuroses dos adultos, analogamente a como os sonhos dos nenos nos deron a chave para a comprensión dos sonhos dos adultos. As neuroses dos nenos son agora moi habi-

tuais, moito máis habituais do que cremos. Son omitidas con frecuencia, xulgadas como un indicio de maldade ou travesura, e reprimidas tamén a miúdo polas autoridades educativas, pero sempre poderemos recoñecelas con facilidade na retrospección posterior. A maioría das veces aparecen baixo a forma dunha *histeria de angustia*. O significado deste feito descubrirémolo máis adiante. Cando, en etapas posteriores da vida, se declara unha neurose, esta revélase regularmente por medio da análise como a continuación directa daquela enfermidade infantil que se manifestou quizais só de forma velada e esquemática. Pero, como xa dixemos, existen casos nos que esta nerviosidade infantil continúa sen interrupción como enfermidade de por vida. Nós podemos analizar algúns exemplos de neuroses infantís no neno mesmo e no seu estado actual; pero a maioría das veces tivemos que contentarnos co permiso do adulto enfermo para levar a cabo unha exame ulterior da súa neurose infantil, polo que tivemos que atender a certas correccións e precaucións.

En segundo lugar debemos dicir que sería inconcibible que a libido experimentara unha regresión tan regular ao período da infancia se alí non houbera nada que puidese exercer unha atracción sobre ela. A fixación a determinados momentos do percorrido evolutivo só terá contido se admitimos que consiste na cristalización dunha cantidade determinada de enerxía libidinosa. Finalmente, debo advertirlles de que existe unha relación complementaria entre a intensidade e o significado patóxico das experiencias infantís e posteriores, semellante a das series estudadas con anterioridade. Hai casos nos que todo o peso da causa recae sobre as experiencias sexuais da infancia, nas que estas impresións manifestan con seguridade un efecto traumático e non precisan ningún outro respaldo para isto que o que lles pode ofrecer a constitución sexual media e a súa inmadurez. Ao seu carón hai outros nos que todo o acento recae sobre os conflitos posteriores e a importancia analítica das impresións infantís aparece sobre todo coma obra da regresión; é

dicir, extremos da “inhibición da evolución” e da “regresión” e, entre eles, diferentes graos de concorrencia de ambos os dous factores.

Estas relacións teñen certo interese para a Pedagogía, que ten como propósito a prevención das neuroses por medio dunha intervención temperá no desenvolvemento sexual do neno. Mentres manteñamos a nosa atención dirixida predominantemente ás experiencias sexuais infantís, pode que creamos que facemos todo o posible para a profilaxe de enfermidades nerviosas ao preocuparnos de retardar esta evolución e de aforrarlle ao neno experiencias deste tipo. Xa sabemos que as condicións determinantes das neuroses son complicadas e que, en xeral, non poden ser influenciadas por un so factor. A estrita protección da infancia perde valor porque permanece impotente ante o factor constitucional; é, ademais, máis difícil de levar a cabo do que os educadores se imaxinan, e trae consigo dous perigos novos, que non deben ser menosprezados: que exceda o fin proposto, é dicir, que favoreza un exceso de represión sexual prexudicial para o desenvolvemento, e que lance ao neno sen medios de defensa contra a afluencia de tendencias sexuais que a puberdade traerá consigo. Así, xorde a incertidume sobre as vantaxes da profilaxe da infancia e a posibilidade de que un punto de vista modificado sobre a actualidade non garanta un ataque máis fiable para a prevención das neuroses.

Regresemos agora aos síntomas. Como vimos, estes crean un substituto para a satisfacción fracasada por medio dunha regresión da libido a tempos anteriores, co que está vinculado de forma inseparable o regreso a niveis de desenvolvemento anteriores da selección do obxecto ou da organización. Escoitamos antes que o neurótico permanece detido nalgún lugar do seu pasado; agora sabemos que se trata dun período do seu pasado no que a súa libido non botaba en falta a satisfacción, no que era feliz. O suxeito busca na historia da súa vida ata que atopa

unha época así e, aínda que teña que retornar ao seu período de lactante, tal e como o lembra ou como o imaxina seguindo os seus estímulos posteriores. O síntoma repite dalgún xeito aquel tipo de satisfacción preinfantil, desfigurada a través da censura procedente do conflito, normalmente acompañada por sensacións de dor e mesturada con elementos provocados pola enfermidade. O tipo de satisfacción que achega o síntoma é relativamente singular en si mesma. Dende logo, o suxeito non a reconece como tal, senón que percibe a suposta satisfacción máis ben como sufrimento e a deplora. Esta transformación pertence ao conflito psíquico, que exerceu certa presión para a formación do síntoma. O que un día foi unha satisfacción para o individuo, suscita hoxe a súa resistencia ou aversión. Nós coñecemos un exemplo, pouco relevante pero instrutivo, deste cambio sensorial. O mesmo neno que se alimentou con avidez do leite do peito materno adoita manifestar uns anos máis tarde unha forte aversión ao sabor do leite, que será superada, non sen dificultades, por medio da educación. Esta aversión incrementábase ata a repugnancia cando o leite, ou a bebida mesturada con ela, está cuberta por unha tona. Tal vez non deba desestimarse que esta tona evoca a lembranza do peito materno, tan ardentemente desexado unha vez. Entre ambos extremos atópase a experiencia con efecto traumático da desteta.

Curiosamente, existen outras razóns polas que os síntomas nos parecen incomprendibles como medio para alcanzar a satisfacción libidinosa. Non nos lembran en absoluto todo aquilo que adoitamos esperar normalmente da satisfacción. A maioría das veces prescinden do obxecto e renuncian á relación coa realidade exterior. Este feito interpretámolo como consecuencia da prevención do principio de realidade e do regreso ao principio de pracer. Pero tamén é un regreso a unha especie de autoerotismo dilatado, tal e como llo ofreceron ao instinto sexual as primeiras satisfaccións. Os síntomas reemprazan a modificación do mundo exterior por unha modificación cor-

poral, é dicir, unha acción interna no canto dunha externa, unha adaptación no canto dunha acción, o que se corresponde novamente nun sentido filoxenético cunha regresión altamente significativa. Isto entenderémolo só de relacionármolo cun novo dato, que aínda debemos descubrir a partir das investigacións analíticas sobre a formación dos síntomas. Ademais, lembremos que na formación de síntomas participaron os mesmos procesos do inconsciente que na formación dos sonhos, a condensación e o desprazamento. O síntoma representa, coma o sonho, algo en estado de realización, unha satisfacción análoga ás infantís, pero por medio da condensación extrema esta satisfacción pode limitarse a unha soa sensación ou innervación, e restrinxirse, a través dun desprazamento igualmente extremo, a un so detalle do conxunto do complexo libidinoso. Non é ningún milagre o feito de termos adoito dificultades para recoñecer no síntoma a satisfacción libidinosa que supostamente constitúe.

Anuncieilles que aínda debiamos descubrir un novo dato sobre este tema; trátase realmente de algo sorprendente e confuso. Vostedes saben que, a través da análise dos síntomas, chegamos ao coñecemento das experiencias infantís ás que está fixada a libido, e a partir das que se constrúen os síntomas. Agora ben, a sorpresa consiste en que estas escenas infantís non son sempre verdade. Si, na maioría dos casos non son verdade e, en casos illados, están en oposición directa á verdade histórica. Vostedes entenderán que este achado estea capacitado máis ca ningún outro, ou ben para desacreditar a análise que nos levou a tales resultados, ou ben ás declaracións dos enfermos sobre as que construíu a análise a súa concepción das neuroses. Pero aínda atopamos algo máis confuso neste feito. Se as experiencias infantís sacadas á luz a través da análise fosen reais, teríamos a sensación de movérmonos sobre terra firme; se fosen falseadas e se revelasen como invencións, como fantasías dos enfermos, veriámonos forzados a abandonar estas areas movedizas e buscar outro solo máis seguro. Pero non nos atopamos en ningunha

destas dúas situacións, senón que debemos admitir o feito de que nalgunhas ocasións as experiencias infantís construídas ou lembradas na análise son indiscutiblemente falsas e noutras son certas, e que, na maioría dos casos, son unha mestura de verdades e falsidades. Os síntomas son, polo tanto, ás veces a representación de experiencias que tiveron lugar realmente e ás que se lles pode adscribir unha influencia sobre a fixación da libido, e ás veces a representación de fantasías do enfermo que, naturalmente, non se adecúan en absoluto a un papel etiolóxico. É difícil orientarse neste ámbito. Atopamos un primeiro indicio quizais no descubrimento análogo de que as lembranzas infantís illadas, que as persoas contiñan sempre de forma consciente antes da análise no seu interior, poden estar igualmente falseadas ou, cando menos, mesturar verdades e falsidades. A proba desta inexactitude só representa dificultades en contadas ocasións e, así, conservamos polo menos a tranquilidade de que a análise non é a culpable desta decepción inesperada, senón que esta se debe a certas peculiaridades dos enfermos.

Despois dunha breve reflexión entendemos máis doadamente o que nos confunde tanto neste estado de cousas. Trátase do menosprezo da realidade, a desatención da diferenza entre realidade e fantasía. Sentimos a tentación de ofendernos porque o enfermo enredou con historias inventadas. Seméllanos que a realidade difire enormemente da invención, e asignámoslle un valor moi distinto. O enfermo adopta, polo demais, o mesmo punto de vista no seu pensamento normal. Cando este presenta aquel material que se agocha tras os síntomas, condúcenos a institucións do desexo que reproducen as experiencias infantís, e ao principio preguntámonos, en efecto, se se trata da realidade ou de fantasías. Máis adiante daremos con certos indicios que nos axudarán a resolver esta cuestión, e atoparémonos perante o traballo de dar a coñecer tamén ao enfermo a nosa resolución. Pero este proceso non está exento de dificultades. Se dende un principio lle facemos saber ao enfermo que está en disposición

de por de manifesto as fantasías coas que ocultou as historias da súa infancia, ao igual que fixeron todos os pobos ao construír lendas a partir do seu pasado esquecido, percibiremos que o seu interese polo seguimento posterior do tema diminúe de súpeto de forma non desexable. El tamén quere descubrir realidades e despreza todas as “invencións”. Pero se para lograr as nosas intencións terapéuticas deixámolo crer que estamos investigando sobre os sucesos reais dos anos da súa infancia, arriscámonos a que máis adiante nos reproche a confusión, e a que se ría da nosa suposta credulidade. Durante moito tempo non poderá comprender a nosa proposta de equiparar fantasía e realidade, sen preocuparnos de que as experiencias infantís a esclarecer sexan reais ou non. E, aínda así, esta é claramente a única postura axeitada perante estas producións psíquicas, que posúen tamén certo tipo de realidade; sempre permanecerá un feito real, que o enfermo creou fantasías deste tipo, e este feito posúe a mesma importancia para a súa neurose que se o contido destas fantasías fora totalmente real. As fantasías posúen, polo tanto, unha realidade *psíquica* en contraposición á *material*, e aprenderemos paulatinamente a entender que *no mundo das neuroses a realidade psíquica é a determinante*.

Entre os sucesos que se repiten sempre ou case sempre na historia da mocidade dos neuróticos hai algúns que son de especial importancia, polo que tamén considero pertinente subliñalos a respecto dos outros. Enumerareinos a continuación na súa condición de patrón deste xénero: a contemplación do acto sexual dos pais, a sedución por unha persoa adulta e a ameaza de castración. Sería un gran erro aceptar que nunca se corresponden cunha realidade material; esta pode, pola contra, demostrarse a miúdo de forma impecable a través do interrogatorio dos parentes de máis idade. Así, non é nada estraño, por exemplo, que o rapaz pequeno, que comeza a xogar co seu membro e aínda non sabe que debe ocultar este tipo de actividade, sexa ameazado polos pais ou polas persoas que o coidan con

cortarlle o membro ou a man pecadora. Os pais confesan esta ameaza cando se lles pregunta, xa que cren teren feito o correcto ao formularen unha intimidación deste tipo; algunhas persoas teñen unha lembranza exacta e consciente desta ameaza, especialmente se tivo lugar en idade un pouco avanzada. Cando a nai, ou outra persoa do xénero feminino, formula a ameaza, impútalle normalmente a execución ao pai ou ao médico. No coñecido *Struwwelpeter*⁶ do pediatra de Frankfurt, Hoffmann, que lle debe a súa popularidade precisamente á profunda comprensión do complexo sexual e doutros complexos da infancia, atopan vostedes unha castración suavizada, substituída pola amputación do polgar coma castigo polo persistente acto de zugar. Pero é en alto grao improbable que a ameaza de castración teña lugar coa frecuencia coa que aparece nas análises dos neuróticos. Debemos, pois, entender que o neno imaxina na súa fantasía unha ameaza deste tipo, coa axuda de certas alusións e sabendo que a satisfacción autoerótica está prohibida, baixo a impresión que lle causou o descubrimento dos xenitais femininos. Do mesmo xeito, non debemos excluír en absoluto a posibilidade de que o neno pequeno, durante a época na que non se lle cre capaz de ter entendemento nin memoria, sexa testemuña, tamén en familias non proletarias, dun acto sexual entre os pais ou entre outros adultos, e tampouco debemos desestimar o feito de que o neno poida entender e reaccionar *a posteriori* á impresión que lle deixa tal experiencia. Pero cando este acto sexual é descrito de forma demasiado minuciosa para proceder da observación real, ou cando o neno o refire, como sucede a miúdo, como realizado por detrás ou *more ferarum*⁷, entón non queda ningunha dúbida de que se trata dunha fantasía baseada

⁶ Protagonista dun dos relatos pedagóxicos do libro de contos infantís do mesmo nome, escrito en 1845 polo Dr. Heinrich Hoffmann. A historia de *Struwwelpeter* fálanos do prezo que ten que pagar Peter por ignorar aos seus pais, non permitindo que lle curten as unllas nin que o peiteen [N. da T.]

⁷ É dicir, *ao estilo dos animais*. Refírese á posición sexual na que o home accede á muller polas costas desta, vulgarmente "a catro patas" [N. da T.]

na observación da cópula entre animais (cans) e motivada pola insatisfacción visual do neno nos anos da puberdade. O caso máis extremo deste tipo é a fantasía da contemplación do coito entre os pais mentres nos atopamos, aínda non natos, no seo materno. A fantasía da sedución ten un interese especial, xa que, con frecuencia, non se trata dunha fantasía, senón dunha lembranza real. Pero, por sorte, non con tanta frecuencia como semella nunha primeira fase dos resultados da análise. A sedución a cargo de nenos maiores ou da mesma idade sempre é máis habitual ca a efectuada por adultos, e nas nenas que sitúan este suceso na súa infancia, aparece con relativa regularidade o pai como sedutor, non tolerando ningunha dúbida a natureza fantástica desta inculpación nin o motivo que a impulsa. Coa fantasía da sedución, alí onde non tivo lugar ningunha sedución, encobre o neno normalmente o período autoerótico da súa actividade sexual. Afórralle a vergoña da masturbación, conforme crea un obxecto imaxinario do seu desexo sexual deste primeiro período da súa infancia. Pero non pensen que o abuso sexual do neno a cargo dos parentes masculinos máis próximos pertence predominantemente ao reino da fantasía. A maioría dos analistas trataron casos nos que estas relacións eran reais, chegando a confirmalas de forma irrefutable; así e todo, estas pertencían aos anos tardíos da infancia, sendo inscritas polo suxeito nun período máis temperán.

Temos a impresión de que este tipo de sucesos infantís son demandados dalgún xeito como necesarios, que pertencen á férrea existencia da neurose. Se están comprendidos na realidade non pasa nada; se a realidade os nega son xerados a partir de alusións e completados pola fantasía. O resultado é o mesmo e, ata hoxe, non conseguimos probar a existencia de diferenza algunha entre os efectos dos sucesos infantís reais e dos creados pola fantasía. Atopamos simplemente unha vez máis unha das relacións complementarias que tan a miúdo mencionamos; trátase da máis singular que coñecemos ata o momento. ¿De

onde procede a necesidade destas fantasías e o material para as mesmas? Non podemos dubidar da procedencia dos estímulos, pero debemos atopar unha explicación ao feito de que sempre se elaboren as mesmas fantasías con contidos idénticos. Eu xa teño unha resposta a esta cuestión, que sei que lles semellará arriscada. Creo que estas *fantasías orixinarias* –así me gustaría denominar a estas e algunhas outras– son un patrimonio filoxenético. Alén da súa propia experiencia, o individuo toma delas a experiencia do pasado alí onde a experiencia propia é demasiado rudimentaria. Paréceme moi posible que todo o que se nos conta na análise como fantasía, a sedución infantil, -a inflamación da excitación sexual pola observación do acto sexual dos pais, a ameaza de castración-, fora realidade nos tempos pretéritos da familia humana, e que o neno imaxinativo limitouse simplemente a encher os buracos da verdade individual coa verdade prehistórica. Chegamos novamente á sospeita de que a Psicoloxía das neuroses conservou máis datos das fases primitivas da evolución humana ca as demais fontes das que dispomos.

Meus cabaleiros, os temas que acabamos de expor aché-gannos á orixe e significado daquela actividade psíquica que denominamos “fantasía”. Goza en xeral, como xa saben, dunha valoración elevada, malia aínda non termos logrado definir a súa posición na vida psíquica. Sobre esta cuestión podo engadir o seguinte. Como vostedes saben, o Eu do home é educado lentamente, baixo a influencia da necesidade externa, para a valoración da realidade e para o seguimento do principio de realidade, debendo renunciar para isto, temporal ou permanentemente, a diferentes obxectos e obxectivos de todas as súas tendencias hedonistas, non só da sexual. Pero a renuncia ao pracer foi sempre difícil para o home; só a pode levar a cabo se conta con algún tipo de compensación. Por iso reservou unha actividade psíquica na que estas fontes de pracer e os medios de adquirir pracer que tivo que abandonar continúan existindo baixo unha forma que os protexe das pretensións da realidade

e do que nós chamamos exame da realidade. Cada aspiración acada pronto a forma dunha fantasía que a representa como cumprida; non hai dúbida de que deterse no cumprimento de desexos da fantasía provoca certa satisfacción, aínda que non chegue a perderse neste proceso a conciencia de que non se trata dunha realidade. A persoa segue gozando, polo tanto, na actividade da fantasía da liberdade á que a coacción exterior lle fixo renunciar, en realidade, hai tempo. Logra así comportarse intermitentemente como un animal en busca do pracer e de novo como un ser racional. Con esta pobre satisfacción descobre que pode subtraerse á realidade, pero non ao seu benestar. “Non podemos prescindir de construcións auxiliares”, dixo unha vez Th. Fontane. A creación do reino psíquico da fantasía atopa a súa parella no establecemento de “coutos”, de “parques naturais”, alí onde as esixencias da agricultura, do tráfico e da industria ameazan con cambiar rapidamente o rostro orixinario do terreo ata que este sexa irrecoñecible. O parque natural conserva este antigo estado, que se sacrificou por forza no resto do territorio. Alí pode proliferar e medrar tanto o útil coma o inútil, incluso o daniño. O reino psíquico da fantasía consiste tamén nun couto deste tipo subtraído ao principio de realidade.

As producións máis célebres da fantasía son os chamados “soños diúrnos” que xa coñecemos, satisfaccións imaxinarias de cobizosos desexos eróticos, que tanto máis prosperarán canto máis exhorte a realidade a conformarse ou ter paciencia. A esencia da felicidade provocada pola fantasía é dicir, o restablecemento da independencia da adquisición de pracer prescindindo do consentimento da realidade, amósase neles de forma inequívoca. Sabemos que estes soños diúrnos son núcleo e modelo dos soños nocturnos. O soño nocturno non é, en esencia, máis ca un soño diúrno dotado dunha maior maleabilidade pola liberdade nocturna dos estímulos instintivos, desfigurado polo aspecto nocturno da actividade psíquica. Ademais, xa estamos familiarizados coa idea de que tamén hai soños diúrnos

inconscientes. Estes soños diúrnos inconscientes son tamén, polo tanto, unha fonte de soños nocturnos, así como de síntomas neuróticos.

A importancia da fantasía para a formación de síntomas esclarecerase por medio da seguinte consideración. Dixemos que, no caso do fracaso, a libido posúe regresivamente as posicións que abandonara, pero ás que permanecera vinculada en certa medida. Non imos retirar nin corrixir esta afirmación, aínda que debemos incluír un termo intermedio. ¿Como atopa a libido o seu camiño cara á fixación? Todos os obxectos e tendencias abandonados pola libido non chegaron a selo por completo. Eles ou os seus derivados son retidos con certa intensidade nas representacións da fantasía. Polo tanto, a libido só precisa entrar de novo en contacto con estas fantasías para atopar, a partir delas, o camiño a todas as fixacións reprimidas. Estas fantasías gozaban de certa tolerancia, non chegaban a entrar en conflito co Eu por moi marcadas que fosen as oposicións entre ambos, sempre que se respectase unha condición determinada. Unha condición de natureza *cuantitativa*, que agora é alterada nestas fantasías debido á afluencia regresiva da libido. Por medio desta axuda elévase tanto a ocupación enerxética das fantasías, que estas se volven esixentes, desenvolvendo un afán pola realización. Isto converte ao conflito entre elas e o Eu en inevitable. Fosen antes preconcientes ou conscientes, agora están suxeitas á represión por parte do Eu e sometidas á atracción do inconsciente. A libido remóntase agora a partir das fantasías inconscientes ás súas orixes no inconsciente é dicir, ás súas fixacións propias.

O regreso da libido á fantasía constitúe un nivel intermedio do camiño cara á formación de síntomas que ben merece unha denominación especial. C.G. Jung acuñou para el o moi axeitado nome de *introversión*, pero permitiu inoportunamente que tivese unha segunda significación. Nós queremos perseverar en que a introversión designa o afastamento da libido das

posibilidades de satisfacción real e o seu desprazamento sobre fantasías consideradas ata agora coma inofensivas. Un introvertido aínda non é un neurótico, pero atópase nunha situación inestable; ao primeiro desprazamento de forzas desenvolverá síntomas neuróticos no caso de non atopar outra saída para a súa libido estancada. O carácter irreal da satisfacción neurótica e a desatención da diferenza entre fantasía e realidade están, pola contra, xa determinados pola permanencia no nivel da introversión.

Vostedes terán percibido, seguramente, que nas últimas explicacións introducín un novo factor na estrutura da concatenación etiolóxica; trátase da cantidade é dicir, a magnitude das enerxías que entran en xogo. Este factor deberemos examinalo dende diversos ángulos. Non chega cunha análise puramente cualitativa das condicións etiolóxicas. Ou, por dicilo doutro xeito, unha concepción simplemente *dinámica* destes procesos psíquicos é insuficiente, precisa tamén do punto de vista *económico*. Debemos dicir que o conflito entre dúas tendencias non xorde sen antes alcanzar certas intensidades nos revestimentos, malia existiren dende hai tempo as condicións de contido. Do mesmo xeito, o significado patóxico dos factores constitucionais atense ao predominio dun instinto parcial sobre outro na súa predisposición; podemos mesmo imaxinar que as predisposicións de todas as persoas son cualitativamente idénticas e que só se diferencian por medio destas relacións cuantitativas. Non é menos decisivo o factor cuantitativo para a capacidade de resistencia contra a enfermidade neurótica. Esta depende de *qué cantidade* de libido non usada pode manter unha persoa en suspensión, e do *grande* que sexa *a fracción* da súa libido que o suxeito sexa quen de desviar do sexual e orientar cara aos obxectivos da sublimación. A meta final da actividade psíquica, que permite ser descrita cuantitativamente como tendencia á adquisición de pracer e elusión de malestar, descríbese dende a perspectiva económica como a tarefa de dominar as

cantidades de excitación (cantidades de estímulos) que actúan sobre o aparato psíquico e de impedir o estancamento que xera o seu malestar.

Isto é o que quería dicirles sobre a formación de síntomas nas neuroses. Pero non vou deixar pasar a oportunidade de acentualo de novo de forma explícita: todo o dito aquí refírese só á formación de síntomas na histeria. Na neurose obsesiva atopamos outro estado de cousas, aínda que os elementos fundamentais seguen sendo os mesmos. As resistencias contra as esixencias dos instintos, das que tamén falamos en relación á histeria, ábrese paso na neurose obsesiva, dominando o cadro clínico a través das chamadas “formacións de reaccións”. Descubrimos desvíos deste e doutros tipos nas demais neuroses, onde as investigacións sobre os mecanismos da formación de síntomas aínda non concluíron.

Antes de nos despedirmos por hoxe, gustaríame chamar un intre a súa atención sobre unha das facetas da vida imaxinativa, digna do interese xeral. Hai, de feito, un camiño de volta da fantasía á realidade, e este é a arte. O artista é adicionalmente un introvertido, e non se atopa moi lonxe da neurose. É apremado por fortes necesidades instintivas, gustaríalle atinxir honra, poder, riqueza, fama e o amor das mulleres, pero carece dos medios para acadar estas satisfaccións. Por iso afástase da realidade, coma calquera insatisfeito, e traslada todo o seu interese, tamén á súa libido, aos desexos creados pola súa vida imaxinaria, a partir dos que podería atopar o camiño á neurose. Teñen que coincidir moitos factores para que a súa evolución non obteña este resultado; sabemos da frecuencia coa que algúns artistas sofren dunha inhibición parcial da súa capacidade de rendemento debido ás neuroses. Probablemente conteña a súa constitución unha forte capacidade de sublimación e certa lasitude das represións decisivas para o conflito. O camiño de volta á realidade atópao o artista do seguinte xeito. El non é o único que leva unha vida imaxinaria. O reino intermedio da fan-

tasía goza do favor xeral da humanidade, e toda persoa carente de algo espera deste alivio e conforto. Pero para o non artista esta remuneración por medio de adquisición de pracer a partir das fontes da fantasía é moi limitada. O carácter implacable das súas represións debe contentarse cos escasos soños diúrnos que aínda poden ser conscientes. Cando alguén é un verdadeiro artista ten moitos máis elementos ao seu dispor. Pode, en primeiro lugar, elaborar os seus soños diúrnos de tal xeito que estes perdan o seu excesivo carácter persoal, que repele por alleo, facéndose susceptibles de seren experimentados polos demais. Tamén sabe embelecelos ata non ser posible adiviñar con facilidade a súa equívoca orixe. Posúe ademais a misteriosa capacidade de dar forma a un material determinado para convertelo en fiel retrato da súa imaxinación, e sabe entón vincular a esta representación da súa fantasía inconsciente unha suma de pracer suficiente que prevaleza sobre as súas represións, suprimíndoas, cando menos, temporalmente. Se acadada todo isto, fai posible que os demais extraian de novo das propias fontes de pracer do inconsciente, que se converteran en inaccesibles, conforto e alivio, merecendo así gratitude e admiración e acadando, por medio da súa fantasía, o que ao principio só acadara na súa fantasía: honra, poder e o amor das mulleres.

A nerviosidade común

Miñas damas e meus cabaleiros, logo de ter deixado atrás nas últimas conferencias unha parte tan difícil do traballo, abandono por un momento a materia para me dirixir a vostedes.

Sei que están insatisfeitos. Tiñan outra idea do que debería ser unha “introdución á Psicanálise”. Esperaban escoitar exemplos extraídos da vida real, e non teoría. Diranme tamén que, cando lles expuxen o caso paralelo titulado “No baixo e no primeiro piso” entenderon algo da causa das neuroses, pero que lamentan que se tratase dunha historia inventada no canto dunha observación real. Ou que, ao comezo, cando lles falei da existencia de dous síntomas –esperan que non fosen inventados-, revelándolles tanto a súa relación coa vida do enfermo coma a súa desaparición, fíxoselles evidente o “sentido” dos mesmos; esperaban que continuase por este camiño. E, no canto disto, expúxenlles detalladas teorías de difícil comprensión, sempre incompletas, ás que sempre se engadía un elemento novo, manexei conceptos que aínda non lles presentara, esvarei dende a representación descritiva á concepción dinámica, e desta á chamada “económica”, deixei coa dúbida de se cada un dos termos técnicos empregados significaban o mesmo, e só se alternaban por razóns eufónicas, presenteilles puntos de vista tan amplos coma o principio de pracer e de realidade, ou o patrimonio filoxenético herdado e, no canto de lles mostrar o acceso a unha disciplina, deixei que esta, que se afastaba cada vez máis de vostedes, desfilara diante dos seus ollos.

¿Por que non empecei a introdución na doutrina das neuroses con aquilo que vostedes mesmos saben da nerviosidade e que espertou hai tempo o seu interese? ¿Coa esencia propia dos nerviosos, coas súas incomprendibles reaccións ás relacións humanas e ás influencias externas, coa súa irritabilidade, incons-

tancia e ineficacia? ¿Por que non os guiei paso a paso dende a comprensión das sinxelas formas cotiás ata os problemas dos fenómenos máis enigmáticos e extremos da nerviosidade?

Si, meus cabaleiros, non podo quitarlles a razón nin por un momento. Non estou tan obsesionado pola miña arte expositiva como para facer pasar cada un dos seus erros estéticos por un atractivo especial. Eu mesmo creo que se podería ter feito dun xeito proveitoso para vostedes; esa era tamén a miña intención. Pero non sempre podemos cumprir as nosas intencións, por sensatas que estas sexan. No mesmo material existe a miúdo algo que nos comanda, distraéndonos das nosas primeiras intencións. Incluso un traballo tan insignificante como a disposición dun material ben coñecido non se somete por completo á vontade do autor; toma outra dirección, e só podemos preguntarnos a posteriori por que resultou así, e non doutro xeito.

Pode que unha das razóns sexa probablemente que o título “Introdución á Psicanálise” xa non é axeitado para esta parte, que debe tratar sobre as neuroses. A introdución á Psicanálise refírese ao estudo dos actos falidos e dos soños; a doutrina das neuroses é a Psicanálise mesma. Non creo que puidera darlles a coñecer nun período de tempo tan breve o contido da doutrina das neuroses empregando unha forma menos concentrada. Tratábase de presentarlles a relación entre o significado dos síntomas, as condicións internas e externas e o mecanismo da formación de síntomas. Isto é o que tentei facer; constitúe o cerne do que a Psicanálise pode ensinarnos hoxe. A tal efecto había moito que dicir sobre a libido e o seu desenvolvemento, e tamén sobre o desenvolvemento do Eu. As condicións previas da nosa técnica, os grandes puntos de vista do inconsciente e a represión (da resistencia) déronnos a coñecer os datos expostos na introdución a estas conferencias. Máis adiante descubrirán as posicións a partir das que o traballo psicanalítico retoma a súa continuación. Polo de agora non lles ocultei que todas as nosas pescudas proviñan só do estudo dun único grupo de afeccións nerviosas, as chamadas neuroses por transferencia. Incluso me

limitei só á neurose histórica para analizar o mecanismo da formación de síntomas. Aínda que vostedes non puideran adquirir un coñecemento sólido e reter cada detalle, espero que teñan unha idea dos medios cos que traballa a Psicanálise, das preguntas que aborda e dos resultados que achega.

Atribuínlles o desexo de verme comezar a exposición sobre as neuroses pola descrición dos nerviosos, polos sufrimentos que lles causa a súa enfermidade, polos medios cos que se defenden delas e se adaptan a elas. Este é seguramente un material interesante e digno de ser coñecido; non é de difícil exposición, pero é perigoso comezar por el. Córrese o perigo de non descubrir o inconsciente, de omitir a gran relevancia da libido e de vulgar todas as relacións dun modo idéntico a como o fai o Eu do nervioso. É evidente que este Eu non é unha instancia fiable e imparcial. O Eu é o poder que nega o inconsciente, reducíndoo ao reprimido, ¿como poderíamos confiarlle a tarefa de elaborar un xuízo equitativo sobre o inconsciente? Entre estes elementos reprimidos atópanse en primeira liña as reivindicacións rexeitadas da sexualidade; é bastante obvio que nunca poderemos adiviñar a súa envergadura e significado a partir das concepcións do Eu. Dende o momento en que empezamos a ver claro o punto de vista da represión, tamén se nos está advertindo de que non debemos escoller como xuíz da disputa unha das dúas partes en litixio, e menos a vencedora. Sabemos, pois, que as declaracións do Eu poden enganarnos. Se temos que crer ao Eu, entón este mantívose sempre e en todo lugar activo, creando os seus síntomas por propia vontade. Pero nos consta que en moitas ocasións se mantivo pasivo, actitude que quere ocultarnos. Non obstante, non sempre ousa iniciar este intento; nos síntomas da neurose obsesiva vese obrigado a confesar a existencia de factores estraños que se opón a el, e dos que só con grandes esforzos pode defenderse.

Aqueles que non se deixen perturbar por estas advertencias e que acepten coma verdadeiras as falsas indicacións do Eu,

eludirán con facilidade todas as resistencias que lle opón á énfase psicanalítica do inconsciente, da sexualidade e da pasividade do Eu. Estes poderán afirmar, coma Alfred Adler, que o “carácter nervioso” é a causa da neurose no canto da consecuencia da mesma, pero non estarán en posición de explicar un so detalle da formación dos síntomas nin de interpretar o soño máis insignificante.

Vostedes preguntarán: ¿non debera entón ser posible recoñecer a parte que corresponde ao Eu na nerviosidade e na formación de síntomas sen por iso desatender groseiramente os factores descubertos pola Psicanálise? Eu respóndolles: certamente, debe ser posible, e chegará un día en que se faga; pero a dirección do traballo da Psicanálise non consiste en comezar precisamente por este punto. Así e todo, si podemos prognosticar cando se adicará a Psicanálise a esta tarefa. Hai neuroses nas que o Eu participa dun xeito moito máis intensivo do que o fai nas que estudamos ata agora; chamámolas neuroses “narcisistas”. A elaboración analítica destas afeccións capacitaranos para xulgar a participación do Eu na enfermidade neurótica de forma imparcial e fiable.

Unha das relacións do Eu coa súa neurose é tan evidente que puidemos tomala en consideración dende o comezo. Esta semella non faltar en ningún caso, pero onde a recoñecemos con meirande claridade é nunha afección que aínda hoxe se escapa ao noso entendemento, na *neurose traumática*. Deben saber que na causa e mecanismo de todas as formas posibles de neuroses sempre entran en acción os mesmos factores, variando unicamente a importancia de cada un deles na formación de síntomas. Con estes factores sucede o mesmo que cos membros dunha compañía teatral, na que cada actor ten asignado un abano determinado de papeis: cabaleiro, confidente, intrigante etc.; pero, chegado o día da función benéfica, escollen sempre un papel doutra natureza. Así, as fantasías que se transforman en síntomas, só son tanxibles na histeria; a resistencia ou as

formacións de reaccións do Eu dominan o cadro das neuroses obsesivas; o que chamamos *elaboración secundaria* para o soño aparece coma delirio na paranoia, e así sucesivamente.

Así, imponse de forma inequívoca nas neuroses traumáticas, especialmente naquelas orixinadas polo horror da guerra, un motivo egoísta do Eu que aspira á protección e ao beneficio propio que non pode crear a enfermidade por si so, pero á que dá a súa aprobación e apoio, unha vez que esta xurdiu. Este motivo quere protexer ao Eu dos perigos, que implican unha ameaza que constitúe a causa da enfermidade, e non lle vai permitir a curación sen que antes se exclúa toda posibilidade de repetición destes perigos, ou se alcance unha compensación polo perigo corrido.

Pero o Eu tamén ten un interese análogo na orixe e continuidade da neurose nos casos que non implican un trastorno traumático. Xa dixemos que o síntoma recibe o apoio do Eu porque unha parte daquel ofrece satisfacción á tendencia represora deste. Ademais, a desaparición do conflito a través da formación de síntomas é a solución máis cómoda e grata para o principio de pracer; esta aforra ao Eu indubidablemente un vasto e penoso traballo interior. Si, hai casos nos que mesmo o médico debe admitir que a saída dun conflito cara á neurose representa a solución máis inofensiva e a máis soportable dende o punto de vista social. Non se sorprendan se escoitan que incluso o médico toma partido pola enfermidade que debe combater. Isto non debe sorprendernos, pois o médico sabe que non só existe a miseria propia da neurose no mundo, senón tamén sufrimento real, inimaxinable, que pode obrigar á unha persoa a sacrificar a súa saúde, se con este sacrificio individual pode manter afastada unha desgraza pola que sufrirían moitas outras persoas. Polo tanto, se podemos dicir que o neurótico sempre escolle a *fuxida cara á enfermidade* diante dun conflito, entón debemos tamén admitir que, nalgúns casos, esta fuxida está plenamente xustificada, e o médico, ao recoñecer este feito, retirárase en silencio e con todos os respectos.

Pero prescindamos destes casos excepcionais para a nosa explicación posterior. Nos comportamentos ordinarios recoñecemos que ao Eu lle toca en sorte, por medio da elusión cara á neurose, certo *beneficio da enfermidade* de carácter interno. A este únese en determinadas situacións vitais unha vantaxe tanxible, externa e que se pode apreciar de forma máis ou menos clara na realidade. Observen vostedes o caso máis frecuente deste tipo. Unha muller, que é tratada con brutalidade e explotada sen miramentos polo seu home, atopa con relativa regularidade na neurose unha saída á súa situación, sempre que a súa constitución llo permita, se é demasiado covarde ou demasiado tradicional como para atopar secretamente conforto noutro home, se non é forte dabondo para separarse do seu esposo opóndose a todos os impedimentos externos, se non sente o desexo de refacer a súa vida ou de dar cun marido mellor e se, ademais, segue unida a este home brutal polo seu instinto sexual. A súa enfermidade convértese na súa arma na loita contra este suxeito, unha arma que pode usar para a súa defensa e da que pode abusar para a súa vinganza. Pode queixarse da súa enfermidade, mentres que, probablemente, non podería queixarse da súa parella. Atopa unha axuda no médico, obriga ao home, polo demais desconsiderado, a tratala con coidado, a facer dispendios por ela, a permitir as súas ausencias da casa, escapando así da tiranía conxugal. Alí onde o beneficio, externo ou accidental, que a enfermidade procura é verdadeiramente considerable, e onde non se pode atopar ningún substituto real a este, non poderán avaliar a posibilidade de que a terapia inflúa eficazmente sobre a neurose.

Reprocharanme agora que este beneficio procurado pola enfermidade fala totalmente a prol da concepción, que eu mesmo rexeitei, segundo a que o Eu quere e crea a neurose. Calma, meus cabaleiros; pode que os feitos que veño de expor só signifiquen que o Eu comprácese na neurose, que, ao non poder evitala, tenta extraer o mellor dela. Pero isto só constitúe

unha cara da cuestión, a agradable. En canto que a neurose ten vantaxes, o Eu acomódase a ela, pero esta enfermidade non só ten vantaxes. Normalmente resulta que o Eu fai un mal negocio aventurándose na neurose. Pagou demasiado cara a atenuación do conflito, e as sensacións de sufrimento inherentes aos síntomas son, quizais, un substituto equivalente aos tormentos inflixidos polo conflito, aínda que probablemente proporcionen un excedente de malestar. O Eu quería desembarazarse deste malestar provocado polos síntomas sen restituír o beneficio da enfermidade, pero todos os seus esforzos permanecerán ermos. Con isto próbese que non era tan activo como el mesmo cría, e debemos tomar boa nota deste feito.

Meus cabaleiros, cando vostedes, na súa calidade de médicos, traten con neuróticos, pronto abandonarán a esperanza de que aqueles que máis se queixan e lamentan da súa enfermidade saian solícitos ao encontro da axuda que lles prestan, e non opoñan resistencia algunha á mesma. Sucederá máis ben o contrario. Pero entenderán axiña con facilidade que todo o que contribúe ao beneficio da enfermidade reforzará a resistencia da represión, aumentando a dificultade terapéutica. Ao beneficio procurado pola patoloxía que, por así dicilo, naceu co síntoma, temos que engadir aínda outro novo que se produce máis tarde. Cando unha organización psíquica do tipo da enfermidade subsistiu durante un tempo tan prolongado, acaba por comportarse como un ser independente; manifesta algo semellante a un instinto de autoconservación, establece certo *modus vivendi* entre ela e outras partes da vida psíquica, mesmo aquelas que, en esencia, lle son hostís, e incluso atopa ocasións para amosarse útil e aproveitable, adquirindo simultaneamente unha *función secundaria* que fortaleza de novo a súa existencia. Tomen como exemplo, no canto dun caso de patoloxía, unha significativa aclaración extraída da vida cotiá. Un traballador eficiente, que gaña o seu salario, convértese, por un accidente laboral, en inválido; xa non poderá traballar, pero recibirá co tempo unha pequena renda por

accidente e aprenderá a utilizar a súa mutilación para adicarse á mendicidade. A súa nova vida, considerablemente empeorada, baséase agora precisamente naquilo que o afastou da súa existencia orixinaria. Se alguén remedia a súa mutilación, converte-rao nunha persoa sen subsistencia; agora preséntase a pregunta de se o suxeito é aínda capaz de retomar o seu antigo traballo. O que na neurose se corresponde cun aproveitamento secundario deste tipo podemos consideralo como beneficio *secundario* da enfermidade que vén engadirse ao primario.

En xeral gustaríame advertirlles que non deben subestimar o significado práctico do beneficio patolóxico nin permitir que se imponha na concepción teórica. Prescindindo daquelas excepcións das que falamos con anterioridade, este beneficio lembra os exemplos da “intelixencia dos animais”, que ilustrou Oberländer en *Fliegenden Blättern*⁸. Un árabe cabalga sobre o seu camelo por un sendeiro estreito, fendido na escarpada parede dunha montaña. Nun xiro do camiño ve de súpeto fronte el un león en actitude de saltar. Non atopa ningunha saída; por un lado a parede vertical e polo outro o precipicio; dar volta e fuxir é imposible; o árabe dáse por perdido. Non lle sucede o mesmo ao animal. Este salta co seu xinete ao abismo, deixando ao león coas ganas. A axuda que a neurose presta ao enfermo non obterá un resultado mellor. Pode que disto proveña a natureza de proceso automático da supresión dun conflito por medio da formación de síntomas, un proceso automático estimulado pola inferioridade do suxeito ante as esixencias da vida e no que o home renuncia ao aproveitamento das súas mellores e máis elevadas enerxías. Se houberse elección, debería preferirse perecer na honrosa loita co destino.

Meus cabaleiros, debo admitir a miña culpa por non partir da nerviosidade común na miña descrición da doutrina das neuroses. Quizais crean que o fixen porque doutro xeito a de-

⁸ ‘Follas voadoras’, semanario humorístico alemán [N. da T.]

mostración da etiloxía sexual das neuroses teríame deparado meirandes dificultades. Pero nisto trabúcanse. Nas neuroses por transferencia débese comezar pola interpretación dos síntomas para chegar a esta etiloxía. Nas formas comúns da chamada *neurose actual* o significado etiolóxico da vida sexual é un feito evidente que sae ao encontro das nosas observacións. Eu topei con el hai máis de vinte anos cando, un día, me sometín á pregunta de por que excluímos do exame dos nerviosos con tal regularidade as súas actividades sexuais. Por aquel entón sacrifiquei a miña popularidade por estas investigacións pero, logo de certo esforzo, puiden afirmar que nunha *vita sexualis* normal non se atopa ningunha neurose das chamadas actuais. Certo é que esta frase sobreponse con demasiada facilidade ás diferenzas individuais de cada persoa, pecando tamén de certa indeterminación, inherente ao concepto do “normal”, pero conserva aínda hoxe o seu valor para a orientación xeral. Por aquel entón cheguei incluso a establecer relacións específicas entre determinadas formas da nerviosidade e certas perturbacións sexuais especiais, e non dubido de que hoxe podería repetir as mesmas observacións, se dispuxera dun conxunto similar de enfermos que someter a observación. Comprabei coa suficiente frecuencia que un suxeito limitado a certo tipo de satisfacción sexual incompleta, por exemplo ao onanismo manual, contraera unha forma determinada de neurose actual, e que esta neurose era reempazada de contado por outra cando o suxeito adoptaba un réxime sexual diferente, aínda que igualmente censurable. Desta forma estaba en situación de descubrir, a partir do cambio no estado do enfermo, o cambio na súa forma de vida sexual. Tamén aprendín entón a persistir obstinadamente nas miñas suposicións, ata superar a falta de sinceridade dos pacientes e obter deles unha completa confesión. Certo é que en varias ocasións obtiven como resultado o abandono por parte dos enfermos, que preferían acudir a outros médicos menos interesados en informarse con tanto empeño sobre a súa vida sexual.

Por aquel entón tampouco ignoraba que a causa da enfermidade non sempre se refería á vida sexual. Así e todo, unha persoa enfermaba como consecuencia directa dunha alteración sexual, outra pola perda das súas posesións, ou debido a unha grave enfermidade orgánica. A explicación desta variedade deuse máis adiante, cando coñecemos as supostas relacións recíprocas entre o Eu e a libido, e foi facéndose máis satisfactoria a medida que profundamos máis neste coñecemento. Polo tanto, unha persoa enferma de neurose só cando o seu Eu perde a capacidade de albergar dalgún xeito á súa libido. Canto máis forte sexa o Eu máis doado será para el levar a cabo esta tarefa; toda debilitación do Eu, calquera que sexa a razón á que obedece, ten o mesmo efecto que un aumento esaxerado da esixencia da libido é dicir, posibilitar a enfermidade neurótica. Aínda existen relacións máis íntimas entre o Eu e a libido, pero estas non se atopan no noso horizonte, polo que as omitirei temporalmente na miña exposición. Esencial e esclarecedor para nós é o feito de que en cada caso, e independentemente da vía pola que se establece a enfermidade, os síntomas da neurose son proporcionados pola libido, dando fe dun uso anormal da mesma.

Pero agora debo chamar a súa atención sobre unha diferenza decisiva entre os síntomas das neuroses actuais e os das psico-neuroses, grupo ao que pertencen as neuroses por transferencia, que tanto tempo nos ocuparon. En ambos os dous casos os síntomas proceden da libido, tratándose polo tanto de usos anormais da mesma a título de substitutos da satisfacción. Pero os síntomas das neuroses actuais, opresión na cabeza, sensación de dor, irritación dun órgano e debilitación ou inhibición dunha función, non teñen ningún “sentido”, ningún significado psíquico. Non só se manifestan predominantemente no corpo, como tamén fan, por exemplo, os síntomas histéricos, senón que constitúen, ademais, procesos totalmente corporais que prescinden para a súa xénese de todos aqueles complicados mecanismos psíquicos que coñecemos con anterioridade. Correspóndense, polo tanto,

con aquilo que durante moito tempo se considerou como síntomas psiconeuróticos. Pero entón, ¿como poden constituír un aproveitamento da libido que coñecemos? Ben, meus cabaleiros, a resposta é ben doada. Permítanme que lles lembre unha das primeiras obxeccións alegadas contra a Psicanálise. Naquel entón díxose que esta disciplina se esforzaba por formular unha teoría puramente psicolóxica dos fenómenos neuróticos, tarefa inútil, xa que as teorías psicolóxicas nunca poderían explicar unha enfermidade. Ao esgrimir este argumento optábase por esquecer que a función sexual non é puramente psicolóxica, como tampouco puramente somática. Inflúe tanto sobre a vida corporal como sobre a psíquica. Se nos síntomas da psiconeurose recoñecemos as manifestacións psíquicas de alteracións sexuais, non nos sorprenderá atopar nas neuroses actuais as consecuencias somáticas directas destas alteracións.

Para a descrición destas últimas neuroses a clínica médica fainos unha valiosa indicación, considerada tamén por diferentes investigadores. As neuroses actuais demostran nos detalles da súa sintomatoloxía, así como tamén na súa peculiaridade de influír sobre todos os sistemas orgánicos e todas as funcións, unha similitude inequívoca cos estados patolóxicos orixinados pola acción crónica de substancias tóxicas e pola súbita supresión das mesmas é dicir, coas intoxicacións e estados de abstinencia. Ambos os dous de grupos de afeccións aproxímanse moito máis entre si por medio da intervención de tales estados, que nós, ao igual que a enfermidade de M. Basedow, aprendemos a atribuír ao efecto de substancias tóxicas, non de velenos introducidos no corpo e alleos ao mesmo, senón daqueles que se orixinan a partir dos procesos químicos do organismo. Opino que, despois de establecer estas analoxías, non podemos considerar as neuroses coma consecuencias e alteracións das substancias sexuais, ben sexa porque a produción destas toxinas sexuais é superior á que a persoa pode asumir, ou ben porque os comportamentos internos e incluso psíquicos alteren o correcto

uso destas substancias. O saber popular foi sempre unha afecionada a tales suposicións sobre a natureza do desexo sexual, chama ao amor “embriaguez” e afirma que o namoro se orixina como efecto de filtros amorosos, transformando así o axente de endóxeno a exóxeno. Para nós esta é a ocasión de mencionar a existencia das zoas eróxenas e de afirmar que a excitación sexual pode orixinarse nos máis diversos órganos. Pero, polo demais, as palabras “metabolismo sexual” ou “quimismo da sexualidade” son para nós unha forma sen contido; non sabemos nada sobre esta cuestión, e nin sequera podemos decidir se debemos aceptar a existencia de dúas substancias sexuais diferentes que se chamarían respectivamente “masculina” e “feminina”, ou se se trata *dunha* soa toxina sexual, causa de todos os efectos estimulantes da libido. O edificio docente da Psicanálise que creamos constitúe, en realidade, unha construción que deberemos cimentar algún día sobre un fundamento orgánico; mais, polo momento, aínda non o coñecemos.

A Psicanálise coma ciencia non está caracterizada pola materia da que trata, senón pola técnica coa que traballa. Podemos aplicala tanto á Historia Cultural, Ciencia Relixiosa e Mitoloxía como á doutrina das neuroses, sen violentar con isto a súa esencia. O seu único obxectivo consiste no descubrimento do inconsciente na vida psíquica. Os problemas das neuroses actuais, orixinados probablemente a través de danos tóxicos directos, non se prestan ao estudo psicanalítico, o que non pode facer moito polo seu esclarecemento, véndose forzado a cederlle esta tarefa á investigación médico-biolóxica. Quizais entendan mellor agora por que non optei por ningunha outra disposición deste material. Se lles prometese unha *Introdución á doutrina das neuroses* a orde correcta sería comezar polas formas máis simples das neuroses actuais para chegar ás complicadas enfermidades psíquicas debidas ás alteracións da libido. Con respecto ás primeiras tería que reunir todo aquilo que descubrimos ou cremos descubrir na nosa investigación, e nas psiconeuroses

sería a Psicanálise o medio de axuda técnico máis importante para esclarecer estes estados. Pero eu proxectei e anunciei unha *Introducción á Psicanálise*; para min era máis importante que adquiriran unha noción sobre a Psicanálise que certos coñecementos sobre as neuroses, e por esta razón non levei a primeiro termo as neuroses actuais, material infrutuoso para a Psicanálise. Creo tamén que fixen a elección máis propicia para vostedes, xa que a Psicanálise, debido ás súas profundas premisas e moi extensas relacións, merece ocupar un lugar no interese de toda persoa formada; a doutrina das neuroses, nembargante, é un capítulo da Medicina coma calquera outro.

Namentres, vostedes esperarán con razón que adiquemos tamén certo interese ás neuroses actuais. O seu íntimo vínculo clínico coas psiconeuroses obríganos a facelo. Informareilles, polo tanto, de que diferenciamos tres formas puras das neuroses actuais: a *neurastenia*, a *neurose por angustia* e a *hipocondría*. Pero esta enumeración non carece de contradicións. Estes termos están en uso, pero o seu contido é indeterminado e flutuante. Hai incluso médicos que se opón a calquera distinción no confuso mundo dos fenómenos neuróticos, a destacar calquera detalle clínico ou individualidade patolóxica, chegando a non admitir a separación entre neurose actual e psiconeurose. Ao meu xuízo, van demasiado lonxe e non seguen o camiño que conduce ao progreso. As chamadas formas puras desta neurose só aparecen ocasionalmente illadas; mestúranse case sempre entre si ou con algunha afección psiconeurótica. Esta circunstancia non nos autoriza a abandonar a súa clasificación. Pensen vostedes na diferenza entre Mineraloxía e Xeognosia. Os minerais son descritos como individuos, seguramente pola circunstancia de presentarse a miúdo coma cristais marcadamente separados do seu entorno. As rocas consisten en mesturas de minerais, que seguramente se asociaron, non por casualidade, senón debido ás condicións da súa xénese. Na doutrina das neuroses aínda entendemos moi pouco do desenvolvemento da

evolución para crear algo semellante á Xeognosia. Pero facemos certamente o correcto cando, en primeiro lugar, illamos da masa aos individuos clínicos que coñecemos, que son comparables aos minerais.

Entre os síntomas das neuroses actuais e psiconeuroses existe unha relación digna de atención que nos fai unha achega importante para o coñecemento da formación de síntomas nas últimas; o síntoma da neurose actual constitúe a miúdo o núcleo e o primeiro grao do síntoma psiconeurótico. Un comportamento deste tipo obsérvase con toda claridade entre a neurastenia e a neurose por transferencia á que chamamos histeria por conversión, entre a neurose por angustia e a histeria por angustia, pero tamén entre a hipocondría e as formas que máis adiante denominaremos Parafrenia (*Dementia praecox* e Paranoia). Tomemos como exemplo o caso dunha dor histérica de cabeza ou de riles. A análise amósanos que, a través da condensación ou do desprazamento, se converteu nun substituto da satisfacción de toda unha serie de fantasías ou lembranzas libidinosas. Pero esta dor tamén foi real unha vez e, naquel entón, tratábase dun síntoma tóxico-sexual directo, a expresión corporal dunha excitación libidinosa. Non queremos afirmar de ningún xeito que todos os síntomas histéricos conteñan un núcleo deste tipo, pero segue subsistindo o feito de que este caso se dá con especial frecuencia e de que todas as influencias –normais ou patolóxicas– do corpo son favorecidas por medio da excitación libidinosa para a formación de síntomas. Desempeñan, pois, o papel daquel gran de area que o molusco reviste coa súa segregación de nácara. Do mesmo xeito, a psiconeurose emprega os indicios pasaxeiros da excitación sexual que acompañan o acto sexual como o material máis cómodo e axeitado para a formación de síntomas.

Existe un proceso análogo que ofrece un interese especial dende o punto de vista do diagnóstico e do tratamento. Nas persoas que teñen unha disposición á neurose, sen padeceren por iso esta enfermidade, pode suceder, non en poucas oca-

sións, que unha alteración corporal patolóxica –por inflamación ou lesión– desencadee a formación de síntomas, convertendo axiña o síntoma dado pola realidade en representante de todas aquelas fantasías inconscientes, que só agardaban a apoderarse dun medio de expresión. O médico escollerá en tal caso entre dúas vías terapéuticas, tentará suprimir a base orgánica, sen preocuparse da estrepitosa transformación neurótica que pode provocar, ou loitar contra a neurose orixinada ocasionalmente tendo en pouca consideración a súa base orgánica. O éxito daralle a razón a un dos dous procedementos; pero é apenas posible establecer prescricións xerais para casos mixtos deste tipo.

A angustia

A miña última conferencia sobre a nerviosidade xeral debeu parecerlles, miñas damas e meus cabaleiros, a máis incompleta e insuficiente das miñas conferencias. Seino, e penso que nada lles puido sorprender máis ca o feito de que non ter falado nela da angustia, sensación da que se queixan a maioría dos nerviosos, describíndoa eles mesmos como o seu máis terrible sufrimento e que, realmente, pode alcanzar unha elevada intensidade e impulsar o enfermo a adoptar as medidas máis insensatas. Pero eu non quería reducila a isto; propúxenme, en troques, enfocar o problema da angustia nos nerviosos con especial nitidez e debatelo polo miúdo diante de vostedes.

Non creo necesario definir a angustia; todos nós experimentamos algunha vez nas nosas vidas esta sensación ou, mellor dito, este estado afectivo. Pero nunca nos preguntamos con suficiente seriedade por que senten precisamente os nerviosos unha angustia moito máis intensa ca o resto das persoas. Quizais se considerase obvio; habitualmente as palabras “nervioso” e “angustiado” se usan indistintamente, como se significasen o mesmo. Pero non temos dereito a facelo así; hai persoas angustiadas que, non obstante, non son nada nerviosas, ao igual que tamén hai nerviosos que padecen moitos síntomas, pero entre os que non se atopa a tendencia á angustia.

De calquera modo, o certo é que o problema do medo constitúe un nó no que coinciden as máis variadas e importantes cuestións, un enigma cunha solución que espallaría luz en abundancia sobre o conxunto da nosa vida psíquica. Non afirmarei que podo dar esta solución ao completo, pero vostedes esperarán que a Psicanálise aborde este tema dun xeito moi distinto á medicina académica. Esta semella interesarse, sobre todo, polas vías anatómicas vinculadas ao estado de angustia.

A medicina afirma que se trata dunha irritación da *medulla oblongata* que desencadea unha neurose do *nervus vagus*. A *medulla oblongata* é un elemento moi serio. Lembro con absoluta exactitude o tempo e esforzo que lle adiquei hai anos ao seu estudo. Pero hoxe debo dicir que non coñezo outro factor que me puidese resultar máis indiferente para a comprensión psicolóxica da angustia coma o coñecemento do traxecto nervioso que percorren as súas excitacións.

Poderíamos tratar extensamente da angustia sen mencionar en absoluto a nerviosidade. Vostedes entenderanme sen máis se cualifico esta angustia de *real* en contraposición á *neurótica*. A angustia real parécenos agora moi racional e comprensible. Diremos dela que é unha reacción á percepción dun perigo externo é dicir, dun prexuízo esperado e previsto, está vinculada co reflexo da fuxida, e pode considerarse unha manifestación do instinto de autoconservación. As ocasións, é dicir, os obxectos e as situacións diante dos que aparece a angustia, dependerán naturalmente en gran parte do noso nivel de coñecemento e da nosa sensación de poder a respecto do mundo exterior. Atopamos bastante comprensible que o salvaxe teña medo dun canón e se amedrente diante dunha eclipse solar, mentres que o home branco, que sabe manipular este instrumento e pode predicir tal suceso, permanece nestes casos libre da angustia. Noutras ocasións é precisamente o coñecemento o que promove o medo, porque permite recoñecer o perigo por anticipado. Así, o salvaxe asustarase ao atopar unha pegada no bosque, que lle delata a proximidade dunha fera, mentres non significará nada para o ignorante, e o navegante experimentado observará con decepción unha pequena nube no ceo que lle anuncia a proximidade dun furacán, que ao pasaxeiro lle parece insignificante.

En reflexións posteriores deberemos admitir que o xuízo sobre a angustia real, sendo este racional e axeitado, precisa dunha minuciosa revisión. O único comportamento conveniente perante un perigo ameazante sería unha fría avaliación das forzas

propias en comparación coa magnitude da ameaza e, a partir disto, a elección da fuxida ou da defensa, posiblemente incluso do ataque, como medio con máis probabilidades de ter un feliz desenlace. Pero neste contexto non atopamos espazo para a angustia; todos os sucesos se consumarían de igual forma, e probablemente con menos perigo para o suxeito, se este non desenvolvese un estado de angustia. A isto debemos engadir que, cando a angustia alcanza unha forza descomedida, pode resultar sumamente inconveniente ao paralizar toda acción defensiva, incluso a da fuxida. A reacción ao perigo consiste habitualmente nunha mestura do sentimento de angustia e a acción de defensa. O animal asustado amedréntase e foxe, pero mentres a “fuxida” ten un obxectivo, o acto de “amedrentarse” carece por completo del.

Sentímonos, polo tanto, tentados a afirmar que o desenvolvemento da angustia nunca é conveniente. A esmerada descomposición da situación de angustia poderá quizais proporcionarnos unha mellor comprensión da mesma. O primeiro que nos chama a atención é a disposición ao perigo do suxeito, que manifesta unha atención sensorial acrecentada e unha tensión motriz. Esta actitude de espera pode recoñecerse sen reparos como proveitosa, e a súa supresión podería ser responsable de serias consecuencias. Dela procede, por unha banda, a acción motriz, en primeiro lugar a fuxida, nun nivel superior a defensa activa, e, por outra banda, aquilo que experimentamos como o estado de angustia. Canto máis se limite o desenvolvemento da angustia a unha simple peza adicional, a un sinal, con menos alteracións se completará a transformación do estado de preparación ansiosa en acción, e máis convenientemente completárase todo o proceso. Este estado semella ser, polo tanto, o axeitado, mentres que o desenvolvemento da angustia resulta contraproducente.

Evitarei achegarme á pregunta de se o noso uso lingüístico quere designar cos termos “angustia”, “medo” e “susto” o

mesmo ou algo claramente diferente. Segundo a miña opinión a angustia refírese ao estado e prescinde do obxecto, mentres que o medo dirixe precisamente a súa atención ao obxecto. O susto paréceme, pola contra, dotado dun sentido especial, o de subliñar o efecto dun perigo, que non é recibido cun estado previo de angustia. De xeito que se podería dicir que a persoa se protexe do susto por medio da angustia.

Certamente, non pasarán vostedes por alto a existencia de certa ambigüidade e indeterminación no uso da palabra “angustia”. En xeral, enténdese por angustia o estado subxectivo ao que se chega por medio da percepción do “desenvolvemento da angustia”, recibindo este o nome de afecto. Pero ¿que é un afecto en sentido dinámico? En todo caso trátase dun elemento composto. Un afecto encerra, en primeiro lugar, determinadas innervacións ou descargas motoras; en segundo lugar sensacións de dous tipos, as percepcións das accións motoras que tiveron lugar e as sensacións directas de pracer e malestar, que lle dan ao afecto o que poderíamos chamar a súa tónica. Pero non creo que con esta enumeración alcanzáramos a esencia do afecto. Nalgúns afectos cremos albiscar que o núcleo que confire unión ao conxunto é a repetición dunha experiencia significativa determinada. Esta experiencia só podería tratarse dunha impresión moi temperá de natureza xeral que se ubica na prehistoria, non do individuo, senón da especie. Para facerme entender direi que o estado do afecto tería a mesma estrutura ca un ataque histérico, sendo, ao igual ca este, o residuo dunha reminiscencia. O ataque histérico é, polo tanto, comparable a un afecto individual de nova formación, e o afecto normal á expresión dunha histeria xenérica que chegou a ser hereditaria.

Non crean que o que lles digo aquí sobre os afectos é patrimonio recoñecido da Psicología normal. Trátase, pola contra, dunha concepción que xermolou no solo da Psicanálise, e que só alí se atopa en casa. Todo o que poidan descubrir sobre os afectos na Psicología, por exemplo a teoría de James Langesche,

é precisamente para nós, psicanalistas, incompreensible e non merece un debate. Pero tampouco estamos plenamente seguros da exactitude dos nosos coñecementos sobre os afectos; estes consisten nun primeiro intento de orientación neste escuro ámbito. Agora continuo coa miña exposición. Nós cremos saber qué impresión temperá reproduce o afecto da angustia como repetición. Dicímonos que o *acto do nacemento* é o único no que atopamos esta agrupación de sensacións de malestar, excitacións de descargas e sensacións corporais que constitúe o modelo para a acción dun perigo vital, repetíndose dende entón na nosa vida como estado de angustia. O enorme aumento de estímulos por medio da interrupción da renovación do sangue (da respiración interna) foi, naquel entón, a causa da experiencia de angustia, sendo a primeira angustia, polo tanto, tóxica. A palabra angustia – *angustia*, en latín angostura– acentúa o carácter do estreitamento da respiración que, naquel entón, existía como consecuencia da situación real, restablecéndose hoxe neste afecto case regularmente. Tamén é significativo que aquel primeiro estado de angustia procedera da separación da nai. Naturalmente, estamos convencidos de que a predisposición á repetición deste primeiro estado de angustia se incorporou, a través dunha incalculable sucesión de xeracións, tan profundamente ao organismo, que nin un so individuo pode escapar ao afecto da angustia, aínda que, como o lendario Macduff, “fora arrincado do seo da súa nai”, é dicir, aínda que non experimentara o acto mesmo do nacemento. Non podemos, porén, dicir cal é o modelo do estado de angustia para outros animais, como por exemplo os mamíferos. Tampouco sabemos qué complexo sensitivo é equivalente nestas criaturas á nosa angustia.

Tal vez lles interese escoitar cómo se pode chegar á idea de que o acto do nacemento é a fonte e o modelo do afecto da angustia. A especulación desempeña aquí un papel insignificante; eu pedinlle máis ben un préstamo ao inocente pensamento do pobo. Un día, hai moitos anos, atopabámonos reunidos varios

xoves médicos de hospital ao redor da mesa dunha pousada, e un asistente da clínica de obstetricia comezou a contarnos anécdotas sobre o último exame de comadroas. Preguntóuselle a unha candidata qué significaba a presenza de meconio (cerote do neno, excrementos) nas augas durante o parto, e ela respondeu de inmediato: “Que o neno ten medo”. Isto fixo rir aos examinadores e a alumna suspendeu. Pero eu tomei partido por ela en silencio, e empecei a intuír que a pobre muller revelara unha conexión importante establecida polo saber popular.

Pasemos agora á angustia neurótica, ¿que novas formas fenomenolóxicas e comportamentos nos amosa a angustia nos nerviosos? Hai moito que describir aquí. Atopamos, en primeiro lugar, unha inquietude xeral, unha angustia que, por así dicilo, flota no ambiente, disposta a adherirse ao contido da primeira representación axeitada, que inflúe sobre o xuízo, que escolle expectativas, que agarda calquera oportunidade para xustificarse. Nós chamamos a este estado “angustia expectante” ou “espera angustiosa”. As persoas atormentadas por esta angustia prevén, de todas as posibilidades, sempre a máis terrible, interpretan cada coincidencia como indicio dunha desgraza, explotan cada inseguridade no peor sentido. A tendencia a unha espera tal da desgraza é unha característica do carácter de moitas persoas que, polo demais, non se poden denominar enfermas, malia censurármolas por seren excesivamente medrosas ou pesimistas; pero unha afección nerviosa correspóndese regularmente cunha considerable cantidade de angustia expectante. Eu denomino tal afección *neurose da angustia*, incluíndoa entre as neuroses actuais.

Unha segunda forma da angustia ten, en oposición ás xa descritas, conexións máis ben psíquicas e está vinculada a certos obxectos ou situacións. Trátase da angustia que caracteriza ás *fobias*, tan numerosas como singulares. Stanley Hall, o acreditado psicólogo americano, fixo hai pouco o esforzo de presentarnos a serie completa destas fobias na ostentosa nomenclatura grega.

Soa como a enumeración das dez pragas exipcias, só que o seu número reborda con moito esta cifra. Escoiten todo o que pode converterse en fobia, sexa obxecto ou contido: escuridade, aire libre, espazos abertos, gatos, arañas, eirugas, serpes, ratos, tormentas, puntas afiadas, sangue, espazos pechados, multitudes, soidade, cruzar pontes, as viaxes en barco ou tren, etc. Nun primeiro intento de orientación neste fervedoiro é lóxico diferenciar tres grupos. Algúns dos obxectos e situacións temidos teñen tamén para nós, normais, algo desacougante, unha relación co perigo e, por esta razón, estas fobias non nos semellan inconcebibles, aínda que moi esaxeradas na súa intensidade. Así, a maioría de nós experimenta unha sensación de repugnancia no encontro cunha serpe. A fobia ás serpes, pódese dicir, é xeral e humana, e incluso Charles Darwin chegou a describir con todo detalle como non puido evitar a angustia ante unha serpe que se dirixía cara a el, malia estar protexido por un groso vidro. Nun segundo grupo ubicamos os casos nos que aínda subsiste unha relación co perigo, aínda estando afeitos a menosprezalo. A este grupo pertencen a maioría das fobias a situacións. Sabemos que unha viaxe en tren pode expornos a accidentes que evitaríamos de ficarmos na casa, ou que un barco pode afundir e nos afogar, pero non pensamos nestes perigos cando viaxamos en tren ou barco. Tampouco se pode negar que nos precipitaríamos ao río se a ponte pola que o atravesamos se derruba nese momento, pero a probabilidade que algo así suceda é tan baixa que non nos preocupa. Tamén a soidade ten os seus perigos, e por esta razón evitámola en determinadas circunstancias; pero isto non significa que non a toleremos nin un so momento. O mesmo sucede coas multitudes, cos espazos pechados, coas tormentas e similares. O que chama a nosa atención nos neuróticos que sofren deste tipo de fobias non é tanto o contido coma a intensidade das mesmas. A angustia das fobias é verdadeiramente inapelable. E, ás veces, temos a impresión de que os neuróticos non se angustian polos mesmos obxectos e situacións que, en

determinadas circunstancias, poden tamén convocar o noso medo, e ás que asignan o mesmo nome.

Aínda quedaría un terceiro grupo de fobias do que non falaremos, xa que escapan por completo á nosa comprensión. Cando un home forte e adulto non pode atravesar unha rúa ou unha praza da súa familiar cidade natal por causa da angustia, cando unha muller cae nun medo sen sentido porque un gato rozou o dobra do seu vestido ou porque un rato pequeno atravesou rapidamente a habitación, ¿como podemos establecer aí a relación co perigo que, obviamente, existe para o fóbico? Nas fobias a animais non se pode tratar en xeral dun aumento das antipatías humanas xa que hai, para a demostración do contrario, moitas persoas que non poden pasar xunto a un gato sen chamalo e alo-umiñalo. O rato, tan temido polas mulleres, é, ao mesmo tempo, un alcume agarimoso de primeira orde; existen rapazas que se deixan chamar así polo seu noivo e, con todo, berran horrorizadas cando divisan o fermoso animal do mesmo nome. No caso do home con medo ás rúas ou prazas, vémonos forzados a aceptar como única explicación do seu comportamento que actúa como un neno pequeno. Un neno é exhortado directamente a través da educación a evitar tales situacións por perigosas, e o noso agorafóbico sentirase protexido da súa angustia se alguén o acompaña no percorrido.

As dúas formas de angustia descritas aquí, a angustia expectante que flota libre e as vinculadas a fobias, son independentes unhas das outras. Unha non consiste nun nivel superior da outra, e só aparecen xuntas de forma excepcional, e sempre por casualidade. A inquietude xeral máis forte non precisa manifestarse por medio de fobias; as persoas que levan unha vida limitada pola agorafobia, poden, porén, permanecer totalmente alleas á pesimista angustia expectante. Podemos demostrar que algunhas das fobias, por caso a agorafobia ou a fobia aos trens, son adquiridas por primeira vez nos anos maduros, outras, como o medo á escuridade, ás tormentas, aos animais, semellan

existir dende sempre. O primeiro tipo de fobias ten a importancia dunha grave enfermidade; o último parece máis ben unha singularidade, un capricho. Cando unha persoa presenta unha destas fobias podemos suporlle, por regra xeral, outras. Debo engadir que computamos o conxunto destas fobias como *histerias por angustia* é dicir, que as contemplamos como unha afección intimamente emparentada coa histeria por conversión.

A terceira forma da angustia neurótica sitúanos perante un enigma ao presentarnos unha carencia absoluta de conexión entre a angustia e un perigo ameazante. Esta angustia acompaña, por exemplo, na histeria aos demais síntomas histéricos, ou aparece en calquera momento de excitación onde esperamos unha manifestación afectiva, pero non precisamente do afecto da angustia, ou preséntase, sen causa aparente, de forma incomprendible para nós e para o enfermo, baixo a forma dun acceso espontáneo. Non atopamos ningún perigo ou motivo que puidera ser elevado á categoría de perigo a través da esaxeración. Nestes ataques espontáneos descubrimos que o complexo, que denominamos estado de angustia, é susceptible de disociación. O conxunto do ataque pode ser reempazado por un único e intenso síntoma, por medio dun tremor, dun mareo, dunha palpitación do corazón, dunha falta de alento, faltando ou esvaecéndose a sensación xeral na que recoñecemos a angustia. E, aínda así, estes estados, aos que describimos como “equivalentes da angustia”, deben ser asimilados a ela dende todos os puntos de vista clínicos e etiolóxicos.

Xorden aquí dúas preguntas. ¿Pódese vincular a angustia neurótica, na que o perigo non desempeña ningún papel, ou só un papel insignificante, coa angustia real, que consiste sempre nunha reacción a un perigo? E, ¿como podemos entender a angustia neurótica? Quixera, sobre todo, conservar a afirmación de que alí onde atopamos unha angustia, atoparemos tamén algo polo que angustiarse.

A observación clínica proporciónanos varias advertencias para a comprensión da angustia neurótica. A continuación dispóñome a analizar o significado das mesmas.

a) Non é difícil constatar que a angustia expectante ou inquietude xeral depende estreitamente de determinados procesos da vida sexual ou, por así dicilo, de determinados usos da libido. O caso máis simple e instrutivo dáse en persoas que se expón á chamada excitación frustrante é dicir, nas que as excitacións sexuais intensas non experimentan unha recepción suficiente, non chegan a un termo satisfactorio. Así, por exemplo, en homes durante o noivado e en mulleres casadas con suxeitos que carecen dunha potencia sexual normal, ou que, por precaución, acurtan ou abortan o acto sexual. Nestas circunstancias desaparece a excitación libidinosa e, no seu lugar, aparece a angustia, tanto na forma de angustia expectante coma na de ataques e equivalentes de ataques. A interrupción do acto sexual como medida preventiva, cando se converte en réxime sexual normal, constitúe con regularidade unha causa de neurose por angustia nos homes, pero especialmente nas mulleres, ata o punto de que na consulta médica se recomenda, en casos deste tipo, investigar en primeira instancia esta etiloxía. Por este procedemento poderemos comprobar en innumerables ocasións que a neurose por angustia desaparece en canto o suxeito renuncia á restrición sexual.

A existencia dun vínculo entre esta restrición sexual e os estados de angustia tampouco é xa discutido, ata onde alcanzo a saber, polos médicos alleos á Psicanálise. Pero podó imaxinar que non se vai omitir a tentativa de inverter a relación, defendendo a tese de que aquelas persoas cunha tendencia previa á angustia manifestan certo recato nas cuestións sexuais. Pero esta tese é desmentida pola actitude das mulleres, que desenvolven esencialmente unha actividade sexual de carácter pasivo, é dicir, determinada polo comportamento do home. Canto máis temperamental é dicir, canto meirande sexa a súa inclinación ao acto

sexual, e máis capacitada estea para atopar satisfacción nel, con máis seguridade reaccionará á impotencia do home ou ao coitus interruptus debido a manifestacións de angustia, mentres que unha disfunción deste tipo desempeñará un papel moito menor no caso de mulleres anastéticas ou pouco libidinosas.

A abstinencia sexual, recomendada agora con tanta énfase polos médicos, ten este mesmo efecto sobre a xénese de estados de angustia só cando a libido, á que se lle nega a satisfacción, alcanza determinado grao de intensidade e non é descargada na súa meirande parte a través da sublimación. O curso da enfermidade depende sempre dos factores cuantitativos. Tamén alí onde non se trata dun caso patolóxico, senón da conformación do carácter do suxeito, recoñécese sen esforzo que a restrición sexual vai da man de certa inquietude e gravidade, mentres que a intrepidez e a audacia traen consigo a necesidade sexual. Por máis que se poidan modificar ou complicar estas relacións por medio de influencias culturais variadas, comprobamos que na media das persoas a angustia está vinculada á restrición sexual.

Aínda non os fixen partícipes de todas as observacións que falan a prol da relación xenética entre libido e angustia. Entre elas atópase, por exemplo, a influencia de certas fases vitais sobre as enfermidades por angustia, ás que podemos imputarlles, como facemos coa puberdade e coa menopausa, un aumento considerable na produción da libido. En certos estados de excitación tamén podemos observar directamente a mestura de libido e angustia e a substitución final da libido pola angustia. De todos estes feitos extraemos unha dobre impresión; en primeiro lugar, que se trata dunha acumulación de libido á que se lle impide o seu uso normal, en segundo lugar, que os procesos aos que asistimos neste ámbito son sempre de carácter somático. Ata agora non logramos descubrir como se orixina a angustia a partir da libido; só constatamos que a libido desaparece, sendo reempresada pola angustia.

b) Extraemos unha segunda indicación da análise das psiconeuroses, especialmente da histeria. Xa sabemos que nesta afección a angustia aparece a miúdo acompañando aos síntomas, pero tamén atopamos unha angustia independente dos mesmos, que se manifesta na forma dun ataque ou como estado permanente. Os enfermos non saben dicir por que se angustian, vinculándoo, por medio dunha elaboración secundaria inequívoca, coas fobias máis comúns, como as de morrer, volverse tolo ou sufrir un ataque de apoplexía. Cando sometemos a análise a situación da que procede a angustia ou os síntomas aos que acompaña, por regra xeral podemos sinalar que proceso psíquico normal non se realizou, sendo substituído pola manifestación da angustia. Formulémolo doutro xeito: construímos o proceso inconsciente como se non experimentase ningún tipo de represión e alcanzase a consciencia sen ningún impedimento. Este proceso tamén viría acompañado dun afecto determinado, e descubriremos, para a nosa sorpresa, que este afecto acompañante do proceso normal é substituído sempre, despois da represión, por angustia, sendo indiferente a calidade propia da mesma. Polo tanto, se nos atopamos diante dun estado de angustia histórica, o seu correlato inconsciente poderá ser un impulso de carácter similar, é dicir, de angustia, vergoña, confusión, así como un impulso positivamente libidinoso ou hostilmente agresivo, tales como ira ou enfado. A angustia é, pois, en xeral, a moeda de curso legal pola que serán ou poden ser trocados todos os impulsos afectivos cando esta conserva o contido da represión.

c) Un terceiro dato obtémolo dos enfermos que presentan actos obsesivos, aos que parece respectar notablemente a angustia. Se tentamos impedirilles a execución do seu acto obsesivo, das súas ablucións ou do seu cerimonial, ou se eles mesmos se aventuran no intento de abandonar un destes actos, experimentan unha terrible angustia pola que se senten forzados a someterse docilmente ás súas obsesións. Entenderemos, pois,

que a angustia estaba encuberta polo acto obsesivo, e que este só se levaba a cabo para evitar a angustia. Na neurose obsesiva, polo tanto, substitúese a angustia, que do contrario se debería instalar, pola formación de síntomas, e na neurose por histeria atoparemos unha relación similar como resultado do proceso de represión, aparecendo a angustia illadamente ou acompañada de síntomas, ou ben manifestándose un conxunto de síntomas carentes de angustia. En consecuencia, non parece incorrecto dicir en sentido abstracto que os síntomas só se forman para escapar ao desenvolvemento da angustia, que sen eles sería inevitable. Por medio desta concepción a angustia desprázase ata o centro mesmo do noso interese polos problemas relativos ás neuroses.

Das observacións sobre as neuroses por angustia concluíramos que o desvío da libido do seu uso normal, circunstancia que posibilita que se orixine a angustia, é o resultado de procesos puramente somáticos. As análises da histeria e da neurose obsesiva permítennos completar esta conclusión ao amosarnos que o mesmo desvío co mesmo resultado tamén pode ser o efecto dunha negación das instancias psíquicas. Isto é, polo tanto, o que sabemos sobre a xénese da angustia neurótica, pero aínda semella bastante indeterminado. Así e todo, polo de agora, non vexo ningún camiño que nos poida levar máis lonxe. A segunda tarefa que nos impuxemos, o establecemento dunha relación entre a angustia neurótica, resultante dun uso anormal da libido, e a angustia real, que se corresponde cunha reacción ao perigo, parece ter aínda unha difícil solución. Gustaríanos crer que se trata de cousas bastante dispares, e aínda así non temos ningún medio para diferenciarmos por medio das sensacións a angustia real da neurótica.

A conexión buscada establécese finalmente se tomamos como condición previa a oposición, tantas veces constatada, entre Eu e libido. Como sabemos, o desenvolvemento da angustia consiste nunha reacción do Eu ao perigo e nun sinal para o inicio da fuxi-

da; neste contexto atopamos lóxico o feito de que o Eu emprenda na angustia neurótica un intento de fuxida similar ante a esixencia da súa libido, de que se comporte ante este perigo interior como se fose exterior. Con isto se vería colmada a suposición de que alí onde se amosa a angustia tamén haxa algo do que atemorizarse. Pero aínda podemos levar máis lonxe esta analoxía. Así como o intento de fuxida ante o perigo exterior queda anulado pola resistencia e a adopción de medidas oportunas para a defensa, o desenvolvemento neurótico da angustia tamén cede ante a formación de síntomas ligados a esta angustia.

A dificultade para entender esta cuestión ubícase agora noutro lugar. A angustia que significa unha fuxida do Eu ante a súa libido debe proceder desta mesma libido. Este feito tan ambiguo contén a advertencia de non esquecer que a libido dunha persoa lle pertence en esencia a ela, e que non pode oporse a ela como se fose elemento alleo. A dinámica tópica do desenvolvemento da angustia, as enerxías psíquicas que son emitidas aquí, e os sistemas psíquicos dos que proveñen, aínda permanecen opacos para nós. Non podo prometerlles unha resposta a esta pregunta, pero tampouco quero deixar de seguir dúas novas pistas, servíndonos da observación directa e da investigación analítica, para saír en axuda da nosa especulación. Refírome á xénese da angustia no neno e á orixe da angustia neurótica vinculada ás fobias.

A angustia infantil é algo moi habitual, resultando difícil diagnosticar cando se trata dunha angustia neurótica, e cando dunha real. Si, o valor desta diferenciación é cuestionado a través do comportamento dos nenos. En efecto, non nos sorprendemos de que o neno se atemorice perante calquera estrño, perante situacións e obxectos novos, e nos explicamos esta reacción sen esforzo por medio da súa debilidade e ignorancia. Atribuímoslle, pois, ao neno, unha forte tendencia á angustia real, e consideraríamos lóxico que se tratara dunha herdanza. Nese caso, o neno só estaría repetindo o comportamento do

home primitivo, —e dos salvaxes contemporáneos—, que, como consecuencia da súa ignorancia e desamparo, se angustian ante todo elemento novo e algún elemento familiar que hoxe xa non nos provocan a menor angustia. Tamén se correspondería plenamente coas nosas expectativas o feito de que as fobias infantís, en parte polo menos, fosen aínda as mesmas que aquelas que podemos supor propias da orixe da evolución humana.

Por outra banda, non podemos omitir que non todos os nenos presentan o mesmo nivel de angustia e que, precisamente os nenos que amosan unha angustia especial ante todos os obxectos e situacións posibles, resultan ser futuros nerviosos. A disposición neurótica tamén se traduce polo tanto nunha pronunciada tendencia á angustia real, a inquedaanza aparece como elemento primario, concluíndo finalmente que o neno, e máis tarde o adulto, se angustian a raíz do aumento da súa libido porque senten angustia por todo. Con isto negaríase que a orixe da angustia resida na libido e, cando investigáramos as condicións da angustia real, chegaríamos consecuentemente á hipótese de que a consciencia das propias debilidades e desamparo —inferioridade na terminoloxía de A. Adler— tamén é a razón última da neurose, cando esta consciencia propia da infancia atopa unha continuidade na vida adulta.

Esta hipótese semella tan simple e tentadora, que é lóxico que chame a nosa atención. Traería, ademais, consigo un desprazamento do enigma da nerviosidade. A subsistencia do sentimento de inferioridade —e, con el, da condición da angustia e da formación de síntomas— parece estar tan asegurada, que o que precisa unha explicación, aínda que de forma excepcional, é o proceso polo que logramos alcanzar aquilo que coñecemos como saúde. Pero, ¿que nos revela unha esmerada observación da angustia infantil? O neno pequeno angústíase, sobre todo, ante a presenza de estraños; as situacións desempeñarán un papel na súa angustia só cando conteñan persoas, mentres que os obxectos comezan a seren susceptibles de provocar tal sensa-

ción máis tarde. O neno angústiase debido a estes estraños, non porque lles atribúa malas intencións e compare as debilidades propias coas forzas deles, é dicir, porque albisque neles futuros perigos para a súa existencia, seguridade e a súa capacidade de evitar a dor. Un neno asustado a tales niveis debido ao medo á agresión que domina o mundo é unha construción teórica totalmente fracasada. O neno asústase da figura estraña porque a enfoca dende o punto de vista da persoa familiar e amada é dicir, a nai. Son a súa decepción e saudade as que se transforman en angustia é dicir, trátase da súa libido inutilizada que non pode manterse en suspensión neste momento, senón que é purgada como angustia. Tampouco pode ser casual que nesta situación, característica da angustia infantil, se repita a condición do primeiro estado de angustia durante o acto do nacemento é dicir, a separación da nai.

As primeiras fobias que experimentan aos nenos ante determinadas situacións son as fobias á escuridade e á soidade; a primeira persiste con frecuencia de por vida, común ás dúas é a saudade da persoa amada responsable do seu benestar é dicir, a nai. Nunha ocasión oín berrar a un neno que estaba nunha habitación veciña porque tiña medo da escuridade: “Tía, dime algo, teño medo.” “Pero, ¿de que te serve? Se non me ves”; o neno respondeu: “Cando alguén fala faise a claridade.” A morriña na escuridade transfórmase, polo tanto, en angustia ante a escuridade. Lonxe de vulgar que a angustia neurótica é só un elemento secundario e un caso especial de angustia real, observamos máis ben no neno que algo, que ten en común coa angustia neurótica a orixe na libido non usada, compórtase como angustia real. Semella que a angustia real non é inherente ao neno. En todas as situacións, que máis adiante poden converterse en condicións de fobias, as alturas, as pontes estreitas sobre o auga, unha viaxe en tren ou en barco, o neno non amosa angustia algunha, e moito menos canto meirande sexa a súa ignorancia. Sería moi desexable que recibira como herdanza un

meirande número de instintos de preservación da vida; a tarefa da vixilancia do neno, que debe evitar expolo a perigos sucesivos, se vería así moi simplificada. Pero, en realidade, o neno sobrevalora ao comezo as súas forzas, non manifestando ningún tipo de angustia porque non coñece os perigos. Correrá pola beira do auga, subirase á varanda da fiestra, xogará con obxectos punzantes e con lume, en resumidas contas, fará todo o que lle pode prexudicar e preocupar aos seus coidadores. Espertar nel a angustia real é, sobre todo, labor da educación, xa que non podemos permitir que adquira a experiencia instrutiva por experiencia persoal.

Agora ben, se hai nenos que saíron ao encontro desta educación da angustia e que atoparon perigos por si mesmos dos que non se lles advertiu, isto débese a que a súa constitución trae consigo unha elevada necesidade libidinosa, ou a que dende moi cedo foron mimados no concernente á satisfacción libidinosa. Non é de estrañar que entre estes nenos se atopen tamén os futuros nerviosos; xa sabemos que a maior facilidade para a xénese dunha neurose reside na incapacidade de tolerar un considerable estancamento da libido durante un tempo prolongado. Notarán que o factor constitucional tamén alcanza aquí a súa importancia, que non pretendemos discutir. Pero si queremos opornos a prescindir dos restantes factores para atender unicamente ao constitucional e a introducir o momento constitucional tamén alí onde, segundo os resultados reunidos pola observación e a análise, non corresponde ou desempeña só un papel secundario.

Fagamos a suma das observacións sobre a angustia dos nenos: a angustia infantil ten pouco que ver coa angustia real estando, pola contra, moito máis emparentada coa angustia neurótica presente nos adultos. Orixínase, coma esta, debido á libido non usada, substituíndo o obxecto amado e estrañado por un obxecto ou situación exteriores.

Alegraralles saber que a análise das *fobias* non ten moito máis que ensinámos. Con elas sucede o mesmo que coa angustia infantil; a libido ininterrompidamente inutilizada transfórmase aparentemente en angustia real, establecendo como representación das esixencias da libido un perigo exterior insignificante. Esta coincidencia non ten nada de estraño, xa que as fobias infantís non serven só como modelo para as posteriores, ás que incluímos na “histeria por angustia”, senón como condición previa directa e preludio das mesmas. Toda fobia histórica remite a unha angustia infantil e dálle continuidade, aínda que teña outro contido e deba ser coñecida, polo tanto, con outro nome. A diferenza de ambas as dúas afeccións reside no seu mecanismo. No adulto xa non abonda con que a libido se inutilice momentaneamente para esta se transformar en angustia. Hai tempo que o adulto aprendeu a conservar suspendida esta libido ou a empregala doutro xeito. Pero cando a libido pertence a un estímulo psíquico que pode experimentar a represión, entón restablécense comportamentos similares aos do neno, que aínda non posúe ningunha separación entre consciente e inconsciente e, simultaneamente, a libido ábrese paso a través da regresión cara a fobia infantil, podendo completarse así comodamente a transformación da mesma en angustia. Xa falamos, como lembrarán vostedes, da represión, pero fixémoslo seguindo só o destino da idea a reprimir, naturalmente porque este era máis doado de recoñecer e expor. Sempre deixamos de lado o que sucede co afecto que pendía da idea reprimida, e agora descubrimos por vez primeira que o destino inmediato deste afecto é ser transformado en angustia, calquera que sexa a súa calidade no proceso normal. Esta transformación do afecto é, con moito, a parte máis importante do proceso de represión. Non é tan doado tratar esta cuestión porque non podemos afirmar a existencia de afectos inconscientes do mesmo xeito que afirmamos a de ideas inconscientes. Unha idea permanece idéntica a si mesma, sexa consciente ou inconsciente; podemos indicar con

qué se corresponde unha idea inconsciente. Pero un afecto é un proceso de descarga que debe ser xulgado de xeito moi distinto a unha idea; non podemos determinar con qué se corresponde sen apelarmos a reflexións máis profundas e sen aclararmos as nosas premisas sobre os procesos psíquicos. E esta tarefa non podemos levala a cabo aquí. Pero queremos respectar a nosa hipótese de que o desenvolvemento da angustia está intimamente ligado ao sistema do inconsciente.

Dixen que a transformación en angustia ou, mellor dito, que a descarga baixo a forma de angustia, é o destino inmediato da libido afectada pola represión. Debo engadir que non é o único ou o definitivo. Nas neuroses hai procesos en curso que se esforzan por obstruír este desenvolvemento da angustia, e que o conseguen por diferentes vías. Nas fobias, por exemplo, pódense diferenciar con claridade dúas fases do proceso neurótico. A primeira posibilita a represión e a transformación da libido en angustia, fase ligada a un perigo exterior. A segunda consiste na construción de todas aquelas precaucións e proteccións por medio das que un contacto con este perigo, tratado como elemento exterior, debe ser evitado. represión correspóndese cun intento de fuxida do Eu ante a libido, percibida como perigo. A fobia pódese comparar cun atrincheiramento contra o perigo exterior, que agora representa a temida libido. A debilidade do sistema defensivo nas fobias reside naturalmente en que a fortaleza, que tanto se reforzou cara a fóra, permaneceu expugnable dende o interior. A proxección cara ao exterior do perigo representado pola libido nunca se pode conseguir de forma perfecta. Por esta razón, nas outras neuroses están en uso outros sistemas de defensa contra a posibilidade do desenvolvemento da angustia. Esta é unha parte moi interesante da Psicología das neuroses pero, desgraciadamente, lévanos demasiado lonxe e presupón coñecementos especiais máis profundos. Só quero engadir un novo dato. Xa lles falei da “contracarga” que o Eu emprega na represión, e que debe conservar de forma continua-

da para a represión seguir existindo. A esta contracarga correspóndelle a tarefa de crear os distintos medios de defensa contra o desenvolvemento da angustia despois da represión.

Regresemos ás fobias. Creo poder supor que comprenden vostedes que aclarar apenas o contido das mesmas, sen interesarnos máis ca pola razón de que este ou aquel obxecto, ou unha situación calquera, se convertan en obxecto da fobia, proporcionaranos tan só un coñecemento superficial destes fenómenos. O contido dunha fobia ten para esta igual relevancia ca a fachada manifesta dun soño para o soño mesmo. Coas reservas necesarias, debemos admitir que entre estes contidos das fobias se atopan algúns que, como subliña Stanley Hall, son indicados pola herdanza filoxenética para seren obxectos da angustia. Concorda con isto que moitos destes obxectos da angustia só poidan establecer a súa relación co perigo por medio dunha relación simbólica.

Temos o convencemento de que o problema da angustia ocupa un lugar central na Psicoloxía das neuroses. Impresionounos considerablemente a forma en que o desenvolvemento da angustia se vincula cos destinos da libido e co sistema do inconsciente. Só percibimos unha lagoa, un buraco na nosa concepción, trátase do feito, aínda moi discutible, de que a angustia real deba ser valorada como unha manifestación do instinto de autoconservación do Eu.

A teoría da libido e o narcisismo

Miñas damas e meus cabaleiros, xa nos ocupamos repetidamente —e recentemente de novo—, da diferenciación entre os instintos do Eu e os instintos sexuais. Ao principio, a represión amosounos que ambos poden aparecer contrapostos, e que, por tal razón, os instintos sexuais estaban suxeitos formalmente e necesitados de buscar a satisfacción por medio de arrodeos regresivos, de forma que atoparan na súa invencibilidade unha compensación á súa derrota. Aprendemos entón que ambos teñen dende o comezo unha relación diferente coa mestra Necesidade, de xeito que non pasan pola mesma evolución e non establecen a mesma relación co principio de realidade. Finalmente, cremos observar que os instintos sexuais están unidos por vencellos moito máis estreitos co estado afectivo da angustia ca os instintos do Eu, un resultado que aínda semella incompleto nun punto importante. Por esta razón queremos recorrer agora, para o seu fortalecemento, ao feito notable de que a insatisfacción da fame e da sede, os dous instintos de autoconservación máis elementais, nunca ten como consecuencia a súa súpeta transformación en angustia, mentres que a transformación da libido insatisfeita en angustia pertence, como xa escoitamos, aos fenómenos máis coñecidos e máis frecuentemente observados.

Non podemos ser privados do noso dereito a distinguir os instintos do Eu dos sexuais. Este nace da existencia da vida sexual como a dunha actividade particular do individuo. Só se nos pode preguntar de que significado dotamos a esta distinción, a transcendencia que lle queremos atribuír. A resposta a esta pregunta axustarase ao resultado da comprobación das diferenzas entre os instintos sexuais nas súas manifestacións somáticas e psíquicas e os instintos cos que os confrontamos,

e o significativas que son as consecuencias resultantes destas diferenzas. Carecemos de motivos para afirmar unha diferenza entre a esencia de ambos os dous grupos de instintos, polo demais non de todo concibible. Ambos designan apenas fontes de enerxía do individuo, e a discusión sobre seren no fondo esencialmente idénticos ou diferentes e, caso de resultaren idénticos, sobre cando se separaron, non pode basearse en nocións abstractas, senón que debe atermos aos feitos biolóxicos que se ocultan tras elas. A respecto deste punto contamos aínda con coñecementos insuficientes, e, mesmo de logramos amplialos, isto non revertería en gran medida na nosa tarefa analítica.

Gañaríamos ben pouco acentuando, segundo o proceso de Jung, a unidade primixenia de todos os instintos e chamando “libido” a enerxía que se manifesta neles. Xa que non logramos eliminar a función sexual da vida psíquica, vémonos forzados a falar de libido sexual e asexual. Pero reservaremos xustificadamente o termo libido para as forzas instintivas da vida sexual, tal e como fixemos ata agora.

Opino, polo tanto, que a pregunta sobre en que medida se lle pode dar continuidade á distinción indubidablemente xustificada entre instintos sexuais e de autoconservación non ten moita importancia para a Psicanálise; esta carece, ademais, de competencia para resolvela. A Bioloxía achéganos distintos puntos de referencia que nos permiten atribuír a esta cuestión unha considerable relevancia. A sexualidade é a única función do organismo vivo que transcende os límites do individuo, facilitando o seu vínculo coa especie. É evidente que a súa práctica non é sempre de tanta utilidade para o individuo coma as súas outras actividades, senón que, a cambio dun pracer extraordinariamente elevado, o somete a perigos que ameazan a súa vida, cumprindo a miúdo esta ameaza. Precisaranse tamén, con toda probabilidade, procesos metabólicos diferentes a todos os demais para manter unha parte da vida individual susceptible de ser transmitida á descendencia. E, finalmente, o individuo,

que se contempla a si mesmo como o esencial e á sexualidade como un medio para a súa satisfacción como calquera outro –segundo a perspectiva biolóxica só un episodio nunha serie de xeracións–, é un apéndice efémero nun plasma xerminal dotado cunha inmortalidade virtual e, simultaneamente, o propietario temporal dun fideicomiso que lle sobrevivirá.

Porén, para a aclaración psicanalítica das neuroses non se precisan puntos de vista tan amplos. Con axuda do seguimento por separado dos instintos sexuais e do Eu adquirimos a chave para a comprensión do grupo das neuroses por transferencia. Puidemos atribuílas á situación fundamental de que os instintos sexuais entran en controversia cos instintos de conservación ou bioloxicamente – aínda que tamén expresado de forma imprecisa–, que o Eu como ser individual e independente entra en conflito co Eu como membro dunha serie de xeracións. Podemos supor que só os homes alcanzan tal desavinza, razón pola que a neurose constituiría, en xeral, a súa prerrogativa ante os animais. O excesivo desenvolvemento da súa libido e a formación dunha vida psíquica ricamente articulada a consecuencia do mesmo, semella teren creado as condicións para a xénese dun conflito deste tipo. É, pois, manifesto que estas son tamén as condicións dos grandes progresos, que levaron o home alén da súa comunidade cos animais, de xeito que a súa aptitude para a neurose sería só o reverso dos seus dons puramente humanos. Pero deixemos agora estas especulacións que nos afastan da nosa próxima tarefa.

Ata agora a premisa do noso traballo foi que puidésemos diferenciar os instintos do Eu dos sexuais segundo as súas manifestacións. Nas neuroses por transferencia acadamos esta distinción sen dificultade. Chamamos “libido” aos revestimentos de enerxía que o Eu proporcionaba aos obxectos da súa tendencia sexual, e “intereses” ós revestimentos facilitados polos instintos de autoconservación, e, por medio do seguimento dos revestimentos da libido, das súas transformacións e dos seus destinos

finais, puidemos adquirir unha primeira noción do engrenaxe das forzas psíquicas. As neuroses por transmisión ofrecéronnos o material oportuno para isto. Pero o Eu, a súa composición a partir de diferentes organizacións, a súa construción e funcionamento, permaneceron ocultos para nós, facéndonos supor que só a análise doutras alteracións neuróticas nos podería achegar tal coñecemento.

Hai xa moito tempo que comezamos a estender o modo de ver psicanalítico para estoutras afeccións. En 1908 K. Abraham, logo dun intercambio de opinións comigo, formulou o principio segundo o cal o carácter principal da *Dementia praecox* (que pertence ás psicoses) consiste *na ausencia de revestimento libidinoso dos obxectos*. ('As diferenzas psicosexuais da histeria e da *Dementia praecox*'.) Pero entón xurdiu a pregunta sobre os destinos da libido dos dementes desviada de todo obxecto. Abraham non vacilou en darlle resposta: *é retraída ao Eu, e este xiro regresivo é a fonte da megalomanía da Dementia praecox*. A megalomanía pode compararse á sobrevaloración sexual do obxecto na vida erótica. Aprendemos a entender por vez primeira unha peculiaridade da afección psicótica a través desta relación coa vida erótica normal.

Estas primeiras consideracións de Abraham conserváronse na Psicanálise, converténdose na base da nosa opinión con respecto ás psicoses. Familiarizámonos de vagar coa idea de que a libido, que atopamos vinculada aos obxectos e que é a expresión da tendencia a adquirir certa satisfacción nestes obxectos, pode renunciar a eles, colocando o propio Eu no seu lugar. Co tempo reforzamos paulatinamente esta idea de forma cada vez máis consecuenta. A palabra que empregamos para designar este desprazamento da libido —*narcisismo*— tomámola dunha perversión descrita por P. Näcke, na que o individuo adulto agasalla o propio corpo con todas as tenruras posibles que, normalmente, se empregan cun obxecto sexual exterior.

Dicémonos entón que, se hai unha fixación tal do individuo co propio corpo e coa propia persoa no canto dun obxecto, esta non pode tratarse dun incidente excepcional e insignificante. É máis ben probable que este narcisismo sexa o estado xeral e orixinario a partir do que se conforma máis tarde o amor polo obxecto sen que, por iso, sexa precisa a desaparición do narcisismo. Lembramos, a partir da historia do desenvolvemento da libido obxectiva, que moitos instintos sexuais se satisfan no propio corpo, é dicir, *autoeroticamente*, e que a capacidade para o autoerotismo explica o retraso co que a sexualidade se adapta ao principio de realidade inculcado pola educación. Así, o autoerotismo será a actividade sexual do estadio narcisista da fixación da libido.

Para resumir o exposto ata agora, diremos que nos formamos unha idea da relación da libido do Eu coa libido obxectiva que podo ilustrar por medio dun símil da Zooloxía. Pensen vostedes naqueles seres vivos máis elementais que consisten nun pequeno grumo de substancia protoplasmática apenas diferenciada. Estes seres emiten prolongacións, chamadas pseudópodes, nas que irrigan a súa substancia corporal. Pero tamén poden recoller estas prolongacións e concentrarse de novo no grumo. A extensión das prolongacións comparámola agora coa emisión de libido sobre os obxectos, mentres que a súa masa principal permanece no Eu, e aceptamos que, en condicións normais, a libido do Eu pode ser transformada sen dificultade en libido obxectiva, e que esta pode ser recollida de novo no Eu.

Con axuda desta ideas podemos explicar un gran número dos estados psíquicos ou, máis modestamente expresado, describi-los coa terminoloxía da teoría da libido, estados que debemos incluír na vida normal, tales como o comportamento psíquico no namoramento, nas enfermidades orgánicas ou no soño. Para o estado do soño supuxemos que se baseaba no illamento do mundo exterior e na subordinación ao desexo de durmir. O que se manifesta como actividade psíquica nocturna no soño,

atopámolo ao servizo dun desexo de durmir e, ademais, rexido por motivos totalmente egoístas. Partindo agora do contexto da teoría da libido, deducimos que o soño é un estado no que todas as enerxías obxectivas, tanto as libidinosas coma as egoístas, retíranse dos obxectos e regresan ao Eu. ¿Non arrebola esta hipótese unha luz nova sobre o descanso procurado polo soño e sobre a natureza do cansazo? O cadro do illamento feliz da vida intrauterina, que o durminte nos evoca cada noite, se completa así tamén dende o punto de vista psíquico. No durminte restableceuse o estado orixinario da distribución da libido é dicir, o narcisismo absoluto, no que a libido e os intereses do Eu viven aínda unidos e indiferenciables no mesmo Eu, que se basta a si mesmo.

Aquí xorden dúas novas apreciacións. En primeiro lugar, ¿como se diferencian conceptualmente narcisismo e egoísmo? Cando falamos de egoísmo só nos estamos referindo ao proveito do individuo; se falamos de narcisismo, tamén estamos tendo en consideración a súa satisfacción libidinosa. Na súa calidade de motivos prácticos, ambos permíttenos levar esta diferenciación relativamente lonxe. Pódese ser absolutamente egoísta e, aínda así, conservar grandes cantidade de enerxía libidinosa obxectiva, en tanto que a satisfacción libidinosa procurada polo obxecto pertence ás necesidades do Eu. O egoísmo prestará, pois, atención a que a aspiración ao obxecto non lle cause ningún prexuízo ao Eu. Pódese ser egoísta e tamén extremadamente narcisista é dicir, ter unha mínimas necesidade de obxectos, ben na satisfacción sexual directa ou ben naquelas tendencias elevadas, derivadas da necesidade sexual, que ocasionalmente acostumamos a contrapor, en calidade de “amor”, á “sensualidade”. O egoísmo é en todas estas relacións o elemento evidente e constante, mentres que o narcisismo constitúe un elemento variable. O contrario de egoísmo, o *altruísmo*, non se corresponde coa subordinación dos obxectos á libido, distínguese dela por medio da supresión das aspiracións á satisfacción

sexual. Pero no namoramento absoluto coinciden o altruísmo coa concentración libidinosa sobre o obxecto sexual. Este atrae normalmente cara a si unha parte do narcisismo do Eu, o que se manifesta como a chamada “sobrevaloración sexual” do obxecto. Se engadimos a esta a transfusión altruísta do egoísmo ao obxecto sexual, converterase este en omnipotente, triunfando ao mesmo tempo sobre o Eu.

Espero que supoña un descanso para vostedes que lles presente, tras a fantasía esencialmente seca da ciencia, unha representación poética da oposición económica entre narcisismo e namoramento. Tómoa do *Diván occidental oriental*⁹ de Goethe:

Suleika: Pobo e peón e superior,
confesan con asiduidade:
a máis alta sorte dos fillos do amor
só pode ser a personalidade.
Toda vida pode ser vivida,
cando non nos extraviamos;
pode darse por perdida,
cando en nada cambiamos.

Hatem: Pode ser. Adoita dicirse;
pero eu sigo outra pegada:
a felicidade por vivirse
só a Suleika está atada.
Se se prodiga comigo,
son un valioso Eu;
se abandona ao seu amigo,
este Eu xa se perdeu.
para Hatem sería o fin;
pero eu cambiei o fado;
no meu forte convertín
as grazas do seu agrado.

A segunda apreciación é un complemento da teoría do soño. Non podemos explicarnos a xénese do soño se non aceptamos

⁹ No orixinal *West-östlicher Diwan* [N. da T.]

que o inconsciente reprimido adquiriu certa independencia do Eu, de xeito que non se une ao desexo de durmir e conserva os seus revestimentos, aínda que todos os revestimentos de obxectos dependentes do Eu se repreguen en favor do sono. Só entón pode entenderse que este inconsciente extraia algún proveito da supresión ou redución nocturna da censura, e que saiba apoderarse dos restos diúrnos para formar co seu material un desexo onírico prohibido. Por outra banda, os restos diúrnos débennlle á relación xa existente con este inconsciente reprimido unha parte da súa resistencia contra a acaparáción da libido provocada polo desexo de durmir. Polo tanto, queremos incluír a posteriori esta importante característica dinámica na nosa concepción da formación dos soños.

As enfermidades orgánicas, as irritacións dolorosas e a inflamación de órganos crean un estado a consecuencia do que a libido se desprende dos seus obxectos. Esta reprégase de novo ao Eu como revestimento reforzado da parte do corpo enferma. Podemos aventurarnos a afirmar que, nestas condicións, a subtracción da libido dos seus obxectos é máis significativa ca o illamento do interese egoísta do mundo exterior. A partir de aquí parece abrirse un camiño á comprensión da hipocondría, na que un órgano preocupa igualmente ao Eu, sen estar por iso enfermo, segundo a nosa percepción. Pero eu resístome á tentación de avanzar nesta dirección ou de explicar outras situacións, que serán comprensibles ou representativas para nós por medio da aceptación dunha migración da libido obxectiva cara ao Eu, porque me urxe tratar dúas obxeccións que sen dúbida xurdiron nas súas mentes. En primeiro lugar, pediranme explicacións sobre a razón pola que quero diferenciar a todo transo, –no soño, na enfermidade e en situacións análogas–, a libido e os intereses, os instintos sexuais e os instintos do Eu, alí onde as observacións permiten admitir xeralmente a existencia dunha soa enerxía unitaria que, de forma áxil, ocupa ora o obxecto, ora o Eu, que aparece tanto ao servizo dun como doutro instinto. E,

en segundo lugar, quererán saber como podo atreverme a tratar o desprendemento da libido do obxecto como fonte dun estado patolóxico, cando este desprazamento da libido obxectiva cara á libido do Eu –ou, máis xeralmente, cara á enerxía do Eu– pertence aos procesos normais e diarios de cada noite, repetidos na dinámica psíquica.

A isto pódese replicar que a súa primeira obxección parece sensata. A explicación dos estados de soño, de enfermidade, de namoramento, non nos tería levado nunca, probablemente, á diferenciación entre unha libido do Eu e unha libido obxectiva, ou entre a libido e os intereses. Pero vostedes estarían descoidando así as investigacións das que partimos e que botan luz sobre a nosa contemplación das situacións psíquicas das que se piden explicacións. A diferenciación entre libido e intereses é dicir, de instintos sexuais e de autoconservación, impúxosenos por medio do coñecemento do conflito do que proceden as neuroses por transferencia. Dende entón xa non podemos abandonala. A aceptación de que a libido obxectiva se pode transformar en libido do Eu e, polo tanto, a necesidade de contar cunha libido do Eu, parécenos a única capaz de solucionar o enigma das chamadas neuroses narcisistas, por exemplo da *Dementia praecox*, e das similitudes e diferenzas existentes entre estas neuroses, a histeria e a obsesión. Agora aplicamos á enfermidade, ao soño e ao namoramento aquilo que probamos de forma innegable noutras investigacións. Podemos continuar con tales aplicacións e ver o lonxe que chegamos con elas. A única afirmación que non é reflexo directo da nosa experiencia analítica indica que a libido segue sendo libido, sexa empregada en obxectos ou no propio Eu, e que nunca se transforma nun interese egoísta, e á inversa. Pero esta afirmación é equivalente á distinción, xa apreciada de forma crítica, entre instintos sexuais e do Eu, na que queremos perseverar por motivos heurísticos ata podermos refutala.

A súa segunda obxección está igualmente fundada, pero apunta na dirección equivocada. Certamente, o retorno da libido

obxectiva cara ao Eu non é directamente patóxena; vemos que se produce sempre antes de ir a durmir, para anularse de novo ao despertar. O pequeno animal protoplasmático reprega as súas prolongacións para as estender novamente na próxima ocasión. Pero algo moi distinto é cando un proceso determinado moi enérxico forza a subtracción da libido dos obxectos. A libido convertida en narcisista non pode atopar entón o camiño de volta aos obxectos, e este impedimento na súa mobilidade faise en efecto patóxeno. Semella que a acumulación da libido narcisista non é aturada para alén de certa medida. Tamén podemos imaxinar que, precisamente por iso, chegouse á ocupación obxectiva, tendo o Eu que proxectar a súa libido para non enfermarse co seu estancamento. Se estivese nos nosos plans ocuparnos máis polo miúdo da Dementia praecox, amosaríalles que aquel proceso que desliga ao individuo dos obxectos, pechándolle o camiño de volta a eles, está próximo ao proceso de represión, que se pode considerar como un paralelismo do mesmo. Pero vostedes crerían ter un chan coñecido baixo os seus pés, sobre todo ao descubriren que as condicións deste proceso son case idénticas—consonte puidemos detectar ata agora— ás da represión. O conflito semella ser o mesmo e ter lugar entre os mesmos poderes. Se o resultado é tan distinto como, por exemplo, na histeria, a razón do mesmo só pode residir nunha diferenza da disposición do suxeito. O desenvolvemento da libido ten nestes enfermos o seu punto débil noutra fase; a fixación determinante, que, como lembrarán, é condición da formación de síntomas, reside noutro punto, probablemente no estadio do narcisismo primitivo, ao que retorna a Dementia praecox no seu desenlace final. Resulta moi singular que debamos aceptar puntos de fixación da libido para todas as neuroses narcisistas, ás que se remontan en fases moi anteriores do desenvolvemento como na histeria ou na neurose obsesiva. Pero xa lles dixen que os conceptos que adquirimos no estudo das neuroses por transferencia abundan tamén, polo xeral, para a orientación nas neuroses narcisistas máis difíciles.

Son moitos os puntos en común; trátase, en esencia, do mesmo ámbito fenomenolóxico. Pero vostedes tamén poden imaxinar as dificultades que atoparán para esclarecer estas afeccións, alleas xa á Psiquiatría, sen aplicaren a este labor o coñecemento analítico das neuroses por transferencia.

O cadro sintomático da Dementia praecox que, polo demais, é moi variado, non é determinado exclusivamente polos síntomas que proceden da separación da libido dos obxectos e da súa acumulación como libido narcisista no Eu. Un espazo máis amplo ocúpano outros fenómenos, atribuídos á aspiración da libido de chegar de novo aos obxectos, e que se corresponden, polo tanto, cun intento de restitución ou de cura. Estes síntomas son incluso os máis significativos, os máis evidentes; amosan unha similitude indubidable cos da histeria ou, máis raramente, cos síntomas da neurose obsesiva, pero son en todo punto distintos. Semella que a libido na Dementia praecox, no seu esforzo por chegar de novo aos obxectos, é dicir, ás ideas dos obxectos, alcanza realmente algo deles pero, ao mesmo tempo, este algo consiste só nas súas sombras, é dicir, as representacións verbais que lles corresponden. Non podo engadir aquí nada máis ao respecto, pero opino que este comportamento da libido coa súa aspiración regresiva permitiunos adquirir un coñecemento daquilo que marca realmente a diferenza entre unha idea consciente e unha inconsciente.

Con estas consideracións introducinos no ámbito no que se agarda que xordan os próximos avances do traballo analítico. Dende que nos atrevemos a manexar o concepto da libido do Eu fixéronsenos accesibles as neuroses narcisistas; xurdiu a tarefa de atopar unha aclaración dinámica destas afeccións, completando así o noso coñecemento da vida psíquica a través da comprensión do Eu. A Psicología do Eu á que aspiramos non debe estar baseada nos datos das nosas propias percepcións, senón, como na libido, na análise das alteracións e disociacións do Eu. Probablemente, ao rematarmos este traballo

consideremos insignificante o noso coñecemento actual sobre os destinos da libido que extraemos do estudo das neuroses por transferencia. Pero, en cambio, aínda non profundamos neles. As neuroses narcisistas son para a técnica, que nos serviu nas neuroses por transferencia, apenas abordables. Pronto saberán por que. Sempre que tentamos adentrarnos no estudo destas neuroses atopamos un muro que nos ofrece resistencia. Saben que nas neuroses por transferencia tamén topamos con tales barreiras de resistencia, pero podemos derribalas peza a peza. Nas neuroses narcisistas a resistencia é irreductible; como moito podemos botar unha ollada curiosa sobre o muro para divisar o que sucede ao outro lado do mesmo. Os nosos métodos técnicos deben, polo tanto, ser substituídos por outros; aínda non sabemos se conseguiremos levar a cabo unha substitución deste tipo. Certo é que, no caso destes enfermos, non carecemos de material. Procúranos variadas manifestacións, aínda que non como resposta ás nosas preguntas, e nós estamos encargados temporalmente de interpretar estas manifestacións coa axuda da comprensión que adquirimos dos síntomas das neuroses por transferencia. A coincidencia é suficientemente ampla para nos asegurar un beneficio inicial. Pero o alcance desta técnica permanece en suspensión.

Para deter o noso avance engádense outras dificultades. As afeccións narcisistas e as psicoses asociadas a elas só poden ser descifradas por observadores instruídos no estudo analítico das neuroses por transferencia. Pero os nosos psiquiatras non estudan a Psicanálise e nós, psicanalistas, vemos demasiados poucos casos psiquiátricos. Temos necesidade dunha xeración de psiquiatras que pasara pola escola da Psicanálise como ciencia preparatoria. O comezo deste movemento atopámolo actualmente en América, onde moitos psiquiatras destacados expón aos estudantes a doutrina psicanalítica, e onde os donos das institucións e os directores dos manicomios se esforzan por observar aos seus enfermos á luz desta doutrina. Así e todo,

tamén nós logramos aquí botar unha ollada de cando en vez sobre o muro narcisista, e eu quero referirles a continuación algunhas das cousas que cremos ter percibido.

A forma patolóxica da paranoia, a loucura sistemática crónica, ocupa nos intentos de clasificación da Psiquiatría actual unha posición oscilante. Do seu estreito parentesco coa Dementia praecox non hai ningunha dúbida. Nunha ocasión permitinme a proposta de reunir paranoia e Dementia praecox baixo a denominación común de *Parafrenia*. As formas da paranoia son descritas, segundo o seu contido, como megalomanía, manía persecutoria, manía amorosa (erotomanía), celotipia etc. Non se esperan da Psiquiatría intentos de explicación. Como exemplo dunha tentativa de aclaración, polo demais anticuado e de pouco valor, mencionareilles o propósito de derivar un síntoma doutro por medio dunha racionalización intelectual. O enfermo cunha tendencia primaria a creerse perseguido deduce desta persecución a conclusión de que debe ser unha personalidade especialmente importante e desenvolver, por esta razón, a megalomanía. Para a nosa concepción analítica é a megalomanía a consecuencia inmediata do engrandecemento do Eu a través da confiscación das enerxías que revisten os obxectos, un narcisismo secundario como consecuencia do espertar do preinfantil orixinario. Nos casos de manía persecutoria observamos algúns elementos que nos induciron a seguir certas pegadas. En primeiro lugar, chama a nosa atención que na maioría dos casos o perseguidor era do mesmo sexo ca o perseguido. Este feito préstase a unha explicación inocua, pero nalgúns casos estudados en profundidade víase claramente que a persoa do mesmo sexo á que o enfermo amosaba antes máis afecto transformábase en perseguidor ao contraer a enfermidade. Tamén é posible unha evolución ulterior, ao ser substituída a persoa amada por outra que presente afinidades coñecidas con esta, por exemplo o pai polo mestre, polo superior. A partir de tales experiencias, que van en aumento, concluímos que a Paranoia persecutoria é

a forma en que o individuo se defende contra un impulso homosexual extremadamente forte. A transformación de tenrura en odio, que, como é sabido, pode converterse nunha seria ameaza para a vida do obxecto amado e odiado, correspóndese entón coa transformación de impulsos libidinosos en angustia, que constitúe un resultado regular do proceso de represión. Escoliten, por exemplo, o último caso das miñas observacións referentes a este tema. Un médico novo houbo de ser trasladado do seu lugar de nacemento porque ameazara de morte ao fillo dun catedrático universitario, tamén de alí, que fora, ata o momento, o seu mellor amigo. Atribuíalle a este vello amigo intencións verdadeiramente diabólicas e un poder demoníaco. Considerábao culpable de todas as desgrazas que alcanzaran á familia do enfermo nos últimos anos, de toda adversidade familiar e social. Pero, non sendo isto suficiente, o malvado amigo e o seu pai, o catedrático, tamén provocaran a guerra, facendo vir aos rusos ao país. Merecía mil veces a morte, e o noso enfermo estaba convencido de que, coa morte do malfeitor, rematarían todos os desastres. Aínda así, o seu vello agarimo por el era tan forte que paralizara a súa man cando, nunha ocasión, se lle presentou a oportunidade de disparar dende unha curta distancia ao inimigo. Nas breves conversas que tiveron co enfermo saíu á luz que a relación de amizade entre ambos se remontaba aos anos do instituto, e que, nunha ocasión polo menos, rebordara as fronteiras da amizade; unha reunión nocturna proporcionoulles a posibilidade de realizar o acto sexual completo. O noso paciente nunca mantivera unha relación emocional cunha muller, relación que sería esperable pola súa idade e agradable carácter. Unha vez estivo prometido a unha fermosa e distinguida rapaza, pero esta rompeu o compromiso porque non recibía ningunha tenrura do seu noivo. Anos máis tarde, declarouse a súa enfermidade precisamente no momento en que, por primeira vez, logrou satisfacer a unha muller. Cando esta muller o apertou, agradecida e abnegada, sentiu el de súpeto unha misteriosa dor que lle percorreu

a bóveda cranial como un corte afiado. Máis tarde explicounos esta sensación comparándoa á que tería se se tivese realizado nel unha disección na cabeza, deixando ao descuberto o cerebro e, como o seu amigo se especializara en Anatomía patolóxica, deduciu progresivamente que só este podía terlle enviado a esta muller para tentalo. A partir de entón abríronselle os ollos con respecto ás demais persecucións, das que el debía converterse en vítima a través das xestións do seu antigo amigo.

Pero, ¿que sucede nos casos nos que o perseguidor non é do mesmo sexo que o perseguido, feito que semella contradicir a nosa explicación dunha defensa contra unha libido homosexual? Hai pouco tempo tiven a oportunidade de investigar un caso deste tipo, e puíden extraer unha confirmación da nosa perspectiva desta aparente contradición. A rapaza nova, que se cría perseguida polo home ao que lle concedera dúas citas amorosas, comezara por dirixir unha idea maníaca contra unha muller concibida por ela como substituta da nai. Só despois da segunda entrevista logrou desprenderse da idea maníaca proxectada sobre a muller e transferirla ao home. A condición de igualdade de sexos entre perseguidora e perseguida respectouse orixinariamente, polo tanto, tamén neste caso. Na súa queixa ante o avogado e o médico non mencionara a paciente este preestadio da súa loucura, suscitando a aparencia dunha contradición na nosa concepción da paranoia.

A selección dun obxecto homosexual é máis lóxica cá heterosexual no narcisismo. Se é posible rexeitar un forte impulso homosexual non desexado, o camiño de regreso ao narcisismo facilítase particularmente. Ata agora tiven moi poucas ocasións de lles falar dos fundamentos da vida amorosa tal como os concibimos, e tampouco agora podo recuperar a oportunidade de facelo. Só quero dicirlles que a selección do obxecto, o avance cara ao desenvolvemento da libido, que ten lugar despois do estadio narcisista, pode efectuarse seguindo dous modelos distintos. Segundo o *tipo narcisista*, ocupando o lugar do propio Eu

un Eu o máis similar posible ao primeiro, ou ben segundo o *tipo extensivo*, escollendo a libido como obxecto as persoas que se fixeron valer por medio da satisfacción das outras necesidades vitais. Debemos incluír na predisposición á homosexualidade manifesta unha forte fixación da libido ao tipo narcisista da selección de obxecto.

Lembrarán que na primeira reunión deste semestre lles falei dun caso de celotipia nunha muller. Estou seguro de que, agora que estamos tan próximos ao final, queren saber como explicamos psicanaliticamente unha idea maníaca. Pero, ao respecto, podo dicirlles menos do que esperan. A inasibilidade da idea maníaca para os argumentos lóxicos e experiencias reais explícase do mesmo xeito cá dunha obsesión por medio da súa relación co inconsciente, a través da que é representada e reprimida a idea maníaca ou a idea obsesiva. A diferenza entre ambas baséase nos puntos de vista tópico e dinámico de ambas afeccións.

Ao igual que na paranoia, atopamos tamén na melancolía, da que se describiron diferentes formas clínicas, un lugar no que se fai posible o acceso á estrutura interna da afección. Recoñecemos que os reproches, cos que se atormenta o melancólico do xeito máis desapiadado, rexen en realidade para outra persoa, o obxecto sexual, ao que perderon pola súa culpa ou ao que desprezan. Disto puidemos deducir que o melancólico retirou a súa libido do obxecto, pero, a través dun proceso que recibe o nome de “identificación narcisista”, o obxecto é erixido no propio Eu, é dicir, proxectado simultaneamente sobre o Eu. Só podo darlles aquí unha explicación plástica, e non unha descripción disposta de forma tópico-dinámica. Agora o propio Eu é tratado como o obxecto abandonado e sofre todas as agresións e manifestacións da sede de vinganza que estaban destinadas ao obxecto. A tendencia suicida do melancólico faise tamén máis intelixible por medio da consideración de que a exasperación do enfermo alcanza simultaneamente o propio Eu e o obxecto

amado e odiado a un mesmo tempo. Tanto na melancolía coma noutras afeccións narcisistas, aparece de forma moi pronunciada unha característica da vida emocional que, dende Bleuler, adoitamos chamar *ambivalencia*. Referímonos con isto á existencia de sentimentos opostos, tenros e hostís, por unha mesma persoa. Desgraciadamente, no transcurso destas conferencias non estiven en situación de falarlles máis detidamente sobre a ambivalencia emocional.

Ademais da identificación narcisista existe unha identificación histérica que coñecemos dende hai moito tempo. Quixera amosarlles as diferenzas entre ambas por medio dalgúns puntualizacións, pero carecemos de tempo para esta tarefa. Sobre as formas periódicas e cíclicas da melancolía podo facilitarlles unha información que seguramente lles interesará. En condicións propicias é posible prever, –eu fixen a proba en dúas ocasións– –por medio dun tratamento analítico, o retorno do estado melancólico na mesma disposición afectiva ou na oposta. Descubrimos así que na melancolía e na manía tamén se trata dun tipo especial de resolución do conflito, cunhas condicións previas en todo coincidentes coas das demais neuroses. Vostedes poden imaxinar o moito que queda aínda por descubrir para a Psicanálise neste ámbito.

Díxenlles tamén que, por medio da análise das afeccións narcisistas, esperamos adquirir un coñecemento da composición do noso Eu e das instancias que o constitúen, chegando mesmo a iniciarnos neste coñecemento. Da análise da manía da observación extraemos a conclusión de que no Eu existe realmente unha instancia que contempla, critica, compara e se opón ininterrompidamente á outra parte do Eu. Nós cremos, polo tanto, que o enfermo nos descobre unha verdade aínda non apreciada dabondo, cando se queixa de que cada un dos seus pasos é espiado e observado, e cada un dos seus pensamentos comunicado e criticado. Só se trabuca en considerar esta incómoda intervención como algo alleo a el. Percibe no seu Eu a

actuación dunha instancia que prescinde do seu Eu actual e de cada unha das súas actividades a prol dun *Eu-ideal* creado no transcurso da súa evolución. Tamén cremos que esta creación se debe á intención de restablecer aquela autocompracencia que estaba vinculada co narcisismo primario infantil, pero que experimentou dende entón moitas alteracións e enfermidades. Á instancia autoobservadora coñecemos como o Eu censor, a conciencia; é a mesma que practica durante a noite a censura do soño, da que parten as represións dos impulsos de desexos improcedentes. Cando se desintegra na manía de observación, descóbrenos a súa orixe nas influencias exercidas polos pais, educadores e entorno social, na identificación con algunhas destas persoas que o suxeito considera exemplares.

Estes serían algúns dos resultados que nos procurou ata agora a aplicación da Psicanálise ás afeccións narcisistas. Seguramente sexan aínda escasos, carecendo ademais con frecuencia daquel rigor que só pode ser alcanzado por medio da familiaridade cun novo ámbito de estudo. Todos eles débemosllos ao aproveitamento do concepto de libido do Eu ou libido narcisista, que nos permitiu estender os datos proporcionados polas neuroses por transferencia ás neuroses narcisistas. Pero agora formularán a seguinte pregunta “¿É posible logramos someter todas as alteracións das afeccións narcisistas e das psicoses á teoría da libido, recoñecermos sempre o factor libidinoso da vida psíquica como o culpable da enfermidade, e non precisarmos nunca facer responsable da mesma unha alteración na función do instinto de autoconservación? Decidir ao respecto, miñas damas e meus cabaleiros, non me parece urxente, e, aínda menos, visto para sentencia. Para resolvela deberemos esperar ao avance do traballo científico. Non me sorprendería que a capacidade do efecto patóxico resultara ser unha prerrogativa dos instintos libidinosos, de xeito que a teoría da libido puidese triunfar en toda a liña, dende as neuroses actuais máis sinxelas ata as enfermidades psicóticas máis agudas do individuo.

Sabemos que é característica esencial da libido oporse á subordinación á realidade cósmica. Pero eu considero moi probable que os instintos do Eu sexan arrastrados de forma secundaria polos estímulos patóxicos da libido, véndose forzados a unha alteración funcional. E non detecto ningún erro na dirección da nosa investigación cando é inminente a constatación de que os instintos do Eu poidan amosar incluso alteracións primarias; o futuro decidirá ao respecto. Pero permítanme regresar por un intre á angustia para alumear unha última zona escura que deixamos sobre ela. Dixemos que, dadas as relacións existentes entre a angustia e a libido, non nos concordaba que a angustia real perante un perigo fose a manifestación do instinto de autoconservación, o que, non obstante, é apenas discutible. Pero, ¿que sucedería se o efecto da angustia atopase apoio, non nos instintos egoístas do Eu, senón na libido do mesmo? O estado de angustia é, en todo caso, irracional, e a súa irracionalidade faise notoria cando alcanza un grao superior. Altera entón a acción, sexa esta de fuxida ou de resistencia, que é a única racional e garante da autoconservación. Polo tanto, de lle imputarmos a parte afectiva da angustia real á libido do Eu, e a acción correspondente ao instinto de conservación do Eu, eliminamos toda dificultade teórica. Ademais, non crerán vostedes seriamente que fuximos porque sentimos angustia. Non, sentimos angustia e dámonos á fuga por un mesmo motivo, procedente da percepción do perigo. Persoas que saíron airosas de grandes perigos de morte, contan que non sentiron a mínima angustia, senón que simplemente actuaron, por exemplo apuntando á fera coa arma, e iso era seguramente o máis racional.

A transferencia

Xa que agora, miñas damas e meus cabaleiros, nos aproximamos ao remate das nosas conferencias, espertarase en vostedes certa expectativa pola que non deben deixarse desorientar. Estarán pensando que non lles amosei as vantaxes e desvantaxes do material psicanalítico para rematar os nosos encontros sen dicirllas nin unha palabra sobre a terapia na que se basea a posibilidade de practicar a Psicanálise. Non podo, en efecto, eludir este tema xa que nel atoparemos, a partir da observación, un novo feito sen o que a comprensión das enfermidades investigadas por nós permanecería palmariamente incompleta.

Sei que vostedes non esperan ningunha instrución sobre a técnica por medio da que podemos practicar a análise con fins terapéuticos. Só queren saber, do xeito máis xeral, por que medios produce efecto a terapia psicanalítica e os seus resultados aproximados. E teñen o dereito indiscutible a descubri-lo. Pero non quero formulalo directamente, senón que prefiro que o adiviñen vostedes mesmos.

¡Reflexionen! Coñecen todo o esencial sobre as condicións da enfermidade e os factores presentes na persoa enferma. ¿Onde atopamos o espazo para unha acción terapéutica? Contamos, ante todo, coa predisposición hereditaria. Non chegamos a falar polo miúdo dela porque xa se fai noutros ámbitos, e non temos nada novo que engadir. Pero non crean que a menosprezamos; precisamente, na nosa calidade de terapeutas, alcanzamos a percibir o seu poder con toda claridade. En calquera caso, non podemos modificar ningún dos seus compoñentes; segue tratándose, tamén para nós, de algo dado, que pon couto aos nosos esforzos. En segundo lugar atopamos a influencia das experiencias infantís, que estamos acostumados a antepor na análise; pertencen ao pasado, e non podemos desfacer o feito.

Por último, amósasenos todo aquilo que resumimos na expresión “privación real”, consistente no infortunio da vida, do que procede a privación do amor, a pobreza, as desavinzas familiares, a torpeza na elección de parella, as circunstancias sociais desfavorables e a severidade das esixencias morais, que someten o individuo a unha forte presión. Aquí habería, por suposto, motivos dabondo para unha terapia eficaz, pero debera ser unha terapia como a que practicou, segundo a lenda vienesa, o Káiser Xosé é dicir, a benéfica intervención dun poderoso, ante a que se dobregan as persoas e desaparecen as dificultades. Pero, ¿quen somos nós para incluírmos tal beneficio como medio na nosa terapia? Pobres e socialmente impotentes, forzados a pagar a nosa manutención coa nosa actividade médica, nin sequera estamos en situación de adicarlle o noso esforzo aos que non teñen recursos, como poden facer outros médicos que levan a cabo tratamentos diferentes. A nosa terapia é demasiado longa e demasiado lenta para iso. Pero quizais se aferren a un dos factores mencionados anteriormente, crendo atopar nel o punto de apoio preciso para exercer a nosa influencia curativa. Se a limitación moral esixida pola sociedade ten a súa participación na privación imposta ao enfermo, o tratamento pode entón darlle o valor ou directamente as instrucións para sobreporse a estas barreiras, para acadar satisfacción ou saúde renunciando ao cumprimento dun dos ideais máis valorados pola sociedade, pero non por iso máis respectado. Isto equivalería a afirmar que podemos recobrar a saúde vivindo a nosa sexualidade sen restricións. Seguindo tal principio, o tratamento analítico veríase escurecido baixo a sombra de non estar ao servizo da moralidade colectiva. Beneficiando ao individuo prexudicaría á colectividade.

Pero, miñas damas e meus cabaleiros, ¿quen os informou tan mal? Non estamos a falar de que o consello de gozar sen restricións da nosa vida sexual desempeñe un papel na terapia analítica. Isto non é posible, pois nós mesmos anunciamos que

nos enfermos existía un conflito persistente entre o impulso libidinoso e a represión sexual, entre a tendencia sensorial e a ascética. Este conflito non será suprimido con proporcionarlle a unha das tendencias a vitoria sobre a contraria. Vemos que a ascese conserva a supremacía nos nerviosos. A consecuencia disto é precisamente que a tendencia sexual reprimida busca unha compensación nos síntomas. Se agora procurásemos a vitoria da sensualidade, a represión sexual desaparecida intentaría ser reempazada por síntomas. Ningunha das dúas decisións pode pór fin ao conflito interno pois ficaría sempre insatisfeita unha parte. Só hai algúns casos nos que o conflito sexa é lábil que un factor, como a toma de partido do médico, pode inclinar a balanza, e estes casos non precisan en realidade ningún tratamento analítico. As persoas sobre as que o médico pode exercer unha influencia deste xénero, atoparían idéntico resultado sen o médico. Vostedes xa saben que cando unha persoa nova abstinente se decide a practicar un acto sexual ilexítimo ou cando unha muller insatisfeita busca compensación noutro home, non adoitan esperar por regra xeral o permiso do médico ou do analista.

Neste estado de cousas omitimos normalmente o punto esencial de que o conflito patóxico dos neuróticos non debe confundirse coa loita normal dos impulsos psíquicos que se atopan no mesmo terreo. É un conflito entre poderes dos que un alcanzou o nivel do preconsciente e do consciente, mentres ca o outro permaneceu retido no nivel do inconsciente. Por iso non pode ser resolto o conflito; os litigantes achéganse tan pouco o un ao outro como no coñecido exemplo do oso polar e a balea. Só se pode atopar unha verdadeira solución cando ambos se atopan no mesmo terreo. Facer isto posible é, segundo o meu xuízo, a única tarefa da terapia.

Podo, ademais, asegurarlles que foron mal informados se pensan que aconsellar e guiar o enfermo nas súas circunstancias vitais é parte integrante da influencia analítica. Pola

contra, nós rexeitamos este papel de mentores na medida do posible, e o noso único desexo é que o enfermo tome as súas decisións de forma independente. Neste senso, esiximos tamén que aprace durante o tratamento toda decisión importante concernente á súa vida sobre a elección de profesión, o comezo de empresas económicas, casamentos ou separacións, e que tan só as leve a cabo ao termo do mesmo. Confesen vostedes que todo é distinto a como o imaxinaban. Só con certas persoas moi novas ou desamparadas e inconstantes non podemos facer prevalecer a limitación que nos impuxéramos. Nestes casos debemos combinar o traballo de médico co de educador; pero debemos ser entón moi conscientes da nosa responsabilidade e comportarnos coa precaución necesaria.

Da vehemencia coa que me defendo contra o reproche de que o nervioso é impulsado no tratamento psicanalítico a vivir sen ningún tipo de restricións, non deben concluír que exercemos a nosa influencia sobre el en proveito da moral social. Este propósito é tan alleo a nós como o primeiro. Non somos reformadores, senón simples observadores, pero ninguén pode impedirnos que observemos con ollos críticos, e resúltanos imposible tomar partido a prol da moral sexual convencional e aprobar a forma en que a sociedade tenta solucionar os problemas da vida sexual na práctica. Á sociedade podemos dicirlle sen dificultade que o que ela chama a súa moral custa máis vítimas das que merece, e que o seu proceder non se basea na veracidade nin evidencia sensatez. Aos nosos pacientes non lles aforramos esta crítica, acostumándoos así á reflexión libre de prexuízos sobre as cuestións sexuais como sobre as doutra índole, e cando estes, ao termo da súa cura, unha vez independizados, se deciden por propia vontade a adoptar unha posición intermedia entre a vida sen ningún tipo de restricións e a ascese absoluta, non sentimos cargo de conciencia por ningún destes desenlaces. Dicímonos que aquel que, despois de loitar contra si mesmo, logra alcanzar a verdade, está protexido permanentemente do perigo da inmo-

ralidade, malia o seu criterio sobre a moralidade desviarse do admitido pola sociedade. Ademais, gardámonos de sobrevalorar o significado da abstinencia na produción das neuroses. Só nunha minoría de casos pode o suxeito, por medio da iniciación de relacións sexuais, pór fin á situación patóxena derivada da privación co conseguinte estancamento da libido.

Non poderán vostedes explicar o efecto terapéutico da Psicanálise na autorización de prescindir de toda restrición sexual na vida. Busquen outra razón. Creo que, ao tratar de corrixir o seu erro, unha das miñas apreciacións púxoos sobre a pista correcta. O procedemento do que nos servimos ten que consistir na substitución do inconsciente polo consciente, na tradución do inconsciente en consciente. E así é. Conforme lle damos continuidade ao inconsciente no consciente, suprimimos as represións, eliminamos as condicións para a formación de síntomas, transformamos o conflito patóxeno nun conflito normal que, dalgún xeito, debe atopar algunha solución. Non provocamos no enfermo máis ca este cambio psíquico, e o alcance do mesmo determinará a magnitude do efecto terapéutico. A nosa terapia será totalmente ineficaz alí onde non se poida suprimir ningunha represión ou proceso psíquico análogo.

Podemos expresar o obxectivo do noso traballo con diferentes fórmulas: transformación do inconsciente en consciente, supresión das represións ou das lagoas da amnesia, todo refírese ao mesmo. Pero quizais estean insatisfeitos con esta afirmación. Imaxinaron que a curación dun nervioso era algo distinto, que este se convertería noutra persoa despois de someterse ao laborioso traballo dunha psicanálise, e atopan como único resultado do mesmo que o enfermo conta cun nivel de consciencia algo superior e un nivel de inconsciencia algo inferior que antes. Agora ben, probablemente estean subestimando a importancia dun cambio interno deste tipo. O nervioso curado converteuse realmente noutra persoa pero, naturalmente, no fondo segue sendo o mesmo, é dicir, converteuse no que podería converterse

no mellor dos casos. Isto xa é moito. Tendo en conta a tarefa a realizar e o esforzo que se require para levar a cabo este cambio, aparentemente insignificante, na súa vida psíquica, non dubidarán da relevancia dunha diferenza deste tipo no nivel psíquico.

Quero facer agora unha breve digresión para preguntarlles se saben a que chamamos unha terapia causal. Referímonos con este termo a un procedemento que non toma como punto de ataque as manifestacións da enfermidade, senón que antepón a estas a eliminación das causas da enfermidade. Agora ben, ¿é a nosa terapia psicanalítica causal ou non? A resposta non é sinxela, pero quizais nos dea a oportunidade de convencernos da inutilidade da pregunta mesma. En tanto que a terapia analítica non se propoña como tarefa inmediata a eliminación dos síntomas, comportarase como causal. Considerada dende outro punto de vista poderemos dicir que non o é. Nós perseguimos durante moito tempo a concatenación causal máis alá das represións ata as construcións instintivas, as súas intensidades relativas na constitución do individuo e nas diverxencias que presentan a respecto do seu proceso evolutivo normal. Supoñan agora que nos resultase posible intervir nesta estrutura por medios químicos, elevar ou reducir a cantidade de libido existente, ou fortalecer un instinto en detrimento doutro. Esta sería entón unha terapia causal no sentido real, para a que a nosa análise realizaría o indispensable traballo preliminar de recoñecemento. Por agora, como xa saben, non podemos exercer unha influencia deste tipo sobre os procesos libidinosos; coa nosa terapia psíquica abordamos outra pasaxe deste contexto, que non consiste precisamente nas raíces evidentes dos fenómenos pero que, aínda así, se atopa suficientemente lonxe dos síntomas, unha pasaxe que se nos fixo accesible a través de curiosas circunstancias.

¿Que debemos facer entón para substituír o inconsciente polo consciente nos nosos enfermos? Unha vez dixemos que isto era moi doado, só precisabamos descubrir este inconsciente e amosarllo ao enfermo. Pero xa sabemos que isto é un erro

por falta de visión. O noso coñecemento do inconsciente non é equivalente ao seu coñecemento; cando lle comunicamos o noso coñecemento, el non o ubica no *lugar* do seu, senón ao seu *carón*. Debemos imaxinar este inconsciente máis ben de forma *tópica*, debemos buscalo entre as súas lembranzas, alí onde se formou por medio dunha represión. Esta represión ten que ser eliminada, podendo entón completarse sen dificultade a substitución do inconsciente polo consciente. Pero, ¿como se anula unha represión deste tipo? A nosa tarefa entra aquí nunha segunda fase. Primeiro a procura da represión, logo a eliminación da resistencia que sostén esta represión.

¿Como se suprime esta resistencia? Do mesmo xeito é dicir, descubríndoa e amosándolla ao paciente. A resistencia procede tamén dunha represión, da mesma que buscamos disolver ou doutra que xordeu con anterioridade. É creada pola contracarga destinada á conseguir a represión dos impulsos non desexados. Polo tanto, facemos agora o mesmo, interpretamos, descubrimos e comunicamos os resultados obtidos; pero agora facémolo no lugar apropiado. A contracarga ou a resistencia non pertence ao inconsciente, senón ao Eu, que é o noso colaborador incluso cando non é consciente. Sabemos que aquí estamos a falar do dobre sentido da palabra “inconsciente”, por unha banda como fenómeno, pola outra banda como sistema. Isto parece difícil e escuro; pero ¿non é certo que só se trata dunha repetición? Hai tempo que estamos preparados para isto. – Esperamos que se abandone esta resistencia, que se repregue esta contraocupación, unha vez que fagamos posible que o Eu a recoñeza a través da nosa interpretación. ¿Con que forzas traballamos entón nun caso deste tipo? En primeiro lugar coa aspiración do paciente a curarse, aspiración que o levou a someterse ao traballo común con nós e, en segundo lugar, coa axuda da súa intelixencia, que favorecemos por medio da nosa interpretación. Non hai dúbida de que para a intelixencia do enfermo é máis doado recoñecer a resistencia e atopar a correspondente tradución do reprimido

se lle proporcionamos as representacións axeitadas para isto. Se eu lles digo “Miren ao ceo, alí pode verse un globo”, vostedes atoparano moito máis doadamente que se simplemente lles exhorto a mirar para ver se descubren algo. O mestre indícalle tamén ao estudante, que mira por primeira vez a través dun microscopio, o que debe ver, en caso contrario o estudante non o verá, aínda que estea alí e sexa visible.

Pasemos agora aos feitos. As nosas suposicións demostran ser certas nun gran número de formas de enfermidades nerviosas, tales como as histerias, os estados de angustia ou as neuroses obsesivas. Por medio da procura da represión, o descubrimento das resistencias e as alusións ao reprimido logramos realmente resolver a tarefa é dicir, superar as resistencias, suprimir a represión e transformar o inconsciente en consciente. Neste proceso adquirimos unha clara impresión da dura loita que ten lugar na psique do paciente para a superación de toda resistencia, unha loita psíquica normal nun mesmo terreo psicolóxico entre os motivos que tenden a soste-la a contracarga e aqueles que están dispostos a abandonala. Os primeiros son os motivos primitivos que impuxeron a represión; entre os últimos atópanse algúns de recente aparición e que parecen tender a resolver o conflito no sentido que desexamos. Conseguimos así refrescar de novo o vello conflito da represión, someter a revisión o proceso rematado por aquel entón. Como material novo achegamos, en primeiro lugar, a advertencia de que a solución anterior nos levou á enfermidade, e a promesa de que outra se abrirá camiño cara á recuperación da saúde e, en segundo lugar, o extraordinario cambio de todas as circunstancias dende aquela primeira solución. Por aquel entón o Eu era feble, infantil, e quizais tiña razóns para proscribir por perigosos os requirimentos da libido. Hoxe é máis forte e máis experimentado, atopando, ademais, no médico ao seu fiel colaborador. Así, podemos esperar que o conflito refrescado atope unha saída mellor ca a da represión e, como xa dixemos, o éxito obtido coas histerias, neuroses por angustia e obsesivas dá-nos a razón.

Agora ben, hai outras formas de enfermidade nas que, malia a paridade das circunstancias, o noso procedemento terapéutico nunca alcanza o éxito. Tamén se trata nelas dun conflito orixinario entre o Eu e a libido, conflito que levou á represión –aínda que esta se caracterice topicamente de forma diferente–; aquí tamén é posible descubrir os momentos da vida do paciente nos que tiveron lugar as represións, nós aplicamos o mesmo procedemento ao enfermo, estamos dispostos a facerlle as mesmas promesas, proporcionámoslle a mesma axuda, e a diferenza temporal entre o presente e aquelas represións transcorre a favor doutra saída ao conflito. E, aínda así, non logramos suprimir unha resistencia ou eliminar unha represión. Estes pacientes, –paranoicos, melancólicos ou afectados pola *Dementia praecox*– permanecen inmunes á terapia psicanalítica. ¿A que se pode deber isto? Dende logo, non á falta de intelixencia; necesítase, naturalmente, unha certa capacidade intelectual nos nosos pacientes, pero estes non carecen en absoluto da mesma. Así, os paranoicos chegan incluso a sobrepasala coas súas perspicaces combinacións. Tampouco podemos botar en falta ningunha das outras forzas instintivas. Os melancólicos, por exemplo, posúen –ao contrario dos paranoicos– un alto grao de consciencia da súa enfermidade e sufrimento, pero non por iso son máis accesibles ao tratamento psicanalítico. Atopámonos aquí ante un feito que non entendemos e que, polo tanto, nos fai dudar de que entendéramos realmente as condicións do éxito obtido nas outras neuroses.

Se nos limitamos aos nosos histéricos e neuróticos obsesivos, axiña faranos fronte un segundo feito para o que non estabamos preparados en modo algún. Despois dun tempo percibiremos que estes enfermos se comportan connosco dunha forma moi especial. Criamos que déramos conta de todas as forzas instintivas a considerar durante a cura, que racionalizáramos completamente a situación entre o paciente e nós ata deixala reducida a un cálculo aritmético, e entón parece introducirse furtivamente algo que non

foi considerado neste cálculo. Este elemento novo e inesperado é multiforme. A continuación describirei as súas formas fenomenolóxicas máis frecuentes e máis facilmente comprensibles.

Percibimos que o paciente, que non busca nada máis ca unha saída do conflito da súa doenza, desenvolve un interese especial pola persoa do médico. Todo o vinculado con esta persoa lle parece ser máis significativo ca os seus propios problemas e distrae a súa atención da enfermidade. O seu trato resulta moi agradable por un tempo; é especialmente amable, busca amosarse agradecido alí onde pode, demostra delicadeza e méritos que quizais non nos detéramos a buscar nel. O médico fórmase entón unha opinión favorable do paciente e celebra a casualidade que lle permitiu prestarlle axuda precisamente a unha personalidade tan digna de interese. Se o médico ten ocasión de falar con parentes do paciente, escoitará con satisfacción que o gusto é mutuo. O paciente non se cansa de gabar na súa casa ao médico, de eloxiar constantemente méritos novos. “Está entusiasmado con vostede, confía cegamente en vostede; todo o que vostede di é para el como unha revelación”, explican os parentes. Ás veces incluso chegan a dicir: “Faise aburrido que non fale máis ca de vostede, que iso sexa o único que sae da súa boca.”

Queremos supor que o médico será bastante modesto como para atribuír esta valoración do paciente sobre a súa personalidade ás esperanzas que lle fai concibir e á ampliación do seu horizonte intelectual por medio das sorprendentes perspectivas que o tratamento abre aos seus ollos. A análise tamén fai, nestas condicións, magníficos progresos; o paciente entende todo o que se lle suxire, profunda nas tarefas que lle impón a cura, as lembranzas e asociacións acoden a el en masa, sorprende ao médico coa seguridade e plausibilidade das súas interpretacións, e a este só lle resta constatar con satisfacción a solicitude coa que acolle o enfermo toda novidade psicolóxica, que adoitan esperar na maioría das persoas sas a oposición máis encarnizada.

Ao bo entendemento durante o traballo analítico correspóndelle tamén unha mellora obxectiva, visible dende todos os ángulos, do estado patolóxico.

Pero o bo tempo non pode durar sempre. Chega o día en que se enturba. Preséntanse dificultades no tratamento; o paciente afirma que non se lle ocorre nada. Experimentábase entón a clara impresión de que xa non ten interese no traballo e de que se evade doadamente da recomendación de dicir todo o que se lle ocorrera sen deixarse perturbar por ningunha consideración crítica. Compórtase como se non estivera a tratamento, como se non pechara un pacto co médico; parece preocupado por algo que quere preservar para si mesmo. Esta é unha situación perigosa para o tratamento. Atopámonos inequivocamente ante unha resistencia violenta. Pero, ¿que sucedeu aquí?

Se estamos en condicións de aclarar a situación de novo, recoñeceremos como causa desta alteración que o paciente transferiu ao médico un intenso afecto que non está xustificado nin polo comportamento do médico nin pola relación xerada durante a cura. A forma na que se manifesta este afecto e os obxectivos que persegue dependen naturalmente das circunstancias persoais de ambos os dous interesados. Se se trata dunha rapaza e dun médico novo, teremos a impresión de atoparnos ante un namoramento normal, veremos concibible que unha rapaza se namore dun home co que pode estar moito tempo a soas e falar de temas íntimos, e ao que admira pola súa vantaxosa posición de axudante superior e, probablemente por iso, omitiremos que na rapaza neurótica sería de esperar máis ben unha alteración da capacidade amatoria. Canto máis se afastan deste caso hipotético as relacións persoais de médico e paciente, máis nos sorprenderá atopar, a pesar diso, a mesma relación afectiva. Pode mesmo suceder que a rapaza, infeliz no seu matrimonio, se deixe arrebatada dunha seria paixón polo seu médico, aínda solteiro, amosándose disposta a separarse da súa parella para casar con el ou, no caso de existiren trabas sociais ao respec-

to, non manifestando ningún escrúpulo para manter con el un romance secreto. Casos semellantes teñen tamén lugar fóra do ámbito psicanalítico. Pero, nestas circunstancias, escoitamos con sorpresa manifestacións por parte das mulleres e rapazas que indican unha postura moi determinada en referencia ao problema terapéutico: sempre souberon que só podían curarse por medio do amor e esperaron, dende o comezo do tratamento, que se lles dispensase a través da relación sexual co médico aquilo do que a vida lles privara ata o momento. Só por esta esperanza esforzáronse tanto na cura e superaron todas as dificultades da mesma e, ademais –engadimos nós– entenderon con moita facilidade todo aquilo que, normalmente, é difícil de crer. Pero unha confesión deste tipo sorpréndenos; bota por terra os nosos cómputos. ¿É posible que deixásemos pasar inadvertido un feito de tanta relevancia?

Realmente, canto máis aumenta a nosa experiencia menos podemos opornos a esta rectificación, humillante para a nosa científicidade. As primeiras veces puidemos crer que a cura analítica tropezara cunha alteración debida a un suceso casual, é dicir, non intencionado e non provocado por ela. Pero cando entre o paciente e o médico se establece regularmente un vínculo afectivo deste tipo en cada novo caso; cando, nas condicións máis desfavorables, en grotesca desproporción, xorde unha e outra vez, tamén entre unha muller de idade avanzada e un médico de barbas brancas, tamén alí onde, segundo o noso xuízo, non existe ningunha tentación posible, entón debemos abandonar a idea da casualidade alteradora e recoñecer que se trata dun fenómeno que está unido no máis íntimo coa esencia da enfermidade mesma.

Ao novo feito, que de tan mala gana recoñecemos, chamámo-lo *transferencia*. Supomos que se trata dunha transferencia de sentimentos cara á persoa do médico, porque non cremos que a situación da cura poida xustificar a xénese de tales sentimentos. Máis ben supomos que toda esta disposición emocional

ten unha orixe distinta, que xa existía no enfermo e que, con ocasión do tratamento analítico, é transferida á persoa do médico. A transferencia pode aparecer como unha intensa esixencia amorosa ou baixo formas máis moderadas; no canto do desexo de ser amada da rapaza nova polo home maior pode xurdir o desexo de ser aceptada como filla predilecta, pois a aspiración libidinosa pode temperarse, converténdose na aspiración a unha amizade inseparable pero ideal, ao permanecer exenta de toda voluptuosidade. Algunhas mulleres cren sublimar a transferencia e modelala, ata esta adquirir certa viabilidade; outras teñen que manifestala na súa forma orixinaria, a maioría das veces irrealizable. Pero, no fondo, trátase sempre do mesmo fenómeno e non se pode negar que ten idéntica orixe.

Antes de preguntarnos onde queremos ubicar este novo feito da transferencia completaremos a súa descrición. ¿Que sucede no caso dos pacientes masculinos? Aquí esperamos poder escapar á molesta inxerencia da diferenza de sexos e da atracción entre eles. Pero a resposta non é moi distinta á dada no caso do sexo feminino. O mesmo vínculo co médico, a mesma sobrevaloración das súas calidades, as mesmas mostras de interese polo que se refire ao médico, os mesmos ciúmes por todo o que se relaciona con el. As formas sublimadas da transferencia de home a home son proporcionalmente máis frecuentes e máis rara a esixencia sexual directa, na que a homosexualidade manifesta retrocede a respecto dos outros usos deste compoñente instintivo. O médico tamén observa nos seus pacientes varóns, con máis frecuencia ca nas mulleres, unha forma fenomenolóxica da transferencia que a primeira vista semella contradicir todo o descrito ata agora, a transferencia hostil ou *negativa*.

Aclaremos, en primeiro lugar, que a transferencia se produce no paciente dende o comezo do tratamento, representando durante un tempo o móbil máis firme do traballo. Esta non é perceptible, e tampouco é preciso preocuparse por ela mentres que actúe a prol da análise practicada en común. Cando, máis

adiante, se transforma en resistencia, deberemos prestarlle máis atención e recoñecer que a súa posición a respecto da cura variou en dúas direccións diferentes e opostas. En primeiro lugar, pode converterse nunha tendencia afectiva de tal intensidade e delatar tan claramente a súa orixe sexual que chegue a esportar unha oposición interna contra si mesma, e, en segundo lugar, pode consistir en impulsos hostís no canto de afectivos. Os sentimentos hostís aparecen normalmente máis tarde ca os afectivos; se aparecen de forma simultánea a eles, ofrecen un bo reflexo da ambivalencia afectiva que rexe na maioría das nosas relacións íntimas con outras persoas. Os sentimentos hostís implican, ao igual ca os afectivos, un vínculo emocional, do mesmo modo que a teimosía revela a mesma dependencia ca a obediencia, aínda que por medio de signos opostos. Non hai dúbida de que os sentimentos hostís cara ao médico merecen o nome de “transferencia”, pois a situación da cura non proporciona motivos suficientes para a súa xénese; a necesidade de admitir a existencia da transferencia negativa asegúranos así que non nos trabucamos nos nosos xuízos sobre a positiva ou afectiva.

De ónde procede a transferencia, qué dificultades nos depara, cómo a superamos e qué beneficio extraemos ao cabo dela, todo isto debe tratarse polo miúdo nunha instrución técnica sobre a análise que hoxe só poderei esbozar. Está descartado que cedamos perante as esixencias do paciente inferidas da transferencia, pero sería absurdo rexeitalas de forma hostil ou con indignación; superaremos a transferencia conforme lle demostramos ao enfermo que os seus sentimentos non proceden da situación presente e non re refiren á persoa do médico, senón que repiten o que xa sucedeu con anterioridade na súa vida. Deste xeito forzámolle a transformar a súa repetición en lembranza. Entón converterase a transferencia que, afectiva ou hostil, sempre semellou constituír a meirande ameaza para a cura, no mellor instrumento da mesma, e coa súa axuda poderemos abrir os compartimentos máis pechados da vida psíquica

do enfermo. Pero quero agora facelos partícipes dalgunhas consideracións para os liberar da estrañeza que lles pode causar a aparición deste fenómeno inesperado. Non esquezamos, porén, que a enfermidade do paciente sometido á análise non é algo concluído e inmutable, senón que segue medrando e continúa coa súa evolución, como un ser vivo. O comezo do tratamento non pon fin a esta evolución pero, unha vez avanzada a cura, podemos comprobar que o conxunto da produción nova da enfermidade cambia bruscamente de orientación, referindo agora as súas manifestacións á relación entre médico e enfermo. A transferencia faise comparable así ao estrato existente entre a madeira e a cortiza dunha árbore, do que procede a nova formación de tecidos e o crecemento en grosor do tronco. Cando a transferencia escolle esta opción, entón o traballo sobre as lembranzas do enfermo retrocederá. Non é, pois, incorrecto dicir que xa non se trata da enfermidade primitiva do paciente, senón dunha neurose de nova formación e reformada que substitúe á primeira. Pero nós seguimos de preto esta reedición da vella afección dende o principio, vímola orixinarse e medrar, e poderemos orientarnos especialmente ben porque nós mesmos nos atopamos no seu centro. Todos os síntomas do enfermo abandonan o seu significado orixinario e adquiren un novo sentido que consiste na relación coa transferencia, ou só seguen existindo aqueles síntomas que puideron alcanzar unha transformación deste tipo. Pero a superación desta nova neurose artificial coincide coa solución da enfermidade primitiva, co desenlace da nosa tarefa terapéutica. A persoa que logra normalizar e liberar do efecto dos impulsos instintivos reprimidos a súa relación co médico, amosará tamén esta normalidade na súa propia vida, unha vez que o médico sexa excluído dela.

A transferencia presenta esta importancia extraordinaria e central para a cura nas histerias, histerias por angustia e neuroses obsesivas que, por esta razón, son reunidas xustificadamente baixo o nome común de *neuroses por transferencia*. Aquel

que, a partir do traballo analítico, logrou formarse unha exacta noción do feito da transferencia, non pode dubidar do tipo dos impulsos reprimidos que atopan expresión nos síntomas destas neuroses, non precisando de ningunha proba máis consistente da súa natureza libidinosa. Podemos dicir que o noso convencemento sobre o significado dos síntomas como satisfaccións substitutivas libidinosas consolídase definitivamente a través da incorporación da transferencia.

Agora temos unha razón para mellorar a nosa anterior concepción dinámica do proceso de curación e de harmonizala co novo coñecemento. Cando o enfermo debe combater no conflito normal as resistencias que lle revelamos na análise, precisa dun poderoso impulso que decida este combate no sentido que desexamos, levándoo á curación. En caso contrario podería repetirse a solución anterior do conflito, deixando que o que alcanzou o consciente esvare novamente cara á represión. A capacidade intelectual do enfermo non é o factor que inclina a balanza —esta carece do vigor e liberdade dabondo para facelo—, senón unicamente a súa relación co médico. Mentres a súa transferencia sexa de signo positivo, esta investirá ao médico de autoridade, transformando as súas indicacións e opinións en autos de fe. Sen unha transferencia deste tipo, ou cando esta é negativa, o enfermo nin sequera prestaría oídos ao médico e aos seus argumentos. A fe repite así a historia da súa propia xénese; ao proceder do amor non precisou, en primeira instancia, de argumentos. Só os reconece máis adiante, chegando a sometelos a un exame escrutador cando estes son aducidos por unha persoa amada. Aqueles argumentos que carezan deste apoio non teñen nin tiveron importancia algunha na vida da maioría dos humanos. A persoa é, polo tanto, en xeral accesible polo lado intelectual, só cando está capacitada para o revestimento de obxectos, razón pola que podemos reconecer e temer a existencia dunha barreira, proporcional á magnitude do seu narcisismo, que limite o grao de influencia que a mellor técnica analítica pode exercer sobre el.

Todo home normal ten a capacidade de dirixir os revestimentos libidinosos de obxectos tamén cara a persoas. A tendencia á transferencia dos chamados neuróticos é só un aumento extraordinario desta facultade xeral. Agora ben, sería moi sorprendente que un trazo do carácter humano de tales difusión e significado non fora percibido nin aproveitado. Pero isto tamén sucedeu realmente. Con firme perspicacia, Bernheim baseou a doutrina dos fenómenos hipnóticos na afirmación de que todas as persoas son dalgún xeito suxestionables, “suxestivos”. A súa suxestionabilidade consiste só na tendencia á transferencia, concibida de forma demasiado axustada, de xeito que a transferencia negativa ficou excluída. Pero Bernheim nunca puido dicir qué era realmente a suxestión e como se levaba a cabo. Esta constituía para el un feito básico cunha orixe da que non podía dar proba algunha. Non recoñeceu a dependencia da *suggestibilité* da sexualidade, da actividade da libido. E nós debemos decatarnos de que excluímos a hipnose da nosa técnica só para redescubrir a suxestión baixo a forma de transferencia.

Pero agora creo que debo determe e cederlles a palabra. Noto que unha obxección cobra tanta forza no seu pensamento que lles privaría da capacidade de escoitar se non permitísemos que se verbalizase: “Finalmente confesou que traballa coa axuda da suxestión, ao igual ca os hipnotistas. Isto xa o sospeitabamos hai tempo. Pero entón, ¿para que dar un arroteo polas lembranzas do pasado, para que desvelar o inconsciente, a interpretación e a tradución retrospectiva das desfiguracións, de que serve este dispendio de esforzos, tempo e cartos cando o único efectivo é a suxestión? ¿Por que non suxire vostede directamente contra os síntomas como fan os hipnotizadores honrados? E ademais, se querendo desculpase polo arroteo dado alega que fixo numerosos e significativos achados psicolóxicos que na suxestión directa permanecen ocultos, ¿quen responde agora da veracidade destes achados? ¿Non son eles tamén o resultado dunha suxestión, neste caso non intencionada; non pode vostede im-

porlle ao enfermo, tamén neste ámbito, o que quere e o que lle parece correcto?”

Estes reproches son dun interese extraordinario e merecen ser respondidos. Pero hoxe non podo facelo, fáltanos tempo. Farémolo na próxima cita, na que lles darei conta disto. Pero na presente debo rematar o comezado. Prometín facerlles comprender, coa axuda do feito da transferencia, a razón pola que fracasa o noso esforzo terapéutico nas neuroses narcisistas.

Vou facelo en poucas palabras, e vostedes verán con que facilidade resolvemos o enigma. A observación permite recoñecer que os enfermos que presentan neuroses narcisistas non teñen capacidade de transferencia ou que só conservan restos insuficientes da mesma. Rexeitan ao médico, non con hostilidade, senón con indiferenza. Por esta razón tampouco poden ser influenciados por este; as palabras do médico déixanos fríos, non lles causan ningunha impresión, e por iso non logramos desatar nestes pacientes o mecanismo de curación que facemos prevalecer nos outros, e que consiste en establecer a renovación do conflito patóxico e a superación da resistencia represiva. Estes enfermos permanecen inalterables. Xa emprenderon por conta propia repetidos intentos de modificar o seu estado, pero tales tentativas non levaron senón a novos resultados patolóxicos; nada podemos facer para axudalos.

Partindo dos datos clínicos proporcionados por estes enfermos, afirmamos que a libido debeu abandonar neles o revestimento de obxectos, transformándose en libido do Eu. Esta característica diferénciao do primeiro grupo de neuróticos (neurose histérica, por angustia e obsesiva). O seu comportamento durante o experimento terapéutico confirma agora esta suposición. Non amosan ningún tipo de transferencia, e tamén por iso son inaccesibles aos nosos esforzos, non os podemos curar.

A terapia analítica

Miñas damas e meus cabaleiros, xa saben sobre que tema imos falar hoxe. Preguntáronme por que non nos servimos na terapia psicanalítica da suxestión directa se admitimos que a nosa influencia se basea esencialmente na transferencia, isto é, na suxestión, e formularon a dúbida de se, cunha hexemonía tal da suxestión, podemos aínda responder pola obxectividade dos nosos achados psicolóxicos. Prometinlles darlles unha resposta detallada.

A suxestión directa é a suxestión dirixida contra a manifestación dos síntomas, a loita entre a súa autoridade e os motivos da enfermidade. Vostedes non se preocupan por estes motivos, só lle piden ao enfermo que reprima a manifestación dos mesmos por medio de síntomas. Pouco importa neste caso que sometan ao enfermo a hipnose ou non. Bernheim afirmou, coa perspicacia que o caracteriza, que a suxestión é o esencial dos fenómenos de hipnotismo, pero que a hipnose mesma é un efecto da suxestión, un estado suxestionado, que pode render o mesmo que a suxestión da hipnose.

¿Que lles interesa máis respecto a esta cuestión, a voz da experiencia ou as reflexións teóricas?

Empecemos pola primeira. Eu fun alumno de Bernheim, asistín ás súas conferencias en 1889 en Nancy e traducín o seu libro sobre a suxestión ao alemán. Practiquei durante moitos anos o tratamento hipnótico, despois a suxestión prohibitiva e máis tarde combineina coa exploración do paciente de Breuer. Polo tanto, podo falar por experiencia propia dos efectos da terapia hipnótica ou suxestiva. Se, como reza un vello refrán médico, a terapia ideal ten que ser rápida, fiable e non causar molestias ao paciente, o método de Bernheim cumpría con dúas destas esixencias. Permitía realizarse moito máis rápido é dicir, indiciblemente rápido, ca o analítico, e non lle cau-

saba ao enfermo nin esforzo nin molestias. En cambio, para o médico facíase monótono co tempo recorrer en todos os casos ao mesmo procedemento para evitar a aparición dos síntomas máis variados, sen poder aprehender algo do seu sentido e significado. Máis parecía un traballo de peón ca unha actividade científica, e lembraba á maxia, aos esconxuros e ao arte de encantamento; pero isto non significaba nada ante o interese do enfermo. Con todo, este método carecía da terceira condición formulada no refrán; o procedemento non era fiable en ningún sentido. Nalgúns casos podía aplicarse, noutros non; cun suxeito acadábase moito, con outro moi pouco, nunca se sabía por que. Ademais, a breve duración dos seus efectos causaba unha decepción análoga á provocada pola veleidosidade do procedemento. Cando, despois dun tempo, se tiña noticia do enfermo, descubríase que a vella doenza reaparecera de novo, ou que fora substituída por unha nova. Nestes casos podía recorrerse unha vez máis á hipnose. Pero os científicos experimentados advertiran a pouca conveniencia de facer perder ao enfermo a súa independencia a través da repetición frecuente da hipnose e de acostumalo a esta terapia como a un narcótico. Admitamos que en ocasións tiña os efectos desexados; os esforzos feitos obtiñan un éxito completo e duradeiro. Pero seguíamos ignorando os factores determinantes dun desenlace tan favorable. Nunha ocasión puideron observar como un grave estado patolóxico, que eliminara totalmente por medio dun breve tratamento hipnótico, regresou invariable despois de que a enferma manifestara certa hostilidade cara a min sen eu ter feito nada para propicialo; que, logo da reconciliación, o fixen desaparecer de novo completamente, reaparecendo este despois de que ela se distanciara unha segunda vez de min. Noutra ocasión puideron observar cómo unha enferma, á que axudara repetidamente a saír de estados nerviosos a través da hipnose, lanzouse subitamente ao meu pescozo durante o tratamento dun acceso especialmente persistente. Estes feitos obríganos a ocuparnos, queirámolo ou non, da cuestión da natureza e orixe da autoridade suxestiva.

Ata aquí a experiencia. Esta amósanos que coa renuncia á suxestión directa non nos estamos privando de nada insubstituíble. Permítanme fundar sobre esta materia algunhas consideracións. A práctica da terapia hipnótica implícalle, tanto ao paciente como ao médico, un esforzo relativamente baixo. Esta terapia está, ademais, en perfecta harmonía coa avaliación das neuroses, da que se declaran partidarios a maioría dos médicos. O médico dille ao nervioso “Non lle sucede nada, só é nervioso, e por iso podo suprimir as súas alteracións só con algunhas palabras en poucos minutos”. Pero o noso pensamento enerxético oponse á posibilidade de desprazar unha gran carga por medio dun esforzo insignificante se a abordamos directamente e sen a axuda allea dos mecanismos axeitados. Sempre que as circunstancias sexan comparables, a experiencia ensina que tampouco é posible realizar este labor nas neuroses. Pero eu sei que este argumento non é intanxible; tamén existen factores “desencadeantes” do mesmo.

Á luz do coñecemento que adquirimos por medio da Psicanálise podemos describir da seguinte forma a diferenza entre a suxestión hipnótica e psicanalítica: A terapia hipnótica busca ocultar ou disfrazar algo presente na vida psíquica, a analítica busca descubrir e eliminar ese algo. A primeira traballa como un cosmético, a última como unha cirurxía. A primeira emprega a suxestión para prohibir os síntomas, reforza as represións, pero deixa inalterados todos os procesos levados a cabo para a formación de síntomas. A terapia analítica ataca ás raíces, aos conflitos dos que proceden os síntomas, e sérvese da suxestión para modificar o desenlace destes conflitos. A terapia hipnótica deixa ao paciente inactivo e invariable e, por extensión, sen resistencia ante un novo xermolo da enfermidade. A cura analítica pídelle tanto ao médico como ao enfermo un grande esforzo que é investido na eliminación das resistencias internas. A superación destas resistencias modifica permanentemente a vida psíquica do enfermo, elévaa a un nivel evolutivo

superior, protexéndoa ante novas posibilidades de enfermar. Este traballo de superación constitúe a tarefa esencial da cura analítica, o enfermo debe completalo, e o médico posibilitáallo por medio da axuda dunha suxestión efectiva nun sentido *educativo*. Por iso se dixo con razón que o tratamento psicanalítico é unha especie de *posteducación*.

Espero que agora vexan con máis claridade a diferenza entre a nosa forma de empregar terapêuticamente a suxestión e a aplicada pola terapia hipnótica. Tamén verán, reducida xa a suxestión á transferencia, o carácter veleidoso que tanto nos chamou a atención da terapia hipnótica, mentres que na analítica podemos calcular ata os seus últimos efectos. Na aplicación da hipnose dependemos do estado da capacidade de transferencia do enfermo, sen poder exercer ningunha influencia sobre a mesma. A transferencia do que vai ser hipnotizado pode ser negativa ou, como sucede na gran maioría dos casos, ambivalente; o suxeito pode protexerse da súa transferencia por medio de disposicións especiais, pero nós non podemos determinar nada disto. Na Psicanálise traballamos sobre a transferencia mesma, suprimimos o que se lle opón, preparamos o instrumento co que queremos actuar. Fáisenos, así, posible extraer un proveito moito máis considerable do poder da suxestión, pois esta está ao noso dispor; non queda ao antollo do enfermo, senón que é dirixida por nós, sempre que o suxeito permaneza accesible á súa influencia.

Agora dirán vostedes que carece de importancia que chamemos á forza impulsora da nosa análise transferencia ou suxestión, xa que persiste o perigo de que a influencia exercida sobre o paciente poña en dúbida a seguridade obxectiva dos nosos diagnósticos. O que redunde en proveito da terapia prexudica á investigación. Esta é a obxección que se eleva con maior frecuencia en contra da Psicanálise, e debemos confesar que, malia inexacta, non podemos rexeitala por irreflexiva. Pero se esta estivese fundada, a Psicanálise non sería máis ca unha

forma especialmente ben encuberta e especialmente efectiva do tratamento por suxestión, e todas as súas afirmacións sobre as influencias vitais, a dinámica psíquica e o inconsciente carecerían de valor. Isto mesmo opinan os nosos adversarios; alegan que a importancia das experiencias sexuais, cando non a existencia das mesmas, son só o froito da nosa fantasía corrompida, un froito que lle “fixemos crer” ao enfermo a posteriori. A refutación destes reproches parece máis efectiva se apelamos á experiencia que coa axuda da teoría. Quen teña levado a cabo psicanálises tivo innumerables ocasións para convencerse da imposibilidade de suxestionar ao enfermo de tal xeito. Non implica ningunha dificultade convertelo en partidario dunha teoría determinada ou facelo incorrer nun posible erro médico. Nunha situación así comportarase como calquera outro, como un escolar, pero só estaremos exercendo a nosa influencia sobre a súa intelixencia e non sobre a súa enfermidade. A solución dos seus conflitos e a superación das súas resistencias só se conseguirán proporcionándolle representacións que nel coincidan coa realidade. As inexactitudes das suposicións do médico desaparecerán no transcurso da análise, e debe ser retirado e substituído polas representacións axeitadas. A través dunha técnica esmerada búscase evitar a aparición dos efectos provisionais da suxestión; pero a aparición dos mesmos é totalmente inofensiva, pois nunca nos contentamos cos primeiros resultados obtidos. A análise non se considera rematada ata non se aclararen as zonas escuras do caso, enchérense as lagoas da memoria e localizárense os motivos das represións. Nos resultados obtidos con demasiada rapidez vemos máis ben atrancos ca logros do traballo analítico, e destruímos de novo ao suprimir a transferencia na que asentan. Este último trazo é, en esencia, o que separa o tratamento analítico do puramente suxestivo e o que exonera os resultados analíticos da sospeita de seren éxitos suxestivos. Noutro tratamento suxestivo calquera, a transferencia é tratada con esmero, deixándoa intacta; no ana-

lítico a transferencia mesma é o obxecto do tratamento, sendo descomposta en cada unha das súas formas fenomenolóxicas. O final dunha cura analítica consiste na supresión da transferencia mesma e, se suspenda ou se conserve o éxito do tratamento, este non se baseará na suxestión, senón no traballo realizado coa súa axuda, é dicir, na superación de resistencias internas e sobre a modificación interna do enfermo.

Contrarresta a xénese de suxestións illadas o feito de que, durante a cura, loitamos ininterrompidamente contra resistencias que saben transformarse en transferencias negativas (hostís). Tampouco deixaremos pasar a ocasión de nos referir ao feito de que un gran número de resultados illados da análise, que poderíamos considerar produtos da suxestión, sexan confirmados de forma irrefutable. Os nosos informantes son neste caso os dementes e paranoicos que, naturalmente, están alén de toda sospeita dunha influencia suxestiva. O que nos contan estes enfermos sobre as súas traducións de símbolos e fantasías, que se abren paso neles cara á consciencia, coincide fielmente cos resultados das nosas investigacións sobre o inconsciente dos neuróticos por transferencia e corrobora así a exactitude obxectiva das nosas interpretacións, a miúdo postas en dúbida. Ao meu xuízo, non se trabucarán se depositan a súa confianza nestes puntos da análise.

A continuación completaremos a nosa exposición sobre o mecanismo da curación expresándoa nas fórmulas da teoría da libido. O neurótico é capaz de gozar e traballar; de gozar porque a súa libido non está orientada cara a ningún obxecto real, de traballar porque debe empregar gran parte da súa enerxía para conservar a libido na represión e defenderse dos seus embates. Curaríase se o conflito entre o seu Eu e a súa libido atopara un final e o seu Eu recupérase o predominio sobre a súa libido. A tarefa terapéutica consiste, polo tanto, en liberar a libido dos seus vínculos actuais subtraídos ao Eu, e en póla de novo ao servizo do Eu. ¿Onde está localizada a libido do neurótico?

É doado atopala; está vinculada aos síntomas que lle proporcionan a única satisfacción substitutiva posible polo momento. Deberemos, pois, apoderarnos dos síntomas e eliminalos, precisamente o mesmo que nos pide o enfermo. Para anular os síntomas necesitaremos remontarnos ata a súa orixe, renovar o conflito do que proceden e levalo cara a outro desenlace coa axuda das súas forzas motrices que, no seu momento, non estaban dispoñibles. Esta revisión do proceso de represión só se pode completar parcialmente coas pegadas da lembranza dos procesos que conduciron á represión. A parte decisiva do traballo consiste en crear, partindo da relación do enfermo con respecto ao médico é dicir, na “transferencia”, reedicións daqueles vellos conflitos diante dos cales o enfermo prefire comportarse como se comportou no seu momento, mentres que nós o forzamos, facendo uso de todas as forzas psíquicas dispoñibles, a outra solución. A transferencia convértese, polo tanto, no campo de batalla no que se atoparán todas as forzas en loita.

Toda a libido, así como toda a oposición contra ela, concéntrase na relación co médico; a separación entre os síntomas e a libido faise inevitable. No canto da enfermidade propia do paciente, preséntase a producida artificialmente a partir da transferencia, a enfermidade por transferencia, e no canto dos variados obxectos irrealis da libido aparece o obxecto, tamén fantástico, da persoa do médico. Pero a nova loita por este obxecto é elevada, coa axuda da suxestión médica, ao nivel psíquico máis elevado, transcorrendo como un conflito psíquico normal. Evitando unha nova represión pómoslle fin ao distanciamento entre Eu e libido, restablecéndose a unidade psíquica da persoa. Cando a libido se desprende de novo do obxecto provisional da persoa do médico non pode regresar aos seus obxectos anteriores, senón que pasa a estar a disposición do Eu. Os poderes cos que se loitou durante este traballo terapéutico son, por unha banda, a aversión do Eu cara a certas tendencias da libido, que se manifestou como tendencia á represión e, por

outra banda, a tenacidade ou, por así dicir, viscosidade da libido á que, por unha vez, non lle gusta abandonar os obxectos aos que se fixara.

O traballo terapéutico divídese, polo tanto, en dúas fases; na primeira o conxunto da libido é impulsado polos síntomas cara á transferencia e concentrado alí, na segunda lévase a cabo a loita por este novo obxecto, do que desligamos a libido. A modificación decisiva para o correcto desenlace deste proceso é impedir unha nova represión durante este novo conflito, de xeito que a libido non poida subtraerse unha vez máis ao Eu por medio da fuxida cara ao inconsciente. Isto farase posible a través da modificación do Eu, que se completa baixo a influencia da suxestión médica. O Eu amplíase mediante o traballo de interpretación, que transforma o inconsciente en consciente, a expensas deste inconsciente, facéndose, baixo os efectos da instrución que recibe, máis conciliador con respecto á libido e tendente a admitir algún tipo de satisfacción propia, e o seu medo ante as pretensións da libido diminuirán debido á posibilidade de liberarse dunha suma parcial da mesma a través da sublimación. Canto máis coincidan os procesos do tratamento con esta descrición ideal, meirande será o éxito da terapia psicanalítica. Este atopa considerables limitacións na escaseza de mobilidade da libido, que pode oporse a renunciar aos seus obxectos, e na rixidez do narcisismo, que non permite que a transferencia dun obxecto a outro alén de certas barreiras. Quizais botemos máis luz sobre a dinámica do proceso de curación polo feito de absorber toda a libido subtraída á soberanía do Eu, atraendo sobre nós unha parte da mesma por medio da transferencia.

Tampouco está fora de lugar advertir que, a partir das distribucións da libido que se establecen durante e por medio do tratamento, non se pode extraer ningunha conclusión directa sobre a localización da libido durante a enfermidade. Supoñamos que logramos resolver felizmente o caso por medio da creación e disolución dunha forte transferencia paterna sobre o médico,

entón estaríamos trabucándonos na conclusión de que o enfermo sufrira antes unha fixación inconsciente da súa libido ao seu pai. A transferencia paterna é só o campo de batalla no que nos apoderamos da libido; a libido do enfermo é guiada cara a alí dende outras posicións. Este campo de batalla non ten que constituír necesariamente unha das fortalezas máis importantes do inimigo. A defensa da capital inimiga non precisa ter lugar ante as súas portas. Só cando se resolva novamente a transferencia poderemos reconstruír a distribución da libido existente durante a enfermidade.

Dende o punto de vista da teoría da libido podemos engadir unhas últimas palabras sobre o soño. Os soños dos neuróticos sérvennos, ao igual ca os seus actos falidos e as súas ideas espontáneas, para descubriremos o sentido dos síntomas e a localización da libido. Amósanos, baixo a forma do cumprimento de desexos, que os impulsos de desexo da represión xa prescribiron, así como o obxecto aos que quedou ligada a libido subtraída ao Eu. A interpretación dos soños desempeña, por esta razón, un gran papel no tratamento psicanalítico, sendo, nalgúns casos e durante moito tempo, o medio máis importante do traballo. Xa sabemos que o estado do soño produce unha certa rebaixa da represión. A través desta redución da presión que pesa sobre ela farase posible que o impulso reprimido no soño acade unha expresión moito máis clara ca a que lle ofrece o síntoma durante o día. O estudo do soño convértese así no acceso máis cómodo ao coñecemento do inconsciente reprimido que pertence á libido subtraída ao Eu.

Os soños dos neuróticos non difiren dos soños das persoas normais en ningún punto esencial; quizais non se poidan sequera diferenciar deles. Sería absurdo dar unha explicación aos soños dos nerviosos que non fose válida para os soños das persoas normais. Debemos dicir, polo tanto, que a diferenza entre neurose e saúde é só perceptible durante o día, non tendo continuidade na vida dos soños. Podemos, pois, transferir ás persoas sas certo

número de suposicións resultantes da conexión entre os soños e os síntomas neuróticos. Non podemos negar que a persoa sa tamén posúa na súa vida psíquica aquilo que posibilita a formación de soños e a formación de síntomas, e deberemos extraer a conclusión de que tamén emprende represións, que se esforza por mantelas, que oculta no seu sistema inconsciente impulsos reprimidos pero aínda provistos de enerxía, e que *unha parte da súa libido é subtraída ao dominio do seu Eu*. A persoa sa é tamén, polo tanto, un neurótico en potencia, pero o soño semella ser o único síntoma ao que é capaz de darlle forma. Se sometemos a nosa vida diúrna a un exame severo, descubriremos -refutando así esta aparencia- que a vida supostamente sa está condicionada por unha infinidade de construcións sintomáticas, aínda que fútiles e de escasa importancia práctica.

A diferenza entre saúde nerviosa e neurose límitase entón a un nivel práctico, e depende do grao de benestar e actividade dos que a persoa é capaz. Atribúese probablemente ás proporcións relativas entre as cantidades de enerxía que permaneceron libres e as comprometidas a través da represión, sendo de tipo cuantitativo e non cualitativo. Non necesito advertilos de que este coñecemento proporciona unha base teórica á convición de que as neuroses son curables por principio, malia fundárense en características constitucionais.

Isto é o que podemos deducir da identidade existente entre os soños das persoas sas e dos neuróticos para a caracterización da saúde. Verbo do soño, desta identidade resulta a conclusión ulterior de que non podemos liberalo das súas relacións cos síntomas neuróticos, que non debemos crer que a súa esencia poida definirse como a tradución de pensamentos nunha forma de expresión arcaica, que debemos aceptar nos amosa localizacións e fixacións da libido realmente existentes.

Axiña chegaremos ao final. Quizais se sintan decepcionados porque só lles expliquei a teoría do capítulo sobre a terapia psicanalítica, e nada sobre as condicións nas que transcorre a cura

nin dos resultados que obtén. Pero vou omitir ambos os dous aspectos. O primeiro porque non teño a intención de darlles ningunha instrución práctica para o exercicio da Psicanálise, e o segundo porque varios motivos me impiden expolo. Ao comezo da nosa conferencia subliñei que, en condicións axeitadas, obtemos éxitos curativos que non son inferiores aos que se poidan obter no ámbito da terapia interna, e aínda podo engadir que os éxitos psicanalíticos non poderían ser logrados por medio de ningún outro procedemento. Se dixese máis faríame sospeitoso de querer afogar as voces dos nosos obxectores por medio de reclamos publicitarios. Os nosos “colegas” médicos chegaron a ameazar aos psicanalistas, en repetidas ocasións e mesmo en congresos públicos, con revelaren a todos a inutilidade deste tratamento a través dunha colección de fracasos e prexuízos analíticos. Pero, aínda prescindindo do carácter hostil e de denuncia desta medida, unha acción tal non sería axeitada nin tan sequera para emitir un xuízo sobre a eficacia da análise. A terapia analítica é, como saben, recente; precisamos moito tempo ata podermos fixar a súa técnica, e isto só era posible durante o traballo e baixo a influencia da experiencia inmediata. Debido ás dificultades da instrución, o médico que empeza a exercer a Psicanálise depende, en maior medida ca outro especialista, da súa propia capacidade para perfeccionarse, e os éxitos dos seus primeiros anos nunca permitirán xulgar a eficacia da terapia analítica.

Moitos intentos de tratamento fracasaron na primeira época da análise porque se aplicaron a casos que non se axustaban en absoluto ao procedemento, e que hoxe excluímos da nosa indicación. Pero estas indicacións só podían adquirirse por medio do intento. A priori non se podiamos saber que a paranoia e a Dementia praecox son inaccesibles á Psicanálise nas súas formas acentuadas, e tiñamos dereito a probar este método en todas as afeccións. A maioría dos fracasos daqueles primeiros anos non tiveron lugar por culpa do médico ou debido a unha selección inapropiada do obxecto, senón pola inclemencia das

condicións exteriores. Ata agora só falamos das resistencias internas do paciente, que son necesarias e superables. As resistencias externas que implican para a análise os comportamentos do enfermo e o seu entorno teñen un interese teórico inferior pero a meirande importancia práctica. O tratamento psicanalítico é equiparable a unha intervención cirúrxica e ten, ao igual ca esta, a pretensión de ser levado a cabo baixo as condicións máis axeitadas para obter un bo resultado. Vostedes coñecen as medidas que adoita adoptar o cirurxián para isto: o espazo apropiado, boa luz, asistencia, ausencia dos parentes, etc. Pregúntense agora cantas destas operacións terían un feliz desenlace de seren realizadas en presenza de todos os membros da familia, que meterían o nariz no campo de operacións e berraría a cada corte de lanceta. No tratamento psicanalítico a intervención dos parentes constitúe un verdadeiro perigo que non se sabe prever. Estamos preparados contra as resistencias internas do enfermo, que recoñecemos como necesarias, pero ¿como podemos defendernos contra estas resistencias externas? Aos parentes do paciente non podemos facelos entrar en razón por medio de aclaración de ningún tipo, non podemos mantelos afastados do tratamento, e nunca debemos establecer un acordo con eles porque corremos o perigo de perder a nosa fiabilidade ante o paciente, que esixe —con razón— que o seu home de confianza tome tamén partido por el. Aqueles que coñecen as escisións que separan a unha familia, tampouco poderá sorprenderse como analista pola apreciación de que os máis próximos ao enfermo son ás veces os que denotan menor interese pola súa curación, preferindo que este permaneza no seu estado actual. Alí onde a neurose está relacionada con conflitos entre membros da familia, como sucede con tanta frecuencia, aqueles que gozan de boa saúde non vacilan nin un intre cando se trata de elixir entre o seu propio interese e o restablecemento do enfermo. Non é sorprendente que un marido non vexa con bos ollos un tratamento no que, tal e como pode supor con razón, se

revelarán os seus pecados; tampouco nos sorprenderá, nin podemos facernos ningún reproche ao respecto, que o noso esforzo fracase ou sexa interrompido antes de tempo porque a resistencia do marido intensifique á da muller enferma. Emprendemos unha tarefa irrealizable nas circunstancias dadas.

Non vou exporlles senón un so caso no que fun condenado ao papel de vítima por medio de consideracións puramente médicas. Eu sometín –hai moitos anos– a tratamento analítico a unha rapaza que había moito tempo que non podía saír á rúa nin ficar soa na casa debido á angustia. A enferma explicouse de vagar confesando que a súa imaxinación sufrira unha conmoción pola contemplación non intencionada do acto sexual entre a súa nai e un rico amigo da casa. Pero foi tan torpe –ou lista de máis– para facilitarlle á nai parte do que se falara na análise ao modificar o seu comportamento para coa nai, obrigándoa a acompañala para evitar unha crise de angustia, e chegando a impedirlle fisicamente que abandonase a casa. A nai fora antes moi nerviosa, pero atopara había anos a cura nun balneario. Engadamos que precisamente neste balneario coñecera o home co que mantiña unha relación satisfactoria en todos os sentidos. Preocupada polas impetuosas esixencias da rapaza, a nai entendeu *de súpeto* o que significaba a angustia da súa filla. Facíase a enferma para facer dela a súa prisioneira e roubarlle a liberdade de movemento necesaria para as relacións co seu amante. A nai decidiu subitamente pór termo ao prexudicial tratamento. A rapaza foi levada a un sanatorio psiquiátrico e presentada durante longos anos como “unha pobre vítima da Psicanálise”. Durante estes anos perseguiume tamén a difamación debido ao mal desenlace do tratamento. Mantívenme en silencio porque me cría obrigado a respectar o segredo profesional. Moito tempo despois, descubrín por un colega que visitara aquel sanatorio e vira alí a rapaza agorafóbica, que a relación entre a súa nai e o adañeirado amigo da casa era pública e notoria, e que tiña a aprobación do home da nai e pai da enferma. E o tratamento fora sacrificado por este “segredo”.

Nos anos anteriores á guerra, cando a afluencia de estranxeiros me fixo independente do favor ou envexa da cidade natal, seguía a norma de non someter a tratamento a ningún enfermo que non fora *sui juris* independente dos outros nas súas relacións vitais. Claro está que non todos os psicanalistas poden permitirse esta norma. Tal vez conclúan, a partir da miña advertencia sobre os parentes, que, polo interese da Psicanálise, debemos separar o enfermo da súa familia, é dicir, limitar esta terapia aos ocupantes dos sanatorios psiquiátricos. Pero eu non aprobo esta conclusión; é moito máis vantaxoso que os enfermos –sempre que non se atopen nunha fase de extenuación– continúen durante o tratamento coas relacións nas que teñen que combater os problemas que se lles presentan. Pero os parentes non deberían compensar esta vantaxe co seu comportamento opóndose con hostilidade ao esforzo médico. Non obstante, isto é inaccesible a nós. Naturalmente, tamén descubrirán que o éxito ou fracaso dun tratamento son determinados polo ambiente social e polo nivel cultural da familia do suxeito.

É certo que este feito dá á Psicanálise como terapia unha triste prospección, mesmo cando poidamos aclarar a preponderante maioría dos nosos fracasos dando conta dos factores externos alteradores. Algúns partidarios da análise aconselláronnos acompañar a colección de fracasos cunha estatística de éxitos elaborada por nós mesmos. Tampouco acepto eu este consello. Opino que unha estatística non ten valor algún se as unidades que a compón non son homoxéneas, e os casos de enfermidades neuróticas que sometemos a tratamento non son, segundo as súas tendencias distintas, en absoluto equivalentes. Ademais, o intervalo que poderíamos abranguer é demasiado breve para xulgar a consistencia da cura, e de moitos casos nin sequera podemos dar noticia. Estes casos corresponden ás persoas que mantiveron en segredo tanto a súa enfermidade como o seu tratamento, polo que tamén debemos ocultar a súa curación. Pero o meirande impedimento reside no feito de que as persoas se

comportan a respecto da terapia de forma altamente irracional, de xeito que non existe ningunha probabilidade de convencelos por medios lóxicos. Unha novidade terapéutica será recibida, ben cun enorme entusiasmo como, por exemplo, no momento en que Koch fixo pública a súa primeira tuberculina contra a tuberculose, ou ben cunha desconfianza abisal, como sucedeu coa benéfica vacina de Jenner, que aínda conserva inimigos irreconciliables. Contra a Psicanálise existiu sempre un claro prexuízo. Cando se falaba da curación dun caso difícil recibiamos como resposta que "iso non é ningunha proba, o enfermo teríase curado por si mesmo en todo este tempo". E cando unha enferma, que xa atravesara catro ciclos de irritación e manía, se sometía ao meu tratamento nunha pausa consecutiva á melancolía, atopándose tres semanas máis tarde ao principio dunha nova manía, os membros da familia, e tamén a alta autoridade médica consultada, estaban convencidos de que o novo ataque só podía ser a consecuencia da análise practicada con ela. Contra os prexuízos non se pode facer nada; teñen vostedes ocasión de ver na actualidade os prexuízos que desenvolveu un grupo de pobos en guerra contra o outro. O máis sensato é esperar e deixar que o tempo os desgaste. Chegará o día en que as mesmas persoas teñan unha opinión ben distinta sobre os mesmos asuntos; a razón pola que antes non tiñan esta opinión é un escuro segredo.

É posible que o prexuízo contra a terapia analítica comezara xa a diminuír. A propagación continuada da doutrina analítica e o aumento de médicos que practican o tratamento analítico nalgúns países semellan estar garantidos. Cando eu era un médico novo fun testemuña dunha indignación análoga coa que os médicos recibiron o tratamento suxestivo hipnótico, que hoxe é manifestada polos psicanalistas máis "sensatos". Pero o hipnotismo non cumpriu como axente terapéutico todo o que prometía ao principio; nós, na nosa calidade de psicanalistas, podemos considerarnos os seus herdeiros lexítimos, e non debemos es-

quecer os estímulos e aclaracións teóricas que lle debemos. Os prexuízos atribuídos á Psicanálise limítanse, en esencia, a fenómenos pasaxeiros producidos por un aumento dos conflitos cando a análise se fai con torpeza ou cando é interrompida. Xa lles expuxen os procedementos aos que sometemos os enfermos, polo que poden formarse o seu propio xuízo sobre a posibilidade de que os nosos esforzos poidan causar un prexuízo permanente. Certo é que a análise préstase a todo tipo de abusos; a transferencia, sobre todo, pode ser un perigoso instrumento nas mans dun médico sen escrúpulos. Pero ningún medio ou procedemento médico está protexido ante o abuso; cando unha lanceta non corta ben tampouco pode ser útil para a curación.

E así, miñas damas e meus cabaleiros, chegamos ao termo destas sesións. Quero facer constar, sen que isto arremede á usual frase feita, que recoñezo e me sinto atormentado polas moitas carencias destas leccións. Sobre todo lamento as frecuentes promesas de retomar noutro momento un tema tratado con brevidade, sen que o curso das conferencias me permitise cumprir coa miña promesa. Tentei informalos sobre unha cuestión aínda non rematada, que se atopa en evolución, e o meu breve resume resultou tamén incompleto. Nalgúns puntos reunín o material necesario para chegar a unha conclusión, absténdome logo de formulala. Pero non podía pretender converter a vostedes en expertos; só quixen achegarlles certa ilustración e estímulo.

la opia el
cia. v De
ionitas inf

A marca tipográfica desta colección procede da viñeta utilizada por Gonzalo Rodríguez de la Pasera no deseño do *Missale Auriense*, un dos primeiros libros impresos en Galicia, realizado en Monterrei en 1493.

